

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

323 LEI 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. («BOE» 7, do 8-1-2000.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O dereito de todos a unha tutela xudicial efectiva, expresado no punto primeiro do artigo 24 da Constitución, coincide co desexo e a necesidade social dunha Xustiza civil nova, caracterizada precisamente pola efectividade.

Xustiza civil efectiva significa, por consubstancial ó concepto de xustiza, plenitude de garantías procesuais. Mais ten que significar, asemade, unha resposta xudicial máis rápida, moito máis próxima no tempo ás demandas de tutela, e con maior capacidade de transformación real das cousas. Significa, por tanto, un conxunto de instrumentos encamiñados a lograr un acurtamento do tempo preciso para unha determinación definitiva do xurídico nos casos concretos, é dicir, sentencias menos afastadas do comezo do proceso, medidas cautelares máis accesibles e eficaces, execución forzosa menos gravosa para quen necesita promovela e con máis posibilidades de éxito na satisfacción real dos dereitos e intereses lexítimos.

Nin a natureza do crédito civil ou mercantil nin as situación persoais e familiares que incumbe resolver nos procesos civís xustifican un período de anos ata o logro dunha resolución eficaz, con capacidade de producir transformacións reais na vida de quen precisou de acudir ós tribunais civís.

A efectividade da tutela xudicial civil debe supor un achegamento da Xustiza ó cidadán, que non consiste en mellora-la imaxe da Xustiza para facela parecer máis accesible, senón en estruturar procesualmente o traballo xurisdiccional de modo que cada asunto sexa mellor seguido e coñecido polo tribunal, tanto na súa formulación inicial e para a eventual necesidade de depura-la existencia de óbices e falta de presupostos procesuais—nada máis ineficaz que un proceso con sentenza absoluta da instancia—, como na determinación do verdadeiramente controvertido e na práctica e valoración da proba, con oralidade, publicidade e intermediación. Así, a realidade do proceso disolverá a imaxe dunha Xustiza afastada, aparentemente situada ó final de trámites excesivos e delongados, nos que resulta difícil percibi-lo interese e o esforzo dos xulgados e tribunais e dos que os integran.

Xustiza civil efectiva significa, en fin, mellores sentencias, que, dentro do noso sistema de fontes do dereito, constitúan referencias sólidas para o futuro e contribúan así a evitar litixios e a reforza-la igualdade perante a lei, sen mingua da liberdade para xulgar e da evolución e o cambio xurisprudencial necesarios.

Esta nova Lei de axuízamento civil inspírase e diríxese na súa totalidade ó interese de tódolos suxeitos xurídicos e, por conseguinte, da sociedade enteira. Sen ignora-la experiencia, os puntos de vista e as propostas de tódolos profesionais protagonistas da Xustiza civil, esta lei mira, sen embargo, ante todo e sobre todo, por quen demanda ou pode demandar tutela xurisdiccional, en verdade efectiva, para os seus dereitos e intereses lexítimos.

II

Con tódalas súas disposicións encamiñadas a estas finalidades, esta nova Lei de axuízamento civil aliñase coas tendencias de reforma universalmente consideradas máis razoables e coas experiencias de máis éxito real na consecución dunha tutela xudicial que se demore só o xusto, é dicir, o necesario para a ineludible confrontación procesual, coas actuacións precisas para prepara-la sentenza, garantindo o seu acerto.

Non se aceptan xa no mundo, por mor da febleza das súas bases xurídicas e dos seus fracasos reais, fórmulas simplistas de renovación da Xustiza civil, inspiradas nuns poucos elementos entendidos como panaceas. Advertiuse xa, por exemplo, que o cambio positivo non estriba nunha concentración a toda costa dos actos procesuais, aplicada a calquera tipo de casos. Tampouco se considera aconsellable nin se probou ser eficaz unha alteración substancial dos papeis atribuíbles ós protagonistas da Xustiza civil.

Son coñecidos, por outra parte, os malos resultados das reformas miméticas, baseadas no transplante de institutos procesuais pertencentes a modelos xurídicos diferentes. A identidade ou similitude de denominacións entre tribunais ou entre instrumentos procesuais non constitúe base razoable e suficiente para ese mimetismo. E aínda menos razoable resulta o impulso, de ordinario inconsciente, de substituír en bloque a xustiza propia pola doutros países ou áreas xeográficas e culturais. Tal substitución é, desde logo, imposible, pero a mera influencia dese impulso resulta moi perturbadora para as reformas legais: xéranse problemas novos e máis graves sen que a penas se propoñan e se logren melloras apreciables.

O aproveitamento positivo de institucións e experiencias alleas require que unhas e outras sexan ben coñecidas e comprendidas, o que significa coñecemento cumprido e comprensión do enteiro modelo ou sistema en que se integran, dos seus principios inspiradores, das súas raíces históricas, dos diversos presupostos do seu funcionamento, comezando polos humanos, e das súas vantaxes e desvantaxes reais.

Esta Lei de axuízamento civil elaborouse rexeitando, como método para o cambio, a importación e implantación inconexa de pezas illadas, que conduce inexorablemente á ausencia de modelo ou de sistema cohe-

rente, mesturando de xeito perturbador modelos opostos ou contradictorios. A lei configura unha Xustiza civil nova na medida en que, a partir da nosa realidade actual, dispón, non mediante palabras e preceptos illados, senón con regulacións plenamente articuladas e coherentes, as innovacións e os cambios substanciais, antes aludidos, para a efectividade, con plenas garantías da tutela que se confía á xurisdicción civil.

Na elaboración dunha nova lei procesual civil e común, non cabe despreocuparse do acerto das sentencias e resolucións e afronta-la reforma cun rexeitable reduccionismo cuantitativo e estatístico, só preocupado de que os asuntos sexan resoltos e o sexan no menor tempo posible. Porque é necesaria unha pronta tutela xudicial en verdade efectiva e porque é posible lograla sen mingua das garantías, esta lei reduce drasticamente trámites e recursos, pero, como xa se dixo, non prescinde de canto é razoable prever como manifestación lóxica e xustificada da contenda entre as partes e para que, asemade, o momento procesual de dictar sentenza estea debidamente preparado.

III

Con perspectiva histórica e cultural, hase recoñece-lo incalculable valor da Lei de axuízamento civil, de 1881. Mais con esta mesma perspectiva, que inclúe o sentido da realidade, hase recoñecer, non xa o esgotamento do método das reformas parciais para mellora-la impartición de xustiza na orde xurisdiccional civil, senón a necesidade dunha lei nova para tentar acoller e vertebrar, con radical innovación, as ideas expresadas nos parágrafos anteriores.

A experiencia xurídica de máis dun século debe ser aproveitada, pero necesítase un código procesual civil novo, que supere a situación orixinada pola prolixa complexidade da lei antiga e os seus innumerables retoques e disposicións extravagantes. Cómpre, sobre todo, unha lei nova que afronte e dea resposta a numerosos problemas imposibles ou moi difíciles de resolver coa lei do século pasado. Pero, sobre todo, cómpre unha lei de axuízamento civil nova que, respectando principios, regras e criterios de perenne valor, acollidos nas leis procesuais civís doutros países da nosa mesma área cultural, exprese e materialice, con autenticidade, o fondo cambio de mentalidade que entraña o compromiso pola efectividade da tutela xudicial, tamén en ordes xurisdiccionais distintas da civil, posto que esta nova lei está chamada a se-la lei procesual supletoria e común.

As transformacións sociais postulan e, asemade, permiten unha completa renovación procesual que reborda o contido propio dunha ou varias reformas parciais. Ó longo de moitos anos, a protección xurisdiccional de novos ámbitos xurídico-materiais suscitou, non sempre con plena xustificación, regras procesuais especiais nas modernas leis substantivas. Pero a sociedade e os profesionais do dereito reclaman unha mudanza e unha simplificación de carácter xeral, que non se leven a cabo de costas á realidade, con frecuencia máis complexa que antano, senón que provexan novos camiños para tratar adecuadamente esa complexidade. Testemuño autorizado do convencemento acerca da necesidade desa renovación son os numerosos traballos oficiais e particulares para unha nova lei de axuízamento civil que se produciron nas últimas décadas.

Con sentido do Estado, que é consciencia clara do debido servizo desinteresado á sociedade, esta lei non prescindiu, senón todo o contrario, deses traballos. Os innumerables preceptos acertados da Lei de 1881, a inxente xurisprudencia e doutrina xerada por ela, os moitos informes e suxestións recibidos de distintos órganos e entidades, así como de profesionais e expertos pres-

tiosos, foron elementos de gran valor e interese, tamén considerados de vagar para elaborar esta Lei de axuízamento civil. Así mesmo, examináronse con suma atención e utilidade tanto o informe preceptivo do Consello Xeral do Poder Xudicial como o solicitado ó Consello de Estado. Cabe afirmar, pois, que a elaboración desta lei se caracterizou, como era desexable e conveniente, por unha participación excepcionalmente ampla e intensa de institucións e persoas cualificadas.

IV

Nesta lei evítase por igual tanto a prolixidade como o esquematismo, propio dalgunhas leis procesuais estranxeiras, pero alleo á nosa tradición e a un elemental pormenor na regulación do procedemento, que os destinatarios desta clase de códigos viñeron considerando preferible, como máis acorde coa súa certa e segura aplicación. Así pois, sen caer en excesos reguladores, que, por quererem prever toda incidencia, acaban suscitando máis cuestións problemáticas que as que resolven, esta lei aborda numerosos asuntos e materias sobre as que pouco ou nada dicía a Lei de 1881.

Ó encher estes ocos, esta lei aumenta, de certo, o seu contido, pero non por isto se fai máis extensa —ó contrario— nin máis complicada, senón máis completa. É misión e responsabilidade do lexislador non deixar sen resposta clara, co pretexto de falsa sinxeleza, os problemas reais, que unha longa experiencia veu pondo de relevo.

Nada hai de novo na materia desta lei que non signifique respostas a interrogantes con relevancia xurídica, que durante máis dun século a xurisprudencia e a doutrina tiveron de abordar sen guía legal clara. Pareceu claramente inadmisíbel procurar unha aparencia de sinxeleza lexislativa a base de omisións, de pecha-los ollos á complexidade da realidade e negala, sen máis no plano das solucións normativas.

A simplificación procedemental real lévase e cabo coa eliminación de reiteracións, a emenda de insuficiencias de regulación e cunha nova ordenación dos procesos declarativos, dos recursos, da execución forzosa e das medidas cautelares, que procura ser clara sinxela e completa en función da realidade dos litixios e dos dereitos, facultades, deberes e cargas que corresponden ós tribunais, ós suxeitos xurídicos e a quen, dun modo ou doutro, ha de colaborar coa Xustiza civil.

Noutra orde de cousas, a lei tenta utilizar unha linguaxe que, axustándose ás esixencias ineludibles da técnica xurídica, resulte máis próxima a calquera cidadán, con eliminación de expresións hoxe obsoletas ou difíciles de comprender e máis ligadas a usos forenses antigos que a aquelas esixencias. Elúdense, sen embargo, ata a aparencia de doutrinismo e, xa que logo, non se considera inconveniente, senón todo o contrario, manter diversidade expresiva para as mesmas realidades cando tal fenómeno foi acollido tanto na linguaxe común como na xurídica. Así, por exemplo, seguen a utilizarse os termos «xuízo» e «proceso» como sinónimos e empréganse nuns casos os vocábulos «pretensión» ou «pretensións» e, noutros, o de «acción» ou «accións» como aparecían na Lei de 1881 e na xurisprudencia e doutrina posteriores, durante máis dun século, sen que isto orixinase ningún problema.

Redúcense todo o posible as remisións internas, en especial as que nada indican acerca do precepto ou preceptos ós que se remite. Adóptase o criterio de división dos artigos, sempre que sexa necesario, en parágrafos numerados e procúrase que estes teñan sentido por si mesmos, a diferenza das simples alíneas, que se deben entender interrelacionadas. E, sen incorrer en esaxeracións de exactitude, óptase por referirse ó órgano

xurisdiccional co termo «tribunal», que, falando con propiedade, nada di do carácter unipersoal ou colexiado do órgano. Con esta opción, alén de evitar unha reiteración constante en moitos artigos da expresión «xulgados e tribunais», tense en conta que, segundo a lexislación orgánica, cabe que se siga perante tribunais colexiados a primeira instancia de certos procesos civís.

V

Canto ó seu contido xeral, esta lei configúrase con exclusión da materia relativa á denominada xurisdicción voluntaria, que, coma noutros países, parece preferible regular en lei distinta, onde se han leva-las disposicións sobre unha conciliación que deixou de ser obrigatoria e sobre a declaración de herdeiros sen contenda xudicial. Tamén se actúa en congruencia co criterio xa adoptado de que unha lei específica se ocupe do dereito concursal. As correspondentes disposicións da Lei de axuizamento civil de 1881 permanecerán en vigor só ata a aprobación e vixencia destas leis.

En coincidencia con iniciativas anteriores, a nova Lei de axuizamento civil aspira tamén a ser lei procesual común, para o que, á vez, se pretende que a vixente Lei orgánica do Poder Xudicial, de 1985, circunscriba o seu contido ó que indica a súa denominación e se axuste, por outra parte, ó que sinala o punto primeiro do artigo 122 da Constitución. A referencia neste precepto ó «funcionamento» dos xulgados e tribunais non se pode entender, e nunca foi entendido, nin polo lexislador posconstitucional nin pola xurisprudencia e a doutrina, como referencia ás normas procesuais, que, en cambio, se mencionan expresamente noutros preceptos constitucionais.

Así pois, non existe impedimento ningún e abundan as razóns para que a Lei orgánica do Poder Xudicial se desprenda de normas procesuais, non poucas delas atinadas, pero situadas impropriamente e productoras de numerosas dúbidas ó coexistiren coas que conteñen as leis de axuizamento. Como é lóxico, esta lei beneficiase de canto de positivo se podía atopar na regulación procesual de 1985.

Mención especial merece a decisión de que nesta lei se regule, na súa vertente estritamente procedemental, o instituto da abstención e da recusación. É esta unha materia, con facetas distintas innegables, da que se ocupaban as leis procesuais, pero que foi regulada, con nova relación de causas de abstención e recusación, na Lei orgánica do Poder Xudicial, de 1985. Sen embargo, a subsistencia formal das disposicións sobre esta materia nas diversas leis procesuais orixinou algúns problemas e, por outra banda, a regulación de 1985 podíase mellorar e, de feito, mellorouse en parte por obra da Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro.

Esta lei é ocasión que permite culminar ese perfeccionamento, afrontando o problema das recusacións temerarias ou con simple ánimo de dilación ou de inmediata substitución do xuíz ou maxistrado recusado. Neste sentido, a extemporaneidade da recusación regúlase con máis precisión, como motivo de inadmisión a trámite, e axilízanse e simplifícanse os trámites iniciais co fin de se produci-la menor alteración posible no procedemento. Finalmente, prevese multa de importante contía para as recusacións que, ó seren resoltas, aparezan propostas de mala fe.

VI

A nova Lei de axuizamento civil segue a se inspirar no principio de xustiza rogada ou principio dispositivo, do que se extraen tódalas súas consecuencias razoables, coa vista posta, non só en que, polo regular, os procesos

civís perseguen a tutela de dereitos e intereses lexítimos de determinados suxeitos xurídicos, ós que corresponde a iniciativa procesual e a configuración do obxecto do proceso, senón en que as cargas procesuais atribuídas a estes suxeitos e a súa lóxica dilixencia para obte-la tutela xudicial que piden, poden e deben configurar de xeito razoable o traballo do órgano xurisdiccional en beneficio de todos.

De ordinario, o proceso civil responde á iniciativa de quen considera necesaria unha tutela xudicial en función dos seus dereitos e intereses lexítimos. Consonte o principio procesual citado, non se entende razoable que ó órgano xurisdiccional lle incumba investigar e comproba-la veracidade dos feitos alegados como configuradores dun caso que pretendidamente require unha resposta de tutela conforme a dereito. Tampouco se grava o tribunal co deber e a responsabilidade de decidir qué tutela, de entre tódalas posibles, pode se-la que corresponde ó caso. É a quen cre necesitar tutela a quen se lle atribúen as cargas de pedida, determinala con suficiente precisión, alegar e proba-los feitos e aduci-los fundamentos xurídicos correspondentes ás pretensións daquela tutela. Xustamente para afrontar esas cargas sen indefensión e coas debidas garantías, impónselles ás partes, agás en casos de singular simplicidade, estaren asistidas de avogado.

Esta inspiración fundamental do proceso —excepto nos casos en que predomina un interese público que esixe satisfacción— non constitúe, en absoluto, un obstáculo para, como se fai nesta lei, o tribunal aplica-lo dereito que coñece dentro dos límites marcados pola faceta xurídica da causa de pedir. E menos aínda constitúe o repetido principio ningún inconveniente para a lei reforzar notablemente as facultades coercitivas dos tribunais respecto do cumprimento das súas resolucións ou para sancionar comportamentos procesuais manifestamente contrarios ó logro dunha tutela efectiva. Trátase, pola contra, de disposicións harmónicas co papel que se lles confía ás partes, ás que resulta esixible asumiren con seriedade as cargas e responsabilidades inherentes ó proceso, sen prexudica-los demais suxeitos deste e o funcionamento da Administración de Xustiza.

VII

No ámbito das disposicións xerais, a lei introduce numerosas innovacións con tres grandes finalidades: regular de modo máis completo e racional materias e cuestións diversas, ata o de agora carentes de regulación legal; procurar un mellor desenvolvemento das actuacións procesuais; e reforza-las garantías de acerto na sentenza.

A tódalas disposicións xerais sobre a xurisdicción e a competencia, ós suxeitos do proceso, ós seus actos e dilixencias, ás resolucións xudiciais, ós recursos, etc., concede a lei a importancia que merecen, a fin de constituíren pautas aplicables realmente nas distintas fases do proceso, sen necesidade de reiterar normas e regulacións enteiras.

Verbo das partes, a lei contén novos preceptos que regulan esa materia de xeito máis completo e con máis orde e claridade, superando, para efectos procesuais, o dualismo das persoas físicas e xurídicas e con mellora doutros aspectos, relativos á sucesión procesual, á intervención adhesiva litisconsorcial e á intervención provocada. Así mesmo, o papel e a responsabilidade dos litigantes perfílanse con máis precisión ó se regular de modo expreso e unitario os actos de disposición (renuncia, conformidade e desistencia e transacción), así como, na súa máis adecuada sede, a carga da alegación e da proba. As normas sobre estas materias explicitan o que é conquisa pacífica da xurisprudencia e da ciencia xurídica

e importan non pouco para o desenlace do proceso mediante unha sentenza xusta.

A propósito das partes, aínda que na verdade reborde amplamente o que é o seu recoñecemento e tratamento procesual, parece oportuno dar razón do modo en que esta lei aborda a realidade da tutela de intereses xurídicos colectivos, levados ó proceso, non xa por quen se vise lesionado directamente e para a súa protección individual, ou por grupos de afectados, senón por persoas xurídicas constituídas e habilitadas legalmente para a defensa daqueles intereses.

Esta realidade, mencionada mediante a referencia ós consumidores e usuarios, recibe nesta lei unha resposta tributaria e instrumental do que dispoñen e poidan dispor no futuro as normas substantivas acerca do punto, controvertido e difícil, da tutela concreta que, a través das entidades aludidas, se lles queira outorgar ós dereitos e intereses dos consumidores e usuarios como colectividade. Como canle para esa tutela, non se considera necesario un proceso ou procedemento especial e si, en cambio, unha serie de normas especiais, nos lugares oportunos.

Por un lado, a actuación procesual das persoas xurídicas e dos grupos faise posible sen dificultade canto á súa personalidade, capacidade e representación procesuais. E, por outro lado, tras unha norma previsora da singular lexitimación das ditas entidades, a lei inclúe, nos lugares adecuados, outros preceptos sobre chamamento ó proceso dos que, sen seren demandantes, poidan estar directamente interesados en intervir, sobre acumulación de accións e de procesos e acerca da sentenza e a súa execución forzosa.

A amplitude da intervención procesual prevista con carácter xeral permite refugar unha obrigatoria acumulación inicial de demandas, coa demora a que obrigaría na substanciación dos procesos, unha demora que impediría, con moita frecuencia, a efectividade da tutela pretendida. No que atinxe á eficacia subjectiva das sentencias, a diversidade de casos de protección impón evitar unha errónea norma xeneralizadora. Disponse, en consecuencia, que o tribunal indicará a eficacia que corresponde á sentenza segundo o seu contido e conforme a tutela outorgada pola vixente lei substantiva protectora dos dereitos e intereses en xogo. Deste xeito, a lei non prevé instrumentos procesuais estritamente circunscritos ás previsións actuais de protección colectiva dos consumidores e usuarios, senón que fica aberta ás modificacións e cambios que nas leis substantivas se poidan producir respecto da dita protección.

Finalmente, óptase por non esixir caución previa nin regular de modo especial a condena en custas nos procesos a que se está a facer referencia. Canto á gratuidade da asistencia xurídica, non é a Lei de axuízamento civil a norma adecuada para decidir a qué entidades e en qué casos se lles debe recoñecer ou outorgar.

A obrigada representación mediante procurador e a imperativa asistencia de avogado configúranse nesta lei sen variación substancial respecto das disposicións anteriores. A experiencia, avalada por informes unánimes neste punto, garante o acerto desta decisión. Sen embargo, esta lei non deixa de responder a esixencias de racionalización: elimínase o requisito da verificación da suficiencia de poderes, desde hai tempo desprovisto de sentido, e unificase totalmente o ámbito material no que a representación por procurador e a asistencia de avogado son necesarias. As responsabilidades de procuradoría e avogacía acentúanse no novo sistema procesual, de modo que se salienta a xustificación das súas respectivas funcións.

Polo que respecta á xurisdicción e á competencia, a lei regula a declinatoria como instrumento único para o control, por instancia de parte, destes presupostos pro-

cesuais, determinando que o dito instrumento teña de se empregar antes da contestación á demanda.

Deste xeito ponse fin, por un lado, a lagoas legais que afectaban a denominada «competencia (ou incompetencia) internacional» e, doutro, a unha desordenada e inharmónica regulación, na que declinatoria, inhibitoria e excepción se mesturaban e frecuentemente se confundían, co indesexable resultado, en non poucos casos, de sentencias absolutorias da instancia por fala de xurisdicción ou competencia, dictadas tras un proceso enteiro con alegacións e proba contradictorias. O que esta lei considera adecuado á natureza das cousas é que, sen prexuízo da vixilancia de oficio sobre os presupostos do proceso relativos ó tribunal, a parte pasiva teña de os pór de manifesto con carácter previo, de modo que, se faltasen, o proceso non siga adiante ou, noutros casos, prosiga ante o tribunal competente.

A supresión da inhibitoria, instituto procesual mantido en a prol dunha facilidade impugnatoria do demandado, xustifícase, non só para facilitar unha conveniente simplificación do tratamento procesual da competencia territorial, tratamento este que a dualidade declinatoria-inhibitoria complicaba de maneira innecesaria e perturbadora a miúdo, senón en razón da dificultade moi inferior que entraña para o demandado, no abrente do século vinteun, comparecer ante o tribunal que estea a coñecer do asunto. De calquera maneira, e a fin de lle evitar graves molestias ó demandado, a lei tamén permite que se presente a declinatoria ante o tribunal do domicilio daquel, e se proceda a seguir á súa inmediata remisión ó tribunal que está a coñecer do asunto.

No que atinxe á xurisdicción e, en gran medida, tamén verbo da competencia obxectiva, esta lei subordínase ós preceptos da Lei orgánica do Poder Xudicial, que, sen embargo, remiten ás leis procesuais para outros mecanismos da predeterminación legal do tribunal, como é a competencia funcional en certos extremos e, nomeadamente, a competencia territorial. Estes extremos son provistos coas normas adecuadas.

Esta lei mantén os criterios xerais para a atribución da competencia territorial, sen multiplicar innecesariamente os foros especiais por razón da materia e sen converter todas esas regras en disposicións de aplicación necesaria. Así pois, séguese permitindo, para un bo número de casos, a submisión das partes, pero perfeciónase o réxime da submisión tácita do demandante e do demandado, con especial previsión dos casos en que, antes de se interpo-la demanda, de a admitir e de empra-la demandado, se leven a cabo actuacións como as dilixencias preliminares ou a solicitude e eventual acordo de medidas cautelares.

As previsións da lei acerca do domicilio, como foro xeral, dan resposta, cunha regulación máis realista e flexible, a necesidades que a experiencia puxo de relevo, procurando, en todo caso, o equilibrio entre o interese lexitimo das dúas partes.

Sobre a base da regulación xurisdiccional orgánica, e con pleno respecto polo que se dispón nela, constrúese nesta lei unha elemental disciplina do reparto de asuntos, que, como é lóxico, atende ós seus aspectos procesuais e ás garantías das partes, procurando, asemade, unha mellor realidade e imaxe da Xustiza civil. Non se incorre, por tanto, nin en duplicidade normativa nin en extralimitación do específico ámbito lexislativo. Unha cousa é que a fixación e aplicación das normas de reparto se entenda como función gobernativa, non xurisdiccional, e outra, ben distinta, que o cumprimento desa función careza de toda relevancia procesual ou xurisdiccional.

Algún precepto illado da Lei de axuízamento de 1881 xa establecía unha consecuencia procesual en relación co reparto. O que esta lei leva a cabo é un desenvol-

vemento lóxico da proxección procesual desa «competencia relativa», como a denominou a Lei de 1881, coa ollada posta no punto segundo do artigo 24 da Constitución, que, segundo doutrina do Tribunal Constitucional, non considerou irrelevante nin a inexistencia nin a infracción das normas de reparto.

É claro, en efecto, que o reparto acaba determinando «o xuíz ordinario» que coñecerá de cada asunto. E, ben que se considerou constitucionalmente admisible que esa última determinación non se ten que levar a cabo por inmediata aplicación dunha norma con rango formal de lei, non sería aceptable, en boa lóxica e técnica xurídica, que unha sanción governativa fose a única consecuencia da inaplicación ou da infracción das normas non legais determinantes de que coñeza un «xuíz ordinario», na vez doutro. Dificilmente se podería xustificar a coexistencia desa sanción governativa, que recoñecería a infracción do que debe predeterminalo «xuíz ordinario», e a ausencia de efectos procesuais para quen ten dereito a que o seu caso sexa resolto polo tribunal que corresponda segundo as normas predeterminadas.

Por todo isto, esta lei prevé, en primeiro lugar, que se poida aducir e corrixi-la eventual infracción da legalidade relativa ó reparto de asuntos e, en caso de ese mecanismo resultar infructuoso, prevé, evitando a severa sanción de nulidade radical —reservada ás infraccións legais sobre xurisdicción e competencia obxectiva e declarable de oficio—, que se poidan anular, por instancia de parte gravada, as resolucións dictadas por un órgano que non sexa o que debería coñecer segundo as normas de reparto.

Nesta lei, a pre-xudicialidade é, en primeiro termo, obxecto dunha regulación unitaria, en lugar das normas dispersas e imprecisas contidas na Lei de 1881. Pero, ademais, polo que respecta á pre-xudicialidade penal, séntase a regra xeral da non-suspensión do proceso civil, agás que exista causa criminal na que se estean a investigar, como feitos de aparencia delictuosa, algún ou algúns dos que cabalmente fundamentan as pretensións das partes no proceso civil e ocorra, ademais, que a sentenza que neste se vaia dictar poida verse decisivamente influída pola que recaia no proceso penal.

Así pois, fai falta algo máis que unha querela admitida ou unha denuncia non arquivada para que a pre-xudicialidade penal incida no proceso civil. Mais, se concorren tódolos elementos referidos, o dito proceso non se suspende ata que unicamente se encontre pendente de sentenza. Unicamente determina unha suspensión inmediata o caso especial da falsidade penal dun documento achegado ó proceso civil, sempre que tal documento poida ser determinante do sentido da sentenza.

Para culminar un tratamento máis racional da pre-xudicialidade penal, que, ó mesmo tempo, evite indebidas paralizacións ou demoras do proceso penal mediante querelas ou denuncias infundadas, establécese expresamente a responsabilidade civil por danos e perdas derivados da dilación suspensiva se a sentenza penal declarase ser auténtico o documento ou non terse probado a súa falsidade.

Prevese, ademais, a ocorrencia de cuestións prexudiciais non penais con posibles efectos suspensivos e vinculantes, cando as partes do proceso civil se mostren conformes cos ditos efectos. E, finalmente, admítense tamén a pre-xudicialidade civil, con efectos suspensivos, se non cabe a acumulación de procesos ou un dos procesos se encontra próximo á súa terminación.

VIII

O obxecto do proceso civil é asunto con diversas faces, todas elas de grande importancia. Son coñecidas as polémicas doutrinarias e as distintas teorías e posicións acollidas na xurisprudencia e nos traballos científicos.

Nesta lei, a materia é regulada en diversos lugares, pero o propósito exclusivo das novas regras é resolver problemas reais, que a Lei de 1881 non resolvía nin facilmente resolver.

Pártese aquí de dous criterios inspiradores: por un lado, a necesidade de seguridade xurídica e, por outro, a escasa xustificación de somete-los mesmos suxeitos xurídicos a diferentes procesos e de provoca-la correspondente actividade dos órganos xurisdiccionais, cando a cuestión ou asunto litixioso pode resolverse razoablemente nun só.

Con estes criterios, que se deben harmonizar coa plenitude das garantías procesuais, a presente lei, entre outras disposicións, establece unha regra de preclusión de alegacións de feitos e de fundamentos xurídicos, xa coñecida no noso dereito e noutros ordenamentos xurídicos. Na mesma liña, a lei evita a indebida dualidade de controversias sobre nulidade dos negocios xurídicos —unha, por vía de excepción; outra, por vía de demanda ou acción—, trata diferenciadamente a alegación de compensación e precisa o ámbito dos feitos que cabe considerar novos para os efectos de fundar unha segunda pretensión en aparencia igual a outra anterior. En todos estes puntos, os novos preceptos inspíranse en sólida xurisprudencia e doutrina.

Coa mesma inspiración básica de non multiplicar innecesariamente a actividade xurisdiccional e as cargas de todo tipo que calquera proceso leva consigo, o réxime da pluralidade de obxectos procura a economía procesual e, á vez, unha configuración do ámbito obxectivo dos procesos que non implique unha complexidade inconveniente en razón do procedemento que se teña de seguir ou que, simplemente, dificulte, sen razón suficiente, a substanciación e decisión dos litixios. De aí que se prohiba a reconvenção que non garde relación coas pretensións do demandante e que, nos xuízos verbais, en xeral, se limite a acumulación de accións.

A regulación da acumulación de accións innóvase, con carácter xeral, mediante diversos perfeccionamentos e, en especial, co dun tratamento procesual preciso, ata o de agora inexistente. Canto á acumulación de procesos, acláranse os presupostos que a fan procedente, así como os requisitos e os óbices procesuais deste instituto, simplificando o procedemento en canto resulta posible. Ademais, a lei inclúe normas para evitar un uso desviado da acumulación de procesos: non se admitirá a acumulación cando o proceso ou procesos posteriores se poidan evitar mediante a excepción de litispendencia ou se o que se pretende neles se puido suscitar mediante acumulación inicial de accións, ampliación da demanda ou por medio da reconvenção.

IX

O título V, dedicado ás actuacións xudiciais, presenta ordenadamente normas traídas da Lei orgánica do Poder Xudicial, con algúns perfeccionamentos aconsellados pola experiencia. Cabe destacar unha singular énfase nas disposicións sobre a necesaria publicidade e presenza do xuíz ou dos maxistrados —non só o relator, se se trata de órgano colexiado— nos actos de proba, comparencias e vistas. Esta insistencia en normas xerais encontrará despois plena concreción na regulación dos distintos procesos, pero, en todo caso, sanciónase con nulidade radical a infracción do disposto sobre presenza xudicial ou intermediación en sentido amplo.

Canto á dación de fe, a lei rexeita algunhas propostas contrarias a esa esencial función dos secretarios xudiciais, ben que procura non estender esta responsabilidade dos fedatarios alén do que resulta verdadeiramente necesario e, por riba, posible. Así, a lei esixe a inter-

vención do fedatario público xudicial para a constancia, que faga fe, das actuacións procesuais levadas a cabo no tribunal ou perante el e reconece a recepción de escritos no rexistro que se poida ter establecido para o efecto, entendendo que a fe pública xudicial garante os datos do dito rexistro relativos á recepción.

A documentación das actuacións poderase levar a cabo non só mediante actas, notas e dilixencias, senón tamén cos medios técnicos que reúnan as garantías de integridade e autenticidade. E as vistas e comparecencias orais terán de rexistrarse ou gravarse en soportes aptos para a reprodución.

Os actos de comunicación son regulados con orde, claridade e sentido práctico. E preténdese que, no seu propio interese, os litigantes e os seus representantes asuman un papel máis activo e eficaz, descargando de paso ós tribunais dun inxustificado traballo xestor e, sobre todo, eliminando «tempos mortos» que demoran a tramitación.

Peza importante deste novo deseño son os procuradores dos tribunais, que, pola súa condición de representantes das partes e de profesionais con coñecementos técnicos sobre o proceso, están en condicións de recibiren notificacións e de levaren a cabo o traslado á parte contraria de moitos escritos e documentos. Para a tramitación dos procesos sen dilacións indebidas, confíase tamén nos mesmos colexios de procuradores para o eficaz funcionamento dos seus servicios de notificación, previstos xa na Lei orgánica do Poder Xudicial.

A preocupación pola eficacia dos actos de comunicación, factor de indebida tardanza na resolución de non poucos litixios, leva a lei a optar decididamente por outorgar relevancia ós domicilios que consten no padrón ou en entidades ou rexistros públicos, ó entender que un comportamento cívica e socialmente aceptable non se compadece coa indiferencia ou o descoido das persoas respecto deses domicilios. Para efectos de actos de comunicación, considérase tamén domicilio o lugar de traballo non ocasional.

Nesta liña, son considerables os cambios no réxime dos citados actos de comunicación, acudindo ós edictos só como último e extremo recurso.

Se no proceso é preceptiva a intervención de procurador ou se, non o sendo, as partes comparecen con esa representación, os actos de comunicación, calquera que for o seu obxecto, lévanse a cabo cos procuradores. Cando non é preceptiva a representación por procurador ou este aínda non compareceu, a comunicación inténtase en primeiro lugar mediante correo certificado con aviso da recepción ó lugar designado como domicilio ou, se o tribunal o considera máis conveniente para o éxito da comunicación, a varios lugares. Só se este medio fracasa se intenta a comunicación mediante entrega polo tribunal do que teña que comunicarse, ben ó destinatario, ben a outras persoas expresamente previstas, de non se acha-lo destinatario.

Para efectos do emprazamento ou citación para a comparecencia inicial do demandado, é ó demandante a quen lle corresponde sinalar un ou varios lugares como domicilios para efectos de comunicación, aínda que, lóxicamente, comparecido o demandado, este pode designar un domicilio distinto. Se o demandante non coñece o domicilio ou se fracasa a comunicación efectuada ó lugar indicado, o tribunal levará a cabo investigacións, a eficacia das cales é reforzada por esta lei.

En materia de prazos, a lei elimina radicalmente os prazos de determinación xudicial e establece os demais con realismo, é dicir, tomando en consideración a experiencia dos protagonistas principais da Xustiza civil e os resultados dalgunhas reformas parciais da Lei de 1881. Neste sentido, comprobouse que un sistemático acurtamento dos prazos establecidos legalmente

para os actos das partes non redunda na desexada diminución do horizonte temporal da sentenza. Non son os prazos moi breves ningunha panacea para lograr que, en definitiva, se dicte, coas debidas garantías, unha resolución que provexa sen demora ás pretensións de tutela efectiva.

Esta lei opta, pois, canto ós actos das partes, por prazos breves pero suficientes. E polo que respecta a moitos prazos dirixidos ó tribunal, tamén se prevén breves, con seguranza na debida dilixencia dos órganos xurisdiccionais. Sen embargo, no referente ó sinalamento de audiencias, xuízos e vistas —de capital importancia na estrutura dos novos procesos declarativos, dada a concentración de actos adoptada pola lei—, evítanse as normas imperativas que non vaian ser cumpridas e, nalgúns casos, óptase por confiar en que os calendarios dos tribunais, verbo deses actos, se axustarán á situación dos procesos e ó legal e regulamentario cumprimento do deber que incumbe a tódolos servidores da Administración de Xustiza.

Polo que atinxe ós prazos para dictar sentenza en primeira instancia, establécense o de dez días, para o xuízo verbal, e o de vinte, para o xuízo ordinario. Non se trata de prazos que, en si mesmos, poidan considerarse excesivamente breves, pero si son razoables e de posible cumprimento. Porque hai que ter en conta que a aludida estrutura nova dos procesos ordinarios comporta que os xuíces teñan xa un importante coñecemento dos asuntos e non os teñan que estudar ou reestudiar enteiramente ó final, examinando unha a unha as dilixencias de proba levadas a cabo por separado, así como as alegacións iniciais das partes e as súas pretensións, que, desde a súa admisión, frecuentemente non volveron considerar.

Nos xuízos verbais, é obvia a proximidade do momento da sentenza ás probas e ás pretensións e os seus fundamentos. No proceso ordinario, o acto do xuízo opera esa proximidade da sentenza respecto da proba —e, por tanto, en gran medida, do caso—, e a audiencia previa ó xuízo, na que se perfilará o que é obxecto da controversia, aproxima tamén as pretensións das partes á actividade xurisdiccional decisoria do litixio.

A lei, atenta ó presente e previsora do futuro, abre a porta á presentación de escritos e documentos e ós actos de notificación por medios electrónicos, telemáticos e outros semellantes, pero sen lle impor ós suxeitos xurídicos e ós cidadáns que dispoñan destes medios e sen deixar de regular as esixencias desa comunicación. Para que produzan plenos efectos os actos realizados por eses medios, será preciso que os instrumentos utilizados entrañen a garantía de que a comunicación e o comunicado son con certeza atribuíbles a quen apareza como autor dunha e outro. E ha estar, así mesmo, garantida a recepción íntegra e as demais circunstancias relevantes legalmente.

É lóxico prever, como se fai, que, cando esas seguridades non veñan proporcionadas polas características do medio utilizado ou este sexa susceptible de manipulación con maior ou menor facilidade, a eficacia dos escritos e documentos para efectos de acreditamento ou de proba, fiquen suxeita a unha presentación ou achega que si permita o necesario exame e verificación. Pero estas razoables cautelas non deben, sen embargo, impedir o recoñecemento dos avances científicos e técnicos e a súa posible incorporación ó proceso civil.

Neste punto, a lei evita incorrer nun regulamentismo impropio da súa natureza e da súa desexable proxección temporal. A instauración de medios de comunicación como os referidos e a determinación das súas características técnicas son, polo que respecta ós órganos xurisdiccionais, asuntos que encontran a base legal apropiada nas atribucións que a Lei orgánica do Poder Xudi-

cial lles confiren ó Consello Xeral do Poder Xudicial e ó Goberno. Canto ós procuradores e avogados e mesmo a non poucos suxeitos xurídicos, o razoable é supor que irán dispoñer de medios de comunicación distintos dos tradicionais, que cumpran os requisitos establecidos nesta lei, na medida das súas propias posibilidades e dos medios de que estean dotados os tribunais.

Para o auxilio xudicial, no réxime do cal, entre outros perfeccionamentos, se precisa o que corresponde prestar ós xulgados de paz, a lei conta co sistema informático xudicial. Nesta materia, outórgaselles ós tribunais unha potestade coercitiva e sancionadora razoable respecto das demoras debidas á falta de dilixencia ás partes.

Outras innovacións especialmente dignas de mención, dentro do antes citado título V do libro primeiro, son a previsión de novo sinalamento de vistas antes da súa celebración, para evitar ó máximo que se suspendan, así como as normas que, respecto da votación e resolución dos asuntos, tenden a garanti-la inmediatez en sentido estrito, establecendo, con excepcións razoables, que teñen de dictar sentenza os xuíces e maxistrados que presenciaron a práctica das probas no xuízo ou vista.

Con tales normas, a presente lei non esaxera a importancia da inmediatez no proceso civil nin aspira a unha utopía, porque, alén da relevancia da inmediatez para o certo xulgamento de toda clase de asuntos, a ordenación dos novos procesos civís nesta lei impón concentración da práctica da proba e proximidade da dita práctica ó momento de dictar sentenza.

No capítulo relativo ás resolucións xudiciais, destacan como innovacións as relativas á súa invariabilidade, aclaración e corrección. Incrementábase a seguridade xurídica ó perfilar axeitadamente os casos en que estas dúas últimas proceden e introdúcese un instrumento para corrixir rapidamente, de oficio ou por instancia de parte, as manifestas omisións de pronunciamento, completando as sentencias en que, por erro, se cometesen tales omisións.

A lei regula este novo instituto coa precisión necesaria para que non se abuse del e hai que notar, por outra banda, que o precepto sobre forma e contido das sentencias aumenta a esixencia de coidado na parte dispositiva, dispoñendo que nesta se fagan tódolos pronunciamentos correspondentes ás pretensións das partes sen permitir os pronunciamentos tácitos con frecuencia envolvementos ata o de agora nos fundamentos xurídicos.

Deste xeito, non será preciso forza-lo mecanismo do denominado «recurso de aclaración» e poderanse evitar recursos ordinarios e extraordinarios fundados en incongruencia por omisión de pronunciamento. É claro, e claro queda na lei, que este instituto en nada ataca a firmeza que, se é o caso, deba atribuírse á sentenza incompleta. Porque, dun lado, os pronunciamentos xa emitidos son, obviamente, firmes, e, do outro, prohibese modificalos, permitindo só engadi-los que se omitiron.

Fronte a propostas de moi diverso sentido, a lei mantén as dilixencias de ordenación, aínda que ampliando o seu contido, e suprime as propostas de resolución, ambas ata o de agora a cargo dos secretarios xudiciais. As ditas medidas sitúanse dentro do esforzo que lei realiza por aclarar-los ámbitos de actuación dos tribunais, ós que corresponde dictar-las providencias, autos e sentencias, e dos secretarios xudiciais, os cales, xunto ó seu insubstituíble labor, entre outras moitas de grande importancia, de fedatarios públicos xudiciais, se deben encargar, ademais, e de forma exclusiva, da adecuada ordenación do proceso, a través das dilixencias de ordenación.

As propostas de resolución, introducidas pola Lei orgánica do Poder Xudicial en 1985, non serviron de feito para aproveita-lo indubidable coñecemento técnico

dos secretarios xudiciais, senón máis ben para incrementar-la confusión entre as atribucións destes e as dos tribunais, e para dar lugar a criterios de actuación diferentes nos distintos xulgados e tribunais, orixinando a miúdo inseguranzas e insatisfaccións. De aí que non se considerase oportuno mante-la súa esixencia, e si propor fórmulas alternativas que redunden nun mellor funcionamento dos órganos xudiciais.

Neste sentido, a lei opta, por un lado, por definir de forma precisa o que se debe entender por providencias e autos, especificando, en cada precepto concreto, cando se deben dictar unhas e outros. Así, toda cuestión procesual que requira unha decisión xudicial debe ser resolta necesariamente polos tribunais, ben por medio unha providencia ben a través dun auto, segundo os casos. Pero, por outra parte, a lei atribúe a ordenación formal e material do proceso, en definitiva, as resolucións de impulso procesual, ós secretarios xudiciais, indicando ó longo do texto cando se debe dictar unha dilixencia de ordenación a través do uso de formas impersoais, que permiten deducir que a actuación correspondente a deben realizar aqueles na súa calidade de encargados da correcta tramitación do proceso.

Novidade desta lei son tamén as normas que, conforme a xurisprudencia e a doutrina máis autorizadas, expresan regras atinentes ó contido da sentenza. Así, os preceptos relativos á regra «iuxta allegata et probata», á carga da proba, á congruencia e á cousa xulgada material. Importantes resultan tamén as disposicións sobre sentencias con reserva de liquidación, que se procura restrinxir ós casos en que sexa imprescindible, e sobre as condenas de futuro.

Canto á carga da proba, a lei supera os termos, en si mesmos pouco significativos, do único precepto legal ata o de agora existente con carácter de norma xeral, e acolle conceptos xa concretados con carácter pacífico na xurisprudencia.

As normas de carga da proba, aínda que só se aplican xudicialmente cando non se logrou certeza sobre os feitos controvertidos e relevantes en cada proceso, constitúen regras de decisiva orientación para a actividade das partes. E son, así mesmo, regras que, ben aplicadas, permiten ó xulgador confiar no acerto do seu xulgamento fáctico, cando non se trate de casos en que, por estar implicado un interese público, resulte esixible que se esgoten, de oficio, as posibilidades de esclarece-los feitos. Por todo isto, débese considerar de importancia este esforzo legislativo.

O precepto sobre a debida exhaustividade e congruencia das sentencias, alén de terse enriquecido con algunhas precisións, vese complementado con outras normas, algunhas delas xa aludidas, que lle outorgan á congruencia toda a súa virtualidade. Canto á cousa xulgada, esta lei, evitando de novo o que nela sería doutrinarismo, arrédase, emporiso, de concepcións superadas de índole case metaxurídica e, conforme a mellor técnica xurídica, entende a cousa xulgada como un instituto de natureza esencialmente procesual, dirixido a impedi-la repetición indebida de litixios e a procurar, mediante o efecto de vinculación positiva ó xulgado anteriormente, a harmonía das sentencias que se pronuncian sobre o fondo en asuntos conexos pre-xudicialmente.

Con esta perspectiva, arredada da idea da presunción de verdade, da tónica «santidade da cousa xulgada» e da confusión cos efectos xurídico-materiais de moitas sentencias, enténdese que, tirante casos moi xustificados, se reafirme a esixencia da identidade das partes como presuposto da específica eficacia en que a cousa xulgada consiste. Canto a outros elementos, a lei dispón que a cousa xulgada opere facendo efectiva a regra antes referida de preclusión de alegacións de feitos e de fundamentos xurídicos.

A nulidade dos actos procesuais regúlase nesta lei determinando, primeiramente, os supostos de nulidade radical ou de pleno dereito. Mantense o sistema ordinario de denuncia dos casos de nulidade radical a través dos recursos ou da súa declaración, de oficio, antes de se dictar resolución que poña fin ó proceso.

Mais reafirmase a necesidade, posta de relevo no seu día polo Tribunal Constitucional, dun remedio procesual específico para aqueles casos en que a nulidade radical, polo momento en que se produciu o vicio que a causou, non puidese ser declarada de oficio nin denunciada por vía de recurso, tratándose, non embargante, de defectos graves, xeradores de innegable indefensión. Así, por exemplo, a privación da posibilidade de actuar en vistas anteriores á sentenza ou de coñecer esta para efectos de interpo-los recursos procedentes.

Sen embargo, exclúese a incongruencia desta vía procesual. Porque a incongruencia das resolucións que poñan fin ó proceso, alén de que non sempre entraña nulidade radical, presenta unha entidade claramente diferente, non reclama en moitos casos a reposición das actuacións para a reparación da indefensión causada polo vicio de nulidade e, cando se trate dunha patente incongruencia omisiva, esta lei previu, como xa se expuxo, un tratamento distinto.

Certo é que, mediante o incidente excepcional de nulidade de actuacións, se poden ver afectadas sentencias e outras resolucións finais, que deben considerarse firmes. Pero o lexislador non pode, en prol da firmeza, pecha-los ollos á antecedente nulidade radical, que afecta a resolución, con tódalas súas características —firmeza incluída— e con tódolos seus efectos. A lei opta, pois, por afronta-la nulidade conforme a súa natureza e non segundo a similitude coas realidades que determinan a existencia doutros institutos, como o denominado recurso de revisión ou a audiencia do condenado en rebeldía.

Non casos previstos como base do remedio excepcional de que agora se trata, non se está ante unha causa de rescisión de sentencias firmes e non pareceu oportuno mestura-la nulidade con esas causas nin se considerou conveniente, para unha tutela xudicial efectiva, segui-lo procedemento establecido para os efectos da rescisión nin leva-la nulidade ó órgano competente para aquela.

Aínda que, como respecto doutros dereitos procesuais, sempre cabe o risco de abuso da solicitude excepcional de nulidade de actuacións, a lei prevén o dito risco, non só coa coidadosa determinación dos casos en que a solicitude pode fundarse, senón con outras regras: non-suspensión da execución, condena en custas en caso de desestimación daquela e imposición de multa cando se considere temeraria. Ademais, os tribunais poden rexeita-las solicitudes manifestamente infundadas mediante providencia motivada de maneira sucinta, sen que nestes casos teña de se substancia-lo incidente e dictarse auto.

X

O libro II da lei, dedicado ós procesos declarativos, comprende, dentro do capítulo referente ás disposicións comúns, as regras para determina-lo proceso que se deberá seguir. Esta determinación lévase a cabo combinando criterios relativos á materia e á contía. Pero a materia non só se considera nesta lei, como na de 1881, factor predominante respecto da contía, senón elemento de moi superior relevancia, como lóxica consecuencia da preocupación desta lei pola efectividade da tutela xudicial. E é que esa efectividade reclama que por razón da materia, con independencia da avaliación en diñeiro do interese do asunto, se solucione con rapi-

dez —con máis rapidez que ata o de agora— gran número de casos e cuestións.

É este un momento oportuno para dar razón do tratamento que, coa ollada posta no artigo 53.2 da Constitución, esta lei outorga, no ámbito procesual civil, a unha materia plural, pero susceptible de consideración unitaria: os dereitos fundamentais.

Amais de entender, conforme interpretación unánime, que a sumariedade a que se refire o citado precepto da Constitución non se debe entender no sentido estricto ou técnico-xurídico, de ausencia de cousa xulgada a causa dunha limitación de alegacións e proba, resulta imprescindible, para un adecuado enfoque do tema, a distinción entre os dereitos fundamentais que son violados na realidade extraprocesual e aqueles que, pola súa substancia e contido, só poden ser violados ou infrinxidos no seo dun proceso.

Canto ós primeiros, poden e deben levarse a un proceso para a súa rápida protección, que se tramite con preferencia: o feito ou comportamento, externo ó proceso, xerador da pretendida violación do dereito fundamental, residenciase despois xurisdiccionalmente. E o que quere o precepto constitucional concreto citado é, sen dúbida ningunha, unha tutela xudicial singularmente rápida.

En cambio, respecto dos dereitos fundamentais que, en si mesmos, consisten en dereitos e garantías procesuais, sería totalmente ilóxico que á súa eventual violación respondese o dereito prevendo, no marco da xurisdicción ordinaria, tanto un ou varios procedementos paralelos como un proceso posterior a aquel en que a tal violación se produza e non sexa reparada. É patente que co primeiro se entraría en dereitura no territorio do absurdo. E o segundo suporía duplica-los procesos xurisdiccionais. E aínda cabería falar de duplicación —totalmente ineficaz e paradoxalmente contraria ó pretendido— como mínimo, pois nese segundo proceso, considerado como hipótese, tamén se podería producir ou pensar que se producira unha nova violación de dereitos fundamentais, de contido procesual.

Por todo isto, para os dereitos fundamentais do primeiro bloque aludido, aqueles que se refiren a bens xurídicos do ámbito vital extraxudicial, esta lei establece que os procesos correspondentes se substancien por unha canle procedementa, de tramitación preferente, máis rápida que a establecida pola Lei de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais, de 1978: a dos xuízos ordinarios, con demanda e contestación por escrito, seguidas de vista e sentenza.

En cambio, respecto dos dereitos fundamentais de natureza procesual, que se poden infrinxir ó longo de calquera litixio, esta lei descarta un ilóxico procedemento especial ante as denuncias de infracción e coida que as posibles violacións deben remediarse no seo do proceso en que se produciron. A tal fin responden, respecto de moi diferentes puntos e cuestións, múltiples disposicións desta lei, encamiñadas a unha rápida tutela das garantías procesuais constitucionalizadas. A maioría desas disposicións teñen carácter xeral pois aquilo que regulan é susceptible sempre de orixina-la necesidade de tutelar dereitos fundamentais de índole procesual, sen que teña sentido, por tanto, establecer unha tramitación preferente. En cambio, e a título de meros exemplos de regras singulares, pódese sinala-la tramitación preferente de tódolos recursos de queixa e dos recursos de apelación contra certos autos que non admitan demandas. Conforme a experiencia, tamén se ocupa a lei de modo especial, como se verá, dos casos de indefensión, con nulidade radical, que, polo momento en que se poden dar, non é posible afrontar mediante recursos ou con actuación do tribunal, de oficio.

Volvendo á atribución de tipos de asuntos nas distintas canles procedementais, a lei, en síntese, reserva

para o xuízo verbal, que se inicia mediante demanda sucinta coa inmediata citación para a vista, aqueles litixios caracterizados, en primeiro lugar, pola singular simplicidade do controvertido e, en segundo termo, polo seu pequeno interese económico. O resto dos litixios deberán segui-la canle do xuízo ordinario, que tamén se caracteriza pola súa concentración, intermediación e oralidade. De calquera forma, aínda que a materia é criterio determinante do procedemento en numerosos casos, a contía segue a cumprir un papel non desdeñable e as regras sobre a súa determinación cambian notablemente, con mellor contido e estrutura, conforme a experiencia, procurándose, por outra parte, que a indeterminación inicial fiquese circunscrita ós casos verdadeiramente irreductibles a toda cuantificación, aínda que sexa relativa.

As dilixencias preliminares do proceso establecidas na Lei de axuizamento civil de 1881 non distaban moito do completo desuso, ó non se consideraren de utilidade, dadas as escasas consecuencias da negativa a levar a cabo os comportamentos preparatorios previstos, malia o tribunal considerar xustificada a solicitude do interesado. Por estes motivos, algunhas iniciativas de reforma procesual civil inclináronse a prescindir deste instituto.

Non embargante, esta lei aséntase sobre o convencemento de que caben medidas eficaces para a preparación do proceso. Por un lado, ampliáanse as dilixencias que cabe solicitar, ben que sen chegar ó extremo de que sexan indeterminadas. Por outra parte, sen incorrer en excesos coercitivos, prevense, non obstante, verbo da negativa inxustificada, consecuencias prácticas de efectividade moi superior á responsabilidade por danos e perdas.

Procurando un equilibrio equitativo, esíxeselle ó solicitante das medidas preliminares unha caución para compensar os gastos, danos e perdas que se lles poidan ocasionar ós suxeitos pasivos daquelas, coa particularidade de que o mesmo tribunal competente para as medidas decidirá sumariamente sobre o destino da caución.

Nos momentos iniciais do proceso, alén de lle xuntar á demanda ou comparecencia os documentos que acrediten certos presupostos procesuais, é de grande importancia, para información da parte contraria, a presentación de documentos sobre o fondo do asunto, ós que a regulación desta lei engade medios e instrumentos en que consten feitos fundamentais (palabras, imaxes e cifras, por exemplo) para as pretensións das partes, así como os dictames escritos e certos informes sobre feitos. As novas normas prevén, así mesmo, a presentación de documentos esixidos en certos casos para a admisibilidade da demanda e establecen con clareza que, como é lóxico e razoable, cabe presentar en momentos non iniciais aqueles documentos relativos ó fondo, pero a relevancia dos cales só se puxese de manifesto como consecuencia das alegacións da parte contraria.

Aquí, coma noutros puntos, a lei acentúa as cargas das partes, restrinxindo ó máximo a posibilidade de se remitir a expedientes, arquivos ou rexistros públicos. Os supostos de presentación non inicial de documentos e outros escritos e instrumentos relativos ó fondo regúlense con exactitude e substitúese a promesa ou xuramento de non telos coñecido ou podido obter con anterioridade pola carga de xustificar esa circunstancia. Congruentemente, facúltase o tribunal para decidi-la improcedencia de ter en conta os documentos se, co desenvolvemento das actuacións, non aparecesen xustificadas o descoñecemento e a imposibilidade. En casos en que se aprecie mala fe ou ánimo dilatorio na presentación do documento, o tribunal poderá, ademais, impor multa.

No que atinxe á regulación da entrega de copias de escritos e documentos e o seu traslado ás demais partes, é innovación de importancia a xa mencionada de lles

encomenda-lo traslado ós procuradores, cando estes interveñan e comparecesen. O tribunal terá por efectuado o traslado desde que lle conste a entrega das copias ó servizo de notificación organizado polo colexio de procuradores. Deste xeito, descárgase racionalmente os órganos xudiciais e, singularmente, o persoal non xurisdiccional, dun traballo que, ben mirado, resulta innecesario e impropio que realicen, en inevitable detrimento doutros. Pero, ademais, o novo sistema permitirá, como antes se apuntou, eliminar «tempos mortos», pois desde a presentación con traslado acreditado, comezarán a computar os prazos para levar a cabo calquera actuación procesual ulterior.

XI

Por se tratar de normas comúns a tódolos procesos declarativos en primeira instancia e, cando proceda, na segunda, parece máis atinado situar as normas sobre a proba entre as disposicións xerais da actividade xurisdiccional declarativa que no seo das que articulan un determinado tipo procedemental.

A proba, así encadrada e con derogación dos preceptos do Código civil carentes doutra relevancia que a procesual, regúlase nesta lei coa desexable unicidade e claridade, ademais dun amplo perfeccionamento, en tres vertentes distintas.

Por unha banda, determínase o obxecto da proba, as regras sobre a iniciativa da actividade probatoria e sobre a súa admisibilidade, consonte os criterios de pertinencia e utilidade, ó que hai que lle engadir a licitude, o tratamento procesual de cal, ata o de agora inexistente, se atende con preceptos sinxelos.

Por outra banda, canto ó procedemental, fronte á dispersión da práctica da proba, introdúcese unha novidade capital, que é a práctica de toda a proba no xuízo ou vista, dispóndose que as dilixencias que, por razóns e motivos xustificadas, non se poidan practicar nos ditos actos públicos, con garantía plena da presenza xudicial, deberán levarse a cabo con anterioridade a eles. Ademais, regúlase a proba anticipada e o aseguramento da proba, que na Lei de 1881 a penas merecían algunha norma illada.

Finalmente, os medios de proba, xunto coas presuncións, experimentan nesta lei numerosos e importantes cambios. Cabe mencionar, como primeiro de todos eles, a apertura legal á realidade de canto pode ser conducente para fundar un xuízo de certeza sobre as alegacións fácticas, apertura incompatible coa idea dun número determinado e pechado de medios de proba. Ademais, resulta obrigado o recoñecemento expreso dos instrumentos que permiten recoller e reproducir palabras, sons e imaxes ou datos, cifras e operacións matemáticas.

En segundo termo, muda, na liña da maior clareza e flexibilidade, o xeito de entender e practicalos medios de proba máis consagrados e perennes.

A confesión, en exceso tributaria das súas orixes históricas, en gran medida superadas, e, por riba, mesturada co xuramento, é substituída por unha declaración das partes, que se afasta extraordinariamente da rixidez da «absolución de posicións». Esta declaración ha versar sobre as preguntas formuladas nun interrogatorio libre, o que garante a espontaneidade das respostas, a flexibilidade na realización de preguntas e, en definitiva, a integridade dunha declaración non preparada.

Verbo da valoración da declaración das partes, é totalmente lóxico seguir tendo en consideración, para fixalos feitos, o dato de que os recoñeza como certos a parte que interveu neles e para a que resultan prexudiciais. Pero, en cambio, non resulta razoable impor legalmente, en todo caso, un valor probatorio pleno ó tal recoñecemento ou confesión. Como nas últimas décadas ten

afirmado a xurisprudencia e xustificado a mellor doutrina, hase establece-la valoración libre, tendo en conta as outras probas que se practiquen.

Esta lei ocúpase dos documentos, dentro dos preceptos sobre a proba, unicamente para os efectos da formación do xuízo xurisdiccional sobre os feitos, aínda que, obviamente, esta eficacia deba exercer unha notable influencia indirecta no tráfico xurídico. Os documentos públicos, desde o punto de vista procesual civil, foron sempre e deben seguir a ser aqueles ós que cabe e convén atribuír unha clara e determinada forza á hora do referido xuízo fáctico. Documentos privados, en cambio, son os que, de seu, non gozan desa forza fundamentadora da certeza procesual e, xa que logo, a non ser que a súa autenticidade sexa recoñecida polos suxeitos ós que pode prexudicar, quedan suxeitos á valoración libre ou conforme as regras da sa crítica.

A específica forza probatoria dos documentos públicos deriva da confianza depositada na intervención de distintos fedatarios legalmente autorizados ou habilitados. A lei procesual hase facer eco, para os seus efectos específicos e con linguaxe intelixible, da tal intervención, pero non é a sede normativa na que se deben establecer os requisitos, o ámbito competencial e outros factores da dación de fe. Tampouco corresponde á lexislación procesual dirimir controversias interpretativas das normas sobre a función de dar fe ou acerca do asesoramento xurídico co que se contribúe á instrumentación documental dos negocios xurídicos. Menos propio aínda desta lei pareceu determinar requisitos de forma documental relativa ós tales negocios ou modifica-las opcións lexislativas preexistentes.

Fronte a correntes de opinión que, mirando para outros modelos e para unha pretendida diminución dos custos económicos dos negocios xurídicos, propugnan unha radical modificación da fe pública no tráfico xurídico-privado, civil e mercantil, esta lei é respectuosa con esa dación de fe. Trátase, non obstante, dun respecto compatible co lexítimo interese dos suxeitos xurídicos e, desde logo, co interese da Administración de Xustiza mesma, polo que, ante todo, a lei pretende que cada parte fixe netamente a súa posición sobre os documentos achegados de contrario, de sorte que, en caso de os recoñecer e non impugna-la súa autenticidade, a controversia fáctica desapareza ou se minore.

Cómpre sinalar tamén que determinados preceptos de diversas leis atribúen carácter de documentos públicos a algúns respecto dos que, unhas veces de modo expreso e outras de modo implícito, cabe a denominada «proba en contrario». Esta lei respecta esas disposicións doutros corpos legais, pero está obrigada a regular diferenciadamente estes documentos públicos e aqueloutros, dos que se veu tratando ata aquí, que por si mesmo fan proba plena.

Sobre estas bases, a regulación unitaria da proba documental, que esta lei contén, parece completa e clara. Polo demais, outros aspectos das normas sobre proba resolven cuestións que, na súa dimensión práctica, deixan de ter sentido. Non se deberá forza-la noción de proba documental para incluír nela o que se achegue ó proceso co fin de fixa-la certeza de feitos, que non sexa subsumible nas nocións dos restantes medios de proba. Poderanse confeccionar e achegar dictames e informes escritos, con só aparencia de documentos, pero de índole pericial ou testifical e non é de excluír, senón que a lei o prevé, a utilización de novos instrumentos probatorios, como soportes, hoxe non convencionais, de datos, cifras e contas, ós que, en definitiva, haxa que lles outorgar unha consideración análoga á das probas documentais.

Coas excepcións obrigadas respecto dos procesos civís en que se ha satisfacer un interese público, esta

lei inclínase coherentemente por entende-lo dictame de peritos como medio de proba no marco dun proceso, no que, agás as excepcións aludidas, non se lle impón o tribunal nin se responsabiliza a este da investigación e comprobación da veracidade dos feitos relevantes en que se fundamentan as pretensións de tutela formuladas polas partes, senón que é sobre estas sobre as que recae a carga de alegar e probar. E por iso se introducen os dictames de peritos designados polas partes e se reserva a designación polo tribunal de perito para os casos en que así o soliciten as partes ou resulte estrictamente necesario.

Desta maneira, a práctica da proba pericial adquire tamén unha simplicidade moi distinta da complicación procedemental a que conducía a regulación da Lei de 1881. Exclúese a recusación dos peritos dos que as partes acheguen dictame, que só poderán ser obxecto de tacha, pero a tódolos peritos se lles esixe xuramento ou promesa de actuación maximamente obxectiva e imparcial e respecto de todos eles contén esta lei disposicións conducentes a somete-los seus dictames a explicación, aclaración e complemento con plena contradicción.

Así, a actividade pericial, a regulación decimonónica da cal reflectía o dilema non resolto acerca da súa natureza —se medio de proba ou complemento ou auxilio do xulgador—, responde agora plenamente ós principios xerais que deben rexe-la actividade probatoria, adquirindo sentido a súa libre valoración. Efecto indirecto, mais nada desdeñable, desta necesaria clarificación é a solución ou, cando menos, importante atenuación do problema práctico, moi frecuente, da axeitada e tempestiva remuneración dos peritos.

Mais, por outra parte, esta lei, ó entende-la enorme diversidade de operacións e manifestacións que entraña modernamente a pericia, apártase decididamente da regulación de 1881 para recoñecer sen casuísmos a diversidade e amplitude deste medio de proba, con atención ó seu frecuente carácter instrumental respecto doutros medios de proba, que non só se manifesta na confrontación de letras.

No que atinxe o interrogatorio de testemuñas, consideracións semellantes ás sinaladas verbo da declaración das partes aconsellaron que a lei opte por establecer que o interrogatorio sexa libre desde o principio. Nesa sede regúlase tamén o interrogatorio sobre feitos consignados en informes achegados previamente polas partes e prevese a declaración de persoas xurídicas, públicas e privadas, de modo que a carón de especialidades que a experiencia aconsella, quede garantida a contradicción e a intermediación na práctica da proba.

A lei, que concibe con máis amplitude o recoñecemento xudicial, acolle tamén entre os medios de proba, como xa se dixo, os instrumentos que permiten recoller e reproducir, non só palabras, sons e imaxes, senón aqueloutros que serven para o arquivo de datos e cifras e operacións matemáticas.

Introducidas nesta lei as presuncións como método de fixa-la certeza de certos feitos e regulada suficientemente a carga da proba, peza chave dun proceso civil no que o interese público non sexa predominante, pódese elimina-la dualidade de regulacións da proba civil, mediante a derogación dalgúns preceptos do Código Civil.

XII

Ensina a experiencia, en todo o mundo, que se, tralas alegacións iniciais das partes, se acode de inmediato a un acto oral, en que, antes de dictar sentenza tamén de forma inmediata, se concentren tódalas actividades de alegación complementaria e de proba, córrese case sempre un destes dous riscos: o gravísimo, de que os

asuntos se resolvan sen observar tódalas regras que garanten a plena contradicción e sen a desexable atención a tódolos elementos que deben funda-la sentenza, ou o consistente en que o tempo que en aparencia se gañou acudindo de contado ó acto do xuízo ou vista se perda con suspensións e incidencias, que de ningún modo poden considerarse sempre inxustificadas e meramente dilatorias, senón a miúdo necesarias en razón da complexidade dos asuntos.

Por outro lado, é unha esixencia racional e constitucional da efectividade da tutela xudicial que se resolvan, canto antes, as eventuais cuestións sobre presupostos e óbices procesuais, de modo que se eviten ó máximo as sentencias que non entren sobre o fondo do asunto litixioso e calquera outro tipo de resolución que poña fin ó proceso sen resolver sobre o seu obxecto, tras custosos esforzos inútiles das partes e do tribunal.

En consecuencia, como xa se apuntou, só é conveniente acudir á máxima concentración de actos para asuntos litixiosos desprovistos de complexidade ou que reclamen unha tutela con singular rapidez. Noutros casos, a opción legislativa prudente é o xuízo ordinario, coa súa audiencia previa dirixida a depura-lo proceso e a fixa-lo obxecto do debate.

Con estas premisas, a lei articula con carácter xeral dúas canles distintas para a tutela xurisdiccional declarativa: dun lado, a do proceso que, pola sinxeleza expresiva da denominación, se dá en chamar «xuízo ordinario» e, doutro, a do «xuízo verbal».

Estes procesos acollen, nalgúns casos gracias a disposicións particulares, os litixios que ata o de agora se resolvían a través de catro procesos ordinarios, así como tódolos incidentes non regulados expresamente, co que cabe suprimir tamén o procedemento incidental común. E esta nova Lei de axuizamento civil permite tamén afrontar, sen mingua de garantías, os asuntos que eran tratados ata o de hoxe en máis dunha ducia de leis distintas da procesual civil común. Boa proba disto son a disposición derogatoria e as disposicións derradeiras.

Así pois, simplifícanse con estes procedementos as canles procesuais de moitas e moi diversas tutelas xurisdiccionais. O que non se fai, porque carecería de razón e sentido, é prescindir de particularidades xustificadas, tanto polo que respecta a presupostos especiais de admisibilidade ou procedibilidade como no relativo a certos aspectos do procedemento mesmo.

O esixible e desexable non é unificar a toda custa, senón suprimi-lo que resulta innecesario e, sobre todo, pór termo a unha dispersión normativa claramente excesiva. Non cabe, por outra parte, nin racional nin constitucionalmente, couta-lo paso a disposicións legais posteriores, senón só tentar que os preceptos que esta lei contén sexan, pola súa previsión e flexibilidade, suficientes para o tratamento xurisdiccional de materias e problemas novos.

A lei diseña os procesos declarativos de modo que a inmediación, a publicidade e a oralidade sexan efectivas. Nos xuízos verbais, pola transcendencia da vista; no ordinario, porque tras demanda e contestación, os fitos procedementais máis sobresaíntes son a audiencia previa ó xuízo e o xuízo mesmo, ambos coa inescusable presenza do xulgador.

A grandes trazos, o desenvolvemento do proceso ordinario pódese resumir como segue.

Na audiencia previa téntase inicialmente un acordo ou transacción das partes, que poña fin ó proceso, e se o acordo non se logra, resólvense as posibles cuestións sobre presupostos e óbices procesuais, determínanse con precisión as pretensións das partes e o ámbito da súa controversia, téntase de novo un acordo entre os litigantes e, en caso de non se alcanzar e de existiren feitos controvertidos, propóñense e admítense as probas pertinentes.

No xuízo practícase a proba e fórmulanse as conclusións sobre esta, finalizando con informes sobre os aspectos xurídicos, salvo que tódalas partes prefiran informar por escrito ou o tribunal o considere oportuno. Convén reiterar, ademais, que de tódalas actuacións públicas e orais, en ámbalas dúas instancias, ficará constancia mediante os instrumentos oportunos de gravación e reprodución, sen prexuízo das actas necesarias.

A lei suprime as denominadas «dilixencias para mellor prover» e substitúeas por unhas dilixencias finais, con presupostos distintos dos daquelas. A razón principal para este troco é a coherencia coa xa referida inspiración fundamental que, como regra, debe presidir-lo inicio, o desenvolvemento e o desenlace dos procesos civís. Ademais, é conveniente canto refórce a importancia do acto do xuízo, restrinxindo a actividade previa á sentenza a aquilo que sexa estrictamente necesario. Por tanto, como dilixencias finais só serán admisibles as dilixencias de probas, debidamente propostas e admitidas, que non se puidesen practicar por causas alleas á partes que as pediu.

A lei considera improcedente levar a cabo nada do que se puido propor e non se propuxo, así como calquera actividade do tribunal que, con mingua da igualitaria contenda entre as partes, supla a súa falta de dilixencia e coidado. As excepcións desta regra foron meditadas de vagar e responden a criterios de equidade, sen que supoñan ocasión inxustificada para desordena-la estrutura procesual ou menoscaba-la igualdade da contradicción.

Verbo do carácter sumario, en sentido técnico-xurídico, dos procesos, a lei dispón que carezan de forza de cousa xulgada as sentencias que poñan fin a aqueles en que se pretenda unha rápida tutela da posesión ou tenza, as que decidan sobre peticións de cesamento de actividades ilícitas en materia de propiedade intelectual ou industrial, as que provexan a unha inmediata protección fronte a obras novas ou ruinosas, así como as que resolvan sobre o desafuzamento ou recuperación de predios por falta de pagamento da renda ou aluguer ou sobre a efectividade dos dereitos reais inscritos fronte a quen se opoña a eles ou perturbe o seu exercicio, sen dispor de título inscrito que lexitime a oposición ou a perturbación. A experiencia de ineficacia, inseguridade xurídica e vicisitudes procesuais excesivas aconsella, en cambio, non configurar como sumarios os procesos en que se aduza, como fundamento da pretensión de desafuzamento, unha situación de precariedade: parece moi preferible que o proceso se desenvolva con apertura a plenas alegacións e proba e finalice con plena efectividade. E os procesos sobre alimentos, como outros sobre obxectos semellantes, non deben de confundirse con medidas provisionais nin teñen por qué carecer, no seu desenlace, de forza de cousa xulgada. Reclamacións posteriores poden estar plenamente xustificadas por feitos novos.

XIII

Esta lei contén unha única regulación do recurso de apelación e da segunda instancia, porque se considera inxustificada e perturbadora unha diversidade de réximes. En razón da máis pronta tutela xudicial, dentro da seriedade do proceso e da sentenza, dispónse que, resolto o recurso de reposición contra as resolucións que non poñan fin ó proceso, non caiba interpor apelación e só insistir na eventual desconformidade ó recorrer contra a sentenza de primeira instancia. Desaparecen, pois, practicamente, as apelacións contra resolucións interlocutorias. E coa oportuna disposición transitoria, preténdese que este novo réxime de recursos sexa de aplicación o máis axiña posible.

A apelación reafírmase como plena revisión xurisdiccional da resolución obxecto de apelación e, se esta

é unha sentenza recaída en primeira instancia, determínase legalmente que a segunda instancia non constitúe un novo xuízo, en que se poidan aducir toda clase de feitos e argumentos ou formularse pretensións novas sobre o caso. Regúlase, coherentemente, o contido da sentenza de apelación, con especial atención á singular congruencia desa sentenza.

Outras disposicións perseguen aumenta-las posibilidades de corrixir con garantías de acerto eventuais erros no xuízo fáctico e, mediante diversos preceptos, procúrase facer máis sinxelo o procedemento e lograr que, no maior número de casos posible, se dicte en segunda instancia sentenza sobre o fondo.

Cabe mencionar que esta lei, que prescinde do concepto de adhesión á apelación, xerador de equívocos, perfila e precisa o posible papel de quen, á vista da apelación doutra parte e sendo inicialmente apelado, non só se opón ó recurso senón que, pola súa vez, impugna o auto ou sentenza contra os que xa se apelou, pedindo a súa revogación e substitución por outro que lle sexa máis favorable.

A lei conserva a separación entre unha inmediata preparación do recurso, coa que se manifesta a vontade de impugnación, e a ulterior interposición motivada desta. Non parece oportuno nin diferir-lo momento en que se pode coñecer-la firmeza ou o mantemento da litispendencia, cos seus correspondentes efectos, nin apresura-lo traballo de fundamentación do recurso. Pero, para unha mellor tramitación, introdúcese a innovación procedimental consistente en dispor que o recorrente leve a cabo a preparación e a interposición perante o tribunal que dicte a resolución obxecto de recurso, remitíndose despois os autos ó superior. O mesmo se establece respecto dos recursos extraordinarios.

XIV

Por coherencia plena cunha verdadeira preocupación pola efectividade da tutela xudicial e pola debida atención ós problemas que a Administración de Xustiza presenta en todo o mundo, esta lei pretende unha superación dunha idea, non por vulgar menos influente, dos recursos extraordinarios e, en especial, da casación, entendidos, se non como terceira instancia, si, con moita frecuencia, como o derradeiro paso necesario, en moitos casos, cara á definición do dereito no caso concreto.

Como queira que este enfoque resulta insostible na realidade e entraña unha certa dexeneración ou deformación de importantes institucións procesuais, está a ser xeral, nos países do noso mesmo sistema xurídico e mesmo naqueles con sistemas moi diversos, un coadogado estudo e unha delongada reflexión sobre o papel que é razoable e posible desempeñaren os referidos recursos e o órgano ou órganos que ocupan a posición ou as posicións supremas na organización xurisdiccional.

Coa convicción de que a reforma da Xustiza, neste punto coma noutros, non pode nin debe prescindir da historia, da idiosincrasia particular e dos valores positivos do sistema xurídico propio, a tendencia de reforma que se considera atinada é a que tende a reducir e mellorar, asemade, os graos ou instancias de axuizamento pleno dos casos concretos para a tutela dos dereitos e intereses lexítimos dos suxeitos xurídicos, circunscibindo, en cambio, o esforzo e o cometido dos tribunais superiores en razón de necesidades xurídicas singulares, que reclamen un traballo xurídico de especial calidade e autoridade.

Desde hai tempo, a casación civil presenta en España unha situación que, como se recoñece xeralmente, é moi pouco desexable, pero en absoluto doada de resolver cun grao de aceptación tan xeral coma a súa crítica. Esta lei partiu, non só da imposibilidade, senón tamén do erro teórico e práctico que entrañaría concibir que

a casación perfecta é aquela da que non se descarta ningunha materia nin ningunha sentenza de segunda instancia.

Alén de ser esta unha casación completamente irrealizable na nosa sociedade, non é necesario nin conveniente, porque non responde a criterios razoables de xustiza, que cada caso litixioso, cos dereitos e intereses lexítimos duns suxeitos xurídicos aínda en xogo, poida transitar por tres graos de axuizamento xurisdiccional, sequera o derradeiro destes axuizamentos sexa o limitado e peculiar da casación. Non pertence á nosa tradición histórica nin constitúe esixencia constitucional que a función nomofiláctica da casación se proxecte sobre calquera sentenza nin sobre calquera cuestión e materia.

Ninguén ten cuestionado, sen embargo, que a renovación da nosa Xustiza civil se faga conforme os valores positivos, solidamente afianzados, do propio sistema xurídico e xurisdiccional, sen incorrer na imprudencia de desbotar institucións enteiras e substituílas por outras de nova feitura ou por pezas de modelos xurídicos e xudiciais moi diversos do noso. Así pois, hase manter en substancia a casación, coa finalidade e efectos que lle son propios, mais cun ámbito obxectivo coherente coa necesidade antes referida de doutrina xurisprudencial especialmente autorizada.

Os límites da contía non constitúen de seu un factor capaz de fixar de modo razoable e equitativo ese ámbito obxectivo. E tampouco parece oportuno nin satisfactorio para os suxeitos da Xustiza, ávidos de seguridade xurídica e de igualdade de trato, que a configuración do novo ámbito casacional, sen dúbida necesaria por razóns e motivos que transcenden elementos conxunturais, se leve a cabo mediante unha selección casuística duns cantos asuntos de «interese casacional», se este elemento se deixa a unha apreciación de índole moi subxectiva.

A presente lei operou con tres elementos para determina-lo ámbito da casación. En primeiro lugar, o propósito de non excluír dela ningunha materia civil ou mercantil; en segundo termo, a decisión, en absoluto grauíta, como se dirá, de deixar fóra da casación as infraccións de leis procesuais; finalmente, a relevancia da función de crear doutrina xurisprudencial autorizada. Porque esta é, se se quere, unha función indirecta da casación, pero está ligada ó interese público inherente a ese instituto desde as súas orixes e persistiu ata hoxe.

Nun sistema xurídico coma o noso, en que o precedente carece de forza vinculante —só atribuída á lei e ás demais fontes do dereito obxectivo—, non carece nin debe carecer dun interese relevante para todos a singularísima eficacia exemplar da doutrina ligada ó precedente, non autoritario, pero si dotado de singular autoridade xurídica.

De aí que o interese casacional, é dicir, o interese transcendente ás partes procesuais que pode presenta-la resolución dun recurso de casación, se obxectivo nesta lei, non só mediante un parámetro de contía elevada, senón coa esixencia de os asuntos substanciados en razón da materia apareceren resoltos con infracción da lei substantiva, desde logo, pero, ademais, contra doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (ou, cando sexa o caso, dos tribunais superiores de xustiza) ou sobre asuntos ou cuestións en que exista xurisprudencia contradictoria das audiencias provinciais. Considérase, así mesmo, que concorre o interese casacional cando as normas das que se denuncie a infracción non leven en vigor máis tempo do razoablemente previsible para que sobre a súa aplicación e interpretación se puidese formar unha doutrina xurisprudencial autorizada, coa excepción de que si exista tal doutrina sobre normas anteriores de igual ou similar contido.

Deste modo, establécese con razoable obxectividade a necesidade do recurso. Esta obxectividade do «interese

casacional», que lles achega máis seguridade xurídica ós suxeitos da Xustiza e ós seus avogados, parece preferible ó método consistente en atribuírle ó propio tribunal casacional a escolla dos asuntos merecentes da súa atención, como se propugnou desde algunhas instancias. Entre outras cousas, a obxectivación elimina os riscos de desconfianza e desacordo coas decisións do tribunal.

Establecido un novo sistema de execución provisional, a lei non considera necesario nin oportuno xeneraliza-la esixencia de depósito para o acceso ó recurso de casación (ou ó recurso extraordinario por infracción de lei procesual). O depósito previo, alén de representar un factor de encarecemento da Xustiza, de desigual incidencia sobre os suxeitos xurídicos, provoca, entre outros, o problema da súa posible transformación en obstáculo do exercicio do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva, conforme o principio de igualdade. A executividade das sentencias de primeira e segunda instancia parece suficiente elemento disuasorio dos recursos temerarios ou de intención simplemente dilatoria.

O sistema de recursos extraordinarios complétese confiando en todo caso as cuestións procesuais ás salas do civil dos tribunais superiores de xustiza. A separación entre o recurso de casación e o recurso extraordinario dedicado ás infraccións procesuais ha contribuír, sen dúbida, á seriedade con que estas se aleguen. Ademais, este recurso extraordinario por infracción procesual amplía e intensifica a tutela xudicial ordinaria dos dereitos fundamentais de índole procesual, as pretendidas violacións dos cales xeran desde hai máis dunha década gran parte dos litixios.

Nada ten de heterodoxo, nin orgánica nin procesualmente e menos aínda, se cabe, constitucionalmente, cando xa se consumiron dúas instancias, circunscribir con rigor lóxico o recurso extraordinario de casación e esixir a quen estea convencido de terse visto prexudicado por graves infraccións procesuais que non pretenda, simultaneamente, a revisión de infraccións de dereito substantivo.

Se se está persuadido de que se produciu unha grave infracción procesual, que reclama reposición das actuacións ó estado anterior a esa infracción, non cabe ver imposición irracional na norma que exclúe pretender ó mesmo tempo unha nova sentenza, no canto da tal reposición das actuacións. Se o recurso por infracción procesual é estimado, deberase dictar nova sentenza e se esta incorre en infraccións do dereito material ou substantivo, poderase impugnar en casación a sentenza, coma no réxime anterior a esta lei.

Certo é que, en comparación co tratamento dispensado ós limitados tipos de asuntos accesibles á casación segundo a Lei de 1881 e as súas numerosas reformas, no recurso de casación desta lei non caberá xa pretendela anulación da sentenza obxecto de recurso con reenvío á instancia e, á vez, subsidiariamente, a substitución da sentenza de instancia por non ser conforme co dereito substantivo. Pero, ademais de esta nova lei conter mellores instrumentos para a corrección procesual das actuacións, considerouse máis acorde coas necesidades sociais, co conxunto dos institutos xurídicos do noso ordenamento e coa orixe mesma do instituto casacional, que unha razoable configuración da carga competencial do Tribunal Supremo se leve a cabo concentrando a súa actividade no substantivo.

Non se pode esquecer, polo demais, que, consonte a Lei de 1881, se se interpuña un recurso de casación que aducise, á vez, quebrantamento de forma e infraccións relativas á sentenza, examinábase e decidíase primeiro acerca do pretendido quebrantamento de forma e se o recurso se estimaba por este concepto, os autos eran reenviados ó tribunal de instancia, para que dictase

nova sentenza, que, pola súa vez, podería ser, ou non, obxecto de novo recurso de casación, por «infracción de lei», por «quebrantamento das formas esenciais do xuízo» ou por ámbolos conceptos. Nada substancialmente distinto, con mecanismos novos para acceleralos trámites, se prevé nesta lei para o caso de, respecto da mesma sentenza, distintos litigantes optaren, cada un deles, por un recurso extraordinario distinto.

O réxime de recursos extraordinarios establecido nesta lei tal vez sexa, no único punto da opción entre casación e recurso extraordinario por infracción procesual, menos «xeneroso» que a casación anterior cos litigantes vencidos e cos seus procuradores e avogados, pero non é menos «xeneroso» co conxunto dos suxeitos xurídicos e, como se acaba de apuntar, a opción por unha casación circunscrita ó substantivo asumíuse tendo en conta o conxunto dos institutos xurídicos de tutela previstos no noso ordenamento.

Non se pode desdeñar, en efecto, a consideración de que, ó abeiro do artigo 24 da Constitución, teñen cabida legal recursos de amparo —a gran maioría deles— sobre moitas cuestións procesuais. Esas cuestións procesuais son, á vez, «garantías constitucionais» desde o punto de vista do artigo 123 da Constitución. E como queira que, á vista dos artigos 161.1, alínea b) e 53.2 do mesmo texto constitucional, parece constitucionalmente inviable subtraer ó Tribunal Constitucional tódalas materias incluídas no artigo 24 da nosa norma fundamental, á doutrina constitucional hai que se ater. Hai, pois, segundo a nosa norma fundamental, unha instancia única e suprema de interpretación normativa en moitas materias procesuais. Para outras, como se verá, remodélase por completo o denominado recurso en interese da lei.

Os recursos de amparo por invocación do artigo 24 da Constitución puideron delongar moito, ata agora, o horizonte temporal dunha sentenza irrevogable, xa excesivamente prolongado na xurisdicción ordinaria segundo a Lei de 1881 e as súas reformas posteriores. Pois ben: eses recursos de amparo fundados en violacións do artigo 24 da Constitución deixan de ser procedentes se non se tentou en cada caso o recurso extraordinario por infracción procesual.

Por outra banda, con este réxime de recursos extraordinarios, redúcense considerablemente as posibilidades de fricción ou choque entre o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional. Este deslindamento non é un principio inspirador do sistema de recursos extraordinarios, pero si un criterio en absoluto desdeñable, cun efecto beneficioso. Porque o respectuoso acatamento da excepción a favor do Tribunal Constitucional no relativo a «garantías constitucionais» pode ser e é conveniente harmonizalo coa posición do Tribunal Supremo, nunha posición xeral de superioridade que o artigo 123 da Constitución lle atribúe ó alto Tribunal Supremo coa mesma clareza e igual énfase que a referida excepción.

O recurso de casación perante o Tribunal Supremo pódese presentar, en resumo, con estes dous obxectos: 1.º as sentencias que dicten as audiencias provinciais en materia de dereitos fundamentais, agás os que recoñece o artigo 24 da Constitución, cando infrinxan normas do ordenamento xurídico aplicables para resolver as cuestións obxecto do proceso; 2.º as sentencias dictadas en segunda instancia polas audiencias provinciais, sempre que incorran en similar infracción de normas substantivas e, ademais, o recurso presente un interese transcendente á tutela dos dereitos e interese lexítimos duns suxeitos xurídicos concretos, establecido na forma que se dixo.

Posto que os asuntos civís en materia de dereitos fundamentais poden ser levados en todo caso ó Tribunal Constitucional, cabería entender que está de máis o seu

acceso á casación ante o Tribunal Supremo. Sendo este un criterio digno de atenta consideración, a lei optou, como se acaba de dicir, por unha disposición contraria.

As razóns desta opción son varias e diversas. Dunha parte, os referidos asuntos non constitúen unha grave carga de traballo xurisdiccional. Por outra, desde o mesmo momento constituínte estimouse conveniente establece-la posibilidade do recurso casacional nesa materia, sen que se manifestasen discrepancias nin reticencias sobre este designio, coherente, non só co propósito desta lei no sentido de non excluír da casación ningunha materia civil —e sono, desde logo, os dereitos inherentes á personalidade, maximamente constitucionalizados—, senón tamén coa idea de que o Tribunal Supremo é tamén, de moi distintos modos, xuíz da Constitución, igual que os restantes órganos xurisdiccionais ordinarios. Ademais, a subsidiariedade do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional non podía deixar de gravitar no transo desta opción lexislativa. E non é desdeñable, por tanto, o efecto que sobre tódolos recursos, tamén os extraordinarios, é previsible que exerza o novo réxime de execución provisional, do que non están excluídas, en principio, as sentencias de condena en materia de dereitos fundamentais, nas que non son infrecuentes pronunciamentos condenatorios pecuniarios.

Pola súa parte, o xa referido recurso extraordinario por infracción procesual, ante as salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, procede contra sentencias das audiencias provinciais en cuestións procesuais de singular relevo e, en xeral, para canto se poida considerar violación dos dereitos fundamentais que consagra o artigo 24 da Constitución.

XV

Por último, como peza de peche e respecto de cuestións procesuais non atribuídas ó Tribunal Constitucional, mantense o recurso en interese da lei ante a Sala do Civil do Tribunal Supremo, un recurso concibido para a desexable unidade xurisprudencial, mais configurando de maneira moi distinta que o actual, para os casos de sentencias firmes diverxentes das salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza.

Están lexitimados para promoveren esta actividade non só o Ministerio Fiscal senón o Defensor do Pobo e as persoas xurídicas de dereito público que acrediten interese lexítimo na existencia de doutrina xurisprudencial sobre a cuestión ou cuestións procesuais que se susciten no recurso. Non se trata, é certo, dun recurso en sentido propio, pois a sentenza que se dicte non revogará outra sentenza non firme (nin rescindirán a firme), pero óptase por manter esta denominación, en beneficio do que resulta, polos precedentes, máis expresivo e comunicativo.

Mercé ó recurso en interese da lei, alén de se completaren as posibilidades de crear doutrina xurisprudencial singularmente autorizada, por proceder do Tribunal Supremo, non quedan as materias procesuais excluídas do que facer do alto tribunal, en canto non se produza colisión co recurso de amparo que corresponde ó Tribunal Constitucional. Pola contra, a competencia, o esforzo e o interese dos lexitimados garanten que o Tribunal Supremo, constitucionalmente superior en tódalas ordes, pero non chamado pola nosa Constitución a coñecer de todo tipo de asuntos, como é obvio, deberá de seguir ocupándose de cuestións procesuais de importancia.

Entre as sentencias que dicte o Tribunal Supremo en virtude deste instrumento e as sentencias pronunciadas polo Tribunal Constitucional no seu ámbito propio, non faltará unha doutrina xurisprudencial que sirva de guía para a aplicación e interpretación das normas procesuais en termos de seguridade xurídica e igualdade,

compatibles e harmónicos coa liberdade de axuizamento propia do noso sistema e coa oportuna evolución da xurisprudencia.

Neste punto, e para termina-lo relativo ós recursos extraordinarios, semella oportuno recordar que, precisamente no noso sistema xurídico, a xurisprudencia ou o precedente goza de relevancia práctica pola súa autoridade e forza exemplar, pero non pola súa forza vinculante. Esa autoridade, nacida da calidade da decisión, da súa xustificación e da coitada expresión desta, estase a revelar tamén como a máis importante nos sistemas xurídicos do chamado «case law». E foi e seguirá a se-la única atribuíble, alén do caso concreto, ás sentencias dictadas en casación.

Por todo isto, menospreza-las resolucións do Tribunal Supremo en canto carezan de eficacia directa sobre outras sentencias ou sobre os dereitos de determinados suxeitos xurídicos non sería nin coherente co valor sempre atribuído no noso ordenamento á doutrina xurisprudencial nin acorde cos máis rigorosos estudos iuscomparatísticos e coas modernas tendencias, antes xa aludidas, sobre o papel dos órganos xurisdiccionais situados no vértice ou cúspide da Administración de Xustiza.

XVI

A regulación da execución provisional é, tal vez, unha das principais innovacións deste texto legal. A nova Lei de axuizamento civil representa unha decidida opción pola confianza na Administración de Xustiza e pola importancia da súa impartición en primeira instancia e, de maneira consecvente, considera provisionalmente executables, con razoables temperamentos e excepcións, as sentencias de condena dictadas nese grao xurisprudencial.

A execución provisional será viable sen necesidade de prestar fianza nin caución, aínda que se establecen, dunha parte, un réxime de oposición á dita execución e, doutra, regras claras para os distintos casos de revogación das resolucións provisionalmente executadas, que non se limitan a proclamar retoricamente a responsabilidade por danos e perdas, remitindo ó proceso ordinario correspondente, senón que permiten a súa exacción pola vía executiva.

Solicitada a execución provisional, o tribunal despachará, agás que a sentenza sexa das inexecutables ou non conteña pronunciamiento de condena. E, despachada a execución provisional, o condenado pódese opor a ela, en todo caso, se entende que non concorren os aludidos presupostos legais. Pero a xenuína oposición prevista é diferente segundo se trate de condena en diñeiro ou de condena que non sexa en diñeiro. Neste último caso, a oposición pódese fundar en que resulte imposible ou de extrema dificultade, segundo a natureza das actuacións executivas, restaura-la situación anterior á execución provisional ou compensar economicamente o executado mediante o resarcimento dos danos e perdas que se lle causasen, se a sentenza for revogada.

Se a condena é en diñeiro, non se permite a oposición á execución provisional no seu conxunto, senón unicamente a aquelas actuacións executivas concretas do procedemento de constrinximento que poidan causar unha situación absolutamente imposible de restaurar ou de compensar economicamente mediante o resarcimento de danos e perdas. O fundamento desta oposición a medidas executivas concretas vén ser, por tanto, o mesmo que o da oposición á execución de condenas que non sexan en diñeiro: a probable irreversibilidade das situacións provocadas pola execución provisional e a imposibilidade dunha equitativa compensación económica, se a sentenza é revogada.

No caso de execución provisional por condena en diñeiro, a lei esixe a quen se opoña a actuacións exe-

cutivas concretas que indique medidas alternativas viables, así como ofrecer caución suficiente para responder da demora na execución, se as medidas alternativas non fosen aceptadas polo tribunal e o pronunciamiento de condena en diñeiro resultar confirmado posteriormente. Se non se ofrecen medidas alternativas nin se presta caución, a oposición non procederá.

É innegable que establecer, como regra, tal execución provisional de condenas en diñeiro entraña o perigo de que quen se beneficiou dela non sexa despois capaz de devolver-lo que percibiu, se se revoga a sentenza executada provisoriamente. Co sistema da Lei de 1881 e as súas reformas, a caución esixida ó solicitante eliminaba ese perigo, pero á custa de cerrar en exceso a execución provisional, deixándoa só en mans de quen dispuxese de recursos económicos líquidos. E á custa doutros diversos e non pequenos riscos: o risco da demora do acreedor en ver satisfeito o seu crédito e o risco de o debedor condenado dispor do tempo da segunda instancia e dun eventual recurso extraordinario para se preparar a eludi-la súa responsabilidade.

Co sistema desta lei existe, desde logo, o perigo de que o executante provisional teña cobrado e despois teña pasado a ser insolvente, pero, dun lado, este perigo pode ser mínimo en moitos casos respecto de quen dispoña ó seu favor de sentenza executable provisoriamente. E, por outro lado, como xa quedou dito, a lei non remite a un proceso declarativo para a compensación económica en caso de revogación do executado provisionalmente, senón ó procedemento de constrinximento, ante o mesmo órgano que tramitou ou está a tramita-la execución forzosa provisional.

Mais o factor fundamental da opción desta lei, sopesados os perigos e riscos contrapostos, é a efectividade das sentencias de primeira instancia, que, se se mira ben, non recaen con menos garantías substanciais e procedementais de se axustaren a dereito que as que constitúe o procedemento administrativo, no seo do cal se dictan os actos e resolucións das administracións públicas, inmediatamente executables agás a suspensión cautelar que se lle pida á xurisdicción e esta outorgue.

A presente lei opta por confiar nos xulgados de primeira instancia, base, en tódolos sentidos, da Xustiza civil. Con esta lei, deberán dicitar sentencias en principio inmediatamente efectivas pola vía da execución provisional; non sentencias en principio platónicas, en principio inefectivas, nas que case sempre gravite, neutralizando o resolto, unha apelación e unha segunda instancia como acontecementos que se dan por sentados.

Nin as estatísticas dispoñibles nin a realidade coñecida pola experiencia de moitos profesionais —xuíces, maxistrados, avogados, profesores de dereito, etc.— xustifican unha sistemática, radical e xeral desconfianza na denominada «Xustiza de primeira instancia». E, por outra parte, se non se fixese máis efectiva e se responsabilizase máis a esa Xustiza de primeira instancia, a penas cabería algo distinto dunha reforma da Lei de axuízamento civil en cuestións de detalle, aínda que fosen moitas e importantes.

Ante este cambio radical e fixándose na oposición á execución provisional, parece conveniente decatarse de que a decisión do órgano xurisdiccional sobre a dita oposición non é máis difícil que a que entraña resolver sobre a petición de medidas cautelares. Os factores contrapostos que se han ponderar ante a oposición á execución provisional non son de maior dificultade que os que se deben tomar en consideración cando se piden medidas cautelares.

Trátase de institucións, ambas, que, sendo distintas, entrañan riscos de erro, mais riscos de erro parellos e que poden e deben asumirse en prol da efectividade da tutela xudicial e da necesaria protección do crédito.

A execución forzosa provisional non é, por suposto, ningunha medida cautelar e supón, de ordinario, efectos de máis forza e intensidade que os propios das medidas cautelares. Pero nun caso, alén dunha razoable oposición, existe unha sentenza precedida dun proceso con tódalas garantías e, noutro, só o «fume de bo dereito».

Este novo réxime da execución provisional deparará, con certeza, moitos máis beneficios directos que prexuízos ou casos inxustos e serán moi positivos tanto os efectos colaterais da innovación radical proxeitada como a diminución de recursos con ánimo exclusivamente dilatorio.

Con esta innovación, esta lei aspira a un cambio de mentalidade nos pactos e nos preitos. Nos pactos, para os acordar con ánimo de os cumprir; nos preitos, para os afrontar coas perspectiva de asumir seriamente os seus resultados nun horizonte moito máis próximo que o que é hoxe habitual. Manífestase así, en suma, un propósito non meramente verbal de lle dar seriedade á Xustiza. Non resulta admisible atribuír moitos erros ós órganos xurisdiccionais de primeira instancia, argumento que, como xa se apuntou, está en contradición coa realidade das sentencias confirmatorias en segunda instancia. Polo demais, unha lei como esta débese elaborar sobre a base dunha angueira xudicial seria, en tódalas instancias e nos recursos extraordinarios, e de ningunha maneira se pode sustentar aceptando como punto de partida unha suposta ou real falta de calidade na dita angueira, eiva que, en todo caso, ningunha lei podería remediar.

XVII

Canto á execución forzosa propiamente dita, esta lei, a diferenza da de 1881, presenta unha regulación unitaria, clara e completa. Deséñase un proceso de execución idóneo para canto se pode considerar xenuíno título executivo, sexa xudicial ou contractual ou se trate dunha execución forzosa común ou de garantía hipotecaria, á que se dedica unha atención especial. Pero esta substancial unidade da execución forzosa non debe impedi-las particularidades que, en non poucos puntos, son enteiramente lóxicas. Así, na oposición á execución, as especialidades razoables en función do carácter xudicial ou non xudicial do título ou as que resultan necesarias cando a execución se dirixe exclusivamente contra bens hipotecados ou peñorados.

Ningún réxime legal de execución forzosa pode evitar nin compensa-la morosidade crediticia, obviamente previa ó proceso, nin pretender que tódolos acredores verán sempre satisfeitos tódolos seus créditos. A presente lei non pretende conter unha fórmula nova nesa liña de utopía. Pero si contén un conxunto de normas que, por unha banda, protexen de modo moito máis enérxico do que ata agora o acreedor que teña dereito con suficiente constancia xurídica e, por outra banda, regulan situacións e problemas que ata o de hoxe a penas se tomaban en consideración ou, simplemente, se ignoraban legalmente.

A lei regula con detalle o relativo ás partes e ós suxeitos intervinientes na execución, así como a competencia, os recursos e os actos de impugnación de resolucións e actuacións executivas concretas —que non se deben confundir coa oposición á execución forzosa— e as causas e réxime procedemental da oposición á execución e da suspensión do proceso de execución.

O incidente de oposición á execución previsto na lei é común a tódalas execucións, coa única excepción das que teñan por finalidade exclusiva a realización dunha garantía real, que teñen o seu réxime especial. A oposición substanciase dentro do mesmo proceso de execución e só se pode fundamentar en motivos taxados,

que son diferentes segundo o título sexa xudicial ou non xudicial.

Absoluta novidade nesta materia é o establecemento dun réxime de posible oposición á execución de sentencias e títulos xudiciais. Como é sabido, a Lei de 1881 gardaba completo silencio acerca da oposición á execución de sentencias, xerando unha indesexable situación de incerteza sobre a súa mesma procedencia, así como sobre as causas de oposición admisibles e sobre a tramitación do incidente.

Sen mingua da efectividade deses títulos, desexable por moitos motivos, esta lei ten en conta a realidade e a xustiza e permite a oposición á execución de sentencias polas seguintes causas: pagamento ou cumprimento do ordenado na sentenza, sempre que se acredite documentalmente; caducidade da acción executiva e existencia dun pacto ou transacción entre as partes para evita-la execución, sempre que o pacto ou transacción conste en documento público. Trátase, como se ve, dunhas poucas e elementais causas, que non se poden deixar de tomar en consideración, como se a execución dunha sentenza firme puidese consistir en operacións automáticas e resultase racional prescindir de todo canto puidese ter ocorrido entre o momento en que se dictou a sentenza e adquiriu firmeza e o momento en que se inste a execución.

A oposición á execución fundada en títulos non xudiciais admítase polas seguintes causas: pagamento que se poida acreditar documentalmente; compensación, sempre que o crédito que se opoña ó do executante sexa líquido e resulte de documento que teña forza executiva; pluspetición; prescrición ou caducidade do dereito do executante; quitación, espera ou pacto de non pedir que conste documentalente; e transacción que conste en documento público.

Trátase, como é doado de advertir, dun elenco de causas de oposición máis nutrido que o permitido na execución de sentencias e outros títulos xudiciais, pero non tan amplo que converta a oposición á execución nunha controversia semellante á dun xuízo declarativo plenario, co que se podería frustra-la tutela xurisdiccional executiva. Porque esta lei entende os títulos executivos extraxudiciais non como un terceiro xénero entre as sentencias e os documentos, que só serven como medios de proba, senón como xenuíños títulos executivos, isto é, instrumentos que, por posuíren certas características, lle permiten ó dereito consideralos fundamento razoable da certeza dunha débeda, para os efectos do despacho dunha verdadeira execución forzosa.

A oposición á execución non é, pois, no caso da que se funde en títulos executivos extraxudiciais, unha sorte de compensación a unha pretendida debilidade do título, senón unha esixencia de xustiza, o mesmo que a oposición á execución de sentencias ou resolucións xudiciais ou arbitrais. A diferenza canto á amplitude dos motivos de oposición baséase na existencia ou non dun proceso anterior. Os documentos ós que se lles poden atribuír efectos procesuais moi relevantes, pero sen que sexa razoable consideralos títulos executivos encontran, nesta lei, dentro do proceso monitorio o seu adecuado lugar.

Tanto para a execución de sentencias como para a de títulos non xudiciais, prevese tamén a oposición por defectos procesuais: carece-lo executado do carácter ou representación con que é demandado, falta de capacidade ou de representación do executante e nulidade radical do despacho da execución.

A lei simplifica ó máximo a tramitación da oposición, calquera que sexa a clase de título, remitíndolla, de ordinario, ó disposto para o xuízo verbal. Por outra parte, dado que a oposición á execución só se abre por causas taxadas, a lei dispón expresamente que o auto polo que a oposición se resolta circunscribe os seus efectos ó

proceso de execución. Se se pensa en procesos declarativos posteriores á execución forzosa, é obvio que se esta se despachou en virtude de sentenza, deberá opera-la forza que a esta caiba atribuírille.

Regúlase tamén a suspensión da execución con carácter xeral, excepto para a execución hipotecaria, que ten o seu réxime específico. As únicas causas de suspensión que se consideran, alén da derivada do incidente de oposición á execución baseada en títulos non xudiciais, son as seguintes: interposición e admisión de demanda de revisión ou de rescisión de sentenza dictada en rebeldía; interposición dun recurso fronte a unha actuación executiva a realización da cal poida producir dano de difícil reparación; situación concursal do executado e pre-xudicialidade penal.

Con estas normas, a lei establece un sistema equilibrado que, por unha parte, permite unha eficaz tutela do dereito do acreedor executante, mediante unha relación limitada e taxada de causas de oposición e suspensión, que non desvirtúa a eficacia do título executivo e que, por outro lado, non priva o debedor executado de medios de defensa fronte ós supostos máis graves de ilicitude da execución.

En materia de execución en diñeiro, a lei ocúpase, en primeiro lugar, do embargo ou afección de bens e da garantía desta afección, segundo a distinta natureza do que sexa obxecto desta fundamental fase da actividade xurisdiccional executiva. Defínese e regúlase, con clareza sistemática e de contido, a finalidade do embargo e os seus actos constitutivos, o criterio de suficiencia —coa correspondente prohibición do embargo indeterminado—, o que non pode ser embargado en absoluto ou relativamente, o que, embargado erroneamente, debe desafectarse canto antes, a ampliación ou redución do embargo e a administración xudicial como instrumento de afección de bens para a razoable garantía da satisfacción do executante.

É de salientar que nesta lei se establece a obriga do executado de formular manifestación dos seus bens, cos seus gravames. O tribunal, de oficio, requirirao no auto en que despache execución para que cumpra esta obriga, salvo que o executante, na demanda executiva, sinalase bens embargables do executado, que o mesmo executante repute bastantes. Para dotar de eficacia práctica esta obriga do executado prevese, á parte do apercibimento ó debedor das responsabilidades en que pode incorrer, a posibilidade de que se lle impongan multas coercitivas periódicas ata que responda debidamente ó requirimento. Esta previsión remedia un dos principais defectos da Lei de 1881, que se mostraba en exceso compracente co debedor, deitando sobre o executante e sobre o xuíz a carga de investiga-los bens do patrimonio do executado, sen lle impor a este ningún deber de colaboración.

Pero non comezan e acaban coa manifestación dos seus bens polo executado os instrumentos para localiza-los ditos bens para os efectos da execución. A lei prevé que, por instancia do executante que en absoluto teña podido sinalar bens ou que non os teña atopado en número e con calidades tales que resulten suficientes para a boa fin da execución, o tribunal requira de entidades públicas e de persoas xurídicas e físicas datos pertinentes sobre bens e dereitos susceptibles de seren utilizados para o executado afronta-la súa responsabilidade. O executante terá de explicar, aínda que sexa sucintamente, a relación co executado das entidades e persoas que indica como destinatarios dos requirimentos de colaboración, pois non sería razoable que estas previsións legais se aproveitasen ó torto para investigacións patrimoniais xenéricas ou desprovistas de todo fundamento.

Estas medidas de investigación non se establecen na lei como subsidiarias da manifestación de bens, senón

que, cando se trate de execución forzosa que non require requirimento de pagamento, poden acordarse no auto que despache execución e levarse a efecto de contado, o que se fará, así mesmo, sen oí-lo executado nin esperar que sexa efectiva a notificación do auto de despacho da execución, cando existan motivos para pensar que, en caso de demora, se podería frustra-lo éxito da execución.

A tercería de dominio non se concibe xa como proceso ordinario definitorio do dominio e co efecto secundario do alzamento do embargo do ben obxecto de tercería, senón como incidente, en sentido estricto, da execución, encamiñado directa e exclusivamente a decidir se procede a desafección ou o mantemento do embargo. Trátase dunha opción, recomendada pola doutrina, que ofrece a vantaxe de non implicar unha demora do proceso de execución respecto do ben correspondente, demora que, malia a maior simplicidade dos procesos ordinarios desta lei, non pode deixar de se considerar á luz da dobre instancia e sen que o novo réxime de execución provisional poida constituír, canto á execución pendente, unha resposta axeitada ó referido problema.

Canto á tercería de mellor dereito ou de preferencia, mantense nesta lei, pero con importantes innovacións, como son a previsión da conformidade do executante ou da súa desistencia da execución, así como a participación do tercerista nos custos económicos dunha execución forzosa non promovida por el. Por outra parte, a diferenza da tercería de dominio, na de mellor dereito cómpre unha sentenza do tribunal con forza definitiva do crédito e da súa preferencia, aínda que esta sentenza non prexulga outras accións.

Non son poucos os cambios e, sobre todo, a orde e previsión que esta lei introduce no procedemento de constrinximento ou fase de realización, con valoración previa, dos bens afectados á execución, segundo a súa diferente natureza. Ademais de encher numerosas lagoas, establece unha única poxa, con disposicións encamiñadas a lograr, dentro do posible segundo as regras do mercado, un resultado máis satisfactorio para o debedor executante, procurando, ademais, reduci-lo custo económico.

Con independencia das melloras introducidas na regulación da poxa, a lei abre camiño a vías de alleamento forzoso alternativas que, en determinadas circunstancias, permitirán axiliza-la realización e mellora-lo seu rendemento. Así, regúlase os convenios de realización entre executante e executado e a posibilidade de que, por instancia do executante ou coa súa conformidade, o xuíz acorde que o ben sexa alleado por persoa ou entidade especializada, á marxe, por tanto, da poxa xudicial.

A convocatoria da poxa, especialmente cando se trate de inmobles, regúlase de maneira que resulte máis indicativa do valor do ben. O alleamento en poxa de bens inmobles recibe a singular atención legislativa que merece, con especial coidado sobre os aspectos rexistrals e a protección de terceiros. En relación coa subsistencia e cancelación de cargas optouse por mante-lo sistema de subsistencia das cargas anteriores ó gravame que se executa e cancelación das cargas posteriores, sistema que se complementa deducindo da avaliación o importe das cargas subsistentes para determina-lo valor polo que os inmobles han saír á poxa. Esta solución presenta a vantaxe de que asegura que as cantidades que se ofrezan na poxa, por pequenas que sexan, van redundar sempre en beneficio da execución pendente, o que non se conseguiría sempre coa tradicional liquidación de cargas.

Outra importante novidade en materia de alleamento forzoso de inmobles refírese ó réxime de audiencia e eventual desaloxo dos ocupantes dos inmobles alleados nun proceso de execución. Nada prevía ó respecto a Lei de 1881, que obrigaba os licitadores, ben a realizaren

custosas pescudas pola súa conta, ben a formularen as súas ofertas en condicións de absoluta incerteza sobre se acharían ocupantes ou non; sobre se os eventuais ocupantes terían dereito ou non a manter a súa situación e, en fin, sobre se, aínda non tendo os ocupantes dereito a conservaren a posesión do predio, cumpriría ou non acudir a un quizais longo e custoso proceso declarativo para logra-lo desaloxo. Todo isto, como é natural, non contribuía precisamente a facer atractivo nin economicamente eficiente o mercado das poxas xudiciais.

A presente lei sae ó paso do problema dos ocupantes procurando, primeiro, que no proceso de execución se poida ter noticia da súa existencia. A esta finalidade oriéntase a previsión de que, na relación de bens que debe presenta-lo executado, se indique, respecto dos inmobles, se están ocupados e, se o están, por quen e con qué título. Por outro lado, dispónse que se comunique a existencia da execución ós ocupantes de que se teña noticia a través da manifestación de bens do executado ou de calquera outro modo, concedéndolles un prazo de dez días para lle presentar ó tribunal da execución os títulos que xustifiquen a súa situación. Ademais, ordénase que no anuncio de poxa se exprese, co posible detalle, a situación posesoria do inmovible, para os eventuais licitadores poderen avalia-las dificultades que encontraría un eventual desaloxo.

Finalmente, regúlase un breve incidente, dentro da execución, que permite desaloxar inmediatamente a quen poida ser considerado ocupante de mero feito ou sen título suficiente. Só o desaloxo dos ocupantes que xustificasen ter un título que poida ser suficiente para mante-la posesión, requirirá acudir ó proceso declarativo que corresponda. Deste xeito, a lei dá unha resposta prudente e equilibrada ó problema que suscitan os ocupantes.

Tamén se regula con maior realismo a administración para pagamento, que adquire autonomía respecto da realización mediante alleamento forzoso. En conxunto, os preceptos deste capítulo IV do libro III da lei aproveitan a gran experiencia acumulada ó longo de anos en que, na falta moitas veces de normas precisas, se foron pondo de relevo diversos problemas reais e se procuraron solucións e se formularon respostas con bo sentido xurídico.

A lei dedica un capítulo especial ás particularidades da execución sobre bens hipotecados ou peñorados. Neste punto, mantense, no substancial, o réxime precedente da execución hipotecaria, caracterizado pola drástica limitación das causas de oposición do debedor á execución e dos supostos de suspensión desta. O Tribunal Constitucional declarou reiteradamente que este réxime non vulnera a Constitución e introducir cambios substanciais nel podería alterar gravemente o mercado do crédito hipotecario, o que non parece en absoluto aconsellable.

A nova regulación da execución sobre bens hipotecados ou peñorados supón un avance respecto da situación precedente xa que, en primeiro lugar, se trae á Lei de axuizamento civil a regulación dos procesos de execución de créditos garantidos con hipoteca, o que reforza o carácter propiamente xurisdiccional destas execucións, que foi discutido en ocasións; en segundo termo, regúlase de maneira unitaria as execucións de créditos con garantía real, eliminando a multiplicidade de regulacións existente na actualidade; e, finalmente, ordénase de maneira máis adecuada as causas actuais de suspensión da execución, distinguindo as que constitúen verdadeiros supostos de oposición á execución (extinción da garantía hipotecaria ou do crédito e desconformidade co saldo reclamado polo acreedor), dos supostos de tercería de dominio e pre-xudicialidade penal, aínda que mantendo, en tódolos casos, o carácter restrictivo da suspensión do procedemento.

Mención especial debe facerse do cambio relativo á execución que non sexa en diñeiro. Cumpría, sen dúbida

da, modificar unha regulación claramente superada desde moi distintos puntos de vista. Esta lei introduce os requirimentos e multas coercitivas dirixidas ó cumprimento dos deberes de facer e non facer e apártase así considerablemente da inmediata inclinación á indemnización pecuniaria manifestada na Lei de 1881. Sen embargo, evítanse as constriccións excesivas, procurando o equilibrio entre o interese e a xustiza da execución nos seus propios termos, por un lado, e, por outro, o respecto á vontade e o realismo de non se empeñar en lograr coactivamente prestacións ás que son inherentes os trazos persoais do cumprimento voluntario.

XVIII

Canto ás medidas cautelares, esta lei regúlaas nun conxunto unitario de preceptos, do que só se exclúen, polas razóns que se dirán máis adiante, os relativos ás medidas específicas dalgúns procesos civís especiais. Supérase así unha lamentable situación, caracterizada por escasas e insuficientes normas, dispersas na Lei de 1881 e noutros moitos corpos legais.

O referido conxunto de preceptos non é, emporiso, o resultado de agrupa-la regulación das medidas cautelares que se puidesen considerar «clásicas», establecendo os seus presupostos e o seu procedemento. Esta lei optou por sentar con claridade as características xerais das medidas que poden ser precisas para evitar que se fane a efectividade dunha futura sentenza, perfilando uns presupostos e requisitos igualmente xerais, de modo que resulte un réxime aberto de medidas cautelares e non un sistema de número limitado ou pechado. Pero a xeneralidade e amplitude non son vaguidade, inconcreción ou imprudencia. A lei apóiase en doutrina e xurisprudencia sólidas e de xeral aceptación.

O «fumus boni iuris» ou aparencia de bo dereito, o perigo da mora procesual e a prestación de caución son, desde logo, factores fundamentais imprescindibles para a adopción de medidas cautelares. A instrumentalidade das medidas cautelares respecto da sentenza que poida outorgar unha concreta tutela e, por tanto, a accesoriade e provisionalidade das medidas garántense suficientemente con normas adecuadas. Procurárase, con disposicións concretas, que as medidas cautelares non se busquen por si mesmas, co fin exclusivo ou primordial da actividade procesual. Pero hai que sinalar que se establece o seu réxime de modo que os suxeitos xurídicos dispoñan de medidas máis enérxicas que as que ata o de agora podían pedir. Trátase de que as medidas resulten en verdade eficaces para lograr, non só que a sentenza de condena se poida executar dalgunha maneira, senón para evitar que sexa ilusoria, nos seus propios termos.

Aínda que necesarias para conxura-lo «periculum in mora», as medias cautelares non deixan de entrañar, como é sabido, outros perigos e riscos. De modo que é preciso tamén regular coidadosamente, e así se pretendeu nesta lei, a oposición ás medidas cautelares, a súa razoable substitución, revisión e modificación e as posibles contracautelas ou medidas que neutralicen ou enerven as cautelares, facéndoas innecesarias ou menos gravosas.

As medidas cautelares pódense solicitar antes de comeza-lo proceso, xunto coa demanda ou pendente xa o litixio. Como regra, non se adoptan sen previa contradicción, pero prevese que, en casos xustificados, se poidan acordar sen o-lo suxeito pasivo da medida que se pretende. Nos ditos casos, establécese unha oposición inmediatamente posterior. Na audiencia previa ou na oposición, pero tamén máis tarde, pode entrar en xogo a contracautela que substitúa a medida cautelar que se pretende ou que xa se acordase.

Fronte a algunha posición partidaria de atribuí-lo coñecemento e resolución acerca das medidas cautelares a un órgano xurisdiccional distinto do competente para o proceso principal, a lei opta por non separa-la competencia, sen prexuízo de que non implique submisión, respecto do proceso, a actuación da parte pasiva no procedemento relativo a medidas solicitadas antes da interposición da demanda.

Esta opción non descoñece o risco de que a decisión sobre as medidas cautelares, antes da demanda ou xa no seo do proceso, xere algúns prexuízos ou impresións a favor ou en contra da posición dunha parte, que poidan influír na sentenza. Pero, ademais de ese risco existir tamén á marxe das medidas cautelares, pois o prexuízo se podería xerar na audiencia previa ó xuízo ou trala lectura de demanda e contestación, esta lei fúndase nunha dobre consideración.

Considera a lei, por un lado, que tódolos xuíces e maxistrados están en condicións de superar impresións provisionais para ir atendendo imparcialmente ás sucesivas pretensións das partes e para aterse, en definitiva, ós feitos probados e ó dereito que se teña de aplicar.

E, por outra, non se perde de vista que as medidas cautelares han gardar sempre relación co que se pretende no proceso principal e mesmo con vicisitudes e circunstancias que poden variar durante a súa pendencia, de sorte que é o órgano competente para o dito proceso quen se encontra na situación máis idónea para resolver, en especial se se ten en conta a posibilidade de alzamento e modificación das medidas ou da súa substitución por unha equitativa contracautela. Todo isto, sen contar coa menor complexidade procedemental que comporta non separa-la competencia.

XIX

A lei establece os procesos especiais imprescindibles.

En primeiro lugar, os que, con inequívocas e indiscutibles particularidades, han servir de canle ós litixios en asuntos de capacidade, filiación e matrimoniais. Tráese así á lei procesual común, terminando cunha situación deplorable, o que nela debe estar, pero que ata o de agora se tivo que rastrexar ou mesmo deducir de disposicións superlativamente dispersas, escuras e problemáticas.

En segundo lugar, os procesos de división xudicial de patrimonios, rúbrica baixo a que se regulan a división xudicial da herdanza e o novo procedemento para a liquidación do réxime económico matrimonial, que permitirán resolver cuestións desa índole que non se quixeron ou non se puideron resolver sen contenda xudicial. E, por último, dous procesos en certo modo máis innovadores que os anteriores: o xuízo monitorio e o proceso cambiario.

Polo que respecta ós procesos en que non rexe o principio dispositivo ou debe ser matizada a súa influencia en razón dun indiscutible interese público inherente ó obxecto procesual, a lei non se limita a codificar, senón que, con pleno respecto ás regras substantivas, das que o proceso debe ser instrumental, diseña procedementos sinxelos e presta singular atención ós problemas reais mostrados pola experiencia. Salientables resultan as medidas cautelares específicas que se prevén e que, en prol das vantaxes prácticas dunha regulación procesual agrupada e completa sobre estas materias, se insiren nestes procesos especiais, na vez de as levar, conforme criterios sistemáticos tal vez teoricamente máis perfectos, á regulación xeral de tales medidas.

Para a división xudicial da herdanza a lei diseña un procedemento moito máis simple e menos custoso que o xuízo de testamentaría da Lei de 1881. Xunto a este procedemento, regúlase outro concibido especificamen-

te para servir de canle á liquidación xudicial do réxime económico matrimonial, co que se lle dá resposta á imperiosa necesidade dunha regulación procesual clara nesta materia que se puxo reiteradamente de manifesto durante a vixencia da lexislación precedente.

Canto ó proceso monitorio, a lei confía en que, polas canles deste procedemento, eficaces en varios países, teña protección rápida e eficaz o crédito en diñeiro líquido de moitos suxeitos xurídicos e, en especial, de profesionais e empresarios medianos e pequenos.

En síntese, este procedemento iníciase mediante solicitude, para a que se poden empregar impresos ou formularios, dirixida ó xulgado de primeira instancia do domicilio do debedor, sen necesidade de intervención de procurador e avogado. Punto chave deste proceso é que coa solicitude se acheguen documentos dos que resulte unha base de boa aparencia xurídica da débeda. A lei establece casos xerais e outros concretos ou típicos. É de sinalar que a eficacia dos documentos no proceso monitorio se complementa harmonicamente co reforzamento da eficacia dos xenuínos títulos executivos extraxudiciais.

Se se trata dos documentos que a lei mesma considera base daquela aparencia ou se o tribunal así o entende, quen apareza como debedor é inmediatamente colocado ante a opción de pagar ou «dar razóns», de sorte que se o debedor non comparece ou non se opón, está suficientemente xustifico despachar execución, como se dispón. En cambio, se se «dan razóns», é dicir, se o debedor se opón, a súa discrepancia co acredor substánciase polas canles procesuais do xuízo que corresponda segundo a contía da débeda reclamada. Este xuízo é entendido como proceso ordinario e plenario e encamiñado, por tanto, a finalizar, en principio, mediante sentenza con forza de cousa xulgada.

Se o debedor non comparece ou non se opón, despáchase a execución segundo o disposto para as sentencias xudiciais. No seo desta execución forzosa cabe a limitada oposición prevista no seu lugar, pero coa particularidade de que se couta o paso a un proceso ordinario en que se reclame a mesma débeda ou a devolución do que se puidese obter na execución derivada do monitorio. Este coutamento das posibilidades de litigar é conforme e coherente coa dobre oportunidade de defensa que asiste ó debedor e resulta necesario para dota-lo procedemento monitorio de eficacia.

Convén advertir, finalmente, canto ó proceso monitorio, que a lei non descoñece a realidade das regulacións doutros países, nas que esta canle singular non está limitada por razón da contía. Pero considerouse máis prudente, ó introducir este instrumento de tutela xurisdiccional no noso sistema procesual civil, limita-la contía a unha cifra razoable, que permite a tramitación de reclamacións en diñeiro non excesivamente elevadas, aínda que superiores ó límite cuantitativo establecido para o xuízo verbal.

O xuízo cambiario, pola súa parte, non é senón a canle procesual que merecen os créditos documentados en letras de cambio, cheques e obrigas de pagamento. Trátase dunha protección xurisdiccional singular, instrumental do disposto na lei especial sobre eses instrumentos do tráfico xurídico. A eficaz protección do crédito cambiario queda asegurada polo inmediato embargo preventivo, que se converte automaticamente en executivo se o debedor non formula oposición ou se esta é desestimada. Fóra dos casos de estimación da oposición, o embargo preventivo só se pode alzar ante a alegación fundada de falsidade da sinatura ou de falta absoluta de representación, configurándose así, nesta lei, un sistema de tutela xurisdiccional do crédito cambiario de eficacia estrictamente equivalente ó da lexislación derogada.

XX

Mediante as disposicións adicionais segunda e terceira preténdese, por un lado, facer posibles as actualizacións e adaptacións de contía que no futuro sexan convenientes, entre as cales a determinada pola plena implantación do euro e, por outra parte, a efectiva disposición de novos medios materiais para a constancia de vistas, audiencias e comparecencias.

Canto á disposición adicional segunda, o mantemento da contía en pesetas xunto á contía en euros, en certos casos, obedece ó propósito de facilita-la determinación do procedemento que se ha seguir en primeira instancia e a posibilidade de acceso a algúns recursos, evitando ter que converter a moeda europea as contías que consten en documentos e rexistros, tal vez largamente alleas á dita moeda, en que teña que fundarse a cuantificación.

As disposicións transitorias prevén, conforme criterios racionais de doada comprensión e aplicación, os problemas que se poden suscitar canto ós procesos pendentes ó tempo de entrar en vigor a lei, trala vacación dun ano prevista na correspondente disposición derradeira. O criterio xeral, que se vai aplicando ós distintos casos, é o da máis rápida efectividade da nova lei.

A disposición derogatoria contén gran número de normas, como consecuencia da mesma natureza desta lei e do seu empeño en evita-la simple cláusula derogatoria xeral, conforme o disposto no punto segundo do artigo 2 do Código civil. O fácil expediente da mera cláusula xeral non só é reprochable desde o punto de vista da técnica xurídica e, en concreto, da lexislativa, senón que xera con frecuencia graves problemas.

No seu primeiro punto, a disposición derogatoria refírese, en primeiro lugar, á mesma Lei de axuizamento civil de 1881, con necesarias excepcións temporais á derogación xeral, en razón de futuras leis reguladoras da materia concursal, da xurisdicción voluntaria e da cooperación xurídica internacional en materia civil.

Ademais, derróganse preceptos procesuais ata agora dunha vintena de leis distintas, así como, entre outros, o Decreto do 21 de novembro de 1952, sobre normas procesuais de xustiza municipal e o decreto lei sobre embargo de empresas, do 20 de outubro de 1969. En numerosas ocasións, eses preceptos son substituídos por normas novas na presente lei. Outras veces, intégranse nela. E, en certos casos, son modificados por medio de disposicións derradeiras, de diversa índole, ás que se fará referencia de seguida.

No que atinxe ó Código civil, hai que destacar que, aínda que se suprimen as normas relativas ós medios de proba, mantéñense aqueles preceptos relativos ós documentos que poden ter relevancia, e non pequena, no tráfico xurídico. Algúns deses preceptos que permanecen mencionan expresamente a proba, pero, alén de non seren contradictorios, senón harmónicos, cos desta lei, débese entender que tratan da certeza e eficacia extraxudiciais. O enraizamento das ditas normas aconsellou non as derogar, sen prexuízo da posibilidade de seren perfeccionadas no futuro.

Verbo das disposicións derradeiras, algunhas limitáanse a pór en consonancia as remisións de leis especiais á Lei de axuizamento civil. Outras, en cambio, modifican a redacción de certos preceptos en razón das innovacións contidas nesta lei. Tal é o caso, por exemplo, de certos puntos do artigo 15 e da disposición adicional primeira da Lei de venda a prazos de bens mobles. Introducido no noso ordenamento o proceso monitorio e recollidas expresamente na lei as débedas por prazos non pagos contra o previsto nos contratos regulados na dita lei, parece obrigado que a virtualidade consistente en

levar emparellada execución, atribuída a certos títulos, teña de se acomodar ó disposto para esta.

A modificación do artigo 11 da Lei de arbitraje vén esixida polo cambio no tratamento procesual da xurisdicción que a presente lei opera. Pero, ademais, debe contribuír a reforza-la eficacia da institución arbitral, pois será posible, en diante, que a submisión a árbitros se faga valer dentro do proceso xudicial de modo que o tribunal se absteña de coñecer ó comezo, e non ó final, do dito proceso, como ocorría a consecuencia de configurar como excepción dilatoria a alegación de compromiso.

As reformas na Lei hipotecaria, estudadas con singular vagar, procuran compatibiliza-la regulación desta lei coa maior integridade e claridade daquela. Son precisos tamén certos cambios nas leis procesuais laboral e penal, regulando de modo completo a abstención e a recusación nos correspondentes procesos e algúns outros extremos concretos. Na lei procesual penal, resulta oportuno modifica-lo precepto relativo ós días e horas hábiles para as actuacións xudiciais de instrucción.

Na liña seguida por esta lei, no sentido de facilita-la prestación de caucións ou a constitución de depósitos, refórmase a disposición adicional da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. O que importa á Administración de Xustiza, en razón dos lexítimos dereitos e intereses de moitos suxeitos xurídicos, non é que outros suxeitos dispoñan de diñeiro en efectivo para o destinar a depósitos e caucións, senón que, no seu momento, unhas determinadas sumas de diñeiro se poidan destinar de contado ás finalidades que a lei estableza.

TÍTULO PRELIMINAR

Das normas procesuais e a súa aplicación

Artigo 1. *Principio de legalidade procesual.*

Nos procesos civís, os tribunais e quen ante eles acuda e interveña deberán actuar conforme o disposto nesta lei.

Artigo 2. *Aplicación no tempo das normas procesuais civís.*

Salvo que se estableza outra cousa en disposicións legais de dereito transitorio, os asuntos que correspondan ós tribunais civís serán substanciados sempre por estes conforme as normas procesuais vixentes, que nunca serán retroactivas.

Artigo 3. *Ámbito territorial das normas procesuais civís.*

Coas únicas excepcións que poidan preve-los tratados e convenios internacionais, os procesos civís que se sigan no territorio nacional rexeranse soamente polas normas procesuais españolas.

Artigo 4. *Carácter supletorio da Lei de axuízamento civil.*

En defecto de disposicións nas leis que regulan os procesos penais, contencioso-administrativos, laborais e militares, seranlles de aplicación, a todos eles, os preceptos da presente lei.

LIBRO I

Das disposicións xerais relativas ós xuízos civís

TÍTULO I

Da comparecencia e actuación en xuízo

Artigo 5. *Clases de tutela xurisdiccional.*

1. Poderase pretender dos tribunais a condena a determinada prestación, a declaración da existencia de dereitos e de situacións xurídicas, a constitución, modificación ou extinción destas últimas, a execución, a adopción de medidas cautelares e calquera outra clase de tutela que estea expresamente prevista pola lei.

2. As pretensións a que se refire o número anterior formularanse ante o tribunal que sexa competente e fronte ós suxeitos a quen vaia afecta-la decisión pretendida.

CAPÍTULO I

Da capacidade para ser parte, a capacidade procesual e a lexitimación

Artigo 6. *Capacidade para ser parte.*

1. Poderán ser parte nos procesos ante os tribunais civís:

- 1.º As persoas físicas.
- 2.º O concibido non nacido, para tódolos efectos que lle sexan favorables.
- 3.º As persoas xurídicas.
- 4.º As masas patrimoniais ou os patrimonios separados que carezan transitoriamente de titular ou cando este fose privado das súas facultades de disposición e administración.
- 5.º As entidades sen personalidade xurídica ás que a lei lles recoñeza capacidade para seren parte.
- 6.º O Ministerio Fiscal, respecto dos procesos en que, conforme a lei, deba intervir como parte.
- 7.º Os grupos de consumidores ou usuarios afectados por un feito danoso cando os individuos que o compoñan estean determinados ou sexan facilmente determinables. Para demandar en xuízo será necesario que o grupo se constituía coa maioría dos afectados.

2. Sen prexuízo da responsabilidade que, conforme a lei, lles poida corresponder ós xestores ou ós partícipes, poderán ser demandadas, en todo caso, as entidades que, sen teren cumprido os requisitos legalmente establecidos para se constituíren en persoas xurídicas, estean formadas por unha pluralidade de elementos persoais e patrimoniais postos ó servizo dun fin determinado.

Artigo 7. *Comparecencia en xuízo e representación.*

1. Só poderán comparecer en xuízo os que estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

2. As persoas físicas que non se achen no caso do número anterior terán de comparecer mediante a representación ou coa asistencia, a autorización, a habilitación ou o defensor esixidos pola lei.

3. Polos concibidos e non nados comparecerán as persoas que lexitimamente os representarían se xa nacesen.

4. Polas persoas xurídicas comparecerá quen legalmente as represente.

5. As masas patrimoniais ou patrimonios separados a que se refire o número 4.º do punto 1 do artigo anterior

comparecerán en xuízo por medio de quen, conforme a lei, as administre.

6. As entidades sen personalidade a que se refire o número 5.º do punto 1 do artigo anterior comparecerán en xuízo por medio das persoas ás que a lei, en cada caso, lles atribúa a representación en xuízo das ditas entidades.

7. Polas entidades sen personalidade a que se refire o número 7.º do punto 1 e o punto 2 do artigo anterior comparecerán en xuízo as persoas que, de feito ou en virtude de pactos da entidade, actúen no seu nome fronte a terceiros.

Artigo 8. *Integración da capacidade procesual.*

1. Cando a persoa física se encontre no caso do punto dous do artigo anterior e non haxa persoa que legalmente a represente ou asista para comparecer en xuízo, o tribunal nomearalle, mediante providencia, un defensor xudicial, que asumirá a súa representación e defensa ata se designar aquela persoa.

2. Non caso a que se refire o número anterior e nos demais en que teña que nomeárselle un defensor xudicial ó demandado, o Ministerio Fiscal asumirá a representación e defensa deste ata que se produza o nomeamento do defensor xudicial.

En todo caso, o proceso quedará en suspenso mentres non conste a intervención do Ministerio Fiscal.

Artigo 9. *Apreciación de oficio da falta de capacidade.*

A falta de capacidade para ser parte e de capacidade procesual poderá ser apreciada de oficio polo tribunal en calquera momento do proceso.

Artigo 10. *Condición de parte procesual lexítima.*

Serán considerados partes lexítimas os que comparezan e actúen en xuízo como titulares da relación xurídica ou obxecto litixioso.

Exceptúanse os casos en que por lei se lle atribúa a lexitimación a persoa distinta do titular.

Artigo 11. *Lexitimación para a defensa de dereitos e intereses de consumidores e usuarios.*

1. Sen prexuízo da lexitimación individual dos prexudicados, as asociacións de consumidores e usuarios legalmente constituídas estarán lexitimadas para defenderen en xuízo os dereitos e intereses dos seus asociados e os da asociación, así como os intereses xerais dos consumidores e usuarios.

2. Cando os prexudicados por un feito danoso sexan un grupo de consumidores ou usuarios cos compoñentes perfectamente determinados ou facilmente determinables, a lexitimación para pretende-la tutela deses intereses colectivos correspóndelles ás asociacións de consumidores e usuarios, ás entidades legalmente constituídas que teñan por obxecto a defensa ou protección destes, así como ós propios grupos de afectados.

3. Cando os prexudicados por un feito danoso sexan unha pluralidade de consumidores ou usuarios indeterminada ou de difícil determinación, a lexitimación para demandar en xuízo a defensa destes intereses difusos corresponderalles exclusivamente ás asociacións de consumidores e usuarios que, conforme a lei, sexan representativas.

CAPÍTULO II

Da pluralidade de partes

Artigo 12. *Litisconsorcio.*

1. Poderán comparecer en xuízo varias persoas, como demandantes ou como demandados, cando as accións que se exerzan proveñan dun mesmo título ou causa de pedir.

2. Cando por razón do que sexa obxecto do xuízo a tutela xurisdiccional solicitada só poida facerse efectiva fronte a varios suxeitos conxuntamente considerados, todos eles deberán ser demandados, como litisconsortes, agás que a lei dispoña expresamente outra cousa.

Artigo 13. *Intervención de suxeitos orixinariamente non demandantes nin demandados.*

1. Mentres se encontre pendente un proceso, poderá ser admitido como demandante ou demandado quen acredite ter interese directo e lexítimo no resultado do preito.

En particular, calquera consumidor ou usuario poderá intervir nos procesos instados polas entidades legalmente recoñecidas para a defensa dos intereses daqueles.

2. A solicitude de intervención non suspenderá o curso do procedemento. O tribunal resolverá por medio de auto, logo de audiencia das partes comparecidas, no prazo común de dez días.

3. Admitida a intervención, non se retrotraerán as actuacións, pero o interveniente será considerado parte no proceso para tódolos efectos e poderá defende-las pretensións formuladas polo seu litisconsorte ou as que o propio interveniente formule, se ten oportunidade procesual para isto, aínda que o seu litisconsorte renuncie, se conforme, desista ou se aparte do procedemento por calquera outra causa.

Tamén se lle permitirán ó interveniente as alegacións necesarias para a súa defensa, non efectuadas por corresponderen a momentos procesuais anteriores á súa admisión no proceso. Destas alegacións daráselles traslado, en todo caso, ás demais partes, polo prazo de cinco días.

O interveniente poderá, así mesmo, utiliza-los recursos que procedan contra as resolucións que coide prexudiciais para o seu interese, aínda que as consinta o seu litisconsorte.

Artigo 14. *Intervención provocada.*

1. No caso de a lei permitir que o demandante chame un terceiro para que interveña no proceso sen a calidade de demandado, a solicitude de intervención deberá realizarse na demanda, agás que a lei dispoña expresamente outra cousa. Admitida polo tribunal a entrada no proceso do terceiro, este disporá das mesmas facultades de actuación que a lei lles concede ás partes.

2. Cando a lei lle permita ó demandado chamar un terceiro para que interveña no proceso, procederase conforme as seguintes regras:

1.^a O demandado solicitará do tribunal que lle sexa notificada ó terceiro a pendencia do xuízo. A solicitude deberá presentarse dentro do prazo outorgado para contesta-la demanda ou, cando se trate de xuízo verbal, antes do día sinalado para a vista.

2.^a O tribunal oír ó demandante no prazo de dez días e resolverá mediante auto o que proceda. Acordada a notificación, emprazarase o terceiro para contesta-la demanda na mesma forma e en idénticos termos ós establecidos para o emprazamento do demandado. Se se tratase dun xuízo verbal, o tribunal por medio de pro-

videncia fará un novo sinalamento para a vista, citando as partes e o terceiro chamado ó proceso.

3.^a O prazo concedido ó demandado para contesta-la demanda quedará en suspenso desde a solicitude a que se refire a regra 1.^a e proseguirase coa notificación ó demandado da desestimación da súa petición ou, se é estimada, co traslado do escrito de contestación presentado polo terceiro e, en todo caso, ó expira-lo prazo concedido a este último para contesta-la demanda.

4.^a Se, comparecido o terceiro, o demandado considera que o seu lugar no proceso debe ser ocupado por aquel, procederase conforme o disposto no artigo 18.

Artigo 15. *Publicidade e intervención en procesos para a protección de dereitos e intereses colectivos e difusos de consumidores e usuarios.*

1. Nos procesos promovidos por asociacións ou entidades constituídas para a protección dos dereitos e intereses dos consumidores e usuarios, ou polos grupos de afectados, chamarase ó proceso os que teñan a condición de prexudicados por teren sido consumidores do produto ou usuarios do servizo que deu orixe ó proceso, para faceren vale-lo seu dereito ou interese individual. Este chamamento farase publicando a admisión da demanda en medios de comunicación con difusión no ámbito territorial no que se manifestase a lesión daqueles dereitos ou intereses.

2. Cando se trate dun proceso no que estean determinados ou sexan facilmente determinables os prexudicados polo feito danoso, o demandante ou demandantes deberanlles ter comunicado previamente a presentación da demanda a tódolos interesados. Neste caso, tralo chamamento, o consumidor ou usuario poderá intervenir no proceso en calquera momento, pero só poderá realiza-los actos procesuais non precluídos.

3. Cando se trate dun proceso no que o feito danoso prexudique unha pluralidade de persoas indeterminadas ou de difícil determinación, o chamamento suspenderá o curso do proceso por un prazo que non excederá de dous meses e que se determinará en cada caso atendendo ás circunstancias ou complexidade do feito e ás dificultades de determinación e localización dos prexudicados. O proceso proseguirase coa intervención de todos aqueles consumidores que acudisen ó chamamento e non se admitirá a comparecencia individual de consumidores ou usuarios nun momento posterior, sen prexuízo de que estes poidan facer vale-los seus dereitos ou intereses conforme o disposto nos artigos 221 e 519 desta lei.

CAPÍTULO III

Da sucesión procesual

Artigo 16. *Sucesión procesual por morte.*

1. Cando se transmita «mortis causa» o que sexa obxecto do xuízo, a persoa ou persoas que sucedan o causante poderán continuar ocupando no dito xuízo a mesma posición que este, para tódolos efectos.

Comunicada a defunción de calquera litigante por quen deba sucedelo, o tribunal suspenderá o proceso e, logo de traslado ás demais partes, acreditados a defunción e o título sucesorio e cumpridos os trámites pertinentes, terá, se é o caso, por parte ó sucesor en nome do litigante defunto e terao en conta na sentenza que se dicte.

2. Cando a defunción dun litigante lle conste ó tribunal e non compareza o sucesor no prazo dos cinco días seguintes, permitiráselles ás demais partes pediren, con identificación dos sucesores e do seu domicilio ou

residencia, que se lles notifique a existencia do proceso, emprazándoas para compareceren no prazo de dez días.

Acordada a notificación, suspenderase o proceso ata compareceren os sucesores ou finaliza-lo prazo para a comparecencia.

3. Cando o litigante falecido sexa o demandado e as demais partes non coñezan os sucesores ou estes non poidan ser localizados ou non queiran comparecer, o proceso seguirá adiante declarándose a rebeldía da parte demandada.

Se o litigante falecido fose o demandante e os seus sucesores non comparecesen por calquera das dúas primeiras circunstancias expresadas no parágrafo anterior, entenderase que houbo desistencia, agás que o demandado se opoña, e neste caso aplicarase o disposto no número tres do artigo 20. Se a incomparecencia dos sucesores se debe a non quererem comparecer, entenderase que a parte demandante renuncia á acción exercida.

Artigo 17. *Sucesión por transmisión do obxecto litixioso.*

1. Cando se transmita, pendente un xuízo, o que sexa obxecto deste, o adquirente poderá solicitar, acreditando a transmisión, ser tido como parte na posición que ocupaba o transmitente. O tribunal proverá a esta petición ordenando a suspensión das actuacións e oír á parte por dez días a outra parte.

Se esta non se opón dentro do dito prazo, o tribunal, mediante auto, alzará a suspensión e disporá que o adquirente ocupe no xuízo a posición que o transmitente tiña nel.

2. Se, dentro do prazo concedido no número anterior, a outra parte manifesta a súa oposición á entrada no xuízo do adquirente, o tribunal resolverá por medio de auto o que considere procedente.

Non se accederá á pretensión cando a dita parte acredite que lle competen dereitos ou defensas que, en relación co que sexa obxecto do xuízo, soamente pode facer valer contra a parte transmitente, ou un dereito a reconvir, ou que pende unha reconvencción, ou se o cambio de parte puidese dificultar notoriamente a súa defensa.

Cando non se acceda á pretensión do adquirente, o transmitente continuará no xuízo, quedando a salvo as relacións xurídicas privadas que existan entre ambos.

Artigo 18. *Sucesión nos casos de intervención provocada.*

No caso a que se refire a regra 4.^a do número 2 do artigo 14, da solicitude presentada polo demandado daráselles traslado ás demais partes para que aleguen o que conveña ó seu dereito, por un prazo de cinco días, decidindo a seguir o tribunal, por medio de auto, o que resulte procedente relativamente á conveniencia ou non da sucesión.

CAPÍTULO IV

Do poder de disposición das partes sobre o proceso e sobre as súas pretensións

Artigo 19. *Dereito de disposición dos litigantes. Transacción e suspensión.*

1. Os litigantes están facultados para disporen do obxecto do xuízo e poderán renunciar, desistir do xuízo, conformarse, someterse a arbitraxe e transixir sobre o que sexa obxecto del, agás cando a lei o prohiba ou estableza limitacións por razóns de interese xeral ou en beneficio de terceiro.

2. Se as partes pretenden unha transacción xudicial e o acordo ou convenio que alcancen é conforme co previsto no número anterior, será homologado polo tri-

bunal que estea coñecendo do litixio a que se pretenda pór fin.

3. Os actos a que se refiren os números anteriores poderán realizarse, segundo a súa natureza, en calquera momento da primeira instancia ou dos recursos ou da execución de sentenza.

4. Así mesmo, as partes poderán solicita-la suspensión do proceso, que será acordado, mediante auto, polo tribunal, sempre que non prexudique o interese xeral ou a terceiro e que o prazo da suspensión non supere os sesenta días.

Artigo 20. *Renuncia e desistencia.*

1. Cando o demandante manifeste a súa renuncia á acción exercida ou ó dereito en que funde a súa pretensión, o tribunal dictará sentenza na que absolva o demandado, agás que a renuncia sexa legalmente inadmisíble. Neste caso, dictarase un auto para mandar segui-lo proceso adiante.

2. O demandante poderá desistir unilateralmente do xuízo antes de que o demandado sexa emprazado para contesta-la demanda ou citado para xuízo. Tamén poderá desistir unilateralmente, en calquera momento, cando o demandado se ache en rebeldía.

3. Emprazado o demandado, daráselle traslado do escrito de desistencia por prazo de dez días.

Se o demandado está conforme coa desistencia ou non se opón a ela dentro do prazo expresado no parágrafo anterior, o tribunal dictará auto de sobresemento e o demandante poderá promover un novo xuízo sobre o mesmo obxecto.

Se o demandado se opón á desistencia, o xuíz resolverá o que estime oportuno.

Artigo 21. *Conformidade.*

1. Cando o demandado se conforme con tódalas pretensións do demandante, o tribunal dictará sentenza condenatoria de acordo co solicitado por este, pero se a conformidade se fai en fraude de lei ou supón renuncia contra o interese xeral ou prexuízo de terceiro, dictarase auto rexeitándoa e seguirá o proceso adiante.

2. Cando se trate dunha conformidade parcial, o tribunal, por instancia do demandante, poderá dictar de inmediato un auto que acolla as pretensións que sexan obxecto da dita conformidade. Para isto cumprirá que, pola natureza das devanditas pretensións, sexa posible un pronunciamiento separado que no prexulgue as restantes cuestións non conformadas, respecto das cales continuará o proceso. Este auto será executable conforme o establecido nos artigos 517 e seguintes desta lei.

Artigo 22. *Terminación do proceso por satisfacción extraprocesual ou carencia sobrevida de obxecto. Caso especial de enervación do desafiuzamento.*

1. Cando, por circunstancias sobrevidas á demanda e á reconvenção, deixe de haber interese lexítimo en obte-la tutela xudicial pretendida, por se teren satisfeito, fóra do proceso, as pretensións do demandante e, se for o caso, do demandado reconveniente ou por calquera outra causa, poráselle de manifesto esta circunstancia ó tribunal e, de haber acordo das partes, decretarase, mediante auto, a terminación do proceso.

O auto de terminación do proceso terá os mesmos efectos que unha sentenza absolutoria firme, sen que proceda condena en custas.

2. Se algunha das partes sostén a subsistencia de interese lexítimo, negando motivadamente que se dese satisfacción extraprocesual ás súas pretensións ou con outros argumentos, o tribunal convocará as partes a unha

comparecencia sobre ese único obxecto, no prazo de dez días.

Terminada a comparecencia, o tribunal decidirá mediante auto, dentro dos dez días seguintes, se procede, ou non, continua-lo xuízo e imporalle as custas destas actuacións a quen vexa rexeitada a súa pretensión.

3. Contra o auto que ordene a continuación do xuízo no caberá recurso ningún. Contra o que acorde a súa terminación, caberá recurso de apelación.

4. Os procesos de desafiuzamento de predio urbano por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas polo arrendatario terminarán se, antes da celebración da vista, o arrendatario lle paga ó demandante ou pon ó seu dispor no tribunal ou notarialmente o importe das cantidades reclamadas na demanda e o das que deba no momento do dito pagamento enervador do desafiuzamento.

O disposto no parágrafo anterior no será de aplicación se o arrendatario enervou o desafiuzamento nunha ocasión anterior, nin se o arrendador requiriu de pagamento ó arrendatario, por calquera medio que faga fe, con polo menos catro meses de anticipación á presentación da demanda e o pagamento non se efectuou no momento da dita presentación.

CAPÍTULO V

Da representación procesual e a defensa técnica

Artigo 23. *Intervención de procurador.*

1. A comparecencia en xuízo será por medio de procurador legalmente habilitado para actuar no tribunal que coñeza do xuízo.

2. Non obstante o disposto no número anterior, os litigantes poderán comparecer por si mesmos:

1.º Nos xuízos verbais dunha contía que non exceda de cento cincuenta mil pesetas e para a petición inicial dos procedementos monitorios, conforme o previsto nesta lei.

2.º Nos xuízos universais, cando se limite a comparecencia á presentación de títulos de crédito ou dereitos, ou para concorrer a xuntas.

3.º Nos incidentes relativos a impugnación de resolucións en materia de asistencia xurídica gratuíta e cando se soliciten medidas urxentes con anterioridade ó xuízo.

Artigo 24. *Apoderamento do procurador.*

1. O poder en que a parte lle outorgue a súa representación ó procurador deberá estar autorizado por notario ou ser conferido por comparecencia ante o secretario xudicial do tribunal que teña de coñecer do asunto.

2. A escritura de poder xuntarásele ó primeiro escrito que o procurador presente ou, se é o caso, ó realiza-la primeira actuación; e o outorgamento «apud acta» deberá ser efectuado ó mesmo tempo que a presentación do primeiro escrito ou, se é o caso, antes da primeira actuación.

Artigo 25. *Poder xeral e poder especial.*

1. O poder xeral para preitos facultará o procurador para realizar validamente, en nome de seu poderdante, tódolos actos procesuais comprendidos, de ordinario, na tramitación daqueles.

O poderdante poderá, no obstante, excluír do poder xeral asuntos e actuacións para as que a lei non esixa apoderamento especial. A exclusión deberá ser consignada expresa e inequivocamente.

2. Será necesario poder especial:

1.º Para a renuncia, a transacción, a desistencia, a conformidade, o sometemento a arbitraje e as manifestacións que poidan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesual ou carencia sobrevida de obxecto.

2.º Para exercer-las facultades que o poderdante exclúe do poder xeral, conforme o disposto no número anterior.

3.º En tódolos demais casos en que así o esixan as leis.

3. Non poderán realizarse mediante procurador os actos que, conforme a lei, deban ser efectuados persoalmente polos litigantes.

Artigo 26. *Aceptación do poder. Deberes do procurador.*

1. A aceptación do poder presúmese polo feito de o procurador usar del.

2. Aceptado o poder, o procurador quedará obrigado:

1.º A segui-lo asunto mentres non cese na súa representación por algunha das causas expresadas no artigo 30.

2.º A transmitir-lle ó avogado elixido polo seu cliente ou por el mesmo, cando a isto se estenda o poder, tódolos documentos, antecedentes ou instrucións que se lle remitan ou poida adquirir, facendo canto conduza á defensa dos intereses do seu poderdante, baixo a responsabilidade que as leis lle imponen ó mandatario.

Cando non teña instrucións ou sexan insuficientes as remitidas polo poderdante, fará o que requira a natureza ou índole do asunto.

3.º A te-lo poderdante e o avogado sempre ó día do curso do asunto que se lle confiase, pasándolle ó segundo copias de tódalas resolucións que se lle notifiquen e dos escritos e documentos que lle sexan trasladados polo tribunal ou polos procuradores das demais partes.

4.º A traslada-los escritos do seu poderdante e do seu letrado ós procuradores das restantes partes na forma prevista no artigo 276.

5.º A recoller do avogado que cese na dirección dun asunto as copias dos escritos e documentos e demais antecedentes que se refiran ó dito asunto, para llos entregar ó que se encargue de continualo ou ó poderdante.

6.º A comunicarlle de maneira inmediata ó tribunal a imposibilidade de cumprir algunha actuación que teña encomendada.

7.º A pagar tódolos gastos que se causen pola súa instancia, agás os honorarios dos avogados e os correspondentes ós peritos, salvo que o poderdante lle entregue os fondos necesarios para seu aboamento.

Artigo 27. *Dereito supletorio sobre apoderamento.*

Na falta de disposición expresa sobre as relacións entre o poderdante e o procurador, rexerán as normas establecidas para o contrato de mandato na lexislación civil aplicable.

Artigo 28. *Representación pasiva do procurador.*

1. Mentres estea vixente o poder, o procurador oír e asinará os emprazamentos, citacións, requirimentos e notificacións de tódalas clases, mesmo as de sentencias que se refiran á súa parte, durante o curso do asunto e ata que quede executada a sentenza, e estas actuacións terán a mesma forza que se intervén nelas directamente o poderdante sen que lle sexa lícito pedir que se entendan con este.

2. Tamén recibirá o procurador, para efectos de notificación e prazos ou termos, as copias dos escritos e documentos que os procuradores das demais partes lle entreguen na forma establecida no artigo 276.

3. En tódolos edificios xudiciais que sexan sede de tribunais civís existirá un servizo de recepción de notificacións organizado polo colexio de procuradores. A recepción polo dito servizo das notificacións e das copias de escritos e documentos que sexan entregados polos procuradores para o seu traslado ós das demais partes, producirá plenos efectos. Na copia que se dilixencie para facer consta-la recepción expresárase o número de copias entregadas e o nome dos procuradores a que están destinadas.

4. Exceptúanse do establecido nos números anteriores os traslados, emprazamentos, citacións e requirimentos que a lei dispoña que se lle practiquen ós litigantes en persoa.

Artigo 29. *Provisión de fondos.*

1. O poderdante está obrigado a prover de fondos o procurador, conforme o establecido pola lexislación civil aplicable para o contrato de mandato.

2. Se, despois de iniciado un proceso, o poderdante non habilita o seu procurador cos fondos necesarios para continualo, este poderá pedir que aquel sexa constrinxido a verificalo.

Esta pretensión deducirase no tribunal que coñeza do asunto, o cal lle dará audiencia ó poderdante polo prazo de dez días e resolverá mediante auto o que proceda, fixando, se é o caso, a cantidade que estime necesaria e o prazo en que deba entregarse, baixo apercibimento de constrinximento.

Artigo 30. *Cesamento do procurador.*

1. O procurador cesará na súa representación:

1.º Pola revogación expresa ou tácita do poder, logo de que conste nos autos. Entenderase revogado tacitamente o poder polo nomeamento posterior doutro procurador que comparecese no asunto.

Se, neste último caso, o procurador que veña actuando no xuízo suscita cuestión sobre a efectiva existencia ou sobre a validez da representación que se atribúa o que pretenda substituílo, o tribunal, logo de audiencia da persoa ou persoas que aparezan como outorgantes dos respectivos poderes, resolverá a cuestión por medio de auto.

2.º Por renuncia voluntaria ou por cesar na profesión ou ser sancionado coa suspensión no seu exercicio. Nos dous primeiros casos, o procurador estará obrigado a pó-lo feito, con anticipación e de modo que faga fe, en coñecemento do seu poderdante e do tribunal. En caso de suspensión, o colexio de procuradores correspondente farallo saber ó tribunal.

Mentres non acredite nos autos a renuncia ou o cesamento e sexa tido por renunciante ou cesante, o procurador non poderá abandona-la representación do seu poderdante, na que deberá continuar ata que este proxeña á designación doutro dentro do prazo de dez días. Transcorridos estes sen que se designase novo procurador, terase aquel por apartado definitivamente da representación que estaba a desempeñar.

3.º Por falecemento do poderdante ou do procurador.

No primeiro caso, o procurador está obrigado a pó-lo feito en coñecemento do tribunal, acreditando en forma o falecemento e, se non presenta novo poder dos herdeiros ou habentes-causa do finado, observarase o disposto no artigo 16.

Cando faleza o procurador, faráselle saber ó poderdante a defunción, a fin de que proceda á designación de novo procurador no prazo de dez días.

4.º Por separarse o poderdante da pretensión ou da oposición que formulase e, en todo caso, por ter rematado o asunto ou terse realizado o acto para o que se outorgou o poder.

2. Cando o poder fose outorgado polo representante legal dunha persoa xurídica, o administrador dunha masa patrimonial ou patrimonio separado, ou a persoa que, conforme a lei, actúe en xuízo representando un ente sen personalidade, os cambios na representación ou administración das ditas persoas xurídicas, masas patrimoniais ou patrimonios separados, ou entes sen personalidade non extinguirán o poder do procurador nin darán lugar a unha nova comparecencia.

Artigo 31. *Intervención de avogado.*

1. Os litigantes serán dirixidos por avogados habilitados para exerceren a súa profesión no tribunal que coñeza do asunto. Non poderá proveerse a ningunha solicitude que non leve a sinatura de avogado.

2. Exceptúanse soamente:

1.º Os xuízos verbais dunha contía que non exceda de cento cincuenta mil pesetas e a petición inicial dos procedementos monitorios, conforme o previsto nesta lei.

2.º Os escritos que teñan por obxecto constituírse como parte en xuízo, solicitar medidas urxentes con anterioridade ó xuízo ou pedi-la suspensión urxente de vistas ou actuacións. Cando a suspensión de vistas ou actuacións que se pretenda se funde en causas que se refiran especialmente ó avogado, tamén deberá este asina-lo escrito, se é posible.

Artigo 32. *Intervención non preceptiva de avogado e procurador.*

1. Cando, non resultando preceptiva a intervención de avogado e procurador, o demandante pretenda comparecer por si mesmo e ser defendido por avogado, ou ser representado por procurador, ou ser asistido por ámbolos profesionais á vez, farao constar así na demanda.

2. Recibida a notificación da demanda, se o demandado pretende valerse tamén de avogado e procurador, comunicarllo ó tribunal dentro dos tres días seguintes, podendo solicitar tamén, se é o caso, o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta. Neste último caso, o tribunal poderá acorda-la suspensión do proceso ata que se produza o recoñecemento ou denegación do dito dereito ou a designación provisional de avogado e procurador.

3. A facultade de acudir ó proceso coa asistencia dos profesionais a que se refire o número 1 deste artigo corresponderalle tamén ó demandado, cando o demandante non vaia asistido por avogado ou procurador. O demandado comunicarllo ó tribunal a súa decisión no prazo de tres días desde que se lle notifique a demanda e daráselle conta ó demandante de tal circunstancia. Se o demandante quere entón valerse tamén de avogado e procurador, comunicarllo ó tribunal nos tres días seguintes á recepción da notificación, e, se solicita o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, poderase acorda-la suspensión nos termos previstos no número anterior.

4. Na notificación en que se lle comunique a unha parte a intención da parte contraria de se servir de avogado e procurador, será informada do dereito que lles corresponde segundo o artigo 6.3 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, a fin de que poidan realiza-la solicitude correspondente.

5. Cando a intervención de avogado e procurador non sexa preceptiva, da eventual condena en custas da

parte contraria á que se servise dos ditos profesionais excluíranse os dereitos e honorarios devengados por eles, salvo que o tribunal aprecie temeridade na conducta do condenado en custas ou que o domicilio da parte representada e defendida estea en lugar distinto a aquel en que se tramitou o xuízo, operando neste último caso as limitacións a que se refire o número 3 do artigo 394 de esta lei.

Artigo 33. *Designación de procurador e de avogado.*

1. Fóra dos casos de designación de oficio previstos na Lei de asistencia xurídica gratuíta, correspóndelles ás partes contrata-los servizos do procurador e do avogado que os deban representar e defender en xuízo.

2. Non obstante, o litigante que non teña dereito á asistencia xurídica gratuíta poderá pedir que se lle designe avogado, procurador ou ámbolos profesionais, se a súa intervención é preceptiva ou se, non o sendo, a parte contraria lle comunicou ó tribunal que actuará defendida por avogado e representada por procurador.

Estas peticións faranse e decidiranse conforme o disposto na Lei de asistencia xurídica gratuíta, sen necesidade de acredita-lo dereito a obte-la dita asistencia, sempre que o solicitante se comprometa a paga-los honorarios e os dereitos dos profesionais que se lle designen.

Artigo 34. *Conta do procurador.*

1. Cando un procurador teña que esixir do seu poderdante moroso as cantidades que este lle deba polos dereitos e gastos que suplise para o asunto, presentará ante o tribunal en que este radique conta detallada e xustificada, manifestando que lle son debidas e no satisfeitas as cantidades que dela resulten e reclame. Igual dereito que os procuradores terán os seus herdeiros respecto ós créditos desta natureza que aqueles lles deixen.

2. Presentada a conta, mandarase que se requira ó poderdante para que pague a dita suma, coas custas, ou impugne a conta, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non paga nin formula impugnación.

Se, dentro do dito prazo, o poderdante se opón, o tribunal examinará a conta e as actuacións procesuais, así como a documentación achegada e dictará, no prazo de dez días, auto determinando a cantidade que teña de satisfacerse ó procurador, baixo apercibimento de constrinximento se o pagamento no se efectúa dentro dos cinco días seguintes á notificación.

O auto a que se refire o parágrafo anterior non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin sequera parcialmente, a sentenza que poida recaer en xuízo ordinario ulterior.

3. Se o poderdante non formula oposición dentro do prazo establecido, despacharase execución pola cantidade a que ascenda a conta, máis as custas.

Artigo 35. *Honorarios dos avogados.*

1. Os avogados poderán reclamar fronte á parte á que defendan o pagamento dos honorarios que devengasen no asunto, presentando unha minuta detallada e manifestando formalmente que eses honorarios lles son debidos e non foron satisfeitos.

2. Presentada esta reclamación, mandarase que se requira ó debedor para que pague a dita suma, coas custas, ou impugne a conta, no prazo de dez días, baixo apercibimento de constrinximento se non pagar ni formula impugnación.

Se, dentro do citado prazo, os honorarios se impugnan por indebidos, observarase o disposto nos parágrafos segundo e terceiro do número 2 do artigo anterior.

Se se impugnasen os honorarios por excesivos, procederase previamente á súa regulación conforme o previsto nos artigos 241 e seguintes, agás que o avogado acredite a existencia de orzamento previo en escrito aceptado polo impugnante, e dictarase un auto fixando a cantidade debida, baixo apercibimento de constrinximento se no se paga dentro dos cinco días seguintes á notificación.

O dito auto non será susceptible de recurso, pero non prexulgará, nin sequera parcialmente, a sentenza que poida recaer en xuízo ordinario ulterior.

3. Se o debedor dos honorarios non formula oposición dentro do prazo establecido, despacharase execución pola cantidade a que ascenda a minuta, máis as custas.

TÍTULO II

Da xurisdicción e da competencia

CAPÍTULO I

Da xurisdicción dos tribunais civís e as cuestións pre-xudiciais

SECCIÓN 1.^a DA EXTENSIÓN E LÍMITES DA XURISDICCIÓN DOS TRIBUNAIS CIVÍS

Artigo 36. *Extensión e límites da orde xurisdiccional civil. Falta de competencia internacional.*

1. A extensión e límites da xurisdicción dos tribunais civís españois determinarase polo disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial e nos tratados e convenios internacionais nos que España sexa parte.

2. Os tribunais civís españois absteranse de coñecer dos asuntos que se lles sometan cando concorran neles algunha das circunstancias seguintes:

1.^a Cando se formulase demanda ou se solicitase execución respecto de suxeitos ou bens que gocen de inmunidade de xurisdicción ou de execución conforme as normas do dereito internacional público.

2.^a Cando, en virtude dun tratado ou convenio internacional no que España sexa parte, o asunto se encontre atribuído con carácter exclusivo á xurisdicción doutro Estado.

3.^a Cando non compareza o demandado emprazado en debida forma, nos casos en que a competencia internacional dos tribunais españois unicamente puidese fundarse na submisión tácita das partes.

Artigo 37. *Falta de xurisdicción. Abstención dos tribunais civís.*

1. Cando un tribunal da xurisdicción civil estime que o asunto que se lle somete corresponde á xurisdicción militar, ou ben a unha administración pública ou ó Tribunal de Contas cando actúe nas súas funcións contables, deberase abster de coñecer.

2. Absteranse igualmente de coñeceren os tribunais civís cando se lles sometan asuntos dos que corresponda coñecer ós tribunais doutra orde xurisdiccional da xurisdicción ordinaria. Cando o Tribunal de Contas exerza funcións xurisdiccionais entenderase integrado na orde contencioso-administrativa.

Artigo 38. *Apreciación de oficio da falta de competencia internacional e de xurisdicción.*

A abstención a que se refiren os dous artigos precedentes acordarase de oficio, con audiencia das partes e do Ministerio Fiscal, tan axiña como sexa advertida a falta de competencia internacional ou a falta de xurisdicción por pertence-lo asunto a outra orde xurisdiccional.

Artigo 39. *Apreciación da falta de competencia internacional ou de xurisdicción por instancia de parte.*

O demandado poderá denunciar mediante declinatoria a falta de competencia internacional ou a falta de xurisdicción por pertence-lo asunto a outra orde xurisdiccional ou por terse sometido a arbitraje a controversia.

SECCIÓN 2.^a DAS CUESTIÓNS PRE-XUDICIAIS

Artigo 40. *Pre-xudicialidade penal.*

1. Cando nun proceso civil se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delicto ou falta perseguible de oficio, o tribunal civil, mediante providencia, porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, por se hai lugar ó exercicio da acción penal.

2. No caso a que se refire o número anterior, non se ordenará a suspensión das actuacións do proceso civil senón cando concorran as seguintes circunstancias:

1.^a Que se acredite a existencia de causa criminal na que se estean a investigar, como feitos de aparencia delictuosa, algún ou algúns dos que fundamenten as pretensións das partes no proceso civil.

2.^a Que a decisión do tribunal penal acerca do feito polo que se procede en causa criminal poida ter influencia decisiva na resolución sobre o asunto civil.

3. A suspensión a que se refire o número anterior acordarase, mediante auto, unha vez que o proceso estea pendente só de sentenza.

4. Non obstante, a suspensión que veña motivada pola posible existencia dun delicto de falsidade dalgún dos documentos achegados acordarase, sen esperar pola conclusión do procedemento, tan axiña como se acredite que se segue causa criminal sobre aquel delicto, cando, a xuízo do tribunal, o documento puidese ser decisivo para resolver sobre o fondo do asunto.

5. No caso a que se refire o número anterior non se acordará a suspensión, ou alzarase a que se acordase, se a parte á que poida favorece-lo documento renuncia a el. Feita a renuncia, ordenarase que o documento sexa separado dos autos.

6. As suspensións a que se refire este artigo alzarase cando se acredite que o xuízo criminal terminou ou que se encontra paralizado por motivo que impediú a súa normal continuación.

7. Se a causa penal sobre falsidade dun documento obedece a denuncia ou querela dunha das partes e finaliza por resolución en que se declare ser auténtico o documento ou non terse probado a súa falsidade, a parte a quen prexudicase a suspensión do proceso civil poderá pedir neste indemnización de danos e perdas, conforme o disposto nos artigos 712 e seguintes.

Artigo 41. *Recursos contra a resolución sobre suspensión das actuacións por pre-xudicialidade penal.*

1. Contra a resolución que denegue a suspensión do asunto civil poderase interpor recurso de reposición. A solicitude de suspensión poderá, non obstante, reproducirse durante a segunda instancia e, se é o caso, durante a tramitación dos recursos extraordinarios por infracción procesal ou de casación.

2. Contra o auto que acorde a suspensión darase recurso de apelación e contra os autos dictados en apelación acordando ou confirmando a suspensión darase, se é o caso, recurso extraordinario por infracción procesal.

Artigo 42. Cuestións pre-xudiciais non penais.

1. Unicamente para efectos pre-xudiciais, os tribunais civís poderán coñecer de asuntos que estean atribuídos ós tribunais das ordes contencioso-administrativa e social.

2. A decisión dos tribunais civís sobre as cuestións a que se refire o número anterior non producirá efecto fóra do proceso en que se produza.

3. Non obstante o disposto nos números precedentes, cando o estableza a Lei ou o pidan as partes de común acordo ou unha delas co consentimento da outra, os tribunais civís suspenderán o curso das actuacións, antes de dictaren sentenza, ata que a cuestión pre-xudicial sexa resolta, nos seus respectivos casos, pola Administración pública competente, polo Tribunal de Contas ou polos tribunais da orde xurisdiccional que corresponda. Neste caso, o tribunal civil quedará vinculado á decisión dos órganos indicados acerca da cuestión pre-xudicial.

Artigo 43. Pre-xudicialidade civil.

Cando para resolver sobre o obxecto do litixio sexa necesario decidir acerca dalgunha cuestión que, pola súa vez, constitúa o obxecto principal doutro proceso pendente ante o mesmo ou distinto tribunal civil, se non é posible a acumulación de autos, o tribunal, a petición de ámbalas partes ou dunha delas, oída a contraria, poderá mediante auto decreta-la suspensión do curso das actuacións, no estado en que se achen, ata que finalice o proceso que teña por obxecto a cuestión pre-xudicial.

Contra o auto que denegue a petición caberá recurso de reposición, e contra o auto que acorde a suspensión caberá presentar recurso de apelación.

CAPÍTULO II**Das regras para determina-la competencia****Artigo 44. Predeterminación legal da competencia.**

Para que os tribunais civís teñan competencia en cada caso requírese que o coñecemento do preito lles estea atribuído por normas con rango de lei e anteriores á incoación das actuacións de que se trate.

SECCIÓN 1.^a DA COMPETENCIA OBXECTIVA**Artigo 45. Competencia dos xulgados de primeira instancia.**

Correspóndelles ós xulgados de primeira instancia coñecer, en primeira instancia, de tódolos asuntos civís que por disposición legal expresa non se encontren atribuídos a outros tribunais. Coñecerán, así mesmo, os ditos xulgados dos asuntos, actos, cuestións e recursos que lles atribúe a Lei orgánica do Poder Xudicial.

Artigo 46. Especialización dalgúns xulgados de primeira instancia.

Os xulgados de primeira instancia a que, de acordo co establecido no artigo 98 da Lei orgánica do Poder Xudicial, se lles atribúa o coñecemento específico de determinados asuntos, estenderán a súa competencia, exclusivamente, ós procesos en que se ventilen aqueles, debendo inhibirse a favor dos demais tribunais competentes, cando o proceso verse sobre materias diferentes. De se suscitar cuestión por esta causa, substanciarase como as cuestións de competencia.

Artigo 47. Competencia dos xulgados de paz.

Ós xulgados de paz correspóndelles coñecer, en primeira instancia, dos asuntos civís de contía non superior a quince mil pesetas que non estean comprendidos en ningún dos casos a que, por razón da materia, se refire o número 1 do artigo 250.

Artigo 48. Apreciación de oficio da falta de competencia obxectiva.

1. A falta de competencia obxectiva será apreciada de oficio, tan pronto como sexa advertida, polo tribunal que estea a coñecer do asunto.

2. Cando o tribunal que coñeza do asunto en segunda instancia ou en trámite de recurso extraordinario por infracción procesual ou de casación entenda que o tribunal ante o que se seguiu a primeira instancia carecía de competencia obxectiva, decretará a nulidade de todo o actuado, deixando a salvo o dereito das partes a exercer a súas accións ante a clase de tribunal que corresponda.

3. Nos casos a que se refiren os números anteriores, o tribunal, antes de resolver, oirá as partes e o Ministerio Fiscal por un prazo común de dez días.

4. O auto que declare a falta de competencia obxectiva indicará a clase de tribunal a que lle corresponde o coñecemento do asunto.

Artigo 49. Apreciación da falta de competencia obxectiva por instancia de parte.

O demandado poderá denuncia-la falta de competencia obxectiva mediante a declinatoria.

SECCIÓN 2.^a DA COMPETENCIA TERRITORIAL**Artigo 50. Foro xeral das persoas físicas.**

1. Salvo que a lei dispoña outra cousa, a competencia territorial corresponderalle ó tribunal do domicilio do demandado e se non o ten no territorio nacional, será xuíz competente o da súa residencia no dito territorio.

2. Os que non teñan domicilio nin residencia en España poderán ser demandados no lugar en que se encontren dentro do territorio nacional ou no da súa última residencia neste e, se tampouco se pode determinar así a competencia, no lugar do domicilio do demandante.

3. Os empresarios e profesionais, nos litixios derivados da súa actividade empresarial ou profesional, tamén poderán ser demandados no lugar onde se desenvolva a dita actividade e, de teren establecementos ó seu cargo en diferentes lugares, en calquera deles á escolla do demandante.

Artigo 51. Foro xeral das persoas xurídicas e dos entes sen personalidade.

1. Agás que a lei dispoña outra cousa, as persoas xurídicas serán demandadas no lugar do seu domicilio. Tamén poderán ser demandadas no lugar onde naceu ou onde deba producir efectos a situación ou a relación xurídica a que se refira o litixio, sempre que no dito lugar teñan establecemento aberto ó público ou representante autorizado para actuar en nome da entidade.

2. Os entes sen personalidade poderán ser demandados no domicilio dos seus xestores ou en calquera lugar en que desenvolvan a súa actividade.

Artigo 52. *Competencia territorial en casos especiais.*

1. Non se aplicarán os foros establecidos nos artigos anteriores e determinarase a competencia de acordo co establecido neste artigo nos casos seguintes:

1.º Nos xuízos en que se exerciten accións reais sobre bens inmobles será tribunal competente o do lugar en que estea situada a cousa litixiosa. Cando a acción real se exerza sobre varias cousas inmobles ou sobre unha soa que estea situada en diferentes circunscricións, será tribunal competente o de calquera destas, á escolla do demandante.

2.º Nas demandas sobre presentación e aprobación das contas que deban da-los administradores de bens alleos será tribunal competente o do lugar onde deban presentarse as ditas contas, e non estando determinado, o do domicilio do mandante, poderdante ou dono dos bens, ou o do lugar onde se desempeñe a administración, á escolla do demandante.

3.º Nas demandas sobre obrigas de garantía ou complemento doutras anteriores, será tribunal competente o que o sexa para coñecer, ou estea coñecendo, da obriga principal sobre que recaeren.

4.º Nos xuízos sobre cuestións hereditarias, será competente o tribunal do lugar en que o finado tivo o seu derradeiro domicilio e se o tivo en país estranxeiro, o do lugar do seu derradeiro domicilio en España, ou onde estea a maior parte dos seus bens, á escolla do demandante.

5.º Nos xuízos en que se exerciten accións relativas á asistencia ou representación de incapaces, incapacitados ou declarados pródigos, será competente o tribunal do lugar en que estes residan.

6.º En materia de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e, en xeral, en materia de protección civil de dereitos fundamentais, será competente o tribunal do domicilio do demandante, e cando non o teña en territorio español, o tribunal do lugar onde se producise o feito que vulnere o dereito fundamental de que se trate.

7.º Nos xuízos sobre arrendamentos de inmobles e nos de desafuzamento, será competente o tribunal do lugar en que estea situado o predio.

8.º Nos xuízos en materia de propiedade horizontal, será competente o tribunal do lugar en que radique o predio.

9.º Nos xuízos en que se pida indemnización dos danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor será competente o tribunal do lugar en que se causaron os danos.

10.º En materia de impugnación de acordos sociais será tribunal competente o do lugar do domicilio social.

11.º Nos procesos en que se exerciten demandas sobre infraccións da propiedade intelectual, será competente o tribunal do lugar en que a infracción se cometeu ou existan indicios da súa comisión ou en que se encontren exemplares ilícitos, á escolla do demandante.

12.º Nos xuízos en materia de competencia desleal, será competente o tribunal do lugar en que o demandado teña o seu establecemento e, na falta deste, o seu domicilio ou lugar de residencia, e cando non o teña en territorio español, o tribunal do lugar onde se realizou o acto de competencia desleal ou onde se produzan os seus efectos, á escolla do demandante.

13.º En materia de patentes e marcas, será competente o tribunal que sinala a lexislación especial sobre a dita materia.

14.º Nos procesos en que se exerciten accións para que se declare a non-incorporación ó contrato ou a nulidade das cláusulas de condicións xerais da contratación, será competente o tribunal do domicilio do demandante. E, sobre esa mesma materia, cando se exerzan as accións

declarativa, de cesamento ou de retractación, será competente o tribunal do lugar onde o demandado teña o seu establecemento e, na falta deste, o do seu domicilio; e se o demandado carece de domicilio no territorio español, o do lugar en que se realizou a adhesión.

15.º Nas tercerías de dominio ou de mellor dereito que se interpoñan en relación cun procedemento administrativo de constrinximento, será competente o tribunal do domicilio do órgano que acordou o embargo, sen prexuízo das especialidades previstas para as administracións públicas en materia de competencia territorial.

2. Cando as normas do número anterior deste artigo non sexan de aplicación ós litixios en materia de seguros, vendas a prazos de bens mobles corporais e contratos destinados ó seu financiamento, así como en materia de contratos de prestación de servicios ou relativos a bens mobles que se celebren precedidos de oferta pública, será competente o tribunal do domicilio do asegurado, comprador ou prestameiro ou o do domicilio de quen aceptase a oferta, respectivamente.

Artigo 53. *Competencia territorial en caso de acumulación de accións e en caso de pluralidade de demandados.*

1. Cando se exerciten conxuntamente varias accións fronte a unha ou varias persoas será tribunal competente o do lugar correspondente á acción que sexa fundamento das demais; no seu defecto, aquel que deba coñecer do maior número das accións acumuladas e, en último termo, o do lugar que corresponda á acción máis importante cuantitativamente.

2. Cando haxa varios demandados e, conforme as regras establecidas neste artigo e nos anteriores, poida corresponder-lle a competencia territorial ós xuíces de máis dun lugar, a demanda poderá presentarse ante calquera deles, á escolla do demandante.

Artigo 54. *Carácter dispositivo das normas sobre competencia territorial.*

1. As regras legais atributivas da competencia territorial só se aplicarán en defecto de submisión expresa ou tácita das partes ós tribunais dunha determinada circunscrición. Exceptúanse as regras establecidas nos números 1.º e 4.º a 15.º do punto 1 e no punto 2 do artigo 52 e as demais a que esta ou outra lei lles atribúa expresamente carácter imperativo. Tampouco será válida a submisión expresa ou tácita nos asuntos que deban decidirse polo xuízo verbal.

2. Non será válida a submisión expresa contida en contratos de adhesión, ou que conteñan condicións xerais impostas por unha das partes, ou que se celebren con consumidores ou usuarios.

3. A submisión das partes só será válida e eficaz cando se faga a tribunais con competencia obxectiva para coñecer do asunto de que se trate.

Artigo 55. *Submisión expresa.*

Entenderase por submisión expresa a pactada polos interesados designando con precisión a circunscrición ós tribunais da cal se sometan.

Artigo 56. *Submisión tácita.*

Entenderanse sometidos tacitamente:

1.º O demandante, polo mero feito de acudir ós tribunais dunha determinada circunscrición interpondo a demanda ou formulando petición ou solicitude que teña

de presentarse ante o tribunal competente para coñecer da demanda.

2.º O demandado, polo feito de facer, despois de comparecido no xuízo trala interposición da demanda, calquera xestión que non sexa a de propor en forma a declinatoria.

Artigo 57. *Submisión expresa e reparto.*

A submisión expresa das partes determinará a circunscrición os tribunais da cal deban coñecer do asunto. Cando na dita circunscrición existan varios tribunais da mesma clase, o reparto dos asuntos determinará a cal deles corresponde coñecer do asunto, sen que as partes poidan someterse a un determinado tribunal con exclusión dos outros.

Artigo 58. *Apreciación de oficio da competencia territorial.*

Cando a competencia territorial veña fixada por regras imperativas, o tribunal examinará de oficio a súa competencia territorial inmediatamente despois de presentada a demanda e, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e das partes comparecidas, se entende que carece de competencia territorial para coñecer do asunto, declarará así mediante auto, remitíndolle as actuacións ó tribunal que considere territorialmente competente. De seren de aplicación foros electivos, o tribunal observará o que manifeste o demandante, tralo requirimento que se lle dirixirá para tales efectos.

Artigo 59. *Alegación da falta de competencia territorial.*

Fóra dos casos en que a competencia territorial veña fixada pola lei en virtude de regras imperativas, a falta de competencia territorial soamente poderá ser apreciada cando o demandado ou quen poida ser parte lexítima no xuízo propoña en tempo e forma a declinatoria.

Artigo 60. *Conflicto negativo de competencia territorial.*

1. Se a decisión de inhibición dun tribunal por falta de competencia territorial se adopta en virtude de declinatoria ou con audiencia de tódalas partes, o tribunal a que se remiten as actuacións observará o decidido e non poderá declarar de oficio a súa falta de competencia territorial.

2. Se a decisión de inhibición por falta de competencia territorial non se adoptase con audiencia de tódalas partes, o tribunal a quen se remiten as actuacións poderá declarar de oficio a súa falta de competencia territorial cando esta deba determinarse en virtude de regras imperativas.

3. A resolución que declare a falta de competencia mandará remitir tódolos antecedentes ó tribunal inmediato superior común, que decidirá por medio de auto, sen ulterior recurso, o tribunal ó que corresponde coñecer do asunto, ordenando, se é o caso, a remisión dos autos e o emprazamento das partes, dentro dos dez días seguintes, ante o dito tribunal.

SECCIÓN 3.ª DA COMPETENCIA FUNCIONAL

Artigo 61. *Competencia funcional por conexión.*

Agás disposición legal noutro sentido, o tribunal que teña competencia para coñecer dun preito, teraa tamén para resolver sobre as súas incidencias, para levar a efecto as providencias e autos que dicte, e para executa-la sentenza ou convenios e transaccións que aprobe.

Artigo 62. *Apreciación de oficio da competencia para coñecer dos recursos.*

1. Non serán admitidos a trámite os recursos dirixidos a un tribunal que careza de competencia funcional para coñecer deles. Non obstante o anterior, se, admitido un recurso, o tribunal ó que se dirixiu entende que non ten competencia funcional para coñecer del, dictará auto absténdose de coñecer logo de audiencia das partes comparecidas por prazo común de dez días.

2. Notificado o auto a que se refire o número anterior, os litigantes disporán dun prazo de cinco días para a correcta interposición ou anuncio do recurso, que se engadirán ó prazo legalmente previsto para os ditos trámites. Se superaren o tempo resultante sen recorrer en forma, quedará firme a resolución de que se trate.

CAPÍTULO III

Da declinatoria

Artigo 63. *Contido da declinatoria, lexitimación para a propor e tribunal competente para coñecer dela.*

1. Mediante a declinatoria, o demandado e os que poidan ser parte lexítima no xuízo promovido poderán denuncia-la falta de xurisdicción do tribunal ante o que se interpuxo a demanda, por corresponde-lo coñecemento desta a tribunais estranxeiros, a órganos doutra orde xurisdiccional ou a árbitros.

Tamén se propondá declinatoria para denuncia-la falta de competencia de todo tipo. Se a declinatoria se fundar na falta de competencia territorial, deberá de indica-lo tribunal ó que, por considerarse territorialmente competente, deberían remitirse as actuacións.

2. A declinatoria proporase ante o mesmo tribunal que estea a coñecer do preito e ó que se considere carente de xurisdicción ou de competencia. Non obstante, a declinatoria poderá presentarse tamén ante o tribunal do domicilio do demandado, que a fará chegar polo medio de comunicación máis rápido posible ó tribunal ante o que se presentara a demanda, sen prexuízo de lla remitir por oficio ó día seguinte da súa presentación.

Artigo 64. *Momento procesual de proposición da declinatoria e efectos inmediatos.*

1. A declinatoria deberase propor dentro dos dez primeiros días do prazo para contesta-la demanda, ou nos cinco primeiros días posteriores á citación para vista, e producirá o efecto de suspender, ata que sexa resolta, o prazo para contestar, ou o cómputo para o día da vista, e o curso do procedemento principal.

2. A suspensión do procedemento principal producida pola alegación previa de declinatoria non obstará a que o tribunal ante o que penda o asunto poida practicar, por instancia de parte lexítima, calquera actuación de aseguramento de proba, así como as medidas cautelares da dilación das cales se puidesen seguir prexuízos irreparables para o demandante, salvo que o demandado prestase caución bastante para responder dos danos e perdas que derivasen da tramitación dunha declinatoria desprovista de fundamento.

A caución poderase outorgar en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro ó primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, se cómpre, da cantidade de que se trate.

Artigo 65. Tramitación e decisión da declinatoria.

1. Ó escrito de declinatoria deberánselle xunta-los documentos ou principios de proba en que se funde, con copias en número igual ó dos restantes litigantes, que disporán dun prazo de cinco días, contados desde a notificación da declinatoria, para alegaren e achegaren o que consideren conveniente para soste-la xurisdicción ou a competencia do tribunal, que decidirá a cuestión dentro do quinto día seguinte.

Se a declinatoria é relativa á falta de competencia territorial, o demandante, ó impugnala, poderá tamén alega-la falta de competencia territorial do tribunal en favor do cal se pretenda declina-lo coñecemento do asunto.

2. Se o tribunal entende que carece de xurisdicción por corresponde-lo coñecemento do asunto ós tribunais doutro estado, declararao así mediante auto, absténdose de coñecer e sobresendo o proceso.

Do mesmo modo procederá o tribunal se estima a declinatoria fundada en terse sometido o asunto a arbitraje.

3. Se o tribunal considera que carece de xurisdicción por corresponde-lo asunto de que se trate ós tribunais doutra orde xurisdiccional, no auto no que se absteña de coñecer sinalaralles ás partes ante que órganos deberán usar do seu dereito. Igual resolución se dictará cando o tribunal entenda que carece de competencia obxectiva.

4. Se se interpuxo declinatoria relativa á competencia territorial e esta non viñer determinada por regras imperativas, o tribunal, para estimala, deberá de considerar competente o órgano sinalado polo promotor da declinatoria.

5. O tribunal, ó estima-la declinatoria relativa á competencia territorial, inhibirase en favor do órgano ó que corresponda a competencia e acordará remitirle os autos con emprazamento das partes para que comparezan ante el no prazo de dez días.

CAPÍTULO IV**Dos recursos en materia de xurisdicción e competencia****Artigo 66. Recursos en materia de competencia internacional, xurisdicción, submisión a arbitraje e competencia obxectiva.**

1. Contra o auto absténdose de coñecer por falta de competencia internacional, por pertence-lo asunto a tribunal doutra orde xurisdiccional, por terse sometido o asunto a arbitraje ou por falta de competencia obxectiva, caberá recurso de apelación.

2. Contra o auto polo que se rexeite a falta de competencia internacional, de xurisdicción ou de competencia obxectiva, só caberá recurso de reposición, sen prexuízo de alega-la falta deses presupostos procesuais na apelación contra a sentenza definitiva.

O disposto no parágrafo anterior será tamén de aplicación cando o auto rexeite a submisión do asunto a arbitraje.

Artigo 67. Recursos en materia de competencia territorial.

1. Contra os autos que resolvan sobre a competencia territorial non se dará recurso de ningunha clase.

2. Nos recursos de apelación e extraordinario por infracción procesual só se admitirán alegacións de falta de competencia territorial cando, no caso de que se trate, sexan de aplicación normas imperativas.

CAPÍTULO V**Do reparto dos asuntos****Artigo 68. Obrigatoriedade do reparto. Tratamento procesual.**

1. Tódolos asuntos civís serán repartidos entre os xulgados de primeira instancia cando haxa máis dun no partido. A mesma regra se lles aplicará ós asuntos dos que deban entende-las audiencias provinciais cando estean divididas en seccións.

2. Os tribunais non permitirán que se curse ningún asunto suxeito a reparto se non consta nel a dilixencia correspondente. En caso de no consta-la dita dilixencia, anularase, por instancia de calquera das partes, calquera actuación que non consista en ordenar que o asunto pase a reparto.

3. Contra as decisións relativas ó reparto non procederá a declinatoria, pero calquera dos litigantes poderá impugna-la infracción das normas de reparto vixentes no momento da presentación do escrito ou da solicitude de incoación das actuacións.

4. As resolucións dictadas por tribunais distintos daquel ou daqueles ós que corresponda coñecer segundo as normas de reparto declararanse nulas por instancia da parte á que prexudiquen, sempre que a nulidade se instase no trámite procesual inmediatamente posterior ó momento en que a parte tivo coñecemento da infracción das normas de reparto e a dita infracción non se corrixiu conforme o previsto no número anterior.

Artigo 69. Prazo en que debe efectuarse o reparto.

Os asuntos serán repartidos e remitidos ó xulgado ou sección que corresponda dentro dos dous días seguintes á presentación do escrito ou solicitude de incoación das actuacións.

Artigo 70. Medidas urxentes en asuntos non repartidos.

Os xuíces decanos e os presidentes de tribunais e audiencias poderán, por instancia de parte, adopta-las medidas urxentes nos asuntos non repartidos cando, de non o faceren, puidese quebrantarse algún dereito ou producirse algún prexuízo grave e irreparable.

TÍTULO III**Da acumulación de accións e de procesos****CAPÍTULO I****Da acumulación de accións****Artigo 71. Efecto principal da acumulación. Acumulación obxectiva de accións. Acumulación eventual.**

1. A acumulación de accións admitida producirá o efecto de se discutiren todas nun mesmo procedemento e se resolveren nunha soa sentenza.

2. O demandante poderá acumular na demanda cantas accións lle competan contra o demandado, aínda que proveñan de diferentes títulos, sempre que aquelas non sexan incompatibles entre si.

3. Será incompatible o exercicio simultáneo de dúas ou máis accións nun mesmo xuízo e non poderán, por tanto, acumularse cando se exclúan mutuamente ou sexan contrarias entre si, de xeito que a escolla dunha impida ou faga ineficaz o exercicio da outra ou outras.

4. Malia o establecido no número anterior, o demandante poderá acumular eventualmente accións entre si incompatibles, con expresión da acción principal e daquela outra ou outras que exercita só para o evento de que a principal non se estime fundada.

Artigo 72. *Acumulación subxectiva de accións.*

Poderán acumularse, exercéndose simultaneamente, as accións que un teña contra varios suxeitos ou varios contra un, sempre que entre esas accións exista un nexa por razón do título ou causa de pedir.

Entenderase que o título ou causa de pedir é idéntico ou conexo cando as accións se funden nos mesmos feitos.

Artigo 73. *Admisibilidade por motivos procesuais da acumulación de accións. Casos especiais de acumulación necesaria.*

1. Para que sexa admisible a acumulación de accións será preciso:

1.º Que o tribunal que deba entender da acción principal posúa xurisdicción e competencia por razón da materia ou por razón da contía para coñecer da acumulada ou acumuladas. Sen embargo, á acción que deba substanciarse en xuízo ordinario poderá acumulárselle a acción que, por si soa, se debería ventilar, por razón da súa contía, en xuízo verbal.

2.º Que as accións acumuladas non deban, por razón da súa materia, ventilarse en xuízos de diferente tipo.

3.º Que a lei non prohiba a acumulación nos casos en que se exerzan determinadas accións en razón da súa materia ou por razón do tipo de xuízo que se deba seguir.

2. Cando a demanda teña por obxecto a impugnación de acordos sociais acumularanse de oficio tódalas que pretendan a declaración de nulidade ou de anulabilidade dos acordos adoptados nunha mesma xunta ou asemblea ou nunha mesma sesión de órgano colexiado de administración e que se presenten dentro dos corenta días seguintes a aquel en que se presentase a primeira.

En todo caso, nos lugares onde haxa máis dun xulgado de primeira instancia, as demandas que se presenten con posterioridade a outra repartiráselle ó xulgado ó que lle corresponde coñecer da primeira.

3. Tamén se acumularán nunha mesma demanda distintas accións cando así o dispoñan as leis, para casos determinados.

4. De se teren acumulado varias accións indebidamente, requirirase o demandante, antes de proceder a admitir a demanda, para que corrixa o defecto no prazo de cinco días, mantendo as accións que sexa posible acumular. Transcorrido o termo sen que se produza a corrección, ou se se mantén a circunstancia de non-acumulabilidade entre as accións que o demandante pretenda manter, acordarase o arquivo da demanda sen máis trámites.

CAPÍTULO II

Da acumulación de procesos

SECCIÓN 1.ª DA ACUMULACIÓN DE PROCESOS: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 74. *Finalidade da acumulación de procesos.*

En virtude da acumulación de procesos, seguiranse estes nun só procedemento e serán terminados por unha soa sentenza.

Artigo 75. *Lexitimación para solicita-la acumulación de procesos.*

Salvo que a lei dispoña expresamente outra cousa, a acumulación de procesos diferentes só poderá decretarse por instancia de quen sexa parte en calquera dos procesos que se pretende acumular.

Artigo 76. *Casos nos que procede a acumulación de procesos.*

A acumulación de procesos só se ordenará:

1.º Cando a sentenza que deba recaer nun dos procesos poida producir efectos pre-xudiciais no outro.

2.º Cando entre os obxectos dos procesos dos que se pide a acumulación exista tal conexión que, de seguírse por separado, puidesen dictarse sentencias con pronunciamentos ou fundamentos contradictorios, incompatibles ou mutuamente excluíntes.

Artigo 77. *Procesos acumulables.*

1. Agás o disposto no artigo 555 desta lei sobre a acumulación de procesos de execución, só procederá a acumulación de procesos declarativos que se substancien polos mesmos trámites ou a tramitación dos cales poida unificarse sen perda de dereitos procesuais, sempre que concorran algunha das causas expresadas neste capítulo.

2. Cando os procesos estean pendentes ante distintos tribunais, non caberá a súa acumulación se o tribunal do proceso máis antigo carece de competencia obxectiva por razón da materia ou por razón da contía para coñecer do proceso ou procesos que se queiran acumular.

3. Tampouco procederá a acumulación cando a competencia territorial do tribunal que coñeza do proceso máis moderno teña na lei carácter inderrogable para as partes.

4. Para que sexa admisible a acumulación de procesos será preciso que estes se encontren en primeira instancia, e que en ningún deles finalizase o xuízo a que se refire o artigo 433 desta lei.

Artigo 78. *Improcedencia da acumulación de procesos. Excepcións.*

1. Non procederá a acumulación de procesos cando o risco de sentencias con pronunciamentos ou fundamentos contradictorios, incompatibles ou mutuamente excluíntes poida evitarse mediante a excepción de litispendencia.

2. Tampouco procederá a acumulación de procesos cando non se xustifique que, coa primeira demanda ou, se é o caso, coa ampliación desta ou coa reconvencción, non puido promoverse un proceso que comprendese pretensións e cuestións substancialmente iguais ás suscitadas nos procesos distintos, a acumulación dos cales se pretenda.

3. Se os procesos que se pretende acumular son promovidos polo mesmo demandante ou por demandado reconveniente, só ou en litisconsorcio, entenderase, salvo xustificación cumprida, que puido promoverse un único proceso nos termos do número anterior e non procederá a acumulación.

4. O disposto nos números anteriores non será de aplicación ós procesos, susceptibles de acumulación conforme os artigos 76 e 77, incoados para a protección dos dereitos e intereses colectivos ou difusos que as leis lles recoñezan a consumidores e usuarios, se a diversidade deses procesos, xa sexan promovidos polas asociacións, entidades ou grupos lexitimados ou por con-

sumidores ou usuarios determinados, non se puido evitar mediante a acumulación de accións ou a intervención prevista no artigo 15 desta lei.

En tales casos, decretarase a acumulación de procesos, mesmo de oficio, conforme o disposto nesta lei.

Artigo 79. *Proceso no que se debe pedi-la acumulación.*

1. A acumulación de procesos solicitaráselle sempre ó tribunal que coñeza do proceso máis antigo, ó que se lle acumularán os máis modernos. De se incumprir este requisito, o tribunal, por auto e sen ulterior recurso, non admitirá a solicitude.

2. A antigüidade determinarase pola data da presentación da demanda. Se as demandas se presentasen o mesmo día, considerarase máis antigo o proceso que se repartiu primeiro.

Se, por penderen ante distintos tribunais ou por calquera outra causa, non fose posible determinar cá das demandas foi repartida en primeiro lugar, a solicitude poderase pedir en calquera dos procesos que se pretende acumular.

Artigo 80. *Acumulación de procesos en xuízo verbal.*

1. Nos xuízos verbais, a acumulación de procesos que estean pendentes ante o mesmo tribunal regularase polas normas da sección seguinte. De non terse formulado antes, a solicitude de acumulación farase no acto da vista, en forma oral.

Neste caso, as demais partes que asistan ó acto manifestarán, na mesma forma, o que estimen oportuno acerca da procedencia ou non da acumulación solicitada e resolverase sobre ela na mesma vista.

2. Cando os procesos estean pendentes ante distintos tribunais, a solicitude de acumulación formulada en xuízo verbal farase segundo o disposto no número anterior e substanciarase, en canto sexa posible, conforme as normas contidas na sección 3.^a deste capítulo.

SECCIÓN 2.^a DA ACUMULACIÓN DE PROCESOS PENDENTES ANTE UN MESMO TRIBUNAL

Artigo 81. *Solicitude da acumulación de procesos.*

Cando os procesos se sigan ante o mesmo tribunal, a acumulación solicitarase por escrito, no que se sinalarán con claridade os procesos dos que se pide a acumulación e o estado procesual en que se encontran, expóndose, así mesmo, as razóns que xustifican a acumulación.

A solicitude de acumulación de procesos non suspenderá o curso dos que se pretenda acumular, aínda que o tribunal deberá absterse de dictar sentenza en calquera deles ata que decida sobre a procedencia da acumulación.

Artigo 82. *Desestimación inicial da solicitude de acumulación de procesos.*

O tribunal por medio de auto rexeitará a solicitude de acumulación cando non conteña os datos esixidos no artigo anterior ou cando, segundo o que consigne a dita solicitude, a acumulación non sexa procedente por razón da clase e tipo dos procesos, do seu estado procesual e demais requisitos procesuais establecidos nos artigos anteriores.

Artigo 83. *Substanciación e decisión do incidente de acumulación de procesos. Recurso.*

1. Solicitada en forma a acumulación de procesos, daráselles traslado ás demais partes comparecidas e a

tódolos que sexan parte en calquera dos procesos dos que se pretende a acumulación, aínda que non o sexan naquel en que se solicitou, co fin de, no prazo común de dez días, formularen alegacións acerca da acumulación.

2. Transcorrido o dito prazo, ou recibidas as alegacións, o tribunal resolverá a cuestión dentro dos cinco días seguintes. Se tódalas partes do incidente están conformes coa acumulación, o tribunal outorgaráa sen máis trámites. Cando entre as partes non exista acordo, ou cando ningunha delas formule alegacións, o tribunal resolverá o que estime procedente, outorgando ou denegando a acumulación solicitada.

Contra o auto que decida sobre a acumulación solicitada non caberá outro recurso que o de reposición.

Artigo 84. *Efectos do auto que outorga a acumulación.*

1. Aceptada a acumulación, o tribunal ordenará que os procesos máis modernos se unan ós máis antigos, para continuaren substanciándose no mesmo procedemento ou polos mesmos trámites e se decidan nunha mesma sentenza.

2. Se os procesos acumulados non estivesen na mesma fase dentro da primeira instancia, ordenarase a suspensión do que estea máis avanzado, ata os outros se acharen no mesmo ou similar estado.

Artigo 85. *Efectos do auto que denega a acumulación.*

1. Denegada a acumulación, os xuízos substanciaranse separadamente.

2. O auto que denegue a acumulación condenará a parte que a promoveu a paga-las custas do incidente.

SECCIÓN 3.^a DA ACUMULACIÓN DE PROCESOS PENDENTES ANTE DISTINTOS TRIBUNAIS

Artigo 86. *Normas aplicables.*

A acumulación de procesos que pendan ante distintos tribunais rexerese polas normas das anteriores seccións deste capítulo, coas especialidades que se indican nos artigos seguintes.

Artigo 87. *Solicitude de acumulación de procesos.*

Ademais do previsto no artigo 81, no escrito en que se solicite a acumulación de procesos deberase indicalo tribunal ante o que penden os outros procesos que se pretende acumular.

Artigo 88. *Efecto non suspensivo da solicitude de acumulación de procesos.*

1. A solicitude de acumulación de procesos non suspenderá o curso dos procesos afectados, salvo desde o momento en que algún deles quede pendente só de sentenza. En tal caso suspenderase o prazo para a dictar.

2. Tan axiña como se pida a acumulación daráselle noticia deste feito, polo medio máis rápido, ó outro tribunal, a fin de que se absteña en todo caso de dictar sentenza ata que se decida definitivamente sobre a acumulación pretendida.

3. Da solicitude de acumulación daráselles traslado ás demais partes constituídas, para, no prazo común de dez días, formularen alegacións sobre a procedencia da acumulación. O tribunal por medio de auto resolverá no prazo de cinco días e cando a acumulación se denegue, comunicaráselle ó outro tribunal, que poderá dictar sentenza.

Artigo 89. *Contido do auto que declara procedente a acumulación de procesos.*

Cando o tribunal estime procedente a acumulación, mandará no mesmo auto dirixir oficio ó que coñeza do outro preito, requirindo a acumulación e a remisión dos correspondentes procesos.

A este oficio xuntarásele testemuño dos antecedentes que o mesmo tribunal determine e que sexan bastantes para dar a coñece-la causa pola que se pretende a acumulación e as alegacións que, se é o caso, formularon as partes distintas do solicitante da acumulación.

Artigo 90. *Recepción do requirimento de acumulación polo tribunal requirido e vista ós litigantes.*

1. Recibidos o oficio e mailo testemuño polo tribunal requirido, daráselles traslado deles ós litigantes que comparecesen ante el.

2. De algún dos comparecidos ante o tribunal requirido non o estar no proceso ante o tribunal requirente, disporá dun prazo de cinco días para instruírse do oficio e do testemuño na secretaría do tribunal e para presentar escrito manifestando o que conveña ó seu dereito sobre a acumulación.

Artigo 91. *Resolución sobre o requirimento de acumulación.*

1. Transcorrido, se é o caso, o prazo de cinco días a que se refire o artigo anterior, o tribunal dictará auto aceptando ou denegando o requirimento de acumulación.

2. Se ningunha das partes comparecidas ante o tribunal requirido se opón á acumulación ou se non alegan datos ou argumentos distintos dos alegados ante o tribunal requirente, o tribunal requirido absterase de impugna-los fundamentos do auto requirindo a acumulación relativos á concorrencia dos requisitos establecidos nos artigos 76 e 77, e só poderá funda-la súa negativa ó requirimento en que a acumulación debe facerse ós procesos pendentes ante o tribunal requirido.

Artigo 92. *Efectos da aceptación da acumulación polo tribunal requirido.*

1. Aceptado o requirimento de acumulación, notificaráselles de inmediato ós que sexan partes no proceso seguido ante o tribunal requirido, para no prazo de dez días poderen comparecer ante o tribunal requirente, ó que se lle remitirán os autos, para que, se é o caso, sigan o seu curso ante el.

2. Acordada a acumulación de procesos, suspenderase o curso do proceso máis avanzado ata que o outro chegue ó mesmo estado procesual, en que se efectuará a acumulación.

Artigo 93. *Efectos da denegación da acumulación de procesos polo tribunal requirido.*

1. Cando, conforme o previsto no número 2 do artigo 91, o tribunal requirido non acepte o requirimento de acumulación por estimala improcedente ou por crer que a acumulación debe facerse ós que pendan ante el, comunicarllo ó tribunal requirente e ambos deferirán a decisión ó tribunal competente para dirimi-la discrepancia.

2. Será competente para dirimi-las discrepancias en materia de acumulación de procesos o tribunal inmediato superior común a requirente e requirido.

Artigo 94. *Substanciación da discrepancia ante o tribunal competente.*

1. Para os efectos previstos no artigo anterior, tanto o tribunal requirente como o requirido remitiranlle o antes posible ó tribunal competente testemuño do que, para poder resolve-la discrepancia sobre a acumulación, conste nos seus respectivos tribunais.

2. O tribunal requirente e o requirido emprazarán as partes para que poidan comparecer no prazo improrrogable de cinco días ante o tribunal competente e alegaren por escrito o que consideren que convén ó seu dereito.

Artigo 95. *Decisión da discrepancia.*

1. O tribunal competente decidirá por medio de auto, no prazo de vinte días, á vista dos antecedentes que consten nos autos e das alegacións escritas das partes, se se presentaron. Contra o auto que se dicte non se dará recurso de ningunha clase.

2. Se se acorda a acumulación de procesos, ordenarase o establecido no artigo 92 desta lei. Se se denega, os procesos deberán segui-lo seu curso por separado, alzándose, se é o caso, a suspensión do prazo para dictar sentenza.

Artigo 96. *Acumulación de máis de dous procesos. Requirimentos múltiples de acumulación.*

1. O disposto neste capítulo será aplicable para o caso de seren máis de dous os xuízos dos que se pida a acumulación.

2. Cando un mesmo tribunal sexa requirido de acumulación por dous ou máis tribunais, remitiralle os autos ó superior común a todos eles e comunicarlle a tódolos requirentes para que defiran a decisión ó dito superior. Neste caso, aplicarase o disposto nos dous artigos anteriores.

Artigo 97. *Prohibición dun segundo incidente de acumulación.*

1. Suscitado incidente de acumulación de procesos nun proceso, non se admitirá solicitude de acumulación doutro xuízo ulterior se quen a pide foi o iniciador do xuízo que intente acumular.

2. O tribunal ante o que se formule a solicitude no caso do número anterior rexeitaráa totalmente mediante providencia. Se, malia a anterior prohibición, se substancia o novo incidente, tan pronto como conste o feito decretarase a nulidade do actuado por mor da solicitude, con imposición das custas ó que a presentase.

SECCIÓN 4.^a DA ACUMULACIÓN DE PROCESOS SINGULARES
A PROCESOS UNIVERSAIS

Artigo 98. *Casos en que corresponde a acumulación de procesos singulares a un proceso universal.*

1. A acumulación de procesos tamén se decretará:

1.º Cando estea pendente un proceso concursal ó que se encontre suxeito o patrimonio contra o que se formulou ou formule calquera demanda. Nestes casos, procederase conforme o previsto na lexislación concursal.

2.º Cando se estea a seguir un proceso sucesorio ó que se encontre suxeito o patrimonio contra o que se formulou ou se formule unha acción relativa ó dito patrimonio.

Exceptúanse da acumulación a que se refiren os dous números anteriores os procesos de execución en que

só se persigan bens hipotecados ou peñorados, que en ningún caso se incorporarán ó proceso concursal nin ó sucesorio, calquera que sexa a data de iniciación da execución.

2. Nos casos previstos no número anterior, a acumulación debe solicitarse ante o tribunal que coñeza do proceso universal, e facerse sempre, con independencia de cáles sexan máis antigos, ó proceso universal.

3. A acumulación de procesos, cando proceda, rexe-rase, neste caso, polas normas deste capítulo, coas espe-cialidades establecidas na lexislación especial sobre pro-cesos concursais e sucesorios.

TÍTULO IV

Da abstención e a recusación

CAPÍTULO I

Da abstención e recusación: disposicións xerais

Artigo 99. *Ámbito de aplicación da lei e principio de legalidade.*

1. No proceso civil, a abstención e a recusación de xuíces, maxistrados, así como a dos membros do Ministerio Fiscal, os secretarios xudiciais, os peritos e o persoal ó servizo da Administración de xustiza, rexeranse polo disposto neste título.

2. A abstención e, se é o caso, a recusación dos indicados no número anterior só procederán cando con-corra algunha das causas sinaladas na Lei orgánica do Poder Xudicial para a abstención e recusación de xuíces e maxistrados.

Artigo 100. *Deber de abstención.*

1. O xuíz ou maxistrado en quen conorra algunha das causas establecidas legalmente absterase de coñecer do asunto sen esperar a ser recusado.

2. O mesmo deber teñen o secretario xudicial, oficial, auxiliar ou axente xudicial, o membro do Ministerio Fiscal ou o perito designado polo xuíz nos que conorra algunha das causas que sinala a lei.

Artigo 101. *Lexitimación activa para recusar.*

Nos asuntos civís unicamente poderán recusa-las partes. O Ministerio Fiscal tamén poderá recusar, sempre que se trate dun proceso no que, pola natureza dos dereitos en conflito, poida ou deba intervir.

CAPÍTULO II

Da abstención de xuíces, maxistrados, secretarios xudiciais, fiscais e do persoal ó servizo dos tribunais civís

Artigo 102. *Abstención de xuíces e maxistrados.*

1. A abstención do maxistrado ou xuíz comunica-ráselle, respectivamente, á sección ou sala da que forme parte ou ó tribunal ó que lle corresponda a competencia funcional para coñecer de recursos contra as sentencias, que resolverá no prazo de dez días. A comunicación da abstención fírase por escrito razoado tan pronto como sexa advertida a causa que a motive.

2. A abstención de xuíz ou maxistrado suspenderá o curso do proceso en tanto non se resolva sobre ela.

3. Se o tribunal a que se refire o número 1 deste artigo non estima xustificada a abstención, ordenaralle

ó xuíz ou maxistrado que continúe o coñecemento do asunto, sen prexuízo do dereito das partes a faceren vale-la recusación. Recibida a orde, o tribunal dictará providencia pondo fin á suspensión do proceso.

4. Se se estimar xustificada a abstención polo tri-bunal competente segundo o número 1, o abstdido dictará auto apartándose definitivamente do asunto e ordenan-do remitirle as actuacións ó que deba substituílo. Cando o que se absteña forme parte dun tribunal colexiado, o auto, que non será susceptible de recurso de ningunha clase, dictarao a sala ou sección a que pertenza o que se absteña.

En ámbolos casos, a suspensión do proceso termi-nará, respectivamente, cando o substituto reciba as actuacións ou se integre na sala ou sección a que per-tencia o abstdido.

5. A abstención e a substitución do xuíz ou maxis-trado que se abstivo seranlles comunicadas ás partes, incluíndo o nome do substituto.

Artigo 103. *Abstención dos secretarios xudiciais.*

1. Os secretarios xudiciais absteranse por escrito motivado dirixido ó xuíz ou maxistrado, se se trata dun xulgado, ou ó presidente, se se trata dunha sala ou sección. Decidirá a cuestión, respectivamente, o xuíz ou maxistrado, por unha parte, ou a sala ou sección, por outra.

2. En caso de se confirma-la abstención, o secretario xudicial que se abstivo debe ser substituído polo seu substituto legal; en caso de denegarse, aquel deberá continuar actuando no asunto.

Artigo 104. *Abstención dos oficiais, auxiliares e axen-tes da Administración de Xustiza.*

1. A abstención dos oficiais, auxiliares e axentes da Administración de Xustiza comunicaráselle por escrito motivado ó xuíz ou ó presidente do tribunal en que se siga o proceso, que decidirá sobre a súa procedencia.

2. En caso de ser estimada a abstención, o oficial, auxiliar ou axente en quen conorra causa legal será substituído no proceso por quen legalmente deba substi-tuílo. De ser desestimada, deberá continuar actuando no asunto.

Artigo 105. *Abstención dos peritos.*

1. O perito designado polo xuíz, sección ou sala que coñeza do asunto deberá absterse se conorre algunha das causas legalmente previstas. A abstención poderá ser oral ou escrita, sempre que estea debidamente xus-tificada.

2. Se a causa de abstención existe no momento de ser designado, o perito non aceptará o cargo, e será substituído no acto polo perito suplente, cando este foi designado. Se o perito suplente tamén se negar a acep-ta-lo cargo, por concorrer nel a mesma ou outra causa de abstención, aplicarase o disposto no número 2 do artigo 342 de esta lei. Se a causa é coñecida ou se produce despois da aceptación do cargo de perito, a abstención elevaráselle ó xuíz ou maxistrado, se se trata dun xulgado, ou ó maxistrado relator, se se trata dunha sección ou sala, o cal decidirá a cuestión, logo de audien-cia das partes. Contra o auto do xuíz ou maxistrado non se dará recurso de ningunha clase.

Artigo 106. *Abstención dos membros do Ministerio Fiscal.*

A abstención dos membros do Ministerio Fiscal rexe-rase polas normas establecidas no seu estatuto orgánico.

CAPÍTULO III

Da recusación de xuíces e maxistrados

Artigo 107. *Tempo e forma de propo-la recusación.*

1. A recusación deberá proporse tan pronto como se teña coñecemento da causa en que se funde, pois, noutro caso, non se admitirá a trámite. Concretamente, non se admitirán as recusacións:

1.º Cando non se propoñan ó inicio do proceso se o coñecemento da concorrencia da causa de recusación fose anterior a aquel.

2.º Cando se propoñan pendente xa un proceso, se a causa de recusación se coñecía con anterioridade ó momento procesual en que a recusación se propoña.

2. A recusación proporase por escrito que deberá expresar concreta e claramente a causa legal e os motivos en que se funde, achegando un principio de proba sobre eles. Este escrito estará asinado polo avogado e por procurador se interveñen no preito, e polo recusante, ou por alguén a rogo seu, se non sabe asinar. En todo caso, o procurador deberá xuntar poder especial para a recusación de que se trate. Se non interveñen procurador e avogado, o recusante deberá ratifica-la recusación ante o secretario do tribunal de que se trate.

3. Formulada a recusación, daráselles traslado ás demais partes do proceso para, no prazo común de tres días, manifestaren se se adhiren ou se opoñen á causa de recusación proposta ou se, naquel momento, coñecen algunha outra causa de recusación. A parte que non propoña recusación no dito prazo, non poderá facelo con posterioridade, salvo que acredite cumpridamente que, naquel momento, non coñecía a nova causa de recusación.

Artigo 108. *Competencia para instruí-los incidentes de recusación.*

1. Instruirán os incidentes de recusación:

1.º Cando o recusado sexa o presidente ou un maxistrado do Tribunal Supremo ou dun tribunal superior de xustiza, un maxistrado da sala a que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

2.º Cando o recusado sexa un presidente de audiencia provincial, un maxistrado da sala do civil e penal do tribunal superior de xustiza correspondente, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

3.º Cando o recusado sexa un maxistrado dunha audiencia, un maxistrado desa mesma audiencia, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non pertenza á mesma sección que o recusado.

4.º Cando se recuse a tódolos maxistrados dunha sala de xustiza, un maxistrado dos que integren o tribunal correspondente, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade, sempre que non estea afectado pola recusación.

5.º Cando o recusado sexa un xuíz de primeira instancia, un maxistrado da audiencia provincial, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

6.º Cando o recusado sexa un xuíz de paz, o xuíz de primeira instancia do partido correspondente ou, de haber varios xulgados de primeira instancia, o designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

A antigüidade rexerese pola orde de escalafón na carreira xudicial.

2. Nos casos en que non sexa posible cumprilo prevido no número anterior, a sala de goberno do tribunal correspondente designará o instructor, procurando que sexa de maior categoría ou, polo menos, de maior antigüidade que o recusado ou recusados.

Artigo 109. *Substanciación do incidente de recusación e efectos deste no asunto principal.*

1. Dentro do mesmo día en que finalice o prazo a que se refire o número 3 do artigo 107, ou no seguinte día hábil, pasará o preito ou causa ó coñecemento do substituto e deberá remitírselle ó tribunal ó que corresponda instruí-lo incidente o escrito e os documentos da recusación.

Tamén deberá xuntarse un informe do recusado relativo a se admite ou non a causa de recusación.

2. Non se admitirán a trámite as recusacións nas que non se expresen os motivos en que se funden, ou ás que non se lle xunten os documentos a que se refire o número 2 do artigo 107.

3. Se o recusado acepta como certa a causa de recusación, resolverase o incidente sen máis trámites. En caso contrario, o instructor, se admitiu a trámite a recusación proposta, ordenará a práctica, no prazo de dez días, da proba solicitada que sexa pertinente e a que estime necesaria e, acto seguido, remitíralle o actuado ó tribunal competente para decidi-lo incidente.

Recibidas as actuacións polo tribunal competente para decidi-la recusación, daráselles traslado delas ó Ministerio Fiscal para informe por prazo de tres días. Transcorrido ese prazo, con ou sen informe do Ministerio Fiscal, decidírase o incidente dentro dos cinco días seguintes.

4. A recusación non deterá o curso do preito, o cal seguirá substanciándose ata a citación para sentencia definitiva, estado no cal se suspenderá ata que se decida o incidente de recusación, se este non está terminado.

Artigo 110. *Competencia para decidi-lo incidente de recusación.*

Decidirán os incidentes de recusación:

1.º A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial cando o recusado sexa o presidente do Tribunal Supremo, o presidente da Sala do Civil ou dous ou máis maxistrados da dita sala.

2.º A Sala do Civil do Tribunal Supremo, cando se recuse un dos maxistrados que a integran.

3.º A sala a que se refire o artigo 77 da Lei orgánica do Poder Xudicial, cando se recuse o presidente do tribunal superior de xustiza, o presidente da sala do civil e penal do dito tribunal superior, o presidente de audiencia provincial con sede na comunidade autónoma correspondente ou dous ou máis maxistrados da sala civil e penal dos tribunais superiores de xustiza ou dous ou máis maxistrados dunha sección ou dunha audiencia provincial.

4.º A sala do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, cando se recuse un ou varios maxistrados destes tribunais.

5.º Cando o recusado sexa maxistrado dunha audiencia provincial, a audiencia provincial, sen que forme parte dela o recusado, ou, se esta se compón de dúas ou máis seccións, a sección na que non se encontre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da que o recusado forme parte.

6.º Cando o recusado sexa un xuíz de primeira instancia, a sección da audiencia provincial que coñeza dos recursos contra as súas resolucións, e, de seren varias, establecerase unha quenda comezando pola sección primeira.

7.º Cando o recusado sexa un xuíz de paz, resolverá o mesmo xuíz instructor do incidente de recusación.

Artigo 111. *Especialidades do incidente de recusación en xuízos verbais. Outros casos especiais.*

1. Nos procesos que se substancien polas canles do xuízo verbal, se o xuíz recusado non acepta no acto como certa a causa de recusación, pasarán as actuacións ó xuíz a quen lle corresponda instruí-lo incidente, quedando entremetres en suspenso o asunto principal. O instructor acordará que comparezan as partes á súa presenza o día e hora que fixe, dentro dos cinco seguintes, e, oídas as partes e practicada a proba declarada pertinente, resolverá mediante providencia no mesmo acto sobre se hai ou non lugar á recusación.

2. Para a recusación de xuíces ou maxistrados posterior ó sinalamento de vistas, aplicarase o disposto nos artigos do 190 ó 192 desta lei.

Artigo 112. *Decisión do incidente, custas e multa.*

1. O auto que desestime a recusación acordará devolver ó recusado o coñecemento do preito ou causa, no estado en que se ache, e condenará nas custas o recusante, salvo que concorran circunstancias excepcionais que xustifiquen outro pronunciamento. Cando a resolución que decida o incidente declare expresamente a existencia de mala fe no recusante, poderáselle impor a este unha multa de trinta mil a un millón de pesetas.

2. O auto que estime a recusación apartará definitivamente o recusado do coñecemento do preito ou causa. Continuará coñecendo del, ata a súa terminación, aquel a quen lle corresponda substituílo.

Artigo 113. *Notificación do auto e recursos.*

Contra a decisión do incidente de recusación non se dará recurso de ningunha clase, sen prexuízo de facer valer, ó recorrer contra a resolución que decida o preito ou causa, a posible nulidade desta por concorrer no xuíz ou maxistrado que dictou a resolución impugnada, ou que integrou a sala ou sección correspondente, a causa de recusación alegada.

CAPÍTULO IV

Da recusación dos secretarios dos tribunais civís

Artigo 114. *Regulación aplicable.*

1. Os secretarios xudiciais non poderán ser recusados durante a práctica de calquera dilixencia ou actuación de que estean encargados.

2. Serán aplicables á recusación dos secretarios xudiciais dos xulgados, salas ou seccións as prescricións da sección anterior, coas especialidades que se expresan nos artigos que seguen.

Artigo 115. *Competencia para instruír e resolver incidentes de recusación.*

1. A peza de recusación será instruída polo propio xuíz ou maxistrado cando o recusado sexa un secretario de xulgado de primeira instancia ou de paz, e polo relator cando o sexa dunha sección da audiencia provincial, da sala do civil e penal do tribunal superior de xustiza ou da Sala do Civil do Tribunal Supremo.

2. A recusación será resolta, por medio de auto, por unha sección da audiencia provincial ou, se é o caso, pola sala ou sección que coñeza do asunto.

Artigo 116. *Admisión do escrito e traslado ó instructor.*

Presentado o escrito de recusación, o secretario xudicial recusado informará detalladamente por escrito se recoñece ou non como certa e lexítima a causa alegada, e pasará os autos a quen lle corresponda, para que lle dea conta á sala ou sección que deba coñecer da recusación.

Artigo 117. *Aceptación da recusación polo recusado.*

1. Cando o recusado recoñeza como certa a causa da recusación, o tribunal dictará auto, sen máis trámites e sen ulterior recurso, téndoo por recusado, se estima que a causa é legal.

2. Se estima que a causa non é das tipificadas na lei, declarará non haber lugar á recusación. Contra este auto non se dará recurso de ningunha clase.

Artigo 118. *Oposición do recusado e substanciación da recusación.*

Cando o recusado negue a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, procederase conforme o previsto no número 3 do artigo 109 desta lei.

Artigo 119. *Substitución do secretario xudicial recusado.*

O secretario xudicial recusado, desde o momento en que sexa presentado o escrito de recusación, será substituído polo seu substituto legal.

CAPÍTULO V

Da recusación de oficiais, auxiliares e axentes da Administración de Xustiza

Artigo 120. *Lexislación aplicable.*

No proceso civil, a recusación dos oficiais, auxiliares e axentes da Administración de Xustiza só será posible polas causas legalmente previstas e polos trámites previstos para a recusación dos secretarios xudiciais, excepto no expresamente disposto neste capítulo.

Artigo 121. *Competencia para instruír e resolve-lo incidente de recusación.*

O incidente governativo de recusación dun oficial, auxiliar ou axente xudicial será instruído polo secretario do xulgado, sala ou sección que estea a intervir nos autos, e decidirao o xuíz ou o presidente, respectivamente.

Artigo 122. *Inadmisión do escrito de recusación.*

Se, á vista do escrito de recusación, o secretario xudicial estima que a causa non é das tipificadas na lei, declarará no acto a inadmisión da petición expresando as razóns en que se funde tal inadmisión. Contra esta resolución darase o recurso previsto no número 3 do artigo 224.

Artigo 123. *Substanciación do incidente; aceptación ou negativa da recusación polo recusado.*

1. Admitido a trámite o escrito de recusación, e no día seguinte á súa recepción, o recusado manifestaralle ó secretario xudicial se se dá ou non a causa alegada. Cando recoñeza como certa a causa de recusación, o secretario xudicial acordará substituí-lo recusado por

quen legalmente o deba substituír. Contra esta resolución non caberá recurso de ningunha clase.

2. Se o recusado nega a certeza da causa alegada como fundamento da recusación, o secretario xudicial, oído o que o recusado alegue, dentro do quinto día e practicadas as comprobacións que o recusado propoña e sexan pertinentes ou as que el mesmo considere necesarias, remitiralle o actuado a quen teña de resolver para que decida o incidente.

CAPÍTULO VI

Da recusación dos peritos

Artigo 124. *Ámbito da recusación dos peritos.*

1. Só os peritos designados polo tribunal mediante sorteo poderán ser recusados, nos termos previstos neste capítulo. Esta disposición é aplicable tanto ós peritos titulares como ós suplentes.

2. Os peritos autores de dictames presentados polas partes só poderán ser obxecto de tacha polas causas e na forma prevista nos artigos 343 e 344 desta lei, pero non recusados polas partes.

3. Ademais das causas de recusación previstas na Lei orgánica do Poder Xudicial, son causas de recusación dos peritos:

1.^a Ter dado anteriormente sobre o mesmo asunto dictame contrario á parte recusante, xa sexa dentro ou fóra do proceso.

2.^a Terlle prestado servicios como tal perito ó litigante contrario ou ser dependente ou socio del.

3.^a Ter participación nunha sociedade, establecemento ou empresa que sexa parte do proceso.

Artigo 125. *Forma de propo-la recusación dos peritos.*

1. A recusación farase en escrito asinado polo avogado e o procurador da parte, de interviren na causa, e dirixido ó titular do xulgado ou ó maxistrado relator, de tratarse de tribunal colexiado. No dito escrito exprésase concretamente a causa da recusación e os medios de a probar, e xuntaranse copias para o recusado e para as demais partes do proceso.

2. Se a causa da recusación fose anterior á designación do perito, o escrito deberá presentarse dentro dos dous días seguintes ó da notificación do nomeamento.

Se a causa fose posterior á designación, pero anterior á emisión do dictame, o escrito de recusación poderá presentarse antes do día sinalado para o xuízo ou vista ou ó comezo deles.

3. Despois do xuízo ou vista non poderá recusarse o perito, sen prexuízo de que aquelas causas de recusación existentes no momento de emitilo dictame pero coñecidas despois daquela poderán serlle postas de manifesto ó tribunal antes de que dicte sentenza e, se isto non é posible, ó tribunal competente para a segunda instancia.

Artigo 126. *Admisión do escrito de recusación.*

Proposta en tempo e forma a recusación, daráselles traslado de copia do escrito ó perito recusado e ás partes. O recusado deberá manifestar ante o secretario xudicial se é ou non certa a causa en que a recusación se funda. Se a recoñece como certa e o tribunal considera fundado o recoñecemento, será tido por recusado sen máis trámites e será substituído polo suplente. Se o recusado fose o suplente, e recoñecer a certeza da causa, aplicarase o disposto no artigo 342 desta lei.

Artigo 127. *Substanciación e decisión do incidente de recusación.*

1. Cando o perito negue a certeza da causa de recusación ou o tribunal non acepte o recoñecemento polo perito da concorrencia da dita causa, o tribunal mandará as partes compareceren á súa presenza o día e hora que sinalará, coas probas de que intenten valerse e asistidas dos seus avogados e procuradores, se a súa intervención é preceptiva no proceso.

2. Se non comparece o recusante, será tido por desistido da recusación.

3. Se comparece o recusante e insistir na recusación, o tribunal admitirá as probas pertinentes e útiles e, acto seguido, resolverá mediante auto o que estime procedente.

En caso de estimar a recusación, o perito recusado será substituído polo suplente. Se, por se-lo suplente o recusado, non houbese máis peritos, procederase conforme o disposto no artigo 342 da presente lei.

4. Contra a resolución que resolva sobre a recusación do perito non caberá recurso de ningunha clase, sen prexuízo do dereito das partes a presentaren a cuestión na instancia superior.

Artigo 128. *Custas.*

O réxime de condena en custas aplicable á recusación dos peritos será o mesmo previsto para o incidente de recusación de xuíces e maxistrados.

TÍTULO V

Das actuacións xudiciais.

CAPÍTULO I

Do lugar das actuacións xudiciais

Artigo 129. *Lugar das actuacións do xuízo.*

1. As actuacións do xuízo realizaranse na sede do tribunal, salvo aquelas que pola súa natureza se deban practicar noutro lugar.

2. As actuacións que deban realizarse fóra do partido xudicial onde radique a sede do tribunal que coñeza do proceso practicaranse, cando proceda, mediante auxilio xudicial.

3. Non obstante o disposto no número anterior, os tribunais poderán constituírse en calquera lugar do territorio da súa circunscrición para a práctica das actuacións cando sexa necesario ou conveniente para a boa administración de xustiza.

Tamén poderán desprazarse fóra do territorio da súa circunscrición para a práctica de actuacións de proba, conforme o previsto nesta lei e no artigo 275 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

CAPÍTULO II

Do tempo das actuacións xudiciais

SECCIÓN 1.^a DOS DÍAS E AS HORAS HÁBILES

Artigo 130. *Días e horas hábiles.*

1. As actuacións xudiciais deberán practicarse en días e horas hábiles.

2. Son días hábiles tódolos do ano, excepto os domingos, os días de festa nacional e os festivos para efectos laborais na respectiva comunidade autónoma ou localidade. Tamén son inhábiles os días do mes de agosto.

3. Enténdese por horas hábiles as que median desde as oito da mañá ás oito da tarde, salvo que a lei, para unha actuación concreta, dispoña outra cousa.

Para os actos de comunicación e execución tamén se consideran horas hábiles as que transcorren desde as oito ata as dez da noite.

Artigo 131. *Habilitación de días e horas inhábiles.*

1. De oficio ou por instancia de parte, os tribunais poderán habilitar os días e horas inhábiles, cando haxa causa urxente que o esixa.

2. Consideraranse urxentes as actuacións do tribunal cando a súa demora poida causar grave prexuízo ós interesados ou á boa administración de xustiza, ou provoca-la ineficacia dunha resolución xudicial.

3. Para as actuacións urxentes a que se refire o número anterior serán hábiles os días do mes de agosto, sen necesidade de habilitación expresa. Tampouco será necesaria a habilitación para proseguir en horas inhábiles, durante o tempo indispensable, as actuacións urxentes que se tivesen iniciado en horas hábiles.

4. Contra as resolucións xudiciais de habilitación de días e horas inhábiles non se admitirá recurso ningún.

SECCIÓN 2.^a DOS PRAZOS E OS TERMOS

Artigo 132. *Prazos e termos.*

1. As actuacións do xuízo practícaranse nos termos ou dentro dos prazos sinalados para cada unha delas.

2. Cando non se fixe prazo nin termo, entenderase que deben practicarse sen dilación.

3. A infracción do disposto neste artigo polos tribunais e persoal ó servizo da Administración de Xustiza de non mediar xusta causa será corrixida disciplinariamente conforme o previsto na Lei orgánica do Poder Xudicial, sen prexuízo do dereito da parte prexudicada para esixir-las demais responsabilidades que procedan.

Artigo 133. *Cómputo dos prazos.*

1. Os prazos comezarán a correr desde o día seguinte a aquel en que se efectuou o acto de comunicación do que a lei faga depende-lo inicio do prazo, e contarase neles o día do vencemento, que expirará ás vinte e catro horas.

Non obstante, cando a lei sinale un prazo que comece a correr desde a finalización doutro, aquel computarase, sen necesidade de nova notificación, desde o día seguinte ó do vencemento deste.

2. No cómputo dos prazos sinalados por días exclúense os inhábiles.

Para os prazos que se sinalen nas actuacións urxentes a que se refire o número 2 do artigo 131 non se considerarán inhábiles os días do mes de agosto e só se excluírán do cómputo os domingos e festivos.

3. Os prazos sinalados por meses ou por anos computaranse de data a data.

Cando no mes do vencemento non haxa día equivalente ó inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

4. Os prazos que conclúan en domingo ou outro día inhábil entenderanse prorrogados ata o seguinte hábil.

Artigo 134. *Improrrogabilidade dos prazos.*

1. Os prazos establecidos nesta lei son improrrogables.

2. Poderán, non obstante, interromperse os prazos e demorarse os termos en caso de forza maior que impida

cumprilos e o seu cómputo proseguirá no momento en que cese a causa determinante da interrupción ou demora. A concorrencia de forza maior deberá ser apreciada polo tribunal, de oficio ou por instancia da parte que a sufriu, con audiencia das demais.

Artigo 135. *Presentación de escritos, para efectos do requisito de tempo dos actos procesuais.*

1. Cando a presentación dun escrito estea suxeita a prazo, poderá efectuarse ata as quince horas do día hábil seguinte ó do vencemento do prazo, na secretaría do tribunal ou, de existir, na oficina ou servizo de rexistro central que se establecese.

2. Nas actuacións ante os tribunais civís, non se admitirá a presentación de escritos no xulgado que preste o servizo de garda.

3. Os secretarios xudiciais ou os funcionarios designados por eles porán dilixencias para facer constar o día e a hora de presentación das demandas, dos escritos de iniciación do procedemento e de calquera outro en que a presentación estea suxeita a prazo perentorio.

4. En todo caso, daráselle á parte recibo dos escritos e documentos que presenten con expresión da data e hora de presentación. Tamén poderá facerse constar a recepción de escritos e documentos en copia simple presentada pola parte.

5. Cando os tribunais e os suxeitos intervenientes nun proceso dispoñan de medios técnicos que permitan o envío e a normal recepción de escritos e documentos, de forma tal que estea garantida a autenticidade da comunicación e quede constancia, que faga fe, da remisión e recepción íntegras e da data en que se fagan, os escritos e documentos poderán enviarse por aqueles medios, notificando a súa recepción do mesmo modo e teranse por presentados, para efectos de exercicio dos dereitos e de cumprimento de deberes, no tempo establecido conforme a lei.

Sen embargo do disposto no número anterior, para efectos de proba e do cumprimento de requisitos legais que esixan dispor dos documentos orixinais ou de copias que fagan fe, estes deberán facerse chegar ó tribunal dentro dos tres días seguintes ó envío efectuado segundo o parágrafo anterior.

6. Canto ó traslado dos escritos e documentos, aplicarase o disposto no capítulo III do título I do libro II, pero aquel poderá efectuarse, ós procuradores ou ás demais partes, conforme o previsto no número anterior, cando se cumpran os requisitos que establece.

Artigo 136. *Preclusión.*

Transcorrido o prazo ou pasado o termo sinalado para a realización dun acto procesual de parte producirase a preclusión e perderase a oportunidade de realiza-lo acto de que se trate. O secretario xudicial deixará constancia do transcurso do prazo por medio de dilixencia e acordará o que proceda ou daralle conta ó tribunal a fin de que dicte a resolución que corresponda.

CAPÍTULO III

Da intermediación, a publicidade e a lingua oficial

Artigo 137. *Presencia xudicial en declaracións, probas e vistas.*

1. Os xuíces e os maxistrados membros do tribunal que estea a coñecer dun asunto presenciarán as declaracións das partes e de testemuñas, os acareos, as exposicións, explicacións e respostas que deban ofrece-los peritos, así como a crítica oral do seu dictame e calquera

outro acto de proba que, conforme o disposto nesta lei, deba levarse a cabo contradictoria e publicamente.

2. As vistas e as comparencias que teñan por obxecto oí-las partes antes de dictar unha resolución celebraranse sempre ante o xuíz ou os maxistrados integrantes do tribunal que coñeza do asunto.

3. A infracción do disposto nos números anteriores determinará a nulidade de pleno dereito das correspondentes actuacións.

Artigo 138. *Publicidade das actuacións orais.*

1. As actuacións de proba, as vistas e as comparencias que teñan por obxecto oí-las partes antes de dictar unha resolución practícaranse en audiencia pública.

2. As actuacións a que se refire o número anterior poderán, non obstante, celebrarse a porta pechada cando isto sexa necesario para a protección da orde pública ou da seguridade nacional nunha sociedade democrática, ou cando os intereses dos menores ou a protección da vida privada das partes e doutros dereitos e liberdades o esixan ou, en fin, na medida en que o tribunal o considere estrictamente necesario, cando pola concorrencia de circunstancias especiais a publicidade puidese prexudicar os intereses da Xustiza.

3. Antes de acordar a celebración a porta pechada de calquera actuación, o tribunal oír as partes que estean presentes no acto. A resolución adoptará a forma de auto e contra ela non se admitirá recurso de ningunha clase, sen prexuízo de formular protesta e suscita-la cuestión, se for admisible, no recurso procedente contra a sentenza definitiva.

Artigo 139. *Segredo das deliberacións dos tribunais colexiados.*

As deliberacións dos tribunais colexiados son secretas. Tamén o será o resultado das votacións, sen prexuízo do disposto pola lei sobre publicidade dos votos particulares.

Artigo 140. *Información sobre as actuacións.*

1. Os secretarios xudiciais e o persoal competente ó servizo dos tribunais facilitaránlle a calquera persoa que acredite un interese lexítimo canta información solicite sobre o estado das actuacións xudiciais, que poderán examinar e coñecer. Tamén poderán pedir aquelas, á súa custa, a obtención de copias simples de escritos e documentos que consten nos autos.

2. Por petición das persoas a que se refire o número anterior, e á súa custa, o secretario xudicial expedirá os testemuños que soliciten, con expresión do seu destinatario.

3. Non obstante o disposto nos números anteriores, os tribunais por medio de auto poderán atribuír carácter reservado á totalidade ou a parte dos autos cando tal medida resulte xustificada por mor das circunstancias expresadas polo número 2 do artigo 138.

As actuacións de carácter reservado só poderán ser coñecidas polas partes e polos seus representantes e defensores, sen prexuízo do previsto respecto de feitos e datos con relevancia penal, tributaria ou doutra índole.

Artigo 141. *Acceso a libros, arquivos e rexistros xudiciais.*

As persoas que acrediten un interese lexítimo poderán acceder ós libros, arquivos e rexistros xudiciais que non teñan carácter reservado e obter, á súa custa, testemuño ou certificación dos puntos que indiquen.

Artigo 142. *Lingua oficial.*

1. En tódalas actuacións xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais e demais funcionarios de xulgados e tribunais usarán o castelán, lingua oficial do Estado.

2. Os xuíces, maxistrados, secretarios xudiciais, fiscais e demais funcionarios de xulgados e tribunais poderán usar tamén a lingua oficial propia da comunidade autónoma, se ningunha das partes se opón, alegando descoñecemento dela que poida producir indefensión.

3. As partes, os seus procuradores e avogados, así como as testemuñas e os peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na comunidade autónoma no territorio da cal teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas.

4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha comunidade autónoma terán, sen necesidade de tradución para o castelán, plena validez e eficacia, pero procederá de oficio á súa tradución cando deban producir efecto fora da xurisdicción dos órganos xudiciais situados na comunidade autónoma, salvo se se trata de comunidades autónomas con lingua oficial propia coincidente. Tamén se procederá á súa tradución cando así o dispoñan as leis ou por instancia de parte que alegue indefensión.

5. Nas actuacións orais, o tribunal por medio de providencia poderá habilitar como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua empregada, logo de xuramento ou promesa de tradución fiel.

Artigo 143. *Intervención de intérpretes.*

1. Cando algunha persoa que non coñeza o castelán nin, se é o caso, a lingua oficial propia da comunidade autónoma teña que ser interrogada ou prestar algunha declaración, ou cando sexa preciso darlle a coñecer persoalmente algunha resolución, o tribunal por medio de providencia poderá habilitar como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua de que se trate, esixíndoselle xuramento ou promesa de fiel tradución.

Das actuacións que nestes casos se practiquen redactarase acta, na que constarán os textos no idioma orixinal e a súa tradución para o idioma oficial e que será asinada tamén polo intérprete.

2. Nos mesmos casos do número anterior, se a persoa é xordomuda e sabe ler, empregárase a escritura, e se sabe escribir, poderá valerse da escritura. No caso de que non saiba ler nin escribir, nomearase o intérprete adecuado, conforme se dispón no expresado número.

Das actuacións que se practiquen en relación cos xordomudos redactarase tamén a oportuna acta.

Artigo 144. *Documentos redactados en idioma non oficial.*

1. A todo documento redactado nun idioma que non sexa o castelán ou, se é o caso, a lingua oficial propia da comunidade autónoma de que se trate, xuntaráse a súa tradución.

2. A dita tradución poderá ser feita privadamente e, en tal caso, se algunha das partes a impugna dentro dos cinco días seguintes desde o traslado, manifestando que non a ten por fiel e exacta e expresando as razóns da discrepancia, ordenarase, respecto da parte que exista discrepancia, a tradución oficial do documento, á custa de quen o presentase.

Non obstante, se a tradución oficial realizada por instancia de parte resultase ser substancialmente idéntica á privada, os gastos derivados daquela correrán a cargo de quen a solicitou.

CAPÍTULO IV

Da fe pública xudicial e da documentación das actuacións**Artigo 145. Fe pública xudicial.**

1. Correspóndelle ó secretario xudicial, co carácter de autoridade, dar fe das actuacións procesuais que se realicen no tribunal ou ante este, onde queira que se constitúa, así como expedir copias certificadas e testemuños das actuacións non secretas nin reservadas ás partes interesadas.

Concretamente, o secretario xudicial:

1.º Dará fe, por si ou mediante o rexistro correspondente, do funcionamento do cal será responsable, da recepción de escritos cos documentos e recibos que os acompañen.

2.º Deixará constancia, que faga fe, da realización de actos procesuais no tribunal ou ante este e da produción de feitos con transcendencia procesual.

2. O secretario xudicial poderá ser substituído nos termos previstos na Lei orgánica do Poder Xudicial.

Artigo 146. Documentación das actuacións.

1. As actuacións procesuais que non consistan en escritos e documentos documentaranse por medio de actas, dilixencias e notas.

2. Cando a lei dispoña que se redacte acta, recollerase nela, coa necesaria extensión e detalle, todo o actuado. Sen embargo, cando se trate das actuacións que, conforme esta lei, teñan que rexistrarse en soporte apto para a gravación e a reprodución, a acta limitarase a consignar, xunto cos datos relativos ó tempo e ó lugar, as peticións e propostas das partes e as resolucións que adopte o tribunal, así como as circunstancias e incidencias que non poidan constar naquel soporte.

3. Os tribunais poderán empregar medios técnicos de documentación e arquivo das súas actuacións e dos escritos e documentos que reciban, coas garantías a que se refire o número 5 do artigo 135 desta lei. Tamén poderán empregar medios técnicos de seguimento do estado dos procesos e de estatística relativa a estes.

Artigo 147. Documentación das actuacións mediante sistemas de gravación e reprodución da imaxe e o son.

As actuacións orais en vistas e comparecencias rexistraranse en soporte apto para a gravación e a reprodución do son e da imaxe.

A gravación efectuarase baixo a fe do secretario xudicial, a quen corresponderá a custodia das fitas, discos ou dispositivos nos que a gravación se efectuase.

As partes poderán pedir, á súa custa, copia das gravacións orixinais.

Artigo 148. Formación, custodia e conservación dos autos.

Os autos serán formados polo secretario xudicial, a quen corresponderá a súa conservación e custodia, salvo o tempo en que estean en poder do xuíz ou do maxistrado relator ou outros maxistrados integrantes do tribunal.

CAPÍTULO V

Dos actos de comunicación xudicial**Artigo 149. Clases de actos de comunicación do tribunal.**

Os actos procesuais de comunicación do tribunal serán:

1.º Notificacións, cando teñan por obxecto dar noticia dunha resolución, dilixencia ou actuación.

2.º Emprazamentos, para comparecer e para actuar dentro dun prazo.

3.º Citacións, cando determinen lugar, data e hora para comparecer e actuar.

4.º Requirimentos, para ordenar, conforme a lei, unha conducta ou inactividade.

5.º Mandamentos, para ordena-la expedición de certificacións ou testemuños e a práctica de calquera actuación que lles corresponda executar ós rexistradores da propiedade, mercantís, de buques, de vendas a prazos de bens mobles, notarios, corredores colexiados de comercio ou axentes de xulgado ou tribunal.

6.º Oficios, para as comunicacións con autoridades non xudiciais e funcionarios distintos dos mencionados no número anterior.

Artigo 150. Notificación de resolucións e dilixencias de ordenación.

1. As resolucións xudiciais e dilixencias de ordenación notificaránselles a tódolos que sexan parte no proceso.

2. Por disposición do tribunal, tamén se lles notificará a pendencia do proceso ás persoas que, segundo os mesmos autos, poidan verse afectadas pola sentenza que no seu momento se dicte. Esta comunicación levarase a cabo, cos mesmos requisitos, cando o tribunal advirta indicios de as partes estaren a utiliza-lo proceso con fins fraudulentos.

3. Tamén se lles fará notificación ós terceiros nos casos en que o preveña a lei.

Artigo 151. Tempo da comunicación.

1. Tódalas resolucións xudiciais e as dilixencias de ordenación notificaranse no prazo máximo de tres días desde a súa data ou publicación.

2. Os actos de comunicación á Avogacía do Estado e ó Ministerio Fiscal, así como os que se practiquen a través dos servicios de notificacións organizados polos colexios de procuradores, teranse por realizados no día seguinte á data de recepción que conste na dilixencia.

Artigo 152. Forma dos actos de comunicación. Resposta.

1. Os actos de comunicación realizaranse baixo a dirección do secretario xudicial, que será o responsable da adecuada organización do servicio. Tales actos serán efectuados materialmente polo propio secretario xudicial ou polo funcionario que aquel designe, e nalgunha das formas seguintes, segundo dispoña esta lei:

1.ª A través de procurador, tratándose de comunicacións a quen estea comparecido no proceso con representación daquel.

2.ª Remisión do que teña que comunicarse mediante correo, telegrama ou calquera outro medio técnico que permita deixar nos autos constancia, que faga fe, da recepción, da súa data e do contido do comunicado.

3.^a Entrega ó destinatario de copia literal da resolución que se lle teña de notificar, do requirimento que o tribunal lle dirixa ou da cédula de citación ou emprazamento.

2. A cédula expresará o tribunal que dictou a resolución, e o asunto en que recaeu, o nome e apelidos da persoa a quen se faga a citación ou emprazamento, o obxecto destes e o lugar, día e hora en que deba comparece-lo citado, ou o prazo dentro do cal deba realizarse a actuación a que se refira o emprazamento, coa prevención dos efectos que, en cada caso, a lei estableza.

3. Nas notificacións, citacións e emprazamentos non se admitirá nin consignará resposta ningunha do interesado, a non ser que así se mandase. Nos requirimentos admitirase a resposta que dea o requirido, consignándoa sucintamente na dilixencia.

Artigo 153. *Comunicación por medio de procurador.*

A comunicación coas partes constituídas no xuízo farase a través do seu procurador cando este as represente. O procurador asinará as notificacións, emprazamentos, citacións e requirimentos de tódalas clases que deban facerse ó seu poderdante no curso do preito, mesmo as de sentencias e as que teñan por obxecto algunha actuación que deba realizar persoalmente o poderdante.

Artigo 154. *Lugar de comunicación dos actos ós procuradores.*

1. Os actos de comunicación cos procuradores realizaranse na sede do tribunal ou no servizo común de recepción organizado polo colexio de procuradores. O réxime interno deste servizo será competencia do colexio de procuradores, de conformidade coa lei.

2. Remitiráselle a este servizo, por duplicado, a copia da resolución ou a cédula, das que o procurador recibirá un exemplar e asinará outro que será devolto ó tribunal polo propio servizo.

Artigo 155. *Actos de comunicación coas partes aínda non comparecidas ou non representadas por procurador. Domicilio.*

1. Cando as partes non actúen representadas por procurador ou se trate do primeiro emprazamento ou citación ó demandado, os actos de comunicación faranse por remisión ó domicilio dos litigantes.

2. O domicilio do demandante será o que fixese constar na demanda ou na petición ou solicitude con que se inicie o proceso. Así mesmo, o demandante designará, como domicilio do demandado, para efectos do primeiro emprazamento ou citación deste, un ou varios dos lugares a que se refire o número seguinte deste artigo. De o demandante designar varios lugares como domicilios, indicará a orde pola que, ó seu entender, pode efectuarse con éxito a comunicación.

Así mesmo, o demandante deberá indicar cantos datos coñeza do demandado e que poidan ser de utilidade para a localización deste, como números de teléfono, de fax ou similares.

O demandado, unha vez comparecido, poderá designar, para sucesivas comunicacións, un domicilio distinto.

3. Para efectos de actos de comunicación, poderá designarse como domicilio o que apareza no padrón municipal ou o que conste oficialmente para outros efectos, así como o que apareza en rexistro oficial ou en publicacións de colexios profesionais, cando se trate, respectivamente, de empresas e outras entidades ou de persoas que exerzan profesión para a que deban colexiarse obrigatoriamente. Tamén poderá designarse como

domicilio, para os referidos efectos, o lugar en que se desenvolva actividade profesional ou laboral non ocasional.

4. Se as partes non están representadas por procurador, as comunicacións efectuadas en calquera dos lugares previstos no número anterior, que se designasen como domicilios, producirán plenos efectos así que se acredite a correcta remisión do que teña que comunicarse aínda que non conste a súa recepción polo destinatario.

Non obstante, se a comunicación ten por obxecto a comparecencia en xuízo ou a realización ou intervención persoal das partes en determinadas actuacións procesuais e non consta a recepción polo interesado, aplicarase o disposto no artigo 158.

5. Cando as partes cambien o seu domicilio durante a substanciación do proceso, comunicaranllo inmediatamente ó tribunal.

Así mesmo deberán comunica-los cambios relativos ó seu número de teléfono, fax ou similares, sempre que estes últimos estean a ser utilizados como instrumentos de comunicación co tribunal.

Artigo 156. *Pescudas do tribunal sobre o domicilio.*

1. Nos casos en que o demandante manifeste que lle é imposible designar un domicilio ou residencia do demandado, para efectos da súa comparecencia, utilizaranse os medios oportunos para investigar esas circunstancias, podendo dirixirse, se é o caso, ós rexistros, organismos, colexios profesionais, entidades e empresas a que se refire o número 3 do artigo 155.

Ó recibiren estas comunicacións, os rexistros e organismos públicos procederán conforme as disposicións que regulen a súa actividade.

2. En ningún caso se considerará imposible a designación de domicilio para efectos de actos de comunicación se o dito domicilio consta en arquivos ou rexistros públicos, ós que se poida ter acceso.

3. Se das investigacións a que se refire o número 1 resulta o coñecemento dun domicilio ou lugar de residencia, practicarase a comunicación da segunda forma establecida no número 1 do artigo 152 e será de aplicación, se é o caso, o previsto no artigo 158.

4. Se estas pescudas resultaren infructuosas, a comunicación levarase a cabo mediante edictos.

Artigo 157. *Rexistro central de rebeldes civís.*

1. Os tribunais que realizen infructuosamente as pescudas a que se refire o artigo anterior, comunicaranlle o nome do demandado e os demais datos de identidade que lles consten ó rexistro central de rebeldes civís, que existirá con sede no Ministerio de Xustiza.

2. Calquera tribunal que deba investiga-lo domicilio dun demandado poderá dirixirse ó rexistro central de rebeldes civís para comprobar se o demandado consta no dito rexistro e se os datos que aparecen nel son os mesmos de que dispón o tribunal. En tal caso, mediante providencia, poderá acordar directamente a comunicación edictal do demandado.

3. O demandado inscrito no citado rexistro poderá solicita-la cancelación da inscrición comunicando o domicilio ó que se lle poden dirixir as comunicacións xudiciais. O rexistro remitirá ós tribunais en que conste que existe proceso contra o dito demandado, o domicilio indicado por este para efecto de comunicacións, resultando válidas as practicadas a partir dese momento nese domicilio.

Artigo 158. *Comunicación mediante entrega.*

Cando, nos casos do número 1 do artigo 155, non poida acreditarse que o destinatario recibiu unha comunicación que teña por finalidade a comparecencia en xuízo ou a realización ou intervención persoal das partes en determinadas actuacións procesuais, procederáse á súa entrega na forma establecida no artigo 161.

Artigo 159. *Comunicacións con testemuñas, peritos e outras persoas que non sexan parte no xuízo.*

1. As comunicacións que deban facérselles a testemuñas, peritos e outras persoas que, sen seren parte no xuízo, deban intervir nel, remitiránelles ós seus destinatarios conforme o disposto no número 1 do artigo 160. A remisión farase ó domicilio que designe a parte interesada, podendo realizarse, se é o caso, as pescudas a que se refire o artigo 156.

2. Cando conste en autos o fracaso da comunicación mediante remisión ou as circunstancias do caso o aconsellen, atendidos o obxecto da comunicación e a natureza das actuacións que dependan dela, o tribunal ordenará que se proceda conforme o disposto no artigo 161.

3. As persoas a que se refire este artigo deberán comunicarlle ó tribunal calquera cambio de domicilio que se produza durante a substanciación do proceso. Na primeira comparecencia que efectúen serán informadas desta obriga.

Artigo 160. *Remisión das comunicacións por correo, telegrama ou outros medios semellantes.*

1. Cando proceda a remisión da copia da resolución ou da cédula por correo certificado ou telegrama con notificación da recepción, ou por calquera outro medio semellante que permita deixar nos autos constancia, que faga fe, de terse recibido a notificación, da data da recepción, e do seu contido, o secretario xudicial dará fe nos autos da remisión e do contido do remitido, e unirá os a aqueles, se é o caso, a notificación da recepción ou o medio a través do cal quede constancia da recepción.

2. Por instancia de parte e á custa de quen o solicite, poderá ordenarse que a remisión se faga de maneira simultánea a varios lugares dos previstos no número 3 do artigo 155.

3. Cando o destinatario teña o seu domicilio no partido onde radique a sede do tribunal, e non se trate de comunicacións das que dependa a comparecencia ou a realización ou intervención persoal nas actuacións, poderá remitirse, por calquera dos medios a que se refire o número 1, cédula de emprazamento para que o destinatario compareza na dita sede para efectos de ser notificado ou requirido ou de dárselle traslado dalgún escrito.

A cédula expresará coa debida precisión o obxecto para o que se require a comparecencia do emprazado, indicando o procedemento e o asunto a que se refire, coa advertencia de que, se o emprazado non comparece, sen causa xustificada, dentro do prazo sinalado, terase por feita a comunicación de que se trate ou por efectuado o traslado.

Artigo 161. *Comunicación por medio de entrega de copia da resolución ou de cédula.*

1. A entrega ó destinatario da comunicación da copia da resolución ou da cédula efectuarase na sede do tribunal ou no domicilio da persoa que deba ser notificada, requirida, citada ou emprazada.

A entrega documentarase por medio de dilixencia que será asinada polo secretario xudicial ou funcionario

que a efectúe e pola persoa a quen se lle faga, o nome da cal se fará constar.

2. Cando o destinatario da comunicación sexa achado no domicilio e se negue a recibila copia da resolución ou a cédula ou non queira asinala dilixencia acreditativa da entrega, o secretario xudicial ou funcionario designado amosará a obriga que impón o número anterior.

Se insiste na súa negativa, o funcionario actuante faralle saber que a copia da resolución ou a cédula queda ó seu dispor na secretaría do xulgado, producíndose os efectos da comunicación, de todo o cal quedará constancia na dilixencia.

3. Se o domicilio onde se pretende practicala comunicación é o lugar en que o destinatario teña o seu domicilio segundo o padrón municipal ou para efectos fiscais ou segundo rexistro oficial ou publicacións de colexios profesionais, e non se encontra alí o dito destinatario, poderá efectuárselle a entrega a calquera empregado ou familiar, maior de catorce anos, que se encontre nese lugar, ou ó conserxe do predio, se o tiver, advertindo ó receptor que está obrigado a lle entrega-la copia da resolución ou a cédula ó destinatario dela, ou a darlle aviso, se sabe o seu paradiro.

Se a comunicación se dirixe ó lugar de traballo non ocasional do destinatario, en ausencia deste, a entrega efectuaráselle a persoa que manifeste coñecer a aquel ou, se existe dependencia encargada de recibir documentos ou obxectos, a quen estea a cargo dela.

Na dilixencia farase constalo nome da persoa destinataria da comunicación e a data e a hora na que foi buscada e non encontrada no seu domicilio, así como o nome da persoa que recibe a copia da resolución ou a cédula e a relación da dita persoa co destinatario, producindo tódolos seus efectos a comunicación así realizada.

4. No caso de non se achar a ningún no domicilio ó que se acuda para a práctica dun acto de comunicación, o secretario xudicial ou funcionario designado procurará indagar se vive alí o seu destinatario.

Se xa non reside ou traballa no domicilio ó que se acode e algunha das persoas consultadas coñece o actual, este consignarase na dilixencia negativa de comunicación.

Se non puidese coñecerse por este medio o domicilio do demandado e o demandante non designase outros posibles domicilios, procederáse de conformidade co establecido no artigo 156.

Artigo 162. *Actos de comunicación por medios electrónicos, informáticos e similares.*

1. Cando os xulgados e tribunais e as partes ou os destinatarios dos actos de comunicación dispoñan de medios electrónicos, telemáticos, infotelecomunicacións, ou doutra clase semellante, que permitan o envío e a recepción de escritos e documentos, de forma tal que estea garantida a autenticidade da comunicación e do seu contido e quede constancia, que faga fe, da remisión e recepción íntegras e do momento en que se fixeron, os actos de comunicación poderán efectuarse por aqueles medios, con notificación da recepción que proceda.

As partes e os profesionais que interveñan no proceso deberán comunicarlle ó tribunal o feito de dispoñer dos medios antes indicados e o seu enderezo.

Así mesmo, constituirase no Ministerio de Xustiza un rexistro accesible electronicamente dos medios indicados e os enderezos correspondentes ós organismos públicos.

2. Cando a autenticidade de resolucións, documentos, dictames ou informes presentados ou transmitidos polos medios a que se refire o número anterior só poida

ser recoñecida ou verificada mediante o seu exame directo ou por outros procedementos, aqueles deberán achegárselles ou transmitírselles ás partes e ós interesados de modo adecuado ós ditos procedementos ou na forma prevista nos artigos anteriores, con observancia dos requisitos de tempo e lugar que a lei sinala para cada caso.

Artigo 163. *Servicio común de notificacións.*

Nas poboacións onde estea establecido, o servicio común de notificacións practicarán os actos de comunicación que teñan de realizarse.

Artigo 164. *Comunicación edictal.*

Cando, practicadas, se é o caso, as indagacións a que se refire o artigo 156, non poida coñecerse o domicilio do destinatario da comunicación, ou cando non puiden ser encontrados nin efectuarse a comunicación con tódolos seus efectos, conforme o establecido nos artigos anteriores, ou cando así se acorde no caso a que se refire o número 2 do artigo 157, o tribunal, mediante providencia, consignadas estas circunstancias, mandará que se faga a comunicación fixando a copia da resolución ou a cédula no taboleiro de anuncios do xulgado ou tribunal.

Só por instancia de parte, e á súa custa, se publicará no «Boletín Oficial» da provincia, da comunidade autónoma, no «Boletín Oficial del Estado» ou nun xornal de difusión nacional ou provincial.

Artigo 165. *Actos de comunicación mediante auxilio xudicial.*

Cando os actos de comunicación teñan de practicarse segundo o disposto no artigo 161 desta lei por tribunal distinto do que os ordenase, xuntarásele ó despacho a copia ou cédula correspondente e o demais que en cada caso proceda.

Estes actos de comunicación practícaranse nun prazo non superior a vinte días, contados a partir da súa recepción. Cando non se realice no tempo indicado, para o cal se requirirá o tribunal para a súa observancia, expresaranse, se é o caso, as causas da dilación.

Artigo 166. *Nulidade e emenda dos actos de comunicación.*

1. Serán nulos os actos de comunicación que non se practiquen conforme o disposto neste capítulo e poidan causar indefensión.

2. Sen embargo, se a persoa notificada, citada, emprazada ou requirida se deu por informada no asunto, e non denunciou a nulidade da dilixencia no seu primeiro acto de comparecencia ante o tribunal, esta producirá desde entón tódolos seus efectos, coma se se fixese conforme as disposicións da lei.

Artigo 167. *Forma de levarse a cabo os oficios e mandamentos.*

1. Os mandamentos e oficios seranlle remitidos directamente polo tribunal que os expida á autoridade ou funcionario a que vaian dirixidos, podendo utilizarse os medios previstos no artigo 162 da presente lei.

Non obstante, se así o solicitou, as partes poderán dilixencia persoalmente os mandamentos e oficios.

2. En todo caso, a parte por instancia da cal se libren os oficios e mandamentos a que se refire este artigo deberá de satisfacer os gastos que requira o seu cumprimento.

Artigo 168. *Responsabilidade dos funcionarios e profesionais intervinientes na comunicación procesual.*

1. O secretario xudicial, oficial, auxiliar ou axente que, no desempeño das funcións que por este capítulo se lle asignan, dea lugar, por malicia ou negligencia, a demoras ou dilacións indebidas, será corrixido disciplinariamente pola autoridade de quen dependa e incorrerá ademais en responsabilidade polos danos e perdas que ocasione.

2. O procurador que incorra en dolo ou morosidade nos actos de comunicación dos que asumise a práctica ou non respecte algunha das formalidades legais establecidas, causándolle prexuízo a terceiro, será responsable dos danos e perdas ocasionados e poderá ser sancionado conforme o disposto nas normas legais ou estatutarias.

CAPÍTULO VI

Do auxilio xudicial

Artigo 169. *Casos en que procede o auxilio xudicial.*

1. Os tribunais civís están obrigados a se prestaren auxilio nas actuacións que, tendo sido ordenadas por un, requiran a colaboración doutro para a súa práctica.

2. Solicitarase o auxilio xudicial para as actuacións que teñan de efectuarse fóra da circunscrición do tribunal que coñeza do asunto, incluídos os actos de recoñecemento xudicial, cando o tribunal non considere posible ou conveniente facer uso da facultade que lle concede esta lei de desprazarse fóra da súa circunscrición para as practicar.

3. Tamén poderá pedirse o auxilio xudicial para as actuacións que teñan de practicarse fóra do termo municipal en que teña a súa sede o tribunal que as ordenou, pero dentro do partido xudicial ou circunscrición correspondente.

4. O interrogatorio das partes, a declaración das testemuñas e a ratificación dos peritos realizarase na sede do xulgado ou tribunal que estea coñecendo do asunto de que se trate, aínda que o domicilio das persoas mencionadas se encontre fóra da circunscrición xudicial correspondente.

Só cando por razón da distancia, dificultade do desprazamento, circunstancias persoais da parte, da testemuña ou do perito, ou por calquera outra causa de análogas características resulte imposible ou moi gravosa a comparecencia das persoas citadas na sede do xulgado ou tribunal, se poderá solicita-lo auxilio xudicial para a práctica dos actos de proba sinalados no parágrafo anterior.

Artigo 170. *Órgano ó que lle corresponde presta-lo auxilio xudicial.*

Corresponderalle presta-lo auxilio xudicial ó xulgado de primeira instancia do lugar na circunscrición do cal deba practicarse. Non obstante o anterior, se no dito lugar ten a súa sede un xulgado de paz, e o auxilio xudicial consiste nun acto de comunicación, corresponderalle a este practica-la actuación.

Artigo 171. *Exhorto.*

1. O auxilio xudicial será solicitado polo tribunal que o requira mediante exhorto dirixido ó tribunal que deba prestalo e que conterà:

1.º A designación dos tribunais exhortante e exhortado.

2.º A indicación do asunto que motiva a expedición do exhorto.

3.º A designación das persoas que sexan parte no asunto, así como dos seus representantes e defensores.

4.º A indicación das actuacións das que se solicita a práctica.

5.º Cando as actuacións solicitadas deban practicarse dentro dun prazo, indicárase tamén a data na que este finaliza.

6.º Se para o cumprimento do exhorto fose preciso xuntar documentos, farase expresa mención de todos eles.

2. A expedición e autorización dos exhortos corresponderalle ó secretario xudicial.

Artigo 172. *Remisión do exhorto.*

1. Os exhortos remitiráselle directamente ó órgano exhortado por medio do sistema informático xudicial ou de calquera outro sistema de comunicación que garanta a constancia da recepción.

2. Non obstante, se a parte á que lle interese o cumprimento do exhorto así o solicita, entregaráselle este baixo a súa responsabilidade, para que o presente no órgano exhortado dentro dos cinco días seguintes. Neste caso, o exhorto expresará a persoa que queda encargada da súa xestión, que só poderá se-lo propio litigante ou o procurador habilitado para actuar ante o tribunal que deba presta-lo auxilio.

3. As demais partes poderán tamén designar procurador habilitado para actuar ante o xulgado que deba presta-lo auxilio, cando desexen que as resolucións que se dicten para o cumprimento do exhorto lles sexan notificadas. O mesmo poderá face-la parte interesada no cumprimento do exhorto, se non solicitou que se lle entregue este para os efectos previstos no número anterior. Tales designacións faranse constar na documentación do exhorto.

4. Se o exhorto foi remitido a un órgano diferente ó que deba presta-lo auxilio, o que o reciba enviarallo directamente ó que corresponda, se é que lle consta cále este, dándolle conta da súa remisión ó exhortante.

Artigo 173. *Cumprimento do exhorto.*

O órgano xurisdiccional que reciba o exhorto disporá o seu cumprimento e o necesario para se practicaren as actuacións que nel se soliciten dentro do prazo sinalado.

Cando non ocorra así, o tribunal exhortante, de oficio ou por instancia de parte, lembraralle ó exhortado a urxencia do cumprimento. Se a situación persiste, o tribunal que solicitou o auxilio porá os feitos en coñecemento da sala de goberno correspondente ó tribunal exhortado.

Artigo 174. *Intervención das partes.*

1. As partes e os seus avogados e procuradores poderán intervir nas actuacións que se practiquen para o cumprimento do exhorto.

Non obstante, as resolucións que se dicten para o cumprimento do exhorto só se lles notificarán ás partes que designaron procurador para intervir na súa tramitación.

2. Se non se designou procurador, non se lles farán ás partes outras notificacións que as que esixa o cumprimento do exhorto, cando este preveña que se practique algunha actuación con citación, intervención ou concorrencia das partes, e as que sexan precisas para requirir destas que proporcionen datos ou noticias que poidan facilitar aquel cumprimento.

Artigo 175. *Devolución do exhorto.*

1. Cumprido o exhorto, comunicaráselle ó exhortante o seu resultado por medio do sistema informático xudicial ou de calquera outro sistema de comunicación que garanta a constancia da recepción.

2. As actuacións de auxilio xudicial practicadas remitiranse por correo certificado ou entregaráselle ó litigante ou ó procurador ó que se lle encomendase a xestión do exhorto, que as presentará no órgano exhortante dentro dos dez días seguintes.

Artigo 176. *Falta de dilixencia das partes no auxilio xudicial.*

O litigante que, sen xusta causa, demore a presentación ó exhortado ou a devolución ó exhortante dos despachos dos que lle foi confiada a xestión será corrixido con multa de 5.000 pesetas por cada día de demora respecto do final do prazo establecido, respectivamente, no número 2 do artigo 172 e no número 2 do artigo anterior.

Artigo 177. *Cooperación xudicial internacional.*

1. Os despachos para a práctica de actuacións xudiciais no estranxeiro cursaranse conforme o establecido nos tratados internacionais en que España sexa parte e, no seu defecto, na lexislación interna que resulte aplicable.

2. O disposto polas ditas normas aplicarase tamén cando as autoridades xudiciais estranxeiras soliciten a cooperación dos xulgados e tribunais españois.

CAPÍTULO VII

Da substanciación, vista e decisión dos asuntos

SECCIÓN 1.ª DO DESPACHO ORDINARIO

Artigo 178. *Dación de conta.*

1. Para o despacho ordinario darán conta os secretarios xudiciais á sala, ó relator ou ó xuíz, en cada caso, dos escritos e documentos presentados no mesmo día da súa presentación ou no seguinte día hábil.

O mesmo farán respecto das actas que se autorizasen fóra da presenza xudicial.

2. Tamén se dará conta, no seguinte día hábil, do transcurso dos prazos procesuais e do conseguinte estado dos autos, así como das dilixencias de ordenación que se dictasen.

3. Sempre que sexa necesario polo volume de asuntos pendentes, o secretario xudicial, logo de consentimento do presidente ou do xuíz, poderá delega-la dación de conta nun funcionario do tribunal ou xulgado.

Artigo 179. *Impulso procesual e suspensión do proceso por acordo das partes.*

1. Agás que a lei dispoña outra cousa, o órgano xurisdiccional daralle de oficio ó proceso o curso que corresponda, dictando para o efecto as resolucións necesarias.

2. O curso do procedemento poderase suspender de conformidade co que se establece no número 4 do artigo 19 da presente lei, e proseguirse se o solicita calquera das partes. Se, transcorrido o prazo polo que se acordou a suspensión, ninguén pide, nos cinco días seguintes, a prosecución do proceso, archivaranse provisionalmente os autos e permanecerán en tal situación mentres non se solicite a continuación do proceso ou se produza a caducidade de instancia.

Artigo 180. *Maxistrado relator.*

1. Nos tribunais colexiados, para cada asunto será designado un maxistrado relator segundo a quenda establecida para a sala ou sección ó principio do ano xudicial, exclusivamente sobre a base de criterios obxectivos.

2. A designación farase na primeira resolución que se dicte no proceso e notificaráselles ás partes o nome do maxistrado relator e, se é o caso, do que consonte a quenda xa establecida o substitúa, con expresión das causas que motiven a substitución.

3. Na designación de relator aquendaranse tódolos maxistrados da sala ou sección, incluídos os presidentes.

Artigo 181. *Funcións do maxistrado relator.*

Nos tribunais colexiados, corresponderalle ó maxistrado relator:

1.º O despacho ordinario e o coidado da tramitación dos asuntos que lle fosen aquendados.

2.º Examina-la proposición de medios de proba que as partes presenten e informar sobre a súa admisibilidade, pertinencia e utilidade.

3.º Informar sobre os recursos interpostos contra as decisións do tribunal.

4.º Dicta-las providencias e propo-las demais resolucións que deba dicta-lo tribunal.

5.º Redacta-las resolucións que dicte o tribunal, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 203.

SECCIÓN 2.ª DAS VISTAS**Artigo 182. *Sinalamento das vistas.***

1. Corresponderalle ó presidente, nos tribunais colexiados, ou ó xuíz, nos unipersoais, face-los sinalamentos das vistas, mediante providencia.

2. Salvo as excepcións legalmente establecidas, os sinalamentos faranse a medida que os procedementos cheguen ó estado en que deba celebrarse unha vista e pola orde en que cheguen a ese estado, sen necesidade de o pediren as partes.

Artigo 183. *Solicitud de novo sinalamento de vista.*

1. Se a calquera dos que teñan que acudir a unha vista lles resulta imposible asistir a ela no día sinalado, por causa de forza maior ou por outro motivo de análoga entidade, manifestarallo de inmediato ó tribunal, acreditando cumpridamente a causa ou motivo e solicitando sinalamento de nova vista ou resolución do tribunal que atenda á situación.

2. Cando sexa o avogado dunha das partes quen considere imposible acudir á vista, se se considera atendible e acreditada a situación que se alegue, o tribunal fará un novo sinalamento de vista.

3. Cando sexa a parte quen alegue a situación de imposibilidade, prevista no número primeiro, o tribunal, se considera atendible e acreditada a situación que se alegue, adoptará unha das seguintes resolucións:

1.ª Se a vista é de procesos nos que a parte non está asistida de avogado ou representada por procurador, o tribunal efectuará un novo sinalamento.

2.ª Se a vista é para actuacións en que, aínda estando a parte asistida por avogado ou representada por procurador, é necesaria a presenza persoal da parte, o tribunal efectuará igualmente un novo sinalamento de vista.

En particular, se a parte foi citada á vista para responder ó interrogatorio regulado nos artigos 301 e

seguintes, o tribunal efectuará un novo sinalamento, coas citacións que sexan procedentes. O mesmo resolverá cando estea citada para interrogatorio unha parte contraria á que alegou e acredita a imposibilidade de asistir.

4. Cando unha testemuña ou un perito que fose citado a vista polo tribunal manifeste e acredite encontrarse na mesma situación de imposibilidade expresada no primeiro número deste precepto, o tribunal, se acepta a escusa, decidirá, oídas as partes no prazo común de tres días, se deixa sen efecto o sinalamento da vista e efectúa un novo ou se cita a testemuña ou perito para a práctica da actuación probatoria fóra da vista sinalada.

Se o tribunal non considera atendible ou acreditada a escusa da testemuña ou do perito, manterá o sinalamento da vista e notificarállelo así a aqueles, requiríndoos para compareceren, co apercibimento que prevé o número segundo do artigo 292.

5. Cando o tribunal, ó resolver sobre as situacións a que se refiren os números anteriores, aprecie que o avogado, o litigante, o perito ou a testemuña procederon con dilación inxustificada ou sen fundamento ningún, poderalles impor multa de ata cen mil pesetas, sen prexuízo do que resolva sobre o novo sinalamento.

Artigo 184. *Tempo para a celebración de vistas.*

1. Para a celebración das vistas poderanse empregar tódalas horas hábiles e habilitadas do día nunha ou máis sesións e, en caso necesario, continua-lo día ou días seguintes.

2. Agás nos casos en que a lei dispoña outra cousa, entre o sinalamento e a celebración da vista deberán mediar, polo menos, dez días hábiles.

Artigo 185. *Celebración das vistas.*

1. Constituído o tribunal na forma que dispón esta lei, o xuíz ou presidente declarará que se proceda a celebrar vista pública, excepto cando o acto se celebre a porta pechada. Iniciada a vista, o secretario xudicial relacionará sucintamente os antecedentes do caso ou as cuestións que se vaian tratar.

2. A seguir, informarán, pola súa orde, o demandante e o demandado ou o recorrente e o recorrido, por medio dos seus avogados, ou as partes mesmas, cando a lei o permita.

3. Se se tivese admitido proba para o acto da vista, procederase á súa práctica conforme o disposto nas normas que a regulan.

4. Concluída a práctica de proba ou, se esta non se produciu, finalizada a primeira quenda de intervencións, o xuíz ou presidente concederalles de novo a palabra ás partes para rectificaren feitos ou conceptos e, se é o caso, formularen concisamente as alegacións que conveñan ó seu dereito sobre o resultado das probas practicadas.

Artigo 186. *Dirección dos debates.*

Durante o desenvolvemento das vistas, correspón-delle ó xuíz ou presidente a dirección dos debates e, en particular:

1.º Manter, con tódolos medios ó seu alcance, a boa orde nas vistas, esixindo que se garde o respecto e consideración debidos ós tribunais e a quen se ache actuando ante eles, corrixindo no acto as faltas que se cometan do modo que se dispón na Lei orgánica do Poder Xudicial.

2.º Axiliza-lo desenvolvemento das vistas, para o cal chamará a atención do avogado ou da parte que nas

súas intervencións se separen notoriamente das cuestións que se debatan, instándooas a evitar divagacións innecesarias, e se non atenden á segunda advertencia que en tal sentido se lles formule, poderá retirár-lle-lo uso da palabra.

Artigo 187. Documentación das vistas.

1. O desenvolvemento da vista rexistrárase en soporte apto para a gravación e reprodución do son e da imaxe ou, se non for posible, só do son, conforme o disposto no artigo 147 desta lei. Nestes casos, se o tribunal o considera oportuno, uniráselle ós autos, no prazo máis breve posible, unha transcripción escrita do que quedase rexistrado nos soportes correspondentes.

As partes poderán en todo caso solicitar á súa custa unha copia dos soportes en que quedase gravada a vista.

2. Se os medios de rexistro a que se refire o número anterior non puidesen utilizarse por calquera causa, a vista documentárase por medio de acta realizada polo secretario xudicial.

Artigo 188. Suspensión das vistas.

1. A celebración das vistas no día sinalado só poderá suspenderse, mediante providencia:

1.º Por impedila a continuación doutra pendente do día anterior.

2.º Por falta-lo número de maxistrados necesario para dictar resolución ou por indisposición sobrevida do xuíz ou do secretario xudicial, se non pode ser substituído.

3.º Por solicitalo de acordo as partes, alegando xusta causa a xuízo do tribunal.

4.º Por imposibilidade absoluta de calquera das partes citadas para seren interrogadas no xuízo ou vista, sempre que tal imposibilidade, xustificada suficientemente a xuízo do tribunal, se tivese producido cando xa non fose posible solicitar un novo sinalamento conforme o disposto no artigo 183.

5.º Por morte, enfermidade ou imposibilidade absoluta do avogado da parte que pediu a suspensión, xustificadas suficientemente, a xuízo do tribunal, sempre que tales feitos se tivesen producido cando xa non fose posible solicitar un novo sinalamento conforme o disposto no artigo 183.

6.º Por te-lo avogado defensor dous sinalamentos de vista para o mesmo día en distintos tribunais, resultando imposible, polo horario fixado, a súa asistencia a ambos, sempre que acredite suficientemente que, ó abeiro do artigo 183, intentou, sen resultado, un novo sinalamento que evitase a coincidencia.

Neste caso, terá preferencia a vista relativa a causa criminal con preso e, en defecto desta actuación, a do sinalamento máis antigo, e se os dous sinalamentos fosen da mesma data, suspenderase a vista correspondente ó procedemento máis moderno.

Non se acordará a suspensión da vista se a comunicación da solicitude para que aquela se acorde se produce con máis de tres días de demora desde a notificación do sinalamento que se reciba en segundo lugar. Para estes efectos deberá xuntárselle á solicitude copia da notificación do citado sinalamento.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás vistas relativas a causa criminal con preso, sen prexuízo da responsabilidade en que se puido ter incorrido.

7.º Por terse acordado a suspensión do curso das actuacións ou resultar procedente tal suspensión de acordo co disposto por esta lei.

2. Toda suspensión que o tribunal acorde comunicárselle inmediatamente ás partes comparecidas e a quen fose citado xudicialmente en calidade de testemuña, perito ou noutra condición.

Artigo 189. Novo sinalamento das vistas suspendidas.

1. En caso de suspensión da vista farase o novo sinalamento ó acordarse a suspensión e, se non for posible, tan pronto como desapareza o motivo que a ocasionou.

2. O novo sinalamento farase para o día máis inmediato posible, sen altera-la orde dos que xa estean feitos.

Artigo 190. Cambios no persoal xulgador despois do sinalamento de vistas e posible recusación.

1. Cando despois de efectuado o sinalamento e antes da celebración da vista cambiase o xuíz ou algún maxistrado integrante do tribunal, tan axiña como isto ocorra e, en todo caso, antes de darse principio á vista, faránselles sabe-los ditos cambios ás partes, sen prexuízo de proceder á celebración dela, a non ser que no acto fose recusado, aínda que sexa verbalmente, o xuíz ou algún dos maxistrados que, como consecuencia do cambio, pasasen a formar parte do tribunal.

2. Se se formula a recusación a que se refire o número anterior, suspenderase a vista e tramitarase o incidente segundo o disposto nesta lei, facéndose o novo sinalamento unha vez resolta a recusación.

A recusación que se formule verbalmente deberá conter expresión sucinta da causa ou causas e deberá formalizarse por escrito no prazo de tres días. De non facerse así dentro do dito prazo, non será admitida e impóráselle ó recusante unha multa de 25.000 a 100.000 pesetas, condenándoo, ademais, ó pagamento das costas ocasionadas coa suspensión. Na mesma resolución farase o novo sinalamento para a vista o antes posible.

Artigo 191. Recusación posterior á vista.

1. No caso de cambio de xuíz ou de maxistrado ou maxistrados, a que se refire o número 1 do artigo anterior, se se celebrou a vista por non ter mediado recusación, se o tribunal é unipersoal, deixará o xuíz transcorrer tres días antes de dicta-la resolución e de se tratar de tribunal colexiado, suspenderase por tres días a discusión e votación dela.

2. Dentro do prazo a que se refire o número precedente poderán ser recusados o xuíz ou os maxistrados que entrasen a formar parte do tribunal despois do sinalamento, e se as partes non fixesen uso dese dereito, empezará a corre-lo prazo para dictar resolución.

3. No caso a que se refire o presente artigo só se admitirán as recusacións baseadas en causas que non puideron coñecerse antes do comezo da vista.

Artigo 192. Efectos da decisión da recusación formulada despois da vista.

Se se declara procedente, por medio de auto, a recusación formulada conforme o previsto no artigo anterior, quedará sen efecto a vista e verificarase de novo no día máis próximo que poida sinalarse, ante xuíz ou con maxistrados hábiles en substitución dos recusados.

Cando se declare non haber lugar á recusación, dictarán a resolución o xuíz ou os maxistrados que asistisen á vista, comezando a corre-lo prazo para a dictar ó día seguinte da data en que se decidise sobre a recusación.

Artigo 193. Interrupción das vistas.

1. Unha vez iniciada a celebración dunha vista, só poderá interromperse:

1.º Cando o tribunal deba resolver algunha cuestión incidental que non poida decidir no acto.

2.º Cando se deba practicar algunha dilixencia de proba fóra da sede do tribunal e non poida verificarse no tempo intermedio entre unha e outra sesión.

3.º Cando non comparezan as testemuñas ou os peritos citados xudicialmente e o tribunal considere imprescindible a declaración ou o informe deles.

4.º Cando, despois de iniciada a vista, se produza algunha das circunstancias que terían determinado a suspensión da súa celebración.

2. A vista proseguirase unha vez desaparecida a causa que motivou a súa interrupción.

3. Cando non poida proseguirse a vista dentro dos vinte días seguintes á súa interrupción procederase á celebración dunha nova vista, facéndose o oportuno sinalamento para a data máis inmediata posible.

O mesmo se fará, aínda que non transcorrese o dito prazo, sempre que deba ser substituído o xuíz ante o que comezou a celebrarse a vista interrompida e, tratándose de tribunais colexiados, cando a vista non poida proseguirse con maxistrados dos que xa actuaron nela en número suficiente para dictar resolución.

SECCIÓN 3.ª DAS VOTACIÓNS E RESOLUCIÓNS DOS ASUNTOS

Artigo 194. *Xuíces e maxistrados ós que corresponde resolve-los asuntos.*

1. Nos asuntos que deban resolverse despois da celebración dunha vista ou xuízo, a redacción e sinatura da resolución, nos tribunais unipersoais, ou a deliberación e votación, nos tribunais colexiados, serán realizadas, respectivamente, polo xuíz ou polos maxistrados que asistiron á vista ou ó xuízo, aínda que despois desta aqueles deixasen de exercer-las súas funcións no tribunal que coñeza do asunto.

2. Exceptúanse do disposto no número anterior os xuíces e maxistrados que, despois da vista ou xuízo:

1.º Perdesen a condición de xuíz ou maxistrado.

Aplicarase, non obstante, o disposto no número 1 deste artigo ós xuíces e maxistrados xubilados por idade e ós xuíces substitutos e maxistrados suplentes que cesasen no cargo por renuncia, transcurso do prazo para o que foron nomeados ou por cumpriren a idade de setenta e dous anos.

2.º Fosen suspendidos do exercicio das súas funcións.

3.º Accedesen a cargo público ou profesión incompatible co exercicio da función xurisdiccional ou pasasen á situación de excedencia voluntaria para se presentaren como candidatos a cargos de elección popular.

Artigo 195. *Información dos maxistrados sobre o contido dos autos en tribunais colexiados.*

1. O relator terá ó seu dispor os autos para dictar sentenza ou resolución decisoria de incidentes ou recursos, e os demais membros do tribunal poderán examinar aqueles en calquera tempo.

2. Concluída a vista nos asuntos en que esta preceda á decisión ou, noutro caso, desde o día en que o presidente faga o sinalamento para a deliberación, votación e resolución, calquera dos maxistrados poderá pedi-los autos para o seu estudo.

Cando os pidan varios, o que presida fixará o tempo polo que os deba ter cada un, de modo que poidan dictarse as sentencias dentro do prazo sinalado para isto.

Artigo 196. *Deliberación e votación das resolucións en tribunais colexiados.*

Nos tribunais colexiados discutiranse e votaranse as resolucións inmediatamente despois da vista, se esta

se celebra e, noutro caso, sinalará o presidente o día en que se vaian discutir e votar, dentro do prazo sinalado pola lei.

Artigo 197. *Forma da discusión e votación das resolucións nos tribunais colexiados.*

1. Nos tribunais colexiados, a discusión e votación das resolucións será dirixida polo presidente e verificarase sempre a porta pechada.

2. O maxistrado relator someterá á deliberación da sala ou sección os puntos de feito e as cuestións e fundamentos de dereito, así como a decisión que, ó seu xuízo, deba recaer e, logo da discusión necesaria, procederase á votación.

Artigo 198. *Votación das resolucións.*

1. O presidente poderá acordar que a votación teña lugar separadamente sobre os distintos pronunciamentos de feito ou de dereito que deban facerse, ou sobre parte da decisión que deba dictarse.

2. Votará primeiro o relator e despois os restantes maxistrados, pola orde inversa á súa antigüidade. O presidente votará o último.

3. Comezada a votación, non poderá interromperse senón por algún impedimento insuperable.

Artigo 199. *Voto de maxistrados impedidos despois da vista.*

1. Se despois da vista se imposibilitase algún maxistrado, de xeito que non poida asistir á discusión e votación, dará o seu voto por escrito, fundado e asinado, e remitirallo directamente ó presidente do tribunal. Se non puidese escribir nin asinar, valerase do secretario do tribunal.

O voto así emitido computarase cos demais e conservarase, rubricado polo que presida, co libro de sentencias.

2. Cando o maxistrado impedido non poida votar nin sequera daquel modo, decidirán o asunto os demais maxistrados que asistisen á vista, se compuxesen os necesarios para formar maioría. Se non os houberse, procederase a unha nova vista, con asistencia dos que concorresen á anterior e daquel ou aqueles que deban substituí-los impedidos, sendo neste caso aplicable o disposto nos artigos do 190 ó 192 da presente lei.

3. O disposto no número anterior aplicarase tamén cando algún dos maxistrados que participaron na vista non poida intervir na deliberación e votación por se achar nalgún dos casos previstos no número 2 do artigo 194.

Artigo 200. *Impedimento do xuíz que asistise á vista.*

Nos tribunais unipersoais, cando despois da vista se imposibilite o xuíz que asistiu a ela e non poida dicta-la resolución nin sequera coa asistencia do secretario xudicial, celebrarase unha nova vista presidida polo xuíz que substitúa o impedido.

O mesmo se fará cando o xuíz que participou na vista non poida dicta-la resolución por se achar comprendido nalgún dos casos previstos no número 2 do artigo 194.

Artigo 201. *Maioría de votos.*

Nos tribunais colexiados, os autos e sentencias dictaranse por maioría absoluta de votos, salvo que expresamente a lei sinala unha proporción maior.

En ningún caso se poderá esixir un número determinado de votos conformes que desvirtúe a regra da maioría.

Artigo 202. *Discordias.*

1. Cando na votación dunha resolución non resultar maioría de votos sobre calquera dos pronunciamentos de feito ou de dereito que deban facerse, volveranse a discutir e a votarse os puntos en que disintisen os votantes.

2. Se non se obtén acordo, a discordia resolverase mediante celebración de nova vista, concorrendo os maxistrados que asistisen á primeira, aumentándose dous máis, se foi impar o número dos discordantes, e tres no caso de ter sido par. Concorrerá para isto, en primeiro lugar, o presidente da sala ou sección, se non asistiu xa; en segundo lugar, os maxistrados da mesma sala que non visen o preito; en terceiro lugar, o presidente da audiencia; e, finalmente, os maxistrados das demais salas ou seccións, con preferencia dos da mesma orde xurisdiccional, segundo a orde que acorde a sala de goberno.

3. O que deba presidi-la sala composta segundo o número anterior fará o sinalamento, mediante providencia, das vistas de discordia e designacións oportunas.

4. Cando na votación dunha resolución pola sala prevista no segundo número deste artigo non se reúna tampouco maioría sobre os puntos en discordia, procederase a unha nova votación, sometendo só a esta os dous pareceres que obtivesen maior número de votos na precedente.

Artigo 203. *Redacción das resolucións nos tribunais colexiados.*

Nos tribunais colexiados correspóndelle ó relator redactar as resolucións que se sometesen a discusión da sala ou sección, se se conformou co acordado.

Cando o relator non se conformase co voto da maioría, declinará a redacción da resolución e deberá formular motivadamente o seu voto particular. Neste caso, o presidente encomendaralle a redacción a outro maxistrado e disporá a rectificación necesaria na quenda de relatorios para restablece-la igualdade nela.

Artigo 204. *Sinatura das resolucións.*

1. As resolucións xudiciais serán asinadas polo xuíz ou por tódolos maxistrados non impedidos dentro do prazo establecido para as dictar.

2. Cando despois de decidido o asunto por un tribunal colexiado se imposibilite algún maxistrado dos que votaron e non poida asina-la resolución, o que presidiu farao por el, expresando o nome do maxistrado por quen asina e facendo constar que o maxistrado imposibilitado votou pero non puido asinar.

Se o impedido fose o presidente, o maxistrado máis antigo asinará por el.

3. As resolucións xudiciais deberán ser autorizadas ou publicadas mediante sinatura polo secretario xudicial, baixo pena de nulidade.

Artigo 205. *Votos particulares.*

1. Todo o que tome parte na votación dunha sentenza ou auto definitivo asinará o acordado, mesmo que disintese da maioría; pero poderá, neste caso, anunciando no momento da votación ou no da sinatura, formular voto particular, en forma de sentenza, na que poderán aceptarse, por remisión, os puntos de feito e fundamentos de dereito da dictada polo tribunal cos que estea conforme.

2. O voto particular, coa sinatura do autor, incorporarse ó libro de sentencias e notificaráselles ás partes xunto coa sentenza aprobada por maioría. Cando, de

acordo coa lei, sexa preceptiva a publicación da sentenza, o voto particular, se o hai, deberase publicar xunto a ela.

3. Tamén se poderá formular voto particular, con suxeición ó disposto nos números anteriores, no que resulte aplicable, respecto dos autos e providencias sucintamente motivadas.

CAPÍTULO VIII**Das resolucións xudiciais e das dilixencias de ordenación****SECCIÓN 1.^a DAS CLASES, FORMA E CONTIDO DAS RESOLUCIÓNS E DO MODO DE AS DICTAR, PUBLICAR E ARQUIVAR****Artigo 206. *Clases de resolucións xudiciais.***

1. As resolucións dos tribunais civís denominaranse providencias, autos e sentencias.

2. Nos procesos de declaración, cando a lei non exprese a clase de resolución que teña que empregarse, observaranse as seguintes regras:

1.^a Dictarase providencia cando a resolución non se limite á aplicación de normas de impulso procesual, senón que se refira a cuestións procesuais que requiran unha decisión xudicial, ben por establecelo a lei, ben por derivarse delas cargas ou por afectar dereitos procesuais das partes, sempre que en tales casos non se esixa expresamente a forma de auto.

2.^a Dictaranse autos cando se decidan recursos contra providencias, cando se resolva sobre admisión ou inadmisión de demanda, reconvenção e acumulación de accións, sobre presupostos procesuais, admisión ou inadmisión da proba, aprobación xudicial de transaccións e convenios, anotacións e inscricións rexistras, medidas cautelares, nulidade ou validez das actuacións e calquera cuestión incidental, teñan ou non sinalada nesta lei tramitación especial.

Tamén revestirán a forma de auto as resolucións que poñan fin ás actuacións dunha instancia ou recurso antes de que conclúa a súa tramitación ordinaria.

3.^a Dictarase sentenza para pór fin ó proceso, en primeira ou segunda instancia, unha vez que concluíse a súa tramitación ordinaria prevista na lei. Tamén se resolverán mediante sentenza os recursos extraordinarios e os procedementos para a revisión de sentencias firmes.

3. Nos procesos de execución seguiranse, no que resulten aplicables, as regras establecidas nos números anteriores.

Artigo 207. *Resolucións definitivas. Resolucións firmes. Causa xulgada formal.*

1. Son resolucións definitivas as que poñen fin á primeira instancia e as que deciden os recursos interpostos fronte a elas.

2. Son resolucións firmes aquelas contra as que non cabe ningún recurso ben por non prevelo a lei, ben porque, estando previsto, transcorreu o prazo legalmente fixado sen que ningunha das partes o presentase.

3. As resolucións firmes pasan en autoridade de causa xulgada e o tribunal do proceso en que recaesen deberá aterse en todo caso ó disposto nelas.

4. Transcorridos os prazos previstos para recorrer contra unha resolución sen tela impugnado, quedará firme e pasada en autoridade de causa xulgada, e o tribunal do proceso en que recaia deberá aterse en todo caso ó disposto nela.

Artigo 208. Forma das resolucións.

1. As providencias limitaranse a expresa-lo que por elas se mande e incluírán ademais unha sucinta motivación cando así o dispoña a lei ou o tribunal o estime conveniente.

2. Os autos e as sentencias serán sempre motivados e conterán, en parágrafos separados e numerados, os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito nos que se basee a subseguinte parte dispositiva ou resolución.

3. Tódalas resolucións incluírán a mención do lugar e data en que se adopten e a indicación do tribunal que as dicte, con expresión do xuíz ou maxistrados que o integren e a súa sinatura e indicación do nome do relator, cando o tribunal sexa colexiado.

No caso de providencias dictadas por salas de xustiza, abondará coa sinatura do relator.

4. Ó se notifica-la resolución ás partes indícarase se esta é firme ou se cabe algún recurso contra ela, con expresión, neste último caso, do recurso que proceda, do órgano ante o que debe interporse e do prazo para recorrer.

Artigo 209. Regras especiais sobre forma e contido das sentencias.

As sentencias formularanse conforme o disposto no artigo anterior e con suxeición, ademais, ás seguintes regras:

1.^a No encabezamento deberán expresarse os nomes das partes e, cando sexa necesario, a lexitimación e representación en virtude das cales actúen, así como os nomes dos avogados e procuradores e o obxecto do xuízo.

2.^a Nos antecedentes de feito consígnanse, coa claridade e a concisión posibles e en parágrafos separados e numerados, as pretensións das partes ou intereseados, os feitos en que as funden, que fosen alegados oportunamente e teñan relación coas cuestións que teñan que se resolver, as probas que se propuxesen e practicasen e os feitos probados, de se-lo caso.

3.^a Nos fundamentos de dereito expresaranse, en parágrafos separados e numerados, os puntos de feito e de dereito fixados polas partes e os que ofrezan as cuestións controvertidas, dando as razóns e fundamentos legais da resolución que deba dictarse, con expresión concreta das normas xurídicas aplicables ó caso.

4.^a A parte dispositiva, que se acomodará ó previsto nos artigos 216 e seguintes, conterá, numerados, os pronunciamentos correspondentes ás pretensións das partes, aínda que a estimación ou desestimación de todas ou algunhas destas pretensións puidese deducirse dos fundamentos xurídicos, así como o pronunciamento sobre as custas. Tamén determinará, de se-lo caso, a cantidade obxecto da condena, sen que poida reservarse a súa determinación para a execución da sentenza, sen prexuízo do disposto no artigo 219 desta lei.

Artigo 210. Resolucións orais.

1. Agás que a lei permita diferi-lo pronunciamento, as resolucións que deban dictarse na celebración dunha vista, audiencia ou comparecencia perante o tribunal pronunciaranse oralmente no mesmo acto, documentándose este con expresión da parte dispositiva e motivación breve daquelas resolucións.

2. Pronunciada oralmente unha resolución, se tódalas persoas que foron parte no xuízo están presentes no acto, por si ou debidamente representadas, e expresan a súa decisión de non interporse recurso, o tribunal declarará, no mesmo acto, a firmeza da resolución.

Fóra deste caso, o prazo para recorrer comezará a contar desde a notificación da resolución debidamente redactada.

3. En ningún caso se ditarán oralmente sentencias en procesos civís.

Artigo 211. Prazo para dicta-las resolucións xudiciais.

1. As providencias, os autos e as sentencias serán dictados dentro do prazo que a lei estableza.

2. A inobservancia do prazo dará lugar a corrección disciplinaria, de non mediar xusta causa, que se fará constar na resolución.

Artigo 212. Publicación e arquivo das sentencias.

1. As sentencias e demais resolucións definitivas, unha vez redactadas e asinadas polo xuíz ou por tódolos maxistrados que as dictaron, serán notificadas e arquivadas na secretaría do tribunal, e daráselles publicidade na forma permitida ou ordenada pola Constitución e as leis.

2. Os secretarios xudiciais porán nos autos certificación literal das sentencias e demais resolucións definitivas.

Artigo 213. Libro de sentencias.

En cada tribunal levarase, baixo a custodia do secretario xudicial, un libro de sentencias, no que se incluírán asinadas tódalas definitivas, os autos de igual carácter, así como os votos particulares que se formulasen, que serán ordenados correlativamente segundo a súa data.

Artigo 214. Invariabilidade das resolucións. Aclaración e corrección.

1. Os tribunais non poderán varia-las resolucións que pronuncien despois de asinadas, pero si aclarar algún concepto escuro e rectificar calquera erro material que padezan.

2. As aclaracións a que se refire o número anterior poderán facerse de oficio dentro dos dous días hábiles seguintes ó da publicación da resolución, ou a pedimento de parte ou do Ministerio Fiscal formulada dentro do mesmo prazo; neste caso será resolta polo tribunal dentro dos tres días seguintes ó da presentación do escrito en que se solicite a aclaración.

3. Os erros materiais manifestos e os aritméticos en que incorran as resolucións xudiciais poderán ser rectificadas en calquera momento.

Artigo 215. Emenda e complemento de sentencias e autos defectuosos ou incompletos.

1. As omisións ou defectos que poidan padecer sentencias e autos e que sexa necesario remediar para levar plenamente a efecto estas resolucións poderán ser emendadas, mediante auto, nos mesmos prazos e polo mesmo procedemento establecidos no artigo anterior.

2. De tratarse de sentencias ou autos que omitisen manifestamente pronunciamentos relativos a pretensións oportunamente deducidas e substanciadas no proceso, o tribunal, por solicitude escrita de parte no prazo de cinco días contados desde a notificación da resolución, logo de traslado da dita solicitude ás demais partes, para alegacións escritas por outros cinco días, dictará auto polo que resolverá completa-la resolución co pronunciamento omitido ou que non procede completala.

3. Se o tribunal advirte en sentencias ou autos que dictou as omisións a que se refire o número anterior, poderá, no prazo de cinco días contados desde a data

en que se dicta, proceder de oficio, mediante auto, a completa-la súa resolución, pero sen modificar nin rectificalo que acordase.

4. Non caberá ningún recurso contra os autos en que se completen ou se denegue completa-las resolucións a que se refiren os anteriores números deste artigo, sen prexuízo dos recursos que procedan, de se-lo caso, contra a sentenza ou auto a que se refira a solicitude ou a actuación de oficio do tribunal. Os prazos para estes recursos, de seren procedentes, comezarán a computarse desde o día seguinte ó da notificación do auto que recoñecese ou negase a omisión de pronunciamento e acordase ou denegase remediala.

SECCIÓN 2.^a DOS REQUISITOS INTERNOS DA SENTENCIA E DOS SEUS EFECTOS

Artigo 216. *Principio de xustiza rogada.*

Os tribunais civís decidirán os asuntos en virtude das achegas de feitos, probas e pretensións das partes, excepto cando a lei dispoña outra cousa en casos especiais.

Artigo 217. *Carga da proba.*

1. Cando, no momento de dictar sentenza ou resolución semellante, o tribunal considerase dubidosos uns feitos relevantes para a decisión, desestimarás as pretensións do demandante ou do reconveniente, ou as do demandado ou reconvido, segundo corresponda a uns ou outros a carga de proba-los feitos que permanezan incertos e fundamenten as pretensións.

2. Correspóndelle ó demandante e ó demandado reconveniente a carga de proba-la certeza dos feitos dos que ordinariamente se desprenda, segundo as normas xurídicas a eles aplicables, o efecto xurídico correspondente ás pretensións da demanda e da reconvenición.

3. Incúmbelle ó demandado e ó demandante reconvido a carga de proba-los feitos que, conforme as normas que lles sexan aplicables, impidan, extingan ou enerven a eficacia xurídica dos feitos a que se refire o número anterior.

4. Nos procesos sobre competencia desleal e sobre publicidade ilícita corresponderalle ó demandado a carga da proba da exactitude e veracidade das indicacións e manifestacións realizadas e dos datos materiais que a publicidade exprese, respectivamente.

5. As normas contidas nos números precedentes aplicaranse sempre que unha disposición legal expresa non distribúa con criterios especiais a carga de proba-los feitos relevantes.

6. Para a aplicación do disposto nos números anteriores deste artigo o tribunal deberá ter presente a dispoñibilidade e facilidade probatoria que corresponde a cada unha das partes do litixio.

Artigo 218. *Exhaustividade e congruencia das sentencias. Motivación.*

1. As sentencias deben ser claras, precisas e congruentes coas demandas e coas demais pretensións das partes, deducidas oportunamente no preito. Farán as declaracións que aquelas esixan, condenando ou absolvendo o demandado e decidindo tódolos puntos litixiosos que fosen obxecto do debate.

O tribunal, sen se apartar da causa de pedir acudindo a fundamentos de feito ou de dereito distintos dos que as partes quixeron facer valer, resolverá conforme as normas aplicables ó caso, aínda que non fosen acertadamente citadas ou alegadas polos litigantes.

2. As sentencias motivaranse expresando os razoamentos fácticos e xurídicos que conducen á apreciación

e valoración das probas, así como á aplicación e interpretación do dereito. A motivación deberá incidir nos distintos elementos fácticos e xurídicos do preito, considerados individualmente e en conxunto, axustándose sempre ás regras da lóxica e da razón.

3. Cando os puntos obxecto do litixio fosen varios, o tribunal fará coa debida separación o pronunciamento correspondente a cada un deles.

Artigo 219. *Sentencias con reserva de liquidación.*

1. Cando se reclame en xuízo o pagamento dunha cantidade de diñeiro determinada ou de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase, a demanda non poderá limitarse a pretender unha sentenza simplemente declarativa do dereito a percibilos, senón que deberá solicitarse tamén a condena ó seu pagamento, cuantificando exactamente o seu importe, sen que poida solicitarse a súa determinación en execución de sentenza, ou fixando claramente as bases de acordo coas cales se deba efectua-la liquidación, de forma que esta consista nunha pura operación aritmética.

2. Nos casos a que se refire o número anterior, a sentenza de condena establecerá o importe exacto das cantidades respectivas, ou fixará con claridade e precisión as bases para a súa liquidación, que deberá consistir nunha simple operación aritmética que se efectuará na execución.

3. Fóra dos casos anteriores, non poderá o demandante pretender, nin se lle permitirá ó tribunal na sentenza, que a condena se efectúe con reserva de liquidación na execución. Non obstante o anterior, permitiráselle ó demandante solicitar, e ó tribunal sentenciar, a condena ó pagamento de cantidade de diñeiro, froitos, rendas, utilidades ou produtos cando esa sexa exclusivamente a pretensión formulada e se deixen para un preito posterior os problemas de liquidación concreta das cantidades.

Artigo 220. *Condenas de futuro.*

Cando se reclame o pagamento de xuros ou de prestacións periódicas, a sentenza poderá incluí-la condena a satisfacer-los xuros ou prestacións que se devenguen con posterioridade ó momento en que se dicte.

Artigo 221. *Sentencias dictadas en procesos promovidos polas asociacións de consumidores ou usuarios.*

Sen prexuízo do disposto nos artigos anteriores, as sentencias dictadas como consecuencia de demandas interpostas polas asociacións de consumidores ou usuarios coa lexitimación a que se refire o artigo 11 desta lei estarán suxeitas ás seguintes regras:

1.^a Se se pretendese unha condena en diñeiro, de facer, non facer ou dar cousa específica ou xenérica, a sentenza estimatoria determinará individualmente os consumidores e usuarios que, conforme as leis sobre a súa protección, deben entenderse beneficiados pola condena.

Cando a determinación individual non sexa posible, a sentenza establecerá os datos, características e requisitos necesarios para poder esixi-lo pagamento e, de se-lo caso, insta-la execución ou intervir nela, se a insta a asociación demandante.

2.^a Se, como presuposto da condena ou como pronunciamento principal ou único, se declara ilícita ou non conforme a lei unha determinada actividade ou conduta, a sentenza determinará se, conforme a lexislación

de protección ós consumidores e usuarios, a declaración debe producir efectos procesuais non limitados ós que foron parte no proceso correspondente.

3.^a Se compareceron consumidores ou usuarios determinados, a sentenza deberá pronunciarse expresamente sobre as súas pretensións.

Artigo 222. *Cousa xulgada material.*

1. A cousa xulgada das sentencias firmes, sexan estimatorias ou desestimatorias, excluírá, conforme a lei, un ulterior proceso que teña un obxecto idéntico ó do proceso en que aquela se produciu.

2. A cousa xulgada alcanza as pretensións da demanda e da reconvenção, así como os puntos a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 408 desta lei.

Consideraranse feitos novos e distintos, en relación co fundamento das referidas pretensións, os posteriores á completa preclusión dos actos de alegación no proceso en que aquelas se formulasen.

3. A cousa xulgada afectará as partes do proceso en que se dicte e os seus herdeiros e habentes-*causa*, así como os suxeitos, non litigantes, titulares dos dereitos que fundamenten a lexitimación das partes conforme o previsto no artigo 10 desta lei.

Nas sentencias sobre estado civil, matrimonio, filiación, paternidade, maternidade e incapacitación e reintegración da capacidade a cousa xulgada terá efectos fronte a todos a partir da súa inscrición ou anotación no Rexistro Civil.

As sentencias que se dicten sobre impugnación de acordos societarios afectarán a tódolos socios, aínda que non litigasen.

4. O resolto con forza de *cousa xulgada* na sentenza firme que puxese fin a un proceso vinculará o tribunal dun proceso posterior cando neste apareza como antecedente lóxico do que sexa o seu obxecto, sempre que os litigantes de ámbolos procesos sexan os mesmos ou a *cousa xulgada* se estenda a eles por disposición legal.

SECCIÓN 3.^a DAS DILIXENCIAS DE ORDENACIÓN

Artigo 223. *Dilixencias de ordenación.*

1. Correspóndelles ós secretarios xudiciais dictalas dilixencias de ordenación, a través das cales se lles dará ós autos o curso que a lei estableza.

2. As dilixencias de ordenación limitaranse a expresalo que se dispoña co nome do secretario xudicial que as dicte, a data e a sinatura daquel.

Artigo 224. *Revisión das dilixencias de ordenación.*

1. Son nulas de pleno dereito as dilixencias de ordenación que decidan cuestións que, conforme a lei, teñan que ser resoltas por medio de providencia, auto ou sentenza.

2. Fóra dos casos a que se refire o número anterior, as dilixencias de ordenación tamén poderán ser anuladas, por instancia da parte á que causen prexuízo, cando infrinxan algún precepto legal ou resolvan cuestións que, conforme o disposto nesta lei, deban ser decididas mediante providencia.

3. A impugnación a que se refire o parágrafo anterior tramitarase e resolverase de conformidade co previsto para o recurso de reposición.

CAPÍTULO IX

Da nulidade das actuacións xudiciais

Artigo 225. *Nulidade de pleno dereito.*

Os actos procesuais serán nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

1.^o Cando se produzan por ou ante un tribunal con falta de xurisdicción ou de competencia obxectiva ou funcional.

2.^o Cando se realicen baixo violencia ou intimidación.

3.^o Cando se prescinda de normas esenciais do procedemento, sempre que, por esa causa, se puidese producir indefensión.

4.^o Cando se realicen sen intervención de avogado, nos casos en que a lei a estableza como obrigatoria.

5.^o Nos demais casos en que esta lei así o estableza.

Artigo 226. *Modo de proceder en caso de intimidación ou violencia.*

1. Os tribunais dos que a actuación se producise con intimidación ou violencia, tan pronto como se vexan libres dela, declarararán nulo todo o practicado e promoverán a formación de causa contra os culpables, pondo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal.

2. Tamén se declarararán nulos os actos das partes ou de persoas que interveñan no proceso se se acredita que se produciron baixo intimidación ou violencia. A nulidade destes actos entrañará a de tódolos demais relacionados con el ou que se puidesen ter visto condicionados ou influídos substancialmente polo acto nulo.

Artigo 227. *Declaración de nulidade e pretensións de anulación de actuacións procesuais.*

1. A nulidade de pleno dereito, en todo caso, e os defectos de forma nos actos procesuais que impliquen ausencia dos requisitos indispensables para alcanza-lo seu fin ou determinen efectiva indefensión, faranse valer por medio dos recursos establecidos na lei contra a resolución de que se trate.

2. Sen prexuízo disto, o tribunal poderá, de oficio ou por instancia de parte, antes de recaer resolución que poña fin ó proceso, e sempre que non proceda a emenda, declarar, logo de audiencia das partes, a nulidade de tódalas actuacións ou dalgunha en particular.

En ningún caso poderá o tribunal, con ocasión dun recurso, decretar de oficio unha nulidade das actuacións que non fose solicitada neste recurso, agás que apreciase falta de xurisdicción ou de competencia obxectiva ou funcional ou se producise violencia ou intimidación que afecte a ese tribunal.

Artigo 228. *Incidente excepcional de nulidade de actuacións.*

1. Non se admitirán con carácter xeral incidentes de nulidade de actuacións. Sen embargo, excepcionalmente, os que sexan parte lexitima ou deberon selo poderán pedir por escrito que se declare a nulidade de actuacións fundada en defectos de forma que causasen indefensión, sempre que, polo momento en que se produciron, non fose posible denunciar eses defectos antes de recaer resolución que poña fin ó proceso e que esta non sexa susceptible de recurso ordinario nin extraordinario.

Será competente para coñecer deste incidente o mesmo tribunal que dictou a sentenza ou resolución que

adquirise firmeza. O prazo para pedi-la nulidade será de vinte días, desde a notificación da sentenza, a resolución ou, en todo caso, desde que se tivo coñecemento do defecto causante de indefensión, sen que, neste último caso, poida solicitarse a nulidade de actuacións despois de transcorridos cinco anos desde a notificación da sentenza ou resolución.

O tribunal non admitirá a trámite, mediante providencia brevemente motivada, calquera incidente no que se pretenda suscitar outras cuestións. Contra a resolución pola que non se admita a trámite o incidente non caberá ningún recurso.

2. Admitido a trámite o escrito en que se pida a nulidade fundada nos vicios a que se refire o número anterior deste artigo, non quedará en suspenso a execución e eficacia da sentenza ou resolución non susceptibles de recurso, agás que se acorde de forma expresa a suspensión para evitar que o incidente puidese perder a súa finalidade, e darase traslado deste escrito, xunto con copia dos documentos que se xuntasen, de se-lo caso, para acreditar-lo vicio ou defecto en que a petición se funde, ás demais partes, que no prazo común de cinco días poderán formular por escrito as súas alegacións, ás que xuntarán os documentos que se estimen pertinentes.

De estimarse a nulidade, reporanse as actuacións ó estado inmediatamente anterior ó defecto que a orixinase e seguirase o procedemento legalmente establecido. De desestimarse a solicitude de nulidade, condenarase, por medio de auto, ó solicitante en tódalas custas do incidente e, en caso de que o tribunal entenda que se promoveu con temeridade, imporalle, ademais, unha multa de quince mil a cen mil pesetas. Contra a resolución que resolva o incidente non caberá ningún recurso.

Artigo 229. *Actuacións xudiciais realizadas fóra do tempo establecido.*

As actuacións xudiciais realizadas fóra do tempo establecido só poderán anularse se o impón a natureza do termo ou prazo.

Artigo 230. *Conservación dos actos.*

1. A nulidade dun acto non implicará a dos sucesivos que sexan independentes daquel nin a daqueles cun contido que non puidese ter sido distinto en caso de non se ter cometido a infracción que deu lugar á nulidade.

2. A nulidade de parte dun acto non implicará a das demais do mesmo acto que sexan independentes daquela.

Artigo 231. *Emenda.*

O tribunal coidará de que poidan ser emendados os defectos en que incorran os actos procesuais das partes, sempre que neses actos se manifestase a vontade de cumprilos requisitos esixidos pola lei.

CAPÍTULO X

Da reconstrucción de autos

Artigo 232. *Competencia e intervención do Ministerio Fiscal.*

1. Será competente para tramita-la reconstitución total ou parcial de todo tipo de actuacións xudiciais o tribunal en que a desaparición ou mutilación acontecese.

2. Nos procedementos de reconstrucción de actuacións será sempre parte o Ministerio Fiscal.

Artigo 233. *Inicio do expediente de reconstrucción de actuacións.*

O tribunal, de oficio, ou as partes ou os seus herdeiros, de se-lo caso, poderán insta-la reconstrucción dos autos. Se o procedemento se iniciou por instancia de parte, deberá comezar mediante escrito que conterà os seguintes datos:

1.º Cándo ocorreu a desaparición ou mutilación, coa precisión que sexa posible.

2.º Situación procesual do asunto.

3.º Os datos que coñeza e medios de investigación que poidan conducir á reconstitución.

A este escrito xuntaránselle, en canto sexa posible, as copias auténticas e privadas que se conserven dos documentos, e noutro caso sinalaranse os protocolos ou existiros en que consten as súas matrices ou se efectuase algún asento ou inscrición. Tamén se xuntarán as copias dos escritos presentados e as resolucións de toda clase recaídas no xuízo, así como cantos outros documentos poidan ser útiles para a reconstrucción.

Artigo 234. *Citación para a vista das partes. Efectos da súa inasistencia.*

1. Acordado polo tribunal mediante providencia o inicio do procedemento de reconstrucción das actuacións, citaranse as partes para unha vista que deberá celebrarse dentro do prazo máximo de vinte días. A esta vista deberán asistirlas partes e os seus avogados, sempre que a intervención destes sexa preceptiva no proceso as actuacións do cal se pretenden reconstruír.

2. A inasistencia dalgunha das partes non impedirá a prosecución da vista coas que estean presentes. Cando non compareza ningunha substanciarse o trámite co Ministerio Fiscal.

Artigo 235. *Inicio da vista. Inexistencia de controversia. Proba e decisión.*

1. A vista iniciárase requirindo as partes para que manifesten a súa conformidade ou desconformidade coa exactitude dos escritos e documentos presentados pola parte que instou o procedemento, así como con aqueles que puidesen achega-las demais partes na mesma vista.

2. O tribunal, oídas as partes e examinados os escritos e documentos presentados, logo do informe do fiscal, determinará os extremos en que houbese acordo entre os litigantes e aqueloutros en que, prescindindo de diferencias accidentais, mediase desconformidade.

3. Cando non exista ningunha controversia sobre os puntos a que afecte a reconstrucción, o tribunal ditará un auto para declarar reconstituídas as actuacións e para fixa-la situación procesual da que deba partirse para o ulterior curso do xuízo de que se trate.

4. Cando entre as partes exista desacordo total ou parcial, proporase a proba que sexa precisa, que se practicará no mesmo acto, ou se isto non é posible, no prazo de quince días. O tribunal resolverá mediante auto a forma en que deben quedar reconstituídas as actuacións, ou a imposibilidade da súa reconstitución. Contra este auto poderá interporse recurso de apelación.

TÍTULO VI

Da cesación das actuacións xudiciais e da caducidade da instancia

Artigo 236. *Impulso do procedemento polas partes e caducidade.*

A falta de impulso do procedemento polas partes ou interesados non orixinará a caducidade da instancia ou do recurso.

Artigo 237. *Caducidade da instancia.*

1. Teranse por abandonadas as instancias e recursos en toda clase de preitos se, a pesar do impulso de oficio das actuacións, non se produce ningunha actividade procesual no prazo de dous anos, cando o preito se ache en primeira instancia; e de un, se está en segunda instancia ou pendente de recurso extraordinario por infracción procesual ou de recurso de casación.

Estes prazos contaránse desde a última notificación ás partes.

2. Contra o auto que declare a caducidade caberán os recursos de reposición e de apelación.

Artigo 238. *Exclusión da caducidade por forza maior ou contra a vontade das partes.*

Non se producirá caducidade da instancia ou do recurso se o procedemento quedou paralizado por forza maior ou por calquera outra causa contraria ou non imputable á vontade das partes ou interesados.

Artigo 239. *Exclusión da caducidade da instancia na execución.*

As disposicións dos artigos que preceden non serán aplicables nas actuacións para a execución forzosa.

Estas actuacións poderanse proseguir ata obte-lo cumprimento do xulgado, aínda que quedasen sen curso durante os prazos sinalados neste título.

Artigo 240. *Efectos da caducidade da instancia.*

1. Se a caducidade se produce na segunda instancia ou nos recursos extraordinarios mencionados no artigo 237, terase por desistida a apelación ou estes recursos e por firme a resolución obxecto de recurso e devolveranse as actuacións ó tribunal do que procedan.

2. Se a caducidade se produce na primeira instancia, entenderase producida a desistencia nesa instancia, polo que poderá interporse nova demanda, sen prexuízo da caducidade da acción.

3. A declaración de caducidade non conterà imposición de custas; cada parte deberá paga-las causadas pola súa instancia e as comúns por metade.

TÍTULO VII

Da taxación de custas

Artigo 241. *Pagamento das custas e gastos do proceso.*

1. Agás o disposto na Lei de asistencia xurídica gratuita, cada parte pagará os gastos e custas do proceso causados pola súa instancia a medida que se vaian producindo.

Consideraranse gastos do proceso aqueles desembolsos que teñan a súa orixe directa e inmediata na

existencia do dito proceso, e custas a parte daqueles que se refiran ó pagamento dos seguintes conceptos:

1.º Honorarios da defensa e da representación técnica cando sexan preceptivas.

2.º Inserción de anuncios ou edictos que de forma obrigada deban publicarse no curso do proceso.

3.º Depósitos necesarios para a presentación de recursos.

4.º Dereitos de peritos e demais aboamentos que teñan que realizarse a persoas que interviron no proceso.

5.º Copias, certificacións, notas, testemuños e documentos análogos que teñan que solicitarse conforme a lei, agás os que sexan reclamados polo tribunal a rexistros e protocolos públicos, que serán gratuítos.

6.º Dereitos arancelarios que deban aboarse como consecuencia de actuacións necesarias para o desenvolvemento do proceso.

2. Os titulares de créditos derivados de actuacións procesuais poderán reclamarlos da parte ou partes que deban satisfacelos sen esperar a que o proceso remate e con independencia do eventual pronunciamiento sobre custas que neste recaia.

Artigo 242. *Solicitud de taxación de custas.*

1. Cando haxa condena en custas, logo que sexa firme, procederáse á súa exacción polo procedemento de constrinximento, logo da súa taxación, se a parte condenada non as satisfizo antes de a contraria solicitar esta taxación.

2. A parte que pida a taxación de custas presentará coa solicitude os xustificantes de ter satisfeito as cantidades das que reclame o reembolso.

3. Unha vez firme a sentenza ou auto en que se impuxese a condena, os procuradores, avogados, peritos e demais persoas que interviñesen no xuízo e que teñan algún crédito contra as partes que deba ser incluído na taxación de custas poderán presentar na secretaría do tribunal a minuta detallada dos seus dereitos ou honorarios e a conta detallada e xustificada dos gastos que suplisen.

4. Regularanse con suxeición ós aranceis os dereitos que correspondan ós funcionarios, procuradores e profesionais que estean suxeitos a eles.

5. Os avogados, peritos e demais profesionais e funcionarios que non estean suxeitos a arancel fixarán os seus honorarios con suxeición, de se-lo caso, ás normas reguladoras do seu estatuto profesional.

Artigo 243. *Práctica da taxación de custas.*

1. En todo tipo de procesos e instancias, a taxación de custas practicaraa o secretario do tribunal que coñeceu do proceso ou recurso, respectivamente, suxeitándose ás disposicións deste título.

2. Non se incluírán na taxación os dereitos correspondentes a escritos e actuacións que sexan inútiles, superfluas ou non autorizadas pola lei, nin as partidas das minutas que non se expresen detalladamente ou que se refiran a honorarios que non se devengasen no preito.

O secretario xudicial reducirá o importe dos honorarios dos avogados e demais profesionais que non estean suxeitos a tarifa ou arancel, cando os reclamados excedan do límite a que se refire o número 3 do artigo 394 e non se declare a temeridade do litigante condenado en custas.

3. Tampouco se incluírán as custas de actuacións ou incidentes en que fose condenada expresamente a parte favorecida polo pronunciamiento sobre custas no asunto principal.

Artigo 244. *Traslado ás partes.*

1. Practicada polo secretario xudicial a taxación de custas darase traslado dela ás partes por un prazo común de dez días.

2. Unha vez acordado o traslado a que se refire o número anterior non se admitirá a inclusión ou adición de ningunha partida, reservándose ó interesado o seu dereito para reclamala de quen e como corresponda.

Artigo 245. *Impugnación da taxación de custas.*

1. A taxación de custas poderá ser impugnada dentro do prazo a que se refire o número 1 do artigo anterior.

2. A impugnación poderá basearse en que na taxación se inclúsen, partidas, dereitos ou gastos indebidos. Pero, en canto ós honorarios dos avogados, peritos ou profesionais non suxeitos a arancel, tamén poderá impugnarse a taxación alegando que o importe destes honorarios é excesivo.

3. A parte favorecida pola condena en custas poderá impugna-la taxación por non se ter incluído naquela gastos debidamente xustificadas e reclamados. Tamén poderá funda-la súa reclamación en non se ter incluído a totalidade da minuta de honorarios do seu avogado, ou de perito, profesional ou funcionario non suxeito a arancel que actuase no proceso pola súa instancia, ou en non ter sido incluídos correctamente os dereitos do seu procurador.

4. O escrito de impugnación deberán mencionarse as contas ou minutas e as partidas concretas a que se refira a discrepancia e as razóns desta. De non se efectuar esta mención, non se admitirá a impugnación a trámite.

Artigo 246. *Tramitación e decisión da impugnación.*

1. Se a taxación se impugna por considerar excesivos os honorarios dos avogados, oírase no prazo de cinco días ó avogado de que se trate e, de non aceptala redución de honorarios que se lle reclame, pasaráselle testemuño dos autos, ou da parte deles que resulte necesaria, ó colexio de avogados para que emita informe.

2. O establecido no número anterior aplicarase igualmente respecto da impugnación de honorarios de peritos, pedíndose neste caso o dictame do colexio, asociación ou corporación profesional á que pertencen.

3. O secretario xudicial, á vista do actuado e dos dictames emitidos, manterá a taxación realizada ou, de se-lo caso, introducirá as modificacións que deban facerse, e remitírala ó tribunal para que este resolva, mediante auto, o que proceda sen ulterior recurso.

Se a impugnación é totalmente desestimada, imporánselle as custas do incidente ó impugnante. Se é total ou parcialmente estimada, imporánselle ó avogado ou peritos os honorarios dos cales se considerasen excesivos.

4. Cando sexa impugnada a taxación por se ter incluído nela partidas de dereitos ou honorarios indebidas, ou por non se ter incluído naquela gastos debidamente xustificadas e reclamados convocaranse as partes para unha vista e a tramitación do incidente continuará de acordo co disposto para o xuízo verbal.

5. Cando se alegue que algunha partida de honorarios de avogados ou peritos incluída na taxación de custas é indebida e que, en caso de non selo, sería excesiva, tramítaranse ámbalas impugnacións simultaneamente, de acordo co previsto para cada unha delas nos números anteriores, pero a resolución sobre se os honorarios son excesivos quedará en suspenso ata que se decida sobre se a partida impugnada é ou non debida.

6. Cando unha das partes sexa titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta, non se discutirá nin se resolverá no incidente de taxación de custas ningunha cuestión relativa á obriga da Administración de asumilo pagamento das cantidades que se lle reclaman por aplicación da Lei de asistencia xurídica gratuíta.

TÍTULO VIII**Da boa fe procesual****Artigo 247. *Respecto ás regras da boa fe procesual. Multas polo seu incumprimento.***

1. Os intervenientes en todo tipo de procesos deberán axustarse nas súas actuacións ás regras da boa fe.

2. Os tribunais rexeitarán fundamentamente as peticións e incidentes que se formulen con manifesto abuso de dereito ou entrañen fraude de lei ou procesual.

3. Se os tribunais estiman que algunha das partes actuou conculcando as regras da boa fe procesual, poderá imporlle, de forma motivada, e respectando o principio de proporcionalidade, unha multa que poderá oscilar de trinta mil a un millón de pesetas, sen que en ningún caso poida supera-la terceira parte da contía do litixio.

Para determina-la contía da multa o tribunal deberá ter en conta as circunstancias do feito de que se trate, así como os prexuízos que ó procedemento ou á outra parte se lle puideron ter causado.

4. Se os tribunais entenden que a actuación contraria ás regras da boa fe podería ser imputable a algún dos profesionais intervenientes no proceso, sen prexuízo do disposto no artigo anterior, darán traslado de tal circunstancia ós colexios profesionais respectivos por se puidese procede-la imposición dalgún tipo de sanción disciplinaria.

LIBRO II**Dos procesos declarativos****TÍTULO I****Das disposicións comúns ós procesos declarativos****CAPÍTULO I****Das regras para determina-lo proceso correspondente****Artigo 248. *Clases de procesos declarativos.***

1. Toda contenda xudicial entre partes que non teña sinalada pola lei outra tramitación, será ventilada e decidida no proceso declarativo que corresponda.

2. Pertencen á clase dos procesos declarativos:

- 1.º O xuízo ordinario.
- 2.º O xuízo verbal.

3. As normas de determinación da clase de xuízo por razón da contía só se aplicarán en defecto de norma por razón da materia.

Artigo 249. *Ámbito do xuízo ordinario.*

1. Decidíranse no xuízo ordinario, calquera que sexa a súa contía:

- 1.º As demandas relativas a dereitos honoríficos da persoa.
- 2.º As que pretendan a tutela do dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe, e as que pidan a tutela

xudicial civil de calquera outro dereito fundamental, agás as que se refiran ó dereito de rectificación. Nestes procesos, será sempre parte o Ministerio Fiscal e a súa tramitación terá carácter preferente.

3.º As demandas sobre impugnación de acordos sociais adoptados por xuntas ou asembleas xerais ou especiais de socios ou de obrigacionistas ou por órganos colexiados de administración en entidades mercantís.

4.º As demandas en materia de competencia desleal, propiedade industrial, propiedade intelectual e publicidade, sempre que non versen exclusivamente sobre reclamacións de cantidade; caso no que se tramitarán polo procedemento que lles corresponda en función da contía que se reclame.

5.º As demandas en que se exerciten accións relativas a condicións xerais da contratación nos casos previstos na lexislación sobre esta materia.

6.º As que versen sobre calquera asunto relativo a arrendamentos urbanos ou rústicos de bens inmobles, agás que se trate do desfuzamento por falta de pagamento ou por extinción do prazo da relación arrendaticia.

7.º As que exerciten unha acción de retracto de calquera tipo.

8.º Cando se exerciten as accións que lles outorga ás xuntas de propietarios e a estes a Lei de propiedade horizontal, sempre que non versen exclusivamente sobre reclamacións de cantidade; neste caso tramitaranse polo procedemento que corresponda.

2. Decidiranse tamén no xuízo ordinario as demandas que excedan dunha contía de cincocentas mil pesetas e aquelas cun xuro económico que resulte imposible de calcular, nin sequera de modo relativo.

Artigo 250. *Ámbito do xuízo verbal.*

1. Decidiranse en xuízo verbal, calquera que sexa a súa contía, as demandas seguintes:

1.º As que, con fundamento na falta de pagamento da renda ou cantidades debidas polo arrendatario, ou na expiración do prazo fixado contractualmente, pretendan que o dono, usufructuario ou calquera outra persoa con dereito a posuír un predio rústico ou urbano, dado en arrendamento, ordinario ou financeiro, ou en parceria, recuperen a posesión deste predio.

2.º As que pretendan a recuperación da plena posesión dun predio rústico ou urbano, cedido en precario, polo dono, usufructuario ou calquera outra persoa con dereito a posuír este predio.

3.º As que pretendan que o tribunal poña en posesión de bens a quen os adquirise por herdanza se non estivesen sendo posuídos por ninguén a título de dono ou usufructuario.

4.º As que pretendan a tutela sumaria da tenza ou da posesión dunha cousa ou dereito por quen fose despojado delas ou perturbado no seu disfrute.

5.º As que pretendan que o tribunal resolva, con carácter sumario, a suspensión dunha obra nova.

6.º As que pretendan que o tribunal resolva, con carácter sumario, a demolición ou derrubamento de obra, edificio, árbore, columna ou calquera outro obxecto análogo en estado de ruína e que ameace causar danos a quen demande.

7.º As que, instadas polos titulares de dereitos reais inscritos no Rexistro da Propiedade, demanden a efectividade deses dereitos fronte ós que se opoñan a eles ou perturben o seu exercicio, sen dispoñer de título inscrito que llexitime a oposición ou a perturbación.

8.º As que soliciten alimentos debidos por disposición legal ou por outro título.

9.º As que supoñan o exercicio da acción de rectificación de feitos inexactos e prexudiciais.

10.º As que pretendan que o tribunal resolva, con carácter sumario, sobre o incumprimento polo comprador das obrigas derivadas dos contratos inscritos no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles e formalizados no modelo oficial establecido para o efecto, co obxecto de obter unha sentenza condenatoria que permita dirixi-la execución exclusivamente sobre o ben ou bens adquiridos ou financiados a prazos.

11.º As que pretendan que o tribunal resolva, con carácter sumario, sobre o incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro ou contrato de venda a prazos con reserva de dominio, sempre que en ámbolos casos estean inscritos no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles e formalizados no modelo oficial establecido para o efecto, mediante o exercicio dunha acción exclusivamente encamiñada a obter-la inmediata entrega do ben ó arrendador financeiro ou ó vendedor ou financiador no lugar indicado no contrato, logo de declaración de resolución deste, de se-lo caso.

2. Decidiranse tamén no xuízo verbal as demandas dunha contía que non exceda de cincocentas mil pesetas e non se refiran a ningunha das materias previstas no número 1 do artigo anterior.

Artigo 251. *Regras de determinación da contía.*

A contía fixarase segundo o xuro económico da demanda, que se calculará de acordo coas regras seguintes:

1.^a Se se reclama unha cantidade de diñeiro determinada, a contía da demanda estará representada por esta cantidade, e se falta a determinación, aínda en forma relativa, a demanda considerarase de contía indeterminada.

2.^a Cando o obxecto do proceso sexa a condena de dar bens mobles ou inmobles, con independencia de que a reclamación se basee en dereitos reais ou persoais, aplicarase o valor destes no momento de se interpo-la demanda, conforme os prezos correntes no mercado ou na contratación de bens da mesma clase.

Para este cálculo poderá servirse o demandante de calquera valoración oficial dos bens litixiosos, se non é posible determina-lo valor por outros medios, sen que se poida atribuír ós inmobles un valor inferior ó que conste no catastro.

3.^a A anterior regra de cálculo aplicarase tamén:

1.º Ás demandas dirixidas a garanti-lo disfrute das facultades que derivan do dominio.

2.º Ás demandas que afecten a validez, nulidade ou eficacia do título de dominio, así como a existencia ou a extensión do dominio mesmo.

3.º A aquelas outras peticións, distintas das establecidas nos dous casos anteriores, en que a satisfacción da pretensión dependa de que o demandante acredite a condición de dono.

4.º Ás demandas baseadas no dereito a adquiri-la propiedade dun ben ou conxunto de bens, xa sexa por posuír un dereito de crédito que así o recoñece, xa sexa por calquera dos modos de adquisición da propiedade, ou polo dereito de retracto, de tanteo ou de opción de compra; cando o ben se reclame como obxecto dunha compravenda, ten preferencia como criterio de valoración o prezo pactado no contrato, sempre que non sexa inferior no caso dos inmobles ó seu valor catastral.

5.º Cando o proceso verse sobre a posesión, e non sexa aplicable outra regra deste artigo.

6.º As accións de deslinde, marcaxe e división da cousa común.

4.^a Nos casos en que a reclamación verse sobre usufructo ou a núa propiedade, o uso, a habitación, o aproveitamento por quendas ou outro dereito real limi-

tativo do dominio non suxeito a regra especial, o valor da demanda fixarase atendendo á base imponible tributaria sobre a que xire o imposto para a constitución ou transmisión destes dereitos.

5.^a O valor dunha demanda relativa a unha servidume será o prezo satisfeito pola súa constitución se consta e a súa data non fose anterior en máis de cinco anos. Noutro caso, estimarase polas regras legais establecidas para fixa-lo prezo da súa constitución ó tempo do litixio, calquera que fose o xeito de adquirila, e, na falta delas, considerarase como contía a vixésima parte do valor dos predios dominante e servente, tendo en conta o disposto na regra segunda deste artigo sobre bens mobles e inmobles.

6.^a Nas demandas relativas á existencia, inexistencia, validez ou eficacia dun dereito real de garantía, o valor será o do importe das sumas garantidas por tódolos conceptos.

7.^a Nos xuízos sobre o dereito a esixir prestacións periódicas, sexan temporais ou vitalicias, calcularase o valor polo importe dunha anualidade multiplicado por dez, agás que o prazo da prestación fose inferior a un ano, en que haberá que aterse ó importe total dela.

8.^a Nos xuízos que versen sobre a existencia, validez ou eficacia dun título obrigacional, o seu valor calcularase polo total do debido, aínda que sexa pagadoiro a prazos. Este criterio de valoración será aplicable naqueles procesos que teñan como obxecto a creación, modificación ou extinción dun título obrigacional ou dun dereito de carácter persoal, sempre que non sexa aplicable outra regra deste artigo.

9.^a Nos xuízos sobre arrendamentos de bens, agás os que teñen por obxecto a reclamación de rendas vencidas, a contía da demanda será o importe dunha anualidade de renda, calquera que sexa a periodicidade con que esta apareza fixada no contrato. Non obstante, cando se reclame a posesión do ben arrendado aplicarase o disposto pola regra terceira deste artigo.

10.^a Naqueles casos en que a demanda verse sobre valores negociados en Bolsa, a contía virá determinada pola media do cambio medio ponderado daqueles, determinado conforme a lexislación aplicable durante o ano natural anterior á data de interposición da demanda, ou pola media do cambio medio ponderado dos valores durante o período en que estes se negociasen en Bolsa, cando este período fose inferior ó ano.

Se se trata de valores negociados noutro mercado secundario, a contía virá determinada polo tipo medio de negociación deles durante o ano natural anterior á interposición da demanda, no mercado secundario no que se estean negociando, ou polo tipo medio de negociación durante o tempo en que se negociasen no mercado secundario, cando os valores se negociasen nese mercado por un período inferior ó ano.

O tipo medio de negociación ou, de se-lo caso, a media do cambio medio ponderado, acreditarase por certificación expedida polo órgano rector do mercado secundario de que se trate.

Se os valores carecen de negociación, a contía calcularase de acordo coas normas de valoración contable vixentes no momento de interposición da demanda.

11.^a Cando a demanda teña por obxecto unha prestación de facer, a súa contía consistirá no custo daquilo do que se inste a realización ou no importe dos danos e perdas derivados do incumprimento, sen que neste caso sexan acumulables ámbalas cantidades, agás se ademais de instarse o cumprimento, se pretende tamén a indemnización. O importe ou cálculo dos danos e perdas terá que ser tido en conta cando a prestación sexa persoalísima ou consista nun non facer, e isto incluso se o que se insta con carácter principal é o cumprimento.

12.^a Nos preitos relativos a unha herdanza ou a un conxunto de masas patrimoniais ou patrimonios separados, aplicarase as regras anteriores respecto dos bens, dereitos ou créditos que figuren comprendidos na herdanza ou no patrimonio obxecto do litixio.

Artigo 252. *Regras especiais en casos de procesos con pluralidade de obxectos ou de partes.*

Cando no proceso exista pluralidade de obxectos ou de partes, a contía da demanda calcularase de acordo coas regras seguintes:

1.^a Cando na demanda se acumulen varias accións principais, que non proveñan dun mesmo título, a contía da demanda virá determinada pola contía da acción de maior valor. Idéntico criterio se seguirá para o caso de que as accións estean acumuladas de forma eventual.

2.^a Se as accións acumuladas proveñen do mesmo título ou coa acción principal se piden accesoriamente xuros, froitos, rendas ou danos e perdas, a contía virá determinada pola suma do valor de tódalas accións acumuladas. Pero se o importe de calquera das accións non fose certo e líquido, só se tomará en conta o valor das accións o importe das cales si o sexa.

Para a fixación do valor non se tomarán en conta os froitos, xuros ou rendas por correr, senón só os vencidos. Tampouco se tomará en conta a petición de condena en custas.

3.^a Cando nunha mesma demanda se acumulen varias accións reais referidas a un mesmo ben moble ou inmobile, a contía nunca poderá ser superior ó valor da cousa litixiosa.

4.^a Cando se reclamen varios prazos vencidos dunha mesma obrigación tomarase en conta como contía a suma dos importes reclamados, agás que se pida na demanda declaración expresa sobre a validez ou eficacia da obrigación, en que haberá que aterse ó valor total dela. Se o importe dalgún dos prazos non fose certo, excluírase este do cómputo da contía.

5.^a Non afectarán a contía da demanda, ou a da clase de xuízo a seguir por razón da contía, a reconvencción nin a acumulación de autos.

6.^a A concorrencia de varios demandantes ou de varios demandados nunha mesma demanda en nada afectará a determinación da contía, cando a petición sexa a mesma para todos eles. O mesmo ocorrerá cando os demandantes ou demandados o sexan en virtude de vínculos de solidariedade.

7.^a Cando a pluralidade de partes determine tamén a pluralidade das accións afirmadas, a contía determinarase segundo as regras de determinación da contía que se conteñen neste artigo.

8.^a En caso de ampliación da demanda, observarase tamén o ordenado nas regras anteriores.

Artigo 253. *Expresión da contía na demanda.*

1. O demandante expresará xustificadamente no seu escrito inicial a contía da demanda. Esta contía calcularase, en todo caso, conforme as regras dos artigos anteriores.

A alteración do valor dos bens obxecto do litixio que sobreveña despois de interposta a demanda, non implicará a modificación da contía nin a da clase de xuízo.

2. A contía da demanda deberá ser expresada con claridade e precisión. Non obstante, poderá indicarse en forma relativa, se o demandante xustifica debidamente que o interese económico do litixio polo menos iguala a contía mínima correspondente ó xuízo ordinario, ou

que non excede a máxima do xuízo verbal. En ningún caso poderá o demandante limitarse a indica-la clase de xuízo a seguir, nin facer recaer no demandado a carga de determina-la contía.

3. Cando o demandante non poida determina-la contía nin sequera en forma relativa, por carece-lo obxecto de interese económico, por non poderse calcular este interese conforme a ningunha das regras legais de determinación da contía, ou porque, aínda existindo regra de cálculo aplicable, non se poida determinar aquela no momento de interpo-la demanda, esta substanciarase conforme as canles do xuízo ordinario.

Artigo 254. Control de oficio da clase de xuízo por razón da contía.

1. Ó xuízo daráselle inicialmente a tramitación que indicase o demandante na súa demanda.

Non obstante, se á vista das alegacións da demanda o tribunal advirte que o xuízo elixido polo demandante non corresponde ó valor sinalado ou á materia a que se refire a demanda, o tribunal, mediante providencia, daralle ó asunto a tramitación que corresponda, sen estar vinculado polo tipo de xuízo solicitado na demanda.

2. Se, en contra do sinalado polo demandante, o tribunal considera que a demanda é de contía inestimable ou non determinable, nin sequera en forma relativa, e que por tanto non procede segui-las canles do xuízo verbal, deberá, mediante providencia, darlle de oficio ó asunto a tramitación do xuízo ordinario, sempre que conste a designación de procurador e a sinatura de avogado.

3. Poderanse corrixir de oficio os erros aritméticos do demandante na determinación da contía. Tamén os consistentes na selección defectuosa da regra legal de cálculo da contía, se na demanda existen elementos fácticos suficientes como para poder determinala correctamente a través de simples operacións matemáticas.

Unha vez calculada adecuadamente a contía, daráselle ó proceso o curso que corresponda.

4. En ningún caso poderá o tribunal non admiti-la demanda porque entenda inadecuado o procedemento por razón da contía. Pero se a demanda se limita a indicar sen máis a clase de xuízo que corresponde, ou se, tras apreciarse de oficio que a contía fixada é incorrecta, non existen naquela elementos suficientes para calculala correctamente, non se lle dará curso ós autos ata que o demandante non emende o defecto de que se trate.

O prazo para a emenda será de dez días, pasados os cales se arquivará definitivamente a demanda.

Artigo 255. Impugnación da contía e da clase de xuízo por razón da contía.

1. O demandado poderá impugna-la contía da demanda cando entenda que, de se ter determinado de forma correcta, o procedemento que se seguiría sería outro, ou resultaría procedente o recurso de casación.

2. No xuízo ordinario impugnarase a adecuación do procedemento por razón da contía na contestación á demanda e a cuestión será resolta na audiencia previa ó xuízo.

3. No xuízo verbal, o demandado impugnará a contía ou a clase de xuízo por razón da contía na vista, e o tribunal resolverá a cuestión no acto, antes de entrar no fondo do asunto e logo do trámite de audiencia do demandante.

CAPÍTULO II

Das dilixencias preliminares

Artigo 256. Clases de dilixencias preliminares e a súa solicitude.

1. Todo xuízo poderá prepararse:

1.º Por petición de que a persoa a quen se dirixiría a demanda declare, baixo xuramento ou promesa de dicir verdade, sobre algún feito relativo á súa capacidade, representación ou lexitimación, o coñecemento do cal sexa necesario para o preito, ou exhiba os documentos nos que conste esta capacidade, representación ou lexitimación.

2.º Mediante solicitude de que a persoa á que se pretende demandar exhiba a cousa que teña no seu poder e á que se teña que referi-lo xuízo.

3.º Por petición do que se considere herdeiro, coherdeiro ou legatario, de exhibición, por quen o teña no seu poder, do acto de derradeira vontade do causante da heranza ou legado.

4.º Por petición dun socio ou comuneiro para que se lle exhiban os documentos e contas da sociedade ou comunidade, dirixida a estas ou ó consocio ou condómino que os teña no seu poder.

5.º Por petición do que se considere prexudicado por un feito que puidese estar cuberto por seguro de responsabilidade civil, de que se exhiba o contrato de seguro por quen o teña no seu poder.

6.º Por petición de quen pretenda iniciar un proceso para a defensa dos intereses colectivos de consumidores e usuarios co obxecto de concreta-los integrantes do grupo de afectados cando, non estando determinados, sexan facilmente determinables. Para tal efecto o tribunal adoptará as medidas oportunas para a indagación dos integrantes do grupo, de acordo coas circunstancias do caso e conforme os datos subministrados polo solicitante, incluíndo o requirimento ó demandado para que colabore nesta determinación.

7.º Por petición das dilixencias e indagacións que, para a protección de determinados dereitos, prevexan as correspondentes leis especiais.

2. Na solicitude de dilixencias preliminares expresaranse os seus fundamentos, con referencia circunstanciada ó asunto obxecto do xuízo que se queira preparar.

3. Os gastos que se lles ocasionen ás persoas que deban intervir nas dilixencias serán a cargo do solicitante das dilixencias preliminares. O pedir estas, o dito solicitante ofrecerá caución para responder tanto de tales gastos como dos danos e perdas que se lles puidesen irrogar. A caución perderase, en favor destas persoas, se, transcorrido un mes desde a terminación das dilixencias, deixa de se interpo-la demanda, sen xustificación suficiente, a xuízo do tribunal.

A caución poderá prestarse na forma prevista no parágrafo segundo do número 2 do artigo 64 desta lei.

Artigo 257. Competencia.

1. Será competente para resolver sobre as peticións e solicitudes a que se refire o artigo anterior o xuízo de primeira instancia do domicilio da persoa que, segundo o caso, teña que declarar, exhibir ou intervir doutro modo nas actuacións que se acordasen para prepara-lo xuízo.

No caso do punto sexto do número 1 do artigo anterior, será competente o tribunal ante o que teña que presentarse a demanda determinada.

2. Non se admitirá declinatoria nas dilixencias preliminares, pero o xuíz ó que se soliciten revisará de oficio a súa competencia e se entende que non lle corresponde coñecer da solicitude, absterase de coñecer indicándolle ó solicitante o xulgado de primeira instancia ó que debe acudir. Se este se inhihise na súa competencia, decidirá o conflito negativo o tribunal inmediato superior común, segundo o previsto no artigo 60 desta lei.

Artigo 258. Decisión sobre as dilixencias preliminares e recurso.

1. Se o tribunal aprecia que a dilixencia é adecuada á finalidade que o solicitante persegue e que na solicitude concorren xusta causa e interese lexítimo, accederá á pretensión, e fixará a caución que deba prestarse. O tribunal rexeitará a petición de dilixencias realizada, se non considera que estas resultan xustificadas. A solicitude deberá resolverse nos cinco días seguintes á súa presentación.

2. Contra o auto que acorde as dilixencias non se dará ningún recurso. Contra o que as denegue, caberá recurso de apelación.

3. Se a caución ordenada polo tribunal non se presta en tres días, contados desde que se dicte o auto en que conceda as dilixencias, procederase ó arquivo definitivo das actuacións.

Artigo 259. Citación para a práctica de dilixencias preliminares.

1. No auto no que se acceda á solicitude, cítanse e requíranse os interesados para que, na sede do tribunal ou no lugar e do modo que se consideren oportunos, e dentro dos dez días seguintes, leven a cabo a dilixencia que fose solicitada e acordada.

2. Para o exame dos documentos e títulos a que se refiren as dilixencias sinaladas no número 1 do artigo 256, o solicitante poderá acudir á sede do tribunal asesorado por un experto na materia, que actuará sempre á custa do solicitante.

Artigo 260. Oposición á práctica de dilixencias preliminares. Efectos da decisión.

1. Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que reciba a citación, a persoa requirida para a práctica de dilixencias preliminares poderá oporse a elas e en tal caso cítanse as partes para unha vista, que se celebrará na forma establecida para os xuízos verbais.

2. Celebrada a vista, o tribunal resolverá, mediante auto, se considera que a oposición é xustificada ou se, polo contrario, carece de xustificación.

3. Se o tribunal considera inxustificada a oposición, condenará o requirido ó pagamento das custas causadas polo incidente. Esta decisión acordarase por medio de auto contra o que non caberá ningún recurso.

4. Se o tribunal considera xustificada a oposición, declarará así mediante auto, contra o que se poderá recorrer en apelación.

Artigo 261. Negativa a levar a cabo as dilixencias.

Se a persoa citada e requirida non atende o requirimento ni formula oposición, o tribunal, mediante providencia, acordará as seguintes medidas:

1.^a Se se pediu declaración sobre feitos relativos á capacidade, representación ou lexitimación do citado, poderanse ter por respondidas afirmativamente as preguntas que o solicitante pretendese formularlle e os feitos correspondentes consideraranse admitidos para efectos do xuízo posterior.

2.^a Se se solicitou a exhibición de títulos e documentos e o tribunal aprecia que existen indicios suficientes de que poden acharse nun lugar determinado, ordenará a entrada e rexistro dese lugar, procedéndose, de se encontraren, a ocupa-los documentos e a pólos á disposición do solicitante, na sede do tribunal.

3.^a Se se trata da exhibición dunha cousa e se coñece ou presume fundadamente o lugar en que se encontra, procederase de xeito semellante ó disposto no número anterior e presentarase a cousa ó solicitante, que poderá pedi-lo depósito ou medida de garantía máis adecuada para a conservación daquela.

4.^a Se se pediu a exhibición de documentos contables, poderanse ter por certos, para os efectos do xuízo posterior, as contas e datos que presente o solicitante.

5.^a Tratándose da dilixencia prevista no número 6.^o do punto 1 do artigo 256, ante a negativa do requirido ou de calquera outra persoa que puidese colaborar na determinación dos integrantes do grupo, o tribunal ordenará que se acorden as medidas de intervención necesarias, incluída a de entrada e rexistro, para encontra-los documentos ou datos precisos, sen prexuízo da responsabilidade penal en que se puidese incorrer por desobediencia á autoridade xudicial.

Artigo 262. Decisión sobre aplicación da caución.

1. Cando se practicasen as dilixencias acordadas ou o tribunal as denegue por considerar xustificada a oposición, este resolverá mediante auto, no prazo de cinco días, sobre a aplicación da caución á vista da petición de indemnización e da xustificación de gastos que se lle presente, oído o solicitante.

A decisión sobre aplicación da caución será obxecto de apelación sen efectos suspensivos.

2. Cando, aplicada a caución conforme o número anterior, quede remanente, non se lle devolverá ó solicitante das dilixencias ata que transcorra o prazo dun mes previsto no número 3 do artigo 256.

Artigo 263. Dilixencias preliminares previstas en leis especiais.

Cando se trate das dilixencias a que se refire o número 7.^o do punto primeiro do artigo 256, os preceptos deste capítulo aplicaranse no que non se opoñan ó disposto na lexislación especial sobre a materia de que se trate.

CAPÍTULO III

Da presentación de documentos, dictames, informes e outros medios e instrumentos

Artigo 264. Documentos procesuais.

Coa demanda, a contestación ou, de se-lo caso, ó comparecer á vista de xuízo verbal, deberán de presentarse:

1.^o O poder notarial conferido ó procurador sempre que este interveña e a representación non se outorgue «apud acta».

2.^o Os documentos que acrediten a representación que o litigante se atribúa.

3.^o Os documentos ou dictames que acrediten o valor da cousa litixiosa, para efectos de competencia e procedemento.

Artigo 265. Documentos e outros escritos e obxectos relativos ó fondo do asunto.

1. A toda demanda ou contestación deberán xuntar:

1.^o Os documentos en que as partes funden o seu dereito á tutela xudicial que pretenden.

2.º Os medios e instrumentos a que se refire o número 2 do artigo 299, se neles se fundan as pretensións de tutela formuladas polas partes.

3.º As certificacións e notas sobre calquera asento rexistral ou sobre o contido de libros rexistro, actuacións ou expedientes de calquera clase.

4.º Os dictames periciais en que as partes apoiem as súas pretensións, sen prexuízo do disposto nos artigos 337 e 339 desta lei. No caso de que algunha das partes sexa titular do dereito de asistencia xurídica gratuita non terá que achegar coa demanda ou coa contestación o dictame, senón simplemente anunciálo de acordo co que prevé o número 1 do artigo 339.

5.º Os informes, elaborados por profesionais da investigación privada legalmente habilitados, sobre feitos relevantes en que aquelas apoiem as súas pretensións. Sobre estes feitos, de non seren recoñecidos como certos, practícarase proba testifical.

2. Só cando as partes, ó presentaren a súa demanda ou contestación, non poidan dispor dos documentos, medios e instrumentos a que se refiren os tres primeiros números do punto anterior, poderán designalo arquivo, protocolo ou lugar en que se encontren, ou o rexistro, libro rexistro, actuacións ou expediente do que se pretenda obter unha certificación.

Se o que pretenda achegarse ó proceso se encontra en arquivo, protocolo, expediente ou rexistro do que se poidan pedir e obter copias que fagan fe, entenderase que o demandante dispón disto e deberá xuntalo á demanda, sen que poida limitarse a efectuarla designación a que se refire o parágrafo anterior.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, o demandante poderá presentar na audiencia previa ó xuízo os documentos, medios, instrumentos, dictames e informes, relativos ó fondo do asunto, o interese ou relevancia do cal só se poña de manifesto como consecuencia de alegacións efectuadas polo demandado na contestación á demanda.

4. Nos xuízos verbais, o demandado achegará os documentos, medios, instrumentos, dictames e informes a que se refire o número 1 no acto da vista.

Artigo 266. *Documentos esixidos en casos especiais.*

Deberanse xuntar á demanda:

1.º As certificacións e testemuños que acrediten ter rematado o proceso e terse nel reclamado ou interposto recurso cando se interpoña demanda de responsabilidade civil contra xuíces e maxistrados por danos e perdas causados no exercicio das súas funcións, con dolo, culpa ou ignorancia inescusable.

2.º Os documentos que xustifiquen cumpridamente o título en virtude do cal se piden alimentos, cando este sexa o obxecto da demanda.

3.º Os documentos que constitúan un principio de proba do título en que se funden as demandas de retracto e, cando a consignación do prezo se esixa por lei ou por contrato, o documento que acredite ter consignado, se fose coñecido, o prezo da cousa obxecto de retracto ou terse constituído caución que garanta a consignación en canto o prezo se coñecer.

4.º O documento en que conste de maneira que faga fe a sucesión «mortis causa» en favor do demandante, así como a relación das testemuñas que poidan declarar sobre a ausencia de posuidor a título de dono ou usufructuario, cando se pretenda que o tribunal poña o demandante en posesión duns bens que se afirme ter adquirido en virtude daquela sucesión.

5.º Aqueloutros documentos que esta ou outra lei esixa expresamente para a admisión da demanda.

Artigo 267. *Forma de presentación dos documentos públicos.*

Cando sexan públicos os documentos que teñan que achegarse conforme o disposto no artigo 265, poderán presentarse por copia simple e, de se impugna-la súa autenticidade, poderá levarse ós autos orixinal, copia ou certificación do documento cos requisitos necesarios para que produza os seus efectos probatorios.

Artigo 268. *Forma de presentación dos documentos privados.*

1. Os documentos privados que teñan que se achegar presentaranse en orixinal ou mediante copia autenticada polo fedatario público competente e uníranse ós autos ou deixarase testemuño deles, con devolución dos orixinais ou copias, que fagan fe, presentadas, se así o solicitan os interesados.

2. Se a parte só posúe copia simple do documento privado, poderá presentar esta, que producirá os mesmos efectos que o orixinal, sempre que a conformidade daquela con este non sexa cuestionada por calquera das demais partes.

3. No caso de o orixinal do documento privado se encontrar nun expediente, protocolo, arquivo ou rexistro público, presentarase copia auténtica ou designarase o arquivo, protocolo ou rexistro, segundo o disposto no número 2 do artigo 265.

Artigo 269. *Consecuencias da falta de presentación inicial. Casos especiais.*

1. Cando coa demanda, a contestación ou, de se-lo caso, na audiencia previa ó xuízo, non se presente ningún dos documentos, medios, instrumentos, dictames e informes que, segundo os preceptos desta lei, teñan que achegarse neses momentos ou non se designe o lugar en que o documento se encontre, se non se dispón del, non poderá xa a parte presenta-lo documento posteriormente, nin solicitar que se traia ós autos, excepto nos casos previstos no artigo seguinte.

2. Non se admitirán as demandas ás que non se xunten os documentos a que se refire o artigo 266.

Artigo 270. *Presentación de documentos en momento non inicial do proceso.*

1. O tribunal despois da demanda e a contestación, ou, cando proceda, da audiencia previa ó xuízo, só lles admitirá ó demandante ou ó demandado os documentos, medios e instrumentos relativos ó fondo do asunto cando estean nalgún dos casos seguintes:

1.º Ser de data posterior á demanda ou á contestación ou, de se-lo caso, á audiencia previa ó xuízo, sempre que non se puidesen confeccionar nin obter con anterioridade ós ditos momentos procesuais.

2.º Trátase de documentos, medios ou instrumentos anteriores á demanda ou contestación ou, de se-lo caso, á audiencia previa ó xuízo, cando a parte que os presente xustifique que non tivo antes coñecemento da súa existencia.

3.º Non ter sido posible obter con anterioridade os documentos, medios ou instrumentos, por causas que non sexan imputables á parte, sempre que fixera oportunamente a designación a que se refire o número 2 do artigo 265, ou de se-lo caso, o anuncio ó que se refire o número 4.º do punto primeiro do artigo 265 desta lei.

2. Cando un documento, medio ou instrumento sobre feitos relativos ó fondo do asunto, se presente

unha vez precluídos os actos a que se refire o punto anterior, as demais partes poderán alegar no xuízo ou na vista a improcedencia de o tomar en consideración, por non encontrarse en ningún dos casos a que se refire o punto anterior. O tribunal resolverá no acto e, se aprecia ánimo dilatorio ou mala fe procesual na presentación do documento, poderá, ademais, imporlle ó responsable unha multa de trinta mil a duascentas mil pesetas.

Artigo 271. Preclusión definitiva da presentación e excepcións á regra.

1. Non se lles admitirá ás partes ningún documento, instrumento, medio, informe ou dictame que se presente despois da vista ou xuízo, sen prexuízo do previsto na regra terceira do artigo 435, sobre dilixencias finais no xuízo ordinario.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior as sentencias ou resolucións xudiciais ou de autoridade administrativa, dictadas ou notificadas en data non anterior ó momento de formula-las conclusións, sempre que puidesen resultar condicionantes ou decisivas para resolver en primeira instancia ou en calquera recurso. Estas resolucións poderanse presentar mesmo dentro do prazo previsto para dictar sentenza, dándose traslado ás demais partes, para que, no prazo común de cinco días, poidan alegar e pedi-lo que estimen conveniente, con suspensión do prazo para dictar sentenza. O tribunal resolverá sobre a admisión e alcance do documento na mesma sentenza.

Artigo 272. Inadmisión de documento presentado inxustificadamente en momento non inicial do proceso.

Cando se presente un documento con posterioridade ós momentos procesuais establecidos nesta lei, segundo os distintos casos e circunstancias, o tribunal, por medio de providencia, non o admitira, de oficio ou por instancia de parte, e mandarao devolver a quen o presentase.

Contra a resolución que acorde a inadmisión non caberá ningún recurso, sen prexuízo de facerse valer na segunda instancia.

CAPÍTULO IV

Das copias dos escritos e documentos e o seu traslado

Artigo 273. Presentación de copias de escritos e documentos.

De todo escrito e de calquera documento que se achegue ou presente nos xuízos xuntaranse tantas copias literais cantas sexan as outras partes.

Artigo 274. Traslado polo tribunal das copias ás outras partes interesadas, cando non interveñan procuradores.

Cando as partes non actúen representadas por procurador, asinarán as copias dos escritos e documentos que presenten, respondendo da súa exactitude, e estas copias serán entregadas polo tribunal á parte ou partes contrarias.

Artigo 275. Efectos da non-presentación de copias.

Nos casos a que se refire o artigo anterior, a omisión da presentación de copias dos escritos e documentos non será motivo para deixar de admitir uns e outros.

Esta omisión faráselle notar á parte, que deberá emendala no prazo de cinco días. Cando a omisión non se remedie dentro deste prazo, o secretario xudicial expe-

dirá as copias dos escritos e documentos á custa da parte que deixase de presentalas, agás que se trate dos escritos de demanda ou contestación, ou dos documentos que deban acompañalos; neste caso teranse aqueles por non presentados ou estes por non achegados, para tódolos efectos.

Artigo 276. Traslado de copias de escritos e documentos cando interveña procurador. Traslado polo tribunal do escrito de demanda e análogos.

1. Cando tódalas partes estean representadas por procurador, cada un destes deberá trasladar con carácter previo ós procuradores das restantes partes as copias dos escritos e documentos que vaia presentar ó tribunal.

2. O procurador efectuará o traslado entregándolle ó servizo de recepción de notificacións a que alude o número 3 do artigo 28, a copia ou copias dos escritos e documentos, que irán destinadas ós procuradores das restantes partes e litisconsortes. Un secretario xudicial ou oficial designado recibirá as copias presentadas, que, unha vez datadas e seladas, lle entregará ó encargado do servizo, debendo ademais asinalo primeiro un xustificante de que se realizou o traslado. Este xustificante deberá entregarse xunto cos escritos e documentos que se lle presenten ó tribunal.

3. O disposto nos puntos anteriores deste artigo non será de aplicación cando se trate do traslado da demanda ou de calquera outro escrito que poida orixinala primeira comparecencia en xuízo. En tales casos, o procurador deberá xuntar copias destes escritos e dos documentos que a eles se xunten e o tribunal efectuará o traslado conforme o disposto nos artigos 273 e 274 desta lei. Se o procurador omite a presentación destas copias, teranse os escritos por non presentados ou os documentos por non achegados, para tódolos efectos.

Artigo 277. Efectos da omisión do traslado mediante procurador.

Cando sexan de aplicación os dous primeiros puntos do artigo anterior, non se admitirá a presentación de escritos e documentos se non consta que se realizou o traslado das copias correspondentes ás demais partes constituídas.

Artigo 278. Efectos do traslado respecto do curso e cómputo de prazos.

Cando o acto do que se dera traslado na forma establecida no artigo 276 determine, segundo a lei, a apertura dun prazo para levar a cabo unha actuación procesual, o prazo comezará o seu curso sen intervención do tribunal e deberá computarse desde o día seguinte ó da data que se fixera constar nas copias entregadas.

Artigo 279. Función das copias.

1. As pretensións das partes deduciranse en vista das copias dos escritos, dos documentos e das resolucións do tribunal, que cada litigante deberá conservar no seu poder.

2. Non se lles entregarán ás partes os autos orixinais, sen prexuízo de que poidan obter, pola súa conta, copias dalgún escrito ou documento.

Artigo 280. Denuncia de inexactitude dunha copia e efectos.

Se se denuncia que a copia entregada a un litigante non se corresponde co orixinal, o tribunal, oídas as

demais partes, declarará a nulidade do actuado a partir da entrega da copia se a súa inexactitude puidese afectar a defensa da parte, sen prexuízo da responsabilidade en que incorra quen presente a copia inexacta.

O tribunal, ó declara-la nulidade, disporá a entrega de copia conforme o orixinal, para os efectos que procedan en cada caso.

CAPÍTULO V

Da proba: disposicións xerais

SECCIÓN 1.^a DO OBXECTO, NECESIDADE E INICIATIVA DA PROBA

Artigo 281. *Obxecto e necesidade da proba.*

1. A proba terá como obxecto os feitos que garden relación coa tutela xudicial que se pretenda obter no proceso.

2. Tamén serán obxecto de proba o costume e o dereito estranxeiro. A proba do costume non será necesaria se as partes están conformes na súa existencia e contido e as súas normas non afectan a orde pública. O dereito estranxeiro deberá ser probado no que respecta ó seu contido e vixencia, podendo valerse o tribunal de cantos medios de pescuda estime necesarios para a súa aplicación.

3. Están exentos de proba os feitos sobre os que exista plena conformidade das partes, agás nos casos en que a materia obxecto do proceso estea fóra do poder de disposición dos litigantes.

4. Non será necesario proba-los feitos que gocen de notoriedade absoluta e xeral.

Artigo 282. *Iniciativa da actividade probatoria.*

As probas practícanse por instancia de parte. Sen embargo, o tribunal poderá acordar, de oficio, que se practiquen determinadas probas ou que se acheguen documentos, dictames ou outros medios e instrumentos probatorios, cando así o estableza a lei.

Artigo 283. *Impertinencia ou inutilidade da actividade probatoria.*

1. Non deberá admitirse ningunha proba que, por non gardar relación co que sexa obxecto do proceso, deba considerarse impertinente.

2. Tampouco deben admitirse, por inútiles, aquelas probas que, segundo regras e criterios razoables e seguros, en ningún caso poidan contribuír a esclarece-los feitos controvertidos.

3. Nunca se admitirá como proba calquera actividade prohibida pola lei.

SECCIÓN 2.^a DA PROPOSICIÓN E ADMISIÓN

Artigo 284. *Forma de proposición da proba.*

A proposición dos distintos medios de proba farase expresándoos con separación. Consignarase, así mesmo, o domicilio ou residencia das persoas que teñan que ser citadas, se é o caso, para a práctica de cada medio de proba.

Cando, no xuízo ordinario, as partes non dispoñan dalgúns datos relativos a estas persoas ó propo-la proba, poderanllos achegar ó tribunal dentro dos cinco días seguintes.

Artigo 285. *Resolución sobre a admisibilidade das probas propostas.*

1. O tribunal resolverá sobre a admisión de cada unha das probas que fosen propostas.

2. Contra esa resolución só caberá recurso de reposición, que se substanciará e resolverá no acto, e se se desestimase, a parte poderá formular protesta para o efecto de facer vale-los seus dereitos na segunda instancia.

Artigo 286. *Feitos novos ou de nova noticia. Proba.*

1. Se precluídos os actos de alegación previstos nesta lei e antes de comezar a transcorre-lo prazo para dictar sentenza, ocorrese ou se coñecese algún feito de relevancia para a decisión do preito, as partes poderán facer valer ese feito, alegándoo de inmediato por medio de escrito, que se chamará de ampliación de feitos, agás que a alegación poida facerse no acto do xuízo ou vista. En tal caso, levarase a cabo nestes actos canto se prevé nos puntos seguintes.

2. Do escrito de ampliación de feitos daráselle traslado á parte contraria, para que, dentro do quinto día, manifeste se reconece como certo o feito alegado ou o nega. Neste caso, poderá aducir canto aclare ou desvirtúe o feito que se afirme no escrito de ampliación.

3. Se o feito novo ou de nova noticia non fose recoñecido como certo, proporase e practícarase a proba pertinente e útil do modo previsto nesta lei segundo a clase de procedemento cando sexa posible polo estado das actuacións. Noutro caso, no xuízo ordinario, observarase o disposto sobre as dilixencias finais.

4. O tribunal rexeitará, mediante providencia, a alegación de feito acaecido con posterioridade ós actos de alegación se esta circunstancia non se acreditase cumpridamente no momento de formula-la alegación. E cando se alegase un feito unha vez precluídos aqueles actos pretendendo telo coñecido con posterioridade, o tribunal poderá acordar, mediante providencia, a improcedencia de tomalo en consideración se, á vista das circunstancias e das alegacións das demais partes, non aparece xustifico que o feito non se puido alegar nos momentos procesuais ordinariamente previstos.

Neste último caso, se o tribunal aprecia ánimo dilatorio ou mala fe procesual na alegación, poderá imporlle ó responsable unha multa de vinte mil a cen mil pesetas.

Artigo 287. *Illicitude da proba.*

1. Cando algunha das partes entenda que na obtención ou orixe dalgunha proba admitida se vulneraron dereitos fundamentais deberá alegalo de inmediato, con traslado, de se-lo caso, ás demais partes.

Sobre esta cuestión, que tamén poderá ser suscitada de oficio polo tribunal, resolverase no acto do xuízo ou, se se trata de xuízos verbais, ó comezo da vista, antes de que dea comezo a práctica da proba. Para tal efecto, oíranse as partes e, de se-lo caso, practícanse as probas pertinentes e útiles que se propoñan no acto sobre o concreto extremo da referida illicitude.

2. Contra a resolución a que se refire o punto anterior só caberá recurso de reposición, que se interporá, substanciará e resolverá no mesmo acto do xuízo ou vista, quedando a salvo o dereito das partes a reproducir-la impugnación da proba ilícita na apelación contra a sentenza definitiva.

Artigo 288. *Sancións por non-execución da proba no tempo previsto.*

1. O litigante por causa do cal non se executase temporaneamente unha proba admitida será sancionado

polo tribunal con multa que non poderá ser inferior a dez mil pesetas nin exceder de cen mil, agás se acredite falta de culpa ou desiste de practicar esta proba se el a propuxese.

2. A multa prevista no punto anterior imporase no acto do xuízo ou na vista, logo de audiencia das partes.

SECCIÓN 3.^a DOUTRAS DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE PRÁCTICA DA PROBA

Artigo 289. *Forma de practicarse as probas.*

1. As probas practicaranse contradictoriamente en vista pública, ou con publicidade e documentación similares se non se levan a efecto na sede do tribunal.

2. Será inescusable a presenza xudicial no interrogatorio das partes e de testemuñas, no recoñecemento de lugares, obxectos ou persoas, na reprodución de palabras, sons, imaxes e, de se-lo caso, cifras e datos, así como nas explicacións, impugnacións, rectificacións ou ampliacións dos dictames periciais.

3. Levaranse a cabo perante o secretario xudicial a presentación de documentos orixinais ou copias auténticas, a achega doutros medios ou instrumentos probatorios, o recoñecemento da autenticidade dun documento privado, a formación de corpos de escritura para o cotexo de letras e a mera ratificación da autoría de dictame pericial. Pero o tribunal deberá examinar por si mesmo a proba documental, os informes e dictames escritos e calquera outro medio ou instrumento que se acheguen.

Artigo 290. *Sinalamento para actos de proba que se practiquen separadamente.*

Tódalas probas se practicarán en unidade de acto. Excepcionalmente, o tribunal sinalará, mediante providencia, con polo menos cinco días de antelación o día e a hora en que teñan que practicarse os actos de proba que non sexa posible levar a cabo no xuízo ou vista. Se, excepcionalmente, a proba non se practica na sede do tribunal, determinarase e notificarase o lugar de que se trate.

Estas probas practicaranse en todo caso antes do xuízo ou vista.

Artigo 291. *Citación e posible intervención das partes na práctica das probas fóra do xuízo.*

Aínda que non sexan suxeitos ou obxectos da proba, as partes serán citadas con antelación suficiente, que será de polo menos corenta e oito horas, para a práctica de tódalas probas que teñan que practicarse fóra do xuízo ou vista.

As partes e os seus avogados terán nas actuacións de proba a intervención que autorice a lei segundo o medio de proba de que se trate.

Artigo 292. *Obrigatoriedade de comparecer na audiencia. Multas.*

1. As testemuñas e os peritos citados terán o deber de comparecer no xuízo ou vista que finalmente se sinalase. A infracción deste deber sancionárase, logo de audiencia por cinco días, con multa de trinta mil a cen mil pesetas.

2. No momento de impo-la multa a que se refire o punto anterior, o tribunal requirirá, mediante providencia, o multado para que compareza cando sexa citado de novo, baixo apercibimento de proceder contra el por desobediencia á autoridade.

3. Cando, sen mediar previa escusa, unha testemuña ou perito non compareza no xuízo ou na vista, o tribunal, oíndo as partes que comparecesen, decidirá, mediante providencia, se a audiencia debe suspenderse ou debe continuar.

4. Cando, tamén sen mediar escusa previa, non compareza un litigante que fose citado para responder a interrogatorio, aplicarase o disposto no artigo 304 e imporáselle a aquel a multa prevista no número 1 deste artigo.

SECCIÓN 4.^a DA ANTICIPACIÓN E DO ASEGURAMENTO DA PROBA

Artigo 293. *Casos e causas de anticipación da proba. Competencia.*

1. Previamente á iniciación de calquera proceso, o que pretenda incoalo, ou calquera das partes durante o seu curso, poderá solicitar do tribunal a práctica anticipada dalgún acto de proba, cando exista o temor fundado de que, por causa das persoas ou polo estado das cosas, eses actos non poidan realizarse no momento procesual xeralmente previsto.

2. A petición de actuacións anticipadas de proba, que se formule antes da iniciación do proceso, dirixirase ó tribunal que se considere competente para o asunto principal. Este tribunal vixiará de oficio a súa xurisdicción e competencia obxectiva, así como a territorial que se funde en normas imperativas, sen que sexa admisible a declinatoria.

Iniciado o proceso, a petición de proba anticipada dirixirase ó tribunal que estea a coñecer do asunto.

Artigo 294. *Proposición de proba anticipada, admisión, tempo e recursos.*

1. A proposición de probas anticipadas realizarase conforme o disposto nesta lei para cada unha delas, expondo as razóns en que se apoie a petición.

2. Se o tribunal estima fundada a petición, accederá a ela, dispondo, por medio de providencia, que as actuacións se practiquen cando se considere necesario, sempre con anterioridade á celebración do xuízo ou vista.

Artigo 295. *Práctica contradictoria da proba anticipada.*

1. Cando a proba anticipada se solicite e se acorde practicar antes do inicio do proceso, quen a solicitase designará a persoa ou persoas ás que se propoña demandar no seu día e serán citadas, con polo menos cinco días de antelación, para que poidan ter na práctica da actuación probatoria a intervención que esta lei autorice segundo o medio de proba de que se trate.

2. Se estivese xa pendente o proceso no momento de practicar proba anticipada, as partes poderán intervir nela segundo o disposto nesta lei para cada medio de proba.

3. Nos casos en que se practique proba ó abeiro do número 1 deste artigo, non se lle outorgará valor probatorio ó actuado se a demanda non se interpón no prazo de dous meses desde que a proba anticipada se practicou, agás que se acredite que, por forza maior ou outra causa de análoga entidade, non puido iniciarse o proceso dentro deste prazo.

4. A proba practicada anticipadamente poderá realizarse de novo se, no momento de proposición da proba, é posible levala a cabo e algunha das partes así o solicita. En tal caso, o tribunal admitirá que se practique a proba de que se trate e valorará segundo as regras da sa crítica tanto a realizada anticipadamente como a efectuada con posterioridade.

Artigo 296. Custodia dos materiais das actuacións de proba anticipada.

1. Os documentos e demais pezas de convicción en que consistan as probas anticipadas ou que se obteñan como consecuencia da súa práctica, así como os materiais que poidan reflectir fielmente as actuacións probatorias realizadas e os seus resultados, quedarán baixo a custodia do secretario do tribunal que acordase a proba ata que se interpoña a demanda, á que se unirán, ou ata que chegue o momento procesual de coñecelos e valoralos.

2. Se da demanda tivese que coñecer en definitiva un tribunal distinto do que acordou ou practicou a proba anticipada, reclamará deste, por instancia de parte, a remisión, por conducto oficial, das actas, documentos e demais materiais das actuacións.

Artigo 297. Medidas de aseguramento da proba.

1. Antes da iniciación de calquera proceso, quen pretenda incoalo ou calquera dos litigantes durante o curso deste, poderá pedir do tribunal a adopción, mediante providencia, de medidas de aseguramento útiles para evitar que, por conductas humanas ou acontecementos naturais, que poidan destruír ou alterar obxectos materiais ou estados de cousas, resulte imposible no seu momento practicar unha proba relevante ou incluso careza de sentido propola.

2. As medidas consistirán nas disposicións que, a xuízo do tribunal, permitan conservar cousas ou situacións ou facer constar de maneira que faga fe a súa realidade e características. Para os fins de aseguramento da proba poderán tamén dirixirse mandatos de facer ou non facer, baixo apercibimento de proceder, en caso de os infrinxir, por desobediencia á autoridade.

3. En canto á xurisdicción e á competencia para o aseguramento da proba, observarase o disposto sobre proba anticipada.

Artigo 298. Requisitos das medidas de aseguramento. Contracautelas.

1. O tribunal acordará adoptar, mediante providencia, as medidas oportunas en cada caso se se cumpren os seguintes requisitos:

1.º Que a proba que se pretende asegurar sexa posible, pertinente e útil no momento de propo-lo seu aseguramento.

2.º Que haxa razóns ou motivos para temer que, de non adoptarse as medidas de aseguramento, pode resultar imposible no futuro a práctica desta proba.

3.º Que a medida de aseguramento que se propón, ou outra distinta que coa mesma finalidade estime preferible o tribunal, poida reputarse conducente e levarse a cabo dentro dun tempo breve e sen causar prexuízos graves e desproporcionados ás persoas implicadas ou a terceiros.

2. Para decidir sobre a adopción das medidas de aseguramento dunha proba, o tribunal deberá tomar en consideración e poderá acepta-lo eventual ofrecemento que o solicitante da medida faga de prestar garantía dos danos e perdas que a medida poida irrogar.

3. Tamén poderá o tribunal acordar, mediante providencia, en lugar da medida de aseguramento, a aceptación do ofrecemento que faga a persoa que debería soportar-la medida de prestar, na forma prevista no parágrafo segundo do número 2 do artigo 64, caución bastante para responder da práctica da proba da que se pretende o aseguramento.

CAPÍTULO VI

Dos medios de proba e das presuncións

Artigo 299. Medios de proba.

1. Os medios de proba de que se poderá facer uso en xuízo son:

- 1.º Interrogatorio das partes.
- 2.º Documentos públicos.
- 3.º Documentos privados.
- 4.º Dictame de peritos.
- 5.º Recoñecemento xudicial.
- 6.º Interrogatorio de testemuñas.

2. Tamén se admitirán, conforme o disposto nesta lei, os medios de reprodución da palabra, o son e a imaxe, así como os instrumentos que permiten arquivar e coñecer ou reproducir palabras, datos, cifras e operacións matemáticas levadas a cabo con fins contables ou doutra clase, relevantes para o proceso.

3. Cando por calquera outro medio non expresamente previsto nos puntos anteriores deste artigo poida obterse certeza sobre feitos relevantes, o tribunal, por instancia de parte, admitirao como proba, adoptando as medidas que en cada caso resulten necesarias.

Artigo 300. Orde de práctica dos medios de proba.

1. Agás que o tribunal, de oficio ou por instancia de parte, acorde outro distinto, as probas practicaranse no xuízo ou vista pola orde seguinte:

- 1.º Interrogatorio das partes.
- 2.º Interrogatorio de testemuñas.
- 3.º Declaracións de peritos sobre os seus dictames ou presentación destes, cando excepcionalmente se deban admitir nese momento.
- 4.º Recoñecemento xudicial, cando non se teña que levar a cabo fóra da sede do tribunal.
- 5.º Reproducción ante o tribunal de palabras, imaxes e sons captados mediante instrumentos de filiación, gravación e outros semellantes.

2. Cando algunha das probas admitidas non poida practicarse na audiencia, continuará esta para a práctica das restantes, pola orde que proceda.

SECCIÓN 1.ª DO INTERROGATORIO DAS PARTES

Artigo 301. Concepto e suxeitos do interrogatorio das partes.

1. Cada parte poderá solicitar do tribunal o interrogatorio das demais sobre feitos e circunstancias dos que teñan noticia e que garden relación co obxecto do xuízo. Un colitigante poderá solicita-lo interrogatorio doutro colitigante sempre e cando exista no proceso oposición ou conflito de intereses entre ambos.

2. Cando a parte lexitimada, actuante no xuízo, non sexa o suxeito da relación xurídica controvertida ou o titular do dereito en virtude do cal se acciona, poderase solicita-lo interrogatorio de tal suxeito ou titular.

Artigo 302. Contido do interrogatorio e admisión das preguntas.

1. As preguntas do interrogatorio formularanse oralmente en sentido afirmativo, e coa debida claridade e precisión. Non deberán incluír valoracións nin cualifica-

cións, e se estas se incorporan teranse por non realizadas.

2. O tribunal comprobará que as preguntas corresponden ós feitos sobre os que o interrogatorio se admítise, e decidirá sobre a admisibilidade das preguntas no mesmo acto en que se leve a cabo o interrogatorio.

Artigo 303. *Impugnación das preguntas que se formulen.*

A parte que teña que responder ó interrogatorio, así como o seu avogado, de se-lo caso, poderán impugnar no acto a admisibilidade das preguntas e facer nota-las valoracións e cualificacións que, contidas nas preguntas, sexan, no seu criterio, improcedentes e deban terse por non realizadas.

Artigo 304. *Incomparecencia e admisión tácita dos feitos.*

Se a parte citada para o interrogatorio non comparece ó xuízo, o tribunal poderá considerar recoñecidos os feitos en que esta parte interviñese persoalmente e a fixación dos cales como certos lle sexa enteiramente prexudicial, ademais de imporlle a multa a que se refire o punto cuarto do artigo 292 desta lei.

Na citación apercibiráselle ó interesado que, en caso de incomparecencia inustificada, se producirá o efecto sinalado no parágrafo anterior.

Artigo 305. *Modo de responder ó interrogatorio.*

1. A parte interrogada responderá por si mesma, sen valerse de ningún borrador de respostas; pero permitiráselle consultar no acto documentos e notas ou apuntamentos, cando a xuízo do tribunal sexan convenientes para auxilia-la memoria.

2. As respostas deberán ser afirmativas ou negativas e, de non ser isto posible segundo o teor das preguntas, serán precisas e concretas. O declarante poderá agregar, en todo caso, as explicacións que estime convenientes e que garden relación coas cuestións formuladas.

Artigo 306. *Facultades do tribunal e intervención de avogados. Interrogatorio cruzado.*

1. Unha vez respondidas as preguntas formuladas polo avogado de quen solicitou a proba, os avogados das demais partes e o daquela que declare poderán, por esta orde, formularlle ó declarante novas preguntas que reputen conducentes para determina-los feitos. O tribunal deberá repele-las preguntas que sexan impertinentes ou inútiles.

Coa finalidade de obter aclaracións e adicións, tamén poderá o tribunal interroga-la parte chamada a declarar.

2. Cando non sexa preceptiva a intervención de avogado, as partes, coa venia do tribunal, que coidará de que non se atravesen a palabra nin se interrompan, poderán facerse reciprocamente as preguntas e observacións que sexan convenientes para a determinación dos feitos relevantes no proceso. O tribunal deberá repele-las intervencións que sexan impertinentes ou inútiles, e poderá interroga-la parte chamada a declarar.

3. O declarante e o seu avogado poderán impugnar no acto as preguntas a que se refiren os anteriores puntos deste precepto. Poderán, así mesmo, formula-las observacións previstas no artigo 303. O tribunal resolverá o que proceda antes de outorga-la palabra para responder.

Artigo 307. *Negativa a declarar, respostas evasivas ou non concluíntes e admisión de feitos persoais.*

1. Se a parte chamada a declarar se nega a facelo, o tribunal apercibiraa no acto de que, agás que conorra unha obriga legal de gardar segredo, pode considerar recoñecidos como certos os feitos a que se refiran as preguntas, sempre que o interrogado interviñese neles persoalmente e a súa fixación como certos lle resulte prexudicial en todo ou en parte.

2. Cando as respostas que dea o declarante sexan evasivas ou non concluíntes, o tribunal, de oficio ou por instancia de parte, faralle o apercibimento previsto no punto anterior.

Artigo 308. *Declaración sobre feitos non persoais do interrogado.*

Cando algunha pregunta se refira a feitos que non sexan persoais do declarante este deberá responder segundo os seus coñecementos, dando razón da orixe destes, pero poderá propor que conteste tamén á pregunta un terceiro que teña coñecemento persoal dos feitos, polas súas relacións co asunto, aceptando as consecuencias da declaración.

Para que se admita esta substitución deberá ser aceptada pola parte que propuxo a proba. De non se producir tal aceptación, o declarante poderá solicitar que a persoa mencionada sexa interrogada en calidade de testemuña, e o tribunal decidirá o que estime procedente.

Artigo 309. *Interrogatorio de persoa xurídica ou de entidade sen personalidade xurídica.*

1. Cando a parte declarante sexa unha persoa xurídica ou un ente sen personalidade, e o seu representante en xuízo non interviñese nos feitos controvertidos no proceso, deberá alegar tal circunstancia na audiencia previa ó xuízo, e deberá facilita-la identidade da persoa que interveu en nome da persoa xurídica ou entidade interrogada, para que sexa citada ó xuízo.

O representante poderá solicitar que a persoa identificada sexa citada en calidade de testemuña se xa non forma parte da persoa xurídica ou ente sen personalidade.

2. Cando algunha pregunta se refira a feitos en que non interviñese o representante da persoa xurídica ou ente sen personalidade, deberá, non obstante, responder segundo os seus coñecementos, dando razón da súa orixe, e deberá identifica-la persoa que, en nome da parte, interviñese naqueles feitos. O tribunal citará esta persoa para ser interrogada fóra do xuízo como dilixencia final, conforme o disposto na regra segunda do número 1 do artigo 435.

3. Nos casos previstos nos números anteriores, se a representación da persoa xurídica ou da entidade sen personalidade manifesta descoñece-la persoa interviniente nos feitos, o tribunal considerará tal manifestación como resposta evasiva ou resistencia a declarar, cos efectos previstos nos números 1 e 2 do artigo 307.

Artigo 310. *Incomunicación de declarantes.*

Cando sobre uns mesmos feitos controvertidos teñan que declarar dúas ou máis partes ou persoas asimiladas a elas segundo o punto segundo do artigo 301, adoptaranse as medidas necesarias para evitar que poidan comunicarse e coñecer previamente o contido das preguntas e das respostas.

Igual prevención se adoptará cando deban ser interrogados varios litisconsortes.

Artigo 311. Interrogatorio domiciliario.

1. No caso de que por enfermidade que o impida ou por outras circunstancias especiais da persoa que teña que contesta-las preguntas non poida esta comparecer na sede do tribunal, por instancia de parte ou de oficio, a declaración poderase prestar no domicilio ou residencia do declarante ante o xuíz ou o membro do tribunal que corresponda, en presenza do secretario xudicial.

2. Se as circunstancias non o fan imposible ou sumamente inconveniente, ó interrogatorio domiciliario poderán concorrer-las demais partes e os seus avogados. Pero se, a xuízo do tribunal, a concorrencia destes e aquelas non resulta procedente tendo en conta as circunstancias da persoa e do lugar, realizarase o interrogatorio en presenza do tribunal e do secretario xudicial, podendo a parte proponente presentar un prego de preguntas para que, de seren consideradas pertinentes, sexan formuladas polo tribunal.

Artigo 312. Constancia en acta do interrogatorio domiciliario.

Nos casos do artigo anterior, o secretario xudicial radactará acta suficientemente circunstanciada das preguntas e das respostas, que poderá ler por si mesma a persoa que declara. De non saber ou non querer facelo, seralle lida polo secretario xudicial e o tribunal preguntalle ó interrogado se ten algo que agregar ou variar, transcribíndose a seguir o que manifeste. Seguidamente, asinará o declarante e os demais asistentes, baixo a fe do secretario xudicial.

Artigo 313. Interrogatorio domiciliario por vía de auxilio xudicial.

Cando a parte que teña que responder a un interrogatorio resida fóra da demarcación xudicial do tribunal, e exista algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo segundo do punto cuarto do artigo 169, aquela poderá ser examinada por vía de auxilio xudicial.

En tales casos, xuntaráselle ó despacho unha relación de preguntas formuladas pola parte proponente do interrogatorio, se esta así o solicita por non poder concorrer ó acto do interrogatorio. As preguntas deberán ser declaradas pertinentes polo tribunal que coñeza do asunto.

Artigo 314. Prohibición de reitera-lo interrogatorio das partes.

Non procederá interrogatorio das partes ou persoas a que se refire o número 2 do artigo 301 sobre os mesmos feitos que xa fosen obxecto de declaración por esas partes ou persoas.

Artigo 315. Interrogatorio en casos especiais.

1. Cando sexan parte nun proceso o Estado, unha comunidade autónoma, unha entidade local e outro organismo público, e o tribunal admita a súa declaración, remitiráselles, sen esperar ó xuízo ou á vista, unha lista coas preguntas que, presentadas pola parte proponente no momento en que se admita a proba, o tribunal declare pertinentes, para que sexan respondidas por escrito e entregada a resposta ó tribunal antes da data sinalada para aqueles actos.

2. Lidas no acto do xuízo ou na vista as respostas escritas, entenderanse coa representación procesual da parte que as remítise as preguntas complementarias que o tribunal estime pertinentes e útiles, e se esta repre-

sentación xustifica cumpridamente non poder ofrece-las respostas que se requiran, procederase a remitir un novo interrogatorio por escrito como dilixencia final.

3. Será de aplicación á declaración prevista neste artigo o disposto no artigo 307.

Artigo 316. Valoración do interrogatorio das partes.

1. Se non o contradí o resultado das demais probas, na sentenza consideraranse certos os feitos que unha parte recoñecese como tales se neles interveu persoalmente e a súa fixación como certos lle é enteiramente prexudicial.

2. En todo o demais, os tribunais valorarán as declaracións das partes e das persoas a que se refire o número 2 do artigo 301 segundo as regras da sa crítica, sen prexuízo do que se dispón nos artigos 304 e 307.

SECCIÓN 2.^a DOS DOCUMENTOS PÚBLICOS**Artigo 317. Clases de documentos públicos.**

Para efectos de proba no proceso, considéranse documentos públicos:

1.º As resolucións e dilixencias de actuacións xudiciais de toda especie e os testemuños que delas expidan os secretarios xudiciais.

2.º Os autorizados por notario conforme a dereito.

3.º Os intervidos por corredores de comercio colexiados e as certificacións das operacións en que interviñesen, expedidas por eles con referencia ó libro rexistro que deben levar conforme a dereito.

4.º As certificacións que expidan os rexistradores da propiedade e mercantís dos asentos rexistrados.

5.º Os expedidos por funcionarios públicos legalmente facultados para dar fe no que se refire ó exercicio das súas funcións.

6.º Os que, con referencia a arquivos e rexistros de órganos do Estado, das administracións públicas ou doutras entidades de dereito público, sexan expedidos por funcionarios facultados para dar fe de disposicións e actuacións daqueles órganos, administracións ou entidades.

Artigo 318. Modo de produción da proba por documentos públicos.

Os documentos públicos terán a forza probatoria establecida no artigo 319 se se achegan ó proceso en orixinal ou por copia ou certificación que faga fe ou se, sendo achegado por copia simple conforme o previsto no artigo 267, non se impugnou a súa autenticidade.

Artigo 319. Forza probatoria dos documentos públicos.

1. Cos requisitos e nos casos dos artigos seguintes, os documentos públicos comprendidos nos números 1.º a 6.º do artigo 317 farán proba plena do feito, acto ou estado de cousas que documenten, da data en que se produce esa documentación e da identidade dos fedatarios e demais persoas que, de se-lo caso, interveñan nela.

2. A forza probatoria dos documentos administrativos non comprendidos nos números 5.º e 6.º do artigo 317 ós que as leis lles outorguen o carácter de públicos, será a que establezan as leis que lles recoñeza tal carácter. En defecto de disposición expresa en tales leis, os feitos, actos ou estados de cousas que consten nos referidos documentos teranse por certos, para os efectos

da sentenza que se dicte, agás que outros medios de proba desvirtúen a certeza do documentado.

3. En materia de usura, os tribunais resolverán en cada caso formando libremente a súa convicción sen vinculación co establecido no número un deste artigo.

Artigo 320. *Impugnación do valor probatorio do documento público. Cotexo ou comprobación.*

1. Se se impugnase a autenticidade dun documento público, para que poida facer proba plena procederase da forma seguinte:

1.º As copias, certificacións ou testemuños que fagan fe cotexaranse ou comprobaranse cos orixinais, onde queira que se encontren.

2.º As pólizas intervidas por corredor de comercio colexiado comprobaranse cos asentos do seu libro rexistro.

2. O cotexo ou comprobación dos documentos públicos cos seus orixinais será practicado polo secretario xudicial, que se constituirá para o efecto no arquivo ou local onde estea o orixinal ou matriz, en presenza, se concorren, das partes e dos seus defensores, que serán citados para o efecto.

3. Cando dun cotexo ou comprobación resulte a autenticidade ou exactitude da copia ou testemuño impugnados, as custas, gastos e dereitos que orixine o cotexo ou comprobación serán exclusivamente de cargo de quen formulase a impugnación. Se, a xuízo do tribunal, a impugnación fose temeraria, poderá imporlle, ademais, unha multa de 20.000 a 100.000 pesetas.

Artigo 321. *Testemuño ou certificación incompletos.*

O testemuño ou certificación que fagan fe de só unha parte dun documento non fará proba plena mentres non se complete coas adicións que solicite o litigante a quen poida prexudicar.

Artigo 322. *Documentos públicos non susceptibles de cotexo ou comprobación.*

1. Farán proba plena en xuízo, sen necesidade de comprobación ou cotexo e agás proba en contrario e a facultade de solicita-lo cotexo de letras cando sexa posible:

1.º As escrituras públicas antigas que carezan de protocolo e todas aquelas das que desaparecese o protocolo ou matriz.

2.º Calquera outro documento público que, pola súa índole, careza de orixinal ou rexistro co que poida cotexarse ou comprobarse.

2. Nos casos de desaparición do protocolo, a matriz ou os expedientes orixinais, observarase o disposto no artigo 1221 do Código civil.

Artigo 323. *Documentos públicos estranxeiros.*

1. Para efectos procesuais, consideraranse documentos públicos os documentos estranxeiros ós que, en virtude de tratados ou convenios internacionais ou de leis especiais, deba atribuírselle-la forza probatoria prevista no artigo 319 desta lei.

2. Cando non sexa aplicable ningún tratado ou convenio internacional nin lei especial, consideraranse documentos públicos os que reúnan os seguintes requisitos:

1.º Que no outorgamento ou confección do documento se observasen os requisitos que se esixan no país onde se outorgasen para que o documento faga proba plena en xuízo.

2.º Que o documento conteña a legalización ou apostila e os demais requisitos necesarios para a súa autenticidade en España.

3. Cando os documentos estranxeiros a que se refiren os puntos anteriores deste artigo incorporen declaracións de vontade, a existencia destas terase por probada, pero a súa eficacia será a que determinen as normas españolas e estranxeiras aplicables en materia de capacidade, obxecto e forma dos negocios xurídicos.

SECCIÓN 3.ª DOS DOCUMENTOS PRIVADOS

Artigo 324. *Clases de documentos privados.*

Considéranse documentos privados, para efectos de proba no proceso, aqueles que non se encontren en ningún dos casos do artigo 317.

Artigo 325. *Modo de produción da proba.*

Os documentos privados presentaranse do modo establecido no artigo 268 desta lei.

Artigo 326. *Forza probatoria dos documentos privados.*

1. Os documentos privados farán proba plena no proceso, nos termos do artigo 319, cando a súa autenticidade non sexa impugnada pola parte a quen prexudiquen.

2. Cando se impugne a autenticidade dun documento privado, quen o presentase poderá pedi-lo cotexo pericial de letras ou propor calquera outro medio de proba que resulte útil e pertinente para o efecto.

Se do cotexo ou do outro medio de proba se desprendese a autenticidade do documento, procederase conforme o previsto no punto terceiro do artigo 320. Cando non se poida deducir a súa autenticidade ou non se propoña ningunha proba, o tribunal valorará conforme as regras da sa crítica.

Artigo 327. *Libros dos comerciantes.*

Cando teñan que utilizarse como medio de proba os libros dos comerciantes aplicarase o disposto nas leis mercantís. De maneira motivada, e con carácter excepcional, o tribunal poderá reclamar que se presenten ante el os libros ou o seu soporte informático, sempre que se especifiquen os asentos que deben ser examinados.

**SECCIÓN 4.ª DAS DISPOSICIÓNS COMÚNS
ÁS DÚAS SECCIÓNS ANTERIORES**

Artigo 328. *Deber de exhibición documental entre partes.*

1. Cada parte poderá solicitar das demais a exhibición de documentos que non estean á disposición dela e que se refiran ó obxecto do proceso ou á eficacia dos medios de proba.

2. Á solicitude de exhibición deberáselle xuntar copia simple do documento e, de non existir ou non se dispor dela, indicarse nos termos máis exactos posibles o contido daquel.

Artigo 329. *Efectos da negativa á exhibición.*

1. En caso de negativa inustificada á exhibición do artigo anterior, o tribunal, tomando en consideración as restantes probas, poderá atribuír valor probatorio á copia simple presentada polo solicitante da exhibición ou á versión que dese do contido do documento.

2. No caso de negativa inustificada a que se refire o punto anterior, o tribunal, en lugar do que nese punto se dispón, poderá formular requirimento, mediante providencia, para que os documentos dos que se solicitou a exhibición sexan achegados ó proceso, cando así o aconsellen as características destes documentos, as restantes probas achegadas, o contido das pretensións formuladas pola parte solicitante e o alegado para fundamentalas.

Artigo 330. Exhibición de documentos por terceiros.

1. Agás o disposto nesta lei en materia de dilixencias preliminares, só se lles requirirá ós terceiros non litigantes a exhibición de documentos da súa propiedade cando, pedida por unha das partes, o tribunal entenda que o seu coñecemento resulta transcendente para os fins de dictar sentenza.

En tales casos o tribunal ordenará, mediante providencia, a comparecencia persoal daquel en poder de quen se achen e, tras oílo, resolverá o procedente. Esta resolución non será susceptible de ningún recurso, pero a parte a quen interese poderá reproducir a súa petición na segunda instancia.

Cando estean dispostos a exhibilos voluntariamente, non se lles obrigará a que os presenten na secretaría senón que, se así o esixen, irá o secretario xudicial ó seu domicilio para testemuñalos.

2. Para os efectos do número anterior, non se considerarán terceiros os titulares da relación xurídica controvertida ou das que sexan causa dela, aínda que non figuren como partes no xuízo.

Artigo 331. Testemuño de documentos exhibidos.

Se a persoa da que se requira a exhibición segundo o disposto nos artigos anteriores non está disposta a desprenderse do documento para a súa incorporación ós autos, o secretario xudicial redactará testemuño deste na sede do tribunal, se así o solicita o exhibinte.

Artigo 332. Deber de exhibición de entidades oficiais.

1. As dependencias do Estado, comunidades autónomas, provincias, entidades locais e demais entidades de dereito público non poderán negarse a expedir as certificacións e testemuños que sexan solicitados polos tribunais nin oporse a exhibirlos documentos que estean nas súas dependencias e arquivos, excepto cando se trate de documentación legalmente declarada ou clasificada como de carácter reservado ou secreto. Neste caso, dirixiráselle ó tribunal exposición razoada sobre este carácter.

2. Agás que exista un especial deber legal de segredo ou reserva, as entidades e empresas que realicen servizos públicos ou estean encargadas de actividades do Estado, das comunidades autónomas, das provincias, dos municipios e demais entidades locais, estarán tamén suxeitas á obriga de exhibición, así como a expedir certificacións e testemuños, nos termos do punto anterior.

Artigo 333. Extracción de copias de documentos que non sexan escritos.

Cando se trate de debuxos, fotografías, bosquexos, planos, mapas e outros documentos que non incorporen predominantemente textos escritos, se só existe o orixinal, a parte poderá solicitar que na exhibición se obteña copia, en presenza do secretario xudicial, que dará fe de ser fiel e exacta reprodución do orixinal.

Artigo 334. Valor probatorio das copias reprográficas e cotexo.

1. Se a parte a quen prexudique o documento presentado por copia reprográfica impugna a exactitude da reprodución, cotexarase co orixinal, se é posible e, non sendo así, determinarase o seu valor probatorio segundo as regras da sa crítica, tendo en conta o resultado das demais probas.

2. O disposto no número anterior deste artigo tamén será de aplicación ós debuxos, fotografías, pinturas, bosquexos, planos, mapas e documentos semellantes.

3. O cotexo a que este artigo se refire será verificado polo secretario xudicial, agás o dereito das partes a propoer proba pericial.

SECCIÓN 5.^a DO DICTAME DE PERITOS

Artigo 335. Obxecto e finalidade do dictame de peritos. Xuramento ou promesa de actuar con obxectividade.

1. Cando sexan necesarios coñecementos científicos, artísticos, técnicos ou prácticos para valorar feitos ou circunstancias relevantes no asunto ou adquirir certeza sobre eles, as partes poderán achegar ó proceso o dictame de peritos que posúan os coñecementos correspondentes ou solicitar, nos casos previstos nesta lei, que sexa emitido dictame por un perito designado polo tribunal.

2. Ó emitilo dictame, todo perito deberá manifestar, baixo xuramento ou promesa de dicir verdade, que actuou e, se é o caso, actuará coa maior obxectividade posible, tomando en consideración tanto o que poida favorecer como o que sexa susceptible de causar prexuízo a calquera das partes, e que coñece as sancións penais nas que podería incorrer de incumprilo seu deber como perito.

Artigo 336. Achega coa demanda e a contestación de dictames elaborados por peritos designados polas partes.

1. Os dictames de que dispoñan os litigantes, elaborados por peritos designados por eles, e que estimen necesarios ou convenientes para a defensa dos seus dereitos, deberán achegalos coa demanda ou coa contestación, se esta ten que realizarse en forma escrita, sen prexuízo do disposto no artigo 337 desta lei.

2. Os dictames formularanse por escrito, acompañados, de se-lo caso, dos demais documentos, instrumentos ou materiais adecuados para expo-lo parecer do perito sobre o que fose obxecto da pericia. De non ser posible ou conveniente achegar estes materiais e instrumentos, o escrito de dictame conterá sobre eles as indicacións suficientes. Poderán, así mesmo, xuntarse ó dictame os documentos que se estimen adecuados para a súa máis acertada valoración.

3. Entenderase que ó demandante lle é posible achegar coa demanda dictames escritos elaborados por un perito designado por el, se non xustifica cumpridamente que a defensa do seu dereito non permitiu demora-la interposición daquela ata a obtención do dictame.

4. Nos xuízos con contestación á demanda por escrito, o demandado que non poida achegar dictames escritos con aquela contestación á demanda deberá xustificarla imposibilidade de os pedir e obter dentro do prazo para contestar.

Artigo 337. Anuncio de dictames cando non se poidan achegar coa demanda ou coa contestación. Achega posterior.

1. De non lles ser posible ás partes achegaren dictames elaborados por peritos designados por elas, xunto

coa demanda ou contestación, expresarán nunha ou noutra os dictames de que, de se-lo caso, pretendan valer, que deberán achegar, para o seu traslado á parte contraria, en canto dispoñan deles, e en todo caso antes de iniciarse a audiencia previa ó xuízo ordinario ou antes da vista non verbal.

2. Achegados os dictames conforme o disposto no punto anterior, as partes deberán manifestar se desexan que os peritos autores dos dictames comparezan no xuízo regulado nos artigos 431 e seguintes desta lei ou, de se-lo caso, na vista do xuízo verbal, expresando se deberán expor ou explica-lo dictame ou responder a preguntas, obxeccións ou propostas de rectificación ou intervir de calquera outra forma útil para entender e valoralo dictame en relación co que sexa obxecto do preito.

Artigo 338. *Achega de dictames en función de actuacións procesuais posteriores á demanda. Solicitude de intervención dos peritos no xuízo ou vista.*

1. O disposto no artigo anterior non será de aplicación ós dictames dos que se poña de manifesto a necesidade ou utilidade por mor de alegacións do demandado na contestación á demanda ou das alegacións ou pretensións complementarias admitidas na audiencia, a teor do artigo 426 desta lei.

2. Os dictames dos que veña suscitada a necesidade ou utilidade pola contestación á demanda ou polo alegado e pretendido na audiencia previa ó xuízo serán achegados polas partes, para o seu traslado ás contrarias, con polo menos cinco días de antelación á celebración do xuízo ou da vista, nos xuízos verbais, manifestando as partes ó tribunal se consideran necesario que concorran a estes xuízo ou vista os peritos autores dos dictames, con expresión do que se sinala no número 2 do artigo 337.

O tribunal poderá acordar tamén neste caso a presenza dos peritos no xuízo ou vista nos termos sinalados no número 2 do artigo anterior.

Artigo 339. *Solicitude de designación de peritos polo tribunal e resolución xudicial sobre esta solicititude. Designación de peritos polo tribunal, sen instancia de parte.*

1. Se calquera das partes é titular do dereito de asistencia xurídica gratuíta, non terá que achegar coa demanda ou a contestación o dictame pericial, senón simplemente anunciálo, para os efectos de que se proceda á designación xudicial de perito, conforme o que se establece na Lei de asistencia xurídica gratuíta.

2. O demandante ou o demandado, aínda que non estean no caso do punto anterior, tamén poderán solicitar nos seus respectivos escritos iniciais que se proceda á designación xudicial de perito, se entenden conveniente ou necesario para os seus intereses a emisión de informe pericial. En tal caso, o tribunal procederá á designación, sempre que considere pertinente e útil o dictame pericial solicitado. Este dictame será á custa de quen o pedise, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas.

Agás que se refira a alegacións ou pretensións non contidas na demanda, non se poderá solicitar, con posterioridade á demanda ou á contestación, informe pericial elaborado por perito designado xudicialmente.

A designación xudicial de perito deberá realizarse no prazo de cinco días desde a presentación da contestación á demanda, con independencia de quen solicitase esta designación. Cando ámbalas partes a pedisen inicialmente, o tribunal poderá designar, se aquelas se mostran conformes, un único perito que emita o informe solicitado. En tal caso, o aboamento dos honorarios do

perito corresponderalles realizalo a ámbolos litigantes por partes iguais, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas.

3. No xuízo ordinario, se, como consecuencia das alegacións ou pretensións complementarias permitidas na audiencia, as partes solicitan, conforme prevé o punto cuarto do artigo 427, a designación polo tribunal dun perito que dictamine, este acordarao así, sempre que considere pertinente e útil o dictame, e ámbalas partes se mostren conformes no obxecto da pericia e en aceptalo dictame do perito que o tribunal nomee.

O mesmo poderá face-lo tribunal cando se trate de xuízo verbal e as partes soliciten designación de perito, cos requisitos do parágrafo anterior.

4. Nos casos sinalados nos dous números anteriores, se as partes que soliciten a designación dun perito polo tribunal están ademais de acordo en que o dictame sexa emitido por unha determinada persoa ou entidade, así o acordará o tribunal. De non haber acordo das partes, o perito será designado polo procedemento establecido no artigo 341.

5. O tribunal poderá, de oficio, designar perito cando a pericia sexa pertinente en procesos sobre declaración ou impugnación da filiación, paternidade e maternidade, sobre a capacidade das persoas ou en procesos matrimoniais.

6. O tribunal non designará máis que un perito titular por cada cuestión ou conxunto de cuestións que teñan que ser obxecto de pericia e que non requiran, pola diversidade da súa materia, o parecer de expertos distintos.

Artigo 340. *Condicións dos peritos.*

1. Os peritos deberán posuí-lo título oficial que corresponda á materia obxecto do dictame e á natureza deste. De tratarse de materias que non estean comprendidas en títulos profesionais oficiais, deberán ser nomeados entre persoas entendidas naquelas materias.

2. Poderá así mesmo solicitarse dictame de academias e institucións culturais e científicas que se ocupen do estudio das materias correspondentes ó obxecto da pericia. Tamén poderán emitir dictame sobre cuestións específicas as persoas xurídicas legalmente habilitadas para iso.

3. Nos casos do punto anterior, a institución á que se lle encargue o dictame expresará coa maior brevidade qué persoa ou persoas se encargarán directamente de preparalo, ás que se lles esixirá o xuramento ou promesa previsto no punto segundo do artigo 335.

Artigo 341. *Procedemento para a designación xudicial de perito.*

1. No mes de xaneiro de cada ano solicitarase dos distintos colexios profesionais ou, no seu defecto, de entidades análogas, así como das academias e institucións culturais e científicas a que se refire o punto segundo do artigo anterior, o envío dunha lista de colexiados ou asociados dispostos a actuaren como peritos. A primeira designación de cada lista efectuarase por sorteo realizado en presenza do secretario xudicial, e a partir dela efectuaranse as seguintes designacións por orde correlativa.

2. Cando teña que designarse perito nunha a persoa sen título oficial, práctica ou entendida na materia, logo de citación das partes, realizarase a designación polo procedemento establecido no punto anterior, usándose para iso unha lista de persoas que cada ano se solicitará de sindicatos, asociacións e entidades apropiadas, e que deberá estar integrada por cando menos cinco daquelas

persoas. Se, por razón da singularidade da materia de dictame, unicamente se dispón do nome dunha persoa entendida ou práctica, solicitarase das partes o seu consentimento e só se todas o outorgan se designará perito a esa persoa.

Artigo 342. *Chamamento ó perito designado, aceptación e nomeamento. Provisión de fondos.*

1. No prazo de cinco días desde a designación, comunicáraselle esta ó perito titular, requiríndoo para que, dentro doutros cinco días, manifeste se acepta o cargo. En caso afirmativo, efectuarase o nomeamento e o perito fará, na forma en que se dispoña, a manifestación baixo xuramento ou promesa que ordena o número 2 do artigo 335.

2. De o perito designado aducir xusta causa que lle impeda a aceptación, e o tribunal a considera suficiente, será substituído polo seguinte da lista, e así sucesivamente, ata que se poida efectuar o nomeamento.

3. O perito designado poderá solicitar, nos tres días seguintes ó seu nomeamento, a provisión de fondos que considere necesaria, que será á conta da liquidación final. O tribunal, mediante providencia, decidirá sobre a provisión solicitada e ordenará á parte ou partes que propuxeran a proba pericial e non teñan dereito á asistencia xurídica gratuíta, que aboen a cantidade fixada na conta de depósitos e consignacións do tribunal, no prazo de cinco días.

Transcorrido este prazo, se non se depositase a cantidade establecida, o perito quedará eximido de emitilo dictame, sen que poida procederse a unha nova designación.

Cando o perito designado o fose de común acordo, e un dos litigantes non realizase a parte da consignación que lle correspondese, ofrecerásele ó outro litigante a posibilidade de completa-la cantidade que faltase, indicando en tal caso os puntos sobre os que deba pronunciarse o dictame, ou de recupera-la cantidade depositada; neste caso aplicarase o disposto no parágrafo anterior.

Artigo 343. *Tachas dos peritos. Tempo e forma das tachas.*

1. Só poderán ser obxecto de recusación os peritos designados xudicialmente.

En cambio, os peritos non recusables poderán ser obxecto de tacha cando concorran neles algunha das seguintes circunstancias:

1.º Ser cónxuxe ou parente por consanguinidade ou afinidade, dentro do cuarto grao civil, dunha das partes ou dos seus avogados ou procuradores.

2.º Ter interese directo ou indirecto no asunto ou noutro semellante.

3.º Estar ou ter estado en situación de dependencia ou de comunidade ou contraposición de intereses con algunha das partes ou cos seus avogados ou procuradores.

4.º Amizade íntima ou inimidade con calquera das partes ou os seus procuradores ou avogados.

5.º Calquera outra circunstancia, debidamente acreditada, que os faga desmerecer no concepto profesional.

2. As tachas non poderán formularse despois do xuízo ou da vista, nos xuízos verbais. De tratarse de xuízo ordinario, as tachas dos peritos autores de dictames achegados con demanda ou contestación propóranse na audiencia previa ó xuízo.

Ó formular tachas de peritos, poderase propo-la proba conducente a xustificálas, excepto a testifical.

Artigo 344. *Contradicción e valoración da tacha. Sanción en caso de tacha temeraria ou desleal.*

1. Calquera parte interesada poderá dirixirse ó tribunal co fin de negar ou contradicila tacha, achegando os documentos que consideren pertinentes para tal efecto. Se a tacha menoscabase a consideración profesional ou persoal do perito, este poderá solicitar do tribunal que, ó termo do proceso, declare, mediante providencia, que a tacha carece de fundamento.

2. Sen máis trámites, o tribunal terá en conta a tacha e a súa eventual negación ou contradicción no momento de valora-la proba, formulando, se é o caso, mediante providencia, a declaración de falta de fundamento da tacha prevista no punto anterior. Se apreciase temeridade ou deslealdade procesual na tacha, por mor da súa motivación ou do tempo en que se formulase, poderalle impor á parte responsable, con previa audiencia, unha multa de dez mil a cen mil pesetas.

Artigo 345. *Operacións periciais e posible intervención das partes nelas.*

1. Cando a emisión do dictame requira algún recoñecemento de lugares, obxectos ou persoas ou a realización de operacións análogas, as partes e os seus defensores poderán presenciaren un e outras, se con isto non se impide ou estorba o labor do perito e se pode garanti-lo acerto e imparcialidade do dictame.

2. Se algunha das partes solicita estar presente nas operacións periciais do punto anterior, o tribunal decidirá o que proceda e, en caso de admitir esa presenza, ordenaralle ó perito que dea aviso directamente ás partes, con antelación de polo menos corenta e oito horas, do día, hora e lugar en que aquelas operacións se levarán a cabo.

Artigo 346. *Emisión e ratificación do dictame polo perito que o tribunal designe.*

O perito que o tribunal designe emitirá por escrito o seu dictame, que fará chegar ó tribunal no prazo que se lle sinalase. Deste dictame daráselles traslado ás partes por se consideran necesario que o perito concorra ó xuízo ou á vista para os efectos de que achegue as aclaracións ou explicacións que sexan oportunas. O tribunal poderá acordar, en todo caso, mediante providencia, que considera necesaria a presenza do perito no xuízo ou na vista para comprender e valorar mellor o dictame realizado.

Artigo 347. *Posible actuación dos peritos no xuízo ou na vista.*

1. Os peritos terán no xuízo ou na vista a intervención solicitada polas partes, que o tribunal admita.

O tribunal só denegará as solicitudes de intervención que, pola súa finalidade e contido, teñan que estimarse impertinentes ou inútiles.

En especial, as partes e os seus defensores poderán pedir:

1.º Exposición completa do dictame, cando esa exposición requira a realización doutras operacións, complementarias do escrito achegado, mediante o emprego dos documentos, materiais e outros elementos a que se refire o número 2 do artigo 336.

2.º Explicación do dictame ou dalgún ou algúns dos seus puntos, se o seu significado non se considerase suficientemente expresivo para os efectos da proba.

3.º Respostas a preguntas e obxeccións, sobre método, premisas, conclusións e outros aspectos do dictame.

4.º Respostas a solicitudes de ampliación do dictame a outros puntos conexos, por se puidese levarse a cabo no mesmo acto e para efectos, en calquera caso, de coñece-la opinión do perito sobre a posibilidade e utilidade da ampliación, así como do prazo necesario para levala a cabo.

5.º Crítica do dictame de que se trate polo perito da parte contraria.

6.º Formulación das tachas que puidesen afecta-lo perito.

2. O tribunal poderalles tamén formular preguntas ós peritos e requirir deles explicacións sobre o que sexa obxecto do dictame achegado, pero sen poder acordar, de oficio, que se amplíe, agás que se trate de peritos designados de oficio conforme o disposto no número 5 do artigo 339.

Artigo 348. *Valoración do dictame pericial.*

O tribunal valorará os dictames periciais segundo as regras da sa crítica.

Artigo 349. *Cotexo de letras.*

1. Será practicado por un perito o cotexo de letras cando a autenticidade dun documento privado se negue ou se poña en dúbida pola parte a quen prexudique.

2. Tamén se poderá practicar cotexo de letras cando se negue ou discuta a autenticidade de calquera documento público que careza de matriz e de copias que fagan fe segundo o disposto no artigo 1221 do Código civil, sempre que este documento non poida ser recoñecido polo funcionario que o expedise ou por quen apareza como fedatario interveniente.

3. O cotexo de letras practicarase por perito designado polo tribunal conforme o disposto nos artigos 341 e 342 desta lei.

Artigo 350. *Documentos indubitados ou corpo de escritura para o cotexo.*

1. A parte que solicite o cotexo de letras designará o documento ou documentos indubitados con que deba facerse.

2. Consideraranse documentos indubitados para os efectos de cotexa-las letras:

1.º Os documentos que recoñezan como tales tódalas partes ás que poida afectar esta proba pericial.

2.º As escrituras públicas e os que consten nos arquivos públicos relativos ó documento nacional de identidade.

3.º Os documentos privados cunha letra ou sinatura que fose recoñecida en xuízo por aquel a quen se atribúa a dubidosa.

4.º O escrito impugnado, na parte en que recoñeza a letra como súa aquel a quen prexudique.

3. Na falta dos documentos enumerados no punto anterior, a parte á que se atribúa o documento impugnado ou a sinatura que o autorice poderá ser requirida, por instancia da contraria, para que forme un corpo de escritura que lle dictará o tribunal ou o secretario xudicial.

Se o requirido se nega, o documento impugnado considerase recoñecido.

4. Se non houbese documentos indubitados e fose imposible o cotexo cun corpo de escritura por falecemento ou ausencia de quen deba formalo, o tribunal apreciará o valor do documento impugnado conforme as regras da sa crítica.

Artigo 351. *Producción e valoración do dictame sobre o cotexo de letras.*

1. O perito que leve a cabo o cotexo de letras consignará por escrito as operacións de comprobación e os seus resultados.

2. Será de aplicación ó dictame pericial de cotexo de letras o disposto nos artigos 346, 347 e 348 desta lei.

Artigo 352. *Outros dictames periciais instrumentais de probas distintas.*

Cando sexa necesario ou conveniente para coñece-lo contido ou sentido dunha proba ou para proceder á súa máis acertada valoración, as partes poderán achegar ou propor dictames periciais sobre outros medios de proba admitidos polo tribunal ó abeiro do previsto nos números 2 e 3 do artigo 299.

SECCIÓN 6.^a DO RECOÑECIMENTO XUDICIAL

Artigo 353. *Obxecto e finalidade do recoñecemento xudicial e iniciativa para acordalo.*

1. O recoñecemento xudicial acordarase cando para o esclarecemento e apreciación dos feitos sexa necesario ou conveniente que o tribunal examine por si mesmo algún lugar, obxecto ou persoa.

2. Sen prexuízo da amplitude que o tribunal estime que debe te-lo recoñecemento xudicial, a parte que o solicite terá que expresa-los extremos principais a que quere que este se refira e indicará se pretende concorrer ó acto con algunha persoa técnica ou práctica na materia.

A outra parte poderá, antes da realización do recoñecemento xudicial, propor outros extremos que lle interesen e así mesmo deberá manifestar se asistirá con persoa das indicadas no parágrafo anterior.

3. O tribunal sinalará con cinco días de antelación, polo menos, o día e hora en que teña que practicarse o recoñecemento xudicial.

Artigo 354. *Realización do recoñecemento xudicial e intervención das partes e de persoas entendidas.*

1. O tribunal poderá acordar calquera medida que sexa necesaria para logra-la efectividade do recoñecemento, incluída a de ordena-la entrada no lugar que deba recoñecerse ou en que se encontre o obxecto ou a persoa que se deba recoñecer.

2. As partes e os seus procuradores e avogados poderán concorrer ó recoñecemento xudicial e facerlle ó tribunal, de palabra, as observacións que estimen oportunas.

3. Se, de oficio ou por instancia de parte, o tribunal considera conveniente oí-las observacións ou declaracións das persoas indicadas no número 2 do artigo anterior, recibiralles previamente xuramento ou promesa de dicir verdade.

Artigo 355. *Recoñecemento de persoas.*

1. O recoñecemento xudicial dunha persoa practicarase a través dun interrogatorio realizado polo tribunal, que se adaptará ás necesidades de cada caso concreto. Neste interrogatorio, que poderá practicarse, se as circunstancias o aconsellan, a porta pechada ou fóra da sede do tribunal, poderán intervi-las partes sempre que o tribunal non o considere perturbador para o bo fin da dilixencia.

2. En todo caso, na práctica do recoñecemento xudicial garantirase o respecto á dignidade e á intimidade da persoa.

Artigo 356. *Concurrencia do recoñecemento xudicial e o pericial.*

1. Cando o tribunal o considere conveniente, poderá dispor, mediante providencia, que se practiquen nun só acto o recoñecemento xudicial e o pericial, sobre o mesmo lugar, obxecto ou persoa, seguíndose o procedemento establecido nesta sección.

2. As partes poderán solicitar tamén a práctica conxunta de ámbolos recoñecementos e o tribunal ordenará se a estima procedente.

Artigo 357. *Concurrencia do recoñecemento xudicial e a proba por testemuñas.*

1. Por instancia de parte e á súa custa, o tribunal poderá determinar mediante providencia que as testemuñas sexan examinadas a continuación do recoñecemento xudicial, cando a vista do lugar ou das cousas ou persoas poida contribuír á claridade do seu testemuño.

2. Tamén se poderá practicar, a pedimento de parte, o interrogatorio da contraria cando se dean as mesmas circunstancias sinaladas no punto anterior.

Artigo 358. *Acta do recoñecemento xudicial.*

1. Do recoñecemento xudicial practicado o secretario xudicial redactará acta detallada, na que se consignarán con claridade as percepcións e apreciacións do tribunal, así como as observacións feitas polas partes e polas persoas a que se refire o artigo 354.

2. Tamén se recollerá en acta o resultado das demais actuacións de proba que se practicasen no mesmo acto do recoñecemento xudicial, segundo o disposto nos artigos 356 e 357.

Artigo 359. *Emprego de medios técnicos de constancia do recoñecemento xudicial.*

Utilizaranse medios de gravación de imaxe e son ou outros instrumentos semellantes para deixar constancia do que sexa obxecto de recoñecemento xudicial e das manifestacións dos que interveñan nel, pero non se omitirá a redacción da acta e consignarase nela canto sexa necesario para a identificación das gravacións, reproducións ou exames levados a cabo, que deberán ser conservados polo tribunal de modo que non sufran alteracións.

Cando sexa posible a copia, con garantías de autenticidade, do gravado ou reproducido polos anteditos medios ou instrumentos, a parte a quen interese, pola súa custa, poderá pedila e obtela do tribunal.

SECCIÓN 7.^a DO INTERROGATORIO DE TESTEMUÑAS**Artigo 360. *Contido da proba.***

As partes poderán solicitar que declaren como testemuñas as persoas que teñan noticia de feitos controvertidos relativos ó que sexa obxecto do xuízo.

Artigo 361. *Idoneidade para ser testemuñas.*

Poderán ser testemuñas tódalas persoas, agás as que se achen permanentemente privadas de razón ou do uso de sentidos respecto de feitos sobre os que unicamente caiba ter coñecemento polos ditos sentidos.

Os menores de catorce anos poderán declarar como testemuñas se, a xuízo do tribunal, posúen o discernimento necesario para coñeceren e para declaren verazmente.

Artigo 362. *Designación das testemuñas.*

Ó propo-la proba de testemuñas, expresarase a súa identidade, con indicación, en canto sexa posible, do nome e apelidos de cada unha, a súa profesión e o seu domicilio ou residencia.

Tamén poderá facerse a designación da testemuña expresando o cargo que posúa ou calquera outra circunstancia de identificación, así como o lugar en que poida ser citado.

Artigo 363. *Limitación do número de testemuñas.*

As partes poderán propor cantas testemuñas estimen conveniente, pero os gastos dos que excedan de tres por cada feito discutido serán en todo caso de conta da parte que os presentase.

Se o tribunal escoitou o testemuño de polo menos tres testemuñas con relación a un feito discutido, poderá obvia-las declaracións testificais que faltan, referentes a ese mesmo feito, se considerase que coas emitidas xa quedou suficientemente ilustrado.

Artigo 364. *Declaración domiciliaria da testemuña.*

1. Se por enfermidade ou outro motivo dos referidos no parágrafo segundo do número 4 do artigo 169, o tribunal considera que algunha testemuña non pode comparecer na sede daquel, poderá tomárselle declaración no seu domicilio ben directamente, ben a través de auxilio xudicial, segundo que este domicilio estea ou non na demarcación do tribunal.

Á declaración poderán asistilas partes e os seus avogados, e, de non poderen comparecer, serán autorizados a presentaren interrogatorio escrito previo coas preguntas que desexan formular á testemuña interrogada.

2. Cando, atendidas as circunstancias, o tribunal considere prudente non lles permitir ás partes e ós seus avogados que concorran á declaración domiciliaria, daráselles ás partes vista das respostas obtidas para que poidan solicitar, dentro do terceiro día, que se lle formulen á testemuña novas preguntas complementarias ou que se lle pidan as aclaracións oportunas, conforme o previsto no artigo 372.

Artigo 365. *Xuramento ou promesa das testemuñas.*

1. Antes de declarar, cada testemuña prestará xuramento ou promesa de dicir verdade, coa cominación das penas establecidas para o delicto de falso testemuño en causa civil, das que será instruída polo tribunal se manifesta ignoralas.

2. Cando se trate de testemuñas menores de idade penal, non se lles esixirá xuramento nin promesa de dicir verdade.

Artigo 366. *Modo de declara-las testemuñas.*

1. As testemuñas declarararán separada e sucesivamente, pola orde en que viñeran consignadas nas propostas, agás que o tribunal encontre motivo para alterala.

2. As testemuñas non se comunicarán entre si nin poderán unhas asistir ás declaracións doutras.

Para este fin, adoptaranse as medidas que sexan necesarias.

Artigo 367. *Preguntas xerais á testemuña.*

1. O tribunal preguntará inicialmente a cada testemuña, en todo caso:

1.º Polo seu nome, apelidos, idade, estado, profesión e domicilio.

2.º Se foi ou é cónxuxe, parente por consanguinidade ou afinidade, e en qué grao, dalgún dos litigantes, dos seus avogados ou procuradores ou está ligada a estes por vínculos de adopción, tutela ou análogos.

3.º Se é ou foi dependente ou está ou estivo ó servizo da parte que a propuxese ou do seu procurador ou avogado ou tivo ou ten con eles algunha relación susceptible de provocar intereses comúns ou contrapostos.

4.º Se ten interese directo ou indirecto no asunto ou noutro semellante.

5.º Se é amiga íntima ou inimiga dalgún dos litigantes ou dos seus procuradores ou avogados.

6.º Se foi condenada algunha vez por falso testemuño.

2. En vista das respostas da testemuña ás preguntas do punto anterior, as partes poderán manifestarlle ó tribunal a existencia de circunstancias relativas á súa imparcialidade.

O tribunal poderá interroga-la testemuña sobre esas circunstancias e fará que preguntas e respostas se consignen en acta para a debida valoración das declaracións ó dictar sentenza.

Artigo 368. *Contido e admisibilidade das preguntas que se formulen.*

1. As preguntas que se lle realicen á testemuña deberán formularse oralmente, en sentido afirmativo, e coa debida claridade e precisión. Non incluírán valoracións nin cualificacións, e se estas se incorporasen, teranse por non realizadas.

2. O tribunal decidirá sobre as preguntas formuladas no mesmo acto do interrogatorio, admitindo as que poidan resultar conducentes á investigación de feitos e circunstancias controvertidos, que garden relación co obxecto do xuízo.

Non se admitirán as preguntas que non se refiran ós coñecementos propios dunha testemuña segundo o artigo 360.

3. Se malia non ter sido admitida, se respondese unha pregunta, a resposta non constará en acta.

Artigo 369. *Impugnación da admisión das preguntas e protesta contra a súa inadmisión.*

1. No acto mesmo do interrogatorio, as partes distintas de quen formulase a pregunta poderán impugna-la súa admisión e facer nota-las valoracións e cualificacións que estimen improcedentes e que, ó seu xuízo, deban terse por non realizadas.

2. A parte que se mostre desconforme coa inadmisión de preguntas, poderá manifestalo así e pedir que conste en acta a súa protesta.

Artigo 370. *Exame da testemuña sobre as preguntas admitidas. Testemuña-perito.*

1. Unha vez contestadas as preguntas xerais, a testemuña será examinada pola parte que a propuxo, e se foi proposta por ámbalas partes, comezarase polas preguntas que formule o demandante.

2. A testemuña responderá por si mesma, de palabra, sen valerse de ningún borrador de respostas. Cando a pregunta se refira a contas, libros ou documentos, permitiráselle que os consulte antes de responder.

3. En cada unha das súas respostas, a testemuña expresará a razón de ciencia do que diga.

4. Cando a testemuña posúa coñecementos científicos, técnicos, artísticos ou prácticos sobre a materia a que se refiran os feitos do interrogatorio, o tribunal admitirá as manifestacións que en virtude destes coñe-

cementos agregue a testemuña ás súas respostas sobre os feitos.

En canto a tales manifestacións, as partes poderanlle facer notar ó tribunal a concorrencia de calquera das circunstancias de tacha relacionadas no artigo 343 desta lei.

Artigo 371. *Testemuñas con deber de gardar segredo.*

1. Cando, polo seu estado ou profesión, a testemuña teña o deber de gardar segredo respecto de feitos polos que sexa interrogada, manifestarao razoadamente e o tribunal, considerando o fundamento da negativa a declarar, resolverá, mediante providencia, o que proceda en dereito. Se a testemuña quedase liberada de responder, farase constar así na acta.

2. Se a testemuña alega que os feitos polos que se lle pregunta pertencen a materia legalmente declarada ou clasificada como de carácter reservado ou secreto, o tribunal, nos casos en que o considere necesario para a satisfacción dos intereses da Administración de Xustiza, pedirá de oficio, mediante providencia, ó órgano competente o documento oficial que acredite este carácter.

O tribunal, comprobado o fundamento da alegación do carácter reservado ou secreto, mandará uni-lo documento ós autos, deixando constancia das preguntas afectadas polo segredo oficial.

Artigo 372. *Intervención das partes no interrogatorio e ampliación deste.*

1. Unha vez respondidas as preguntas formuladas polo avogado da parte que propuxo a proba testifical, poderán os avogados de calquera das demais partes formularlle á testemuña novas preguntas que reputen conducentes para determina-los feitos. O tribunal deberá repele-las preguntas que sexan impertinentes ou inútiles.

En caso de inadmisión destas preguntas, será de aplicación o disposto no número 2 do artigo 369 sobre desconformidade coa inadmisión.

2. Coa finalidade de obter aclaracións e adicións, tamén poderá o tribunal interroga-la testemuña.

Artigo 373. *Acareo entre testemuñas e entre estas e as partes.*

1. Cando as testemuñas incorran en graves contradicións, o tribunal, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar que se sometan a un careo.

2. Tamén poderá acordarse que, en razón das respectivas declaracións, se celebre careo entre as partes e algunha ou algunhas testemuñas.

3. As actuacións a que se refire este artigo deberán solicitarse ó termo do interrogatorio e, neste caso, advertiráselle á testemuña que non se ausente para que estas actuacións poidan practicarse a continuación.

Artigo 374. *Modo de consigna-las declaracións testificais.*

As declaracións testificais prestadas en vista ou xuízo documentaranse conforme o disposto no número 2 do artigo 146.

Artigo 375. *Indemnizacións ás testemuñas.*

1. As testemuñas que declaren terán dereito a obter da parte que as propuxo unha indemnización polos gastos e prexuízos que a súa comparecencia lles orixinase, sen prexuízo do que poida acordarse en materia de custas. De proporen varias partes unha mesma testemuña, o importe da indemnización ratearase entre elas.

2. O importe da indemnización fixarao o tribunal mediante auto, que terá en conta os datos e circunstancias que se achegasen. Este auto dictarase unha vez rematado o xuízo ou a vista, e só será susceptible de recurso de reposición.

Se a parte ou partes que teñan que indemnizar non o fan no prazo de dez días desde a firmeza da resolución mencionada no parágrafo anterior, a testemuña poderá acudir directamente ó procedemento executivo de constrinximento.

Artigo 376. *Valoración das declaracións de testemuñas.*

Os tribunais valorarán a forza probatoria das declaracións das testemuñas conforme as regras da sa crítica, tomando en consideración a razón de ciencia que desen, as circunstancias que neles concorran e, de se-lo caso, as tachas formuladas e os resultados da proba que sobre estas se practicase.

Artigo 377. *Tachas das testemuñas.*

1. Con independencia do disposto no número 2 do artigo 367, cada parte poderá tacha-las testemuñas propostas pola contraria nas que concorran algunhas das causas seguintes:

1.º Ser ou ter sido cónxuxe ou parente por consanguinidade ou afinidade dentro do cuarto grao civil da parte que a presentou ou do seu avogado ou procurador ou estar relacionada con eles por vínculo de adopción, tutela ou análogo.

2.º Se-la testemuña, ó prestar declaración, dependente do que a propuxo ou do seu procurador ou avogado ou estar ó seu servizo ou encontrarse ligada con algún deles por calquera relación de sociedade ou intereses.

3.º Ter interese directo ou indirecto no asunto de que se trate.

4.º Ser amiga íntima ou inimiga dunha das partes ou do seu avogado ou procurador.

5.º Ter sido a testemuña condenada por falso testemuño.

2. A parte propoñente da testemuña poderá tamén tacha a esta se con posterioridade á proposición chegase ó seu coñecemento a existencia dalgunha das causas de tacha establecidas no punto anterior.

Artigo 378. *Tempo das tachas.*

As tachas deberanse formular desde o momento en que se admita a proba testifical ata que comece o xuízo ou a vista, sen prexuízo da obriga que teñen as testemuñas de recoñecer calquera causa de tacha ó seren interrogadas conforme o disposto no artigo 367 desta lei; neste caso poderase actuar conforme o que sinala o número 2 deste artigo.

Artigo 379. *Proba e oposición sobre as tachas.*

1. Coa alegación das tachas, poderase propo-la proba conducente a xustificalas, excepto a testifical.

2. Se, formulada tacha dunha testemuña, as demais partes non se opoñen a ela dentro do terceiro día seguinte á súa formulación, entenderase que recoñecen o fundamento da tacha. Se se opoñen, alegarán o que lles pareza conveniente, e poderán achegar documentos.

3. Para a apreciación sobre a tacha e a valoración da declaración testifical, observarase o disposto no número 2 do artigo 344 e no artigo 376.

Artigo 380. *Interrogatorio acerca dos feitos que consten en informes escritos.*

1. Se, conforme o número 4.º do punto 1 do artigo 265, ou noutro momento ulterior, ó abeiro do punto terceiro do mesmo precepto, se achegasen ós autos informes sobre feitos e estes non fosen recoñecidos como certos por tódalas partes ás que poidan prexudicar, interrogaranse como testemuñas os autores dos informes, na forma prevista nesta lei, coas seguintes regras especiais:

1.ª Non procederá a tacha da testemuña por razón de interese no asunto, cando o informe fose elaborado por encargo dunha das partes.

2.ª O autor do informe, unha vez acreditada a súa habilitación profesional, deberá recoñecelo e ratificarse no seu contido, antes de que se lle formulen as preguntas pertinentes.

3.ª O interrogatorio limitarase ós feitos consignados nos informes.

2. Se os informes contivesen tamén valoracións fundadas en coñecementos científicos, artísticos, técnicos ou prácticos dos seus autores, observarase o disposto no número 4 do artigo 370, sobre a testemuña-perito.

Artigo 381. *Respostas escritas a cargo de persoas xurídicas e entidades públicas.*

1. Cando, sobre feitos relevantes para o proceso, sexa pertinente que informen persoas xurídicas e entidades públicas en canto tales, por se referiren eses feitos á súa actividade, sen que caiba ou sexa necesario individualizar en persoas físicas determinadas o coñecemento do que para o proceso interese, a parte a quen conveña esta proba poderá propor que a persoa xurídica ou entidade, a requirimento do tribunal, responda por escrito sobre os feitos nos dez días anteriores ó xuízo ou á vista.

2. Na proposición de proba a que se refire o punto anterior expresaranse con precisión os extremos sobre os que deberá versa-la declaración ou informe escrito. As demais partes poderán alegalo que consideren conveniente e, en concreto, se desexan que se engadan outros extremos á petición de declaración escrita ou se rectifiquen ou complementen os que expresase o propoñente da proba.

O tribunal, oídas as partes, de se-lo caso, resolverá sobre a pertinencia e utilidade da proposta, determinando precisamente, se é o caso, os termos da cuestión ou cuestións que teñan que ser obxecto da declaración da persoa xurídica ou entidade e requiríndoa para que a preste e remita ó tribunal no tempo establecido, baixo apercibimento de multa de 25.000 a 100.000 pesetas e de proceder, contra quen resultase persoalmente responsable da omisión, por desobediencia á autoridade. A práctica desta proba non suspenderá o curso do procedemento, agás que o xuíz o estime necesario para impedi-la indefensión dunha ou das dúas partes.

Recibidas as respostas escritas, daráselles traslado delas ás partes, para os efectos previstos no punto seguinte.

3. Á vista das respostas escritas, ou da negativa ou omisión destas, o tribunal poderá dispor, de oficio ou por instancia de calquera das partes, mediante providencia, que sexa citada ó xuízo ou vista a persoa ou persoas físicas o testemuño das cales poida resultar pertinente e útil para aclarar ou completar, se for escura ou incompleta, a declaración da persoa xurídica ou entidade. Tamén poderá admitir, por instancia de parte, calquera proba pertinente e útil para contradicir tal declaración.

4. O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación ás entidades públicas cando, tratándose de coñecer feitos das características establecidas no número 1, poidan obterse daquelas certificacións ou testemuños, susceptibles de achegarse como proba documental.

5. Ás declaracións reguladas nos puntos anteriores aplicaráselles, en canto sexa posible, as demais normas da presente sección.

SECCIÓN 8.^a DA REPRODUCCIÓN DA PALABRA, O SON E A IMAXE E DOS INSTRUMENTOS QUE PERMITEN ARQUIVAR E COÑECER DATOS RELEVANTES PARA O PROCESO

Artigo 382. Instrumentos de filmación, gravación e semellantes. Valor probatorio.

1. As partes poderán propor como medio de proba a reprodución ante o tribunal de palabras, imaxes e sons captados mediante instrumentos de filmación, gravación e outros semellantes. Ó propor esta proba, a parte poderá xuntar, de se-lo caso, transcripción escrita das palabras contidas no soporte de que se trate e que resulten relevantes para o caso.

2. A parte que propoña este medio de proba poderá achega-los dictames e medios de proba instrumentais que considere convenientes. Tamén as outras partes poderán achegar dictames e medios de proba cando cuestionen a autenticidade e exactitude do reproducido.

3. O tribunal valorará as reproducións a que se refire o número 1 deste artigo segundo as regras da sa crítica.

Artigo 383. Acta da reprodución e custodia dos correspondentes materiais.

1. Dos actos que se realicen en aplicación do artigo anterior redactarase a oportuna acta, onde se consignará canto sexa necesario para a identificación das filmacións, gravacións e reproducións levadas a cabo, así como, de se-lo caso, as xustificacións e dictames achegados ou as probas practicadas.

O tribunal poderá acordar mediante providencia que se realice unha transcripción literal das palabras e voces filmadas ou gravadas, sempre que sexa de relevancia para o caso, a cal se unirá á acta.

2. O material que conteña a palabra, a imaxe ou o son reproducidos deberá ser conservado polo tribunal, con referencia ós autos do xuízo, de modo que non sufrira alteracións.

Artigo 384. Dos instrumentos que permitan archivar, coñecer ou reproducir datos relevantes para o proceso.

1. Os instrumentos que permitan archivar, coñecer ou reproducir palabras, datos, cifras e operacións matemáticas levadas a cabo con fins contables ou doutra clase, que, por seren relevantes para o proceso, fosen admitidos como proba, serán examinados polo tribunal polos medios que a parte propoñente achegue ou que o tribunal dispoña utilizar e de modo que as demais partes do proceso poidan, con idéntico coñecemento que o tribunal, alegar e propo-lo que conveña ó seu dereito.

2. Será de aplicación ós instrumentos previstos no punto anterior o disposto no número 2 do artigo 382. A documentación en autos farase do modo máis apropiado á natureza do instrumento, baixo a fe do secretario xudicial, que, de se-lo caso, adoptará tamén as medidas de custodia que resulten necesarias.

3. O tribunal valorará os instrumentos a que se refire o punto primeiro deste artigo conforme as regras de sa crítica aplicables a aqueles segundo a súa natureza.

SECCIÓN 9.^a DAS PRESUNCIÓNS

Artigo 385. Presuncións legais.

1. As presuncións que a lei establece dispensan da proba do feito presunto á parte á que este feito favoreza. Tales presuncións só serán admisibles se a certeza do feito indicio do que parte a presunción queda establecida mediante admisión ou proba.

2. Cando a lei estableza unha presunción agás proba en contrario, esta poderá dirixirse tanto a proba-la inexistencia do feito presunto como a demostrar que non existe, no caso de que se trate, o enlace que debe haber entre o feito que se presume e o feito probado ou admitido que fundamenta a presunción.

3. As presuncións establecidas pola lei admitirán a proba en contrario, agás nos casos en que aquela expresamente o prohiba.

Artigo 386. Presuncións xudiciais.

1. A partir dun feito admitido ou probado, o tribunal poderá presumi-la certeza, para os efectos do proceso, doutro feito, se entre o admitido ou demostrado e o presunto existe un enlace preciso e directo segundo as regras do criterio humano.

A sentenza na que se aplique o parágrafo anterior deberá incluí-lo razoamento en virtude do cal o tribunal estableceu a presunción.

2. Fronte á posible formulación dunha presunción xudicial, o litigante prexudicado por ela sempre poderá practica-la proba en contrario a que se refire o número 2 do artigo anterior.

CAPÍTULO VII

Das cuestións incidentais

Artigo 387. Concepto de cuestións incidentais.

Son cuestións incidentais as que, sendo distintas das que constitúan o obxecto principal do preito, garden con este relación inmediata, así como as que se susciten respecto de presupostos e requisitos procesuais de influencia no proceso.

Artigo 388. Norma xeral sobre procedemento.

As cuestións incidentais que non teñan sinalada nesta lei outra tramitación, ventilaranse na forma establecida neste capítulo.

Artigo 389. Cuestións incidentais de especial pronunciamiento.

As cuestións incidentais serán de especial pronunciamiento se esixen que o tribunal decida sobre elas separadamente na sentenza antes de entrar a resolver sobre o que sexa obxecto principal do preito.

Estas cuestións non suspenderán o curso ordinario do proceso.

Artigo 390. Cuestións incidentais de pronunciamiento previo. Suspensión do curso da demanda.

Cando as cuestións supoñan, pola súa natureza, un obstáculo á continuación do xuízo polos seus trámites ordinarios, suspenderase o curso das actuacións ata que aquelas sexan resoltas.

Artigo 391. Cuestións de pronunciamento previo. Casos.

Ademais dos determinados expresamente na lei, consideraranse no caso do anterior as cuestións incidentais que se refiran:

1.º Á capacidade e representación de calquera dos litigantes, por feitos ocorridos despois da audiencia regulada nos artigos 414 e seguintes.

2.º O defecto dalgún outro presuposto procesual ou á aparición dun óbice da mesma natureza, sempre que sobreviñesen despois da audiencia prevista nos artigos citados no número anterior.

3.º A calquera outra incidencia que ocorra durante o xuízo e a resolución da cal sexa absolutamente necesaria, de feito ou de dereito, para decidir sobre a continuación do xuízo polos seus trámites ordinarios ou a súa terminación.

Artigo 392. Formulación das cuestións incidentais. Inadmisión das que non sexan tales.

1. As cuestións incidentais formularanse por escrito, ó que se xuntarán os documentos pertinentes e no que se proporá a proba que sexa necesaria e se indicará se, a xuízo de quen propoña a cuestión, debe suspenderse ou non o curso normal das actuacións ata a resolución daquela.

2. O tribunal repelerá, mediante auto, a formulación de toda cuestión que non se encontre en ningún dos casos anteriores.

Artigo 393. Admisión, substanciación e decisión das cuestións incidentais.

1. No procedemento ordinario non se admitirá a formulación de ningunha cuestión incidental unha vez iniciado o xuízo, e no verbal, unha vez admitida a proba proposta.

2. Na providencia sucintamente motivada en que se admita a formulación da cuestión resolverase se se ten que considerar de previo ou de especial pronunciamento, suspendéndose, no primeiro caso, o curso ordinario das actuacións.

3. Trasladado ás demais partes o escrito en que se formule a cuestión, poderán contesta-lo que estimen oportuno no prazo de cinco días e, transcorrido este prazo, o tribunal citará as partes a unha comparecencia, que se celebrará conforme o disposto para as vistas dos xuízos verbais.

4. Formuladas as alegacións e practicada, de se-lo caso, a proba que na mesma vista se admita, se a cuestión é de pronunciamento previo, dictarase, no prazo de dez días, un auto polo que se resolva a cuestión e se dispoña o que sexa procedente respecto á continuación do proceso.

Se a cuestión é de especial pronunciamento, será resolta, coa debida separación, na sentenza definitiva.

5. Cando a cuestión se resolva por medio de auto, se este acorda pór fin ó proceso caberá recurso de apelación, e se se decide a súa continuación non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que a parte prexudicada poida impugna-la resolución ó apelar contra a sentenza definitiva.

CAPÍTULO VIII

Da condena en custas

Artigo 394. Condena nas custas da primeira instancia.

1. Nos procesos declarativos, as custas da primeira instancia imporánselle á parte que vise rexeitadas tódalas

súas pretensións, agás que o tribunal aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.

Para apreciar, para efectos de condena en custas, que o caso era xuridicamente dubidoso terase en conta a xurisprudencia recaída en casos similares.

2. De ser parcial a estimación ou desestimación das pretensións, cada parte aboará as custas causadas pola súa instancia e as comúns por metade, a non ser que haxa méritos para imporllas a unha delas por ter litigado con temeridade.

3. Cando, en aplicación do disposto no número 1 deste artigo, se lle impoñan as custas ó litigante vencido, este só estará obrigado a pagar, da parte que corresponda ós avogados e demais profesionais que non estean suxeitos a tarifa ou arancel, unha cantidade total que non exceda da terceira parte da contía do proceso, por cada un dos litigantes que obtivesen tal pronunciamento; para estes únicos efectos, as pretensións inestimables valoraranse en tres millóns de pesetas, agás que, en razón da complexidade do asunto, o tribunal dispoña outra cosa.

Non se aplicará o disposto no parágrafo anterior cando o tribunal declare a temeridade do litigante condenado en custas.

Cando o condenado en custas sexa titular do dereito de asistencia xurídica gratuíta, este unicamente estará obrigado a paga-las custas causadas en defensa da parte contraria nos casos expresamente sinalados na Lei de asistencia xurídica gratuíta.

4. En ningún caso se lle imporán as custas ó Ministerio Fiscal nos procesos en que interveña como parte.

Artigo 395. Condena en custas en caso de conformidade.

1. Se o demandado se conforma coa demanda antes de contestala, non procederá a imposición de custas agás que o tribunal, razoándoo debidamente, aprecie mala fe no demandado.

Entenderase que, en todo caso, existe mala fe se antes de presentada a demanda se lle formulou ó demandado requirimento que faga fe e xustificado de pagamento, ou se se dirixiu contra el demanda de conciliación.

2. Se a conformidade se producise trala contestación á demanda, aplicarase o número 1 do artigo anterior.

Artigo 396. Condena en custas cando o proceso termine por desistencia.

1. Se o proceso termina por desistencia do demandante, que non teña que ser consentido polo demandado, aquel será condenado a tódalas custas.

2. Se a desistencia que poña fin ó proceso é consentida polo demandado ou demandados, non se condenará en custas a ningún dos litigantes.

Artigo 397. Apelación en materia de custas.

O disposto no artigo 394 será de aplicación para resolver en segunda instancia o recurso de apelación en que se impugne a condena ou a falta de condena nas custas da primeira instancia.

Artigo 398. Custas en apelación, recurso extraordinario por infracción procesual e casación.

1. Cando sexan desestimadas tódalas pretensións dun recurso de apelación, extraordinario por infracción

procesual ou casación, aplicarase, en canto ás custas do recurso, o disposto no artigo 394.

2. En caso de estimación total ou parcial dun recurso de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación, non se condenará nas custas deste recurso a ningún dos litigantes.

TÍTULO II

Do xuízo ordinario

CAPÍTULO I

Das alegacións iniciais

SECCIÓN 1.^a DA DEMANDA E O SEU OBXECTO

Artigo 399. *A demanda e o seu contido.*

1. O xuízo principiará por demanda, na que, consignados de conformidade co que se establece no artigo 155 os datos e circunstancias de identificación do demandante e do demandado e o domicilio ou residencia en que poden ser emprazados, se exporán numerados e separados os feitos e os fundamentos de dereito e se fixará con claridade e precisión o que se pida.

2. Xunto coa designación do demandante farase mención do nome e apelidos do procurador e do avogado, cando interveñan.

3. Os feitos narraranse de forma ordenada e clara con obxecto de facilita-la súa admisión ou negación polo demandado ó contestar. Con igual orde e claridade se expresarán os documentos, medios e instrumentos que se acheguen en relación cos feitos que fundamenten as pretensións e, finalmente, formularanse, valoracións ou razoamentos sobre estes, se semellan convenientes para o dereito do litigante.

4. Nos fundamentos de dereito, ademais dos que se refiran ó asunto de fondo formulado, incluíranse, coa adecuada separación, as alegacións que procedan sobre capacidade das partes, representación delas ou do procurador, xurisdicción, competencia e clase de xuízo en que se deba substancia-la demanda, así como sobre calquera outro feito dos que poida depende-la validez do xuízo e a procedencia dunha sentenza sobre o fondo.

5. Na petición, cando sexan varios os pronunciamientos xudiciais que se pretendan, expresaranse coa debida separación. As peticións formuladas subsidiariamente, para o caso de que as principais fosen desestimadas, faranse constar pola súa orde e separadamente.

Artigo 400. *Preclusión da alegación de feitos e fundamentos xurídicos.*

1. Cando o que se pida na demanda poida fundarse en diferentes feitos ou en distintos fundamentos ou títulos xurídicos, terán que aducirse nela cantos resulten coñecidos ou poidan invocarse no momento de interpolar, sen que sexa admisible reserva-la súa alegación para un proceso ulterior.

A carga da alegación a que se refire o parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das alegacións complementarias ou de feitos novos ou de nova noticia permitidas nesta lei en momentos posteriores á demanda e á contestación.

2. De conformidade co disposto no número anterior, para efectos de litispendencia e de cousa xulgada, os feitos e os fundamentos xurídicos aducidos nun litixio consideraranse os mesmos que os alegados noutra xuízo anterior se puidesen alegarse neste.

Artigo 401. *Momento preclusivo da acumulación de accións. Ampliación obxectiva e subxectiva da demanda.*

1. Non se permitirá a acumulación de accións despois de contestada a demanda.

2. Antes da contestación poderá ampliarse a demanda para acumular novas accións ás xa exercitadas ou para dirixilas contra novos demandados. En tal caso, o prazo para contesta-la demanda volverase contar desde o traslado da ampliación da demanda.

Artigo 402. *Oposición á acumulación de accións.*

O demandado poderá oporse na contestación á demanda á acumulación pretendida, cando non se acomode ó disposto nos artigos 71 e seguintes desta lei. Sobre esta oposición resolverase na audiencia previa ó xuízo.

Artigo 403. *Admisión e casos excepcionais de inadmisión da demanda.*

1. Só se declarará a inadmisión das demandas nos casos e polas causas expresamente previstas nesta lei.

2. Non se admitirán as demandas de responsabilidade contra xuíces e maxistrados polos danos e perdas que, por dolo, culpa ou ignorancia inexcusable, irrogasen no desempeño das súas funcións mentres non sexa firme a resolución que poña fin ó proceso en que se supoña causado o agravio. Tampouco se admitirán estas demandas se non se reclamou ou recorreu oportunamente no proceso contra o acto ou omisión que se considere causante dos danos e perdas.

3. Tampouco se admitirán as demandas cando non se lles xunten os documentos que a lei expresamente esixa para a admisión daquelas ou non se intentasen conciliacións ou efectuasen requirimentos, reclamacións ou consignacións que se esixan en casos especiais.

Artigo 404. *Admisión da demanda, emprazamento ó demandado e prazo para a contestación.*

O tribunal, unha vez examinada de oficio a súa xurisdicción e competencia obxectiva e, cando proceda, territorial, dictará un auto polo que admita a demanda e dará traslado dela ó demandado, para que conteste no prazo de vinte días.

SECCIÓN 2.^a DA CONTESTACIÓN Á DEMANDA E DA RECONVENCIÓN

Artigo 405. *Contestación e forma da contestación á demanda.*

1. Na contestación á demanda, que se redactará na forma previda para esta no artigo 399, o demandado exporá os fundamentos da súa oposición ás pretensións do demandante, alegando as excepcións materiais que teña por conveniente. Se considera inadmisibile a acumulación de accións, manifestarao así, expresando as razóns da inadmisibilidade. Tamén poderá manifestar na contestación a súa conformidade con algunha ou algunhas das pretensións do demandante, así como a parte da única pretensión aducida.

2. Na contestación á demanda deberán negarse ou admitirse os feitos aducidos polo demandante. O tribunal poderá considera-lo silencio ou as respostas evasivas do demandado como admisión tácita dos feitos que lle sexan prexudiciais.

3. Tamén deberá aduci-lo demandado, na contestación á demanda, as excepcións procesuais e demais alegacións que poñan de relevo canto obste á válida prosecución e termo do proceso mediante sentenza sobre o fondo.

Artigo 406. *Contido e forma da reconvencción. Inadmisibilidade da reconvencción non conexas coa demanda e da reconvencción implícita.*

1. Ó contesta-la demanda, o demandado poderá, por medio de reconvencción, formula-la pretensión ou pretensións que crea que lle competen respecto do demandante. Só se admitirá a reconvencción de existir conexión entre as súas pretensións e as que sexan obxecto da demanda principal.

2. Non se admitirá a reconvencción cando o xulgado careza de competencia obxectiva por razón da materia ou da contía ou cando a acción que se exercite teña que ventilarse en xuízo de diferente tipo ou natureza.

Sen embargo, poderá exercitarse mediante reconvencción a acción conexas que, por razón da contía, teña que ventilarse en xuízo verbal.

3. A reconvencción proporase a continuación da contestación e acomodarse ó que para a demanda se establece no artigo 399. A reconvencción deberá expresar con claridade a concreta tutela xudicial que se pretende obter respecto do demandante e, de se-lo caso, doutros suxeitos. En ningún caso se considerará formulada reconvencción no escrito do demandado que finalice solicitando a súa absolución respecto da pretensión ou pretensións da demanda principal.

4. Será de aplicación á reconvencción o disposto para a demanda no artigo 400.

Artigo 407. *Destinatarios da demanda reconvenccional. Contestación á reconvencción.*

1. A reconvencción poderá dirixirse tamén contra suxeitos non demandantes, sempre que poidan considerarse litisconsortes voluntarios ou necesarios do demandante reconvido pola súa relación co obxecto da demanda reconvenccional.

2. O demandante reconvido e os suxeitos expresados no punto anterior poderán contesta-la reconvencción no prazo de vinte días a partir da notificación da demanda reconvenccional. Esta contestación axustarase ó disposto no artigo 405.

Artigo 408. *Tratamento procesual da alegación de compensación e da nulidade do negocio xurídico en que se funde a demanda. Causa xulgada.*

1. Se, fronte á pretensión demandante de condena ó pagamento de cantidade de diñeiro, o demandado alega a existencia de crédito compensable, esta alegación poderá ser controvertida polo demandante na forma previda para a contestación á reconvencción, aínda que o demandado só pretenda a súa absolución e non a condena ó saldo que ó seu favor puidese resultar.

2. Se o demandado aduce na súa defensa feitos determinantes da nulidade absoluta do negocio en que se funda a pretensión ou pretensións do demandante e na demanda se dese por suposta a validez do negocio, o demandante poderá pedir-lle ó tribunal, que así o acordará, mediante providencia, contestar á referida alegación de nulidade no mesmo prazo establecido para a contestación á reconvencción.

3. A sentenza que en definitiva se dicte deberá resolver sobre os puntos a que se refiren os números anteriores deste artigo e os pronunciamentos que a sentenza conteña sobre estes puntos terán forza de causa xulgada.

Artigo 409. *Substanciación e decisión das pretensións da contestación e a reconvencción.*

As pretensións que deduza o demandado na contestación e, de se-lo caso, na reconvencción, substanciáranse e resolveranse ó propio tempo e na mesma forma que as que sexan obxecto da demanda principal.

SECCIÓN 3.^a DOS EFECTOS DA PENDENCIA DO PROCESO

Artigo 410. *Comezo da litispendencia.*

A litispendencia, con tódolos seus efectos procesuais, prodúcese desde a interposición da demanda, se despois é admitida.

Artigo 411. *Perpetuación da xurisdicción.*

As alteracións que, unha vez iniciado o proceso, se produzan en canto ó domicilio das partes, a situación da causa litixiosa e o obxecto do xuízo non modificarán a xurisdicción e a competencia, que se determinarán segundo o que se acredite no momento inicial da litispendencia.

Artigo 412. *Prohibición do cambio de demanda e modificacións admisibles.*

1. Establecido o que sexa obxecto do proceso na demanda, na contestación e, de se-lo caso, na reconvencción, as partes non poderán alteralo posteriormente.

2. O disposto no punto anterior ha de entenderse sen prexuízo da facultade de formular alegacións complementarias, nos termos previstos nesta lei.

Artigo 413. *Influencia do cambio de circunstancias na sentenza sobre o fondo. Satisfacción extraprocesual. Perda de interese lexítimo.*

1. Non se terán en conta na sentenza as innovacións que, despois de iniciado o xuízo, introduzan as partes ou terceiros no estado das cousas ou das persoas que dese orixe á demanda e, de se-lo caso, á reconvencción, excepto se a innovación privase definitivamente de interese lexítimo as pretensións que se deducisen na demanda ou na reconvencción, por ter sido satisfeitas extraprocesualmente ou por calquera outra causa.

2. Cando, segundo o previsto no punto anterior, as pretensións queden privadas de interese lexítimo, aplicarase o disposto no artigo 22.

CAPÍTULO II

Da audiencia previa ó xuízo

Artigo 414. *Finalidade, momento procesual e suxeitos intervinientes na audiencia.*

1. Unha vez contestada a demanda e, de se-lo caso, a reconvencción, ou transcorridos os prazos correspondentes, o tribunal, dentro do terceiro día, convocará as partes a unha audiencia, que deberá celebrarse no prazo de vinte días desde a convocatoria.

Esta audiencia levarase a cabo, conforme o establecido nos artigos seguintes, para intentar un acordo ou transacción das partes que poña fin ó proceso, examina-las cuestións procesuais que puidesen obstar á prosecución deste e a súa terminación mediante sentenza sobre o dito obxecto, fixar con precisión este obxecto e os extremos, de feito ou de dereito, sobre os que exista controversia entre as partes e, de se-lo caso, propor e admiti-la proba.

2. As partes deberán comparecer na audiencia asistidas de avogado.

Para o efecto do intento de arranxo ou transacción, cando as partes non concorran persoalmente senón a través do seu procurador, deberán outorgarlle a este poder para renunciar, conformarse ou transixir. De non concorreren persoalmente nin outorgaren aquel poder, serán tidas por non comparecidas á audiencia.

3. De non comparecer á audiencia ningunha das partes, redactarase acta facéndoo constar e o tribunal, sen máis trámites, dictará auto de sobresemento do proceso, ordenando o arquivo das actuacións.

Tamén se sobreseirá o proceso se á audiencia só concorre o demandado e non alega interese lexítimo en que continúe o procedemento para que se dicte sentenza sobre o fondo. De se-lo demandado quen non concorra, a audiencia entenderase co demandante no que resulte procedente.

4. Cando falte á audiencia o avogado do demandante, sobreseírase o proceso, agás que o demandado alegue interese lexítimo na continuación do procedemento para que se dicte sentenza sobre o fondo. De falta-lo avogado do demandado, a audiencia seguirase co demandante no que resulte procedente.

Artigo 415. *Intento de conciliación ou transacción. Sobresemento por desistencia bilateral. Homologación e eficacia do acordo.*

1. Comparecidas as partes, o tribunal declarará aberto o acto e comprobará se subsiste o litixio entre elas.

Se manifestan teren chegado a un acordo ou se mostran dispostas a concluíreno de inmediato, poderán desistir do proceso ou solicitar do tribunal que homologue o acordado.

Neste caso, o tribunal examinará previamente a concorrencia dos requisitos de capacidade xurídica e poder de disposición das partes ou dos seus representantes debidamente acreditados, que asistan ó acto.

2. O acordo homologado xudicialmente producirá os efectos atribuídos pola lei á transacción xudicial e poderá levarse a efecto polos trámites previstos para a execución de sentencias e convenios xudicialmente aprobados. Este acordo poderá impugnarse polas causas e na forma que se prevén para a transacción xudicial.

3. Se as partes non chegan a un acordo ou non se mostran dispostas a concluíreno de inmediato, a audiencia continuará segundo o previsto nos artigos seguintes.

Artigo 416. *Exame e resolución de cuestións procesuais, con exclusión das relativas a xurisdicción e competencia.*

1. Descartado o acordo entre as partes, o tribunal resolverá, do modo previsto nos artigos seguintes, sobre calquera circunstancia que poida impedi-la válida prosecución e termo do proceso mediante sentenza sobre o fondo e, en especial, sobre as seguintes:

1.^a Falta de capacidade dos litigantes ou de representación nas súas diversas clases;

2.^a Cousa xulgada ou litispendencia;

3.^a Falta do debido litisconsorcio;

4.^a Inadecuación do procedemento;

5.^a Defecto legal no modo de propo-la demanda ou, de se-lo caso, a reconvencción, por falta de claridade ou precisión na determinación das partes ou da petición que se deduxa.

2. Na audiencia, o demandado non poderá impugna-la falta de xurisdicción ou de competencia do tribunal,

que debeu propor en forma de declinatoria segundo o disposto nos artigos 63 e seguintes desta lei.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do previsto na lei sobre apreciación polo tribunal, de oficio, da súa falta de xurisdicción ou de competencia.

Artigo 417. *Orde de exame das cuestións procesuais e resolución sobre elas.*

1. Cando a audiencia verse sobre varias circunstancias das referidas no artigo anterior, examinaranse e resolveranse pola orde en que aparecen nos artigos seguintes.

2. Cando sexa obxecto da audiencia máis dunha das cuestións e circunstancias do artigo anterior, o tribunal, dentro dos cinco días seguintes á audiencia, pronunciarase nun mesmo auto sobre tódalas suscitadas que, conforme os artigos seguintes, non resolva oralmente na mesma audiencia.

Artigo 418. *Defectos de capacidade ou representación. Efectos da súa non emenda ou corrección. Declaración de rebeldía.*

1. Se o demandado alega na contestación ou o demandante aduce na audiencia defectos de capacidade ou representación, que sexan emendables ou susceptibles de corrección, poderanse emendar ou corrixir no acto e se non é posible nese momento, concederase para iso un prazo, non superior a dez días, con suspensión, entremetres, da audiencia.

2. Cando o defecto ou falta non sexan emendables nin corrixibles ou non se emenden ou corrixan no prazo concedido darase por concluída a audiencia e dictarase un auto que poña fin ó proceso, agás o disposto no punto seguinte deste precepto.

3. Se o defecto non emendado afecta á constitución como parte en forma do demandado, será declarado en rebeldía, sen que das actuacións que levase a cabo quede constancia en autos.

Artigo 419. *Admisión da acumulación de accións.*

Unha vez suscitadas e resoltas, de se-lo caso, as cuestións de capacidade e representación, se na demanda se acumulan diversas accións e o demandado na súa contestación se opón motivadamente a esa acumulación, o tribunal, oíndo previamente ó demandante na mesma audiencia, resolverá oralmente sobre a procedencia e admisibilidade da acumulación. A audiencia e o proceso seguirán o seu curso respecto da acción ou accións que, segundo a resolución xudicial, poidan constituí-lo obxecto do proceso.

Artigo 420. *Posible integración voluntaria da litis. Resolución en casos controvertidos de litisconsorcio necesario.*

1. Cando o demandado alegase na contestación falta do debido litisconsorcio, o demandante poderá, na audiencia, presentar, coas copias correspondentes, escrito no que se dirixa a demanda ós suxeitos que o demandado considerase que tiñan de se-los seus litisconsortes e o tribunal, se estima procedente o litisconsorcio, declarará así, e ordenará empra-los novos demandados para que contesten a demanda, con suspensión da audiencia.

O demandante, ó dirixi-la demanda ós litisconsortes, só poderá engadir ás alegacións da demanda inicial aquelas imprescindibles para xustifica-las pretensións

contra os novos demandados, sen alterar substancialmente a causa de pedir.

2. Se o demandante se opón á falta de litisconsorcio, aducida polo demandado, o tribunal oirá as partes sobre este punto e, cando a dificultade ou complexidade do asunto o aconselle, poderá resolvelo mediante auto que deberá dictar no prazo de cinco días seguintes á audiencia. En todo caso, esta deberá proseguir para as súas restantes finalidades.

3. Se o tribunal entende procedente o litisconsorcio, concederalle ó demandante o prazo que estime oportuno para constituí-lo, que non poderá ser inferior a dez días. Os novos demandados poderán contestar á demanda dentro do prazo establecido no artigo 404, quedando entremetres en suspenso, para o demandante e o demandado iniciais, o curso das actuacións.

4. Transcorrido o prazo outorgado ó demandante para constituí-lo litisconsorcio sen ter achegado copias da demanda e documentos anexos, dirixidas a novos demandados, porase fin ó proceso e procederase ó arquivado definitivo das actuacións.

Artigo 421. Resolución en casos de litispendencia ou cousa xulgada.

1. Cando o tribunal aprecie a pendencia doutro xuízo ou a existencia de resolución firme sobre obxecto idéntico, conforme o disposto nos números 2 e 3 do artigo 222, dará por finalizada a audiencia e dictará, no prazo dos seguintes cinco días, auto de sobresemento.

Sen embargo, non se sobreseirá o proceso no caso de que, conforme o número 4 do artigo 222, o efecto dunha sentenza firme anterior teña que ser vinculante para o tribunal que está a coñecer do proceso posterior.

2. Se o tribunal considera inexistente a litispendencia ou a cousa xulgada, declararao así, motivadamente, no acto e decidirá que a audiencia prosiga para as súas restantes finalidades.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, cando a dificultade ou complexidade das cuestións suscitadas sobre litispendencia ou cousa xulgada o aconsellen, poderá tamén resolver sobre estas cuestións mediante auto, dentro dos cinco días seguintes á audiencia, que proseguirá en todo caso para as súas restantes finalidades. Se fose necesario resolver sobre algunha cuestión de feito, as actuacións oportunas, que ordenará o tribunal, practicaranse dentro do prazo antedito.

Artigo 422. Resolución en casos de inadecuación de procedemento por razón da contía.

1. Se a alegación de procedemento inadecuado formulada na contestación á demanda se funda en desconformidade co valor da cousa litixiosa ou co modo de calcular, segundo as regras legais, o interese económico da demanda, o tribunal oirá as partes na audiencia e resolverá no acto o que proceda, aténdose, de se-lo caso, ó acordo ó que poidan chega-las partes respecto do valor da cousa litixiosa.

2. De non darse acordo sobre o valor da cousa litixiosa, o tribunal, na mesma audiencia, decidirá oralmente, de forma motivada, o que proceda, tomando en conta os documentos, informes e calquera outro elemento útil para calcula-lo valor, que as partes achegasen.

Se procedese segui-los trámites do xuízo verbal, porase fin á audiencia, citando as partes para a vista deste xuízo, agás que a demanda aparecese interposta fóra de prazo de caducidade que, por razón da materia, estableza a lei. Neste caso, declararase sobresido o proceso.

Artigo 423. Resolución en casos de inadecuación de procedemento por razón da materia.

1. Cando a alegación de procedemento inadecuado se funde en non corresponde-lo que se segue á materia obxecto do proceso, o tribunal, oídas as partes na audiencia, poderá decidir motivadamente no acto o que estime procedente e se considera infundada a alegación, a audiencia proseguirá para as súas restantes finalidades.

2. Tamén o tribunal, se a complexidade do asunto o aconsella, poderá decidi-lo que sexa procedente sobre o procedemento que se terá que seguir, dentro dos cinco días seguintes á audiencia, que proseguirá en todo caso para as súas restantes finalidades.

3. Se o procedemento adecuado fose o do xuízo verbal, ó declaralo así dispórase a citación das partes para a vista, agás que a demanda aparecese interposta fóra do prazo de caducidade que, por razón da materia, estableza a lei. Neste caso, declararase sobresido o proceso.

Tamén se disporá o sobresemento se, ó se inicia-la vista, non aparecen cumpridos os requisitos especiais que as leis esixan, por razón da materia, para a admisión da demanda.

Artigo 424. Actividade e resolución en caso de demanda defectuosa.

1. Se o demandado alega na contestación á demanda a falta de claridade ou precisión desta na determinación das partes ou nas pretensións deducidas, ou se o demandante aduce na audiencia eses mesmos defectos na contestación ou na reconvención, ou se, de oficio, o tribunal aprecia uns ou outros, admitirá no acto da audiencia as aclaracións ou precisións oportunas.

2. En caso de non se formularen aclaracións e precisións, o tribunal só decretará o sobresemento do preito se non é en absoluto posible determinar en qué consisten as pretensións do demandante ou, se é o caso, do demandado na reconvención, ou fronte a qué suxeitos xurídicos se formulan as pretensións.

Artigo 425. Decisión xudicial en casos de circunstancias procesuais análogas ás expresamente previstas.

A resolución de circunstancias alegadas ou postas de manifesto de oficio, que non estean abrangidas no artigo 416, acomodarse ás regras establecidas nestes preceptos para as análogas.

Artigo 426. Alegacións complementarias e aclaratorias. Pretensións complementarias. Feitos acaecidos ou coñecidos con posterioridade á demanda e á contestación. Presentación de documentos sobre estes extremos.

1. Na audiencia, os litigantes, sen alterar substancialmente as súas pretensións nin os fundamentos destas expostos nos seus escritos, poderán efectuar alegacións complementarias en relación co exposto de contrario.

2. Tamén poderán as partes aclarar-las alegacións que formulasen e rectificar extremos secundarios das súas pretensións, sempre sen alteraren estas nin os seus fundamentos.

3. Se unha parte pretende engadir algunha petición accesoria ou complementaria das formuladas nos seus escritos, admitirase tal adición se a parte contraria se mostra conforme. Se se opón, o tribunal decidirá sobre a admisibilidade da adición, que só acordará cando entenda que a súa formulación na audiencia non lle impide á parte contraria exercita-lo seu dereito de defensa en condicións de igualdade.

4. Se despois da demanda ou da contestación ocorre algún feito de relevancia para fundamenta-las pretensións das partes no preito, ou chegou a noticia das partes algún anterior desas características, poderán alegalo na audiencia.

Será de aplicación á alegación de feito novo ou de nova noticia o disposto no número 4 do artigo 286.

5. No acto da audiencia, as partes poderán achegar documentos e dictames que se xustifiquen en razón das alegacións complementarias, rectificacións, peticións, adicións e feitos novos a que se refiren os puntos anteriores deste artigo.

Á presentación destes documentos será de aplicación, segundo as súas clases, o disposto nos artigos 267 e 268 desta lei.

6. O tribunal poderá tamén requirir-las partes para realizaren as aclaracións ou precisións necesarias respecto dos feitos e argumentos contidos nos seus escritos de demanda ou contestación. Se tales aclaracións ou precisións non se efectúan, o tribunal advertiraos de que pode telos por conformes con relación ós feitos e argumentos aducidos de contrario.

Artigo 427. *Posición das partes ante os documentos e dictames presentados.*

1. Na audiencia, cada parte pronunciarase sobre os documentos achegados de contrario ata ese momento, manifestando se os admite ou impugna ou recoñece ou se, de se-lo caso, propón proba acerca da súa autenticidade.

2. As partes, de se-lo caso, expresarán o que conveña ó seu dereito acerca dos dictames periciais presentados ata ese momento, admitíndoos, contradicíndoos ou propondo que sexan ampliados nos extremos que determinen. Tamén se pronunciarán sobre os informes que se achegasen ó abeiro do número 5.º do punto 1 do artigo 265.

3. Se as alegacións ou pretensións a que se refiren os tres primeiros puntos do artigo 426 suscitan en todas ou nalgunha das partes a necesidade de achegar ó proceso algún dictame pericial, poderán facelo dentro do prazo establecido no punto segundo do artigo 338.

4. No mesmo caso do punto anterior, as partes que asistan á audiencia, na vez de achegaren dictame do perito que libremente designen, poderán solicitar, na mesma audiencia, a designación polo tribunal dun perito que dictamine. Esta solicitude resolverase de acordo co establecido na sección 5.ª do capítulo VI do título I do libro II desta lei.

Artigo 428. *Fixación dos feitos controvertidos e posible sentenza inmediata.*

1. De se-lo caso, a audiencia continuará para que as partes ou os seus defensores, co tribunal, fixen os feitos sobre os que exista conformidade e desconformidade dos litigantes.

2. Á vista do obxecto da controversia, o tribunal poderá exhorta-las partes ou os seus representantes e os seus avogados para que cheguen a un acordo que poña fin ó litixio. De se-lo caso, será de aplicación ó acordo o disposto no artigo 415 desta lei.

3. Se as partes non poñen fin ó litixio mediante acordo, conforme o punto anterior, pero están conformes en tódolos feitos e a discrepancia queda reducida a cuestión ou cuestións xurídicas, o tribunal dictará sentenza dentro de vinte días a partir do seguinte ó do remate da audiencia.

Artigo 429. *Proposición e admisión da proba. Sinalamento do xuízo.*

1. De non haber acordo das partes para finaliza-lo litixio nin existir conformidade sobre os feitos, a audiencia proseguirá para a proposición e admisión da proba.

Cando o tribunal considere que as probas propostas polas partes poden resultar insuficientes para o esclarecemento dos feitos controvertidos porallo de manifesto ás partes indicando o feito ou feitos que, ó seu xuízo, poderían verse afectados pola insuficiencia probatoria. Ó efectuar esta manifestación, o tribunal, cinguíndose ós elementos probatorios dos que a existencia resulte dos autos, poderá sinalar tamén a proba ou probas a práctica das cales considere conveniente.

No caso a que se refire o parágrafo anterior, as partes poderán completar ou modifica-las súas proposicións de proba á vista do manifestado polo tribunal.

2. Unha vez admitidas as probas pertinentes e útiles, o tribunal procederá a sinala-la data do xuízo, que deberá celebrarse no prazo dun mes desde a conclusión da audiencia.

3. Por solicitude de parte, cando toda a proba ou gran parte dela teña que realizarse fóra do lugar en que teña a súa sede o tribunal que coñeza do preito, poderá acordarse que o xuízo se celebre dentro do prazo de dous meses.

4. As probas que non teñan que practicarse no acto do xuízo levaranse a cabo con anterioridade a este.

5. As partes deberán indicar qué testemuñas e peritos se comprometen a presentar no xuízo e cáles, polo contrario, deben ser citados polo tribunal. A citación acordase na audiencia e practícase coa antelación suficiente.

Tamén as partes deberán sinalar qué declaracións e interrogatorios consideran que teñen que realizarse a través do auxilio xudicial. O tribunal decidirá o que proceda a ese respecto e, en caso de que estime necesario reclama-lo auxilio xudicial, acordará no acto a remisión dos exhortos oportunos, dándolles ás partes un prazo de tres días para os efectos de que presenten, cando sexa necesario, unha lista de preguntas. En calquera caso, a falta de formalización de tales exhortos non suspenderá o acto do xuízo.

6. Non será necesario citar para o xuízo ás partes que, por si ou por medio do seu procurador, comparecesen á audiencia previa.

7. Cando, de maneira excepcional e motivada, e por razón das probas admitidas, sexa de prever que o xuízo non poderá finalizar nunha soa sesión dentro do día sinalado, a citación expresarao así, indicando se a sesión ou sesións posteriores se levarán a cabo no día ou días inmediatamente sucesivos ou noutros, que se sinalarán, con expresión en todo caso da hora en que as sesións do xuízo teñan que dar comezo.

8. Cando a única proba que resulte admitida sexa a de documentos, e estes xa se achegasen ó proceso sen resultaren impugnados, ou cando se presentasen informes periciais, e nin as partes nin o tribunal solicitasen a presenza dos peritos no xuízo para a ratificación do seu informe, o tribunal procederá a dictar sentenza, sen previa celebración do xuízo, dentro dos vinte días seguintes a aquel en que termine a audiencia.

Artigo 430. *Solicitude de novo sinalamento do xuízo.*

Se calquera dos que teña que acudir ó acto do xuízo non puidese asistir a este por causa de forza maior ou outro motivo de análoga entidade poderá solicitar un novo sinalamento de xuízo. Esta solicitude substancialase e resolverase conforme o previsto no artigo 183.

CAPÍTULO III

Do xuízo

Artigo 431. *Finalidade do xuízo.*

O xuízo terá por obxecto a práctica das probas de declaración das partes, testifical, informes orais e contradictorios de peritos, recoñecemento xudicial de se-lo caso e reprodución de palabras, imaxes e sons. Así mesmo, unha vez practicadas as probas, no xuízo formularanse as conclusións sobre estas.

Artigo 432. *Comparecencia e incomparecencia das partes.*

1. Sen prexuízo da intervención persoal no interrogatorio que se admitise, as partes comparecerán no xuízo representadas por procurador e asistidas de avogado.

2. Se non comparece no xuízo ningunha das partes, redactarase acta facéndoo constar e o tribunal, sen máis trámites, declarará o preito visto para sentencia. Se só comparece algunha das partes, procederase á celebración do xuízo.

Artigo 433. *Desenvolvemento do acto do xuízo.*

1. O xuízo comezará practicándose, conforme o disposto nos artigos 299 e seguintes, as probas admitidas, pero se se suscitou ou se suscita a vulneración de dereitos fundamentais na obtención ou orixe dalgunha proba, resolverase primeiro sobre esta cuestión.

Así mesmo, con carácter previo á práctica das probas, se se alegaron ou se alegan feitos acaecidos ou coñecidos con posterioridade á audiencia previa, procederase a oí-las partes e á proposición e admisión de probas previstas no artigo 286.

2. Practicadas as probas, as partes formularán oralmente as súas conclusións sobre os feitos controvertidos, expondo de forma ordenada, clara e concisa, se, ó seu xuízo, os feitos relevantes foron ou deben considerarse admitidos e, de se-lo caso, probados ou incertos.

Para tal fin, farán un breve resumo de cada unha das probas practicadas sobre aqueles feitos, con remisión pormenorizada, de se-lo caso, ós autos do xuízo. De entenderen que algún feito debe terse por certo en virtude de presunción, manifestaran así, fundamentando o seu criterio. Poderán, así mesmo, alega-lo que resulte da carga da proba sobre os feitos que reputen dúbidosos.

En relación co resultado das probas e a aplicación das normas sobre presuncións e carga da proba, cada parte principiará ós feitos aducidos en apoio das súas pretensións e seguirá co que se refira ós feitos aducidos pola parte contraria.

3. Expostas as súas conclusións sobre os feitos controvertidos, cada parte poderá informar sobre os argumentos xurídicos en que se apoiem as súas pretensións, que non poderán ser alteradas nese momento.

4. Se o tribunal non se considera suficientemente ilustrado sobre o caso coas conclusións e informes previstos nos puntos anteriores, poderá concederlles ás partes a palabra cantas veces estime necesario para que informen sobre as cuestións que lles indique.

CAPÍTULO IV

Da sentenza

Artigo 434. *Sentencia.*

1. A sentenza dictarase dentro dos vinte días seguintes á terminación do xuízo.

2. Se, dentro do prazo para dictar sentenza e conforme o previsto nos artigos seguintes, se acordasen dilixencias finais, quedarán en suspenso o prazo para dictar aquela.

Artigo 435. *Dilixencias finais. Procedencia.*

1. Só por instancia de parte poderá o tribunal acordar, mediante auto, como dilixencias finais, a práctica de actuacións de proba, conforme as seguintes regras:

1.^a Non se practicarán como dilixencias finais as probas que se puideron ter proposto en tempo e forma polas partes, incluídas as que se puideron ter proposto trala manifestación do tribunal a que se refire o número 1 do artigo 429.

2.^a Cando, por causas alleas á parte que a propuxo, non se practicase algunha das probas admitidas.

3.^a Tamén se admitirán e practicarán as probas pertinentes e útiles, que se refiran a feitos novos ou de nova noticia, previstos no artigo 286.

2. Excepcionalmente, o tribunal poderá acordar, de oficio ou por instancia de parte, que se practiquen de novo probas sobre feitos relevantes, oportunamente alegados, se os actos de proba anteriores non resultaron conducentes por mor de circunstancias xa desaparecidas e independentes da vontade e dilixencia das partes, sempre que existan motivos fundados para crer que as novas actuacións permitirán adquirir certeza sobre aqueles feitos.

Neste caso, no auto en que se acorde a práctica das dilixencias deberán expresarse detalladamente aquelas circunstancias e motivos.

Artigo 436. *Prazo para a práctica das dilixencias finais. Sentencia posterior.*

1. As dilixencias que se acorden segundo o disposto nos artigos anteriores levaranse a cabo, dentro do prazo de vinte días, na forma establecida nesta lei para as probas da súa clase. Unha vez practicadas, as partes poderán, dentro do quinto día, presentar escrito en que resuman e valoren o resultado.

2. O prazo de vinte días para dictar sentenza volverá a computarse cando transcorra o outorgado ás partes para presenta-lo escrito a que se refire o punto anterior.

TÍTULO III

Do xuízo verbal

Artigo 437. *Forma da demanda.*

1. O xuízo verbal principiará mediante demanda sucinta, na que se consignarán os datos e as circunstancias de identificación do demandante e do demandado e o domicilio ou os domicilios en que poden ser citados, e fixarase con claridade e precisión o que se pida.

2. Nos xuízos verbais en que se reclame unha cantidade que non exceda de 150.000 pesetas, o demandante poderá formula-la súa demanda cubrindo uns impresos normalizados que, para tal efecto, estarán ó seu dispor no tribunal correspondente.

Artigo 438. *Reconvención e acumulación obxectiva e subxectiva de accións.*

1. En ningún caso se admitirá reconvención nos xuízos verbais que, segundo a lei, deban finalizar por sentenza sen efectos de cousa xulgada.

Nos demais xuízos verbais só se admitirá a reconvenção cando esta se lle notifique ó demandante polo menos cinco días antes da vista, non determine a improcedencia do xuízo verbal e exista conexión entre as pretensións da reconvenção e as que sexan obxecto da demanda principal.

2. Cando nos xuízos verbais o demandado opoña un crédito compensable, deberá notificarlo ó demandante polo menos cinco días antes da vista.

Se a contía do crédito compensable que poida alegalo demandado fose superior á que determine que se siga o xuízo verbal, o tribunal terá por non feita tal alegación, advertíndollo así ó demandado, para que use do seu dereito ante o tribunal e polos trámites que correspondan.

3. Non se admitirá nos xuízos verbais a acumulación obxectiva de accións, agás as excepcións seguintes:

1.^a A acumulación de accións baseadas nuns mesmos feitos, sempre que proceda en todo caso o xuízo verbal.

2.^a A acumulación da acción de resarcimento de danos e perdas a outra acción que sexa pre-xudicial dela.

3.^a A acumulación das accións en reclamación de rendas ou cantidades análogas vencidas e non pagadas, sempre que o reclamado non exceda de 500.000 pesetas, cando se trate de xuízos de desafiuzamento de predio por falta de pagamento.

Cando a cantidade reclamada exceda de tal cantidade, as accións de reclamación de rendas e de desafiuzamento por falta de pagamento poderán acumularse no xuízo ordinario.

4. Poderán acumularse as accións que un teña contra varios suxeitos ou varios contra un sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 72 e no número 1 do artigo 73 desta lei.

Artigo 439. *Inadmisión da demanda en casos especiais.*

1. Non se admitirán as demandas que pretendan reter ou recobra-la posesión se se interpoñen transcorrido o prazo dun ano contado desde o acto da perturbación ou o despoxo.

2. Nos casos do número 7.^o do punto 1 do artigo 250, non se admitirán as demandas nos casos seguintes:

1.^o Cando nelas non se expresen as medidas que se consideren necesarias para asegura-la eficacia da sentenza que recaia.

2.^o Se, agás renuncia do demandante, que fará constar na demanda, non se sinala nesta a caución que, conforme o previsto no parágrafo segundo do número 2 do artigo 64, debe presta-lo demandado, en caso de comparecer e contestar, para responder dos froitos que percíbese indebidamente, dos danos e perdas que irrogase e das custas do xuízo.

3.^o Se non se xuntou á demanda certificación literal do Rexistro da Propiedade que acredite expresamente a vixencia, sen ningunha contradicción, do asento que lexitima ó demandante.

3. Non se admitirán as demandas de desafiuzamento de predio urbano por falta de pagamento das rendas ou cantidades debidas polo arrendatario se o arrendador non indica as circunstancias concorrentes que poidan permitir ou non, no caso concreto, a enervación do desafiuzamento.

4. Nos casos dos números 10.^o e 11.^o do punto 1 do artigo 250, cando a acción exercitada se basee no incumprimento dun contrato de venda de bens mobles a prazos, non se admitirán as demandas ás que non se xunte a acreditación do requirimento de pagamento ó debedor, con dilixencia expresiva da falta de paga-

mento e da non entrega do ben, nos termos previstos no punto segundo do artigo 16 da Lei de venda a prazos de bens mobles, así como certificación da inscrición dos bens no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles, de tratarse de bens susceptibles de inscrición neste. Cando se exerciten accións baseadas no incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro, non se admitirán as demandas ás que non se xunte a acreditación do requirimento de pagamento ó debedor, con dilixencia expresiva da falta de pagamento e da non entrega do ben, nos termos previstos no punto terceiro da disposición adicional primeira da Lei de venda a prazos de bens mobles.

5. Tampouco se admitirán as demandas de xuízo verbal cando non se cumpran os requisitos de admisibilidade que, para casos especiais, poidan establece-las leis.

Artigo 440. *Admisión e traslado da demanda sucinta e citación para vista.*

1. O tribunal, no prazo de cinco días, logo de exame da súa xurisdicción e da súa competencia obxectiva e, cando proceda, territorial, dictará un auto no que ordenará, de se-lo caso, a admisión da demanda e o seu traslado ó demandado e citará as partes para a celebración de vista, con indicación de día e hora, debendo mediar dez días, polo menos, desde o seguinte á citación e sen que poidan exceder de vinte.

Na citación farase constar que a vista non se suspenderá por inasistencia do demandado e advertíraselles ós litigantes que deben concorrer cos medios de proba de que intenten valerse, coa prevención de que se non asisten e se propón e admite a súa declaración, poderán considerarse admitidos os feitos do interrogatorio conforme o disposto no artigo 304. Así mesmo, demandante e demandado serán previstos do disposto, no artigo 442, para o caso de non compareceren á vista.

A citación indicaralles tamén ás partes que, no prazo dos tres días seguintes á recepción da citación, deben indicalas persoas que por non podelas presentar elas mesmas, deben ser citadas polo tribunal á vista para que declaren en calidade de partes ou de testemuñas. Para tal fin, facilitarán tódolos datos e circunstancias precisos para levar a cabo a citación.

2. Nos casos do número 7.^o do punto 1 do artigo 250, na citación para a vista apercibirase o demandado de que, de non comparecer, se dictará sentenza na que se acorden as actuacións que, para a efectividade do dereito inscrito, solicítase o demandante. Tamén se apercibirá o demandado, de se-lo caso, de que a mesma sentenza se dictará se comparece ó acto da vista, pero non presta caución, na contía que, tras oílo, o tribunal determine, dentro da solicitada polo demandante.

3. Nos casos de demandas de desafiuzamento de predio urbano por falta de pagamento de rendas ou cantidades debidas, o tribunal indicará, de se-lo caso, na citación para a vista, a posibilidade de enerva-lo desafiuzamento conforme o establecido no número 4 do artigo 22 desta lei. Tamén se apercibirá o demandado de que, de non comparecer á vista, se declarará o desafiuzamento sen máis trámites.

Artigo 441. *Actuacións previas á vista, en casos especiais.*

1. Interposta a demanda no caso do número 3.^o do punto 1 do artigo 250, o tribunal chamará as testemuñas propostas polo demandante e, segundo as súas declaracións, dictará auto no que denegará ou outorgará, sen prexuízo de mellor dereito, a posesión solicitada, levando a cabo as actuacións que repute conducentes

para tal efecto. O auto será publicado por edictos, que se inserirán nun lugar visible da sede do tribunal, no «Boletín Oficial» da provincia e nun dos xornais de maior circulación nela, por conta do demandante, instando os interesados a compareceren e reclamaren, no prazo de corenta días, se consideran ter mellor dereito que o demandante.

Se ninguén comparece, confirmarase ó demandante na posesión; pero no caso de se presentaren reclamantes, logo do traslado dos seus escritos ó demandante, será citado, con tódolos comparecentes, á vista, substanciándose en diante as actuacións do modo que se dispón nos artigos seguintes.

2. Se a demanda pretende que se resolva xudicialmente, con carácter sumario, a suspensión dunha obra nova, o tribunal, antes incluso da citación para a vista, dirixirá orde inmediata de suspensión ó dono ou encargado da obra, que poderá ofrecer caución para continuala, así como a realización das obras indispensables para conserva-lo xa edificado. O tribunal poderá dispor que se leve a cabo recoñecemento xudicial, pericial ou conxunto, antes da vista.

A caución poderá prestarse na forma prevista no parágrafo segundo do número 2 do artigo 64 desta lei.

3. Nos casos do número 7.º do punto 1 do artigo 250, o tribunal, tan pronto admita a demanda, adoptará as medidas solicitadas que, segundo as circunstancias, sexan necesarias para asegurar en todo caso o cumprimento da sentenza que recaia.

4. No caso do punto 10.º do número 1 do artigo 250, o tribunal, ó admiti-la demanda, ordenará a exhibición dos bens ó seu posuidor, baixo apercibimento de incorrer en desobediencia á autoridade xudicial, e o seu inmediato embargo preventivo, que se asegurará mediante depósito, de acordo co previsto nesta lei. Cando, ó abeiro do disposto no número 11.º do punto 1 do artigo 250, se exerciten accións baseadas no incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro ou contrato de venda a prazos con reserva de dominio, o tribunal ordenará, ó admiti-la demanda, o depósito do ben do que se reclame a entrega. Non se esixirá caución ó demandante para a adopción destas medidas cautelares, nin se admitirá oposición do demandado a elas. Tampouco se admitirán solicitudes de modificación ou de substitución das medidas por caución.

Ademais do disposto no parágrafo anterior, emprazarse o demandado por cinco días para que compareza nas actuacións, por medio de procurador, co obxecto de anuncia-la súa oposición á demanda por algunha das causas previstas no número 3 do artigo 444. Se o demandado deixa transcorrer-lo prazo sen anuncia-la súa oposición, ou se pretende fundar esta en causa non comprendida no número 3 do artigo 444, dictarase, sen más trámites sentenza estimatoria das pretensións do demandante.

Cando o demandado anuncie a súa oposición á reclamación de acordo co previsto no parágrafo anterior, citaranse as partes para a vista e, se o demandado non asiste a ela sen concorrer xusta causa ou asiste, pero non formula oposición ou pretende fundar esta en causa non abranguida no número 3 do artigo 444, dictarase, sen más trámites, sentenza estimatoria das pretensións do demandante. Nestes casos o demandado, ademais, será sancionado con multa de ata a quinta parte do valor da reclamación, cun mínimo de 30.000 pesetas.

Contra a sentenza que se dicte nos casos de ausencia de oposición a que se refiren os dous parágrafos anteriores non se dará ningún recurso.

Artigo 442. *Inasistencia das partes á vista.*

1. Se o demandante non asiste á vista, e o demandado non alega interese lexítimo na continuación do pro-

ceso para que se dicte sentenza sobre o fondo, aquel será tido no acto por desistido da demanda, imporánselle as custas causadas e será condenado a indemnizar ó demandado comparecido, se este o solicita e acredita os danos e perdas sufridos.

2. O demandado que non compareza será declarado en rebeldía e, sen volvelo citar, continuará o xuízo o seu curso.

Artigo 443. *Desenvolvemento da vista.*

1. A vista comezará coa exposición polo demandante dos fundamentos do que pida ou ratificación dos expostos na demanda se esta se formulou conforme o previsto para o xuízo ordinario.

2. Acto seguido, o demandado poderá formula-las alegacións que conveñan ó seu dereito, comezando, de se-lo caso, polas cuestións relativas á acumulación de accións que considere inadmisibles, así como a calquera outro feito ou circunstancia que poida obstar á válida prosecución e termo do proceso mediante sentenza sobre o fondo.

O demandado non poderá impugnar neste momento a falta de xurisdicción ou de competencia do tribunal, que debeu propor en forma de declinatoria segundo o disposto no artigo 64 desta lei, sen prexuízo do previsto sobre apreciación de oficio polo tribunal da súa falta de xurisdicción ou de competencia.

3. Oído o demandante sobre as cuestións a que se refire o número anterior, así como as que considere necesario propor acerca da personalidade e representación do demandado, o tribunal resolverá o que proceda e se manda proseguir-lo xuízo, o demandado poderá pedir que conste en acta a súa desconformidade, para os efectos de apelar contra a sentenza que en definitiva recaia.

4. De non se suscitaren as cuestións procesuais a que se refiren os puntos anteriores ou se, suscitadas, o tribunal resolve a continuación do xuízo, daráselle-la palabra ás partes para fixar con claridade os feitos relevantes en que fundamenten as súas pretensións. De non haber conformidade sobre eles, proporanse as probas e, unha vez admitidas as que non sexan impertinentes ou inútiles, practícaranse seguidamente.

A proposición de proba das partes poderá completarse de acordo co disposto no número 1 do artigo 429.

Artigo 444. *Regras especiais sobre o contido da vista.*

1. Cando no xuízo verbal se pretenda a recuperación dun predio, rústico ou urbano, dado en arrendamento, por falta de pagamento da renda ou cantidade asimilada só se lle permitirá ó demandado alegar e proba-lo pagamento ou as circunstancias relativas á procedencia da enervación.

2. Nos casos do número 7.º do punto 1 do artigo 250, o demandado só poderá oporse á demanda se, de se-lo caso, presta a caución determinada polo tribunal en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 2 do artigo 64 desta lei.

A oposición do demandado unicamente poderá fundarse nalgunha das causas seguintes:

1.º Falsidade da certificación do rexistro ou omisión nela de dereitos ou condicións inscritas, que desvirtúen a acción exercitada.

2.º Posuí-lo demandado o predio ou desfruta-lo dereito discutido por contrato ou outra calquera relación xurídica directa co último titular ou con titulares anteriores ou en virtude de prescrición, sempre que esta deba prexudica-lo titular inscrito.

3.º Que o predio ou o dereito se encontren inscritos a favor do demandado e así o xustifique presentando

certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa da vixencia da inscrición.

4.º Non se-lo predio inscrito o que efectivamente posúa o demandado.

3. Nos casos dos números 10.º e 11.º do punto 1 do artigo 250, a oposición do demandado só poderá fundarse nalgunha das causas seguintes:

1.ª Falta de xurisdicción ou de competencia do tribunal.

2.ª Pagamento acreditado documentalmente.

3.ª Inexistencia ou falta de validez do seu consentimento, incluída a falsidade da sinatura.

4.ª Falsidade do documento en que apareza formalizado o contrato.

Artigo 445. *Proba e presuncións nos xuízos verbais.*

En materia de proba e de presuncións, será de aplicación ós xuízos verbais o establecido nos capítulos V e VI do título I deste libro.

Artigo 446. *Resolucións sobre a proba e recursos.*

Contra as resolucións do tribunal sobre inadmisión de probas ou sobre admisión das que se denunciaren como obtidas con violación de dereitos fundamentais, as partes poderán formular protesta para efecto de facer vale-los seus dereitos na segunda instancia.

Artigo 447. *Sentencia. Ausencia de cousa xulgada en casos especiais.*

1. Practicadas as probas se se propuxeron e admitiron ou expostas, noutro caso, as alegacións das partes, darase por terminada a vista e o tribunal dictará sentenza dentro dos dez días seguintes.

2. Non producirán efectos de cousa xulgada as sentencias que poñan fin ós xuízos verbais sobre tutela sumaria da posesión, as que decidan sobre a pretensión de desafuzamento ou recuperación de predio, rústico ou urbano, dado en arrendamento, por falta de pagamento da renda ou aluguer, e sobre outras pretensións de tutela que esta lei cualifique como sumaria.

3. Carecerán tamén de efectos de cousa xulgada as sentencias que se dicten nos xuízos verbais en que se pretenda a efectividade de dereitos reais inscritos fronte ós que se opoñan a eles ou perturben o seu exercicio, sen dispor de título inscrito.

4. Tampouco terán efectos de cousa xulgada as resolucións xudiciais ás que, en casos determinados, as leis lles neguen eses efectos.

TÍTULO IV

Dos recursos

CAPÍTULO I

Dos recursos: disposicións xerais

Artigo 448. *Do dereito a recorrer.*

1. Contra as resolucións xudiciais que lles afecten desfavorablemente, as partes poderán interpo-los recursos previstos na lei.

2. Os prazos para recorrer contaránse desde o día seguinte ó da notificación da resolución contra a que se recorra, ou, de se-lo caso, ó da notificación da súa aclaración ou da denegación desta.

Artigo 449. *Dereito a recorrer en casos especiais.*

1. Nos procesos que leven consigo o lanzamento, non se lle admitirán ó demandado os recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación se, ó preparamos, non manifesta, acreditándoo por escrito, ter satisfeitas as rendas vencidas e as que de acordo co contrato deba pagar adiantadas.

2. Os recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación, a que se refire o punto anterior, declararanse desiertos, calquera que sexa o estado en que se encontren, se durante a súa substanciación o demandado recorrente deixa de paga-los prazos que venzan ou os que deba adiantar. O arrendatario poderá adiantar ou consignar-lo pagamento de varios períodos non vencidos, os cales se suxeitarán a liquidación unha vez firme a sentenza. En todo caso, o aboamento destes importes non se considerará novación do contrato.

3. Nos procesos en que se pretenda a condena a indemniza-los danos e perdas derivados da circulación de vehículos de motor non se lle admitirán ó condenado a paga-la indemnización os recursos de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación, se, ó preparamos, non acredita ter constituído depósito do importe da condena maillos xuros e recargas esixibles no establecemento destinado para o efecto. Este depósito non impedirá, de se-lo caso, a execución provisional da resolución dictada.

4. Nos procesos en que se pretenda a condena ó pagamento das cantidades debidas por un propietario á comunidade de veciños, non se lle admitirá ó condenado o recurso de apelación, extraordinario por infracción procesual ou casación se, ó preparamos, non acredita ter satisfeita ou consignada a cantidade líquida a que se contrae a sentenza condenatoria. A consignación da cantidade non impedirá, de se-lo caso, a execución provisional da resolución dictada.

5. O depósito ou consignación esixidos nos puntos anteriores poderá facerse tamén mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, se é o caso, da cantidade consignada ou depositada.

6. Nos casos dos puntos anteriores, antes de rexeitar ou declarar desiertos os recursos, observarase o disposto no artigo 231 desta lei cando o recorrente manifeste a súa vontade de aboar, consignar, depositar ou avala-las cantidades correspondentes, pero non acredite documentalmente, a satisfacción do tribunal, o cumprimento de tales requisitos.

Artigo 450. *Da desistencia dos recursos.*

1. Todo recorrente poderá desistir do recurso antes de que sobre el recaia resolución.

2. Se, en caso de seren varios os recorrentes, só algún ou algúns deles desisten, a resolución obxecto de recurso non será firme en virtude da desistencia, pero teranse por abandonadas as pretensións de impugnación que sexan exclusivas dos que desistan.

CAPÍTULO II

Do recurso de reposición

Artigo 451. *Resolucións susceptibles de recurso. Inexistencia de efectos suspensivos.*

Contra tódalas providencias e autos non definitivos dictados por calquera tribunal civil caberá recurso de reposición ante o mesmo tribunal que dictou a resolución obxecto de recurso, sen prexuízo do cal se levará a efecto o acordado.

Artigo 452. Prazo, forma e inadmisión.

O recurso de reposición deberá interperse no prazo de cinco días, expresándose a infracción en que a resolución incorreu a xuízo do recorrente.

De non se cumpriren estes dous requisitos, non se admitirá, mediante providencia, a reposición, sen ulterior recurso.

Artigo 453. Da audiencia ás partes obxecto de recurso e da resolución.

1. Admitido a trámite o recurso de reposición, concederáselles ás demais partes constituídas un prazo común de cinco días para impugnalas, se o estiman conveniente.

2. Transcorrido o prazo de impugnación, téñanse ou non presentado escritos, o tribunal resolverá sen máis trámites, mediante auto, nun prazo de cinco días.

Artigo 454. Imposibilidade de recurso contra o auto que resolve a reposición.

Agás os casos en que proceda o recurso de queixa, contra o auto que resolve o recurso de reposición non caberá ningún recurso, sen prexuízo de reproducir a cuestión obxecto da reposición ó recorrer, se fose procedente, contra a resolución definitiva.

CAPÍTULO III**Do recurso de apelación e da segunda instancia****SECCIÓN 1.^a DO RECURSO DE APELACIÓN E DA SEGUNDA INSTANCIA: DISPOSICIÓN XERAIS****Artigo 455. Resolucións susceptibles de recurso en apelación. Competencia e tramitación preferente.**

1. As sentencias dictadas en toda clase de xuízo, os autos definitivos e aqueloutros que a lei expresamente sinala, serán susceptibles de apelación no prazo de cinco días.

2. Coñecerán dos recursos de apelación:

1.º Os xulgados de primeira instancia, cando as resolucións susceptibles de apelación fosen dictadas polos xulgados de paz do seu partido.

2.º As audiencias provinciais, cando as resolucións susceptibles de apelación fosen dictadas polos xulgados de primeira instancia da súa circunscrición.

3. Tramitaranse preferentemente os recursos de apelación legalmente previstos contra autos que non admitan demandas por falta de requisitos que a lei esixa para casos especiais.

Artigo 456. Ámbito e efectos do recurso de apelación.

1. En virtude do recurso de apelación poderá perseguirse, de acordo cos fundamentos de feito e de dereito das pretensións formuladas ante o tribunal de primeira instancia, que se revogue un auto ou sentenza e que, no seu lugar, se dicte outro ou outra favorable ó recorrente, mediante novo exame das actuacións levadas a cabo ante aquel tribunal e conforme a proba que, nos casos previstos nesta lei, se practique ante o tribunal de apelación.

2. A apelación contra sentencias desestimatorias da demanda e contra autos que poñan fin ó proceso carecerá de efectos suspensivos, sen que, en ningún caso,

proceda actuar en sentido contrario a aquilo que se resolverse.

3. As sentencias estimatorias da demanda, contra as que se interpoña o recurso de apelación, terán, segundo a natureza e contido dos seus pronunciamentos, a eficacia que establece o título II do libro III desta lei.

SECCIÓN 2.^a DA SUBSTANCIACIÓN DA APELACIÓN**Artigo 457. Preparación da apelación.**

1. O recurso de apelación prepararase ante o tribunal que dictase a resolución que se impugne dentro do prazo de cinco días contados desde o día seguinte ó da notificación daquela.

2. No escrito de preparación o apelante limitarase a cita-la resolución contra a que se apela e a manifesta-la súa vontade de interpor recurso con expresión dos pronunciamentos que impugna.

3. Se a resolución impugnada é susceptible de apelación e o recurso se prepara dentro de prazo, o tribunal terá por preparado o recurso e emprazará a parte recorrente por vinte días para que o interpoña, conforme o disposto nos artigos 458 e seguintes.

4. Se non se cumpren os requisitos a que se refire o punto anterior respecto da preparación do recurso, o tribunal dictará auto denegándoa. Contra este auto só poderá interperse o recurso de queixa.

5. Contra a providencia na que se teña por preparada a apelación non caberá ningún recurso, pero a parte contra a que se recorre poderá alegar a inadmisibilidade da apelación no trámite de oposición ó recurso a que se refire o artigo 461 desta lei.

Artigo 458. Interposición do recurso.

1. Dentro do prazo establecido no artigo anterior, o apelante deberá interpo-la apelación ante o tribunal que dictase a resolución obxecto de recurso. Tal apelación deberá realizarse por medio de escrito no que se exporán as alegacións en que se basee a impugnación.

2. Se o apelante non presenta o escrito de interposición dentro de prazo, declararase deserto o recurso de apelación e quedará firme a resolución contra a que se recorreu. A resolución que declare deserta a apelación imporalle ó apelante as custas causadas, de as haber.

Artigo 459. Apelación por infracción de normas ou garantías procesuais.

No recurso de apelación poderá alegarse infracción de normas ou garantías procesuais na primeira instancia. Cando así sexa, o escrito de interposición deberá cita-las normas que se consideren infrinxidas e alegar, de se-lo caso, a indefensión sufrida. Así mesmo, o apelante deberá acreditar que denunciou oportunamente a infracción, se ten oportunidade procesual para iso.

Artigo 460. Documentos que poden xuntarse ó escrito de interposición. Solicitud de probas.

1. Só poderán xuntarse ó escrito de interposición os documentos que se encontren nalgún dos casos previstos no artigo 270 e que non puidesen achegarse na primeira instancia.

2. No escrito de interposición poderase pedir, ademais, a práctica en segunda instancia das probas seguintes:

1.^a As que fosen indebidamente denegadas na primeira instancia, sempre que se intentase a reposición da resolución denegatoria ou se formulase a oportuna protesta na vista.

2.^a As propostas e admitidas na primeira instancia que, por calquera causa non imputable ó que as solicitase, non puidesen practicarse, nin sequera como dilixencias finais.

3.^a As que se refiran a feitos de relevancia para a decisión do preito ocorridos despois do comezo do prazo para dictar sentenza na primeira instancia ou antes deste termo sempre que, neste último caso, a parte xustifique que tivo coñecemento deles con posterioridade.

3. O demandado declarado en rebeldía que, por calquera causa que non lle sexa imputable, comparecese nos autos despois do momento establecido para propo-la proba na primeira instancia poderá pedir na segunda que se practique toda a que conveña ó seu dereito.

Artigo 461. *Traslado do escrito de interposición á parte apelada. Oposición ó recurso e impugnación da sentenza.*

1. Do escrito de interposición do recurso de apelación darase traslado ás demais partes, emprazándoas por dez días para que presenten, ante o tribunal que dictou a resolución contra a que se apela, escrito de oposición ó recurso ou, de se-lo caso, de impugnación da resolución contra a que se apela no que lle resulte desfavorable.

2. Os escritos de oposición ó recurso e, se é o caso, de impugnación da sentenza por quen inicialmente non recorrese, formularanse de acordo co establecido para o escrito de interposición.

3. Poderán xuntarse os documentos e solicitarse as probas que a parte ou partes apeladas consideren necesarios, de acordo co disposto no artigo anterior, así como formularse as alegacións que se estimen oportunas sobre a admisibilidade dos documentos achegados e das probas propostas polo apelante.

4. Dos escritos de impugnación a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo, daráselle traslado ó apelante principal, para que no prazo de dez días manifeste o que teña por conveniente.

Artigo 462. *Competencia do tribunal da primeira instancia durante a apelación.*

Durante a substanciación do recurso de apelación, a xurisdicción do tribunal que dictase a resolución contra a que se recorreu limitarase ás actuacións relativas á execución provisional da resolución obxecto de apelación.

Artigo 463. *Remisión dos autos.*

1. Interpostos os recursos de apelación e presentados, de se-lo caso, os escritos de oposición ou impugnación, o tribunal que dictase a resolución obxecto de apelación ordenará a remisión dos autos ó tribunal competente para resolve-la apelación; pero se se solicitou a execución provisional, quedará no de primeira instancia testemuño do necesario para esta execución.

2. Cando se solicite a execución provisional despois de se teren remitido os autos ó tribunal competente para resolve-la apelación, o solicitante deberá obter previamente deste testemuño do que sexa necesario para a execución.

Artigo 464. *Admisión de probas e sinalamento de vista.*

1. Recibidos os autos polo tribunal que teña que resolver sobre a apelación, se se achegaron novos documentos ou se propuxo proba, acordarase o que proceda sobre a súa admisión no prazo de dez días. De terse

que practicar proba, na mesma resolución en que se admita sinalarase día para a vista, que se celebrará dentro do mes seguinte, de acordo co previsto para o xuízo verbal.

2. Se non se propuxo proba ou se toda a proposta non foi admitida, poderá acordarse tamén, mediante providencia, a celebración de vista sempre que así o solicitase algunha das partes ou o tribunal o considere necesario.

Artigo 465. *Sentencia de apelación.*

1. O tribunal resolverá sobre o recurso de apelación dentro dos dez días seguintes á terminación da vista. Se non se celebrou vista, a sentenza terá que dictarse no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se recibisen os autos no tribunal competente para a apelación.

2. Se a infracción procesual alegada se cometeu ó dictar sentenza na primeira instancia, o tribunal de apelación, tras revoga-la sentenza obxecto de apelación, resolverá sobre a cuestión ou cuestións que fosen obxecto do proceso.

3. Cando non sexa de aplicación o disposto no punto anterior deste artigo e a infracción procesual sexa das que orixinan a nulidade radical das actuacións ou de parte delas, o tribunal declararao así mediante providencia, repóndoas ó estado en que se encontrasen cando a infracción se cometeu.

Non se declarará a nulidade de actuación se o vicio ou defecto procesual pode ser emendado na segunda instancia, para o que o tribunal concederá un prazo non superior a dez días, agás que o vicio se poña de manifesto na vista e sexa emendable no acto. Producida a emenda e, de se-lo caso, oídas as partes e practicada a proba admisible, o tribunal de apelación dictará sentenza sobre a cuestión ou cuestións obxecto do preito.

4. A sentenza que se dicte en apelación deberá pronunciarse exclusivamente sobre os puntos e cuestións formulados no recurso e, de se-lo caso, nos escritos de oposición ou impugnación a que se refire o artigo 461. A sentenza non poderá prexudica-lo apelante, agás que o prexuízo proveña de estima-la impugnación da resolución de que se trate, formulada polo inicialmente apelado.

Artigo 466. *Recursos contra a sentenza de segunda instancia.*

1. Contra as sentencias dictadas polas audiencias provinciais na segunda instancia de calquera tipo de proceso civil poderán as partes lexitimadas optar por interpo-lo recurso extraordinario por infracción procesual ou o recurso de casación.

2. De prepara-la mesma parte e contra a mesma resolución os dous recursos a que se refire o punto anterior, terase por non admitido o recurso de casación.

3. Cando os distintos litigantes dun mesmo proceso opten, cada un deles, por distinta clase de recurso extraordinario, aplicarase o disposto no artigo 488 desta lei.

Artigo 467. *Recurso de casación contra sentencias dictadas polas audiencias provinciais tras estimarse recurso extraordinario por infracción procesual.*

Non obstante o disposto no artigo anterior, contra as sentencias que dicten as audiencias provinciais como consecuencia de se ter estimado recurso extraordinario por infracción procesual non se admitirá de novo este recurso extraordinario se non se funda en infraccións e cuestións diferentes da que foi obxecto do primeiro recurso.

CAPÍTULO IV

Do recurso extraordinario por infracción procesual

Artigo 468. *Órgano competente e resolucións contra as que se pode recorrer.*

As salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza coñecerán, como salas do civil, dos recursos por infracción procesual contra sentencias e autos dictados polas audiencias provinciais que poñan fin á segunda instancia.

Artigo 469. *Motivos. Denuncia previa na instancia.*

1. O recurso extraordinario por infracción procesual só poderá fundarse nos seguintes motivos:

- 1.º Infracción das normas sobre xurisdicción e competencia obxectiva ou funcional.
- 2.º Infracción das normas procesuais reguladoras da sentenza.
- 3.º Infracción das normas legais que rexen os actos e garantías do proceso cando a infracción determine a nulidade conforme a lei ou puidese ter producido indefensión.
- 4.º Vulneración, no proceso civil, de dereitos fundamentais recoñecidos no artigo 24 da Constitución.

2. Só procederá o recurso extraordinario por infracción procesual cando, de ser posible, esta ou a vulneración do artigo 24 da Constitución se denunciaren na instancia e cando, de se ter producido na primeira, a denuncia se reproducise na segunda instancia. Ademais, se a violación de dereito fundamental produciu falta ou defecto emendable, deberá terse pedido a emenda na instancia ou instancias oportunas.

Artigo 470. *Preparación.*

1. O recurso extraordinario por infracción procesual prepararase mediante escrito presentado ante o tribunal que dictase a sentenza ou auto no prazo dos cinco días seguintes ó da súa notificación.

2. Presentado o escrito de preparación do recurso e transcorridos os prazos de que dispoñan tódalas partes para prepara-lo recurso extraordinario por infracción procesual, o tribunal terao por preparado sempre que a resolución sexa susceptible de recurso, se alegue algún dos motivos previstos no artigo 469 e, de se-lo caso, se procedese de acordo co disposto no número 2 dese artigo.

3. Se o escrito de preparación incumpre os requisitos establecidos no número 2 deste artigo, o tribunal dictará auto denegando o recurso extraordinario. Contra este auto unicamente poderá interporse recurso de queixa.

4. Contra a providencia na que se teña por preparado o recurso extraordinario por infracción procesual, a parte recorrida non poderá interpor ningún recurso, pero poderá oporse á admisión do recurso extraordinario por infracción procesual ó comparecer ante o tribunal superior de xustiza.

Artigo 471. *Interposición.*

No prazo dos vinte días seguintes a aquel en que se teña por preparado o recurso deberá presentarse, ante o tribunal que dictase a sentenza obxecto de recurso, escrito de interposición do recurso extraordinario por infracción procesual, no que se expoña razoadamente a infracción ou vulneración cometida, expresando, de

se-lo caso, de qué maneira influíron no resultado do proceso.

No escrito de interposición poderase tamén solicita-la práctica dalgunha proba que se considere imprescindible para acredita-la infracción ou vulneración producida, así como a celebración de vista.

Rematado o prazo para interpo-lo recurso sen se ter presentado o escrito de interposición, o recurso declararase deserto e condenarase o recorrente nas custas que puidese causar.

Artigo 472. *Remisión dos autos.*

Presentado o escrito de interposición, dentro dos cinco días seguintes remitiranse tódolos autos orixinais á sala citada no artigo 468, sen prexuízo de que, cando un litigante ou litigantes distintos dos recorrentes por infracción procesual preparasen recurso de casación contra a mesma sentenza, se deban enviar á sala competente para o recurso de casación testemuño da sentenza e dos particulares que o recorrente en casación solicite, pódose nota expresiva de se ter preparado recurso extraordinario por infracción procesual, para os efectos do que dispón o artigo 488 desta lei.

Artigo 473. *Admisión.*

1. Recibidos os autos no tribunal, pasaranse as actuacións ó maxistrado relator para que se instrúa e someta á deliberación da sala o que se teña que resolver sobre a admisión ou inadmisión do recurso extraordinario por infracción procesual.

2. O recurso extraordinario por infracción procesual non se admitirá nos seguintes casos:

1.º Se, non obstante terse por preparado o recurso, se apreciase neste trámite a falta dos requisitos establecidos nos artigos 467, 468 e 469.

2.º Se o recurso carece manifestamente de fundamento.

A sala, antes de resolver, porá de manifesto a posible causa de inadmisión do recurso ás partes comparecidas para que, no prazo de dez días, formulen as alegacións que estimen procedentes.

Se a sala entende que concorre algunha das causas de inadmisión, dictará auto declarando a inadmisión do recurso e a firmeza da resolución obxecto de recurso. Se a causa de inadmisión non afecta máis que a algunha das infraccións alegadas, resolverá tamén mediante auto a admisión do recurso respecto das demais que o recurso denuncie.

3. Non se dará ningún recurso contra o auto que resolva sobre a admisión do recurso extraordinario por infracción procesual.

Artigo 474. *Oposición das partes recorridas.*

Admitido, total ou parcialmente, o recurso extraordinario por infracción procesual, entregaráselle copia do escrito de interposición á parte ou partes recorridas e comparecidas para que formalicen por escrito a súa oposición no prazo de vinte días. Durante este prazo estarán de manifesto as actuacións na secretaría.

No escrito de oposición poderanse alegar tamén as causas de inadmisibilidade do recurso que se consideren existentes e que non fosen xa rexeitadas polo tribunal, solicita-las probas que se estimen imprescindibles e pedi-la celebración de vista.

Artigo 475. Vista e proba.

1. Transcorrido o prazo a que se refire o artigo anterior, presentásenlle ou non os escritos de oposición, a sala sinalará, mediante providencia, dentro dos trinta días seguintes, día e hora para a celebración de vista ou, de se-lo caso, para a votación e resolución do recurso extraordinario por infracción procesal.

2. Se se pediu e admitiu a práctica dalgunha proba ou se a sala, de oficio ou por instancia de parte, o considera oportuno para a mellor impartición da xustiza, no recurso extraordinario, acordarase que se celebre vista, que comezará co informe da parte recorrente, para despois proceder ó da parte recorrida. De seren varias as partes recorrentes, observarase a orde de interposición dos recursos, e sendo varias as partes recorridas, a orde das comparecencias.

3. A práctica das probas rexerese polo disposto na lei para a vista dos xuízos verbais.

Artigo 476. Sentencia. Efectos.

1. A sala dictará sentenza dentro dos vinte días seguintes ó de finalización da vista, ou ó sinalado para a votación e resolución.

2. Se o recurso se fundase na infracción das normas sobre xurisdicción ou competencia obxectiva ou funcional, examínase e decídese sobre este motivo en primeiro lugar.

Se se denunciase a falta de xurisdicción ou de competencia obxectiva e se estimase o recurso, a sala casará a resolución impugnada, quedando a salvo o dereito das partes a exercitaren as pretensións ante quen corresponde.

Se o recurso se interpuxese contra sentenza que confirmaba ou declaraba a falta de xurisdicción ou de competencia, e a sala o estimase, tras casa-la sentenza, ordenaralle ó tribunal de que se trate que inicie ou prosiga o coñecemento do asunto, agás que a falta de xurisdicción se estimase erroneamente unha vez contestada a demanda e practicadas as probas; neste caso ordenaráselle ó tribunal de que se trate que resolva sobre o fondo do asunto.

Nos demais casos, de estimarse o recurso por todas ou algunha das infraccións ou vulneracións alegadas, a sala anulará a resolución obxecto de recurso e ordenará que se repoñan as actuacións ó estado e momento en que se incorre na infracción ou vulneración.

3. Se a sala non considera procedente ningún dos motivos alegados, desestimaráselle o recurso e devolveranse as actuacións ó tribunal do que procedan.

4. Contra a sentenza que resolva o recurso extraordinario por infracción procesal non caberá ningún recurso, agás o previsto sobre o recurso en interese da lei ante a Sala do Civil do Tribunal Supremo.

CAPÍTULO V**Do recurso de casación****Artigo 477. Motivo do recurso de casación e resolucións susceptibles de recurso en casación.**

1. O recurso de casación deberá fundarse, como motivo único, na infracción de normas aplicables para resolver as cuestións obxecto do proceso.

2. Poderase recorrer en casación contra as sentencias dictadas en segunda instancia polas audiencias provinciais, nos seguintes casos:

1.º Cando se dictasen para a tutela xudicial civil de dereitos fundamentais, excepto os que recoñece o artigo 24 da Constitución.

2.º Cando a contía do asunto exceda de vinte e cinco millóns de pesetas.

3.º Cando a resolución do recurso presente interese casacional.

3. Considerarase que un recurso presenta interese casacional cando a sentenza contra a que se recorre se opoña a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo ou resolva puntos e cuestións sobre os que exista xurisprudencia contradictoria das audiencias provinciais ou aplique normas que non leven máis de cinco anos en vigor, sempre que, neste último caso, non existise doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo relativa a normas anteriores de igual ou similar contido.

Cando se trate de recursos de casación dos que deba coñecer un tribunal superior de xustiza, entenderase que tamén existe interese casacional cando a sentenza contra a que se recorre se opoña a doutrina xurisprudencial ou non exista esta doutrina do tribunal superior sobre normas de dereito especial da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 478. Competencia. Simultaneidade de recursos.

1. O coñecemento do recurso de casación, en materia civil, correspóndelle á Sala Primeira do Tribunal Supremo.

Non obstante, corresponderalles as salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza coñecer dos recursos de casación que procedan contra as resolucións dos tribunais civís con sede na comunidade autónoma, sempre que o recurso se funde, exclusivamente ou xunto a outros motivos, en infracción das normas do dereito civil, foral ou especial propio da comunidade, e cando o correspondente estatuto de autonomía prevexa esta atribución.

2. Cando a mesma parte prepare recursos de casación contra unha mesma sentenza ante o Tribunal Supremo e ante tribunal superior de xustiza, terase, mediante providencia, por non presentado o primeiro deles, en canto se acredite esta circunstancia.

Artigo 479. Preparación do recurso.

1. O recurso de casación prepararase mediante escrito presentado ante o tribunal que dictase a sentenza, dentro dos cinco días seguintes á súa notificación.

2. Se se pretende recorrer contra unha sentenza das previstas no número 1.º do punto 2 do artigo 477, o escrito de preparación limitarase a expor brevemente a vulneración de dereito fundamental que se considere cometida.

3. Cando se pretenda recorrer contra unha sentenza conforme o disposto no punto 2.º do número 2 do artigo 477, o escrito de preparación unicamente deberá indica-la infracción legal que se considera cometida.

4. Cando se pretenda recorrer contra unha sentenza ó abeiro do disposto no punto 3.º do número 2 do artigo 477, o escrito de preparación deberá expresar, ademais da infracción legal que se considere cometida, as sentencias que poñan de manifesto a doutrina xurisprudencial ou xurisprudencia contradictoria en que se funde o interese casacional que se alegue.

Artigo 480. Resolución sobre a preparación do recurso.

1. Se o recurso ou recursos de casación que se prepararon cumpren os requisitos establecidos no artigo anterior, o tribunal teraos por preparados. Se os requisitos non se cumpren, dictará auto rexeitando o recurso. Contra este auto unicamente poderá interporse recurso de queixa.

2. Contra a providencia en que se teña por preparado o recurso de casación, a parte recorrida non poderá interpor ningún recurso, pero poderá oporse á admisión do recurso ó comparecer ante o tribunal de casación.

Artigo 481. *Interposición do recurso.*

1. No prazo dos vinte días seguintes a aquel en que se teña por preparado o recurso de casación, deberá presentarse, ante o tribunal que dictase a sentenza obxecto de recurso, escrito de interposición, no que se exporán, coa necesaria extensión, os seus fundamentos e se poderá pedi-la celebración de vista.

2. O escrito de interposición xuntaránselle certificación da sentenza impugnada e, cando sexa procedente, texto das sentencias que se aduzan como fundamento do interese casacional.

3. De se-lo caso, no escrito de interposición, ademais de fundamentarse o recurso de casación, haberá de manifestarse razoadamente canto se refira ó tempo de vixencia da norma e á inexistencia de doutrina xurisprudencial relativa á norma que se estime infrinxida.

4. Finalizado o prazo para interpo-lo recurso de casación sen se ter presentado o escrito de interposición, o recurso declararase deserto e imporánselle ó recorrente as custas causadas, se as houber.

Artigo 482. *Remisión dos autos. Negativa a expedir certificacións.*

1. Presentado o escrito de interposición, dentro dos cinco días seguintes remitiranse tódolos autos orixinais ó tribunal competente para coñecer do recurso de casación.

2. Se o recorrente non puido obte-la certificación de sentenza a que se refire o artigo 481, efectuarase non obstante a remisión dos autos disposta no punto anterior. A negativa ou resistencia a expedi-la certificación será corrixida disciplinariamente e, de ser necesario, a sala de casación reclamaraas do tribunal ou tribunais que deba expedila.

Artigo 483. *Decisión sobre a admisión do recurso.*

1. Recibidos os autos no tribunal, pasaranse as actuacións ó maxistrado relator para que se instrúa e someta á deliberación da sala o que teña que resolverse sobre a admisión ou inadmisión do recurso de casación.

2. Procederá a inadmisión do recurso de casación:

1.º Se, a pesar de se ter por preparado o recurso, este fose improcedente, por non ser susceptible de recurso a sentenza ou por calquera defecto de forma non emendable en que se incorrese na preparación.

2.º Se o escrito de interposición do recurso non cumpre os requisitos establecidos, para os distintos casos, nesta lei.

3.º Se o asunto non alcanza a contía requirida, ou non existe interese casacional por inexistencia de oposición a doutrina xurisprudencial, por falta de xurisprudencia contradictoria ou se a norma que se pretende infrinxida leva vixente máis de cinco anos ou, a xuízo da sala, existe doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo sobre esta norma ou sobre outra anterior de contido igual ou similar.

Así mesmo non se admitirá o recurso nos casos do segundo parágrafo do número 3 do artigo 477, cando o tribunal superior de xustiza correspondente considere que sentou doutrina sobre a norma discutida ou sobre outra anterior de contido igual ou similar.

3. A sala, antes de resolver, porá de manifesto mediante providencia a posible causa de inadmisión do recurso de casación ás partes comparecidas para que, no prazo de dez días, formulen as alegacións que estimen procedentes.

4. Se a sala entende que concorre algunha das causas de inadmisión, dictará auto declarando a inadmisión do recurso de casación e a firmeza da resolución obxecto

de recurso. Se a causa de inadmisión non afectase máis que a algunha das infraccións alegadas, resolverá tamén mediante auto a admisión do recurso respecto das demais que o recurso denuncie.

5. Contra o auto que resolva sobre a admisión do recurso de casación non se dará ningún recurso.

Artigo 484. *Decisión sobre a competencia en trámite de admisión.*

1. No trámite de admisión a que se refire o artigo anterior, a sala examinará a súa competencia para coñecer do recurso de casación, antes de pronunciarse sobre a súa admisibilidade. Se non se considera competente, acordará, logo de audiencia das partes por prazo de dez días, a remisión das actuacións e o emprazamento das partes para que comparezan ante a sala que se estime competente no prazo de dez días.

2. No caso a que se refire o punto anterior, recibidas as actuacións e comparecidas as partes ante a sala que se considerase competente, continuará a substanciación do recurso desde o trámite de admisión.

3. As salas dos tribunais superiores de xustiza non poderán declina-la súa competencia para coñecer dos recursos de casación que lles fosen remitidos pola Sala Primeira do Tribunal Supremo.

Artigo 485. *Admisión e traslado ás outras partes.*

Admitido o recurso de casación, darase traslado do escrito de interposición, cos seus documentos adxuntos, á parte ou partes recorridas, para que formalicen a súa oposición por escrito no prazo de vinte días e manifesten se consideran necesaria a celebración de vista.

No escrito de oposición tamén se poderán alegar as causas de inadmisibilidade do recurso que se consideren existentes e que non fosen xa rexeitadas polo tribunal.

Artigo 486. *Votación e resolución. Eventual vista.*

1. Transcorrido o prazo a que se refire o artigo anterior, téñanse presentado ou non os escritos de oposición, a sala sinalará, mediante providencia, dentro dos trinta días seguintes, día e hora para a celebración de vista ou, de se-lo caso, para a votación e resolución do recurso de casación.

2. O tribunal decidirá o que considere conveniente para a mellor impartición de xustiza en relación coa celebración de vista, que en todo caso deberá celebrarse se o solicitan tódalas partes e comezará co informe da parte recorrente, para despois proceder ó da parte recorrida. De seren varias as partes recorrentes, observarase a orde de interposición dos recursos, e sendo varias as partes recorridas, a orde das comparecencias.

Artigo 487. *Sentencia. Efectos.*

1. A sala dictará sentenza sobre o recurso de casación dentro dos vinte días seguintes ó de finalización da vista, ou ó sinalado para a votación e resolución.

2. De se tratar dos recursos de casación previstos nos números 1.º e 2.º do punto 2 do artigo 477, a sentenza que poña fin ó recurso de casación confirmará ou casará, en todo ou en parte, a sentenza obxecto de recurso.

3. Cando o recurso de casación sexa dos previstos no punto 3.º do número 2 do artigo 477, se a sentenza considera fundado o recurso, casará a resolución impugnada e resolverá sobre o caso, declarando o que corresponda segundo os termos en que se producise a opo-

sición á doutrina xurisprudencial ou a contradición ou diverxencia de xurisprudencia.

Os pronunciamentos da sentenza que se dicte en casación en ningún caso afectarán as situacións xurídicas creadas polas sentencias, distintas da impugnada, que se invocasen.

Artigo 488. *Substanciación e decisión dos recursos de casación e extraordinario por infracción procesal, cando litigantes dun mesmo preito opten por distinto recurso extraordinario.*

1. Cando distintos litigantes dun mesmo proceso opten, cada un deles, por diferente recurso extraordinario, o que se funde en infracción procesal será substanciado polo tribunal competente con preferencia ó de casación; a tramitación deste, sen embargo, será iniciada e continuará ata que se decida a súa admisión, quedando despois en suspenso.

2. De se dictar sentenza totalmente desestimatoria do recurso por infracción procesal, comunicáraselle de inmediato ó tribunal competente para a casación, alzárase de inmediato a súa suspensión e tramitárase o recurso de acordo co disposto neste capítulo.

3. De se estima-lo recurso extraordinario por infracción procesal, o recurso de casación presentado quedará sen efecto, sen prexuízo do previsto no artigo 467 desta lei.

Artigo 489. *Substanciación e decisión dos recursos de casación foral e extraordinario por infracción procesal, cando litigantes dun mesmo preito opten por distinto recurso extraordinario.*

Cando distintos litigantes dun mesmo proceso opten, cada un deles, por diferente recurso extraordinario, un por infracción procesal e outro por vulneración das normas de dereito civil foral ou especial propio dunha comunidade autónoma, ámbolos recursos substanciaranse e decidiranse acumulados nunha soa peza, e a sala resolverá nunha soa sentenza tendo en conta que só poderá pronunciarse sobre o recurso de casación se non estima o extraordinario por infracción procesal.

CAPÍTULO VI

Do recurso en interese da lei

Artigo 490. *Resolucións contra as que se pode recorrer en interese da lei.*

1. Poderá interporse recurso en interese da lei, para a unidade de doutrina xurisprudencial, respecto de sentencias que resolvan recursos extraordinarios por infracción de lei procesal cando as salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza sosteñan criterios discrepantes sobre a interpretación de normas procesuais.

2. Non procederá o recurso en interese da lei contra sentencias que fosen obxecto de recurso en amparo ante o Tribunal Constitucional.

Artigo 491. *Lexitimación para recorrer en interese da lei.*

Poderán en todo caso recorrer en interese da lei o Ministerio Fiscal e o Defensor do Pobo. Así mesmo, poderán interpor este recurso as persoas xurídicas de dereito público que, polas actividades que desenvolvan e as funcións que teñan atribuídas, en relación coas cuestións procesuais sobre as que verse o recurso, acrediten interese lexítimo na unidade xurisprudencial sobre esas cuestións.

Artigo 492. *Interposición e substanciación.*

1. Os recursos en interese da lei interporanse, no prazo dun ano desde que se dictou a sentenza máis moderna, directamente ante a Sala do Civil do Tribunal Supremo.

2. O escrito en que se interpoña o recurso en interese da lei xuntaránselle os seguintes documentos:

1.º Copia certificada ou testemuño das resolucións que poñan de manifesto a discrepancia que se alegue.

2.º Certificación expedida polo Tribunal Constitucional, que acredite que, transcorrido o prazo para interpor recurso en amparo, non se interpuxo este recurso contra ningunha das sentencias alegadas.

3. Do escrito ou escritos de interposición, cos seus documentos anexos, daráselle traslado a quen se constituíse como parte nos procesos en que recaesen as sentencias obxecto do recurso, para que, no prazo de vinte días, poidan formular alegacións expresando os criterios xurídicos que consideren máis fundados.

Artigo 493. *Sentencia.*

A sentenza que se dicte nos recursos en interese da lei respectará, en todo caso, as situacións xurídicas particulares derivadas das sentencias alegadas e, cando sexa estimatoria, fixará na parte dispositiva a doutrina xurisprudencial. Neste caso, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e, a partir da súa inserción nel, complementará o ordenamento xurídico, vinculando en tal concepto a tódolos xuíces e tribunais da orde xurisdiccional civil diferentes ó Tribunal Supremo.

CAPÍTULO VII

Do recurso de queixa

Artigo 494. *Resolucións contra as que se pode recorrer en queixa.*

Contra os autos en que o tribunal que dictase a resolución denegase a tramitación dun recurso de apelación, extraordinario por infracción procesal ou de casación, poderase interpor recurso de queixa ante o órgano ó que corresponda resolver sobre recurso non tramitado. Os recursos de queixa tramitaranse e resolveranse con carácter preferente.

Artigo 495. *Substanciación e decisión.*

1. O recurso de queixa prepararase pedindo, dentro do quinto día, reposición do auto obxecto de recurso, e para o caso de non estimala, testemuño de ambas resolucións.

2. Se o tribunal non dá lugar á reposición, mandará á vez que, dentro dos cinco días seguintes, se lle facilite este testemuño á parte interesada, acreditando o secretario xudicial, a continuación deste, a data de entrega.

3. Dentro dos dez días seguintes ó da entrega do testemuño, a parte que o solicitase deberá presenta-lo recurso de queixa ante o órgano competente, achegando o testemuño obtido.

4. Presentado en tempo o recurso co testemuño, o tribunal resolverá sobre el no prazo de cinco días.

Se considera ben denegada a tramitación do recurso, mandarao pór en coñecemento do tribunal correspondente, para que conste nos autos. Se a estimase mal denegada, ordenaralle a este tribunal que continúe coa tramitación.

5. Contra o auto que resolva o recurso de queixa non se dará ningún recurso.

TÍTULO V

Da rebeldía e da rescisión de sentencias firmes e nova audiencia ó demandado rebelde**Artigo 496. Declaración de rebeldía e efectos.**

1. Será declarado en rebeldía o demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento.

2. A declaración de rebeldía non será considerada como conformidade nin como admisión dos feitos da demanda, agás os casos en que a lei expresamente dispoña o contrario.

Artigo 497. Réxime de notificacións.

1. A resolución que declare a rebeldía notificaráselle ó demandado por correo, se o seu domicilio é coñecido e, se non o é, mediante edictos. Feita esta notificación, non se levará a cabo ningunha outra, excepto a da resolución que poña fin ó proceso.

2. A sentenza ou a resolución que poña fin ó proceso notificaráselle ó demandado persoalmente, na forma prevista no artigo 161 desta lei. Pero se o demandado se achar en paradoiro descoñecido, a notificación farase por medio de edicto, que se publicará no boletín oficial da comunidade autónoma ou no «Boletín Oficial del Estado».

O mesmo será de aplicación para as sentencias dadas en apelación, en recurso extraordinario por infracción procesual ou en casación.

Artigo 498. Comunicación da existencia do proceso ó demandado rebelde citado ou emprazado por edictos.

Ó demandado rebelde que, por carecer de domicilio coñecido ou encontrarse en ignorado paradoiro, sexa citado ou emprazado para comparecer mediante edictos, comunicarásele a pendencia do proceso, de oficio ou por instancia de calquera das partes comparecidas, en canto se teña noticia do lugar en que poida levarse a cabo a comunicación.

Artigo 499. Comparecencia posterior do demandado.

Calquera que sexa o estado do proceso en que o demandado rebelde compareza, entenderase con el a substanciación, sen que esta poida retroceder en ningún caso.

Artigo 500. Exercicio polo demandado rebelde dos recursos ordinarios.

O demandado rebelde a quen lle fose notificada persoalmente a sentenza, só poderá utilizar contra ela o recurso de apelación, e o extraordinario por infracción procesual ou o de casación, cando procedan, se os interpon dentro do prazo legal.

Os mesmos recursos poderá utiliza-lo demandado rebelde a quen non lle fose notificada persoalmente a sentenza, pero neste caso o prazo para interpoñer contárase desde o día seguinte ó da publicación do edicto de notificación da sentenza nos boletíns oficiais do Estado, da comunidade autónoma ou da provincia.

Artigo 501. Rescisión de sentenza firme por instancias do rebelde. Casos en que procede.

Os demandados que permanecesen constantemente en rebeldía poderán pretender, do tribunal que a dictase, a rescisión da sentenza firme nos casos seguintes:

1.º De forza maior ininterrompida, que lle impediou ó rebelde comparecer en todo momento, aínda que tivese coñecemento do preito por ter sido citado ou emprazado en forma.

2.º De descoñecemento da demanda e do preito, se a citación ou emprazamento se practicaron por cédula, a teor do artigo 161, pero esta non chegou a poder do demandado rebelde por causa que non lle sexa imputable.

3.º De descoñecemento da demanda e do preito, se o demandado rebelde foi citado ou emprazado por edictos e estivo ausente do lugar en que se seguise o proceso e de calquera outro lugar do Estado ou da comunidade autónoma, nos boletíns oficiais dos cales se publican aqueles.

Artigo 502. Prazos de caducidade da acción de rescisión.

1. A rescisión de sentenza firme por instancia do demandado rebelde só procederá se se solicita dentro dos prazos seguintes:

1.º De vinte días, a partir da notificación da sentenza firme, se esta notificación se practicou persoalmente.

2.º De catro meses, a partir da publicación do edicto de notificación da sentenza firme, se esta non se notificou persoalmente.

2. Os prazos a que se refire o punto anterior poderán prolongarse, conforme o punto segundo do artigo 134, se subsiste a forza maior que lle impediou ó rebelde a comparecencia, pero sen que en ningún caso caiba exercitala acción de rescisión unha vez transcorridos deza seis meses desde a notificación da sentenza.

Artigo 503. Exclusión da rescisión de sentencias sen efectos de cousa xulgada.

Non procederá a rescisión das sentencias firmes que, por disposición legal, carezan de efectos de cousa xulgada.

Artigo 504. Eventual suspensión da execución. Procedemento da rescisión.

1. As demandas de rescisión de sentencias firmes dadas en rebeldía non suspenderán a súa execución, agás o disposto no artigo 566 desta lei.

2. A pretensión do demandado rebelde de que se rescinda unha sentenza firme substanciárase polos trámites establecidos para o xuízo ordinario, que poderá ser iniciado polos que foron parte no proceso.

Artigo 505. Sentencia de rescisión.

1. Celebrado o xuízo, no que se practicará a proba pertinente sobre as causas que xustifican a rescisión, resolverá sobre ela o tribunal mediante sentenza, que non será susceptible de ningún recurso.

2. Por instancia de parte, o tribunal da execución deberá acordala suspensión da execución da sentenza rescindida, se, conforme o previsto no artigo 566, non decretou xa a suspensión.

Artigo 506. Custas.

1. Cando se declare que non procede a rescisión solicitada polo litigante condenado en rebeldía, impondásele a este tódalas custas do procedemento.

2. Se se dicta unha sentenza estimando procedente a rescisión, non se lle imporán as custas a ningún dos litigantes, agás que o tribunal aprecie temeridade nalgún deles.

Artigo 507. Substanciación do procedemento trala sentenza estimatoria.

1. Estimada a pretensión do demandado rebelde, remitiráselle certificación da sentenza que estime procedente a rescisión ó tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia e, ante el, procederáse conforme as regras seguintes:

1.^a Entregaráselle os autos por dez días ó demandado para que poida expor e pedi-lo que conveña ó seu dereito, na forma previda para a contestación á demanda.

2.^a Do que se expoña e pida conferirase traslado por outros dez días á parte contraria, entregándolle as copias dos escritos e documentos.

3.^a En diante, seguiranse os trámites do xuízo declarativo que corresponda, ata dicta-la sentenza que proceda, contra a que poderán interporse os recursos previstos nesta lei.

2. Non será necesario remitirle ó tribunal de primeira instancia a certificación a que se refire o punto anterior se este tribunal foi o que estimou procedente a rescisión.

Artigo 508. Inactividade do demandado e nova sentenza.

Se o demandado non formulase alegacións e peticións no trámite a que se refire a regra primeira do artigo anterior, entenderase que renuncia a ser oído e dictarase nova sentenza nos mesmos termos que a rescindida.

Contra esta sentenza non se dará ningún recurso.

TÍTULO VI

Da revisión de sentencias firmes

Artigo 509. Órgano competente e resolucións contra as que se pode recorrer.

A revisión de sentencias firmes será solicitada á Sala do Civil do Tribunal Supremo ou ás salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, conforme o disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial.

Artigo 510. Motivos.

Procederá a revisión dunha sentenza firme:

1.º Se, despois de pronunciada, se recobran ou obteñen documentos decisivos, dos que non se puido dispor por forza maior ou por obra da parte a favor da cal se dictou.

2.º Se recae en virtude de documentos que no momento de se dictar ignoraba unha das partes que foran declarados falsos nun proceso penal, ou a falsidade dos cales declarase despois penalmente.

3.º Se recae en virtude de proba testifical ou pericial, e as testemuñas ou os peritos foron condenados por falso testemuño dado nas declaracións que serviron de fundamento á sentenza.

4.º Se se gañou inxustamente en virtude de suborno, violencia ou maquinación fraudulenta.

Artigo 511. Lexitimación activa.

Poderá solicita-la revisión quen fose parte prexudicada pola sentenza firme impugnada.

Artigo 512. Prazo de interposición.

1. En ningún caso poderá solicitarse a revisión despois de transcorridos cinco anos desde a data da publicación da sentenza que se pretende impugnar. Rexeitarase toda solicitude de revisión que se presente pasado este prazo.

2. Dentro do prazo sinalado no punto anterior, poderase solicita-la revisión sempre que non transcorresen tres meses desde o día en que se descubriron os documentos decisivos, o suborno, a violencia ou a fraude, ou en que se recoñeceu ou declarou a falsidade.

Artigo 513. Depósito.

1. Para poder interpo-la demanda de revisión será indispensable que a ela se lle xunte documento xustificativo de se ter depositado no establecemento destinado para o efecto a cantidade de 50.000 pesetas. Esta cantidade será devolta se o tribunal estima a demanda de revisión.

2. A falta ou insuficiencia do depósito mencionado, cando non se emende dentro do prazo que o tribunal sinale mediante providencia, que non será en ningún caso superior a cinco días, determinará que aquel repela de plano a demanda.

Artigo 514. Substanciación.

1. Presentada e admitida a demanda de revisión, o tribunal solicitará que se lle remitan tódalas actuacións do preito a sentenza do cal se impugne, e emprazará a cantos nel litigaron, ou ós seus habentes-*causa*, para que dentro do prazo de vinte días contesten a demanda, sostendo o que conveña ó seu dereito.

2. Contestada a demanda de revisión ou transcorrido o prazo anterior sen telo feito, daráselles ás actuacións a tramitación establecida para os xuízos verbais.

3. En todo caso, o Ministerio Fiscal deberá informar sobre a revisión antes de que se dicte sentenza sobre se procede ou non a estimación da demanda.

4. De se suscitaren cuestións pre-xudiciais penais durante a tramitación da revisión, aplicaranse as normas xerais establecidas no artigo 40 desta lei, sen que opere o prazo absoluto de caducidade a que se refire o número 1 do artigo 512.

Artigo 515. Eventual suspensión da execución.

As demandas de revisión non suspenderán a execución das sentencias firmes que as motiven, agás o disposto no artigo 566 desta lei.

Artigo 516. Decisión.

1. Se o tribunal estima procedente a revisión solicitada, declararáo así, e rescindiré a sentenza impugnada. A continuación mandará expedir certificación da decisión, e devolverá os autos ó tribunal do que procedan para que as partes usen do seu dereito, segundo lles conveña, no xuízo correspondente.

Neste xuízo, deberán tomarse como base e non poderán discutirse as declaracións feitas na sentenza de revisión.

2. Se o tribunal desestima a revisión solicitada, condenarase en custas ó demandante e perderá o depósito que realizase.

3. Contra a sentenza que dicte o tribunal de revisión non se dará ningún recurso.

LIBRO III

Da execución forzosa e das medidas cautelares

TÍTULO I

Dos títulos executivos

CAPÍTULO I

Das sentencias e demais títulos executivos

Artigo 517. *Acción executiva. Títulos executivos.*

1. A acción executiva deberá fundarse nun título que comporte execución.

2. Só comportarán execución os seguintes títulos:

1.º A sentenza de condena firme.

2.º Os laudos ou resolucións arbitrais firmes.

3.º As resolucións xudiciais que aproben ou homologuen transaccións xudiciais e acordos logrados no proceso, acompañadas, se for necesario para constancia do seu contido concreto, dos correspondentes testemuños das actuacións.

4.º As pólizas de contratos públicas, con tal que sexa primeira copia; ou se é segunda que estea dada en virtude de mandamento xudicial e con citación da persoa a quen deba prexudicar, ou do seu causante, ou que se expida coa conformidade de tódalas partes.

5.º As pólizas de contratos mercantís asinadas polas partes e por corredor de comercio colexiado que as interveña, con tal que se xunte certificación na que o devandito corredor acredite a conformidade da póliza cos asentos do seu libro rexistro e a data destes.

6.º Os títulos ó portador ou nominativos, lexitimamente emitidos, que representen obrigas vencidas e os cupóns, tamén vencidos, destes títulos, sempre que os cupóns confronten cos títulos e estes, en todo caso, cos libros talonarios.

A protesta de falsidade do título formulada no acto da confrontación non impedirá, se esta resulta conforme, que se despache a execución, sen prexuízo da posterior oposición á execución que poida formula-lo debedor alegando falsidade no título.

7.º Os certificados non caducados expedidos polas entidades encargadas dos rexistros contables respecto dos valores representados mediante anotacións en conta ós que se refire a Lei do mercado de valores, sempre que se xunte copia da escritura pública de representación dos valores ou, de se-lo caso, da emisión, cando tal escritura sexa necesaria, conforme a lexislación vixente.

Instada e despachada a execución, non caducarán os certificados a que se refire o parágrafo anterior.

8.º O auto que estableza a cantidade máxima que se pode reclamar en concepto de indemnización, dictado en casos de rebeldía do acusado ou de sentenza absoluta ou sobresemento en procesos penais incoados por feitos cubertos polo seguro obrigatorio de responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor.

9.º As demais resolucións xudiciais e documentos que, por disposición desta ou outra lei, comporten execución.

Artigo 518. *Caducidade da acción executiva fundada en sentenza xudicial ou resolución arbitral.*

A acción executiva fundada en sentenza, en resolución xudicial que aprobe unha transacción xudicial ou un acordo alcanzado no proceso ou en resolución arbitral caducará se non se interpón a correspondente demanda executiva dentro dos cinco anos seguintes á firmeza da sentenza ou resolución.

Artigo 519. *Acción executiva de consumidores e usuarios fundada en sentenza de condena sen determinación individual dos beneficiados.*

Cando as sentencias de condena a que se refire a regra primeira do artigo 221 non determinasen os consumidores ou usuarios individuais beneficiados por aquela, o tribunal competente para a execución, por solicitude dun ou varios interesados e con audiencia do condenado, dictará auto en que resolverá se, segundo os datos, características e requisitos establecidos na sentenza, reconece os solicitantes como beneficiarios da condena. Con testemuño deste auto, os suxeitos reconecidos poderán insta-la execución.

Artigo 520. *Acción executiva baseada en títulos non xudiciais nin arbitrais.*

1. Cando se trate dos títulos executivos previstos nos puntos 4.º, 5.º, 6.º e 7.º do número 2 do artigo 517, só poderá despacharse execución por cantidade determinada que exceda de 50.000 pesetas:

1.º En diñeiro efectivo.

2.º En moeda estranxeira convertible, sempre que a obriga de pagamento nela estea autorizada ou resulte permitida legalmente.

3.º En cousa ou especie computable en diñeiro.

2. O límite de cantidade sinalado no punto anterior poderá obterse mediante a adición de varios títulos executivos dos previstos neste punto.

Artigo 521. *Sentencias meramente declarativas e sentencias constitutivas.*

1. Non se despachará execución das sentencias meramente declarativas nin das constitutivas.

2. Mediante a súa certificación e, de se-lo caso, o mandamento xudicial oportuno, as sentencias constitutivas firmes poderán permitir inscricións e modificacións en rexistros públicos, sen necesidade de que se despache execución.

3. Cando unha sentenza constitutiva conteña tamén pronunciamentos de condena, estes executaranse do modo previsto para eles nesta lei.

Artigo 522. *Acatamento e cumprimento das sentencias constitutivas. Solicitude de actuacións xudiciais necesarias.*

1. Tódalas persoas e autoridades, especialmente as encargadas dos rexistros públicos, deben acatar e cumprilo que se dispoña nas sentencias constitutivas e aterse ó estado ou situación xurídicos que xurda delas, agás que existan obstáculos derivados do propio rexistro conforme a súa lexislación específica.

2. Os que foron parte no proceso ou acrediten interese directo e lexitimo poderán pedirlle ó tribunal as actuacións precisas para a eficacia das sentencias constitutivas e para vencer eventuais resistencias ó que dispoñan.

CAPÍTULO II

Dos títulos executivos estranxeiros

Artigo 523. *Forza executiva en España. Lei aplicable ó procedemento.*

1. Para que as sentencias firmes e demais títulos executivos estranxeiros comporten execución en España observárase o disposto nos tratados internacionais e nas

disposicións legais sobre cooperación xurídica internacional.

2. En todo caso, a execución de sentencias e títulos executivos estranxeiros levarase a cabo en España conforme as disposicións desta lei, agás que se dispoña outra cousa nos tratados internacionais vixentes en España.

TÍTULO II

Da execución provisional de resolucións xudiciais

CAPÍTULO I

Da execución provisional: disposicións xerais

Artigo 524. *Execución provisional: demanda e contido.*

1. A execución provisional solicitarase por demanda, segundo o disposto no artigo 549 desta lei.

2. A execución provisional de sentencias de condena, que non sexan firmes, será despachada e levada a cabo, do mesmo modo que a execución ordinaria, polo tribunal competente para a primeira instancia.

3. Na execución provisional das sentencias de condena, as partes disporán dos mesmos dereitos e facultades procesuais que na ordinaria.

4. Mentres non sexan firmes ou, aínda séndoo, non transcorresen os prazos indicados por esta lei para exercita-la acción de rescisión da sentenza dictada en rebeldía, só procederá a anotación preventiva das sentencias que dispoñan ou permitan a inscrición ou a cancelación de asentos en rexistros públicos.

5. A execución provisional das sentencias nas que se tutelén dereitos fundamentais terán carácter preferente.

Artigo 525. *Sentencias non provisionalmente executables.*

1. Non serán en ningún caso susceptibles de execución provisional:

1.^a As sentencias dictadas nos procesos sobre paternidade, maternidade, filiación, nulidade de matrimonio, separación e divorcio, capacidade e estado civil e dereitos honoríficos, agás os pronunciamentos que regulen as obrigas e relacións patrimoniais relacionadas co que sexa obxecto principal do proceso.

2.^a As sentencias que condenen a emitir unha declaración de vontade.

3.^a As sentencias que declaren a nulidade ou caducidade de títulos de propiedade industrial.

2. Tampouco procederá a execución provisional das sentencias estranxeiras non firmes, agás que expresamente se dispoña o contrario nos tratados internacionais vixentes en España.

CAPÍTULO II

Da execución provisional de sentencias de condena dictadas en primeira instancia

SECCIÓN 1.^a DA EXECUCIÓN PROVISIONAL E DA OPOSICIÓN A ELA

Artigo 526. *Execución provisional das sentencias de condena en primeira instancia. Lexitimación.*

Agás nos casos a que se refire o artigo anterior, quen obtivese un pronunciamento ó seu favor en sentenza de condena dictada en primeira instancia poderá, sen prestación simultánea de caución, pedir e obter a súa execución provisional conforme o previsto nos artigos seguintes.

Artigo 527. *Solicitud de execución provisional, despacho desta e recursos.*

1. A execución provisional poderá pedirse en calquera momento desde a notificación da providencia en que se teña por preparado o recurso de apelación ou, de se-lo caso, desde o traslado á parte apelante do escrito do apelado polo que se adhire ó recurso, e sempre antes de que recaese sentenza neste.

2. Cando se solicite a execución provisional despois de se ter remitido os autos ó tribunal competente para resolve-la apelación, o solicitante deberá obter previamente deste testemuño do que sexa necesario para a execución e xuntar este testemuño á solicitude.

Se a execución provisional se solicitou antes da remisión dos autos a que se refire o parágrafo anterior, o mesmo tribunal de primeira instancia expedirá o testemuño antes de face-la remisión.

3. Solicitada a execución provisional, o tribunal despacharaa agás que se trate de sentenza comprendida no artigo 525 ou que non conteña pronunciamento de condena en favor do solicitante.

4. Contra o auto que denegue a execución provisional darase recurso de apelación, que se tramitará e resolverá con carácter preferente. Contra o auto que despache a execución provisional non se dará ningún recurso, sen prexuízo da oposición que poida formula-lo executado conforme o disposto no artigo seguinte.

Artigo 528. *Oposición á execución provisional e a actuacións executivas concretas.*

1. O executado só poderá oporse á execución provisional unha vez que esta fose despachada.

2. A oposición á execución provisional unicamente poderá fundarse nas seguintes causas:

1.^a En todo caso, terse despachado a execución provisional con infracción do artigo anterior.

2.^a Se a sentenza é de condena que non sexa en diñeiro, resulta imposible ou de extrema dificultade, atendida a natureza das actuacións executivas, restaura-la situación anterior á execución provisional ou compensar economicamente ó executado mediante o resarcimento dos danos e perdas que se lle causasen, se aquela sentenza foi revogada.

3. Se a sentenza é de condena en diñeiro, o executado non poderá oporse á execución provisional, senón unicamente a actuacións executivas concretas do procedemento de constrinximento, cando entenda que estas actuacións causarán unha situación absolutamente imposible de restaurar ou de compensar economicamente mediante o resarcimento de danos e perdas.

Ó formular esta oposición a medidas executivas concretas, o executado deberá indicar outras medidas ou actuacións executivas que sexan posibles e non provoquen situacións similares ás que causaría, ó seu xuízo, a actuación ou medida á que se opón, así como ofrecer caución suficiente para responder da demora na execución, de as medidas alternativas non seren aceptadas polo tribunal e o pronunciamento de condena en diñeiro resultar posteriormente confirmado.

Se o executado non indica medidas alternativas nin ofrece prestar caución suficiente, non procederá en ningún caso a oposición á execución e así se disporá de inmediato, sen ningún recurso.

Artigo 529. *Substanciación da oposición á execución provisional ou a actuacións executivas concretas.*

1. O escrito de oposición á execución provisional deberá presentarse ó tribunal da execución dentro dos

cinco días seguintes ó da notificación da resolución que acorde o despacho de execución ou as actuacións concretas a que se opoña.

2. Do escrito de oposición á execución e dos documentos que se xunten daráselle traslado ó executante e ós que estean comparecidos na execución provisional, para que manifesten e acrediten, no prazo de cinco días, o que consideren conveniente.

3. Se se tratar de execución provisional de sentenza de condena que non sexa en diñeiro e alegarse a causa segunda do número 2 do artigo 528, de oposición á execución provisional, o que a solicite, ademais de impugnar canto se alegase de contrario, poderá ofrecer caución suficiente para garantir que, en caso de revogarse a sentenza, se restaurará a situación anterior ou, de ser isto imposible, se resarcirán os danos e perdas causados.

A caución poderá constituírse en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, de se-lo caso, da cantidade de que se trate.

Artigo 530. *Decisión sobre a oposición á execución provisional e a medidas executivas concretas. Imposibilidade de recurso.*

1. Cando se estime a oposición fundada na causa primeira do número 2 do artigo 528, a oposición á execución provisional resolverase mediante auto no que se declarará que non procede que prosiga esta execución provisional, alzándose os embargos e trabas e as medidas de garantía que se puidesen ter adoptado.

2. Se a oposición se formulou en caso de execución provisional de condena que non sexa en diñeiro, cando o tribunal estime que, de revogarse posteriormente a condena, sería imposible ou extremadamente difícil restaura-la situación anterior á execución provisional ou garanti-lo resarcimento mediante a caución que o solicitante se mostre disposto a prestar, dictará auto deixando en suspenso a execución, pero subsistirán os embargos e as medidas de garantía adoptadas e adoptaranse as que procedan, de conformidade co disposto no artigo 700.

3. Cando, sendo en diñeiro a condena, a oposición se formule respecto de actividades executivas concretas, estimárase esta oposición se o tribunal considera posibles e de eficacia similar as actuacións ou medidas alternativas indicadas polo provisionalmente executado ou se, tendo este ofrecido caución que se crea suficiente para responder da demora na execución, o tribunal aprecia que concorre no caso unha absoluta imposibilidade de restaura-la situación anterior á execución ou de compensar economicamente ó executado provisionalmente mediante ulterior resarcimento de danos e perdas, en caso de ser revogada a condena.

A estimación desta oposición unicamente determinará que se denegue a realización da concreta actividade executiva obxecto daquela, proseguindo o procedemento de constrinximento segundo o previsto nesta lei.

4. Contra o auto que decida sobre a oposición á execución provisional ou a medidas executivas concretas non caberá ningún recurso.

Artigo 531. *Suspensión da execución provisional en caso de condenas en diñeiro.*

Suspenderase a execución provisional de pronunciamentos de condena ó pagamento de cantidades de diñeiro líquidas cando o executado poña á disposición do xulgado, para a súa entrega ó executante, sen prexuízo

do disposto na sección seguinte, a cantidade á que foi condenado, mailos xuros correspondentes e as custas que se producisen ata ese momento. Liquidados aqueles e taxadas estas, decidírase sobre a continuación ou o arquivo da execución.

SECCIÓN 2.^a DA REVOCACIÓN OU CONFIRMACIÓN DA SENTENCIA PROVISIONALMENTE EXECUTADA

Artigo 532. *Confirmación da resolución provisionalmente executada.*

De se dictar sentenza que confirme os pronunciamentos provisionalmente executados, a execución continuará se aínda non rematou, agás desistencia expresa do executante.

Se a sentenza confirmatoria non é susceptible de recurso ou non interpón este, a execución, agás desistencia, seguirá adiante como definitiva.

Artigo 533. *Revogación de condenas ó pagamento de cantidade de diñeiro.*

1. Se o pronunciamento provisionalmente executado é de condena ó pagamento de diñeiro e se revoga totalmente, sobreeserá a execución provisional e o executante deberá devolver-la cantidade que, de se-lo caso, percíbise, reintegrarlle ó executado as custas da execución provisional que este pagase e resarcilo dos danos e perdas que esta execución lle ocasionase.

2. Se a revogación da sentenza é parcial, só se devolverá a diferenza entre a cantidade percibida polo executante e a que resulte da confirmación parcial, co incremento que resulte de aplicarlle a esta diferenza, anualmente, desde o momento da percepción, o tipo do xuro legal do diñeiro.

3. Se a sentenza revogatoria non é firme, a percepción das cantidades e incrementos previstos nos puntos anteriores deste artigo poderá pretendese por vía de constrinximento ante o tribunal que substanciase a execución provisional. A liquidación dos danos e perdas farase segundo o disposto nos artigos 712 e seguintes desta lei.

O obrigado a devolver, reintegrar e indemnizar poderá oporse a actuacións concretas de constrinximento, nos termos do número 3 do artigo 528.

Artigo 534. *Revogación en casos de condenas que non sexan en diñeiro.*

1. Se a resolución provisionalmente executada que se revogase condena á entrega dun ben determinado, restituiráselle este ó executado, no concepto en que o tivese, mailas rendas, froitos ou produtos, ou o valor pecuniario da utilización do ben.

De ser imposible a restitución, de feito ou de dereito, o executado poderá pedir ser indemnizado polos danos e perdas, que se liquidarán polo procedemento establecido nos artigos 712 e seguintes.

2. Se se revoga unha resolución que conteña condena a facer e este foi realizado, poderase pedir que se desfaga o feito e que se indemnizen os danos e perdas causados.

3. Para a restitución da cousa, a destrución do mal feito ou a exacción de danos e perdas, previstas nos puntos anteriores, procederá, en caso de que a sentenza revogatoria non sexa firme, a vía de execución ante o tribunal competente para a provisional.

4. Nos casos previstos nos puntos anteriores, o obrigado a restituír, desfacer ou indemnizar poderá oporse, dentro da vía de execución, de acordo co previsto no artigo 528 desta lei.

CAPÍTULO III

Da execución provisional de sentencias de condena dictadas en segunda instancia**Artigo 535. Execución provisional de sentencias dictadas en segunda instancia.**

1. A execución provisional de sentencias dictadas en segunda instancia, que non sexan firmes, así como a oposición a esta execución, rexeranse polo disposto no capítulo anterior desta lei.

2. Nos casos a que se refire o número anterior, a execución provisional poderá solicitarse en calquera momento desde a notificación da resolución que teña por preparado o recurso extraordinario por infracción procesal ou o recurso de casación e sempre antes de que recaese sentenza nestes recursos.

A solicitude presentarse ante o tribunal que coñeceu do proceso en primeira instancia, xunto coa certificación da sentenza da que se pretenda a execución provisional, así como testemuño de cantos particulares se estimen necesarios, certificación e testemuño que deberán obterse do tribunal que dictou a sentenza de apelación ou, de se-lo caso, do órgano competente para coñecer do recurso que se interpuxese contra esta.

3. A oposición á execución provisional e a medidas executivas concretas, en segunda instancia, rexeranse polo disposto nos artigos 528 a 531 desta lei.

Artigo 536. Confirmación en segunda instancia da resolución executada provisionalmente.

De se confirmar en tódolos seus pronunciamentos a sentenza de segunda instancia provisionalmente executada, aplicarase o disposto no parágrafo segundo do artigo 532.

Artigo 537. Revogación da resolución executada provisionalmente en segunda instancia.

Cando se revogue a sentenza dictada en segunda instancia e provisionalmente executada, serán de aplicación os artigos 533 e 534.

TÍTULO III

Da execución: disposicións xerais

CAPÍTULO I

Das partes da execución**Artigo 538. Partes e suxeitos da execución forzosa.**

1. Son parte no proceso de execución a persoa ou persoas que piden e obteñen o despacho da execución e a persoa ou persoas fronte ás que esta se despacha.

2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 540 a 544, por instancia de quen apareza como acredor no título executivo, só poderá despacharse execución fronte ós seguintes suxeitos:

1.º Quen apareza como debedor no mesmo título.

2.º Quen, sen figurar como debedor no título executivo, responda persoalmente da débeda por disposición legal ou en virtude de afianzamento acreditado mediante documento público.

3.º Quen, sen figurar como debedor no título executivo, resulte ser propietario dos bens especialmente afectos ó pagamento da débeda en virtude da cal se procede, sempre que tal afección derive da lei ou se

acredite mediante documento que faga fe. A execución concretarase, respecto destas persoas, ós bens especialmente afectos.

3. Tamén poderán utiliza-los medios de defensa que a lei lle concede ó executado aquelas persoas fronte ás que non se despachase a execución, pero ós bens das cales o tribunal dispuxera que esta se estenda por entender que, malia de non pertenceren estes bens ó executado, están afectos ó cumprimento da obriga pola que se proceda.

4. Se o executante induce o tribunal a estende-la execución fronte a persoas ou bens que o título ou a lei non autorizan, será responsable dos danos e perdas.

Artigo 539. Representación e defensa. Custas e gastos da execución.

1. O executante e o executado deberán estar dirixidos por letrado e representados por procurador, agás que se trate da execución de resolucións dictadas en procesos en que non sexa preceptiva a intervención destes profesionais.

Para a execución derivada de procesos monitorios en que non houbese oposición, requirirase a intervención de avogado e procurador sempre que a cantidade pola que se despache execución sexa superior a 150.000 pesetas.

2. Nas actuacións do proceso de execución para as que esta lei prevexa expresamente pronunciamento sobre custas, as partes deberán satisfacer os gastos e custas que lles correspondan conforme o previsto no artigo 241 desta lei, sen prexuízo dos reembolsos que procedan trala decisión do tribunal sobre as custas.

As custas do proceso de execución non comprendidas no parágrafo anterior serán a cargo do executado sen necesidade de imposición expresa, pero, ata a súa liquidación, o executante deberá satisfacer os gastos e custas que se vaian producindo, agás os que correspondan a actuacións que se realicen por instancia do executado ou doutros suxeitos, que deberán ser pagados por quen solicitase a actuación de que se trate.

Artigo 540. Executante e executado en casos de sucesión.

1. A execución poderá despacharse a favor de quen acredite ser sucesor do que figure como executante no título executivo e fronte ó que se acredite que é o sucesor de quen nese título apareza como executado.

2. Para acredita-la sucesión, para os efectos do número anterior, deberán presentarse ó tribunal os documentos, que fagan fe, en que aquela conste. Se o tribunal os considera suficientes para tales efectos, procederá, sen máis trámites, a despacha-la execución a favor ou fronte a quen resulte ser sucesor en razón dos documentos presentados.

3. Se a sucesión non consta en documentos que fagan fe ou o tribunal non os considera suficientes, da petición que deduza o executante daráselle traslado a quen conste como executado no título e a quen se pretenda que é o seu sucesor e, oídos todos eles en comparecencia, o tribunal decidirá o que proceda sobre a sucesión para os únicos efectos do despacho da execución.

Artigo 541. Execución en bens gananciais.

1. Non se despachará execución fronte á comunidade de gananciais.

2. Cando a execución se siga por mor de débedas contraídas por un dos cónxuxes, pero das que deba responder a sociedade de gananciais, a demanda executiva

poderá dirixirse unicamente contra o cónxuxe debedor, pero o embargo de bens gananciais deberá notificárselle ó outro cónxuxe, dándolle traslado da demanda executiva e do auto que despache execución co fin de que, dentro do prazo ordinario, poida oporse á execución. A oposición á execución poderá fundarse nas mesmas causas que correspondan ó executado e, ademais, en que os bens gananciais non deben responder da débeda pola que se despachase a execución. Cando a oposición se funde nesta última causa, corresponderalle ó acredor proba-la responsabilidade dos bens gananciais. De non se acreditar esta responsabilidade, o cónxuxe do executado poderá pedi-la disolución da sociedade conxugal conforme o disposto no punto seguinte.

3. Se a execución se segue por mor de débedas propias dun dos cónxuxes e se persegue bens comúns por falta ou por insuficiencia dos privativos, o embargo daqueles deberá notificárselle ó cónxuxe non debedor. En tal caso, se este opta por pedi-la disolución da sociedade conxugal, o tribunal, oídos os cónxuxes, resolverá o procedente sobre división do patrimonio e, de se-lo caso, acordará que se leve a cabo de acordo co disposto nesta lei, suspendéndose entre tanto a execución no relativo ós bens comúns.

4. Nos casos previstos nos puntos anteriores, o cónxuxe ó que se lle notificase o embargo poderá interpo-los recursos e usar dos medios de impugnación de que dispón o executado para a defensa dos intereses da comunidade de gananciais.

Artigo 542. *Execución fronte ó debedor solidario.*

1. As sentencias, laudos e outros títulos executivos xudiciais obtidos só fronte a un ou varios debedores solidarios non servirán de título executivo fronte ós debedores solidarios que non fosen parte no proceso.

2. De os títulos executivos seren extraxudiciais, só poderá despacharse execución fronte ó debedor solidario que figure neles ou noutro documento que acredite a solidariedade da débeda e comporte execución conforme o disposto na lei.

3. Cando no título executivo aparezan varios debedores solidarios, poderá pedirse que se despache execución, polo importe total da débeda, mailos xuros e custas, fronte a un ou algúns deses debedores ou fronte a todos eles.

Artigo 543. *Asociacións ou entidades temporais.*

1. Cando no título executivo aparezan como debedores unións ou agrupacións de diferentes empresas ou entidades, só poderá despacharse execución directamente fronte ós seus socios, membros ou integrantes se, por acordo destes ou por disposición legal, responden solidariamente dos actos da unión ou agrupación.

2. Se a lei expresamente establece o carácter subsidiario da responsabilidade dos membros ou integrantes das unións ou agrupacións a que se refire o punto anterior, para o despacho da execución fronte a aqueles será preciso acreditar a insolvencia destas.

Artigo 544. *Entidades sen personalidade xurídica.*

En caso de títulos executivos fronte a entidades sen personalidade xurídica que actúen no tráfico como suxeitos diferenciados, poderá despacharse execución fronte ós socios, membros ou xestores que actuasen no tráfico xurídico en nome da entidade, sempre que se acredite cumpridamente, a xuízo do tribunal, a condición de socio, membro ou xestor e a actuación ante terceiros en nome da entidade.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás comunidades de propietarios de inmobles en réxime de propiedade horizontal.

CAPÍTULO II

Do tribunal competente

Artigo 545. *Tribunal competente. Forma das resolucións na execución forzosa.*

1. Será competente para a execución de resolucións xudiciais e de transaccións e acordos xudicialmente homologados ou aprobados o tribunal que coñeceu do asunto en primeira instancia ou o que homologou ou aprobou a transacción ou acordo.

2. Cando o título sexa un laudo arbitral, será competente para a súa execución o xulgado de primeira instancia do lugar en que se dictase.

3. Para a execución fundada en títulos distintos dos expresados nos puntos anteriores, será competente o xulgado de primeira instancia do lugar que corresponda de acordo co disposto nos artigos 50 e 51 desta lei. A execución poderá instarse tamén, a elección do executante, ante o xulgado de primeira instancia do lugar de cumprimento da obriga, segundo o título, ou ante o de calquera lugar en que se encontren bens do executado que poidan ser embargados, sen que sexan aplicables, en ningún caso, as regras sobre submisión expresa ou tácita contidas na sección 2.^a do capítulo II do título II do libro I.

De haber varios executados, será competente o tribunal que, de acordo co parágrafo anterior, o sexa respecto de calquera executado, á elección do executante.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a execución recaia só sobre bens especialmente hipotecados ou peñorados, a competencia determinarase de acordo co disposto no artigo 684 desta lei.

4. Nos procesos de execución adoptarán a forma de auto as resolucións do tribunal que acorden o despacho da execución, provisional ou definitiva, que ordenen o embargo ou o seu alzamento, que decidan sobre a oposición á execución, sobre a suspensión, o sobreseimento ou o proseguimento desta, sobre as tercerías, e aqueloutras que se sinalen nesta lei.

O tribunal decidirá por medio de providencia nos supostos en que así expresamente se sinala, e nos demais casos, as resolucións que procedan serán dictadas polo secretario xudicial a través de dilixencias de ordenación.

Artigo 546. *Exame de oficio da competencia territorial.*

1. Antes de despachar execución, o tribunal examinará de oficio a súa competencia territorial e se, conforme ó título executivo e demais documentos que se xunten á demanda, enténdese que non é territorialmente competente, dictará auto absténdose de despachar execución e indicándolle ó demandante o tribunal ante o que ten que presenta-la demanda. Contra esta resolución poderase recorrer conforme o disposto no número 2 do artigo 552.

2. Unha vez despachada execución o tribunal non poderá, de oficio, revisar-la súa competencia territorial.

Artigo 547. *Declinatoria na execución forzosa.*

O executado poderá impugna-la competencia do tribunal propondo declinatoria dentro dos cinco días seguintes a aquel en que reciba a primeira notificación do proceso de execución.

A declinatoria substanciarase e decidirse conforme o previsto no artigo 65 desta lei.

CAPÍTULO III

Do despacho da execución

Artigo 548. *Prazo de espera da execución de resolucións xudiciais e arbitrais.*

O tribunal non despachará execución de resolucións xudiciais ou arbitrais ou de convenios aprobados xudicialmente dentro dos vinte días posteriores a aquel en que a resolución de condena ou de aprobación do convenio lle sexa notificada ó executado.

Artigo 549. *Demanda executiva. Contido.*

1. Só se despachará execución a petición de parte, en forma de demanda, na que se expresarán:

1.º O título en que se funda o executante.

2.º A tutela executiva que se pretende, en relación co título executivo que se aduce, precisando, de se-lo caso, a cantidade que se reclame conforme o disposto no artigo 575 desta lei.

3.º Os bens do executado susceptibles de embargo dos que teña coñecemento e, de se-lo caso, se os considera suficientes para o fin da execución.

4.º De se-lo caso, as medidas de localización e investigación que solicite ó abeiro do artigo 590 desta lei.

5.º A persoa ou persoas, con expresión das súas circunstancias identificativas, fronte ás que se pretenda o despacho da execución, por apareceren no título como debedores ou por estaren suxeitos á execución segundo o disposto nos artigos 538 a 544 desta lei.

2. Cando o título executivo sexa unha sentenza ou resolución dictada polo tribunal competente para coñecer da execución, a demanda executiva poderá limitarse á solicitude de que se despache a execución, identificando a sentenza ou resolución da que se pretenda a execución.

Artigo 550. *Documentos que deben acompañar a demanda executiva.*

1. Á demanda executiva xuntaráselle:

1.º O título executivo, agás que a execución se funde en sentenza, acordo ou transacción que conste nos autos.

2.º O poder outorgado a procurador, sempre que a representación non se confira «apud acta» ou non conste nas actuacións, cando se pida a execución de sentencias, transaccións ou acordos aprobados xudicialmente.

3.º Os documentos que acrediten os prezos ou cotizacións aplicados para o cómputo en diñeiro de débedas que non sexan en diñeiro, cando non se trate de datos oficiais ou de público coñecemento.

4.º Os demais documentos que a lei esixa para o despacho da execución.

2. Tamén se lle poderán xuntar á demanda executiva cantos documentos considere o executante útiles ou convenientes para o mellor desenvolvemento da execución e conteñan datos de interese para despachala.

Artigo 551. *Despacho da execución. Imposibilidade de recurso.*

1. Presentada a demanda executiva, o tribunal despachará en todo caso a execución sempre que concorran os presupostos e requisitos procesuais, o título executivo non padeza de ningunha irregularidade formal e os actos

de execución que se solicitan sexan conformes coa natureza e contido do título.

2. A execución despacharase mediante auto, que non será susceptible de ningún recurso, sen prexuízo da oposición que, de acordo con esta lei, poida formulara executado.

Artigo 552. *Denegación do despacho da execución. Recursos.*

1. Se o tribunal entende que non concorren os presupostos e requisitos legalmente esixidos para o despacho da execución, dictará auto denegando o despacho da execución.

2. Contra o auto que denegue o despacho da execución poderase apelar directamente, substanciándose a apelación só co acredor. Tamén poderá o acredor, á súa elección, intentar recurso de reposición previo ó de apelación.

3. Unha vez firme o auto que denegue o despacho da execución, o acredor só poderá facer vale-los seus dereitos no proceso ordinario correspondente, se non obsta a este a cousa xulgada da sentenza ou resolución firme en que se fundase a demanda de execución.

Artigo 553. *Auto polo que se despacha execución. Contido e notificación.*

1. O auto en que se despache execución deberá conte-los seguintes extremos:

1.º A determinación da persoa ou persoas fronte ás que se despacha execución; se se despacha en forma solidaria ou mancomunada e calquera outra precisión que, respecto das partes ou do contido da execución, resulte procedente realizar.

2.º De se-lo caso, a cantidade pola que se despacha execución.

3.º As medidas de localización e pescuda dos bens do executado que procedan, conforme o previsto nos artigos 589 e 590 desta lei.

4.º As actuacións xudiciais executivas que proceda acordar, desde ese momento, incluído, se for posible, o embargo de bens concretos.

5.º O contido do requirimento de pagamento que se lle deba facer ó debedor, nos casos en que a lei estableza este requirimento.

2. O auto que despache execución, con copia da demanda executiva, seralle notificado ó executado, sen citación nin emprazamento, para que en calquera momento poida comparecer na execución, entendéndose con el, en tal caso, as posteriores actuacións.

Artigo 554. *Medidas inmediatas tralo auto de despacho da execución.*

1. Nos casos en que non se estableza requirimento de pagamento, as medidas a que se refire o número 3.º do punto 1 do artigo anterior levaranse a efecto de inmediato, sen oír previamente ó executado nin esperar á notificación do auto de despacho da execución.

2. Aínda que deba efectuarse requirimento de pagamento, procederase tamén na forma prevista no punto anterior cando así o solicitase o executante, xustificando, a xuízo do tribunal, que calquera demora na localización e investigación de bens podería frustra-la boa fin da execución.

Artigo 555. *Acumulación de execucións.*

1. Por instancia de calquera das partes, acordarase a acumulación dos procesos de execución pendentes

entre o mesmo acreedor executante e o mesmo debedor executado.

2. Os procesos de execución que se sigan fronte ó mesmo executado poderán acumularse, por instancia de calquera dos executantes, se o tribunal que coñeza do proceso máis antigo o considera máis conveniente para a satisfacción de tódolos acredores executantes.

3. A petición de acumulación substanciarase na forma previda nos artigos 74 e seguintes.

4. Cando a execución se dirixa exclusivamente sobre bens especialmente hipotecados, só poderá acordarse a acumulación a outros procesos de execución cando estes últimos se sigan para facer efectiva outras garantías hipotecarias sobre os mesmos bens.

CAPÍTULO IV

Da oposición á execución e da impugnación de actos de execución contrarios á lei ou ó título executivo

Artigo 556. *Oposición á execución de resolucións xudiciais ou arbitrais e de transaccións e acordos aprobados xudicialmente.*

1. Se o título executivo é unha sentenza ou unha resolución xudicial ou arbitral de condena ou que aprobe transacción ou acordo logrados no proceso, o executado, dentro dos dez días seguintes á notificación do auto en que se despache execución, poderá oporse a ela por escrito alegando o pagamento ou cumprimento do ordenado na sentenza, que deberá xustificar documentalmente.

Tamén se poderá opo-la caducidade da acción executiva e os pactos e transaccións que se conviñesen para evita-la execución, sempre que estes pactos e transaccións consten en documento público.

2. A oposición que se formule nos casos do punto anterior non suspenderá o curso da execución.

3. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, cando a execución se despachase en virtude do auto a que se refire o punto 8.º do número 2 do artigo 517, a oposición do executado suspenderá a execución e poderá fundarse en calquera das causas previstas no artigo seguinte e nas que se expresan a seguir:

1.^a Culpa exclusiva da vítima.

2.^a Forza maior estraña á condución ou ó funcionamento do vehículo.

3.^a Concorrenza de culpas.

Artigo 557. *Oposición á execución fundada en títulos non xudiciais nin arbitrais.*

1. Cando se despache execución polos títulos previstos nos números 4.º, 5.º, 6.º e 7.º, así como por outros documentos con forza executiva a que se refire o punto 9.º do número 2 do artigo 517, o executado só poderá oporse a ela, no tempo e na forma prevista no artigo anterior, se se funda nalgunha das causas seguintes:

1.^a Pagamento, que poida acreditar documentalmente.

2.^a Compensación de crédito líquido que resulte de documento que teña forza executiva.

3.^a Pluspetición ou exceso na computación a metálico das débedas en especie.

4.^a Prescrición e caducidade.

5.^a Quitación, espera ou pacto ou promesa de non pedir, que conste documentalmente.

6.^a Transacción, sempre que conste en documento público.

2. Se se formula a oposición prevista no punto anterior, suspenderase o curso da execución.

Artigo 558. *Oposición por pluspetición. Especialidades.*

1. A oposición fundada exclusivamente en pluspetición ou exceso non suspenderá o curso da execución, a non ser que o executado poña á disposición do tribunal, para a súa inmediata entrega ó executante, a cantidade que considere debida. Fóra deste caso, a execución continuará o seu curso, pero o produto da venda de bens embargados, no que exceda da cantidade recoñecida como debida polo executado, non se lle entregará ó executante mentres a oposición non sexa resolta.

2. Nos casos a que se refiren os artigos 572 e 574, sobre saldos de contas e xuros variables, poderá o tribunal, por solicitude do executado, designar mediante providencia perito que emita dictame sobre o importe da débeda. En tal caso, daráselles traslado do dictame a ámbalas partes e a vista non se celebrará ata pasados dez días contados desde o seguinte a este traslado.

Artigo 559. *Substanciación e resolución da oposición por defectos procesuais.*

1. O executado poderá tamén oporse á execución alegando os defectos seguintes:

1.º Carece-lo executado do carácter ou representación con que é demandado.

2.º Falta de capacidade ou de representación do executante ou non acredita-lo carácter ou representación con que demanda.

3.º Nulidade radical do despacho da execución por non conte-la sentenza ou o laudo arbitral pronunciamientos de condena, non cumpri-lo documento presentado os requisitos legais esixidos para comportar execución, ou por infracción, ó despacharse execución, do disposto no artigo 520 desta lei.

2. Cando a oposición do executado se funda, exclusivamente ou xunto con outros motivos ou causas, en defectos procesuais, o executante poderá formular alegacións sobre estes, no prazo de cinco días. Se o tribunal entende que o defecto é emendable, concederalle mediante providencia ó executante un prazo de dez días para emendalo.

Cando o defecto ou falta non sexa emendable ou non se emende dentro deste prazo, dictarase auto deixando sen efecto a execución despachada, con imposición das custas ó executante. Se o tribunal non aprecia a existencia dos defectos procesuais a que se limite a oposición, dictará auto desestimándoa e mandando segui-la execución adiante, e imporalle ó executado as custas da oposición.

Artigo 560. *Substanciación da oposición por motivos de fondo.*

Cando se resolverse sobre a oposición á execución por motivos procesuais ou estes non se alegasen, o executante poderá impugna-la oposición baseada en motivos de fondo no prazo de cinco días, contados desde que se lle notifique a resolución sobre aqueles motivos ou desde o traslado do escrito de oposición.

As partes, nos seus respectivos escritos de oposición e de impugnación desta, poderán solicita-la celebración de vista, que o tribunal acordará mediante providencia se a controversia sobre a oposición non puidese resolverse cos documentos achegados, sinalando día para a súa celebración dentro dos dez seguintes á conclusión do trámite de impugnación.

Se non se solicita a vista ou se o tribunal non considera procedente a súa celebración, resolverase sen máis trámites a oposición conforme o disposto no artigo seguinte.

Cando se acorde a celebración de vista, se non comparece a ela o executado o tribunal terao por desistido da oposición e adoptará as resolucións previstas no número 1 do artigo 442. Se non comparece o executante, o tribunal resolverá sen oílo sobre a oposición á execución. Comparecendo ámbalas partes, desenvolverase a vista de acordo co previsto para o xuízo verbal, dictándose a seguir a resolución que proceda conforme o disposto no artigo seguinte.

Artigo 561. *Auto resolutorio da oposición por motivos de fondo.*

1. Oídas as partes sobre a oposición á execución non fundada en defectos procesuais e, de se-lo caso, celebrada a vista, o tribunal adoptará, mediante auto, para os únicos efectos da execución, algunha das seguintes resolucións:

1.^a Declarar procedente que a execución siga adiante pola cantidade que se despachase, cando a oposición se desestime totalmente. En caso de que a oposición se fundase en pluspetición e esta se desestime parcialmente, a execución declararase procedente só pola cantidade que corresponda.

O auto que desestime totalmente a oposición condenará nas custas desta ó executado, conforme o disposto nos artigos 394 para a condena en custas en primeira instancia.

2.^a Declarar que non procede a execución, cando se estime algún dos motivos de oposición enumerados nos artigos 556 e 557 ou se considerase enteiramente fundada a pluspetición que se admitise conforme o artigo 558.

2. Se se estima a oposición á execución, deixarase esta sen efecto e mandarase alza-los embargos e as medidas de garantía da afección que se adoptasen, reintegrándose ó executado á situación anterior ó despacho da execución, conforme o disposto nos artigos 533 e 534. Tamén se condenará o executante a paga-las custas da oposición.

3. Contra o auto que resolva a oposición poderá interporse recurso de apelación, que non suspenderá o curso da execución se a resolución contra a que se recorre é desestimatoria da oposición.

Cando a resolución contra a que se recorre sexa estimatoria da oposición o executante poderá solicitar que se manteñan os embargos e medidas de garantía adoptadas e que se adopten as que procedan de conformidade co disposto no artigo 697 desta lei, e o tribunal así o acordará, mediante providencia, sempre que o executante preste caución suficiente, que se fixará na propia resolución, para asegura-la indemnización que poida corresponder ó executado en caso de que a estimación da oposición sexa confirmada.

Artigo 562. *Impugnación de infraccións legais no curso da execución.*

1. Con independencia da oposición á execución polo executado segundo o disposto nos artigos anteriores, tódalas persoas a que se refire o artigo 538 poderán denuncia-la infracción de normas que regulen os actos concretos do proceso de execución:

1.º Por medio do recurso de reposición establecido nesta lei se a infracción constase ou se cometese en resolución do tribunal da execución.

2.º Por medio do recurso de apelación nos casos en que expresamente se prevexa nesta lei.

3.º Mediante escrito dirixido ó xulgado se non existe resolución expresa fronte á que recorrer. No escrito

expresarse con claridade a resolución ou actuación que se pretende para remedia-la infracción alegada.

2. Se se alega que a infracción entraña nulidade de actuacións ou o tribunal o estima así, observarase o disposto nos artigos 225 e seguintes.

Artigo 563. *Actos de execución contradictorios co título executivo xudicial.*

1. Cando, téndose despachado execución en virtude de sentencias ou resolucións xudiciais, o tribunal competente para a execución provexa en contradicción co título executivo, a parte prexudicada poderá interpor recurso de reposición e, se se desestimase, de apelación.

2. Nos casos do punto anterior, a parte que recorra poderá pedi-la suspensión da concreta actividade executiva impugnada, que se concederá se presta caución suficiente para responder dos danos que o atraso lle poida causar á outra parte.

Poderá constituírse a caución en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

Artigo 564. *Defensa xurídica do executado fundada en feitos e actos non comprendidos nas causas de oposición á execución.*

Se, despois de precluídas as posibilidades de alegación en xuízo ou con posterioridade á produción dun título executivo extraxudicial, se producen feitos ou actos, distintos dos admitidos por esta lei como causas de oposición á execución, pero xuridicamente relevantes respecto dos dereitos da parte executante fronte ó executado ou dos deberes do executado para co executante, a eficacia xurídica daqueles feitos ou actos poderá facerse valer no proceso que corresponda.

CAPÍTULO V

Da suspensión e termo da execución

Artigo 565. *Alcance e norma xeral sobre suspensión da execución.*

1. Só se suspenderá a execución nos casos en que a lei o ordene de modo expreso, ou así o acorden tódalas partes comparecidas na execución.

2. Decretada a suspensión, poderán, non obstante, adoptarse ou manterse medidas de garantía dos embargos acordados e practicaranse, en todo caso, os que xa fosen acordados.

Artigo 566. *Suspensión, sobresemento e proseguimento da execución en casos de rescisión e de revisión de sentenza firme.*

1. Se, despachada execución, se interpón e admite demanda de revisión ou de rescisión de sentenza firme dictada en rebeldía, o tribunal competente para a execución poderá ordenar, por instancia de parte, e se as circunstancias do caso o aconsellan, que se suspendan as actuacións de execución da sentenza. Para acorda-la suspensión o tribunal deberalle esixir ó que a pida caución polo valor do litigado e os danos e perdas que puidesen irrogarse pola inexecución da sentenza. Antes de decidir sobre a suspensión da execución da sentenza obxecto de revisión, o tribunal oír á o parecer do Ministerio Fiscal.

A caución a que se refire o parágrafo anterior poderá outorgarse en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

2. Alzarase a suspensión da execución e ordenarase que continúe cando lle conste ó tribunal da execución a desestimación da revisión ou da demanda de rescisión de sentenza dictada en rebeldía.

3. Sobreserase a execución cando se estime a revisión ou cando, despois de rescindida a sentenza dictada en rebeldía, se dicte sentenza absolutoria do demandado.

4. Cando, rescindida a sentenza dictada en rebeldía, se dicte sentenza co mesmo contido que a rescindida ou que, aínda sendo de distinto contido, teña pronunciamentos de condena, procederase á súa execución, considerándose válidos e eficaces os actos de execución anteriores no que fosen conducentes para logra-la efectividade dos pronunciamentos desta sentenza.

Artigo 567. *Interposición de recursos ordinarios e suspensión.*

A interposición de recursos ordinarios non suspenderá, por si mesma, o curso das actuacións executivas. Sen embargo, se o executado acredita que a resolución fronte á que recorre lle produce dano de difícil reparación poderá solicitar do tribunal a suspensión da actuación contra a que se recorre, prestando, nas formas permitidas por esta lei, caución suficiente para responder dos prexuízos que o atraso puidese producir.

Artigo 568. *Suspensión en caso de situacións concursais.*

O tribunal suspenderá a execución no estado en que se encontre en canto lle sexa notificado que o executado se encontra en situación de suspensión de pagamentos, concurso ou quebra. Por excepción, tales situacións non impedirán o inicio da execución singular, se esta se limita ós bens previamente hipotecados ou peñorados en garantía da débeda reclamada, nin a continuación do procedemento xa iniciado que se dirixa exclusivamente contra estes bens, o cal seguirá ata a satisfacción do acredor e, de se-lo caso, dos acredores hipotecarios posteriores, dentro dos límites das súas respectivas garantías hipotecarias, remitíndose o remanente, se o houber, ó procedemento concursal.

Artigo 569. *Suspensión por pre-xudicialidade penal.*

1. A presentación de denuncia ou a interposición de querela en que se expoñan feitos de aparencia delictuosa relacionados co título executivo ou co despacho da execución forzosa non determinarán, por si soas, que se decrete a suspensión desta.

Sen embargo, de se encontrar pendente causa criminal en que se investiguen feitos de aparencia delictuosa que, de seren certos, determinarían a falsidade ou nulidade do título ou a invalidez ou ilicitude do despacho da execución, o tribunal que coñeza dela, oídas as partes e o Ministerio Fiscal, acordará a suspensión da execución.

2. Se a causa penal a que se refire o punto anterior finaliza por resolución en que se declare a inexistencia do feito ou non ser este delictuoso, o executante poderá pedir indemnización de danos e perdas, nos termos do punto sétimo do artigo 40.

3. Non obstante o disposto no punto primeiro deste artigo, a execución poderá seguir adiante se o executante presta, en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529, caución suficiente para responder do que perciba e dos danos e perdas que a execución lle produza ó executado.

Artigo 570. *Final da execución.*

A execución forzosa só terminará coa completa satisfacción do acredor executante.

TÍTULO IV

Da execución en diñeiro

CAPÍTULO I

Da execución en diñeiro: disposicións xerais

Artigo 571. *Ámbito deste título.*

As disposicións deste título aplicaranse cando a execución forzosa proceda en virtude dun título executivo do que, directa ou indirectamente, resulte o deber de entregar unha cantidade de diñeiro líquida.

Artigo 572. *Cantidade líquida. Execución por saldo de operacións.*

1. Para o despacho da execución considerárase líquida toda cantidade de diñeiro determinada que se exprese no título con letras, cifras ou algarismos comprensibles. En caso de desconformidade entre distintas expresións de cantidade, prevalecerá a que conste con letras. Non será preciso, sen embargo, para o efecto de despachar execución, que sexa líquida a cantidade que o executante solicite polos xuros que se poidan devengar durante a execución e polas custas que esta orixine.

2. Tamén poderá despacharse execución polo importe do saldo resultante de operacións derivadas de contratos formalizados en escritura pública ou en póliza intervida por corredor de comercio colexiado, sempre que se pactase no título que a cantidade esixible en caso de execución será a resultante da liquidación efectuada polo acredor na forma convida polas partes no propio título executivo.

Neste caso, só se despachará a execución se o acredor acredita que lles notificou previamente ó executado e ó fiador, se o houber, a cantidade esixible resultante da liquidación.

Artigo 573. *Documentos que teñen que se lle xuntar á demanda executiva por saldo de conta.*

1. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo anterior, á demanda executiva deberán selles xuntar, ademais do título executivo e dos documentos a que se refire o artigo 550, os seguintes documentos:

1.º O documento ou documentos en que se exprese o saldo resultante da liquidación efectuada polo acredor, así como o extracto das partidas de cargo e aboamento e as correspondentes á aplicación de xuros que determinan o saldo concreto polo que se pide o despacho da execución.

2.º O documento, que faga fe, que acredite que se practicou a liquidación na forma pactada polas partes no título executivo.

3.º O documento que acredite térselles notificado ó debedor e ó fiador, se o houber, a cantidade esixible.

2. Tamén se poderán xuntar á demanda, cando o executante o considere conveniente, os xustificantes das diversas partidas de cargo e aboamento.

3. De o acredor dúbida sobre a realidade ou esixibilidade dalgunha partida ou sobre a súa efectiva contía, poderá pedi-lo despacho da execución pola cantidade que lle resulta indubitada e reserva-la reclamación do resto para o proceso declarativo que corresponda, que poderá ser simultáneo á execución.

Artigo 574. Execución en casos de xuros variables.

1. O executante expresará na demanda executiva as operacións de cálculo que presentan como saldo a cantidade determinada pola que pide o despacho da execución nos seguintes casos:

1.º Cando a cantidade que reclama proveña dun préstamo ou crédito no que se pactase un xuro variable.

2.º Cando a cantidade reclamada proveña dun préstamo ou crédito no que sexa preciso axustar as paridades de distintas moedas e os seus respectivos tipos de xuro.

2. En tódolos casos anteriores será de aplicación o disposto nos números 2.º e 3.º do punto primeiro do artigo anterior e nos puntos segundo e terceiro do dito artigo.

Artigo 575. Determinación da cantidade e despacho da execución.

1. A execución despacharase pola cantidade que se reclame na demanda executiva en concepto de principal e xuros ordinarios e moratorios vencidos, incrementada pola que se prevexa para lles facer fronte ós xuros que, se é o caso, poidan devengarse durante a execución e ás custas desta. A cantidade prevista para estes dous conceptos, que se fixará provisionalmente, non poderá supera-lo 30 por 100 da que se reclame na demanda executiva, sen prexuízo da liquidación posterior.

Excepcionalmente, se o executante xustifica que, atendendo a previsible duración da execución e o tipo de xuro aplicable, os xuros que poidan devengarse durante a execución máis as custas desta superan o límite fixado no parágrafo anterior, a cantidade que provisionalmente se fixe para os devanditos conceptos poderá exceder do límite indicado.

2. Sen prexuízo da pluspetición que poida alega-lo executado, o tribunal non poderá denega-lo despacho da execución porque entenda que a cantidade debida é distinta da fixada polo executante na demanda executiva.

3. Non embargante, non se despachará execución se, de se-lo caso, a demanda executiva non expresa os cálculos a que se refiren os artigos anteriores ou se non se lle xuntan documentos que estes preceptos esixen.

Artigo 576. Xuros da mora procesual.

1. Desde que sexa dictada en primeira instancia, toda sentenza ou resolución que condene ó pagamento dunha cantidade de diñeiro líquida determinará, en favor do acreedor, o devengo dun xuro anual igual ó do xuro legal do diñeiro incrementado en dous puntos ou o que corresponda por pacto das partes ou por disposición especial da lei.

2. Nos casos de revogación parcial, o tribunal resolverá sobre os xuros de demora procesual conforme o seu prudente arbitrio, razoándoo para o efecto.

3. O establecido nos anteriores números seralle de aplicación a todo tipo de resolucións xudiciais de calquera orde xurisdiccional que conteñan condena ó pagamento de cantidade líquida, agás as especialidades legalmente previstas para as facendas públicas.

Artigo 577. Débeda en moeda estranxeira.

1. Se o título fixa a cantidade de diñeiro en moeda estranxeira, despacharase a execución para obtela e entregala. As custas e gastos, así como os xuros de demora procesual, aboaranse na moeda nacional.

2. Para o cálculo dos bens que deban ser embarcados, a cantidade de moeda estranxeira computarase segundo o cambio oficial ó día do despacho da execución.

No caso de que se trate dunha moeda estranxeira sen cotización oficial, o cómputo farase aplicando o cambio que, á vista das alegacións e documentos que achegue o executante na demanda, o tribunal considere adecuado, sen prexuízo da ulterior liquidación da condena, que se efectuará consonte o disposto nos artigos 714 a 716 desta lei.

Artigo 578. Vencemento de novos prazos ou da totalidade da débeda.

1. Se, despachada execución por débeda dunha cantidade líquida, vence algún prazo da mesma obrigación en virtude da cal se procede, ou a obrigación na súa totalidade, entenderase ampliada a execución polo importe correspondente ós novos vencementos de principal e mais xuros, se o pide así o demandante e sen necesidade de retrotrae-lo procedemento.

2. A ampliación da execución poderá solicitarse na demanda executiva. Neste caso, ó notificarlle o auto que despache a execución, advertiráselle ó executado que a execución se entenderá ampliada automaticamente se, nas datas de vencemento, non se consignan á disposición do xulgado as cantidades correspondentes.

Cando o executante solicite a ampliación automática da execución, deberá presentar unha liquidación final da débeda incluíndo os vencementos de principal e mais xuros producidos durante a execución. Se esta liquidación é conforme co título executivo e non se consigna o importe dos vencementos incluídos nela, o pagamento ó executante realizarase de acordo co que resulte da liquidación presentada.

3. A ampliación da execución será razón suficiente para a mellora do embargo e poderase facer constar na anotación preventiva deste conforme o disposto no número 4 do artigo 613 desta lei.

No caso do número anterior, a ampliación da execución non comportará a adopción automática destas medidas, que só se acordarán, se procede, cando o executante as solicite despois de cada vencemento que non fose atendido.

Artigo 579. Execución en diñeiro en casos de bens especialmente hipotecados ou peñorados.

Cando a execución se dirixa exclusivamente contra bens hipotecados ou peñorados en garantía dunha débeda en diñeiro haberá que se ater ó disposto no capítulo V deste título. Se, poxados os bens hipotecados ou peñorados, o seu produto é insuficiente para cubri-lo crédito, o executante poderá pedi-lo embargo pola cantidade que falte e a execución continuará consonte as normas ordinarias aplicables a toda execución.

CAPÍTULO II**Do requirimento de pagamento****Artigo 580. Casos en que non procede o requirimento de pagamento.**

Cando o título executivo consista en resolucións xudiciais ou arbitrais ou que aproben transaccións ou convenios alcanzados dentro do proceso, que obriguen a entregar cantidades determinadas de diñeiro, non será necesario requirirlle pagamento ó executado para proceder ó embargo dos seus bens.

Artigo 581. Casos en que procede o requirimento de pagamento.

1. Cando a execución para a entrega de cantidades determinadas de diñeiro non se funde en resolucións xudiciais ou arbitrais, ou en transaccións ou convenios aprobados xudicialmente, despachada a execución, requiriráselle pagamento ó executado pola cantidade reclamada en concepto de principal e mais xuros devengados, se é o caso, ata a data da demanda e se non paga no acto, o tribunal procederá ó embargo dos seus bens na medida suficiente para responder da cantidade pola que se despachase a execución e as custas desta.

2. Non se practicará o requirimento establecido no número anterior se á demanda executiva se lle xuntou acta notarial que acredite térselle requirido o pagamento ó executado con alomenos dez días de antelación.

Artigo 582. Lugar do requirimento de pagamento.

O requirimento de pagamento efectuarase no domicilio que figure no título executivo. Pero, por petición do executante, o requirimento poderá facerse, ademais, en calquera lugar no que, mesmo de forma accidental, o executado poida ser atopado.

De non ser encontrado o executado no domicilio que conste no título executivo, poderá practicarse o embargo se o executante o solicita, sen prexuízo de tentar outra volta o requirimento de acordo co disposto nesta lei para os actos de comunicación mediante entrega da resolución ou de cédula e, se é o caso, para a comunicación edictal.

Artigo 583. Pagamento polo executado. Custas.

1. Se o executado paga no acto do requirimento ou antes do despacho da execución, porase a suma de diñeiro correspondente á disposición do executante, entregaráselle ó executado xustificante do pagamento realizado e, se é o caso, darase por rematada a execución.

2. Aínda que pague o debedor no acto do requirimento, serán pola súa conta tódalas custas causadas, agás que xustifique que, por causa que non lle sexa imputable, non puido efectua-lo pagamento antes de o acredor promove-la execución.

CAPÍTULO III**Do embargo de bens****SECCIÓN 1.^a DA TRABA DOS BENS****Artigo 584. Alcance obxectivo e suficiencia do embargo.**

Non se embargarán bens dos que o seu previsible valor exceda da cantidade pola que se despachou execución, agás que no patrimonio do executado só existan bens de valor superior a eses conceptos e a afección dos devanditos bens resulte necesaria para os fins da execución.

Artigo 585. Evitación do embargo mediante consignación.

Despachada a execución, procederase ó embargo de bens conforme o disposto nesta lei, a non ser que o executado consigne a cantidade pola que esta se despachase; neste caso suspenderase o embargo.

O executado que non fixese a consignación antes do embargo poderá efectuala en calquera momento posterior, antes de que se resolva a oposición á execución. Neste caso, unha vez realizada a consignación, alzaranse os embargos que se trabasen.

Artigo 586. Destino da cantidade consignada.

Se o executado formula oposición, a cantidade consignada conforme o artigo anterior depositarase no establecemento designado para iso e o embargo seguirá en suspenso.

Se o executado non formula oposición, a cantidade consignada para evita-lo embargo entregaráselle ó executante sen prexuízo da posterior liquidación de xuros e custas.

Artigo 587. Momento do embargo.

1. O embargo entenderase feito desde que sexa decretado por resolución xudicial ou desde que se inclúa a descrición dun ben na acta da dilixencia de embargo, mesmo que non se adoptasen aínda medidas de garantía ou publicidade da traba.

2. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo das normas de protección do terceiro de boa fe que deban ser aplicadas.

Artigo 588. Nulidade do embargo indeterminado.

1. Será nulo o embargo sobre bens e dereitos dos que non conste a súa efectiva existencia.

2. Malia o disposto no número anterior, poderán embargarse os depósitos bancarios e os saldos favorables que presenten as contas abertas en entidades de crédito, sempre que, en razón do título executivo, se determine, por medio de auto, unha cantidade como límite máximo.

Do que exceda dese límite poderá o executado dispor libremente.

Artigo 589. Manifestación de bens do executado.

1. Agás que o executante sinale bens dos que coide suficiente o seu embargo para o fin da execución, o tribunal requirirá de oficio o executado, mediante providencia, para que manifeste relacionadamente bens e dereitos suficientes para cubri-la contía da execución, con expresión, se é o caso, de cargas e gravames, así como, no caso de inmobles, se están ocupados, por qué persoas e con qué título.

2. O requirimento ó executado para a manifestación dos seus bens farase con apercibimento das sancións que se lle poden impor, cando menos por desobediencia grave, en caso de non presenta-la relación dos seus bens, de incluír nela bens que non sexan seus, de excluír bens propios susceptibles de embargo ou de non desvela-las cargas e gravames que pesen sobre eles.

3. O tribunal poderá tamén, mediante providencia, imporlle multas coercitivas periódicas ó executado que non responda debidamente ó requirimento a que se refire o número anterior.

Para fixa-la contía das multas, terase en conta a cantidade pola que se despachase execución, a resistencia á presentación da relación de bens e a capacidade económica do requirido, e poderase modificar ou deixar sen efecto o constringimento económico en atención á ulterior conducta do requirido e ás alegacións que poida efectuar para xustificarse.

Artigo 590. Investigación xudicial do patrimonio do executado.

Por instancias do executante que non poida designar bens do executado suficientes para o fin da execución, o tribunal acordará, por providencia, dirixirse ás entidades financeiras, organismos e rexistros públicos e persoas físicas e xurídicas que o executante indique, para que faciliten a relación de bens ou dereitos do executado

dos que teñan constancia. Ó formular estas indicacións, o executante deberá expresar sucintamente as razóns polas que estime que a entidade, organismo, rexistro ou persoa de que se trate dispón de información sobre o patrimonio do executado.

O tribunal non reclamará datos de organismos e rexistros cando o executante os poida obter en por si, ou a través do seu procurador, debidamente facultado para o efecto polo seu poderdante.

Artigo 591. *Deber de colaboración.*

1. Tódalas persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a presta-la súa colaboración nas actuacións de execución e a lle entregar ó tribunal cantos documentos e datos teñan no seu poder, sen máis limitacións que as que impoñen o respecto ós dereitos fundamentais ou ós límites que, para casos determinados, expresamente impoñan as leis.

2. O tribunal, logo de audiencia dos interesados, poderalles, mediante providencia, impor multas coercitivas periódicas ás persoas e entidades que non presten a colaboración que o tribunal lles requirise de acordo co número anterior. Na aplicación destes constrinximentos, o tribunal terá en conta os criterios previstos no número 3 do artigo 589.

3. Cando, en aplicación do disposto no número 1 deste artigo, o tribunal reciba datos alleos ós fins da execución, adoptará as medidas necesarias para garanti-la confidencialidade daqueles.

Artigo 592. *Orde nos embargos. Embargo de empresas.*

1. Se acreedor e debedor non pactan outra cosa, dentro ou fóra da execución, o tribunal embargará os bens do executado procurando ter en conta a maior facilidade do seu alleamento e a menor onerosidade desta para o executado.

2. Se polas circunstancias da execución resulta imposible ou moi difícil a aplicación dos criterios establecidos no número anterior, os bens embargaranse pola seguinte orde:

1.º Diñeiro ou contas correntes de calquera clase.

2.º Créditos e dereitos realizables no acto ou a curto prazo, e títulos, valores ou outros instrumentos financeiros admitidos a negociación nun mercado secundario oficial de valores.

3.º Alfaías e obxectos de arte.

4.º Rendas en diñeiro, calquera que sexa a súa orixe e a razón do seu devengo.

5.º Xuros, rendas e froitos de toda especie.

6.º Bens mobles ou semoventes, accións, títulos ou valores non admitidos a cotización oficial e participacións sociais.

7.º Bens inmoables.

8.º Soldos, salarios, pensións e ingresos procedentes de actividades profesionais e mercantís autónomas.

9.º Créditos, dereitos e valores realizables a medio e longo prazo.

3. Tamén poderá decretarse o embargo de empresas cando, atendidas tódalas circunstancias, resulte preferible ó embargo dos seus distintos elementos patrimoniais.

SECCIÓN 2.^a DO EMBARGO DE BENS DE TERCEIROS E DA TERCERÍA DE DOMINIO

Artigo 593. *Pertenza ó executado. Prohibición de alzamento de oficio do embargo.*

1. Para vulgar sobre a pertenza ó executado dos bens que se propoña embargar, o tribunal, sen necesi-

dade de investigacións nin outras actuacións, basearase en indicios e signos externos dos que razoablemente poida deducir aquela.

2. Cando, por percepción directa ou por manifestacións do executado ou doutras persoas, o tribunal teña motivos racionais para entender que os bens que se propón trabar lle poden pertencer a un terceiro, ordenará mediante providencia que se lle faga sabe-la inminencia da traba. Se, no prazo de cinco días, o terceiro non comparece ou non dá razóns, o tribunal dictará providencia mandando traba-los bens, a non ser que as partes, dentro do mesmo prazo concedido ó terceiro, lle manifesten ó tribunal a súa conformidade en que non se realice o embargo. Se o terceiro se opón razoadamente ó embargo achegando, se é o caso, os documentos que xustifiquen o seu dereito, o tribunal, oídas as partes, resolverá o que proceda.

3. Tratándose de bens dos que o dominio sexa susceptible de inscrición rexistral, ordenarase, en todo caso, o seu embargo a non ser que o terceiro acredite ser titular rexistral mediante a correspondente certificación do rexistrador, quedando a salvo o dereito dos eventuais titulares non inscritos, que poderá exercerse contra quen e como corresponda.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o ben do embargado sexa a vivenda familiar do terceiro e este lle presente ó tribunal o documento privado que xustifique a súa adquisición, daráselles traslado ás partes e, se estas, no prazo de cinco días, manifestan a súa conformidade en que non se realice o embargo, o tribunal absterase de acordalo.

Artigo 594. *Posterior transmisión de bens embargados non pertencentes ó executado.*

1. O embargo trabado sobre bens que non pertencen ó executado será, emporiso, eficaz. Se o verdadeiro titular non fai vale-los seus dereitos por medio da tercería de dominio, non poderá impugna-lo alleamento dos bens embargados, se o rematante ou adxudicatario os adquirise de modo irreivindicable, conforme o establecido na lexislación substantiva.

2. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo das accións de resarcimento ou enriquecemento inxusto ou de nulidade do alleamento.

Artigo 595. *Tercería de dominio. Lexitimación.*

1. Poderá interpor tercería de dominio, en forma de demanda, quen, sen ser parte na execución, afirme ser dono dun ben embargado como pertencente ó executado e que non adquiriu deste unha vez trabado o embargo.

2. Poderán tamén interpor tercerías para o alzamento do embargo os que sexan titulares de dereitos que, por disposición legal expresa, poidan oporse ó embargo ou á realización forzosa dun ou varios bens embargados como pertencentes ó executado.

3. Coa demanda de tercería de dominio deberá achegarse un principio de proba por escrito do fundamento da pretensión do tercerista.

Artigo 596. *Momento de interposición e posible rexetamento de plano da tercería de dominio.*

1. A tercería de dominio poderá interporse desde que se embargase o ben ou bens a que se refira, aínda que o embargo sexa preventivo.

2. O tribunal, mediante auto, rexeitará completamente e sen ningunha substanciación a demanda de tercería de dominio á que non se acompañe o principio de proba esixido no número 3 do artigo anterior, así como a que se interpoña con posterioridade ó momento en que, de acordo co disposto na lexislación civil, se produza a transmisión do ben ó acredor ou ó terceiro que o adquira en poxa pública.

Artigo 597. *Prohibición de segundas e ulteriores tercerías.*

Non se permitirá, en ningún caso, segunda ou ulterior tercería sobre os mesmos bens, fundada en títulos ou dereitos que posúa o que a interpoña no momento de formula-la primeira.

Artigo 598. *Efectos da admisión da tercería.*

1. A admisión da demanda de tercería só suspenderá a execución respecto do ben a que se refira.

2. O tribunal, logo de audiencia das partes se o considera necesario, poderá condiciona-la admisión da demanda de tercería a que o tercerista preste caución polos danos e perdas que lle puidese producir ó acredor executante. Esta caución poderase outorgar en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

3. A admisión dunha tercería de dominio será razón suficiente para que o tribunal, por instancia de parte, ordene, mediante providencia, a mellora do embargo.

Artigo 599. *Competencia e substanciación.*

A tercería de dominio, que terá que se interpor ante o tribunal que coñeza da execución, substanciarase polos trámites previstos para o xuízo ordinario.

Artigo 600. *Lexitimación pasiva. Litisconsorcio voluntario. Intervención do executado non demandado.*

A demanda de tercería interporase fronte ó acredor executante e tamén fronte ó executado cando o ben ó que se refira fose designado por el.

Aínda que non se dirixise a demanda de tercería fronte ó executado, poderá este intervir no procedemento cos mesmos dereitos procesuais que as partes da tercería.

Artigo 601. *Obxecto da tercería de dominio.*

1. Na tercería de dominio non se admitirá máis pretensión do tercerista que a dirixida ó alzamento do embargo.

2. O executante e, se é o caso, o executado, non poderán pretender na tercería de dominio máis que o mantemento do embargo ou suxeición á execución do ben obxecto de tercería.

Artigo 602. *Efectos da non-contestación.*

De os demandados non contestaren a demanda de tercería de dominio, entenderase que admiten os feitos alegados na demanda.

Artigo 603. *Resolución sobre a tercería.*

A tercería de dominio resolverase por medio de auto, que se pronunciará sobre a pertenza do ben e a procedencia do seu embargo para os únicos efectos da execución en curso, sen que produza efectos de cousa xulgada en relación coa titularidade do ben.

O auto que decida a tercería pronunciarase sobre as custas, de acordo co disposto nos artigos 394 e seguintes desta lei. Os demandados que non contesten non se lles imporán as custas, agás que o tribunal, razoándoo debidamente, aprecie mala fe na súa actuación procesual tendo en conta, se é o caso, a intervención que tivesen nas actuacións a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 593.

Artigo 604. *Resolución estimatoria e alzamento do embargo.*

O auto que estime a tercería de dominio ordenará o alzamento da traba e a remoción do depósito, así como a cancelación da anotación preventiva e de calquera outra medida de garantía do embargo do ben ó que a tercería se referise.

SECCIÓN 3.^a DOS BENS INEMBARGABLES

Artigo 605. *Bens absolutamente inembargables.*

Non serán en absoluto embargables:

- 1.º Os bens que fosen declarados inalleables.
- 2.º Os dereitos accesorios, que non sexan alleables con independencia do principal.
- 3.º Os bens que carezan, en por si, de contido patrimonial.
- 4.º Os bens expresamente declarados inembargables por algunha disposición legal.

Artigo 606. *Bens inembargables do executado.*

Son tamén inembargables:

- 1.º O mobiliario e o enxoval da casa, así como a roupa do executado e da súa familia, no que non poida considerarse superfluo. En xeral, aqueles bens como alimentos, combustible e outros que, a xuízo do tribunal, resulten imprescindibles para que o executado e as persoas dependentes del poidan atender con razoable dignidade a súa subsistencia.
- 2.º Os libros e instrumentos necesarios para o exercicio da profesión, arte ou oficio a que se dedique o executado, cando o seu valor non garde proporción coa contía da débeda reclamada.
- 3.º Os bens sacros e os dedicados ó culto das relixións legalmente rexistradas.
- 4.º As cantidades expresamente declaradas inembargables por lei.
- 5.º Os bens e cantidades declarados inembargables por tratados ratificados por España.

Artigo 607. *Embargo de soldos e pensións.*

1. É inembargable o salario, soldo, pensión, retribución ou o seu equivalente, que non exceda da contía sinalada para o salario mínimo interprofesional.
2. Os salarios, soldos, xornais, retribucións ou pensións que sexan superiores ó salario mínimo interprofesional embargaranse consonte esta escala:

- 1.º Para a primeira contía adicional ata a que supoña o importe do dobre do salario mínimo interprofesional, o 30 por 100.
- 2.º Para a contía adicional ata o importe equivalente a un terceiro salario mínimo interprofesional, o 50 por 100.
- 3.º Para a contía adicional ata o importe equivalente a un cuarto salario mínimo interprofesional, o 60 por 100.
- 4.º Para a contía adicional ata o importe equivalente a un quinto salario mínimo interprofesional, o 75 por 100.

5.º Para calquera cantidade que exceda da anterior contía, o 90 por 100.

3. Se o executado é beneficiario de máis dunha percepción, acumularanse todas elas para deducir unha soa vez a parte inembargable. Igualmente serán acumulables os salarios, soldos e pensións, retribucións ou equivalentes dos cónxuxes cando o réxime económico que rexa para eles non sexa o de separación de bens e rendas de toda clase, circunstancia que terán que lle acreditar ó tribunal.

4. En atención ás cargas familiares do executado, o tribunal poderá aplicar unha rebaixa de entre un 10 a un 15 por 100 nas porcentaxes establecidas nos puntos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º do número 2 deste artigo.

5. Se os salarios, soldos, pensións ou retribucións estiveron gravados con descontos permanentes ou transitorios de carácter público, en razón da lexislación fiscal, tributaria ou de seguridade social, a cantidade líquida que percíbise o executado, deducidos estes, será a que sirva de tipo para regula-lo embargo.

6. Os anteriores números deste artigo serán de aplicación ós ingresos procedentes de actividades profesionais e mercantís autónomas.

Artigo 608. *Execución por condena a prestación alimenticia.*

O disposto no artigo anterior non será de aplicación cando se proceda por execución de sentenza que condene ó pagamento de alimentos, en tódolos casos en que a obriga de satisfacelos naza directamente da lei, incluíndo os pronunciamentos das sentencias dictadas en procesos de nulidade, separación ou divorcio sobre alimentos debidos ó cónxuxe ou ós fillos. Nestes casos, así como nos das medidas cautelares correspondentes, o tribunal fixará a cantidade que pode ser embargada.

Artigo 609. *Efectos da traba sobre bens inembargables.*

O embargo trabado sobre bens inembargables será nulo de pleno dereito.

O executado poderá denunciar esta nulidade ante o tribunal mediante os recursos ordinarios ou por simple comparecencia ante o tribunal se non se constituíu como parte na execución nin desexa facelo.

Artigo 610. *Reembargo. Efectos.*

1. Os bens ou dereitos embargados poderán ser reembargados e o reembolso outorgaralle ó reembargante o dereito a percibi-lo produto do que se obteña da realización dos bens reembargados, unha vez satisfeitos os dereitos dos executantes por instancia dos cales se decretasen embargos anteriores ou, sen necesidade desta satisfacción previa, no caso do parágrafo segundo do número seguinte.

2. Se, por calquera causa, for alzado o primeiro embargo, o executante do proceso no que se trabase o primeiro embargo quedará na posición do primeiro executante e poderá solicita-la realización forzosa dos bens reembargados.

Emporiso, o reembargante poderá solicita-la realización forzosa dos bens reembargados, sen necesidade de alzamento do embargo ou embargos anteriores, cando os dereitos dos embargantes anteriores non se teñan que ver afectados por aquela realización.

3. Os executantes dos procesos en que se decrete o reembolso poderanlle solicitar ó tribunal que adopte medidas de garantía desta traba sempre que non entorpezan unha execución anterior e non sexan incompatibles coas adoptadas en favor de quen primeiro logrou o embargo.

Artigo 611. *Embargo de sobrante.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 588, poderá pedir-se o embargo do que sobre na realización forzosa de bens realizada noutra execución xa despachada.

A cantidade que así se obteña ingresarase na conta de depósitos e consignacións á disposición do xulgado que ordenou o embargo do sobrante.

Cando os bens realizados sexan inmobles, ingresarase a cantidade que sobre despois de pagado o executante, así como os acredores que teñan o seu dereito inscrito ou anotado con posterioridade ó do executante e que teñan preferencia sobre o acredor en favor do cal se acordou o embargo do sobrante.

Artigo 612. *Mellora, redución e modificación do embargo.*

1. Ademais do disposto nos artigos 598 e 604 para os casos de admisión e estimación, respectivamente, dunha tercería de dominio, o executante poderá pedi-la mellora ou a modificación do embargo ou das medidas de garantía adoptadas cando un cambio das circunstancias permita dubidar da suficiencia dos bens embargados en relación coa exacción da responsabilidade do executado. Tamén o executado poderá solicita-la redución ou a modificación do embargo e das súas garantías, cando aquel ou estas poden ser variadas sen perigo para os fins da execución, conforme os criterios establecidos no artigo 584 desta lei.

O tribunal proverá mediante providencia sobre estas peticións segundo o seu criterio, sen ulterior recurso.

2. Poderá acordarse tamén a mellora do embargo nos casos previstos no número 4 do artigo seguinte.

SECCIÓN 4.ª DA PRIORIDADE DO EMBARGANTE E DA TERCERÍA DE MELLOR DEREITO

Artigo 613. *Efectos do embargo. Anotacións preventivas e terceiros posuidores.*

1. O embargo concédelle ó acredor executante o dereito a percibi-lo produto do que se obteña da realización dos bens embargados co fin de satisfacelo importe da débeda que conste no título, os xuros que procedan e as custas da execución.

2. Sen estar completamente reintegrado o executante do capital e dos xuros do seu crédito e de tódalas custas da execución, non poderán aplicarse as sumas realizadas a ningún outro obxecto que non fose declarado preferente por sentenza dictada en tercería de mellor dereito.

3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, cando os bens sexan das clases que permiten a anotación preventiva do seu embargo, a responsabilidade dos terceiros posuidores que adquirisen os devanditos bens noutra execución terá como límite as cantidades que, para a satisfacción do principal, xuros e custas, aparezan consignadas na anotación na data en que aqueles inscribisen a súa adquisición.

4. O executante poderá pedir que se mande facer constar na anotación preventiva de embargo o aumento da cantidade prevista en concepto de xuros devengados durante a execución e de custas desta, acreditando que uns e outras superaron a cantidade que, por tales conceptos, conste na anotación anterior.

Artigo 614. *Tercería de mellor dereito. Finalidade. Prohibición de segunda tercería.*

1. Quen afirme que lle corresponde un dereito a que o seu crédito sexa satisfeito con preferencia ó do

acredor executante poderá interpor demanda de terceira de mellor dereito, á que haberá que lle xuntar un principio de proba do crédito que se afirma preferente.

2. Non se admitirá a demanda de terceira de mellor dereito se non se xunta o principio de proba a que se refire o número anterior. E, en ningún caso, se permitirá segunda terceira de mellor dereito, que se funde en títulos ou dereitos que posúa o que a interpoña no momento de formula-la primeira.

Artigo 615. *Tempo da terceira de mellor dereito.*

1. A terceira de mellor dereito procederá desde que se embargase o ben a que se refira a preferencia, se esta for especial, ou desde que se despache execución, se for xeral.

2. Non se admitirá demanda de terceira de mellor dereito despois de se lle entregar ó executante a suma obtida mediante a execución forzosa ou, en caso de adjudicación dos bens embargados ó executante, despois de que este adquira a titularidade dos devanditos bens conforme o disposto na lexislación civil.

Artigo 616. *Efectos da terceira de mellor dereito.*

1. Interposta terceira de mellor dereito, a execución forzosa continuará ata realiza-los bens embargados; o que se recade depositarase na conta de depósitos e consignacións para reintegrar ó executante nas custas da execución e para lles pagar ós acredores pola orde de preferencia que se determine ó resolve-la terceira.

2. Se o tercerista de mellor dereito dispón de título executivo en que conste o seu crédito, poderá intervir na execución desde que sexa admitida a demanda de terceira. Se non dispón de título executivo, o tercerista non poderá intervir ata que, se é o caso, se estime a demanda.

Artigo 617. *Procedemento, lexitimación pasiva e litis-consorcio.*

1. A terceira de mellor dereito substanciárase polas canles do xuízo ordinario e dirixírase sempre fronte ó acredor executante.

2. O executado poderá intervir no procedemento de terceira con plenitude de dereitos procesuais e terá que ser demandado cando o crédito do que alegue preferencia o tercerista non conste nun título executivo.

Artigo 618. *Efectos da non-contestación.*

Se os demandados non contestan a demanda de terceira de mellor dereito, entenderase que admiten os feitos alegados na demanda.

Artigo 619. *Conformidade e desistencia do executante. Participación do tercerista de preferencia nos custos da execución.*

1. Cando o crédito do tercerista conste en título executivo, se o executante se conforma coa terceira de mellor dereito, dictarase, sen máis trámites, auto polo que se ordene seguir adiante a execución para satisfacer en primeiro termo ó tercerista, pero non se lle fará entrega de cantidade ningunha sen lle satisfacer antes ó executante as tres quintas partes das custas e gastos orixinalos polas actuacións levadas a cabo por instancia súa ata a notificación da demanda de terceira.

Se o crédito do tercerista non consta en título executivo, o executado que estea constituído como parte na terceira deberá expresar se está de acordo ou en

desacordo coa conformidade do executante dentro dos cinco días seguintes a aquel en que se lle dese traslado do escrito de conformidade. Se o executado se mostra conforme coa conformidade ou deixa transcorrer-lo prazo sen expresa-lo seu desacordo, procederase consonte o disposto no parágrafo anterior. Cando o executado se opoña á conformidade, dictarase auto polo que se ten por conforme o executante e polo que se manda segui-la terceira co executado.

2. Se, notificada a demanda de terceira, o executante desiste da execución, procederase consonte o establecido no número anterior sen necesidade de requirir-la conformidade do executado, sempre que o crédito do tercerista constase en título executivo. Se non fose así, o tribunal dictará auto de desistencia do proceso de execución, e dará por finalizada esta, agás que o executado se mostre de acordo en que prosiga para satisfacer-lo crédito do tercerista.

Artigo 620. *Efectos da sentenza. Custas da terceira e participación do tercerista nos custos da execución.*

1. A sentenza que se dicte na terceira de mellor dereito resolverá sobre a existencia do privilexio e a orde en que os créditos deben ser satisfeitos na execución en que aquela sentenza recaia, pero sen prexulgar outras accións que a cada un lle poida corresponder, especialmente as de enriquecemento.

Así mesmo, se a sentenza desestima a terceira, condenará en tódalas custas desta ó tercerista. Cando a estime, imporallas ó executante que contestase a demanda e, se o executado interveu, opóndose tamén á terceira, imporallas a este, por metade co executante, agás cando, por se conforma-lo executante, a terceira se substanciase só co executado; neste caso as custas imporánselle a este na súa totalidade.

2. Sempre que a sentenza estime a terceira de mellor dereito, non se lle entregará ó tercerista ningunha cantidade procedente da execución, mentres non se lle satisfagan ó executante as tres quintas partes das custas causadas nesta ata o momento en que recaia aquela sentenza.

SECCIÓN 5.^a DA GARANTÍA DA TRABA DE BENS MOBLES E DEREITOS

Artigo 621. *Garantías do embargo de diñeiro, contas correntes e soldos.*

1. Se o embargado é diñeiro ou divisas convertibles, ingresaranse na conta de depósitos e consignacións.

2. Cando se embarguen saldos favorables en contas de calquera clase abertas en entidades de crédito, aforro ou financiamento, o tribunal enviaralle á entidade orde de retención das cantidades concretas que sexan embargadas ou co límite máximo a que se refire o número 2 do artigo 588.

3. Se se trata do embargo de soldos, pensións ou outras prestacións periódicas, ordenaráselle á persoa, entidade ou oficina pagadora que os reteña á disposición do tribunal e llos transfira á conta de depósitos e consignacións.

Artigo 622. *Garantía do embargo de xuros, rendas e froitos.*

1. Cando o embargado sexan xuros, rendas ou froitos de toda clase, enviaráselle orde de retención a quen deba pagalos ou directamente os perciba, aínda que sexa o propio executado, para que, se fosen xuros, os ingrese ó seu devengo na conta de depósitos e consignacións ou, se fosen doutra clase, os reteña á disposición do tribunal.

2. O tribunal só acordará mediante providencia a administración xudicial en garantía do embargo de froitos e rendas, cando a natureza dos bens e dereitos productivos, a importancia dos xuros, as rendas ou os froitos embargados ou as circunstancias en que se encontre o executado razoablemente o aconsellen.

3. Tamén poderá o tribunal acordar a administración xudicial cando se comprobe que a entidade pagadora ou perceptora ou, se é o caso, o mesmo executado, non cumpren a orde de retención ou ingreso dos froitos e rendas a que se refire o punto primeiro deste artigo.

Artigo 623. *Garantía do embargo de valores e instrumentos financeiros.*

1. Se o embargado son valores ou outros instrumentos financeiros, o embargo notificaráselle a quen resulte obrigado ó pagamento, en caso de que este se deba efectuar periodicamente ou en data determinada, ou á entidade emisora, no suposto de que sexan redimibles ou amortizables por vontade de quen as teña ou sexa propietario deles. Á notificación do embargo engadiráselle o requirimento de que, ó seu vencemento ou, no suposto de non ter vencemento, no acto de recibila notificación, se reteña, por disposición do tribunal, o importe ou o mesmo valor ou instrumento financeiro, así como os xuros ou dividendos que, se é o caso, produzan.

2. Cando se trate de valores ou instrumentos financeiros que coticen en mercados secundarios oficiais, a notificación do embargo faráselle ó órgano rector para os mesmos efectos do parágrafo anterior, e, se é o caso, o órgano rector notificarallo á entidade encargada da compensación e liquidación.

3. De se embargaren participacións en sociedades civís, colectivas, comanditarias, en sociedades de responsabilidade limitada ou accións que non cotizan en mercados secundarios oficiais, notificaráselle-lo embargo ós administradores da sociedade, que deberán pór en coñecemento do tribunal a existencia de pactos de limitación á libre transmisión de accións ou calquera outra cláusula estatutaria ou contractual que afecte as accións embargadas.

Artigo 624. *Dilixencia de embargo de bens mobles. Garantía do embargo.*

1. Cando se teñan que embargar bens mobles, na acta da dilixencia de embargo incluíranse os seguintes extremos:

1.º Relación dos bens embargados, con descrición, o máis detallada posible, da súa forma e aspecto, características principais, estado de uso e conservación, así como a clara existencia de defectos ou taras que puidesen influír nunha diminución do seu valor. Para iso utilizaranse os medios de documentación gráfica ou visual de que o xulgado dispoña ou lle facilite calquera das partes para a súa mellor identificación.

2.º Manifestacións efectuadas por quen interviñese no embargo, en especial as que se refiran á titularidade das cousas embargadas e a eventuais dereitos de terceiros.

3.º Persoa que se designa depositaria e lugar onde se depositan os bens.

2. Da acta en que conste a dilixencia de embargo de bens mobles daráselles copia ás partes.

Artigo 625. *Consideración de efectos ou fondos públicos.*

As cantidades de diñeiro e demais bens embargados terán, desde que se depositen ou se ordene a súa retención, a consideración de efectos ou fondos públicos.

Artigo 626. *Depósito xudicial. Nomeamento de depositario.*

1. Se se embargan títulos valores ou obxectos especialmente valiosos ou necesitados de especial conservación, poderán depositarse no establecemento público ou privado que resulte máis adecuado.

2. Se os bens mobles embargados están en poder dun terceiro, será requirido mediante providencia para que os conserve á disposición do tribunal e será nomeado depositario xudicial, agás que o tribunal motivadamente resolva outra cosa.

3. Nomearase depositario o executado se este viña destinando os bens embargados a unha actividade productiva ou se resultan de difícil ou custoso transporte ou almacenamento.

4. En casos distintos dos tratados nos anteriores números ou cando o considere máis conveniente, o tribunal poderá nomear mediante providencia depositario dos bens embargados o acredor executante ou ben, oíndo este, un terceiro.

O nomeamento poderá recaer nos colexios de procuradores, sempre que dispoñan dun servizo adecuado para asumiren as responsabilidades legalmente establecidas para o depositario.

5. O embargo de valores representados en anotacións en conta comunicaráselle ó órgano ou entidade que leve o rexistro de anotacións en conta para que o consigne no libro respectivo.

Artigo 627. *Responsabilidades do depositario. Depositarios interinos.*

1. O depositario xudicial estará obrigado a conservar os bens coa debida dilixencia á disposición do xulgado, a exhibilos nas condicións que o xulgado lle indique e a entregarlos á persoa que o tribunal designe.

Por instancia de parte ou, de oficio, se non cumprise as súas obrigas, o tribunal mediante providencia poderá remover do seu cargo o depositario, designando outro, sen prexuízo da responsabilidade penal e civil en que puidese incorre-lo depositario removido.

2. Ata que se nomee depositario e se lle entreguen os bens, as obrigas e responsabilidades derivadas do depósito incumbiranlle, sen necesidade de aceptación previa nin requirimento, ó executado e, se coñecesen o embargo, ós administradores, representantes ou encargados ou ó terceiro en poder de quen se encontraron os bens.

Artigo 628. *Gastos do depósito.*

1. Se o depositario é persoa distinta do executante, do executado e do terceiro posuidor do ben moble obxecto do depósito terá dereito ó reembolso dos gastos ocasionados polo transporte, conservación, custodia, exhibición e administración dos bens, e poderá ser acordado polo tribunal, mediante providencia, o adianto dalgunha cantidade polo executante, sen prexuízo do seu dereito ó reintegro en concepto de custas.

O terceiro depositario tamén terá dereito a verse resarcido dos danos e perdas que sufra a causa do depósito.

2. Cando as cousas se depositen en entidade ou establecemento adecuados, segundo o previsto no número 1 do artigo 626, será fixada polo tribunal, mediante providencia, unha remuneración acorde coas tarifas e prezos usuais. O executante terá que facerse cargo desta remuneración, sen prexuízo do seu dereito ó reintegro en concepto de custas.

SECCIÓN 6.^a DA GARANTÍA DO EMBARGO DE INMOBLES
E DOUTROS BENS SUSCEPTIBLES DE INSCRICIÓN

Artigo 629. *Anotación preventiva de embargo.*

1. Cando o embargo recaía sobre bens inmobles ou sobre outros bens ou dereitos susceptibles de inscrición rexistral, o tribunal, por instancia do executante, librándolle mandamento para que se faga anotación preventiva de embargo no Rexistro da Propiedade ou anotación de equivalente eficacia no rexistro que corresponda. O mesmo día da súa expedición remitiráselle o mandamento por fax desde o tribunal ó Rexistro da Propiedade, onde se estenderá o correspondente asento de presentación, e quedará en suspenso a práctica da anotación ata que se presente o documento orixinal na forma prevista pola lexislación hipotecaria.

2. Se o ben non está inmatriculado, ou se está inscrito en favor de persoa distinta do executado, pero da que traia causa o dereito deste, poderá tomarse anotación preventiva de suspensión da anotación do embargo, na forma e cos efectos previstos na lexislación hipotecaria.

SECCIÓN 7.^a DA ADMINISTRACIÓN XUDICIAL

Artigo 630. *Casos en que procede.*

1. Poderá constituírse unha administración xudicial cando se embargue algunha empresa ou grupo de empresas ou cando se embarguen accións ou participacións que representen a maioría do capital social, do patrimonio común ou dos bens ou dereitos pertencentes ás empresas, ou adscritos á súa explotación.

2. Tamén poderá constituírse unha administración xudicial para a garantía do embargo de froitos e rendas, nos casos previstos nos números 2 e 3 do artigo 623.

Artigo 631. *Constitución da administración. Nomeamento de administrador e de interventores.*

1. Para constituí-la administración xudicial, serán citadas de comparecencia as partes e, se é o caso, os administradores das sociedades, cando estas non sexan a parte executada, así como os socios ou partícipes dos que as accións ou participacións non se embargasen, co fin de que cheguen a un acordo ou efectúen as alegacións e proba oportunas sobre o nomeamento de administrador, persoa que deba desempeñar tal cargo, esixencia ou non de caución, forma de actuación, mantemento ou non da administración preexistente, rendición de contas e retribución procedente.

Os interesados que non comparezan inxustificadamente serán tidos por conformes co acordado polos comparecentes.

Nos extremos en que non exista acordo ou medie oposición dalgunha das partes, o tribunal resolverá, mediante providencia, o que estime procedente sobre a administración xudicial.

2. Se o tribunal acorda a administración xudicial dunha empresa ou grupo delas, deberá nomear un interventor designado polo titular ou titulares da empresa ou empresas embargadas e se só se embargase a maioría do capital social ou a maioría dos bens ou dereitos pertencentes a unha empresa ou adscritos á súa explotación, nomearanse dous interventores, designados, un, polos afectados maioritarios, e outro, polos minoritarios.

3. O nomeamento de administrador xudicial será inscrito, cando proceda, no Rexistro Mercantil. Tamén se anotará a administración xudicial no Rexistro da Propiedade cando afecte bens inmobles.

Artigo 632. *Contido do cargo de administrador.*

1. Cando substitúa os administradores preexistentes e non se dispoña outra cosa, os dereitos, obrigas, facultades e responsabilidades do administrador xudicial serán os que lles correspondan con carácter ordinario ós substituídos, pero necesitará autorización xudicial para allear ou gravar participacións na empresa ou desta noutros, bens inmobles ou calquera outro que pola súa natureza ou importancia o órgano xudicial sinalase expresamente.

2. De existiren interventores designados polos afectados, para o alleamento ou gravame, o administrador convocaralos a unha comparecencia, do resultado da cal se lle dará seguidamente conta ó tribunal, o cal resolverá mediante providencia.

Artigo 633. *Forma de actuación do administrador.*

1. Acordada a administración xudicial, daráselle inmediata posesión ó designado, requirindo o executado para que cese na administración que ata daquela levase.

2. As discrepancias que xurdan sobre os actos do administrador serán resoltas polo tribunal, mediante providencia, tras oírlos afectados e sen prexuízo do dereito de se opor á conta final que terá que rendelo administrador.

3. Da conta final xustificada que presente o administrador daráselles vista ás partes e ós interventores, que a poderán impugnar no prazo de cinco días, prorrogable ata trinta atendida a súa complexidade. De mediar oposición resolverase tras cita-los interesados de comparecencia. O auto que se dicte será susceptible de recurso en apelación.

CAPÍTULO IV

Do procedemento de constrinximento

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN
DOS BENS EMBARGADOS

Artigo 634. *Entrega directa ó executante.*

1. O tribunal entregaralle directamente ó executante, polo seu valor nominal, os bens embargados que sexan:

- 1.º Diñeiro efectivo.
- 2.º Saldos de contas correntes e doutras de inmediata disposición.
- 3.º Divisas convertibles, logo de conversión, se é o caso.
- 4.º Calquera outro ben do que o valor nominal coincide co seu valor de mercado, ou do que, aínda que inferior, o acreedor acepte a entrega do ben polo seu valor nominal.

2. Cando se trate de saldos favorables en conta, con vencemento diferido, o propio tribunal adoptará as medidas oportunas para logra-la súa cobranza, e poderá designar un administrador cando sexa conveniente ou necesario para a súa realización.

3. Na execución de sentencias que condenen ó pagamento das cantidades debidas por incumprimento de contratos de venda a prazos de bens mobles, se o executante o solicita, faráselle entrega inmediata do ben ou bens mobles vendidos ou financiados a prazos polo valor que resulte das táboas ou índices referenciais de depreciación que se establecesen no contrato.

Artigo 635. *Accións e outras formas de participación sociais.*

1. Se os bens embargados son accións, obrigacións ou outros valores admitidos a negociación en mercado secundario, ordenarase que se alleen consonte as leis que rexen estes mercados.

O mesmo se fará se o ben embargado cotiza en calquera mercado regrado ou pode acceder a un mercado con prezo oficial.

2. Se o embargado son accións ou participacións societarias de calquera clase, que non coticen en Bolsa, a realización farase atendendo as disposicións estatutarias e legais sobre alleamento das accións ou participacións e, en especial, os dereitos de adquisición preferente.

Na falta de disposicións especiais, a realización farase a través de notario ou corredor de comercio colexiado.

Artigo 636. *Realización de bens ou dereitos non comprendidos nos artigos anteriores.*

1. Os bens ou dereitos non comprendidos nos artigos anteriores realizaranse na forma convida entre as partes e interesados e aprobada polo tribunal, de acordo co previsto nesta lei.

2. Na falta de convenio de realización, o alleamento dos bens embargados levarase a cabo mediante algún dos seguintes procedementos:

- 1.º Alleamento por medio de persoa ou entidade especializada, nos casos e na forma previstos nesta lei.
- 2.º Poxa xudicial.

3. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, unha vez embargados os bens, practicaranse as actuacións precisas para a súa poxa xudicial, que se producirá no día sinalado se antes non se solicita e se ordena, de acordo co previsto nesta lei, que a realización forzosa se leve a cabo de maneira diferente.

SECCIÓN 2.ª VALORACIÓN DOS BENS EMBARGADOS

Artigo 637. *Avaliación dos bens.*

Se os bens embargados non son daqueles a que se refiren os artigos 634 e 635, procederase á súa taxación, a non ser que executante e executado se puxesen de acordo sobre o seu valor, antes ou durante a execución.

Artigo 638. *Nomeamento de perito taxador, recusación e intervención de executante e executado na taxación.*

1. Para valora-los bens, designarase o perito taxador que corresponda de entre os que presten servizo na Administración de Xustiza. En defecto destes, poderá encomendárselle-la taxación a organismos ou servizos técnicos dependentes das administracións públicas que dispoñan de persoal cualificado e asumisen o compromiso de colaborar, para estes efectos, coa Administración de Xustiza e, se tampouco se pode recorrer a estes organismos ou servizos, nomearase perito taxador de entre as persoas físicas ou xurídicas que figuren nunha relación, que se formará coas listas que subministren as entidades públicas competentes para conferir habilitacións para a valoración de bens, así como os colexios profesionais dos que os seus membros estean legalmente capacitados para a dita valoración.

2. O perito designado polo tribunal poderá ser recusado polo executante e o executado que comparecese.

Artigo 639. *Actuación do perito designado e intervención das partes e dos acredores posteriores na taxación.*

1. O nomeamento notificaráselle ó perito designado, quen no seguinte día o aceptará, se non concorre causa de abstención que llo impida.

2. O perito entregarálle a valoración dos bens embargados ó tribunal no prazo de oito días contados a partir da aceptación da encarga. Só por causas xustificadas, que o tribunal sinalará mediante providencia, poderá ampliarse este prazo en función da contía ou complexidade da valoración.

3. A taxación de bens ou dereitos farase polo seu valor de mercado, sen ter en conta, en caso de bens inmoables, as cargas e gravames que pesen sobre deles, respecto das cales haberá que se ater ó disposto no artigo 666.

4. Ata transcorridos cinco días desde que o perito designado polo tribunal entregase a valoración dos bens, as partes e os acredores a que se refire o artigo 658 poderánlle presentar alegacións á dita valoración, así como informes, subscritos por perito taxador, nos que se exprese a valoración económica do ben ou bens obxecto da avaliación. En tal caso, o tribunal, á vista das alegacións formuladas e apreciando tódolos informes segundo as regras da crítica, determinará, mediante providencia, sen ulterior recurso, a valoración definitiva para efectos da execución.

SECCIÓN 3.ª DO CONVENIO DE REALIZACIÓN

Artigo 640. *Convenio de realización xudicialmente aprobado.*

1. O executante, o executado e quen acredite interese directo na execución poderánlle pedir ó tribunal que convoque unha comparecencia coa finalidade de convi-lo modo de realización máis eficaz dos bens hipotecados, peñorados ou embargados, fronte ós que se dirixe a execución.

2. Se o executante se mostra conforme coa comparecencia e o tribunal non encontra motivos razoables para denegala, acordaráa mediante providencia, sen suspensión da execución, convocando as partes e a quen conste no proceso que poida estar interesado.

Na comparecencia, á que poderán concorrer outras persoas, por invitación de executante ou executado, os asistentes poderán propor calquera forma de realización dos bens suxeitos á execución e presentar persoa que, consignando ou afianzando, se ofrezca a adquiri-los devanditos bens por un prezo previsiblemente superior ó que puidese lograrse mediante a poxa xudicial. Tamén caberá propor outras formas de satisfacción do dereito do executante.

3. Se se chega a un acordo entre executante e executado, que non poida causar prexuízo para terceiro cuns dereitos que protexa esta lei, aprobarao o tribunal mediante auto e suspenderá a execución respecto do ben ou bens obxecto do acordo. Tamén aprobará o acordo, co mesmo efecto suspensivo, se inclúe a conformidade dos suxeitos, distintos de executante e executado, ós que afecte.

Cando o convenio se refira a bens susceptibles de inscrición rexistral será necesaria, para a súa aprobación, a conformidade dos acredores e terceiros posuidores que inscribisen ou anotasen os seus dereitos no rexistro correspondente con posterioridade ó gravame que se executa.

4. Cando se acredite o cumprimento do acordo, sobreserase a execución respecto do ben ou bens a que se referise. Se o acordo non se cumpre dentro do prazo pactado ou se, por calquera causa, non se logra a satis-

facción do executante nos termos convidados, poderá este pedir que se alce a suspensión da execución e se proceda á poxa, na forma prevista nesta lei.

5. Se non se logra o acordo a que se refire o número 3 deste artigo, a comparecencia para intentalo poderá repetirse, nas condicións previstas nos dous primeiros números deste artigo, cando as circunstancias do caso o aconsellen, a xuízo do tribunal, para a mellor realización dos bens.

SECCIÓN 4.^a DA REALIZACIÓN POR PERSOA OU ENTIDADE ESPECIALIZADA

Artigo 641. *Realización por persoa ou entidade especializada.*

1. Por petición do executante ou do executado con consentimento do executante e cando as características do ben embargado así o aconsellen, o tribunal poderá acordar, mediante providencia, que o ben o realice persoa especializada e coñecedora do mercado en que se compran e venden eses bens e en quen concorran os requisitos legalmente esixidos para operar no mercado de que se trate.

Tamén poderá acorda-lo tribunal, cando así se solicite nos termos previstos no parágrafo anterior, que o ben sexa alleado por medio de entidade especializada pública ou privada. Cando así se dispoña, o alleamento acomodarase ás regras e usos da casa ou entidade que poxa ou allee, sempre que non sexan incompatibles co fin da execución e coa adecuada protección dos intereses de executante e executado.

2. Nos casos do número anterior, a persoa ou entidade especializada deberá prestar caución na contía que o tribunal determine para responder do cumprimento da encarga. Non se esixirá caución cando a realización se lle encomende a unha entidade pública.

3. A realización encomendaráselle á persoa ou entidade designada na solicitude, sempre que reúna os requisitos legalmente esixidos. Na mesma resolución determinarase as condicións en que deba efectuarse a realización, de conformidade co que as partes acordasen ó respecto. Na falta de acordo, os bens non poderán ser alleados por prezo inferior ó 50 por 100 da taxación.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando os bens que se vaian realizar sexan inmobles, a determinación da persoa ou entidade á que se lle vaia confía-la realización e a das condicións en que esta deba efectuarse, será realizada logo de comparecencia á que serán convocadas as partes e aqueles que consten no proceso que poidan estar interesados. O tribunal resolverá por medio de providencia o que estime procedente, á vista das manifestacións de quen asista á comparecencia, pero non poderá autorizar que o alleamento se realice por prezo inferior ó 70 por 100 do valor que se lle dese ó inmovible de acordo co previsto no artigo 666, agás que conste o acordo das partes e de tódolos interesados, asistisen ou non á comparecencia.

4. Tan pronto como se consume a realización dos bens a persoa ou entidade correspondente procederá a ingresar na conta de depósitos e consignacións a cantidade obtida, descontando os gastos efectuados e o que lles corresponda a aquelas pola súa intervención. O tribunal deberá aproba-la operación ou, se é o caso, solicita-las xustificacións oportunas sobre a realización e as súas circunstancias. Aprobada a operación, devolverase a caución que prestase a persoa ou entidade á que se lle encomendase a realización.

5. Se, transcorridos seis meses desde a encarga, a realización non se leva a cabo, o tribunal dictará auto no que revogue a encarga, agás que a persoa ou entidade á que se lle efectuou esta xustifique que a realización

non foi posible no prazo indicado por motivos que non lle sexan imputables e que, por teren desaparecido xa os devanditos motivos ou por ser previsible a súa pronta desaparición, a encarga poderá realizarse dentro do prazo que se ofreza e que non poderá exceder dos seguintes seis meses. Transcorrido este último prazo sen que se cumprise a encarga, revogarase definitivamente esta.

Revogada a encarga, a caución aplicarase ós fins da execución, agás que a persoa ou entidade que a prestase acredite que a realización do ben non foi posible por causas que non lle sexan imputables.

Artigo 642. *Subsistencia e cancelación de cargas.*

1. As disposicións desta lei sobre subsistencia e cancelación de cargas serán aplicables tamén cando, de acordo co disposto nesta sección e na anterior, se transmita a titularidade de inmobles hipotecados ou embargados.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, os alleamentos que se produzan de acordo co previsto nos dous artigos anteriores deberán ser aprobadas polo tribunal da execución, mediante providencia, logo de comprobación de que a transmisión do ben se produciu con coñecemento, por parte do adquirente, da situación rexistral que resulte da certificación de cargas.

Aprobada a transmisión, haberá que se ater ó disposto para a poxa de inmobles no que se refire á distribución das sumas recadadas, inscrición do dereito do adquirente e mandamento de cancelación de cargas.

SECCIÓN 5.^a DA POXA DOS BENS MOBLES

Artigo 643. *Preparación da poxa. Bens embargados sen valor relevante.*

1. A poxa terá por obxecto a venda dun ou varios bens ou lotes de bens, segundo o que resulte máis conveniente para o bo fin da execución. A formación dos lotes corresponderalle ó secretario xudicial, logo de audiencia das partes. Para tal efecto, antes de anuncia-la poxa, emprazaranse as partes por cinco días para que aleguen o que teñan por conveniente sobre a formación de lotes para a poxa.

2. Non se convocará poxa de bens ou lotes de bens cando, segundo a súa taxación ou valoración definitiva, sexa previsible que coa súa realización non se obterá unha cantidade de diñeiro que supere, cando menos, os gastos orixinados pola mesma poxa.

Artigo 644. *Convocatoria da poxa.*

Unha vez calculado o prezo xusto dos bens mobles embargados, fixarase data para a realización da poxa, con expresión da hora e lugar en que teña que realizarse.

Artigo 645. *Publicidade.*

1. A toda poxa se lle dará publicidade por medio de edictos, que se fixarán no sitio destacado, público e visible na sede do tribunal e lugares públicos de costume.

Ademais, por instancia do executante ou do executado e se o tribunal o xulga conveniente, mediante providencia, daráselle á poxa a publicidade que resulte razoable, utilizando os medios públicos e privados que sexan máis adecuados á natureza e valor dos bens que se pretende realizar.

2. Cada parte estará obrigada ó pagamento dos gastos derivados das medidas que, para a publicidade da poxa, solicitasen, sen prexuízo de incluír na liquidación de custas os gastos que, por este concepto, soporte o executante.

Artigo 646. *Contido dos anuncios.*

Nos edictos a que se refire o punto primeiro do artigo anterior incluírase o prego con tódalas condicións da poxa, xerais e particulares, se as houber, e cantos datos e circunstancias sexan relevantes para o éxito da poxa.

O contido da publicidade que se realice por outros medios acomodarse á natureza do medio que, en cada caso, se utilice, procurando a maior economía de custos, e poderá limitarse ós datos precisos para identifica-los bens ou lotes de bens, o valor de taxación deles, a súa situación posesoria, se son inmobles, conforme o disposto no artigo 661, o lugar e data de celebración da poxa e a indicación do lugar ou lugares en que se encontraren publicados os edictos.

Artigo 647. *Requisitos para poxar. Executante licitador.*

1. Para tomar parte na poxa os licitadores deberán cumprilos seguintes requisitos:

1.º Identificarse de forma suficiente.

2.º Declarar que coñecen as condicións xerais e particulares da poxa.

3.º Presentar xustificante de que depositaron na conta de depósitos e consignacións ou de que prestaron aval bancario polo 20 por 100 do valor de taxación dos bens. Cando o licitador realice o depósito con cantidades recibidas en todo ou en parte dun terceiro, farase constar así no xustificante para os efectos do disposto no número 2 do artigo 652.

2. O executante só poderá tomar parte na poxa cando existan licitadores, e poderá mellora-las ofertas que se fixesen, sen necesidade de consignar cantidade ningunha.

3. Só o executante poderá facer oferta reservándose a facultade de lle cede-lo remate a un terceiro. A cesión verificarase mediante comparecencia ante o tribunal, con asistencia do cesionario, quen deberá aceptala, e todo iso previa ou simultaneamente ó pagamento do prezo do remate.

A mesma facultade terá o executante nos casos en que se solicite a adxudicación dos bens embargados de acordo co previsto nesta lei.

Artigo 648. *Ofertas por escrito.*

Desde o anuncio da poxa ata a súa celebración, poderán facerse ofertas por escrito en sobre cerrado e coas condicións do artigo anterior.

Os sobres conservaraos cerrados o secretario xudicial e serán abertos ó inicio do acto da poxa. As ofertas que conteñan faranse públicas coas demais, producindo os mesmos efectos que as que se realicen oralmente.

Artigo 649. *Desenvolvemento e remate da poxa.*

1. O acto da poxa, que será presidido polo secretario xudicial, comezará coa lectura da relación de bens, ou, se é o caso, dos lotes de bens e as condicións especiais da poxa. Cada lote de bens poxarase por separado.

2. O secretario xudicial anunciará en voz alta o ben ou lote de bens que se poxa e as sucesivas ofertas que se produzan.

3. A poxa terminará co anuncio da mellor oferta e co nome de quen a formulase.

Terminada a poxa, levantarase acta dela, expresando o nome de quen participou e das ofertas que formularon.

Artigo 650. *Aprobación do remate. Pagamento. Adxudicación de bens.*

1. Cando a mellor oferta sexa igual ou superior ó 50 por 100 da taxación, o tribunal, mediante auto, no mesmo día ou no seguinte, aprobará o remate en favor do mellor licitador. O rematante terá que consigna-lo importe da dita oferta, menos o do depósito, no prazo de dez días e, realizada esta consignación, será posto en posesión dos bens.

2. Se é o executante quen fai a mellor oferta, igual ou superior ó 50 por 100 da taxación, aprobado o remate, o secretario xudicial procederá á liquidación do que se deba por principal e xuros, e notificada esta liquidación, o executante consignará a diferenza, de habela, no prazo de dez días, a resultas da liquidación de custas.

3. Se só se fan ofertas superiores ó 50 por 100 da taxación pero ofrecendo pagar a prazos con garantías suficientes, bancarias ou hipotecarias, do prezo alzado, faránselle saber ó executante que, nos cinco días seguintes, poderá pedi-la adxudicación dos bens polo 50 por 100 da taxación. Se o executante non fai uso deste dereito, aprobarase o remate en favor da mellor daquelas ofertas.

4. Cando a mellor oferta mandada na poxa sexa inferior ó 50 por 100 da taxación, poderá o executado, no prazo de dez días, presentar un terceiro que mellore a oferta mandando cantidade superior ó 50 por 100 do valor de taxación ou que, aínda inferior ó dito importe, resulte suficiente para lograla completa satisfacción do dereito do executante.

Transcorrido o indicado prazo sen que o executado realice o previsto no parágrafo anterior, o executante poderá, no prazo de cinco días, pedi-la adxudicación dos bens pola metade do seu valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por tódolos conceptos, sempre que esta cantidade sexa superior á mellor oferta.

Cando o executante non faga uso desta facultade, aprobarase o remate en favor do mellor licitador, sempre que a cantidade que ofrecese supere o 30 por 100 do valor de taxación ou, sendo inferior, cubra, alomenos, a cantidade pola que se despachase a execución, incluíndo a previsión para xuros e custas. Se a mellor oferta non cumpre estes requisitos, o tribunal, oídas as partes, resolverá sobre a aprobación do remate á vista das circunstancias do caso e tendo en conta especialmente a conducta do debedor en relación co cumprimento da obriga pola que se procede, as posibilidades de lograla satisfacción do acredor mediante a realización doutros bens, o sacrificio patrimonial que a aprobación do remate supoña para o debedor e o beneficio que dela obteña o acredor. Cando o tribunal denegue a aprobación do remate, procederase de acordo co disposto no artigo seguinte.

5. En calquera momento anterior á aprobación do remate ou da adxudicación ó acredor, o debedor poderá libera-los seus bens pagando integramente o que se lle deba ó executante por principal, xuros e custas.

Artigo 651. *Poxa sen ningún licitador.*

De no acto da poxa non houber ningún licitador, o acredor poderá pedi-la adxudicación dos bens polo 30 por 100 do valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por tódolos conceptos.

Cando o acredor, no prazo de vinte días, non faga uso desa facultade, procederase ó alzamento do embargo, por instancia do executado.

Artigo 652. *Destino dos depósitos constituídos para poxar.*

1. Aprobado o remate, devolveranse as cantidades depositadas polos licitadores agás a que corresponda

ó mellor licitador, a cal se reservará en depósito como garantía do cumprimento da súa obriga, e, se é o caso, como parte do prezo da venda.

Non embargante, se os demais licitadores o solicitan, tamén se manterán á disposición do tribunal as cantidades depositadas por eles, para que, se o rematante non entrega en prazo o resto do prezo, poida aprobarse o remate en favor dos que o sigan, pola orde das súas respectivas ofertas.

2. As devolucions que procedan de acordo co establecido no número anterior faránselle ó licitador que efectuou o depósito ou á persoa que este designase para tal efecto ó realiza-lo ingreso na conta de depósitos e consignacións. Se se efectuou esta designación, a devolución só se lle poderá facer á persoa designada.

Artigo 653. *Quebra da poxa.*

1. Se ningún dos rematantes a que se refire o artigo anterior consigna o prezo no prazo sinalado ou se por culpa deles deixa de ter efecto a venda, perderán o depósito que efectuasen e procederase a unha nova poxa, agás que cos depósitos constituídos por aqueles rematantes se poida satisfacer-lo capital e xuros do crédito do executante e as custas.

2. Os depósitos dos rematantes que provocaron a quebra da poxa aplicaranse ós fins da execución, de acordo co disposto nos artigos 654 e 672, pero o sobran-te, de o haber, entregaráselles ós depositantes. Cando os depósitos non alcancen para satisfacer-lo dereito do executante e as custas, destinaranse, en primeiro lugar, a satisfacer-los gastos que orixine a nova poxa e o resto unirase ás sumas obtidas naquela e aplicarase conforme o disposto nos artigos 654 e 672. Neste último caso, de haber sobran-te, entregaráselle ó executado ata completa-lo prezo ofrecido na poxa e, se é o caso, será compensado da diminución do prezo que se producise no novo remate; só despois de efectuada esta compensación se lles devolverá o que quede ós depositantes.

3. Cando o rematante que fixese a designación a que se refire o número 2 do artigo anterior deixe transcorrer-lo prazo sinalado para o pagamento do prezo do remate sen efectualo, a persoa designada para recibila devolución do depósito poderá solicitar que o auto de aprobación do remate se dicte no seu favor, consignando simultaneamente a diferenza entre o depositado e o prezo do remate, para o que disporá do mesmo prazo concedido ó rematante para efectualo pagamento, que se contará desde a expiración deste.

Artigo 654. *Pagamento ó executante e destino do remanente.*

1. O prezo do remate entregaráselle ó executante á conta da cantidade pola que se despachase a execución e, se superase a dita cantidade, reterase o remanente á disposición do tribunal, ata que se efectúe a liquidación do que, finalmente, se lle deba ó executante e do importe das custas da execución.

2. Entregaráselle ó executado o remanente que poida existir unha vez finalizada a realización forzosa dos bens, satisfeito plenamente o executante e pagadas as custas.

SECCIÓN 6.^a DA POXA DE BENS INMOBLES

Artigo 655. *Ámbito de aplicación desta sección e aplicación supletoria das disposicións da sección anterior.*

1. As normas desta sección aplicaranse ás poxas de bens inmobles e ás de bens mobles suxeitos a un réxime de publicidade rexistral similar ó daqueles.

2. Nas poxas a que se refire o número anterior serán aplicables as normas da poxa de bens mobles, agás as especialidades que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 656. *Certificación de dominio e cargas.*

1. Cando o obxecto da poxa estea comprendido no ámbito desta sección, o tribunal libraralle mandamento ó rexistrador a cargo do cal se encontre o rexistro de que se trate para que lle remita ó xulgado certificación na que consten os seguintes datos:

1.º A titularidade do dominio e demais dereitos reais do ben ou do dereito gravado.

2.º Os dereitos de calquera natureza que existan sobre o ben rexistrable embargado, en especial, relación completa das cargas inscritas que o graven ou, se é o caso, que está libre de cargas.

2. O rexistrador fará constar por nota marxinal a expedición da certificación a que se refire o número anterior, expresando a data e o procedemento a que se refira.

Artigo 657. *Información de cargas extinguidas ou minoradas.*

1. Por petición do executante, o tribunal dirixirse ós titulares dos créditos anteriores que sexan preferentes ó que serviu para o despacho da execución para que informen sobre a subsistencia actual do crédito garantido e da súa actual contía. Os acredores ós que se lles reclame esta información deberán indicar coa maior precisión se o crédito subsiste ou se extinguiu por calquera causa e, en caso de subsistir, qué cantidade falta pendente de pagamento, na data de vencemento e, se é o caso, os prazos e condicións en que o pagamento deba efectuarse. De o crédito estar vencido e non pagado, informarase tamén dos xuros moratorios vencidos e da cantidade á que ascendan os xuros que se devenguen por cada día de atraso. Cando a preferencia resulte dunha anotación de embargo anterior, expresaranse a cantidade pendente de pagamento por principal e xuros vencidos á data en que se produza a información, así como a cantidade a que ascendan os xuros moratorios que se devenguen por cada día que transcorra sen lle pagar ó acredor e a previsión para custas.

Os oficios que se expidan en virtude do disposto no parágrafo anterior entregaráselle ó procurador do executante para que se encargue do seu cumprimento.

2. Á vista do que os acredores a que se refire o número anterior declaren sobre a subsistencia e contía actual dos seus créditos, o tribunal, por instancia do executante, expedirá os mandamentos que procedan para os efectos previstos no artigo 144 da Lei hipotecaria.

Artigo 658. *Ben inscrito a nome de persoa distinta do executado.*

Se da certificación que expida o rexistrador resulta que o ben embargado se encontra inscrito a nome dunha persoa distinta do executado, o tribunal, oídas as partes constituídas, ordenará alza-lo embargo, de non ser que o procedemento se siga contra o executado en concepto de herdeiro de quen apareza como dono no rexistro ou que o embargo se trabede tendo en conta tal concepto.

Malia o disposto no parágrafo anterior, se a inscrición do dominio a nome de persoa distinta do executado é posterior á anotación do embargo, manterase este e haberá que se ater ó disposto no artigo 662.

Artigo 659. *Titulares de dereitos posteriormente inscritos.*

1. O rexistrador comunicarlle-la existencia da execución ós titulares de dereitos que figuren na certificación de cargas e que aparezan en asentos posteriores

ó do dereito do executante, sempre que o seu domicilio conste no rexistro.

2. Ós titulares de dereitos inscritos con posterioridade á expedición da certificación de dominio e cargas non se lles realizará ningunha comunicación, pero, acreditando ó tribunal a inscrición do seu dereito, daráselles intervención na taxación e nas demais actuacións do procedemento que lles afecten.

3. Cando os titulares de dereitos inscritos con posterioridade ó gravame que se executa satisfagan antes do remate o importe do crédito, xuros e custas, dentro do límite de responsabilidade que resulte do rexistro, quedarán subrogados nos dereitos do demandante ata onde alcance o importe satisfeito. Faranse constalo pagamento e a subrogación na marxe da inscrición ou anotación do gravame en que os devanditos acredores se subrogan e as dos seus créditos ou dereitos respectivos, mediante a presentación no rexistro da acta notarial de entrega das cantidades indicadas ou do oportuno mandamento xudicial, se é o caso.

Artigo 660. *Forma de se practicaren as comunicacións.*

1. As comunicacións a que se refire o artigo anterior practicaranse no domicilio que conste no rexistro, por correo ou telégrafo con xustificante de recepción ou por outro medio que dea fe. Na certificación a que se refire o artigo 656 expresárase que se remitiu esta comunicación.

No caso de o domicilio non constar no rexistro ou de a comunicación lle ser devolta ó rexistro por calquera motivo, o rexistrador practicará nova comunicación mediante edicto no taboleiro de anuncios do rexistro, que se publicará durante un prazo de quince días.

2. A ausencia das comunicacións do rexistro ou os defectos de forma que estas puidesen padecer non serán obstáculo para a inscrición do dereito de quen adquira o inmovible na execución.

Artigo 661. *Comunicación da execución a arrendatarios e a ocupantes de feito. Publicidade da situación posesoria no anuncio da poxa.*

1. Cando, pola manifestación de bens do executado, por indicación do executante ou de calquera outro modo, conste no procedemento a existencia e identidade de persoas, distintas do executado, que ocupen o inmovible embargado, notificaráselle-la existencia da execución, para que, no prazo de dez días, lle presenten ó tribunal os títulos que xustifican a súa situación.

No anuncio da poxa expresárase, co posible detalle, a situación posesoria do inmovible ou que, polo contrario, se encontra desocupado, se se lle acredita cumpridamente esta circunstancia ó tribunal da execución.

2. O executante poderá pedir que, antes de anunciarse a poxa, o tribunal declare que o ocupante ou ocupantes non teñen dereito a permanecer no inmovible, unha vez que este se allease na execución. A petición tramitárase de acordo co establecido no número 3 do artigo 675 e o tribunal accederá a ela e fará, por medio de auto non susceptible de recurso, a declaración solicitada, cando o ocupante ou ocupantes poidan considerarse de mero feito ou sen título suficiente. Noutro caso, declarará, tamén sen ulterior recurso, que o ocupante ou ocupantes teñen dereito a permanecer no inmovible, deixando a salvo as accións que lle poidan corresponder ó futuro adquirente para desaloxar aqueles.

As declaracións a que se refire o parágrafo anterior faranse constar no anuncio da poxa.

Artigo 662. *Terceiro posuidor.*

1. Se antes de que se venda ou adxudique na execución un ben inmovible e despois de se anota-lo seu embargo ou de se consignar rexistralmente o comezo do procedemento de constrinximento, pasa aquel ben a poder dun terceiro posuidor, este, acreditando a inscrición do seu título, poderá pedir que se lle exhiban os autos na secretaría, o que se acordará sen paraliza-lo curso do procedemento, entendéndose tamén con el as actuacións ulteriores.

2. Considerarase, así mesmo, terceiro posuidor a quen, no tempo a que se refire o número anterior, adquise soamente o usufructo ou dominio útil do predio hipotecado ou embargado, ou ben a núa propiedade ou dominio directo.

3. En calquera momento anterior á aprobación do remate ou á adxudicación ó acredor, o terceiro posuidor poderá libera-lo ben satisfacendo o que se lle deba ó acredor por principal, xuros e custas, dentro dos límites da responsabilidade a que estea suxeito o ben, e sendo de aplicación, se é o caso, o disposto no número 3 do artigo 613 desta lei.

Artigo 663. *Presentación da titulación dos inmovibles embargados.*

Na mesma resolución en que se mande expedir certificación de dominio e cargas dos bens inmovibles embargados, o tribunal poderá, mediante providencia, de oficio ou por instancia de parte, requiri-lo executado para que no prazo de dez días presente os títulos de propiedade de que dispoña, se o ben está inscrito no rexistro.

A presentación dos títulos comunicarásele ó executante para que manifieste se os encontra suficientes, ou propoña a emenda das faltas que note neles.

Artigo 664. *Non-presentación ou inexistencia de títulos.*

Se o executado non presenta os títulos dentro do prazo antes sinalado, o tribunal, por instancia do executante, poderá emprega-los constrinximentos que estime conducentes para obrigalo a que os presente, obténdose, se é o caso, dos rexistros ou arquivos en que se encontren, para o que poderá ser facultado o procurador do executante.

Cando non existan títulos de dominio, poderá suplirse a súa falta polos medios establecidos no título VI da Lei hipotecaria. Se o tribunal da execución é competente para recoñecer das actuacións xudiciais que, para tal efecto, teñan que practicarse, levaranse a cabo estas dentro do proceso de execución.

Artigo 665. *Poxa sen suplencia da falta de títulos.*

Por instancia do acredor poderán sacarse os bens a poxa pública sen suplir previamente a falta de títulos de propiedade, expresando nos edictos esta circunstancia. En tal caso observarase o previsto na regra 5.^a do artigo 140 do Regulamento para a execución da Lei hipotecaria.

Artigo 666. *Valoración de inmovibles para a súa poxa.*

1. Os bens inmovibles saíran a poxa polo valor que resulte de deducir da súa taxación, realizada de acordo co previsto nos artigos 637 e seguintes desta lei, o importe de tódalas cargas e dereitos anteriores ó gravame polo que se despachase execución a preferencia da cal resulte da certificación rexistral de dominio e cargas.

Esta operación será realizada polo secretario xudicial descontando do valor polo que fose taxado o inmovible

o importe total garantido que resulte da certificación de cargas ou, se é o caso, o que se fixese constar no rexistro de acordo co disposto no número 2 do artigo 657.

2. Se o valor das cargas ou gravames iguala ou excede do determinado para o ben, o tribunal alzará o embargo.

Artigo 667. *Anuncio da poxa.*

A poxa anunciarase con vinte días de antelación, cando menos, ó sinalado para a súa celebración.

O sinalamento do lugar, día e hora para a poxa notificaráselle ó executado, coa mesma antelación, no domicilio que conste no título executivo.

Artigo 668. *Contido do anuncio da poxa.*

A poxa anunciarase de acordo co previsto no artigo 646, expresándose nos edictos a identificación do predio, que se efectuará en forma concisa, a valoración inicial para a poxa, determinada de acordo co disposto no artigo 666 e os datos seguintes:

1.º Que a certificación rexistral e, se é o caso, a titulación sobre o inmovible ou inmovibles que se poxan está de manifesto na secretaría.

2.º Que se entenderá que todo licitador acepta como bastante a titulación existente ou que non existan títulos.

3.º Que as cargas ou gravames anteriores, de os haber, ó crédito do demandante continuarán subsistentes e que, polo só feito de participar na poxa, o licitador os admite e acepta quedar subrogado na responsabilidade derivada daqueles, se o remate se adxudica ó seu favor.

Artigo 669. *Condicións especiais da poxa.*

1. Para tomar parte na poxa os licitadores deberán depositar, previamente, o 30 por 100 do valor que se lles dese ós bens de acordo co establecido no artigo 666 desta lei. O depósito efectuarase conforme o disposto no número 3.º do punto 1 do artigo 647.

2. Polo simple feito de participar na poxa entenderase que os licitadores aceptan como suficiente a titulación que consta en autos ou que non exista titulación e que aceptan, así mesmo, subrogarse nas cargas anteriores ó crédito polo que se executa, en caso de que o remate se adxudique ó seu favor.

Artigo 670. *Aprobación do remate. Pagamento. Adjudicación dos bens ó acredor.*

1. Se a mellor oferta é igual ou superior ó 70 por 100 do valor polo que o ben saíu a poxa, o tribunal, mediante auto, o mesmo día ou o día seguinte, aprobará o remate en favor do mellor licitador. No prazo de vinte días, o rematante terá que consignar na conta de depósitos e consignacións a diferenza entre o depositado e o prezo total do remate.

2. De se-lo executante quen faga a mellor oferta igual ou superior ó 70 por 100 do valor polo que o ben saíu a poxa, aprobado o remate, o secretario xudicial procederá á liquidación do que se deba por principal, xuros e custas e, notificada esta liquidación, o executante consignará a diferenza, de habela.

3. Se só se fan ofertas superiores ó 70 por 100 do valor polo que o ben saíu a poxa, pero ofrecendo pagar a prazos con garantías suficientes, bancarias ou hipotecarias, do prezo aprazado, faránselle saber ó executante, quen, nos vinte días seguintes, poderá pedi-la adjudicación do inmovible polo 70 por 100 do valor de

saída. Se o executante non fai uso deste dereito, aprobarase o remate en favor da mellor daquelas ofertas, coas condicións de pagamento e garantías ofrecidas nela.

4. Cando a mellor oferta ofrecida na poxa sexa inferior ó 70 por 100 do valor polo que o ben saíu a poxa, poderá o executado, no prazo de dez días, presentar un terceiro que mellore a oferta ofrecendo cantidade superior ó 70 por 100 do valor de taxación ou que, aínda inferior ó dito importe, resulte suficiente para lograla completa satisfacción do dereito do executante.

Transcorrido o indicado prazo sen que o executado realice o previsto no parágrafo anterior, o executante poderá, no prazo de cinco días, pedi-la adxudicación do inmovible polo 70 por 100 do dito valor ou pola cantidade que se lle deba por tódolos conceptos, sempre que esta cantidade sexa superior á mellor oferta.

Cando o executante non faga uso desta facultade, aprobarase o remate en favor do mellor licitador, sempre que a cantidade que ofrecese supere o 50 por 100 do valor de taxación ou, sendo inferior, cubra, alomenos, a cantidade pola que se despachase a execución, incluíndo a previsión para xuros e custas. Se a mellor oferta non cumpre estes requisitos, o tribunal, oídas as partes, resolverá sobre a aprobación do remate á vista das circunstancias do caso e tendo en conta especialmente a conduta do debedor en relación co cumprimento da obriga pola que se procede, as posibilidades de lograla satisfacción do acredor mediante a realización doutros bens, o sacrificio patrimonial que a aprobación do remate supoña para o debedor e o beneficio que dela obteña o acredor. Cando o tribunal denegue a aprobación do remate, procederase de acordo co disposto no artigo seguinte.

5. Quen resulte adxudicatario do ben inmovible conforme o previsto nos números anteriores terá que aceptar a subsistencia das cargas ou gravames anteriores, se os houber, e subrogarse na responsabilidade derivada deles.

6. Cando sexa reclamado para constituí-la hipoteca a que se refire o número 12.º do artigo 107 da Lei hipotecaria, o secretario xudicial expedirá inmediatamente testemuño do auto de aprobación do remate, mesmo antes de se paga-lo prezo, facendo consta-la finalidade para a que se expide. A solicitude suspenderá o prazo para paga-lo prezo do remate, que se continuará unha vez entregado o testemuño ó solicitante.

7. En calquera momento anterior á aprobación do remate ou da adjudicación ó acredor, o debedor poderá libera-los seus bens pagando integramente o que se lle deba ó executante por principal, xuros e custas.

Artigo 671. *Poxa sen ningún licitador.*

Se no acto da poxa non hai ningún licitador, poderá o acredor pedi-la adjudicación dos bens polo 50 por 100 do seu valor de taxación ou pola cantidade que se lle deba por tódolos conceptos.

Cando o acredor, no prazo de vinte días, non faga uso desa facultade, procederase ó alzamento do embargo, por instancia do executado.

Artigo 672. *Destino das sumas obtidas na poxa de inmovibles.*

1. Ó prezo do remate daráselle o destino previsto no número 1 do artigo 654, pero o remanente, de habelo, reterase para o pagamento de quen teña o seu dereito inscrito ou anotado con posterioridade ó do executante. Se satisfeitos estes acredores, aínda existe sobrante, entregaráselle ó executado ou ó terceiro posuidor.

O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do destino que se lle deba dar ó remanente cando se orde-

nase a súa retención nalgunha outra execución singular ou en calquera proceso concursal.

2. Calquera interesado poderalle solicitar ó tribunal que sexan requiridos os titulares de créditos posteriores para que, no prazo de trinta días, acrediten a subsistencia e esixibilidade dos seus créditos e presenten liquidación deles.

Das liquidacións presentadas daráselle traslado a quen promovese o incidente, para que alegue o que conveña ó seu dereito e achegue a proba documental de que dispoña no prazo de dez días. O tribunal resolverá a continuación, por medio de auto non susceptible de recurso, o que proceda, para os únicos efectos da distribución das sumas recadadas na execución e deixando a salvo as accións que lles puidesen corresponder ós acredores posteriores para facer valer os seus dereitos como e contra quen corresponda.

Transcorrido o prazo indicado sen que ningún acredor presente a liquidación do seu crédito, daráselle ó remanente o destino previsto no número anterior.

Artigo 673. *Poxa simultánea.*

Cando o aconsellen as circunstancias, e por solicitude de calquera das partes, o tribunal, mediante providencia, poderá ordenar que se anuncie e celebre poxa en forma simultánea na sede do xulgado executor e, mediante exhorto, nun ou en varios xulgados de distintos partidos xudiciais, onde radiquen, total ou parcialmente, os bens inmobles poxados. En tales casos os licitadores poderán acudir libremente a calquera das sedes de celebración e o tribunal executor non aprobará o remate ata coñecer, por calquera medio de comunicación, as ofertas efectuadas en todas elas, citando persoalmente os licitadores que realizasen idéntica oferta, para que comparezan perante el para celebrar licitación dirimente entre deles, se o dito empate non se puido salvar mediante comunicación telefónica, ou de calquera outra clase, durante a celebración das poxas simultáneas.

Artigo 674. *Inscripción da adquisición: título. Cancelación de cargas.*

1. Será título bastante para a inscrición no Rexistro da Propiedade o testemuño, expedido polo secretario xudicial, comprensivo do auto de aprobación do remate, da adxudicación ó acredor ou da transmisión por convenio de realización ou por persoa ou entidade especializada, e no que se exprese, se é o caso, que se consignou o prezo, así como as demais circunstancias necesarias para a inscrición consonte a lexislación hipotecaria.

O testemuño expresará, se é o caso, que o rematante obtivo crédito para atende-lo pagamento do prezo do remate e, se é o caso, o depósito previo, indicando os importes financiados e a entidade que concedese o préstamo, para os efectos previstos no artigo 134 da Lei hipotecaria.

2. Por instancia do adquirente, expedirase, se é o caso, mandamento de cancelación da anotación ou inscrición do gravame que orixinase o remate ou a adxudicación.

Así mesmo, mandarase a cancelación de tódalas inscricións e anotacións posteriores, mesmo as que se verificasen despois de expedida a certificación prevista no artigo 656, facéndose constar no mesmo mandamento que o valor do vendido ou adxudicado foi igual ou inferior ó importe total do crédito do demandante e, no caso de o ter superado, que se retivo o remanente á disposición dos interesados.

Tamén se expresarán no mandamento as demais circunstancias que a lexislación hipotecaria esixa para a inscrición da cancelación.

Artigo 675. *Posesión xudicial e ocupantes do inmovible.*

1. De o adquirente o solicitar, será posto en posesión do inmovible que non se encontre ocupado.

2. Se o inmovible está ocupado, procederase de inmediato ó lanzamento unha vez que o tribunal resolva, de acordo co previsto no número 2 do artigo 661, que o ocupante ou ocupantes non teñen dereito a permanecer nel. Os ocupantes desaloxados poderán exercer os dereitos que crean que os asisten no xuízo que corresponda.

Cando, estando o inmovible ocupado, non se procedese previamente de acordo co disposto no número 2 do artigo 661, o adquirente poderalle pedir ó tribunal da execución o lanzamento de quen, tendo en conta o disposto no artigo 661, poida considerarse ocupante de simple feito ou sen título suficiente. A petición deberá ser efectuada no prazo dun ano desde a adquisición do inmovible polo rematante ou adxudicatario, transcorrido o cal a pretensión de desaloxo só poderá facerse valer no xuízo que corresponda.

3. A petición de lanzamento a que se refire o número anterior notificaráselles ós ocupantes indicados polo adquirente, con citación a unha vista dentro do prazo de dez días, na que poderán alegar e probalo que consideren oportuno respecto da súa situación. O tribunal, por medio de auto, sen ulterior recurso, resolverá sobre o lanzamento, que decretará en todo caso se o ocupante ou ocupantes citados non comparecen sen xusta causa.

4. O auto que resolva sobre o lanzamento dos ocupantes dun inmovible deixará a salvo, calquera que sexa o seu contido, os dereitos dos interesados, que se poderán exercer no xuízo que corresponda.

SECCIÓN 7.^a DA ADMINISTRACIÓN PARA PAGAMENTO

Artigo 676. *Constitución da administración.*

1. En calquera momento, o executante poderá pedir-lle ó tribunal que se lle entreguen en administración todos ou parte dos bens embargados para aplica-los seus rendementos ó pagamento do principal, xuros e custas da execución.

2. O tribunal, mediante providencia, acordará a administración para pagamento cando a natureza dos bens así o aconselle e disporá que, logo de inventario, se poña o executante en posesión dos bens, e que se lles dea a coñecer ás persoas que o mesmo executante designe.

Antes de acorda-la administración daráselles audiencia, se é o caso, ós terceiros titulares de dereitos sobre o ben embargado inscritos ou anotados con posterioridade ó do executante.

3. O tribunal, por instancia do executante, poderalles impor multas coercitivas ó executado ou ós terceiros que impidan ou dificulten o exercicio das facultades do administrador, sen prexuízo das demais responsabilidades en que aqueles puidesen incorrer.

Artigo 677. *Forma da administración.*

A administración para pagamento aterase ó que pacten executante e executado; en ausencia de pacto, entenderase que os bens han de ser administrados segundo o costume do país.

Artigo 678. *Rendición de contas.*

1. O acredor, agás que outra cousa acorde o tribunal ou conveñan as partes, renderá contas anualmente da administración para pagamento ó secretario xudicial. Das contas presentadas polo acredor daráselle vista ó exe-

cutado, por prazo de quince días. Se este formula alegacións, daráselle traslado delas ó executante para que, por prazo de nove días, manifeste se está ou non conforme con elas.

2. Se non existe acordo entre eles, serán convocados ambos a unha comparecencia no prazo de cinco días, na cal se admitirán as probas que se propuxesen e se considerasen útiles e pertinentes, fixando para practicalas o tempo que se coide prudencial, que non poderá exceder de dez días.

Practicada, se é o caso, a proba admitida, o tribunal dictará auto, no prazo de cinco días, no que resolverá o procedente sobre a aprobación ou rectificación das contas presentadas.

Artigo 679. *Controversias sobre a administración.*

Agás as controversias sobre rendición de contas, tódalas demais cuestións que poidan xurdir entre o acreedor e o executado, con motivo da administración dos predios embargados, substanciaranse polos trámites establecidos para o xuízo verbal.

Artigo 680. *Finalización da administración.*

1. Cando ó executante se lle fixese pagamento do seu crédito, xuros e custas co produto dos bens administrados, volverán estes a poder do executado.

2. O executado poderá en calquera momento paga-lo que falte da súa débeda, segundo o último estado de conta presentado polo acreedor, caso en que aquel será repostado inmediatamente na posesión dos seus bens e cesará este na administración, sen prexuízo de render a súa conta xeral nos quince días seguintes, e das demais reclamacións a que un e outro se crean con dereito.

3. Se o executante non logra a satisfacción do seu dereito mediante a administración, poderalle pedir ó tribunal que se poña termo a esta e que, logo de rendición de contas, se proceda á realización forzosa por outros medios.

CAPÍTULO V

Das particularidades da execución sobre bens hipotecados ou peñorados

Artigo 681. *Procedemento para esixir-lo pagamento de débedas garantidas por peñor ou hipoteca.*

1. A acción para esixir-lo pagamento de débedas garantidas por peñor ou hipoteca poderá exercerse directamente contra os bens peñorados ou hipotecados, suxeitando o seu exercicio ó disposto neste título, coas especialidades que se establecen no presente capítulo.

2. Cando se reclame o pagamento de débedas garantidas por hipoteca naval, o disposto no número anterior só será aplicable nos dous primeiros casos do artigo 39 da Lei de hipoteca naval.

Artigo 682. *Ámbito deste capítulo.*

1. As normas deste capítulo só serán aplicables cando a execución se dirixa exclusivamente contra bens peñorados ou hipotecados en garantía da débeda pola que se proceda.

2. Cando se persigan bens hipotecados, as disposicións deste capítulo aplicaranse sempre que, ademais do disposto no número anterior, se cumplan os requisitos seguintes:

1.º Que na escritura de constitución da hipoteca se determine o prezo en que os interesados taxan o

predio ou ben hipotecado, para que sirva de tipo na poxa.

2.º Que, na mesma escritura, conste un domicilio, que fixará o debedor, para a práctica dos requirimentos e das notificacións.

Na hipoteca sobre establecementos mercantís terase necesariamente por domicilio o local en que estea instalado o establecemento que se hipoteca.

3. O rexistrador fará constar na inscrición da hipoteca as circunstancias a que se refire o número anterior.

Artigo 683. *Cambio do domicilio sinalado para requirimentos e notificacións.*

1. O debedor e o hipotecante non debedor poderán cambia-lo domicilio que designasen para a práctica de requirimentos e notificacións, suxeitándose ás regras seguintes:

1.ª Cando os bens hipotecados sexan inmobles, non será necesario o consentimento do acreedor, sempre que o cambio teña lugar dentro da mesma poboación que se designase na escritura, ou de calquera outra que se atope no termo en que radiquen os predios e que sirva para determina-la competencia do xulgado.

Para cambiar ese domicilio a punto diferente dos expresados será necesaria a conformidade do acreedor.

2.ª Cando se trate de hipoteca mobiliaria, o domicilio non poderá ser cambiado sen consentimento do acreedor.

3.ª En caso de hipoteca naval, abondará con pór en coñecemento do acreedor o cambio de domicilio.

2. Os cambios de domicilio a que fai referencia o número anterior faranse constar en acta notarial e, no rexistro correspondente, por nota na marxe da inscrición da hipoteca.

3. Para efectos de requirimentos e notificacións, o domicilio dos terceiros adquirentes de bens hipotecados será o que apareza designado na inscrición da súa adquisición. En calquera momento poderá o terceiro adquirente cambia-lo dito domicilio na forma prevista no número anterior.

Artigo 684. *Competencia.*

1. Para coñecer dos procedementos a que se refire este capítulo será competente:

1.º De os bens hipotecados seren inmobles, o xulgado de primeira instancia do lugar en que radica o predio e se este radicase en máis dun partido xudicial, o mesmo que se son varios e radican en diferentes partidos, o xulgado de primeira instancia de calquera deles, por elección do demandante, sen que sexan aplicables neste caso as normas sobre submisión expresa ou tácita contidas nesta lei.

2.º Se os bens hipotecados son buques, o xulgado de primeira instancia ó que se sometesen as partes no título constitutivo da hipoteca e, no seu defecto, o xulgado do lugar en que se constituíse a hipoteca, o do porto en que se encontre o buque hipotecado, o do domicilio do demandado ou o do lugar en que radique o rexistro en que foi inscrita a hipoteca, por elección do demandante.

3.º Se os bens hipotecados son mobles, o xulgado de primeira instancia ó que as partes se sometesen na escritura de constitución de hipoteca e, no seu defecto, o do partido xudicial onde esta fose inscrita. De seren varios os bens hipotecados e inscritos en diversos rexistros, será competente o xulgado de primeira instancia de calquera dos partidos xudiciais correspondentes, por elección do demandante.

4.º De tratarse de bens peñorados, o xulgado de primeira instancia ó que as partes se sometesen na escritura ou póliza de constitución da garantía e, no seu defecto, o do lugar en que os bens se atopan, estean almacenados ou se entendan depositados.

2. O tribunal examinará de oficio a súa propia competencia territorial.

Artigo 685. Demanda executiva e documentos que se lle teñen que xuntar a esta.

1. A demanda executiva deberá dirixirse fronte ó debedor e, se é o caso, fronte ó hipotecante non debedor ou fronte ó terceiro posuidor dos bens hipotecados, sempre que este último lle acredite a adquisición do devandito bens.

2. Á demanda xuntaráselle o título ou títulos de crédito, revestidos dos requisitos que esta lei esixe para o despacho da execución, así como os demais documentos a que se refiren o artigo 550 e, nos seus respectivos casos, os artigos 573 e 574 desta lei.

En caso de execución sobre bens hipotecados ou sobre bens en réxime de peñor sen desprazamento, se non pode presentarse o título inscrito, deberá xuntarse co que se presente certificación do Rexistro que acredite a inscrición e subsistencia da hipoteca.

3. Para os efectos do procedemento regulado neste capítulo considerárase título suficiente para despachar execución o documento privado de constitución da hipoteca naval inscrito no rexistro conforme o disposto no artigo 3 da Lei de hipoteca naval.

4. Para a execución das hipotecas sobre bens inmo- bles constituídas a favor dunha entidade das que legal- mente poden chegar a emitir cédulas hipotecarias ou que, ó iniciarse o procedemento, garantan créditos e préstamos afectos a unha emisión de bonos hipotecarios, abondará coa presentación dunha certificación do Rexis- tro da Propiedade que acredite a inscrición e subsistencia da hipoteca. A dita certificación completárase con cal- quera copia autorizada da escritura de hipoteca, que poderá ser parcial comprendendo tan só o predio ou predios obxecto da execución.

Artigo 686. Requirimento de pagamento.

1. No mesmo auto en que se despache execución mandarase que se requira de pagamento ó debedor e, se é o caso, ó hipotecante non debedor ou ó terceiro posuidor contra quen se dirixa a demanda, no domicilio que resulte vixente no rexistro.

2. Sen prexuízo da notificación ó debedor do despacho da execución, non se practicará o requirimento a que se refire o número anterior cando se acredite que se efectuou extraxudicialmente o requirimento ou requirimentos, conforme o disposto no número 2 do artigo 581.

Para estes efectos, o requirimento extraxudicial debe- rá terse practicado no domicilio que resulte vixente no rexistro, ben persoalmente se se encontrase nel o debe- dor, o hipotecante non debedor ou o terceiro posuidor que teña que ser requirido, ou ben ó parente máis próxi- mo, familiar ou dependente maiores de catorce anos que se atopan na habitación do que teña que ser requi- rido e se non se encontra a ninguén nela, ó porteiro ou ó veciño máis próximo que haxa.

Artigo 687. Depósito dos vehículos de motor hipote- cados e dos bens peñorados.

1. Cando o procedemento teña por obxecto débe- das garantidas por peñor ou hipoteca de vehículos de motor, mandarase que os bens peñorados ou os vehícu-

los hipotecados se depositen en poder do acredor ou da persoa que este designe.

Os vehículos depositados precintaranse e non pode- rán ser utilizados, agás que iso non sexa posible por disposicións especiais; neste caso nomearase un inter- ventor.

2. O depósito a que se refire o número anterior acor- darase no mesmo auto que despache a execución, se se lle requiriu extraxudicialmente pagamento ó debedor. Noutro caso, ordenarase requirir de pagamento ó debe- dor de acordo co previsto nesta lei e, se este non atende o requirimento, mandarase constituí-lo depósito.

3. Cando non poidan ser aprehendidos os bens peñorados, nin constituírse o depósito deles, non se seguirá adiante o procedemento.

Artigo 688. Certificación de dominio e cargas. Sobre- semento da execución en caso de inexistencia ou cancelación da hipoteca.

1. Cando a execución se siga sobre bens hipote- cados, reclamaráselle ó rexistrador certificación na que consten os extremos a que se refire o número 1 do artigo 656 e na que se exprese, así mesmo, que a hipo-oteca en favor do executante se atopa subsistente e sen cancelar ou, se é o caso, a cancelación ou modificacións que aparezan no Rexistro.

2. O rexistrador fará constar por nota marxinal na inscrición de hipoteca que se expediu a certificación de dominio e cargas, expresando a súa data e a existencia do procedemento a que se refire.

Entrementres non se cancele por mandamento xudi- cial a dita nota marxinal, o rexistrador non poderá can- cела-la hipoteca por causas distintas da propia execución.

3. Se da certificación resulta que a hipoteca na que o executante funda a súa reclamación non existe ou foi cancelada, o tribunal dictará auto no que porá fin á execución. Contra esta resolución poderá interporse recurso de apelación.

Artigo 689. Comunicación do procedemento ó titular inscrito e ós acredores posteriores.

1. Se da certificación rexistral aparece que a persoa a favor da cal resulte practicada a última inscrición de dominio non foi requirida de pagamento en ningunha das formas notarial ou xudicial, previstas nos artigos anteriores, notificaráselle a existencia do procedemento a aquela persoa, no domicilio que conste no Rexistro, para que poida, se lle convén, intervir na execución, con- forme o disposto no artigo 662, ou satisfacer antes do remate o importe do crédito e os xuros e custas na parte que estea asegurada coa hipoteca do seu predio.

2. Cando existan cargas ou dereitos reais consti- tuídos con posterioridade á hipoteca que garante o cré- dito do demandante, aplicarase o disposto no artigo 659.

Artigo 690. Administración do predio ou ben hipotecado.

1. Transcorrido o prazo de dez días desde o requi- rimento de pagamento ou, cando este se efectuase extraxudicialmente, desde o despacho da execución, o acredor poderá pedir que se lle confira a administración ou a posesión interina do predio ou ben hipotecado. O acredor percibirá neste caso as rendas vencidas e non satisfeitas, se así se estipulou, e os froitos, rendas e produtos posteriores, cubrindo con iso os gastos de conservación e explotación dos bens e despois o seu propio crédito.

Para os efectos anteriormente previstos, a adminis- tración interina notificaráselle ó ocupante do inmo- ble, coa indicación de que queda obrigado a lle efectuar ó

administrador os pagamentos que lle deban facer ó propietario.

Tratándose de inmobles desocupados, o administrador será posto, con carácter provisional, na posesión material daqueles.

2. Se os acredores son máis dun, corresponderalle a administración ó que sexa preferente, segundo o rexistro, e se son da mesma prelación poderá pedila calquera deles en beneficio común, aplicando os froitos, rendas e produtos segundo determina o número anterior, a pro rata entre os créditos de tódolos demandantes. Se o piden varios da mesma prelación, decidirá o tribunal mediante providencia segundo o seu prudente arbitrio.

3. A duración da administración e posesión interina que se lle conceda ó acredor non excederá, como norma xeral, de dous anos, se a hipoteca é inmobiliaria, e dun ano, se é mobiliaria ou naval. O seu termo, o acredor renderalle contas da súa xestión ó tribunal, quen as aprobará, se procede. Sen este requisito non poderá proseguirse a execución.

4. Cando se siga o procedemento por débeda garantida con hipoteca sobre vehículo de motor, só se acordará a administración a que se refiren os números anteriores se o acredor que a solicite presta caución suficiente en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

5. Cando a execución hipotecaria concorra cun proceso concursal, en materia de administración ou posesión interina terá que se ater ó que dispoña o tribunal que coñeza do proceso concursal, conforme as normas reguladoras del.

Artigo 691. *Convocatoria da poxa de bens hipotecados. Publicidade da convocatoria.*

1. Cumprido o disposto nos artigos anteriores e transcorridos trinta días desde que tiveron lugar o requirimento de pagamento e as notificacións antes expresadas, procederáse por instancia do demandante, do debedor ou do terceiro posuidor, á poxa do predio ou ben hipotecado.

2. A poxa anunciarase con vinte días de antelación, polo menos. O sinalamento do lugar, día e hora para o remate notificaráselle ó debedor, coa mesma antelación, no domicilio que conste no rexistro.

3. Cando se siga o procedemento por débeda garantida con hipoteca sobre establecemento mercantil o anuncio indicará que o adquirente quedará suxeito ó disposto na Lei sobre arrendamentos urbanos, aceptando, se é o caso, o dereito do arrendador a eleva-la renda por cesión do contrato.

4. A poxa de bens hipotecados, sexan mobles ou inmobles, realizarase de acordo co disposto nesta lei para a poxa de bens inmobles.

5. Nos procesos de execución a que se refire este capítulo poderán utilizarse tamén a realización mediante convenio e a realización por medio de persoa ou entidade especializada reguladas nas seccións 3.^a e 4.^a do capítulo IV deste título.

Artigo 692. *Pagamento do crédito hipotecario e aplicación do sobrante.*

1. O prezo do remate destinarase, sen dilación, a lle pagar ó demandante o principal do seu crédito, os xuros devengados e as custas causadas, sen que o entregado ó acredor por cada un destes conceptos exceda do límite da respectiva cobertura hipotecaria; o exceso, se o houber, depositarase por disposición dos titulares de dereitos posteriores inscritos ou anotados sobre o ben hipotecado. Satisfeitos, se é o caso, os acredores posteriores, entregaráselle o remanente ó propietario do ben hipotecado.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o propietario do ben hipotecado é o propio debedor, o prezo do remate, na contía que exceda do límite da cobertura hipotecaria, destinarase ó pagamento da totalidade do que se lle deba ó executante polo crédito que sexa obxecto da execución, unha vez satisfeitos, se é o caso, os créditos inscritos ou anotados posteriores á hipoteca e sempre que o debedor non se encontre en situación de suspensión de pagamentos, concurso ou quebra.

2. Quen se considere con dereito ó remanente que poida quedar tralo pagamento ós acredores posteriores poderá promoverlo incidente previsto no número 2 do artigo 672.

O disposto neste número e no anterior enténdese sen prexuízo do destino que deba dárselle ó remanente cando se ordenase a súa retención nalgunha outra execución singular ou en calquera proceso concursal.

3. No mandamento que se expida para a cancelación da hipoteca que garantía o crédito do executante e, se é o caso, das inscricións e anotacións posteriores, expresarase, ademais do disposto no artigo 674, que se fixeron as notificacións a que se refire o artigo 689.

Artigo 693. *Reclamación limitada a parte do capital ou dos xuros dos que o pagamento se deba facer en prazos diferentes. Vencemento anticipado de débedas a prazos.*

1. O disposto neste capítulo será aplicable ó caso en que deixe de pagarse unha parte do capital do crédito ou dos xuros, o pagamento dos cales deba facerse en prazos diferentes, se vence algún deles sen cumprilo debedor a súa obriga, e sempre que tal estipulación conste inscrita no Rexistro.

Se para o pagamento dalgún dos prazos do capital ou dos xuros é necesario allea-lo ben hipotecado, e aínda quedan por vencer outros prazos da obrigación, verificarase a venda e transferiráselle o predio ó comprador coa hipoteca correspondente á parte do crédito que non estea satisfeita.

2. Poderá reclamarse a totalidade do debido por capital e por xuros se se conviñese o vencemento total en caso de falta de pagamento dalgún dos prazos diferentes e este convenio constase inscrito no Rexistro.

3. No caso a que se refire o número anterior, o acredor poderá solicitar que, sen prexuízo de que a execución se despache pola totalidade da débeda, se lle comunique ó debedor que, ata o día sinalado para a celebración da poxa, poderá libera-lo ben mediante a consignación da cantidade exacta que por principal e xuros estea vencida na data de presentación da demanda, incrementada, se é o caso, cos vencementos do préstamo e os xuros de demora que se vaian producindo ó longo do procedemento e resulten impagados en todo ou en parte. Para estes efectos, o acredor poderá solicitar que se proceda conforme o previsto no número 2 do artigo 578.

Se o ben hipotecado é a vivenda familiar, o debedor poderá, por unha soa vez, mesmo sen o consentimento do acredor, libera-lo ben mediante a consignación das cantidades expresadas no parágrafo anterior.

Se o debedor efectúa o pagamento nas condicións previstas no número anterior, liquidaranse as custas e, unha vez satisfeitas estas, o tribunal dictará providencia pola que declarará rematado o procedemento. O mesmo se acordará cando o pagamento o realice un terceiro co consentimento do executante.

Artigo 694. *Realización dos bens peñorados.*

1. Constituído o depósito dos bens peñorados, procederáse á súa realización conforme o disposto nesta lei para o procedemento de constrinximento.

2. Cando os bens peñorados non sexan daqueles a que se refire a sección 1.^a do capítulo IV deste título, mandarase anunciar a poxa conforme o previsto nos artigos 645 e seguintes desta lei.

O valor dos bens para a poxa será o fixado na escritura ou póliza de constitución do peñor e, se non se sinalou, o importe total da reclamación por principal, xuros e custas.

Artigo 695. *Oposición á execución.*

1. Nos procedementos a que se refire este capítulo só se admitirá a oposición do executado cando se funde nas seguintes causas:

1.^a Extinción da garantía ou da obrigaçión garantida, sempre que se presente certificación do rexistro expresiva da cancelación da hipoteca ou, se é o caso, do peñor sen desprazamento, ou escritura pública de carta de pagamento ou de cancelación da garantía.

2.^a Erro na determinación da cantidade esixible, cando a débeda garantida sexa o saldo que presente o peche dunha conta entre executante e executado. O executado deberá acompañalo seu exemplar da cartilla na que consten os asentos da conta e só se admitirá a oposición cando o saldo que presente a dita cartilla sexa distinto do que resulte da presentada polo executante.

Non será necesario achegar cartilla cando o procedemento se refira ó saldo resultante do peche de contas correntes ou operacións similares derivadas de contratos mercantís outorgados por entidades de crédito, aforro ou financiamento nos que se conviñese que a cantidade esixible en caso de execución será a especificada en certificación expedida pola entidade acreedora, pero o executado deberá expresar coa debida precisión os puntos en que discrepe da liquidación efectuada pola entidade.

3.^a En caso de execución de bens mobles hipotecados ou sobre os que se constituíu peñor sen desprazamento, a suxeición dos devanditos bens a outro peñor, hipoteca mobiliaria ou inmobiliaria ou embargo inscritos con anterioridade ó gravame que motive o procedemento, o que terá que acreditarse mediante a correspondente certificación rexistral.

2. Formulada a oposición a que se refire o número anterior, suspenderase a execución. O tribunal, mediante providencia, convocará as partes a unha comparecencia, debendo mediar catro días desde a citación; oír as partes, admitirá os documentos que se presenten e acordará en forma de auto o que estime procedente dentro do segundo día.

3. O auto que estime a oposición baseada nas causas 1.^a e 3.^a do número 1 deste artigo mandará sobrese-la execución; o que estime a oposición baseada na causa 2.^a fixará a cantidade pola que teña que seguirse a execución.

4. Contra o auto que ordene o sobreseemento da execución poderá interporse recurso de apelación. Fóra deste caso, os autos que decidan a oposición a que se refire este artigo non serán susceptibles de recurso ningún.

Artigo 696. *Terceiras de dominio.*

1. Para que poida admitirse a terceira de dominio nos procedementos a que se refire este capítulo, deberá xuntarse á demanda título de propiedade de data, que faga fe, anterior á de constitución da garantía. De tratarse de bens o dominio dos cales sexa susceptible de inscrición nalgún rexistro, o dito título terá que estar inscrito a favor do tercerista ou do seu causante con data anterior á de inscrición da garantía, o que se acreditará mediante certificación rexistral expresiva da inscrición do título do

tercerista ou do seu causante e certificación de non aparecer extinguido nin cancelado no rexistro o asento de dominio correspondente.

2. A admisión da demanda de terceira suspenderá a execución respecto dos bens ós que se refira e, se estes son só parte dos comprendidos na garantía, poderá segui-lo procedemento respecto dos demais, se así o solicita o acredor.

Artigo 697. *Suspensión da execución por pre-xudicialidade penal.*

Fóra dos casos a que se refiren os dous artigos anteriores, os procedementos a que se refire este capítulo só se suspenderán por pre-xudicialidade penal, cando se acredite, conforme o disposto no artigo 569 desta lei, a existencia de causa criminal sobre calquera feito de aparencia delictuosa que determine a falsidade do título, a invalidez ou a ilicitude do despacho da execución.

Artigo 698. *Reclamacións non comprendidas nos artigos anteriores.*

1. Calquera reclamación que o debedor, o terceiro posuidor e calquera interesado poidan formular e que non estea comprendida nos artigos anteriores, mesmo as que versen sobre nulidade do título ou sobre o vencemento, certeza, extinción ou contía da débeda, ventilaranse no xuízo que corresponda, sen producir nunca o efecto de suspender nin entorpece-lo procedemento que se establece neste capítulo.

A competencia para coñecer deste proceso será determinado polas regras ordinarias.

2. No momento de formula-la reclamación a que se refire o número anterior ou durante o curso de xuízo a que dea lugar, poderá solicitarse que se asegure a efectividade da sentenza que se dicte nel, con retención do todo ou dunha parte da cantidade que, polo procedemento que se regula neste capítulo, se lle deba entregar ó acredor.

O tribunal, mediante providencia, decretará esta retención en vista dos documentos que se presenten, se estima abondas as razóns que se aleguen. Se quen solicita a retención non tivese solvencia notoria e suficiente, o tribunal deberá esixirlle previa e bastante garantía para responder dos xuros de demora e do resarcimento de calquera outro dano e perda que se lle poida ocasionarse ó acredor.

3. Cando o acredor afiance á satisfacción do tribunal a cantidade que estivese mandada reter ás resultas do xuízo a que se refire o número 1, alzarase a retención.

TÍTULO V

Da execución en cousa distinta a unha cantidade de diñeiro

CAPÍTULO I

Das disposicións xerais

Artigo 699. *Despacho da execución.*

Cando o título executivo conteña condena ou obriga de facer ou non facer ou de entregar cousa distinta a unha cantidade de diñeiro, no auto polo que se despache execución requirirase o executado para que, dentro do prazo que o tribunal estime adecuado, cumpra nos seus propios termos o que estableza o título executivo.

No requirimento, o tribunal poderá apercibi-lo executado co emprego de constrinximentos persoais ou multas pecuniarias.

Artigo 700. Embargo de garantía e caución substitutoria.

Se o requirimento para facer, non facer ou entregar cousa distinta dunha cantidade de diñeiro non pode ter cumprimento inmediato, o tribunal, por instancia do executante, poderá acordar as medidas de garantía que resulten adecuadas para asegurala efectividade da condena.

Acordarase, en todo caso, cando o executante o solicite, o embargo de bens do executado en cantidade suficiente para aseguralo pagamento das eventuais indemnizacións substitutorias e as custas da execución.

O embargo alzarase se o executado presta caución en contía suficiente, fixada polo tribunal ó acordalo embargo, en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

CAPÍTULO II**Da execución por deberes de entregar cousas****Artigo 701. Entrega de cousa moble determinada.**

1. Cando do título executivo se desprenda o deber de entregar cousa moble certa e determinada e o executado non leve a cabo a entrega dentro do prazo que se lle concedese, o tribunal porá ó executante en posesión da cousa debida, empregando para iso os constrinximentos que crea precisos, ordenando a entrada en lugares cerrados e auxiliándose da forza pública, se for necesario.

Cando se trate de bens mobles suxeitos a un réxime de publicidade rexistral similar ó inmobiliario, disporase tamén o necesario para adecualo rexistro de que se trate ó título executivo.

2. Se se ignora o lugar en que a cousa se encontra ou se non se encontra ó búscala no sitio en que debese atoparse, o tribunal interrogará o executado ou a terceiros, con apercibimento de incorrer en desobediencia, para que digan se a cousa está ou non no seu poder e se saben onde se encontra.

3. Cando, téndose procedido segundo o disposto nos números anteriores, non poida ser tida a cousa, o tribunal ordenará, mediante providencia, por instancia do executante, que a falta de entrega da cousa ou cousas debidas se substitúa por unha compensación pecuniaria xusta, que se establecerá de acordo cos artigos 712 e seguintes.

Artigo 702. Entrega de cousas xenéricas ou indeterminadas.

1. Se o título executivo se refire á entrega de cousas xenéricas ou indeterminadas, que poden ser adquiridas nos mercados e, pasado o prazo, non se cumpriu o requirimento, o executante poderá requirir que sexa posto en posesión das cousas debidas ou que sexa facultado para que as adquira, por conta do executado, ordenando, ó mesmo tempo, o embargo de bens suficientes para pagala adquisición, da que o executante dará conta xustificada.

2. Se o executante manifesta que a adquisición tardía das cousas xenéricas ou indeterminadas de acordo co número anterior non satisfai xa o seu interese lexítimo, o tribunal determinará, mediante providencia, o equivalente pecuniario, cos danos e perdas que se lle poidan causar ó executante, que se liquidarán de acordo cos artigos 712 e seguintes.

Artigo 703. Entrega de bens inmobles.

1. Se o título dispón a transmisión ou entrega dun ben inmovle, o tribunal ordenará de inmediato o que

proceda segundo o contido da condena e, se é o caso, disporá o necesario para adecualo rexistro ó título executivo.

Se no inmovle que teña que entregarse hai cousas que non sexan obxecto do título, o tribunal requirirá o executado para que as retire dentro do prazo que sinala. Se non as retira, consideraranse bens abandonados para tódolos efectos.

2. Cando no acto do lanzamento o que desaloxe o predio reivindique a titularidade de cousas non separables, de consistir en plantacións ou instalacións estritamente necesarias para a utilización ordinaria do inmovle, resolverase na execución sobre a obriga de aboamento do seu valor, de o instaren os interesados no prazo de cinco días a partir do desaloxo.

3. De facerse constar no lanzamento a existencia de danos no inmovle orixinados polo executado ou os ocupantes, poderase acordar a retención e constitución en depósito de bens suficientes do posible responsable, para responder dos danos e perdas causados, que se liquidarán, se é o caso e por petición do executante, de conformidade co previsto nos artigos 712 e seguintes.

Artigo 704. Ocupantes de inmobles que deban entregarse.

1. Cando o inmovle do que se deba entregarla posesión sexa vivenda habitual do executado ou de quen del dependa, daráselle un prazo dun mes para desaloxalo. De existir motivo fundado, poderá prorrogarse o dito prazo un mes máis.

Transcorridos os prazos sinalados, procederase de inmediato ó lanzamento, fixándose a data deste na resolución inicial ou na que acorde a prórroga.

2. Se o inmovle á entrega do cal obriga o título executivo está ocupado por terceiras persoas distintas do executado e de quen con el compartan a utilización daquel, o tribunal, tan pronto como coñeza a súa existencia, notificaráselle despacho da execución ou a pendencia desta, para que, no prazo de dez días, lle presenten ó tribunal os títulos que xustifiquen a súa situación.

O executante poderalle pedir ó tribunal o lanzamento de quen considere ocupante de mero feito ou sen título suficiente. Desta petición daráselles traslado ás persoas designadas polo executante, e continuaranse as actuacións conforme o previsto nos números 3 e 4 do artigo 675.

CAPÍTULO III**Da execución por obrigas de facer e non facer****Artigo 705. Requirimento e fixación de prazo.**

Se o título executivo obriga a facer algunha cousa, o tribunal requirirá o debedor para que a faga dentro dun prazo que fixará segundo a natureza do facer e as circunstancias que concorran.

Artigo 706. Condena de facer non persoalísimo.

1. Cando o facer a que obrigue o título executivo non sexa persoalísimo, se o executado non o leva a cabo no prazo sinalado polo tribunal, o executante poderá pedir que sexa facultado para llo encargar a un terceiro, por conta do executado, ou reclama-lo resarcimento de danos e perdas.

Cando o título conteña unha disposición expresa para o caso de incumprimento do debedor, terá que se ater ó disposto naquel, sen que o executante poida optar entre a realización por terceiro ou o resarcimento.

2. Se, conforme o disposto no número anterior, o executante opta por llo encargar facer a un terceiro, valorárase previamente o custo do dito facer por un perito taxador designado polo tribunal e, se o executado non deposita a cantidade que o tribunal aprobe mediante providencia ou non afianza o pagamento, procederase de inmediato ó embargo de bens e á súa realización forzosa ata obte-la suma que sexa necesaria.

Cando o executante opte polo resarcimento de danos e perdas, procederase a cuantificalos conforme o previsto nos artigos 712 e seguintes.

Artigo 707. *Publicación da sentenza en medios de comunicación.*

Cando a sentenza ordene a publicación ou difusión, total ou parcial, do seu contido en medios de comunicación por conta da parte vencida no proceso, poderá despacharse a execución para obte-la efectividade deste pronunciamento, requiríndose o executado para que contrate os anuncios que resulten procedentes.

Se o executado non atende o requirimento no prazo que lle sexa sinalado, poderá contrata-la publicidade o executante, logo de obtención dos fondos precisos con cargo ó patrimonio do executado de acordo co que se dispón no número 2 do artigo anterior.

Artigo 708. *Condena á emisión dunha declaración de vontade.*

1. Cando unha resolución xudicial ou arbitral firme condene a emitir unha declaración de vontade, transcorrido o prazo de vinte días que establece o artigo 548 sen que fose emitida polo executado, o tribunal, por medio de auto, resolverá ter por emitida a declaración de vontade, de estaren predeterminados os elementos esenciais do negocio. Emitida a declaración, o executante poderá pedir que se libre, con testemuño do auto, mandamento de anotación ou inscrición no rexistro ou rexistros que correspondan, segundo o contido e obxecto da declaración de vontade.

O anterior entenderase sen prexuízo da observancia das normas civís e mercantís sobre forma e documentación de actos e negocios xurídicos.

2. Se, nos casos do número anterior, non están predeterminados algúns elementos non esenciais do negocio ou contrato sobre o que deba recaer a declaración de vontade, o tribunal, oídas as partes, determinaráos na propia resolución en que teña por emitida a declaración, conforme o que sexa usual no mercado ou no tráfico xurídico.

Cando a indeterminación afecte elementos esenciais do negocio ou contrato sobre o que deba recaer a declaración de vontade, se esta non é emitida polo condenado, procederá a execución polos danos e perdas causados ó executante, que se liquidarán de acordo cos artigos 712 e seguintes.

Artigo 709. *Condena de facer persoalísimo.*

1. Cando o título executivo se refira a un facer persoalísimo, o executado poderalle manifestar ó tribunal, dentro do prazo que se lle concedese para cumpri-lo requirimento a que se refire o artigo 699, os motivos polos que se nega a face-lo que o título dispón e alega-lo que teña por conveniente sobre o carácter persoalísimo ou non persoalísimo da prestación debida. Transcorrido este prazo sen que o executado realizase a prestación, o executante poderá optar entre pedir que a execución siga adiante para lle entregar a aquel un equivalente pecuniario da prestación de facer ou solicitar que se compela o executado cunha multa por cada mes que

transcorra sen levalo a cabo desde a finalización do prazo. O tribunal resolverá por medio de auto o que proceda, accedendo ó solicitado polo executante cando coide que a prestación que sexa obxecto da condena ten as esenciais calidades que caracterizan o facer persoalísimo. Noutro caso, ordenará proseguir a execución de acordo co disposto no artigo 706.

2. Se se acorda seguir adiante a execución para obte-lo equivalente pecuniario da prestación debida, na mesma resolución imporáselle ó executado unha única multa de acordo co disposto no artigo 711.

3. Cando se acorde compele-lo executado con multas mensuais, reiteraranse trimestralmente os requirimentos, ata que se cumpra un ano desde o primeiro. Se, ó cabo do ano, o executado continúa refusingo face-lo que dispoña o título, proseguirá a execución para lle entregar ó executante un equivalente pecuniario da prestación ou para a adopción de calquera outra medida que resulte idónea para a satisfacción do executante e que, por petición deste e oído o executado, poderá acorda-lo tribunal.

4. Non serán de aplicación as disposicións dos anteriores números deste artigo cando o título executivo conteña unha disposición expresa para o caso de incumprimento do debedor. En tal caso, haberá que se ater ó disposto naquel.

Artigo 710. *Condenas de non facer.*

1. Se o condenado a non facer algunha cousa quebrante a sentenza, será requirido, por instancia do executante, para que desfaga o mal feito se é posible, indemnice os danos e perdas causados e, se é o caso, se absteña de reitera-lo quebrantamento, con apercibimento de incorrer no delicto de desobediencia á autoridade xudicial.

Procederase desta forma cantas veces incumpra a condena e para que desfaga o mal feito será intimado coa imposición de multas por cada mes que transcorra sen desfacerlo.

2. Se, atendida a natureza da condena de non facer, o seu incumprimento non é susceptible de reiteración e tampouco fose posible desfacerlo mal feito, a execución procederá para resarci-lo executante polos danos e perdas que lle fosen causados.

Artigo 711. *Contía das multas coercitivas.*

Para determina-la contía das multas previstas nos artigos anteriores, o tribunal, mediante providencia, terá en conta o prezo ou a contraprestación do facer persoalísimo establecidos no título executivo e, se non constan nel ou se trata de desfacerlo mal feito, o custo en diñeiro que no mercado se lles atribúa a esas conductas.

As multas mensuais poderán ascender a un 20 por 100 do prezo ou valor e a multa única ó 50 por 100 do dito prezo ou valor.

CAPÍTULO IV

Da liquidación de danos e perdas, froitos e rendas e a rendición de contas

Artigo 712. *Ámbito de aplicación do procedemento.*

Procederase do modo que ordenan os artigos seguintes sempre que, consonte esta lei, deba determinarse na execución forzosa o equivalente pecuniario dunha prestación en cousa distinta a unha cantidade de diñeiro ou fixa-la cantidade debida en concepto de danos e perdas ou de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase ou determina-lo saldo resultante da rendición de contas dunha administración.

Artigo 713. *Petición de liquidación e presentación de relación de danos e perdas.*

1. Xunto co escrito en que solicite motivadamente a súa determinación xudicial, o que sufrise os danos e perdas presentará unha relación detallada deles, coa súa valoración, podendo achega-los dictames e documentos que considere oportunos.

2. Do escrito e da relación de danos e perdas e demais documentos daráselle traslado a quen teña que aboa-los danos e perdas, para que, no prazo de dez días, conteste o que xulgue conveniente.

Artigo 714. *Conformidade do debedor coa relación de danos e perdas.*

1. Se o debedor se conforma coa relación dos danos e perdas e co seu importe, aprobara o tribunal mediante providencia sen ulterior recurso, e procederase a facer efectiva a suma convida na forma establecida nos artigos 571 e seguintes para a execución en diñeiro.

2. Entenderase que o debedor presta a súa conformidade ós feitos alegados polo executante se deixa pasa-lo prazo de dez días sen efectua-lo traslado ou se limita a negar xenericamente a existencia de danos e perdas, sen concreta-los puntos en que discrepa da relación presentada polo acreedor, nin expresa-las razóns e o alcance da discrepancia.

Artigo 715. *Oposición do debedor.*

Se, dentro do prazo legal, o debedor se opón motivadamente á petición do demandante, sexa en canto ás partidas de danos e perdas, sexa en canto á súa valoración en diñeiro, substanciarase a liquidación de danos e perdas polos trámites establecidos para os xuízos verbais nos artigos 441 e seguintes, pero o tribunal poderá, mediante providencia, por instancia de parte ou de oficio, se o considera necesario, nomear un perito que dictamine sobre a efectiva produción dos danos e a súa avaliación en diñeiro. En tal caso, fixará o prazo para que emita dictame e o entregue no xulgado e a vista oral non se celebrará ata pasados dez días contados desde o seguinte ó traslado do dictame ás partes.

Artigo 716. *Auto polo que se fixa a cantidade determinada.*

Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que teña lugar a vista, o tribunal dictará, por medio de auto, a resolución que coide xusta, fixando a cantidade que se lle deba aboar ó acreedor como danos e perdas.

Este auto será susceptible de apelación, sen efecto suspensivo e facendo declaración expresa da imposición das custas de conformidade co disposto no artigo 394 desta lei.

Artigo 717. *Petición de determinación do equivalente en diñeiro dunha prestación en cousa distinta a unha cantidade de diñeiro.*

Cando se solicite a determinación do equivalente pecuniario dunha prestación que non consista na entrega dunha cantidade de diñeiro, expresaranse as estimacións pecuniarias da dita prestación e as razóns que as fundamentan, xuntándose os documentos que o solicitante considere oportunos para funda-la súa petición, da que se lle dará traslado a quen teña que pagar para que, no prazo de dez días, conteste o que coide conveniente.

A solicitude substanciarase e resolverase do mesmo modo que se establece nos artigos 714 a 716 para a de liquidación de danos e perdas.

Artigo 718. *Liquidación de froitos e rendas. Solicitude e requirimento ó debedor.*

Se se solicita a determinación da cantidade que se debe en concepto de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase, o tribunal requirirá o debedor mediante providencia para que, dentro dun prazo que se determinará segundo as circunstancias do caso, presente a liquidación, aténdose, se é o caso, ás bases que estableza o título.

Artigo 719. *Liquidación presentada polo acreedor e traslado ó debedor.*

1. Se o debedor presenta a liquidación de froitos, rendas, utilidades ou produtos de calquera clase a que se refire o artigo anterior, daráselle traslado dela ó acreedor e, se se mostra conforme, aprobarase sen ulterior recurso, e procederase a facer efectiva a suma convida na forma establecida nos artigos 571 e seguintes para a execución en diñeiro.

Cando o acreedor non se conforme coa liquidación, esta substanciarase conforme o previsto no artigo 715 desta lei.

2. Se dentro do prazo, o debedor non presenta a liquidación a que se refire o número anterior, será requirido o acreedor para que presente a que considere xusta e daráselle traslado dela ó executado, proseguindo as actuacións consonte os artigos 714 a 716.

Artigo 720. *Rendición de contas dunha administración.*

As disposicións contidas nos artigos 718 e 719 serán aplicables ó caso en que o título executivo se refira ó deber de render contas dunha administración e entrega-lo saldo delas; pero os prazos poderán ser ampliados polo tribunal mediante providencia cando o estime necesario, atendida a importancia e complicación do asunto.

TÍTULO VI**Das medidas cautelares****CAPÍTULO I****Das medidas cautelares: disposicións xerais****Artigo 721. *Necesaria instancia de parte.***

1. Baixo a súa responsabilidade, todo demandante, principal ou reconvenional, poderá solicitar do tribunal, conforme o disposto neste título, a adopción das medidas cautelares que considere necesarias para asegura-la efectividade da tutela xudicial que poida outorgarse na sentenza estimatoria que se dicte.

2. As medidas cautelares previstas neste título non poderán en ningún caso ser acordadas de oficio polo tribunal, sen prexuízo do que se dispoña para os procesos especiais. Tampouco poderá este acordar medidas máis gravosas que as solicitadas.

Artigo 722. *Medidas cautelares en procedemento arbitral e lítixios estranxeiros.*

Poderalle pedir ó tribunal medidas cautelares quen acredite ser parte dun proceso arbitral pendente en España ou, se é o caso, ter pedido a formalización xudicial a que se refire o artigo 38 da Lei de arbitraje, ou no suposto dunha arbitraje institucional, quen acredite que presentou a debida solicitude ou encarga á institución correspondente segundo o seu regulamento.

De acordo cos tratados e convenios que sexan de aplicación, tamén poderá solicitar dun tribunal español a adopción de medidas cautelares quen acredite ser parte dun proceso xurisdiccional ou arbitral que se siga en país estranxeiro, nos casos en que para coñecer do asunto principal non sexan exclusivamente competentes os tribunais españois.

Artigo 723. *Competencia.*

1. Será tribunal competente para coñecer das solicitudes sobre medidas cautelares o que estea coñecendo do asunto en primeira instancia ou, se o proceso non se iniciou, o que sexa competente para coñecer da demanda principal.

2. Para coñecer das solicitudes relativas a medidas cautelares que se formulen durante a substanciación da segunda instancia ou dun recurso extraordinario por infracción procesal ou de casación, será competente o tribunal que coñeza da segunda instancia ou do devandito recurso.

Artigo 724. *Competencia en casos especiais.*

Cando as medidas cautelares se soliciten estando pendente un proceso arbitral ou a formalización xudicial da arbitrase, será tribunal competente o do lugar en que o laudo deba ser executado, e, no seu defecto, o do lugar onde as medidas deban produci-la súa eficacia.

O mesmo se observará cando o proceso se siga ante un tribunal estranxeiro, agás o que prevexan os tratados.

Artigo 725. *Exame de oficio da competencia. Medidas cautelares en prevención.*

1. Cando as medidas cautelares se soliciten con anterioridade á demanda, non se admitirá declinatoria fundada en falta de competencia territorial, pero o tribunal examinará de oficio a súa xurisdicción, a súa competencia obxectiva e a territorial. Se considera que carece de xurisdicción ou de competencia obxectiva, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e do solicitante das medidas cautelares, dictará auto absténdose de coñecer e remitindo ás partes a que usen do seu dereito ante quen corresponda se a abstención non se funda na falta de xurisdicción dos tribunais españois. O mesmo se acordará cando a competencia territorial do tribunal non poida fundarse en ningún dos foros legais, imperativos ou non, que resulten aplicables en atención ó que o solicitante pretenda reclamar no xuízo principal. Non obstante, cando o foro legal aplicable sexa dispositivo, o tribunal non declinará a súa competencia se as partes se someteron expresamente á súa xurisdicción para o asunto principal.

2. Nos casos a que se refire o número anterior, se o tribunal se considera territorialmente incompetente, poderá, emporiso, cando as circunstancias do caso o aconsellen, ordenar en prevención aquelas medidas cautelares que resulten máis urxentes, e remitirle posteriormente os autos ó tribunal que resulte competente.

Artigo 726. *Características das medidas cautelares.*

1. O tribunal poderá acordar como medida cautelar, respecto dos bens e dereitos do demandado, calquera actuación, directa ou indirecta, que reúna as seguintes características:

1.^a Ser exclusivamente conducente a facer posible a efectividade da tutela xudicial que se poida outorgar nunha eventual sentenza estimatoria, de modo que non poida verse impedida ou dificultada por situacións producidas durante a pendencia do proceso correspondente.

2.^a Non ser susceptible de substitución por outra medida igualmente eficaz, para os efectos do número precedente, pero menos gravosa ou prexudicial para o demandado.

2. Co carácter temporal, provisional, condicionado e susceptible de modificación e alzamento previsto nesta lei para as medidas cautelares, o tribunal poderá acordar como tales as que consistan en ordes e prohibicións de contido similar ó que se pretenda no proceso, sen prexulga-la sentenza que en definitiva se dicte.

Artigo 727. *Medidas cautelares específicas.*

Conforme o establecido no artigo anterior, poderán acordarse, entre outras, as seguintes medidas cautelares:

1.^a O embargo preventivo de bens, para asegura-la execución de sentencias de condena á entrega de cantidades de diñeiro ou de froitos, rendas e cousas funxibles computables en metálico por aplicación de prezos certos.

Fóra dos casos do parágrafo anterior, tamén será procedente o embargo preventivo se resulta medida idónea e non substituíble por outra de igual ou superior eficacia e menor onerosidade para o demandado.

2.^a A intervención ou a administración xudiciais de bens productivos, cando se pretenda sentenza de condena a entregalos a título de dono, usufructuario ou calquera outro que comporte interese lexítimo en manter ou mellora-la produtividade ou cando a garantía desta sexa de primordial interese para a efectividade da condena que poida recaer.

3.^a O depósito de cousa moble, cando a demanda pretenda a condena a entregala e se encontre en posesión do demandado.

4.^a A formación de inventarios de bens, nas condicións que o tribunal dispoña.

5.^a A anotación preventiva de demanda, cando esta se refira a bens ou dereitos susceptibles de inscrición en rexistros públicos.

6.^a Outras anotacións rexistras, en casos en que a publicidade rexistral sexa útil para a boa fin da execución.

7.^a A orde xudicial de cesar provisionalmente nunha actividade; a de absterse temporalmente de levar a cabo unha conducta; ou a prohibición temporal de interromper ou de cesar na realización dunha prestación que se viñese levando a cabo.

8.^a A intervención e depósito de ingresos obtidos mediante unha actividade que se considere ilícita e da que se pretenda a súa prohibición ou cesación na demanda, así como a consignación ou depósito das cantidades que se reclamen en concepto de remuneración da propiedade intelectual.

9.^a O depósito temporal de exemplares das obras ou obxectos que se reputen producidos con infracción das normas sobre propiedade intelectual e industrial, así como o depósito do material empregado para a súa produción.

10.^a A suspensión de acordos sociais impugnados, cando o demandante ou demandantes representen, alomenos, o 1 ou o 5 por 100 do capital social, segundo que a sociedade demandada emitise ou non valores que, no momento da impugnación, estean admitidos a negociación en mercado secundario oficial.

11.^a Aqueloutras medidas que, para a protección de certos dereitos, prevexan expresamente as leis, ou que se estimen necesarias para asegura-la efectividade da tutela xudicial que se poida outorgar na sentenza estimatoria que recaía no xuízo.

Artigo 728. Perigo pola mora procesual. Aparencia de bo dereito. Caución.

1. Só poderán acordarse medidas cautelares se quen as solicita xustifica que, no caso de que se trate, poderían producirse durante a pendencia do proceso, de non adoptarse as medidas solicitadas, situacións que impedisen ou dificultasen a efectividade da tutela que se poida outorgar nunha eventual sentenza estimatoria.

Non se acordarán medidas cautelares cando con elas se pretenda alterar situacións de feito consentidas polo solicitante durante longo tempo, agás que este xustifique cumpridamente as razóns polas cales as ditas medidas non se solicitaron ata daquela.

2. O solicitante de medidas cautelares tamén terá que presenta-los datos, argumentos e xustificacións documentais que conduzan a fundar, por parte do tribunal, sen prexulga-lo fondo do asunto, un xuízo provisional e indiciario favorable ó fundamento da súa pretensión. En defecto de xustificación documental, o solicitante poderá ofrecela por outros medios.

3. Agás que expresamente se dispoña outra cosa, o solicitante da medida cautelar deberá prestar caución suficiente para responder, de maneira rápida e efectiva, dos danos e perdas que a adopción da medida cautelar lle puidese causar ó patrimonio do demandado.

O tribunal determinará a caución atendendo a natureza e contido da pretensión e a valoración que realice, segundo o número anterior, sobre o fundamento da solicitude da medida.

A caución a que se refire o parágrafo anterior poderase outorgar en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

Artigo 729. Tercerías en casos de embargo preventivo.

No embargo preventivo, poderá interporse tercería de dominio, pero non se admitirá a tercería de mellor dereito, agás que a interpoña quen noutro proceso lle demande ó mesmo debedor a entrega dunha cantidade de diñeiro.

A competencia para coñecer das tercerías a que se refire o parágrafo anterior corresponderalle ó tribunal que acordase o embargo preventivo.

CAPÍTULO II**Do procedemento para a adopción de medidas cautelares****Artigo 730. Momentos para solicita-las medidas cautelares.**

1. As medidas cautelares solicitaranse, de ordinario, xunto coa demanda principal.

2. Poderán tamén solicitarse medidas cautelares antes da demanda se quen nese momento as pide alega e acredita razóns de urxencia ou necesidade.

Neste caso, as medidas que se acordasen quedarán sen efecto se a demanda non se presenta ante o mesmo tribunal que coñeceu da solicitude daquelas nos vinte días seguintes á súa adopción. O tribunal, de oficio, acordará mediante auto que se alcen ou revoguen os actos de cumprimento que fosen realizados, condenará o solicitante nas custas e declarará que é responsable dos danos e perdas que lle producise ó suxeito respecto do cal se adoptaron as medidas.

3. O requisito temporal a que se refire o número anterior non rexerá nos casos de formalización xudicial da arbitrase ou de arbitrase institucional. Neles, para que a medida cautelar se manteña, será suficiente con que a parte beneficiada por esta leve a cabo tódalas

actuacións tendentes a pór en marcha o procedemento arbitral.

4. Con posterioridade á presentación da demanda ou pendente recurso só poderá solicitarse a adopción de medidas cautelares cando a petición se basee en feitos e circunstancias que xustifiquen a solicitude neses momentos.

Esta solicitude substanciarase conforme o previsto neste capítulo.

Artigo 731. Accesoriade das medidas cautelares. Execución provisional e medidas cautelares.

1. Non se manterá unha medida cautelar cando o proceso principal rematase, por calquera causa agás que se trate de sentenza condenatoria ou auto equivalente; neste caso deberán manterse as medidas acordadas ata que transcorra o prazo a que se refire o artigo 548 desta lei. Transcorrido o dito prazo, se non se solicita a execución, alzaranse as medidas que estean adoptadas.

Tampouco poderá manterse unha medida cautelar se o proceso queda en suspenso durante máis de seis meses por causa imputable ó solicitante da medida.

2. Cando se despache a execución provisional dunha sentenza, alzaranse as medidas cautelares que se acordasen e que garden relación coa dita execución.

Artigo 732. Solicitude das medidas cautelares.

1. A solicitude de medidas cautelares formularase con claridade e precisión, xustificando cumpridamente a concorrencia dos presupostos legalmente esixidos para a súa adopción.

2. Xuntaránselle á solicitude os documentos que a apoiem ou ofrecerase a práctica doutros medios para o acreditamento dos presupostos que autorizan a adopción de medidas cautelares.

Cando as medidas cautelares se soliciten en relación con procesos incoados por demandas en que se pretenda a prohibición ou cesación de actividades ilícitas, tamén se lle poderá propor ó tribunal que, con carácter urxente e sen dar traslado do escrito de solicitude, requira os informes ou ordene as investigacións que o solicitante non poida achegar ou levar a cabo e que resulten necesarias para resolver sobre a solicitude.

Para o demandante precluirá a posibilidade de propor proba coa solicitude das medidas cautelares.

3. No escrito de petición terá que ofrecerse a prestación de caución, especificando de qué tipo ou tipos se ofrece constituíla e con xustificación do importe que se propón.

Artigo 733. Audiencia ó demandado. Excepcións.

1. Como regra xeral, o tribunal proverá á petición de medidas cautelares logo de audiencia do demandado.

2. Malia o disposto no número anterior, cando o solicitante así o pida e acredite que concorren razóns de urxencia ou que a audiencia previa pode compromete-lo bo fin da medida cautelar, o tribunal poderá acordala sen máis trámites mediante auto, no prazo de cinco días, razoando por separado sobre a concorrencia dos requisitos da medida cautelar e as razóns que aconsellaron acordala sen oí-lo demandado.

Contra o auto que acorde medidas cautelares sen previa audiencia do demandado non caberá recurso ningún e haberá que se ater ó disposto no capítulo III deste título.

Artigo 734. Vista para a audiencia das partes.

1. Recibida a solicitude, o tribunal, mediante providencia, agás os casos do parágrafo segundo do artigo anterior, no prazo de cinco días, contados desde a notificación daquela ó demandado, convocará as partes a unha vista, que terá lugar dentro dos dez días seguintes sen necesidade de segui-la orde dos asuntos pendentes cando así o esixa a efectividade da medida cautelar.

2. Na vista, demandante e demandado poderán expo-lo que conveña ó seu dereito, servíndose de cantas probas dispoñan, que se admitirán e practicarán se son pertinentes en razón dos presupostos das medidas cautelares. Tamén poderán pedir, cando sexa necesario para acreditar extremos relevantes, que se practique recoñecemento xudicial, que, se se considera pertinente e non se pode practicar no acto da vista, se levará a cabo no prazo de cinco días.

Así mesmo, poderanse formular alegacións relativas ó tipo e contía da caución. E quen deba sufrir-la medida cautelar poderalle pedir ó tribunal que, en substitución desta, acorde aceptar caución substitutoria, conforme o previsto no artigo 746 desta lei.

3. Contra as resolucións do tribunal sobre o desenvolvemento da comparecencia, o seu contido e a proba proposta non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que, logo da oportuna protesta, se é o caso, poidan alegarse as infraccións que se producisen na comparecencia no recurso contra o auto que resolva sobre as medidas cautelares.

Artigo 735. Auto polo que se acordan medidas cautelares.

1. Terminada a vista, o tribunal, no prazo de cinco días, decidirá mediante auto sobre a solicitude de medidas cautelares.

2. Se o tribunal estima que concorren tódolos requisitos establecidos e considera acreditado, á vista das alegacións e as xustificacións, o perigo da mora procesual, atendendo á aparencia de bo dereito, accederá á solicitude de medidas, fixará con toda precisión a medida ou medidas cautelares que se acordan e precisará o réxime a que teñen que estar sometidas, determinando, se é o caso, a forma, contía e tempo en que deba prestar caución o solicitante.

Contra o auto que acorde medidas cautelares caberá recurso de apelación, sen efectos suspensivos.

Artigo 736. Auto denegatorio das medidas cautelares. Reiteración da solicitude se cambian as circunstancias.

1. Contra o auto en que o tribunal denegue a medida cautelar só caberá recurso de apelación, ó que se lle dará unha tramitación preferente. As custas imporanse de acordo cos criterios establecidos no artigo 394.

2. Mesmo denegada a petición de medidas cautelares, o demandante poderá reproducir-la súa solicitude se cambian as circunstancias existentes no momento da petición.

Artigo 737. Prestación de caución.

A prestación de caución será sempre previa a calquera acto de cumprimento da medida cautelar acordada.

O tribunal decidirá, mediante providencia, sobre a idoneidade e suficiencia do importe da caución.

Artigo 738. Execución da medida cautelar.

1. Acordada a medida cautelar e prestada a caución procederase, de oficio, ó seu inmediato cumprimento

empregando para iso os medios que sexan necesarios, mesmo os previstos para a execución das sentencias.

2. Se o acordado é o embargo preventivo procederase conforme o previsto nos artigos 584 e seguintes para os embargos decretados no proceso de execución, pero sen que o debedor estea obrigado á manifestación de bens que dispón o artigo 589.

Se é a administración xudicial, procederase conforme os artigos 630 e seguintes.

Se se trata da anotación preventiva, procederase conforme as normas do rexistro correspondente.

3. Os depositarios, administradores xudiciais ou responsables dos bens ou dereitos sobre os que recae unha medida cautelar só poderán allealos, logo de autorización por medio de providencia do tribunal e se concorren circunstancias tan excepcionais que resulte máis gravosa para o patrimonio do demandado a conservación que o alleamento.

CAPÍTULO III**Da oposición ás medidas cautelares adoptadas sen audiencia do demandado****Artigo 739. Oposición á medida cautelar.**

Nos casos en que a medida cautelar se adopte sen audiencia previa do demandado, este poderá formular oposición no prazo de vinte días, contados desde a notificación do auto que acorda as medidas cautelares.

Artigo 740. Causas de oposición. Ofrecemento de caución substitutoria.

O que formule oposición á medida cautelar poderá esgrimir como causas daquela cantos feitos e razóns se opoñan á procedencia, requisitos, alcance, tipo e demais circunstancias da medida ou medidas efectivamente acordadas, sen limitación ningunha.

Tamén poderá ofrecer caución substitutoria, de acordo co disposto no capítulo V deste título.

Artigo 741. Traslado da oposición ó solicitante, comparecencia en vista e decisión.

1. Do escrito de oposición daráselle traslado ó solicitante, e seguidamente procederase conforme o previsto no artigo 734.

2. Celebrada a vista, o tribunal, no prazo de cinco días, decidirá en forma de auto sobre a oposición.

Se mantén as medidas cautelares acordadas, condenará o opositor ás custas da oposición.

Se alza as medidas cautelares, condenará o demandante ás custas e ó pagamento dos danos e perdas que estas producisen.

3. O auto en que se decida sobre a oposición será susceptible de apelación sen efecto suspensivo.

Artigo 742. Exacción de danos e perdas.

Unha vez firme o auto que estime a oposición, procederase, por petición do demandado e polos trámites previstos nos artigos 712 e seguintes, á determinación dos danos e perdas que, se é o caso, producise a medida cautelar revogada; e, unha vez determinados, requirirá-selle pagamento ó solicitante da medida, e procederase de inmediato, se nos os paga, á súa exacción forzosa.

CAPÍTULO IV

Da modificación e alzamento das medidas cautelares**Artigo 743.** *Posible modificación das medidas cautelares.*

As medidas cautelares poderán ser modificadas alegando e probando feitos e circunstancias que non puideron terse en conta no momento da súa concesión ou dentro do prazo para se opor a elas.

A solicitude de modificación será substanciada e resolta conforme o previsto nos artigos 734 e seguintes.

Artigo 744. *Alzamento da medida tras sentenza non firme.*

1. Absolto o demandado en primeira ou en segunda instancia, o tribunal ordenará o inmediato alzamento das medidas cautelares adoptadas, agás que o recorrente solicite o seu mantemento ou a adopción dalgunha medida distinta e o tribunal, oída a parte contraria, atendidas as circunstancias do caso e logo de aumento do importe da caución, considere procedente acceder á solicitude, mediante auto.

2. Se a estimación da demanda é parcial, o tribunal, con audiencia da parte contraria, decidirá mediante auto sobre o mantemento, alzamento ou modificación das medidas cautelares acordadas.

Artigo 745. *Alzamento das medidas tras sentenza absolutoria firme.*

Firme unha sentenza absolutoria, sexa no fondo ou na instancia, alzaranse de oficio tódalas medidas cautelares adoptadas e procederase conforme o disposto no artigo 742 respecto dos danos e perdas que puidese sufrilo demandado.

O mesmo se ordenará nos casos de renuncia á acción ou desistencia da instancia.

CAPÍTULO V

Da caución substitutoria das medidas cautelares**Artigo 746.** *Caución substitutoria.*

1. Aquel fronte a quen se solicitasen ou acordasen medidas cautelares poderalle pedir ó tribunal que acepte, en substitución das medidas, a prestación pola súa parte dunha caución suficiente, segundo xuízo do tribunal, para asegura-lo efectivo cumprimento da sentenza estimatoria que se dicte.

2. Para decidir sobre a petición de aceptación de caución substitutoria, o tribunal examinará o fundamento da solicitude de medidas cautelares, a natureza e contido da pretensión de condena e a aparencia xurídica favorable que poida presenta-la posición do demandado. Tamén terá en conta o tribunal se a medida cautelar podería restrinxir ou dificultar-la actividade patrimonial ou económica do demandado de modo grave e desproporcionado respecto do aseguramento que aquela medida representaría para o solicitante.

Artigo 747. *Solicitude de caución substitutoria.*

1. A solicitude da prestación de caución substitutoria da medida cautelar poderase formular conforme o previsto no artigo 734 ou, se a medida cautelar xa se adoptou, no trámite de oposición ou mediante escrito motivado, ó que poderá xunta-los documentos que coide

convenientes sobre a súa solvencia, as consecuencias da adopción da medida e a máis precisa valoración do perigo da mora procesual.

Logo de traslado do escrito ó solicitante da medida cautelar, por cinco días, serán convocadas as partes a unha vista sobre a solicitude de caución substitutoria, conforme o disposto no artigo 734. Celebrada a vista, resolverá mediante auto o que coide procedente, no prazo doutros cinco días.

2. Contra o auto que resolva aceptar ou rexeitar caución substitutoria non caberá recurso ningún.

3. A caución substitutoria de medida cautelar poderá outorgarse en calquera das formas previstas no parágrafo segundo do número 3 do artigo 529.

LIBRO IV

Dos procesos especiais

TÍTULO I

Dos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores

CAPÍTULO I

Das disposicións xerais**Artigo 748.** *Ámbito de aplicación deste título.*

As disposicións deste título serán aplicables ós seguintes procesos:

1.º Os que versen sobre a capacidade das persoas e os de declaración de prodigalidade.

2.º Os de filiación, paternidade e maternidade.

3.º Os de nulidade do matrimonio, separación e divorcio e os de modificación de medidas adoptadas neles.

4.º Os que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos reclamados por un proxenitor contra o outro en nome dos fillos menores.

5.º Os de recoñecemento de eficacia civil de resolucións ou decisións eclesiásticas en materia matrimonial.

6.º Os que teñan por obxecto a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.

7.º Os que versen sobre a necesidade de asentimento na adopción.

Artigo 749. *Intervención do Ministerio Fiscal.*

1. Nos procesos sobre incapacitación, nos de nulidade matrimonial e nos de determinación e impugnación da filiación será sempre parte o Ministerio Fiscal, aínda que non fose promotor deles nin deba, conforme a lei, asumir-la defensa dalgunha das partes.

2. Nos demais procesos a que se refire este título será preceptiva a intervención do Ministerio Fiscal, sempre que algún dos interesados no procedemento sexa menor, incapacitado ou estea en situación de ausencia legal.

Artigo 750. *Representación e defensa das partes.*

1. Fóra dos casos en que, consonte a lei, deban ser defendidas polo Ministerio Fiscal, as partes actuarán nos procesos a que se refire este título con asistencia de avogado e representadas por procurador.

2. Nos procedementos de separación ou divorcio solicitado de común acordo polos cónxuxes, estes poderán valerse dunha soa defensa e representación.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos pactos propostos polos cónxuxes non sexa aprobado polo tribunal, serán requiridas as partes co fin de, no prazo de cinco días, manifestaren se desexan continuar coa defensa e representación únicas ou se, polo contrario, prefiren litigar cada unha coa súa propia defensa e representación. Así mesmo, cando, malia o acordo subscrito polas partes e homologado polo tribunal, unha das partes pida a execución xudicial do dito acordo, a outra será requirida para que nomee avogado e procurador que a defenda e represente.

Artigo 751. *Indisponibilidade do obxecto do proceso.*

1. Nos procesos a que se refire este título non producirán efecto a renuncia, a conformidade nin a transacción.

2. A desistencia requirirá a conformidade do Ministerio Fiscal, agás nos casos seguintes:

1.º Nos procesos de declaración de prodigalidade, así como nos que se refiran a filiación, paternidade e maternidade, sempre que non existan menores, incapacitados ou ausentes interesados no procedemento.

2.º Nos procesos de nulidade matrimonial por minoría de idade, cando o cónxuxe que contraeu matrimonio sendo menor exerza, despois de chegar á maioría de idade, a acción de nulidade.

3.º Nos procesos de nulidade matrimonial por erro, coacción ou medo grave.

4.º Nos procesos de separación e divorcio.

3. Malia o disposto nos números anteriores, as pretensións que se formulen nos procesos a que se refire este título e que teñan por obxecto materias sobre as que as partes poidan dispor libremente, segundo a lexislación civil aplicable, poderán ser obxecto de renuncia, conformidade, transacción ou desistencia, conforme o previsto no capítulo IV do título I do libro I desta lei.

Artigo 752. *Proba.*

1. Os procesos a que se refire este título decidiranse de acordo cos feitos que fosen obxecto de debate e resulten probados, con independencia do momento en que fosen alegados ou introducidos doutra maneira no procedemento.

Sen prexuízo das probas que se practiquen por instancia do Ministerio Fiscal e das demais partes, o tribunal poderá decretar de oficio cantas estime pertinentes.

2. A conformidade das partes sobre os feitos non vinculará o tribunal, nin poderá este decidir a cuestión litixiosa baseándose exclusivamente na dita conformidade ou no silencio ou respostas evasivas sobre os feitos alegados pola parte contraria. Tampouco estará o tribunal vinculado, nos procesos a que se refire este título, ás disposicións desta lei en materia de forza probatoria do interrogatorio das partes, dos documentos públicos e dos documentos privados recoñecidos.

3. O disposto nos números anteriores será aplicable, así mesmo, á segunda instancia.

4. Respecto das pretensións que se formulen nos procesos a que se refire este título, e que teñan por obxecto materias sobre as que as partes poden dispor libremente segundo a lexislación civil aplicable, non serán de aplicación as especialidades contidas nos números anteriores.

Artigo 753. *Tramitación.*

Agás que expresamente se dispoña outra cousa, os procesos a que se refire este título serán substanciados polos trámites do xuízo verbal, pero da demanda daráselle traslado ó Ministerio Fiscal, cando proceda, e ás demais persoas que, conforme a lei, deban ser parte no procedemento, fosen ou non demandados, emprazándoas para que a contesten no prazo de vinte días, consonte o establecido no artigo 405 desta lei.

Artigo 754. *Exclusión da publicidade.*

Nos procesos a que se refire este título poderán decidirlos tribunais, mediante providencia, de oficio ou por instancia de parte, que os actos e vistas se celebren a porta pechada e que as actuacións sexan reservadas, sempre que as circunstancias o aconsellen e aínda que non se estea en ningún dos casos do número 2 do artigo 138 desta lei.

Artigo 755. *Acceso das sentencias a rexistros públicos.*

Cando proceda, as sentencias e demais resolucións dictadas nos procedementos a que se refire este título comunicaránse de oficio ós rexistros civís para a práctica dos asentos que correspondan.

Por petición de parte, comunicaránse tamén a calquera outro rexistro público para os efectos que en cada caso procedan.

CAPÍTULO II

Dos procesos sobre a capacidade das persoas

Artigo 756. *Competencia.*

Será competente para coñecer das demandas sobre capacidade e declaración de prodigalidade o xuíz de primeira instancia do lugar en que resida a persoa á que se refira a declaración que se solicite.

Artigo 757. *Lexitimación nos procesos de incapacitación e de declaración de prodigalidade.*

1. A declaración de incapacidade poden promovelas o cónxuxe ou quen se encontre nunha situación de feito asimilable, os descendentes, os ascendentes ou os irmáns do presunto incapaz.

2. O Ministerio Fiscal deberá promover a incapacitación se as persoas mencionadas no número anterior non existan ou non a soliciten.

3. Calquera persoa está facultada para pór en coñecemento do Ministerio Fiscal os feitos que poidan ser determinantes da incapacitación. As autoridades e funcionarios públicos que, por razón dos seus cargos, coñezan a existencia de posible causa de incapacitación nunha persoa, deberán pólo en coñecemento do Ministerio Fiscal.

4. Malia o disposto nos números anteriores, a incapacitación de menores de idade, nos casos en que proceda consonte a lei, só poderá ser promovida por quen exerza a patria potestade ou a tutela.

5. A declaración de prodigalidade só poderá ser instada polo cónxuxe, os descendentes ou ascendentes que perciban alimentos do presunto pródigo ou se encontren en situación de llos reclamar e os representantes legais de calquera deles. Se non a piden os representantes legais, farao o Ministerio Fiscal.

Artigo 758. Constitución en parte do demandado.

O presunto incapaz ou a persoa da que se solicite a declaración de prodigalidade poden comparecer no proceso coa súa propia defensa e representación.

De o non faceren, serán defendidos polo Ministerio Fiscal, sempre que non fose este o promotor do procedemento. Noutro caso, designarase un defensor xudicial, a non ser que estea xa nomeado.

Artigo 759. Probas e audiencias preceptivas nos procesos de incapacitación.

1. Nos procesos de incapacitación, ademais das probas que se practiquen de conformidade co disposto no artigo 752, o tribunal oirá os parentes máis próximos do presunto incapaz, examinará a este por si mesmo e acordará os dictames periciais necesarios ou pertinentes en relación coas pretensións da demanda e demais medidas previstas polas leis. Nunca se decidirá sobre a incapacitación sen previo dictame pericial médico, acordado polo tribunal.

2. Se se solicitou na demanda de incapacitación o nomeamento da persoa ou persoas que teñan que asistir ou representa-lo incapaz e velar por el, sobre esta cuestión serán oídos os parentes máis próximos do presunto incapaz, este, se ten suficiente xuízo, e as demais persoas que o tribunal considere oportuno.

3. De se apelar contra a sentenza que decida sobre a incapacitación, ordenarase tamén de oficio na segunda instancia a práctica das probas preceptivas a que se refiren os números anteriores deste artigo.

Artigo 760. Sentencia.

1. A sentenza que declare a incapacitación determinará a extensión e os límites desta, así como o réxime de tutela ou garda a que teña que quedar sometido o incapacitado, e pronunciarase, se é o caso, sobre a necesidade de internamento, sen prexuízo do disposto no artigo 763.

2. No caso a que se refire o número 2 do artigo anterior, se o tribunal accede á solicitude, a sentenza que declare a incapacitación ou a prodigalidade nomeará a persoa ou persoas que, consonte a lei, teñan que asistir ou representa-lo incapaz e velar por el.

3. A sentenza que declare a prodigalidade determinará os actos que o pródigo non pode realizar sen o consentimento da persoa que o deba asistir.

Artigo 761. Reintegración da capacidade e modificación do alcance da incapacitación.

1. A sentenza de incapacitación non impedirá que, sobrevidas novas circunstancias, poida instarse un novo proceso que teña por obxecto deixar sen efecto ou modifica-lo alcance da incapacitación xa establecida.

2. Correspóndelles formula-la petición para inicia-lo proceso a que se refire o número anterior ás persoas mencionadas no número 1 do artigo 757, ás que exerzan cargo tutelar ou teñan baixo a súa garda o incapacitado, ó Ministerio Fiscal e ó propio incapacitado.

De o incapacitado estar privado da capacidade para comparecer en xuízo, deberá obter expresa autorización xudicial para actuar no proceso por si mesmo.

3. Nos procesos a que se refire este artigo practicaranse de oficio as probas preceptivas a que se refire o artigo 759, tanto na primeira instancia como, se é o caso, na segunda.

A sentenza que se dicte deberá pronunciarse sobre se procede ou non deixar sen efecto a incapacitación, ou sobre se deben ou non modificarse a extensión e os límites desta.

Artigo 762. Medidas cautelares.

1. Cando o tribunal competente teña coñecemento da existencia de posible causa de incapacitación nunha persoa, adoptará de oficio as medidas que estime necesarias para a adecuada protección do presunto incapaz ou do seu patrimonio e porá o feito en coñecemento do Ministerio Fiscal para que promova, se o estima procedente, a incapacitación.

2. O Ministerio Fiscal poderá tamén, en canto teña coñecemento da existencia de posible causa de incapacitación dunha persoa, solicitar do tribunal a adopción inmediata das medidas a que se refire o número anterior.

As mesmas medidas poderán adoptarse, de oficio ou por instancia de parte, en calquera estado do procedemento de incapacitación.

3. Como regra, as medidas a que se refiren os números anteriores acordaranse logo de audiencia das persoas afectadas. Para iso será de aplicación o disposto nos artigos 734, 735 e 736 desta lei.

Artigo 763. Internamento non voluntario por razón de trastorno psíquico.

1. O internamento, por razón de trastorno psíquico, dunha persoa que non estea en condicións de decidilo en por si, aínda que estea sometida á patria potestade ou á tutela, requirirá autorización xudicial, que será requirida do tribunal do lugar onde resida a persoa afectada polo internamento.

A autorización será previa ó dito internamento, agás que razóns de urxencia fagan necesaria a inmediata adopción da medida. Neste caso, o responsable do centro en que se producise o internamento deberalle dar conta deste ó tribunal competente o antes posible e, en todo caso, dentro do prazo de vintecatro horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da dita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que o internamento chegue a coñecemento do tribunal.

Nos casos de internamentos urxentes, a competencia para a ratificación da medida corresponderalle ó tribunal do lugar en que radique o centro onde se producise o internamento. Este tribunal deberá actuar, se é o caso, conforme o disposto no número 3 do artigo 757 desta lei.

2. O internamento de menores realizarase sempre nun establecemento de saúde mental adecuado á súa idade, logo de informe dos servicios de asistencia ó menor.

3. Antes de concede-la autorización ou de ratifica-lo internamento que xa se efectuou, o tribunal oirá a persoa afectada pola decisión, o Ministerio Fiscal e calquera outra persoa da que estime conveniente a súa comparecencia ou que lle sexa solicitada polo afectado pola medida. Ademais, e sen prexuízo de que poida practicar calquera outra proba que coide relevante para o caso, o tribunal deberá examinar en por si a persoa obxecto do internamento da cal se trate e oí-lo dictame dun facultativo por el designado. En tódalas actuacións, a persoa afectada pola medida de internamento poderá dispor de representación e defensa nos termos sinalados no artigo 758 desta lei.

En todo caso, a decisión que o tribunal adopte en relación co internamento será susceptible de recurso de apelación.

4. Na mesma resolución que acorde o internamento expresarase a obriga dos facultativos que atendan a persoa internada de informaren periodicamente o tribunal sobre a necesidade de mante-la medida, sen prexuízo dos demais informes que o tribunal poida requirir cando o crea pertinente.

Os informes periódicos serán emitidos cada seis meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza

do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo inferior.

Recibidos os referidos informes, o tribunal, logo da práctica, se é o caso, das actuacións que estime imprescindibles, acordará o procedente sobre a continuación ou non do internamento.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, cando os facultativos que atendan a persoa internada consideren que non é necesario mante-lo internamento, daránlle a alta ó enfermo, e comunicaránllo inmediatamente ó tribunal competente.

CAPÍTULO III

Dos procesos sobre filiación, paternidade e maternidade

Artigo 764. *Determinación legal da filiación por sentenza firme.*

1. Poderá pedirse dos tribunais a determinación legal da filiación, así como impugnarse ante eles a filiación legalmente determinada, nos casos previstos na lexislación civil.

2. Os tribunais rexeitarán a admisión a trámite de calquera demanda que pretenda a impugnación da filiación declarada por sentenza firme, ou a determinación dunha filiación contradictoria con outra que fose establecida tamén por sentenza firme.

Se a existencia da dita sentenza firme se acredita unha vez iniciado o proceso, o tribunal procederá definitivamente ó arquivo deste.

Artigo 765. *Exercicio das accións que lle correspondan ó fillo menor ou incapacitado e sucesión procesual.*

1. As accións de determinación ou de impugnación da filiación que, conforme o disposto na lexislación civil, lle correspondan ó fillo menor de idade ou incapacitado poderán ser exercidas polo seu representante legal ou polo Ministerio Fiscal, indistintamente.

2. En tódolos procesos a que se refire este capítulo, á morte do demandante, os seus herdeiros poderán continuar as accións xa iniciadas.

Artigo 766. *Lexitimación pasiva.*

Nos procesos a que se refire este capítulo serán parte demandada, se non interpuxeron elas a demanda, as persoas ás que nesta se lles atribúa a condición de proxenitores e de fillo, cando se pida a determinación da filiación, e as que aparezan como proxenitores e como fillo en virtude da filiación legalmente determinada, cando se impugne esta. Se calquera deles faleceu, serán parte demandada os seus herdeiros.

Artigo 767. *Especialidades en materia de procedemento e proba.*

1. En ningún caso se admitirá a demanda sobre determinación ou impugnación da filiación se con ela non se presenta un principio de proba dos feitos en que se funde.

2. Nos xuízos sobre filiación será admisible a investigación da paternidade e da maternidade mediante toda clase de probas, incluídas as biolóxicas.

3. Aínda que non haxa proba directa, poderá declararse a filiación que resulte do recoñecemento expreso ou tácito, da posesión de estado, da convivencia co nai na época da concepción, ou doutros feitos dos que se infira a filiación, de modo análogo.

4. A negativa inxustificada a someterse á proba biolóxica de paternidade ou maternidade permitiralle ó tribunal declara-la filiación reclamada, sempre que existan outros indicios da paternidade ou maternidade e a proba desta non se obtivese por outros medios.

Artigo 768. *Medidas cautelares.*

1. Mentres dure o procedemento polo que se impugne a filiación, o tribunal adoptará as medidas de protección oportunas sobre a persoa e bens do sometido á potestade do que aparece como proxenitor.

2. Reclamada xudicialmente a filiación, o tribunal poderá acordar alimentos provisionais por conta do demandado e, se é o caso, adopta-las medidas de protección a que se refire o número anterior.

3. Como regra, as medidas a que se refiren os números anteriores acordaranse logo de audiencia das persoas que puidesen resultar afectadas. Para iso será de aplicación o disposto nos artigos 734, 735 e 736 desta lei.

Emporiso, cando concorran razóns de urxencia, poderanse acorda-las medidas sen máis trámites, e mandarase cita-los interesados a unha comparecencia, que se celebrará dentro dos dez días seguintes e na que, tras oír-las alegacións dos comparecentes sobre a procedencia das medidas adoptadas, resolverá o tribunal o que proceda por medio de auto.

Para a adopción das medidas cautelares nestes procesos, poderá non esixírselle caución a quen as solicite.

CAPÍTULO IV

Dos procesos matrimoniais e de menores

Artigo 769. *Competencia.*

1. Agás que expresamente se dispoña outra cosa, será tribunal competente para coñecer dos procedementos a que se refire este capítulo o xulgado de primeira instancia do lugar do domicilio conxugal. No caso de residiren os cónxuxes en distintos partidos xudiciais, será tribunal competente, por elección do demandante ou dos cónxuxes que soliciten a separación ou o divorcio de mutuo acordo, o do último domicilio do matrimonio ou o de residencia do demandado.

Os que non teñan domicilio nin residencia fixos poderán ser demandados no lugar en que se atopen ou no da súa última residencia, por elección do demandante e, se tampouco se pode determinar así a competencia, corresponderalle esta ó tribunal do domicilio do demandante.

2. No procedemento de separación ou divorcio de mutuo acordo a que se refire o artigo 777, será competente o xuíz do último domicilio común ou o do domicilio de calquera dos solicitantes.

3. Nos procesos que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos reclamados por un proxenitor contra o outro en nome dos fillos menores, será competente o xulgado de primeira instancia do lugar do último domicilio común dos proxenitores. No caso de residiren os proxenitores en distintos partidos xudiciais, será tribunal competente, por elección do demandante, o do domicilio do demandado ou o da residencia do menor.

4. O tribunal examinará de oficio a súa competencia. Son nulos os acordos das partes que se opoñan ó disposto neste artigo.

Artigo 770. *Procedemento.*

As demandas de separación e divorcio, agás as previstas no artigo 777, as de nulidade do matrimonio e

as demais que se formulen ó abeiro do título IV do libro I do Código civil, serán substanciadas polos trámites do xuízo verbal, conforme o establecido no capítulo I deste título, e con suxeición, ademais, ás seguintes regras:

1.^a Á demanda deberá xuntárselle a certificación da inscrición do matrimonio e, se é o caso, as de inscrición de nacemento dos fillos no Rexistro Civil, así como os documentos en que o cónxuxe funde o seu dereito. Se se solicitan medidas de carácter patrimonial, o demandante deberá achega-los documentos de que dispoña que permitan avalia-la situación económica dos cónxuxes e, se é o caso, dos fillos, tales como declaracións tributarias, nóminas, certificacións bancarias, títulos de propiedade ou certificacións rexistrais.

2.^a Só se admitirá a reconvencción cando se funde nalgunha das causas que poidan dar lugar á nulidade do matrimonio, á separación ou ó divorcio ou cando o cónxuxe demandado pretenda a adopción de medidas definitivas que non foron solicitadas na demanda e sobre as que o tribunal non deba pronunciarse de oficio.

A reconvencción proporase, se é o caso, coa contestación á demanda e o demandante disporá de dez días para contestala.

3.^a Á vista deberán concorre-las partes en por si, con apercibimento de que a súa incomparecencia sen causa xustificada poderá determinar que se consideren admitidos os feitos alegados pola parte que compareza para fundamenta-las súas peticións sobre medidas definitivas de carácter patrimonial. Tamén será obrigatoria a presenza dos avogados respectivos.

4.^a As probas que non poidan practicarse no acto da vista practicaranse dentro do prazo que o tribunal sinala, que non poderá exceder de trinta días.

Durante este prazo, o tribunal poderá acordar de oficio as probas que estime necesarias para comproba-la concorrencia das circunstancias esixidas en cada caso polo Código civil para decreta-la nulidade, separación ou divorcio, así como as que se refiran a feitos dos que dependan os pronunciamentos sobre medidas que afecten os fillos menores ou incapacitados, de acordo coa lexislación civil aplicable. Cando haxa fillos menores ou incapacitados, serán oídos se teñen suficiente xuízo e, en todo caso, se son maiores de doce anos.

5.^a En calquera momento do proceso, concorrendo os requisitos sinalados no artigo 777, as partes poderán solicitar que continúe o procedemento polos trámites que se establecen no dito artigo.

6.^a Nos procesos que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos reclamados en nome dos fillos menores, para a adopción das medidas cautelares que sexan adecuadas ós devanditos procesos seguiranse os trámites establecidos nesta lei para a adopción de medidas previas, simultáneas ou definitivas nos procesos de nulidade, separación ou divorcio.

Artigo 771. Medidas provisionais previas á demanda de nulidade, separación ou divorcio. Solicitude, comparecencia e resolución.

1. O cónxuxe que se propoña demanda-la nulidade, separación ou divorcio do seu matrimonio pode solicita-los efectos e medidas a que se refiren os artigos 102 e 103 do Código civil ante o tribunal do seu domicilio.

Para formular esta solicitude non será precisa a intervención de procurador e avogado, pero si será necesaria a dita intervención para todo escrito e actuación posterior.

2. Á vista da solicitude, o tribunal mandará cita-los cónxuxes e, de haber fillos menores ou incapacitados, o Ministerio Fiscal, a unha comparecencia, que se celebrará nos dez días seguintes. Á dita comparecencia debe-

rá acudi-lo cónxuxe demandado asistido polo seu avogado e representado polo seu procurador.

Na mesma resolución poderá acordar de inmediato, se a urxencia do caso o aconsella, os efectos a que se refire o artigo 102 do Código civil e o que considere procedente en relación coa custodia dos fillos e uso da vivenda e enxoval familiares. Contra esta resolución non se dará recurso ningún.

3. No acto da comparecencia a que se refire o número anterior, se non hai acordo dos cónxuxes sobre as medidas que cómpre adoptar ou este, oído, se é o caso, o Ministerio Fiscal, non é aprobado en todo ou en parte polo tribunal, serán oídas as alegacións dos concorrentes e practicarase a proba que estes propoñan e que non sexa inútil ou impertinente, así como a que o tribunal acorde de oficio. Se algunha proba non se pode practicar na comparecencia, sinalarase data para a súa práctica, en unidade de acto, dentro dos dez días seguintes.

A falta de asistencia, sen causa xustificada, dalgún dos cónxuxes á comparecencia poderá determinar que se consideren admitidos os feitos alegados polo cónxuxe presente para fundamenta-las súas peticións sobre medidas provisionais de carácter patrimonial.

4. Finalizada a comparecencia ou, se é o caso, terminado o acto sinalado para a práctica da proba que non puido producirse naquela, o tribunal resolverá, no prazo de tres días, mediante auto, contra o que non se dará recurso ningún.

5. Os efectos e medidas acordados de conformidade co disposto neste artigo só subsistirán se, dentro dos trinta días seguintes á súa adopción, se presenta a demanda de nulidade, separación ou divorcio.

Artigo 772. Confirmación ou modificación das medidas provisionais previas á demanda, ó admitirse esta.

1. Cando se adoptasen medidas con anterioridade á demanda, admitida esta, uníranse as actuacións sobre adopción das ditas medidas ós autos do proceso de nulidade, separación ou divorcio, e solicitarase, para tal efecto, o correspondente testemuño, se as actuacións sobre as medidas se produciron en tribunal distinto do que coñeza da demanda.

2. Só cando o tribunal considere que procede completar ou modifica-las medidas previamente acordadas convocará as partes a unha comparecencia, que se substanciará de acordo co disposto no artigo anterior.

Contra o auto que se dicte non se dará recurso ningún.

Artigo 773. Medidas provisionais derivadas da admisión da demanda de nulidade, separación ou divorcio.

1. O cónxuxe que solicite a nulidade do seu matrimonio, a separación ou o divorcio poderá pedir na demanda o que considere oportuno sobre as medidas provisionais que cómpre adoptar, sempre que non se adoptasen con anterioridade. Tamén poderán ámbolos cónxuxes someter á aprobación do tribunal o acordo a que chegasen sobre tales cuestións. Este acordo non será vinculante para as pretensións respectivas das partes nin para a decisión que poida adopta-lo tribunal no que respecta ás medidas definitivas.

2. Admitida a demanda, o tribunal resolverá sobre as peticións a que se refire o número anterior e, no seu defecto, acordará o que proceda, dando cumprimento, en todo caso, ó disposto no artigo 103 do Código civil.

3. Antes de dicta-la resolución a que se refire o número anterior, serán convocados os cónxuxes e, se é o caso, o Ministerio Fiscal, a unha comparecencia, que se substanciará conforme o previsto no artigo 771.

Contra o auto que se dicte non se dará recurso ningún.

4. Tamén poderá solicitar medidas provisionais o cónxuxe demandado, cando non se adoptasen con anterioridade ou non fosen solicitadas polo demandante, de acordo co disposto nos números precedentes. A solicitude deberá facerse na contestación á demanda e substanciarase na vista principal, cando esta se sinala dentro dos dez días seguintes ó da contestación, resolvendo o tribunal por medio de auto non susceptible de recurso cando a sentenza non poida dictarse inmediatamente despois da vista.

Se a vista non pode sinalarse no prazo indicado, convocarase a comparecencia a que se refire o número 3 deste artigo.

5. As medidas provisionais quedarán sen efecto cando sexan substituídas polas que estableza definitivamente a sentenza ou cando se poña fin ó procedemento doutro modo.

Artigo 774. *Medidas definitivas.*

1. Na vista do xuízo, se non o fixeron antes, conforme o disposto nos artigos anteriores, os cónxuxes poderanlle someter ó tribunal os acordos a que chegasen para regula-las consecuencias da nulidade, separación ou divorcio e propo-la proba que consideren conveniente para xustifica-la súa procedencia.

2. Na falta de acordo, practicarase a proba útil e pertinente que os cónxuxes ou o Ministerio Fiscal propoñan e a que o tribunal acorde de oficio sobre os feitos que sexan relevantes para a decisión sobre as medidas que cómpre adoptar.

3. O tribunal resolverá na sentenza sobre as medidas solicitadas de común acordo polos cónxuxes, tanto se xa foron adoptadas, en concepto de provisionais, como se se propuxeron con posterioridade.

4. En defecto de acordo dos cónxuxes ou en caso de non-aprobación del, o tribunal determinará, na propia sentenza, as medidas que teñan que substituí-las xa adoptadas con anterioridade en relación cos fillos, a vivenda familiar, as cargas do matrimonio, disolución do réxime económico e as cautelas ou garantías respectivas, establecendo as que procedan se para algún destes conceptos non se adoptou ningunha.

5. Os recursos que, conforme a lei, se interpoñan contra a sentenza non suspenderán a eficacia das medidas que se acordasen nesta. Se a impugnación afecta unicamente os pronunciamentos sobre medidas, declararase a firmeza do pronunciamento sobre a nulidade, separación ou divorcio.

Artigo 775. *Modificación das medidas definitivas.*

1. O Ministerio Fiscal, habendo fillos menores ou incapacitados e, en todo caso, os cónxuxes poderán solicitar do tribunal a modificación das medidas convidas polos cónxuxes ou das adoptadas en defecto de acordo, sempre que variasen substancialmente as circunstancias tidas en conta ó aprobalas ou acordalas.

2. Estas peticións tramitaranse conforme o disposto no artigo 771. Non obstante, se a petición é feita por ámbolos cónxuxes de común acordo ou por un co consentimento do outro e xuntando proposta de convenio regulador, seguirase o procedemento establecido no artigo seguinte.

3. As partes poderán solicitar, na demanda ou na contestación, a modificación provisional das medidas definitivas concedidas nun preito anterior. Esta petición substanciarase de acordo co previsto no artigo 773.

Artigo 776. *Execución forzosa dos pronunciamentos sobre medidas.*

Os pronunciamentos sobre medidas executaranse de acordo co disposto no libro III desta lei, coas especialidades seguintes:

1.^a Ó cónxuxe ou proxenitor que incumpra de maneira reiterada as obrigas de pagamento de cantidade que lle correspondan poderánselle impor multas coercitivas, de acordo co disposto no artigo 711 e sen prexuízo de facer efectivas sobre o seu patrimonio as cantidades debidas e non satisfeitas.

2.^a En caso de incumprimento de obrigas non pecuniarias de carácter persoalísimo, non procederá a substitución automática polo equivalente pecuniario prevista no punto terceiro do artigo 709 e poderán manterse as multas coercitivas mensuais todo o tempo que sexa necesario máis alá do prazo dun ano establecido no dito precepto.

3.^a O incumprimento reiterado das obrigas derivadas do réxime de visitas, tanto por parte do proxenitor gardador como do non gardador poderá dar lugar á modificación do réxime de garda e visitas.

Artigo 777. *Separación ou divorcio solicitados de mutuo acordo ou por un dos cónxuxes co consentimento do outro.*

1. As peticións de separación ou divorcio presentadas de común acordo por ámbolos cónxuxes ou por un co consentimento do outro tramitaranse polo procedemento establecido neste artigo.

2. Ó escrito polo que se promova o procedemento deberá xuntárselle a certificación da inscrición do matrimonio e, se é o caso, as de inscrición de nacemento dos fillos no Rexistro Civil, así como a proposta de convenio regulador conforme o establecido na lexislación civil e o documento ou documentos en que o cónxuxe ou cónxuxes funden o seu dereito. Se algún feito relevante non pode ser probado mediante documentos, no mesmo escrito proporase a proba de que os cónxuxes queiran valerse para acreditalo.

3. Á vista da solicitude de separación ou divorcio, mandarase cita-los cónxuxes, dentro dos tres días seguintes, para que se ratifiquen por separado na súa petición. De esta non ser ratificada por algún dos cónxuxes, acordarase de inmediato o arquivo das actuacións, sen ulterior recurso, quedando a salvo o dereito dos cónxuxes a promoveren a separación ou o divorcio conforme o disposto no artigo 770.

4. Ratificada por ámbolos cónxuxes a solicitude, se a documentación achegada fose insuficiente, o tribunal concederá mediante providencia ós solicitantes un prazo de dez días para que a completen. Durante este prazo practicarase, se é o caso, a proba que os cónxuxes propuxesen e a demais que o tribunal considere necesaria para acredita-la concorrencia das circunstancias en cada caso esixidas polo Código civil e para aprecia-la procedencia de aproba-la proposta de convenio regulador.

5. Se hai fillos menores ou incapacitados, o tribunal requirirá informe do Ministerio Fiscal sobre os termos do convenio relativos ós fillos e oír á estes, de teren suficiente xuízo, e sempre ós maiores de doce anos. Estas actuacións practicaranse durante o prazo a que se refire o número anterior ou, se este non se abriu, no prazo de cinco días.

6. Cumprido o disposto nos dous números anteriores ou, se non é necesario, inmediatamente despois da ratificación dos cónxuxes, o tribunal dictará sentenza pola que se concederá ou denegará a separación ou o divorcio e pola que se pronunciará, se é o caso, sobre o convenio regulador.

7. Concedida a separación ou o divorcio, se a sentenza non aproba en todo ou en parte o convenio regulador proposto, concederáselles ás partes un prazo de dez días para proporen novo convenio, limitado, se é o caso, ós puntos que non fosen aprobados polo tribunal. Presentada a proposta ou transcorrido o prazo concedido

sen facelo, o tribunal dictará auto dentro do terceiro día, resolvendo o procedente.

8. A sentenza que denegue a separación ou o divorcio e o auto que acorde algunha medida que se aparte dos termos do convenio proposto polos cónxuxes poderán ser obxecto de recurso en apelación. O recurso contra o auto que decida sobre as medidas non suspenderá a eficacia destas, nin afectará a firmeza da sentenza relativa á separación ou ó divorcio.

A sentenza ou o auto que aproben na súa totalidade a proposta de convenio só poderán ser susceptibles de recurso, en interese dos fillos menores ou incapacitados, polo Ministerio Fiscal.

9. A modificación do convenio regulador ou das medidas acordadas polo tribunal nos procedementos a que se refire este artigo substanciarase conforme o disposto nel cando sexa solicitado por ámbolos cónxuxes de común acordo ou por un co consentimento do outro e con proposta de novo convenio regulador. Noutro caso, haberá que se ater ó disposto no artigo 775.

Artigo 778. Eficacia civil de resolucións dos tribunais eclesiásticos ou de decisións pontificias sobre matrimonio rato e non consumado.

1. Nas demandas en solicitude da eficacia civil das resolucións dictadas polos tribunais eclesiásticos sobre nulidade do matrimonio canónico ou as decisións pontificias sobre matrimonio rato e non consumado, se non se pide a adopción ou modificación de medidas, o tribunal daralles audiencia por prazo de dez días ó outro cónxuxe e ó Ministerio Fiscal e resolverá por medio de auto o que resulte procedente sobre a eficacia na orde civil da resolución ou decisión eclesiástica.

2. Cando na demanda se solicite a adopción ou modificación de medidas, substanciarase a petición de eficacia civil da resolución ou decisión canónica conxuntamente coa relativa ás medidas, seguindo o procedemento que corresponda de acordo co disposto no artigo 770.

CAPÍTULO V

Da oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores e do procedemento para determina-la necesidade de asentimento na adopción

Artigo 779. Competencia.

Será competente para coñecer dos procesos a que se refire este capítulo o xulgado de primeira instancia do domicilio da entidade protectora e, no seu defecto, ou nos supostos dos artigos 179 e 180 do Código civil, a competencia corresponderalle ó tribunal do domicilio do adoptante.

Artigo 780. Oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.

1. Non será necesaria a reclamación previa en vía administrativa para formular oposición, ante os tribunais civís, ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.

2. Quen pretenda oporse a unha resolución administrativa en materia de protección de menores presentará un escrito inicial no que sucintamente expresará a súa pretensión e a resolución a que se opón.

3. O tribunal reclamaralle á entidade administrativa un testemuño completo do expediente, que deberá ser achegado no prazo de vinte días.

4. Recibido o testemuño do expediente administrativo, emprazarase o demandante por vinte días para que presente a demanda, que se tramitará de acordo co previsto no artigo 753.

Artigo 781. Procedemento para determina-la necesidade de asentimento na adopción.

1. Os pais que pretendan que se recoñeza a necesidade do seu asentimento para a adopción poderán comparecer ante o tribunal que estea coñecendo do correspondente expediente e manifestalo así. O tribunal, con suspensión do expediente, sinalará o prazo que prudencialmente estime necesario para a presentación da demanda, que non poderá ser inferior a vinte días nin exceder de corenta. Presentada a demanda, tramitarase de acordo co previsto no artigo 753.

2. De non se presenta-la demanda no prazo fixado polo tribunal dictarase auto dando por finalizado o trámite. Dictada esta resolución, non se admitirá ningunha reclamación posterior dos mesmos suxeitos sobre necesidade de asentimento para a adopción de que se trate.

TÍTULO II

Da división xudicial de patrimonios

CAPÍTULO I

Da división da herdanza

SECCIÓN 1.^a DO PROCEDEMENTO PARA A DIVISIÓN DA HERDANZA

Artigo 782. Solicitude de división xudicial da herdanza.

1. Calquera coherdeiro ou legatario de parte alicuota poderá reclamar xudicialmente a división da herdanza, sempre que esta non deba efectual un comisario ou contador-partidor designado polo testador, por acordo entre os coherdeiros ou por resolución xudicial.

2. Á solicitude deberáselle xunta-lo certificado de defunción da persoa da sucesión da cal se trate e o documento que acredite a condición de herdeiro ou legatario do solicitante.

3. Os acredores non poderán insta-la división, sen prexuízo das accións que lles correspondan contra a herdanza, a comunidade hereditaria ou os coherdeiros, que se exercerán no xuízo declarativo que corresponda, sen suspender nin entorpece-las actuacións de división da herdanza.

4. Emporiso, os acredores recoñecidos como tales no testamento ou polos coherdeiros e os que teñan o seu dereito documentado nun título executivo poderán oporse a que se leve a efecto a partición da herdanza ata que se lles pague ou afiance o importe dos seus créditos. Esta petición poderá deducirse en calquera momento, antes de que se produza a entrega dos bens adxudicados a cada herdeiro.

5. Os acredores dun ou máis dos coherdeiros poderán intervir pola súa conta na partición para evitar que esta se faga en fraude ou prexuízo dos seus dereitos.

Artigo 783. Convocatoria de xunta para designar contador e peritos.

1. Solicitada a división xudicial da herdanza acordase, cando así se pedise e resultase procedente, a intervención da herdanza e a formación de inventario.

2. Practicadas as actuacións anteriores ou, de non ser necesario, á vista da solicitude de división xudicial da herdanza mandarase convocar á xunta os herdeiros, os legatarios de parte alicuota e o cónxuxe sobrevivente, e sinalarase día dentro dos dez seguintes.

3. A citación dos interesados que estean xa constituídos en parte nas actuacións farase por medio do procurador. Os que non estean constituídos en parte serán citados persoalmente, se a súa residencia é coñe-

cida. Se non o é, serán chamados por edictos, conforme o disposto no artigo 164.

4. Convocarase tamén o Ministerio Fiscal para que represente os interesados na herdanza que sexan menores ou incapacitados e non teñan representación lexítima e os ausentes dos que se ignore o seu paradiro. A representación do Ministerio Fiscal cesará unha vez que os menores ou incapacitados estean habilitados de representante legal ou defensor xudicial e, respecto dos ausentes, cando se presenten no xuízo ou poidan ser citados persoalmente, aínda que se volvan ausentar.

5. Os acredores a que se refire o número 5 do artigo anterior serán convocados á xunta cando estean constituídos como parte no procedemento. Os que non estean constituídos como parte non serán citados, pero poderán participar nela se concorren no día sinalado achegando os títulos xustificativos dos seus créditos.

Artigo 784. *Designación do contador e dos peritos.*

1. A xunta celebrárase, cos que concorran, no día e hora sinalados e será presidida polo secretario xudicial.

2. Os interesados deberán pórse de acordo sobre o nomeamento dun contador que practique as operacións divisorias da herdanza, así como sobre o nomeamento do perito ou peritos que teñan que intervir na taxación dos bens. Non poderá designarse máis dun perito para cada clase de bens que deban ser taxados.

3. Se da xunta resulta falta de acordo para o nomeamento de contador, designarase un por sorteo, conforme o disposto no artigo 341, de entre os avogados en exercicio con especiais coñecementos na materia e con despacho profesional no lugar do xuízo. De non haber acordo sobre os peritos, designarase por igual procedemento os que o contador ou contadores estimen necesarios para practica-las taxacións, pero nunca máis dun por cada clase de bens que deban ser taxados.

4. Seralle aplicable ó contador designado por sorteo o disposto para a recusación dos peritos.

Artigo 785. *Entrega da documentación ó contador. Obriga de cumpri-la encarga aceptada e prazo para facela.*

1. Elixidos o contador e os peritos, se é o caso, logo de aceptación, entregaránselle os autos ó primeiro e poranse á disposición deste e dos peritos cantos obxectos, documentos e papeis necesiten para practicalo inventario, cando este non estea feito, e a taxación, a liquidación e a división da herdanza.

2. A aceptación do contador dará dereito a cada un dos interesados para obrígalos a que cumpra a súa encarga.

3. Por instancia de parte, o tribunal poderá mediante providencia fixarlle ó contador un prazo para que presente as operacións divisorias, e se o non verifica, será responsable dos danos e perdas.

Artigo 786. *Práctica das operacións divisorias.*

1. O contador realizará as operacións divisorias de acordo co disposto na lei aplicable á sucesión do causante; pero se o testador estableceu regras distintas para o inventario, taxación, liquidación e división dos seus bens, aterase ó que resulte delas, sempre que non prexudiquen as lexítimas dos herdeiros forzosos. Procurará, en todo caso, evita-la indivisión, así como a excesiva división dos predios.

2. As operacións divisorias deberán presentarse no prazo máximo de dous meses desde que foron iniciadas,

e conteranse nun escrito asinado polo contador, no que se expresará:

- 1.º A relación dos bens que formen o capital partible.
- 2.º A taxación dos comprendidos nesa relación.
- 3.º A liquidación da herdanza, a súa división e a adxudicación a cada un dos partícipes.

Artigo 787. *Aprobación das operacións divisorias. Oposición a elas.*

1. Das operacións divisorias daráselles traslado ás partes, emprazándoas por dez días para que formulen oposición. Durante este prazo, as partes poderán examinar na secretaría os autos e as operacións divisorias e obter, pola súa conta, as copias que soliciten.

A oposición terase que formular por escrito, expresando os puntos das operacións divisorias a que se refire e as razóns en que se funda.

2. Pasado o dito termo sen facerse oposición ou logo de que os interesados manifestasen a súa conformidade, o tribunal chamará os autos á vista e dictará auto polo que aprobará as operacións divisorias, mandando protocolizalas.

3. Cando en tempo hábil se formalizase a oposición ás operacións divisorias, o tribunal mandará convocalo contador e as partes a unha comparecencia, que se celebrará dentro dos dez días seguintes.

4. Se na comparecencia se alcanza a conformidade de tódolos interesados respecto das cuestións promovidas, executarase o acordado e o contador fará nas operacións divisorias as reformas convidadas, que serán aprobadas polo tribunal de acordo co disposto no número 2 deste artigo.

5. Se non hai conformidade, o tribunal oírás partes e admitirá as probas que propoñan e que non sexan impertinentes ou inútiles, continuando a substanciación do procedemento de acordo co disposto para o xuízo verbal.

A sentenza que recaia levarase a efecto de acordo co disposto no artigo seguinte, pero non terá eficacia de cousa xulgada; os interesados poderán facer vales os dereitos que crean que lles corresponden sobre os bens adxudicados no xuízo ordinario que corresponda.

6. Cando, conforme o establecido no artigo 40 desta lei, se suspendesen as actuacións por estar pendente causa penal en que se investigue un delito de suborno cometido na taxación dos bens da herdanza, a suspensión alzarase, sen esperar a que a causa finalice por resolución firme, en canto os interesados, prescindindo da taxación impugnada, presentasen outro feito de común acordo, caso en que se dictará sentenza de acordo co que resulte deste.

Artigo 788. *Entrega dos bens adxudicados a cada herdeiro.*

1. Aprobadas definitivamente as particións, procederase a lle entregar a cada un dos interesados o que nelas lle foi adxudicado e os títulos de propiedade, nos que o actuario porá previamente notas expresivas da adxudicación.

2. Logo de que sexan protocolizadas, daráselles ós partícipes que o pidan testemuño do seu haber e adxudicación respectivos.

3. Malia o disposto nos números anteriores, cando fose formulado por algún acredor da herdanza a petición a que se refire o número 4 do artigo 782, non se lles fará a entrega dos bens a ningún dos herdeiros nin legatarios sen estaren aqueles completamente pagados ou garantidos á súa satisfacción.

Artigo 789. Terminación do procedemento por acordo dos coherdeiros.

En calquera estado do xuízo poderán os interesados separarse do seu seguimento e adopta-los acordos que estimen convenientes. Cando o soliciten de común acordo, o tribunal deberá sobrese-lo xuízo e pó-los bens á disposición dos herdeiros.

SECCIÓN 2.^a DA INTERVENCIÓN DA HERDANZA

Artigo 790. Aseguramento dos bens da herdanza e dos documentos do defunto.

1. Sempre que o tribunal teña noticia do falecemento dunha persoa e non conste a existencia de testamento, nin de ascendentes, descendentes ou cónxuxe do finado ou persoa que estea nunha situación de feito asimilable, nin de colaterais dentro do cuarto grao, adoptará de oficio as medidas máis indispensables para o enterramento do defunto se é necesario e para a seguridade dos bens, libros, papeis, correspondencia e efectos do defunto susceptibles de subtracción ou ocultación.

Da mesma forma procederá cando as persoas de que fala o parágrafo anterior estean ausentes ou cando algún deles sexa menor ou incapacitado e non teña representante legal.

2. Nos casos a que se refire este artigo, logo de que comparezan os parentes ou se nomee representante legal ós menores ou incapacitados, faráselles entrega dos bens e efectos pertencentes ó defunto, e cesará a intervención xudicial, agás o disposto no artigo seguinte.

Artigo 791. Intervención xudicial da herdanza cando non conste a existencia de testamento nin de parentes chamados á sucesión lexítima.

1. No caso a que se refire o número 1 do artigo anterior, unha vez practicadas as actuacións que nel se mencionan, o tribunal adoptará mediante providencia as medidas que estime máis conducentes para indagar se a persoa da sucesión da cal se trata morreu con disposición testamentaria ou sen ela, ordenando, para tal efecto, que se traia ós autos certificado do Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade, así como o certificado de defunción logo de que sexa posible.

Na falta doutros medios, o tribunal ordenará mediante providencia que sexan examinados os parentes, amigos ou veciños do defunto sobre o feito de ter morto este ab intestato e sobre se ten parentes con dereito á sucesión lexítima.

2. Se, en efecto, resulta que faleceu sen testar e sen parentes chamados pola lei á sucesión, mandará o tribunal, por medio de auto, que se proceda:

1.º A ocupa-los libros, papeis e correspondencia do defunto.

2.º A inventariar e deposita-los bens, dispoñendo o que proceda sobre a súa administración, de acordo co establecido nesta lei. O tribunal poderá nomear unha persoa, con cargo á herdanza, que efectúe e garanta o inventario e o seu depósito.

Na mesma resolución ordenará de oficio a apertura de peza separada para face-la declaración de herdeiros ab intestato.

Artigo 792. Intervención xudicial da herdanza durante a tramitación da declaración de herdeiros ou da división xudicial da herdanza. Intervención por instancia dos acredores da herdanza.

1. As actuacións a que se refire o número 2 do artigo anterior poderán ser acordados por instancia de parte nos seguintes casos:

1.º Polo cónxuxe ou por calquera dos parentes que se crea con dereito á sucesión lexítima, sempre que acrediten ter promovida a declaración de herdeiros ab intestato ante notario, ou se formule a solicitude de intervención da herdanza no momento de promover-la declaración xudicial de herdeiros.

2.º Por calquera coherdeiro ou legatario de parte alícuota, no momento de solicita-la división xudicial da herdanza, agás que a intervención fose expresamente prohibida por disposición testamentaria.

2. Tamén poderán pedi-la intervención da herdanza, de acordo co establecido no punto segundo do artigo anterior, os acredores recoñecidos como tales no testamento ou os coherdeiros e os que teñan o seu dereito documentado nun título executivo.

Artigo 793. Primeiras actuacións e citación dos interesados para a formación de inventario.

1. Acordada a intervención da herdanza en calquera dos casos a que se refiren os artigos anteriores ordenará o tribunal, por medio de auto, se é necesario e non se efectuou anteriormente, a adopción das medidas indispensables para a seguridade dos bens, así como dos libros, papeis, correspondencia e efectos do defunto susceptibles de subtracción ou ocultación.

2. Na mesma resolución, sinalará día e hora para a formación de inventario, mandando cita-los interesados.

3. Deberán ser citados para a formación de inventario:

1.º O cónxuxe sobrevivente.

2.º Os parentes que poidan ter dereito á herdanza e sexan coñecidos, cando non conste a existencia de testamento nin se fixese a declaración de herdeiros ab intestato.

3.º Os herdeiros ou legatarios de parte alícuota.

4.º Os acredores por instancia dos cales se decretase a intervención da herdanza e, se é o caso, os que estean constituídos como parte no procedemento de división da herdanza.

5.º O Ministerio Fiscal, sempre que poida haber parentes descoñecidos con dereito á sucesión lexítima, ou que algún dos parentes coñecidos con dereito á herdanza ou dos herdeiros ou legatarios de parte alícuota non poida ser citado persoalmente por non ser coñecida a súa residencia, ou cando calquera dos interesados sexa menor ou incapacitado e non teña representante legal.

6.º O avogado do Estado, ou, nos casos previstos legalmente, os servicios xurídicos das comunidades autónomas, cando non conste a existencia de testamento nin de cónxuxe ou parentes que poidan ter dereito á sucesión lexítima.

Artigo 794. Formación do inventario.

1. Citados tódolos que menciona o artigo anterior, no día e hora sinalados, procederá o secretario xudicial, cos que concorran, a forma-lo inventario, o cal conterá a relación dos bens da herdanza e das escrituras, documentos e papeis de importancia que se encontren.

2. Se por disposición testamentaria se estableceron regras especiais para o inventario dos bens da herdanza, formarase este con suxeición ás ditas regras.

3. Cando non se poida termina-lo inventario no día sinalado continuarase nos seguintes.

4. Se se suscita controversia sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario serán citados os interesados a unha vista, continuando a tramitación de acordo co previsto para o xuízo verbal.

A sentenza que se pronuncie sobre a inclusión ou exclusión de bens no inventario deixará a salvo os dereitos de terceiros.

Artigo 795. Resolución sobre a administración, custodia e conservación da herdanza.

Feito o inventario, o tribunal determinará, por medio de auto, o que segundo as circunstancias corresponda sobre a administración da herdanza, a súa custodia e conservación, aténdose, se é o caso, ó que sobre estas materias dispuxese o testador e, no seu defecto, con suxeición ás regras seguintes:

1.º O metálico e efectos públicos depositaranse consoante dereito.

2.º Nomearase administrador o viúvo ou viúva e, no seu defecto, o herdeiro ou legatario de parte alícuota que teña maior parte na herdanza. Na falta destes, ou se non teñen, segundo xuízo do tribunal, a capacidade necesaria para desempeña-lo cargo, o tribunal poderá nomear administrador a calquera dos herdeiros ou legatarios de parte alícuota, de os haber, ou a un terceiro.

3.º O administrador deberá prestar, en calquera das formas permitidas por esta lei, caución bastante para responder dos bens que se lle entreguen, que será fixada polo tribunal. Poderá este, emporiso, dispensar da caución o cónxuxe viúvo ou o herdeiro designado administrador cando teñan bens suficientes para responder dos que se lle entreguen.

4.º Os herdeiros e legatarios de parte alícuota poderán dispensa-lo administrador do deber de prestar caución. Non habendo acerca disto conformidade, a caución será proporcionada ó interese ha herdanza dos que non outorguen a súa relevación. Constituirase caución, en todo caso, respecto da participación na herdanza dos menores ou incapacitados que non teñan representante legal e dos ausentes que non puidesen ser citados por se ignora-lo seu paradiro.

Artigo 796. Cesación da intervención xudicial da herdanza.

1. Cesará a intervención xudicial da herdanza cando se efectúe a declaración de herdeiros, a non ser que algún deles pida a división xudicial da herdanza; neste caso poderá subsisti-la intervención, se así se solicita, ata que se faga entrega a cada herdeiro dos bens que lle fosen adxudicados.

2. Durante a substanciación do procedemento de división xudicial da herdanza os herdeiros poderán pedir, de común acordo, que cese a intervención xudicial. O tribunal así o acordará, agás cando algún dos interesados sexa menor ou incapacitado e non teña representante legal ou cando haxa algún herdeiro ausente que non puidese ser citado por se ignora-lo seu paradiro.

3. De haber acredores recoñecidos no testamento ou polos coherdeiros ou con dereito documentado nun título executivo, que se opuxesen a que se leve a efecto a partición da herdanza ata que se lles pague ou afiance o importe dos seus créditos, non se acordará a cesación da intervención ata que se produza o pagamento ou afianzamento.

SECCIÓN 3.^a DA ADMINISTRACIÓN DA HERDANZA

Artigo 797. Posesión do cargo de administrador da herdanza.

1. Nomeado o administrador e prestada por este a caución, será posto en posesión do seu cargo, e dado a recoñecer ás persoas que designe daquelas coas que deba entenderse para o seu desempeño.

2. Para que poida acredita-la súa representación daráselle testemuño, en que conste o seu nomeamento e que está en posesión do cargo.

3. Poderá facerse constar no Rexistro da Propiedade o estado de administración dos predios da herdanza e o nomeamento de administrador mediante o correspondente mandamento xudicial cos requisitos previstos na lexislación hipotecaria.

Artigo 798. Representación da herdanza polo administrador.

Mentres a herdanza non sexa aceptada polos herdeiros, o administrador dos bens representará a herdanza en tódolos preitos que se promovan ou que estivesen iniciados ó falece-lo causante e exercerá na dita representación as accións que lle puidesen corresponder ó defunto, ata que se faga a declaración de herdeiros.

Aceptada a herdanza, o administrador só terá a representación dela no que se refire directamente á administración da herdanza, á súa custodia e conservación, e en tal concepto poderá e deberá xestiona-lo que sexa conducente, exercendo as accións que procedan.

Artigo 799. Rendición periódica de contas.

1. O administrador renderá conta xustificada nos prazos que o tribunal lle sinale, os cales serán proporcionados á importancia e condicións da herdanza, sen que en ningún caso poidan exceder dun ano.

2. O rende-la conta, o administrador consignará o saldo que dela resulte ou presentará o xustificante orixinal que acredite telo depositado no establecemento destinado para o efecto. No primeiro caso, o tribunal acordará inmediatamente mediante providencia o depósito e, no segundo, que se poña nos autos dilixencia expresiva da data e cantidade del.

3. Para o efecto de instruírse das contas e co fin de inspecciona-la administración ou promover calquera medidas que versen sobre rectificación ou aprobación daquelas, seranlle postas de manifesto na secretaría á parte que, en calquera tempo, o pida.

Artigo 800. Rendición final de contas. Impugnación das contas.

1. Cando o administrador cese no desempeño do seu cargo, renderá unha conta final complementaria das xa presentadas.

2. Tódalas contas do administrador, mesmo a final, seranlles postas de manifesto ás partes na secretaría, cando cese no desempeño do seu cargo, por un termo común, que o tribunal sinalará mediante providencia segundo a importancia daquelas.

3. Pasado o dito termo sen facerse oposición ás contas, o tribunal dictará auto aprobándoas e declarando exento de responsabilidade o administrador. No mesmo auto, o tribunal mandaralle devolver ó administrador a caución que prestase.

4. Se as contas son impugnadas en tempo hábil, daráselle traslado do escrito de impugnación ó contadante para que conteste conforme o previsto polos artigos 404 e seguintes, continuando a tramitación de acordo co disposto para o xuízo verbal.

Artigo 801. Conservación dos bens da herdanza.

1. O administrador está obrigado baixo a súa responsabilidade, a conservar sen menoscabo os bens da herdanza, e a procurar que dean as rendas, produtos ou utilidades que corresponda.

2. Para este fin deberá face-las reparacións ordinarias que sexan indispensables para a conservación dos bens. Cando sexan necesarias reparacións ou gastos extraordinarios, porao en coñecemento do xulgado, o

cal, oíndo nunha comparecencia os interesados que menciona o número 3 do artigo 793 e logo de recoñecemento pericial e formación de orzamento resolverá o que estime procedente, atendidas as circunstancias do caso.

Artigo 802. Destino das cantidades recadadas polo administrador no desempeño do cargo.

1. O administrador depositará sen dilación á disposición do xulgado as cantidades que recade no desempeño do seu cargo, retendo unicamente as que sexan necesarias para atender os gastos de preitos, pagamento de contribucións e demais atencións ordinarias.

2. Para atender os gastos extraordinarios a que se refire o artigo anterior o tribunal, mediante providencia, poderá deixar en poder do administrador a suma que se crea necesaria, e mandará sacala do depósito se non se pode cubrir cos ingresos ordinarios. Isto último ordenarase tamén cando deba facerse algún gasto ordinario e o administrador non dispoña da cantidade suficiente procedente da administración da herdanza.

Artigo 803. Prohibición de allea-los bens inventariados. Excepcións á dita prohibición.

1. O administrador non poderá allear nin grava-los bens inventariados.

2. Exceptúanse desta regra:

1.º Os que poidan deteriorarse.

2.º Os que sexan de difícil e custosa conservación.

3.º Os froitos para o alleamento dos cales se presenten circunstancias que se estimen vantaxosas.

4.º Os demais bens que sexa necesario allear para o pagamento de débedas, ou para cubrir outras atencións da administración da herdanza.

3. O tribunal, por proposta do administrador, e oíndo os interesados a que se refire o número 3 do artigo 793, poderá decretar mediante providencia a venda de calquera dos devanditos bens, que se verificará en pública poxa conforme o establecido na lexislación notarial ou en procedemento de xurisdicción voluntaria.

Os valores admitidos a cotización oficial venderanse a través do dito mercado.

Artigo 804. Retribución do administrador.

1. O administrador non terá dereito a máis retribución que a seguinte:

1.º Sobre o produto líquido da venda de froitos e outros bens mobles dos incluídos no inventario, percibirá o 2 por 100.

2.º Sobre o produto líquido da venda de bens raíces e cobranza de valores de calquera especie, o 1 por 100.

3.º Sobre o produto líquido da venda de efectos públicos, o medio por 100.

4.º Sobre os demais ingresos que haxa na administración, por conceptos diversos dos expresados nos parágrafos precedentes, o tribunal sinalaralle do 4 ó 10 por 100, tendo en consideración os produtos do capital e o traballo da administración.

2. Tamén poderá acorda-lo tribunal, mediante providencia, cando o considere xusto, que se lle aboen ó administrador os gastos de viaxes que teña necesidade de facer para o desempeño do seu cargo.

Artigo 805. Administracións subalternas.

1. Conservaranse as administracións subalternas que para o coidado dos seus bens tivese o finado, coa mesma retribución e facultades que aquel lles outorgase.

2. Estes administradores renderanlle as súas contas e remitiranlle o que recaden ó administrador xudicial, considerándose como dependentes del, pero non poderán ser separados por este senón por causa xusta e con autorización mediante providencia do tribunal.

3. Coa mesma autorización poderá prove-lo administrador xudicial, baixo a súa responsabilidade, as vacantes que resultasen.

CAPÍTULO II

Do procedemento para a liquidación do réxime económico matrimonial

Artigo 806. Ámbito de aplicación.

A liquidación de calquera réxime económico matrimonial que, por capitulacións matrimoniais ou por disposición legal, determine a existencia dunha masa común de bens e dereitos suxeita a determinadas cargas e obrigas levarase a cabo, en defecto de acordo entre os cónxuxes, de acordo co disposto neste capítulo e coas normas civís que resulten aplicables.

Artigo 807. Competencia.

Será competente para coñecer do procedemento de liquidación o xulgado de primeira instancia que estea coñecendo ou que coñeceu do proceso de nulidade, separación ou divorcio, ou aquel ante o que se sigan ou seguiron as actuacións sobre disolución do réxime económico matrimonial por algunha das causas previstas na lexislación civil.

Artigo 808. Solicitude de inventario.

1. Admitida a demanda de nulidade, separación ou divorcio, ou iniciado o proceso en que se demandase a disolución do réxime económico matrimonial, calquera dos cónxuxes poderá solicita-la formación de inventario.

2. A solicitude a que se refire o número anterior deberá acompañarse dunha proposta na que, coa debida separación, se farán constar as diferentes partidas que deban incluírse no inventario consonte a lexislación civil.

A solicitude xuntaránselle tamén os documentos que xustifiquen as diferentes partidas incluídas na proposta.

Artigo 809. Formación do inventario.

1. Á vista da solicitude a que se refire o artigo anterior, sinalarase día e hora para que, no prazo máximo de dez días, se proceda á formación de inventario, mandando cita-los cónxuxes.

No día e hora sinalados, procederá o secretario xudicial, cos cónxuxes, a forma-lo inventario da comunidade matrimonial, suxeitándose ó disposto na lexislación civil para o réxime económico matrimonial de que se trate.

Cando, sen mediar causa xustificada, algún dos cónxuxes non compareza no día sinalado, será tido por conforme coa proposta de inventario que efectúe o cónxuxe que comparecese. Neste caso, así como cando, comparecendo ámbolos cónxuxes, cheguen a un acordo, consignarase este na acta e darase por concluído o acto.

No mesmo día ou no seguinte, resolverase o que proceda sobre a administración e disposición dos bens incluídos no inventario.

2. Se se suscita controversia sobre a inclusión ou exclusión dalgún concepto no inventario ou sobre o importe de calquera das partidas, serán citados os inte-

resados a unha vista, continuando a tramitación de acordo co previsto para o xuízo verbal.

A sentenza resolverá sobre tódalas cuestións suscitadas, aprobando o inventario da comunidade matrimonial, e disporá o que sexa procedente sobre a administración e disposición dos bens comúns.

Artigo 810. Liquidación do réxime económico matrimonial.

1. Concluído o inventario e unha vez firme a resolución que declare disolto o réxime económico matrimonial, calquera dos cónxuxes poderá solicitar a liquidación deste.

2. Á solicitude deberásele xuntar unha proposta de liquidación que inclúa o pagamento das indemnizacións e reintegros debidos a cada cónxuxe e a división do remanente na proporción que corresponda, tendo en conta, na formación dos lotes, as preferencias que establezan as normas civís aplicables.

3. Admitida a trámite a solicitude de liquidación, sinalarase, dentro do prazo máximo de dez días, o día e hora en que os cónxuxes deberán comparecer ante o secretario xudicial co obxecto de alcanzar un acordo e, no seu defecto, designar contador e, se é o caso, peritos, para a práctica das operacións divisorias.

4. Cando, sen mediar causa xustificada, algún dos cónxuxes non compareza no día sinalado, será tido por conforme coa proposta de liquidación que efectúe o cónxuxe que comparecese. Neste caso, así como cando, comparecendo ámbolos cónxuxes, cheguen a un acordo, consignarase este na acta e darase por concluído o acto, levándose a efecto o acordado conforme o previsto nos dous primeiros números do artigo 788 desta lei.

5. De non lograrse acordo entre os cónxuxes sobre a liquidación do seu réxime económico-matrimonial, procederase, mediante providencia, ó nomeamento de contador e, se é o caso, peritos, conforme o establecido no artigo 784 desta lei, continuando a tramitación de acordo co disposto nos artigos 785 e seguintes.

Artigo 811. Liquidación do réxime de participación.

1. Non poderá solicitarse a liquidación de réxime de participación ata que non sexa firme a resolución que declare disolto o réxime económico matrimonial.

2. A solicitude deberá acompañarse dunha proposta de liquidación que inclúa unha estimación do patrimonio inicial e final de cada cónxuxe, expresando, se é o caso, a cantidade resultante que terá que paga-lo cónxuxe que experimentase un maior incremento patrimonial.

3. Á vista da solicitude de liquidación, sinalarase, dentro do prazo máximo de dez días, o día e hora en que os cónxuxes deberán comparecer ante o secretario xudicial co obxecto de alcanzar un acordo.

4. Cando, sen mediar causa xustificada, algún dos cónxuxes non compareza no día sinalado, será tido por conforme coa proposta de liquidación que efectúe o cónxuxe que comparecese. Neste caso, así como cando, comparecendo ámbolos cónxuxes, cheguen a un acordo, consignarase este na acta e darase por concluído o acto.

5. De non existir acordo entre os cónxuxes, serán citados a unha vista, e continuará a tramitación de acordo co previsto para o xuízo verbal.

A sentenza resolverá sobre tódalas cuestións suscitadas, determinando os patrimonios iniciais e finais de cada cónxuxe, así como, se é o caso, a cantidade que deba satisfacer-lo cónxuxe do que o patrimonio experimentase un maior incremento e a forma en que teña que se face-lo pagamento.

TÍTULO III

Dos procesos monitorio e cambiario

CAPÍTULO I

Do proceso monitorio

Artigo 812. Casos en que procede o proceso monitorio.

1. Poderá acudir ó proceso monitorio quen pretenda doutro o pagamento dunha débeda en diñeiro, vencida e esixible, dunha cantidade determinada que non exceda de cinco millóns de pesetas, cando a débeda desa cantidade se acredite dalgunha das formas seguintes:

1.^a Mediante documentos, calquera que sexa a súa forma e clase ou o soporte físico en que se encontren, que aparezan asinados polo debedor ou co seu selo, impronta ou marca ou con calquera outro sinal, físico ou electrónico, proveniente do debedor.

2.^a Mediante facturas, albarás de entrega, certificacións, telegramas, telefax ou calquera outro documento que, mesmo unilateralmente creado polo acreedor, sexa dos que habitualmente documentan os créditos e débedas en relacións da clase que apareza existente entre acreedor e debedor.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior e cando se trate de débedas que reúnan os requisitos establecidos no citado punto, poderá tamén acudirse ó proceso monitorio, para o pagamento de tales débedas, nos casos seguintes:

1.^o Cando, xunto ó documento en que conste a débeda, se acheguen documentos comerciais que acrediten unha relación anterior duradeira.

2.^o Cando a débeda se acredite mediante certificacións de falta de pagamento de cantidades debidas en concepto de gastos comúns de comunidades de propietarios de inmobles urbanos.

Artigo 813. Competencia.

Será exclusivamente competente para o proceso monitorio o xuíz de primeira instancia do domicilio ou residencia do debedor ou, de non seren coñecidos, o do lugar en que o debedor poida ser atopado para efectos do requirimento de pagamento polo tribunal, agás que se trate da reclamación de débeda a que se refire o número 2.^o do punto 2 do artigo 812; neste caso será tamén competente o tribunal do lugar onde se atope o predio, por elección do solicitante.

En todo caso, non serán de aplicación as normas sobre submisión expresa ou tácita contidas na sección 2.^a do capítulo II do título II do libro I.

Artigo 814. Petición inicial do procedemento monitorio.

1. O procedemento monitorio comezará por petición do acreedor na que se expresarán a identidade do debedor, o domicilio ou domicilios do acreedor e do debedor ou o lugar en que residan ou poidan ser atopados e a orixe e contía da débeda, achegando o documento ou documentos a que se refire o artigo 812.

A petición poderá redactarse en impreso ou formulario que facilite a expresión dos datos a que se refire o número anterior.

2. Para a presentación da petición inicial do procedemento monitorio non será preciso valerse de procurador e avogado.

Artigo 815. Admisión da petición e requirimento de pagamento.

1. Se os documentos achegados coa petición son dos previstos no número 2 do artigo 812 ou constitúen, segundo xuízo do tribunal, un principio de proba do dereito do peticionario, confirmado polo que se expoña naquela, será requirido mediante providencia o debedor para que, no prazo de vinte días, lle pague ó peticionario, acreditándoo ante o tribunal, ou compareza ante este e alegue sucintamente, en escrito de oposición, as razóns polas que, ó seu entender, non debe, en todo ou en parte, a cantidade reclamada.

O requirimento notificarase na forma prevista no artigo 161 desta lei, con apercibimento de que, de non pagar nin comparecer alegando razóns da negativa ó pagamento, se despachará contra el a execución segundo o previsto no artigo seguinte.

2. Nas reclamacións de débeda a que se refire o número 2.º do artigo 812, a notificación deberá efectuarse no domicilio previamente designado polo debedor para as notificacións e citacións de toda índole relacionadas cos asuntos da comunidade de propietarios. Se non se designa tal domicilio, tentarase a comunicación no piso ou local, e se tampouco se pode facer efectiva deste modo, notificaráselle conforme o disposto no artigo 164 desta lei.

Artigo 816. Incomparecencia do debedor requirido e despacho da execución. Xuros.

1. Se o debedor requirido non comparece ante o tribunal, este dictará auto no que despachará a execución pola cantidade debida.

2. Despachada a execución, proseguirá esta conforme o disposto para a de sentencias xudiciais, e poderase formula-la oposición prevista nestes casos, pero o solicitante do proceso monitorio e o debedor executado non poderán pretender posteriormente en proceso ordinario a cantidade reclamada no monitorio ou a devolución da que coa execución se obtivese.

Desde que se dicte o auto despachando a execución a débeda devengará o xuro a que se refire o artigo 576.

Artigo 817. Pagamento do debedor.

Se o debedor atende o requirimento de pagamento, tan pronto como o acredite, faráselle entrega de obriga de pagamento e arquivaranse as actuacións.

Artigo 818. Oposición do debedor.

1. Se o debedor presenta escrito de oposición dentro de prazo, o asunto resolverase definitivamente en xuízo que corresponda, e a sentenza que se dicte terá forza de cousa xulgada.

O escrito de oposición deberá ir asinado por avogado e procurador cando a súa intervención sexa necesaria por razón da contía, segundo as regras xerais.

Se a oposición do debedor se funda na existencia de pluspetición, actuarase respecto da cantidade recoñecida como debida conforme o que dispón o punto segundo do artigo 21 desta lei.

2. Cando a contía da pretensión non exceda da propia do xuízo verbal, o tribunal procederá de inmediato a convocala vista. Cando o importe da reclamación exceda da dita cantidade, se o peticionario non interpón a demanda correspondente dentro do prazo dun mes desde o traslado do escrito de oposición, sobreseranse as actuacións e condenarase en custas o acredor. Se presenta a demanda, daráselle traslado dela ó demandado conforme o previsto nos artigos 404 e seguintes desta lei.

CAPÍTULO II

Do xuízo cambiario

Artigo 819. Casos en que procede.

Só procederá o xuízo cambiario se, ó incoalo, se presenta letra de cambio, cheque ou obriga de pagamento que reúnan os requisitos previstos na Lei cambiaria e do cheque.

Artigo 820. Competencia.

Será competente para o xuízo cambiario o xulgado de primeira instancia do domicilio do demandado.

Se quen ten o título demanda varios debedores cunha obriga que xorde do mesmo título, será competente o domicilio de calquera deles, os cales poderán comparecer en xuízo mediante unha representación independente.

Non serán aplicables as normas sobre submisión expresa ou tácita contida na sección 2.ª do capítulo II, título II do libro I.

Artigo 821. Iniciación. Demanda. Requirimento de pagamento e embargo preventivo.

1. O xuízo cambiario comezará mediante demanda sucinta á que se xuntará o título cambiario.

2. O tribunal analizará, por medio de auto, a corrección formal do título cambiario e, se o encontra conforme, adoptará, sen máis trámites, as seguintes medidas:

1.ª Requiri-lo debedor para que pague no prazo de dez días.

2.ª Ordena-lo inmediato embargo preventivo dos bens do debedor pola cantidade que figure no título executivo, máis outra para xuros de demora, gastos e custas, por se non se atendese o requirimento de pagamento.

3. Contra o auto que denegue a adopción das medidas a que se refire o número anterior o demandante poderá interpo-los recursos a que se refire o número 2 do artigo 552.

Artigo 822. Pagamento.

Se o debedor cambiario atende o requirimento de pagamento procederase como dispón o artigo 583, pero as custas serán por conta do debedor.

Artigo 823. Alzamento do embargo.

1. Se o debedor se constitúe como parte, en por si ou por representante, dentro dos cinco días seguintes a aquel en que foi requirido para pagamento, e nega categoricamente a autenticidade da súa sinatura ou alega falta absoluta de representación, poderá o tribunal, á vista das circunstancias do caso e da documentación achegada, alza-los embargos que se acordasen, esixindo, se o considera conveniente, a caución ou garantía adecuada.

2. Non se levantará o embargo nos casos seguintes:

1.º Cando o libramento, a aceptación, o aval ou o endoso fosen intervidos, con expresión da data, por corredor de comercio colexiado ou as respectivas sinaturas estean lexitimadas na propia letra por notario.

2.º Cando o debedor cambiario no protesto ou no requirimento notarial de pagamento non negase categoricamente a autenticidade da súa sinatura no título ou non alegase falta absoluta de representación.

3.º Cando o obrigado cambiario recoñecese a súa sinatura xudicialmente ou en documento público.

Artigo 824. *Oposición cambiaria.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, nos dez días seguintes ó do requirimento de pagamento o debedor poderá interpor demanda de oposición ó xuízo cambiario.

2. A oposición farase en forma de demanda. O debedor cambiario poderalle opor ó tedor da letra, cheque ou obriga de pagamento tódalas causas ou motivos de oposición previstos no artigo 67 da Lei cambiaria e do cheque.

Artigo 825. *Efectos da falta de oposición.*

Cando o debedor non interpoña demanda de oposición no prazo establecido, despacharase execución polas cantidades reclamadas e trabarase embargo se non se puido practicar ou, conforme o previsto no artigo 823, se foi alzado.

A execución despachada neste caso substanciarase conforme o previsto nesta lei para a de sentencias e resolucións xudiciais e arbitrais.

Artigo 826. *Substanciación da oposición cambiaria.*

Presentado polo debedor escrito de oposición, daráselle traslado del ó acredor con citación para a vista conforme o disposto no punto primeiro do artigo 440 para os xuízos verbais.

A vista celebrarase do modo establecido no artigo 443. Se non comparece o debedor, o tribunal terao por desistido da oposición e adoptará as resolucións previstas no artigo anterior. Se non comparece o acredor, o tribunal resolverá sen oílo sobre a oposición.

Artigo 827. *Sentencia sobre a oposición. Eficacia.*

1. No prazo de dez días, o tribunal dictará sentenza na que resolverá sobre a oposición. Se esta é desestimada e a sentenza é obxecto de recurso, será provisionalmente executable conforme o disposto nesta lei.

2. Se a sentenza que estime a oposición é obxecto de recurso, haberá que a terse, respecto dos embargos preventivos que se trabasen, ó que dispón o artigo 744.

3. A sentenza firme dictada en xuízo cambiario producirá efectos de cousa xulgada, respecto das cuestións que puideron ser nel alegadas e discutidas, e poderanse suscita-las cuestións restantes no xuízo correspondente.

Disposición adicional primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia que lle corresponde ó Estado conforme o artigo 149.1.6.^a da Constitución, sen prexuízo das especialidades necesarias que nesta orde se deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

Disposición adicional segunda. *Actualización de contías.*

1. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar cada cinco anos as contías sinaladas nesta lei, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e de dictame do Consello de Estado.

2. Con alomenos seis meses de antelación á plena implantación da moeda europea (euro), o Goberno, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e de dictame do Consello de Estado, converterá á devandita moeda as contías establecidas en pesetas nesta lei, eliminando as fraccións daquela moeda e establecendo os importes en euros de modo que, conforme o habitual

nas nosas leis, sexan de fácil utilización. Malia o anterior, xunto ás novas contías en moeda europea, manteranse as establecidas en pesetas por esta lei nas regras sobre determinación da clase de xuízo que se deberá seguir e sobre acceso ós recursos.

Disposición adicional terceira. *Medios materiais e recursos humanos para a constancia de vistas, audiencias e comparencias.*

No prazo dun ano, a partir da aprobación desta lei, o Goberno da nación e os consellos de goberno das comunidades autónomas que teñan transferidas as correspondentes competencias, adoptarán as medidas necesarias para os xulgados e tribunais disporen dos medios materiais e dos recursos humanos precisos para a constancia das actuacións orais conforme o disposto no artigo 147 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Taxas pola obtención de copias de documentos e instrumentos.*

No prazo de seis meses, a partir da aprobación desta lei, o Goberno da nación aprobará por real decreto un sistema de prezos taxados referidos á obtención de copias simples de documentos e instrumentos que consten en autos e que sexan solicitados polas partes do proceso.

Disposición transitoria primeira. *Réxime de recursos contra resolucións interlocutorias ou non definitivas.*

Ás resolucións interlocutorias ou non definitivas que se dicten en toda clase de procesos e instancias trala entrada en vigor desta lei seralles de aplicación o réxime de recursos ordinarios que nela se establece.

Disposición transitoria segunda. *Procesos en primeira instancia.*

Agás o disposto na disposición transitoria primeira, os procesos de declaración que se encontren en primeira instancia no momento da entrada en vigor desta lei continuaranse substanciando, ata que recaia sentenza na dita instancia, conforme a lexislación procesual anterior. En canto á apelación, á segunda instancia, á execución, tamén a provisional, e ós recursos extraordinarios, serán aplicables as disposicións desta lei.

Disposición transitoria terceira. *Procesos en segunda instancia.*

Agás o disposto na disposición transitoria primeira, cando os procesos de declaración se encontren en segunda instancia no momento da entrada en vigor desta lei, substanciarase esa instancia consonte a lei anterior e, a partir da sentenza, aplicarase, para tódolos efectos, esta lei.

Non obstante, poderá pedirse consonte o disposto nesta lei a execución provisional da sentenza estimatoria contra a que se apelou.

Disposición transitoria cuarta. *Asuntos en casación.*

Os asuntos pendentes de recurso de casación ó entrar en vigor esta lei seguiranse substanciando e decidiranse conforme a anterior, pero poderá pedirse, consonte esta lei, a execución provisional da sentenza estimatoria obxecto de recurso en casación.

Disposición transitoria quinta. *Xuízos executivos.*

Calquera que sexa o título en que se funden, os xuízos executivos pendentes á entrada en vigor desta lei seguiranse tramitando conforme a anterior, pero, se as actuacións non chegaron ó procedemento de constrinximento, aplicarase no seu momento esta lei no relativo ó dito procedemento.

Disposición transitoria sexta. *Execución forzosa.*

Os procesos de execución xa iniciados ó entrar en vigor esta lei rexeranse polo disposto nela para as actuacións executivas que aínda poidan realizarse ou modificarse ata a completa satisfacción do executante.

Disposición transitoria sétima. *Medidas cautelares.*

1. As medidas cautelares que se soliciten, trala entrada en vigor desta lei, nos procesos iniciados antes da súa vixencia, rexeranse polo disposto nesta lei.

2. As medidas cautelares xa adoptadas antes de entrar en vigor esta lei rexeranse polas disposicións da lexislación anterior, pero poderase pedir e obter a súa revisión e modificación de acordo con esta lei.

Disposición derogatoria única.

1. Derrógase a Lei de axuizamento civil, aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881, coas excepcións seguintes:

1.^a Os títulos XII e XIII do libro II e o libro III, que quedarán en vigor ata a vixencia da Lei concursal e da Lei sobre xurisdicción voluntaria, respectivamente, excepción feita do artigo 1827 e dos artigos 1880 a 1900, inclusive, que quedan derogados.

Así mesmo, ata a vixencia das referidas leis, tamén quedarán en vigor os números 1.^o e 5.^o do artigo 4, os números 1.^o e 3.^o do artigo 11 e as regras 8.^a, 9.^a, 16.^a, 17.^a, 18.^a, 19.^a, 22.^a, 23.^a, 24.^a, 25.^a, 26.^a e 27.^a do artigo 63, todos eles da Lei de axuizamento civil, de 1881.

Mentres non entre en vigor a Lei concursal, os incidentes que xurdan no seo de procesos concursais rexeranse polo disposto nesta lei para a tramitación de incidentes.

Entrementres non entre en vigor a Lei sobre xurisdicción voluntaria, as referencias ó procedemento contencioso procedente contidas no libro III entenderanse feitas ó xuízo verbal.

2.^a O título I do libro II, así como o artigo 11, sobre a conciliación e a sección 2.^a do título IX do libro II, sobre declaración de herdeiros ab intestato, que estarán vixentes ata a entrada en vigor da regulación de ámbalas materias na Lei sobre xurisdicción voluntaria.

3.^a Os artigos 951 a 958, sobre eficacia en España de sentencias dictadas por tribunais estranxeiros, que estarán en vigor ata a vixencia da Lei sobre cooperación xurídica internacional en materia civil.

2. Quedan tamén derogados os seguintes preceptos, leis e disposicións:

1.^o O punto segundo do artigo 8; o parágrafo segundo do punto sexto do artigo 12; os artigos 127 a 130, incluído; o parágrafo segundo do artigo 134 e o artigo 135; os artigos 202 a 214, incluído; 294 a 296, incluído, e 298; e os artigos 1214, 1215, 1226 e 1231 a 1253, incluído, todos eles do Código civil.

2.^o Os artigos 119, 120, 121 e 122.1 da Lei de sociedades anónimas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

3.^o Os artigos 11, 12, 13, 14 e 15 da Lei 62/1978, do 26 de decembro, de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa.

4.^o Os artigos 2, 8, 12 e 13 da Lei do 23 de xullo de 1908, referente á nulidade de certos contratos de préstamos.

5.^o Os artigos 17 e 18 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, texto refundido aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo.

6.^o Os artigos 38 a 40, incluído, da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

7.^o Os artigos 123 a 137 da Lei 83/1980, do 31 de decembro, de arrendamentos rústicos.

8.^o Os artigos 82, 83, 84, 85, 92 e 93 da Lei de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento, do 16 de decembro de 1954.

9.^o Os artigos 41 e 42 da Lei de hipoteca naval, do 21 de agosto de 1893.

10.^o As disposicións adicionais primeira a novena da Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento que se seguirá nas causas de nulidade, separación e divorcio.

11.^o Os artigos 23, 25 e 26 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal.

12.^o Os artigos 29, 30 e 33 da Lei 34/1988, do 11 novembro, xeral de publicidade.

13.^o O artigo 142 da Lei de propiedade intelectual, texto refundido polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

14.^o Os números terceiro e cuarto do artigo 125, o punto segundo do artigo 133, o artigo 135 e os números primeiro e segundo do artigo 136 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.

15.^o O punto terceiro do artigo 9 e os artigos 14, 15, 18 e 20 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación.

16.^o O artigo 12 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles.

17.^o O Decreto lei 18/1969, do 20 de outubro, sobre administración xudicial en caso de embargo de empresas.

18.^o O Decreto do 21 de novembro de 1952, polo que se desenvolve a base décima da Lei do 19 de xullo de 1944 sobre normas procesuais aplicables na xustiza municipal.

19.^o A Lei 10/1968, do 20 de xuño, sobre atribución de competencias en materia civil ás audiencias provinciais.

20.^o O Decreto do 23 de febreiro de 1940 sobre reconstrución de autos e actuacións xudiciais.

21.^o O Decreto lei 5/1973, do 17 de xullo, sobre declaración de inhábiles, para efectos xudiciais, de tódolos días do mes de agosto.

3. Así mesmo, considéranse derogadas, conforme o punto segundo do artigo 2 do Código civil, cantas normas se opoñan ou sexan incompatibles co disposto nesta lei.

Considérase en vigor a Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.

Disposición derradeira primeira. *Reforma da Lei de propiedade horizontal.*

1. O parágrafo terceiro do número 2 do artigo 7 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, modificada pola Lei 8/1999, do 6 de abril, queda redactado nos seguintes termos:

«Se o infractor persiste na súa conducta, o presidente, logo de autorización da xunta de propietarios, debidamente convocada para o efecto, poderá emprender contra el acción de cesación que, no non previsto expresamente por este artigo, se substanciará a través do xuízo ordinario.»

2. O artigo 21 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, queda redactado nos seguintes termos:

«1. As obrigas a que se refiren as letras e) e f) do artigo 9 deberán ser cumpridas polo propietario da vivenda ou local no tempo e forma determinados pola xunta. En caso contrario, o presidente ou o administrador, se así o acorda a xunta de propietarios, poderá esixilo xudicialmente a través do proceso monitorio.

2. A utilización do procedemento monitorio requirirá a certificación previa do acordo da xunta aprobando a liquidación da débeda coa comunidade de propietarios por quen actúe como secretario dela, co visto e prace do presidente, sempre que tal acordo lles fose notificado ós propietarios afectados na forma establecida no artigo 9.

3. A cantidade que se reclame en virtude do disposto no número anterior poderá engadírselle a derivada dos gastos do requirimento previo de pagamento, sempre que conste documentalmente a realización deste, e se xunte á solicitude o xustificante de tales gastos.

4. Cando o propietario anterior da vivenda ou local deba responder solidariamente do pagamento da débeda, poderá dirixirse contra el a petición inicial, sen prexuízo do seu dereito a repetir contra o actual propietario. Así mesmo, poderase dirixila reclamación contra o titular rexistral, que gozará do mesmo dereito mencionado anteriormente.

En todos estes casos, a petición inicial poderse formularse contra calquera dos obrigados ou contra todos eles conxuntamente.

5. Cando o debedor se opoña á petición inicial do proceso monitorio, o acreedor poderá solicita-lo embargo preventivo de bens suficientes daquel, para lle facer fronte á cantidade reclamada, os xuros e as custas.

O tribunal acordará, en todo caso, o embargo preventivo sen necesidade de que o acreedor preste caución. Non obstante, o debedor poderá enerva-lo embargo prestando aval bancario pola contía pola que fose decretado.

6. Cando na solicitude inicial do proceso monitorio se utilicen os servizos profesionais de avogado e procurador para reclama-las cantidades debidas á comunidade, o debedor deberá pagar, con suxeición en todo caso ós límites establecidos no punto terceiro do artigo 394 da Lei de axuízamento civil, os honorarios e dereitos que deven-guen ambos pola súa intervención, tanto se aquel atende o requirimento de pagamento como se non comparece ante o tribunal. Nos casos en que exista oposición, seguiranse as regras xerais en materia de custas, aínda que se o acreedor obtén unha sentenza totalmente favorable á súa pretensión, deberánse incluír nelas os honorarios do avogado e os dereitos do procurador derivados da súa intervención, aínda que non fose preceptiva.»

Disposición derradeira segunda. *Reforma da Lei de propiedade intelectual.*

1. O artigo 25.20 da Lei de propiedade intelectual, texto refundido polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, queda redactado nos seguintes termos:

«20. No suposto indicado no número que antecede e en calquera outro de non-pagamento da remuneración, a entidade ou entidades de xestión ou, se é o caso, a representación ou asociación xestora, sen prexuízo das accións civís e penais que as asistan, poderán solicitar do tribunal a adopción das medidas cautelares procedentes conforme o disposto na Lei de axuízamento civil e, en concreto, o embargo dos correspondentes equipos, aparellos e materiais. Os bens así embargados quedarán afectados ó pagamento da remuneración reclamada e á oportuna indemnización de danos e perdas.»

2. O artigo 103 da Lei de propiedade intelectual, texto refundido polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 103. *Medidas de protección.*

O titular dos dereitos recoñecidos neste título poderá insta-las accións e procedementos que, con carácter xeral, se dispoñen no título I, libro III desta lei e as medidas cautelares procedentes, conforme o disposto na Lei de axuízamento civil.»

3. O artigo 143 da Lei de propiedade intelectual, texto refundido polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 143. *Causas criminais.*

Nas causas criminais que se sigan por infracción dos dereitos recoñecidos nesta lei, poderán adoptarse as medidas cautelares procedentes en procesos civís, conforme o disposto na Lei de axuízamento civil. Estas medidas non impedirán a adopción de calquera outra establecida na lexislación procesual penal.»

4. O artigo 150 da Lei de propiedade intelectual, texto refundido polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 150. *Lexitimación.*

As entidades de xestión, unha vez autorizadas, estarán lexitimadas nos termos que resulten dos seus propios estatutos, para exercer os dereitos confiados á súa xestión e facelos valer en toda clase de procedementos administrativos ou xudiciais.

Para acreditar esta lexitimación, a entidade de xestión unicamente deberá achegar ó inicio do proceso copia dos seus estatutos e certificación acreditativa da súa autorización administrativa. O demandado só poderá funda-la súa oposición na falta de representación da demandante, a autorización do titular do dereito exclusivo ou o pagamento da remuneración correspondente.»

Disposición derradeira terceira. *Reforma da Lei de sociedades anónimas.*

1. O artigo 118 do Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, queda redactado nos seguintes termos:

«Para a impugnación dos acordos sociais, seguiranse os trámites do xuízo ordinario e as disposicións contidas na Lei de axuízamento civil.»

2. Os parágrafos segundo e terceiro do artigo 122 do citado texto da Lei de sociedades anónimas, pasan a se-los parágrafos primeiro e segundo, respectivamente, do dito artigo.

Disposición derradeira cuarta. *Reforma da Lei de competencia desleal.*

O artigo 22 da Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 22. *Procedemento.*

Os procesos en materia de competencia desleal tramitaranse de acordo co disposto na Lei de axuízamento civil para o xuízo ordinario.»

Disposición derradeira quinta. *Reforma da Lei de patentes.*

1. O punto primeiro do artigo 125 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os litixios civís que poidan xurdir ó amparo desta lei resolveranse no xuízo que corresponda conforme a Lei de axuízamento civil.»

2. O artigo 133 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, queda redactado nos seguintes termos:

«Quen exercite ou vaia exercitar unha acción das previstas nesta lei, poderá solicitar do órgano xudicial que deba entender daquela a adopción das medidas cautelares tendentes a asegura-la efectividade destas accións, sempre que xustifique a explotación da patente obxecto da acción nos termos do artigo 83 desta lei ou que iniciou uns preparativos serios e efectivos para tales efectos.»

Disposición derradeira sexta. *Reforma da Lei sobre condicións xerais da contratación.*

1. O punto segundo do artigo 12 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, queda redactado nos seguintes termos:

«2. A acción de cesación diríxese a obter unha sentenza que condene o demandado a eliminar das súas condicións xerais as que se reputen nulas e a absterse de utilízalas no sucesivo, determinando ou aclarando, cando sexa necesario, o contido do contrato que debe considerarse válido e eficaz.

Á acción de cesación poderá acumularse, como accesoria, a de devolución de cantidades que se cobrasen en virtude das condicións a que afecte a sentenza e a de indemnización de danos e perdas que causase a aplicación destas condicións.»

2. O punto terceiro do artigo 12 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, queda redactado nos seguintes termos:

«3. A acción de retractación terá por obxecto obter unha sentenza que declare e lle imponha ó demandado, sexa ou non o predispoñente, o deber de retractarse da recomendación que efectuase de utilízalas cláusulas de condicións xerais que se consideren nulas e de absterse de seguir recomendándoas no futuro.»

3. O punto cuarto do artigo 12 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, queda redactado nos seguintes termos:

«4. A acción declarativa dirixirase a obter unha sentenza que recoñeza unha cláusula como condición xeral da contratación e ordene a súa inscrición, cando esta proceda conforme o previsto no inciso final do número 2 do artigo 11 desta lei.»

4. Engádesse un novo parágrafo ó final do artigo 16 da Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, nos seguintes termos:

«Estas entidades poderán constituírse como parte nos procesos promovidos por outra calquera delas, se o estiman oportuno para a defensa dos intereses que representan.»

5. Engádesse unha disposición adicional cuarta á Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta.

As referencias contidas na Lei de axuízamento civil ós consumidores e usuarios, deberán entenderse realizadas a todo adherente, sexa ou non consumidor ou usuario, nos litixios en que se exerciten accións individuais ou colectivas derivadas desta Lei de condicións xerais da contratación.

Así mesmo, as referencias contidas na Lei de axuízamento civil ás asociacións de consumidores e usuarios, deberán considerarse aplicables igualmente, nos litixios en que se exerciten accións colectivas recollidas nesta Lei de condicións xerais da contratación, ás demais persoas e ós entes lexitimados activamente para o seu exercicio.»

Disposición derradeira sétima. *Reforma da Lei de venda a prazos de bens mobles.*

1. O parágrafo primeiro do punto terceiro do artigo 15 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, queda redactado nos seguintes termos:

«3. En caso de embargo preventivo ou execución forzosa respecto de bens mobles sobreserase todo procedemento de constrinximento respecto do devandito bens ou dos seus produtos ou rendas tan pronto como conste en autos, por certificación do rexistrador, que sobre os bens en cuestión constan inscritos dereitos en favor de persoa distinta daquela contra a cal se decretou o embargo ou se segue o procedemento, a non ser que se dirixise contra ela a acción en concepto de herdeira de quen apareza como dono no rexistro. Ó acredor executante quedaralle reservada a súa acción para perseguir no mesmo xuízo outros bens do debedor e para ventilar no xuízo correspondente o dereito que crese que o asiste en canto ós bens respecto dos cales se suspenda o procedemento.»

2. O punto primeiro do artigo 16 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, queda redactado nos seguintes termos:

«1. O acredor poderá reclama-lo cumprimento das obrigas derivadas dos contratos regulados por esta lei mediante o exercicio das accións que correspondan en procesos de declaración ordinarios, no proceso monitorio ou no proceso de execución, conforme a Lei de axuízamento civil.

Unicamente constituirán título suficiente para funda-la acción executiva sobre o patrimonio do debedor os contratos de venda a prazos de bens mobles que consten nalgún dos documentos a que se refiren os números 4.º e 5.º do punto segundo do artigo 517 da Lei de axuizamento civil.»

3. A letra d) do punto segundo do artigo 16 da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, queda redactada nos seguintes termos:

«d) Cando o debedor non pague a cantidade esixida nin entregue os bens para o alleamento en poxa pública que se refire a letra anterior, o acredor poderá reclamar do tribunal competente a tutela sumaria do seu dereito, mediante o exercicio das accións previstas nos números 10.º e 11.º do punto primeiro do artigo 250 da Lei de axuizamento civil.»

4. O punto segundo da disposición adicional primeira da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, queda redactado nos seguintes termos:

«O arrendador financeiro poderá reclama-lo cumprimento das obrigas derivadas dos contratos regulados por esta lei mediante o exercicio das accións que correspondan en procesos de declaración ordinarios, no proceso monitorio ou no proceso de execución, consonte a Lei de axuizamento civil.

Unicamente constituirán título suficiente para funda-la acción executiva sobre o patrimonio do debedor os contratos de arrendamento financeiro que consten nalgún dos documentos a que se refiren os números 4.º e 5.º do artigo 519 da Lei de axuizamento civil.»

5. O primeiro parágrafo e a letra c) do punto terceiro da disposición adicional primeira da Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens mobles, quedan redactados nos seguintes termos:

«3. En caso de incumprimento dun contrato de arrendamento financeiro que conste nalgún dos documentos a que se refiren os números 4.º e 5.º do artigo 519 da Lei de axuizamento civil ou que se inscribise no Rexistro de Venda a Prazos de Bens Mobles e se formalizase no modelo oficial establecido para o efecto, o arrendador, poderá pretende-la recuperación do ben conforme as seguintes regras:

c) Cando o debedor non pague a cantidade esixida nin lle entregue os bens ó arrendador financeiro, este poderá reclamar do tribunal competente a inmediata recuperación dos bens cedidos en arrendamento financeiro, mediante o exercicio das accións previstas no número 11.º do punto primeiro do artigo 250 da Lei de axuizamento civil.»

Disposición derradeira oitava. *Reforma da Lei de arbitraje.*

O artigo 11 da Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitraje, queda redactado nos seguintes termos:

«1. O convenio arbitral obriga as partes a estaren e pasaren polo estipulado e impediralles ós tribunais coñeceren das cuestións litixiosas sometidas a arbitraje no convenio, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria.»

«2. As partes poderán renunciar por convenio á arbitraje pactada, quedando expedita a vía xudicial. En todo caso, entenderanse que renuncian can-

do, interposta demanda por calquera delas, o demandado ou tódolos demandados, de seren varios, realicen, despois de constituídos como parte no xuízo, calquera xestión procesual que non sexa propor en forma a declinatoria.»

Disposición derradeira novena. *Reforma da Lei hipotecaria.*

Modifícanse os artigos 41, 86, 107, 129, 130, 131, 132, 133, 134 e 135 da Lei hipotecaria, do 8 de febreiro de 1946, que quedan redactados nos seguintes termos:

1. Artigo 41

«As accións reais procedentes dos dereitos inscritos poderán exercitarse a través do xuízo verbal regulado na Lei de axuizamento civil, contra quen, sen título inscrito, se opoña a aqueles dereitos ou perturbe o seu exercicio. Estas accións, baseadas na lexitimación rexistral que reconece o artigo 38, esixirán sempre que por certificación do rexistrador sexa acreditada a vixencia, sen ningunha contradición, do asento correspondente.»

2. Artigo 86

«As anotacións preventivas, calquera que sexa a súa orixe, caducarán ós catro anos da data da anotación mesma, agás aquelas que teñan sinalado na Lei un prazo máis breve. Non embargante, por instancia dos interesados ou por mandato das autoridades que as decretaron, poderán prorrogarse por un prazo de catro anos máis, sempre que o mandamento polo que se ordene a prórroga sexa presentado antes de que caduque o asento. A anotación prorrogada caducará ós catro anos da data da anotación mesma de prórroga. Poderán practicarse sucesivas posteriores prórrogas nos mesmos termos.

A caducidade das anotacións preventivas farase constar no rexistro por instancia do dono do inmovible ou do dereito real afectado.»

3. Artigo 107.12.º

«12.º O dereito do rematante sobre os inmovibles poxados nun procedemento xudicial. Unha vez satisfeito o prezo do remate e inscrito o dominio en favor do rematante, a hipoteca subsistirá, e recaerá directamente sobre os bens adxudicados.»

4. Artigo 129

«A acción hipotecaria poderá exercerse directamente contra os bens hipotecados suxeitando o seu exercicio ó disposto no título IV do libro III da Lei de axuizamento civil, coas especialidades que se establecen no seu capítulo V. Ademais, na escritura de constitución da hipoteca poderá pactarse a venda extraxudicial do ben hipotecado, conforme o artigo 1.858 do Código civil, para o caso de falta de cumprimento da obriga garantida. A venda extraxudicial realizarase por medio de notario, coas formalidades establecidas no Regulamento hipotecario.»

5. Artigo 130

«O procedemento de execución directa contra os bens hipotecados só poderá exercitarse como realización dunha hipoteca inscrita e, dado o seu carácter constitutivo, sobre a base dos extremos contidos no asento respectivo.»

6. Artigo 131

«As anotacións preventivas de demanda de nulidade da propia hipoteca ou calquera outra que non

se basee nalgún dos supostos que poidan determinar a suspensión da execución quedarán canceladas en virtude do mandamento de cancelación a que se refire o artigo 133, sempre que sexan posteriores á nota marxinal de expedición de certificación de cargas. Non se poderá inscribi-la escritura de carta de pagamento da hipoteca mentres non se cancele previamente a citada nota marxinal, mediante mandamento xudicial para o efecto.»

7. Artigo 132

«Para os efectos das inscricións e cancelacións a que dean lugar os procedementos de execución directa sobre os bens hipotecados, a cualificación do rexistrador estenderase ós extremos seguintes:

1.º Que se demandou e se lles requiriu pagamento ó debedor, hipotecante non debedor e terceiros posuidores que teñan inscritos o seu dereito no rexistro no momento de expedirse certificación de cargas no procedemento.

2.º Que se lles notificou a existencia do procedemento ós acredores e terceiros o dereito dos cales foi anotado ou inscrito con posterioridade á hipoteca, a excepción dos que sexan posteriores á nota marxinal de expedición de certificación de cargas, respecto dos cales a nota marxinal producirá os efectos da notificación.

3.º Que o entregado ó acredor en pagamento do principal do crédito, dos xuros devengados e das custas causadas, non exceden do límite da respectiva cobertura hipotecaria.

4.º Que o valor do vendido ou adxudicado foi igual ou inferior ó importe total do crédito do demandante, ou en caso de telo superado, que se consignou o exceso en establecemento público destinado para o efecto á disposición dos acredores posteriores.»

8. Artigo 133

«O testemuño expedido polo secretario xudicial comprensivo do auto de remate ou adxudicación e do que resulte a consignación, se é o caso, do prezo, será título bastante para practicala inscrición do predio ou dereito adxudicado a favor do rematante ou adxudicatario, sempre que se xunte o mandamento de cancelación de cargas a que se refire o artigo 674 da Lei de axuizamento civil.

O mandamento xudicial de cancelación de cargas e o testemuño do auto de remate ou adxudicación poderán constar nun só documento no que se consignará, en todo caso, o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo anterior e as demais circunstancias que sexan necesarias para practicala inscrición e a cancelación.»

9. Artigo 134

«O testemuño do auto de adxudicación e o mandamento de cancelación de cargas determinarán a inscrición do predio ou dereito a favor do adxudicatario e a cancelación da hipoteca que motivou a execución, así como a de tódalas cargas, gravames e inscricións de terceiros posuidores que sexan posteriores a elas, sen excepción, mesmo as que se verifiquen con posterioridade á nota marxinal de expedición de certificación de cargas no correspondente procedemento.

Tan só subsistirán as declaracións de obras novas e divisións horizontais posteriores, cando da inscrición da hipoteca resulte que esta se estende por lei ou por pacto ás novas edificacións.»

10. Artigo 135

«O rexistrador deberá comunicarlle ó xuíz ante quen se substancie un procedemento executivo, mesmo cando recaia directamente sobre bens hipotecados, a extensión de posteriores asentos que poidan afectar a execución.»

Disposición derradeira décima. *Reforma da Lei cambiaria e do cheque.*

1. Modifícase o derradeiro parágrafo do artigo 67 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, da Lei cambiaria e do cheque, que queda redactado nos seguintes termos:

«Fronte ó exercicio da acción cambiaria só serán admisibles as excepcións enunciadas neste artigo.»

2. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 49 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque, substituíndo a expresión: «... como na executiva...» pola seguinte: «... a través do proceso especial cambiario...».

3. Modifícase o artigo 66 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque, que queda redactado nos seguintes termos:

«A letra de cambio comportará execución a través do xuízo cambiario que regula a Lei de axuizamento civil no capítulo II, título III, do libro IV, pola suma determinada no título e polas demais cantidades, conforme os artigos 58, 59 e 62 desta lei, sen necesidade de recoñecemento xudicial das sinaturas.»

4. Modifícase o artigo 68 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque, que queda redactado nos seguintes termos:

«O exercicio da acción cambiaria, a través do proceso especial cambiario, someterase ó procedemento establecido na Lei de axuizamento civil.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Reforma da Lei de procedemento laboral.*

Modifícanse os artigos 2, 15, 47, 50, 183, 186, 234, 235 e 261 do Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, que quedan redactados nos seguintes termos:

1. Artigo 2

«d) Entre os asociados e as mutualidades, agás as establecidas polos colexios profesionais, nos termos previstos nos artigos 64 e seguintes e na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, así como entre as fundacións laborais ou entre estas e os seus beneficiarios, sobre cumprimento, existencia ou declaración das súas obrigas específicas e dereitos de carácter patrimonial, relacionados cos fins e obrigas propios desas entidades.»

2. Artigo 15

«1. A abstención e a recusación rexeranse, en canto ás súas causas, pola Lei orgánica do Poder Xudicial, e en canto ó procedemento, polo disposto na Lei de axuizamento civil.

Malia o anterior, a recusación deberá proporse en instancia con anterioridade á celebración dos actos de conciliación e xuízo e, en recursos, antes do día sinalado para a votación e decisión ou, se é o caso, para a vista.

En calquera caso, a proposición da recusación non suspenderá a execución.

2. Instruirán os incidentes de recusación:

a) Cando o recusado sexa o presidente ou un ou máis maxistrados da Sala do Social do Tribunal Supremo, da sala do social dos tribunais superiores de xustiza, ou da Sala do Social da Audiencia Nacio-

nal, un maxistrado da sala á que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

b) Cando sexan recusados tódolos maxistrados dunha sala de xustiza, o maxistrado que corresponda por quenda de antigüidade dos que integren o tribunal correspondente, sempre que non estea afectado pola recusación, e se se recusa a tódolos maxistrados que integran a sala do social do tribunal correspondente, un maxistrado da sala do contencioso-administrativo designado por sorteo entre tódolos seus integrantes.

c) Cando o recusado sexa un xuíz do Social, un maxistrado da sala do social do tribunal superior de xustiza, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

A antigüidade rexerá pola orde de escalafón na carreira xudicial.

Nos casos en que non sexa posible cumprilo previsto nos parágrafos anteriores, a sala de goberno do tribunal correspondente designará o instructor, procurando que sexa de maior categoría ou, polo menos, de maior antigüidade có recusado ou recusados.

3. Decidirán os incidentes de recusación:

a) A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial cando o recusado sexa o presidente da sala do social ou dous ou máis dos maxistrados da dita sala.

b) A Sala do Social do Tribunal Supremo, cando se recuse un dos maxistrados que a integran.

c) A sala a que se refire o artigo 77 da Lei orgánica do Poder Xudicial, cando se recuse o presidente da sala do social do dito tribunal superior.

d) A sala a que se refire o artigo 69 da Lei orgánica do Poder Xudicial, cando se recuse o presidente da Sala do Social da Audiencia Nacional ou máis de dous maxistrados dunha sección da dita sala.

e) Cando se recuse un ou dous maxistrados da Sala do Social da Audiencia Nacional, a sección na que non se encontre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da que o recusado forme parte.

f) Cando se recuse un ou dous maxistrados da sala do social dos tribunais superiores de xustiza, a sala en pleno se non está dividida en seccións, ou, en caso contrario, a sección na que non se encontre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da que o recusado forme parte.

g) Cando o recusado sexa un xuíz do social, a sala do social do tribunal superior de xustiza correspondente, en pleno, se non está dividida en seccións, ou, en caso contrario, a sección primeira.»

3. Artigo 47.2

«2. Todo interesado poderá ter acceso ó libro de sentencias a que se refire o artigo 213 da Lei de axuizamento civil.»

4. Artigo 50.1

«1. O xuíz, no momento de terminalo xuízo, poderá pronunciar sentenza de viva voz, que se consignará na acta co contido e requisitos establecidos na Lei de axuizamento civil. Tamén poderá

limitarse a pronuncia-la parte dispositiva, que se documentará na acta mediante a fe do secretario xudicial, sen prexuízo da redacción posterior da sentenza dentro do prazo e na forma legalmente previstos.»

5. Parágrafo primeiro do artigo 183

«Ós procesos seguidos sen que comparecese o demandado, seranlles de aplicación as normas contidas no título V do libro II da Lei de axuizamento civil, coas especialidades seguintes:»

6. Regra 3.^a do artigo 183

«O prazo para solicita-la audiencia será de tres meses desde a notificación da sentenza no "Boletín Oficial" correspondente nos supostos e condicións previstos no artigo 501 da Lei de axuizamento civil.»

7. Artigo 186

«Os recursos de reposición e de súplica substanciaranse de conformidade co previsto para o recurso de reposición na Lei de axuizamento civil.»

8. Artigo 234

«Contra calquera sentenza dictada polos órganos da orde xurisdiccional social procederá o recurso de revisión previsto na Lei de axuizamento civil. O recurso interporase perante a Sala do Social do Tribunal Supremo, que deberá resolvelo de acordo co disposto na dita Lei de axuizamento, se ben o depósito para recorrer terá a contía que nesta lei se sinala para os recursos de casación.»

9. Artigo 235.1

«1. As sentencias firmes levaranse a efecto na forma establecida na Lei de axuizamento civil para a execución de sentencias, coas especialidades previstas nesta lei.»

10. Artigo 261.2

«2. Se o embargado son valores, venderanse na forma establecida para eles na Lei de axuizamento civil.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Reforma da Lei de axuizamento criminal.*

Modifícanse os artigos 54, 56, 63, 68, 201 e 852 da Lei de axuizamento criminal, promulgada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, que quedan redactados nos seguintes termos:

1. Artigo 54

«A abstención e a recusación rexeranse, en canto ás súas causas, pola Lei orgánica do poder xudicial, e en canto ó procedemento, polo disposto na Lei de axuizamento civil.»

2. Artigo 56

«A recusación deberá proporse tan pronto como se teña coñecemento da causa en que se funde, pois, noutro caso, non se admitirá a trámite. Concretamente, non se admitirán as recusacións:

1.º Cando non se propoñan ó comparecer ou intervir por vez primeira no proceso, en calquera

das súas fases, se o coñecemento da concorrencia da causa de recusación fose anterior a aquel.

2.º Cando se propoñan iniciado xa o proceso, se a causa de recusación se coñece con anterioridade ó momento procesual en que a recusación se propoña.»

3. Artigo 63

«Instruirán os incidentes de recusación:

a) Cando o recusado sexa o presidente ou un ou máis maxistrados da Sala do Penal do Tribunal Supremo, da sala do penal dos tribunais superiores de xustiza, ou da Sala do Penal da Audiencia Nacional, un maxistrado da sala á que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

b) Cando o recusado sexa o presidente ou un ou máis maxistrados dunha audiencia provincial, un maxistrado dunha sección distinta á que pertenza o recusado, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade. Se só existe unha sección, procederase do modo que se establece no punto segundo do artigo 107 da Lei de auzamento civil.

c) Cando se recusen tódolos maxistrados dunha sala de xustiza, o maxistrado que corresponda por quenda de antigüidade dos que integren o tribunal correspondente, sempre que non estea afectado pola recusación, e se se recusan tódolos maxistrados que integran a sala do tribunal correspondente, un maxistrado designado por sorteo entre tódolos integrantes de tribunais do mesmo ámbito territorial pertencentes ó resto de ordes xurisdiccionais.

d) Cando se recuse un xuíz central do penal ou un xuíz central de instrucción, un maxistrado da Sala do Penal da Audiencia Nacional, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

e) Cando o recusado sexa un xuíz de instrucción ou un xuíz do penal, un maxistrado da audiencia provincial correspondente, designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.

f) Cando o recusado sexa un xuíz de paz, o xuíz de instrucción do partido correspondente ou, de haber nel varios xulgados de instrucción, o xuíz titular designado en virtude dunha quenda establecida por orde de antigüidade.»

4. Artigo 68

«Decidirán os incidentes de recusación:

a) A sala prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial cando o recusado sexa o presidente do Tribunal Supremo ou o presidente da sala do penal ou dous ou máis dos maxistrados da dita sala.

b) A Sala do Penal do Tribunal Supremo, cando se recuse un dos maxistrados que a integran.

c) A sala a que se refire o artigo 77 da Lei orgánica do Poder Xudicial, cando se recuse o presidente do tribunal superior de xustiza, o presidente da sala do civil e penal do dito tribunal superior ou o presidente de audiencia provincial con sede na comunidade autónoma ou dous ou máis maxistrados dunha sala ou sección ou dunha audiencia provincial.

d) A sala a que se refire o artigo 69 da Lei orgánica do Poder Xudicial, cando se recuse o presidente da Audiencia Nacional, o presidente da súa sala do penal ou máis de dous maxistrados dunha sección da dita sala.

e) A Sala do Penal da Audiencia Nacional, cando se recuse un ou dous dos maxistrados.

f) A sala do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, cando se recuse un dos seus maxistrados.

g) Cando o recusado sexa maxistrado dunha audiencia provincial, a audiencia provincial en pleno ou, se esta se compón de dúas ou máis seccións, a sección na que non se encontre integrado o recusado ou a sección que siga en orde numérica a aquela da que o recusado forme parte.

h) Cando se recuse un xuíz central, decidirá a recusación a sección da Sala do Penal da Audiencia Nacional á que corresponda por quenda, establecida pola sala de goberno da dita audiencia, excluindo a sección á que corresponda coñecer dos recursos que dicte o xulgado do que sexa titular o recusado.

i) Cando o recusado sexa un xuíz do penal ou de instrucción, a audiencia provincial ou, se esta se compón de dúas ou máis seccións, a sección segunda.

j) Cando o recusado sexa un xuíz de paz, resolverá o mesmo xuíz instructor do incidente de recusación.»

5. Artigo 201

«Tódolos días e horas do ano serán hábiles para a instrucción das causas criminais, sen necesidade de habilitación especial.»

6. Artigo 852

«En todo caso, o recurso de casación poderá interperse fundándose na infracción de precepto constitucional.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Reforma da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.*

A disposición adicional da Lei 30/1995, do 8 de novembro, sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, queda redactada da seguinte forma:

«Se o asegurador incorre en mora no cumprimento da prestación no seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos danos e perdas causados ás persoas ou nos bens con motivo da circulación, a indemnización de danos e perdas debidos polo asegurador rexerese polo disposto no artigo 20 da Lei de contrato de seguro, coas seguintes peculiaridades:

1.º Non se imporán xuros por mora cando as indemnizacións sexan satisfeitas ou consignadas ante o xulgado competente en primeira instancia para coñecer do proceso que se derive do sinistro, dentro dos tres meses seguintes á súa produción. A consignación poderá facerse en diñeiro efectivo, mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro a primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, se é o caso, da cantidade consignada.

2.º Cando os danos causados ás persoas teñan que sufrilos estas durante máis de tres meses ou a súa exacta valoración non poida ser determinada para efectos da consignación, o tribunal, á vista das circunstancias do caso e dos dictames e informes que precise, resolverá sobre a suficiencia ou ampliación da cantidade consignada polo asegu-

rador, atendendo ós criterios e dentro dos límites indemnizatorios fixados no anexo desta lei. Contra a resolución xudicial que recaia non caberá ningún recurso.

3.º Cando, con posterioridade a unha sentenza absolutoria ou a outra resolución xudicial que poña fin, provisional ou definitivamente, a un proceso penal e na que se acordase que a suma consignada sexa devolta ó asegurador ou a consignación realizada noutra forma quede sen efecto, se inicie proceso civil en razón da indemnización debida polo seguro, será de aplicación o disposto no artigo 20.4 da Lei de contrato de seguro, agás que novamente se consigne a indemnización dentro dos dez días seguintes ó da notificación ó asegurado do inicio do proceso.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Reforma da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.*

1. Engádesse un segundo parágrafo ó punto quinto do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, corresponderalles ós xulgados do contencioso-administrativo a autorización ou ratificación xudicial das medidas que as autoridades sanitarias consideren urxentes e necesarias para a saúde pública e impliquen privación ou restricción da liberdade ou doutro dereito fundamental.»

2. O punto terceiro do artigo 87 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, queda redactado nos seguintes termos:

«3. Para que poida prepararse o recurso de casación nos casos previstos nos números anteriores, é requisito necesario interpor previamente o recurso de súplica.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Reforma da Lei de asistencia xurídica gratuíta.*

Modifícase o número 6 do artigo 6 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. Asistencia pericial gratuíta no proceso a cargo do persoal técnico adscrito ós órganos xurisdiccionais, ou, no seu defecto, a cargo de funcionarios, organismos ou servicios técnicos dependentes das administracións públicas.

Excepcionalmente e cando por inexistencia de técnicos na materia de que se trate, non sexa posible a asistencia pericial de peritos dependentes dos órganos xurisdiccionais ou das administracións públicas, esta levarase a cabo, se o xuíz ou o tribunal o estima pertinente, en resolución motivada, a cargo de peritos designados de acordo co que se establece nas leis procesuais, entre os técnicos privados que correspondan».

Disposición derradeira décimo sexta. *Réxime transitorio en materia de recursos extraordinarios.*

1. Entrementes non se lles confira ós tribunais superiores de xustiza a competencia para coñecer do recurso extraordinario por infracción procesal, este recurso procederá, polos motivos previstos no artigo 469, respecto das resolucións que sexan susceptibles de recurso de casación conforme o disposto no artigo 477.

Para a preparación, interposición e resolución do recurso extraordinario por infracción procesal seguiranse as seguintes regras:

1.ª Será competente para coñecer do recurso extraordinario por infracción procesal a sala do civil do tribunal supremo, pero nos casos en que a competencia para o recurso de casación lles corresponde ás salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza, as resolucións obxecto de recurso poderán tamén impugnarse polos motivos previstos no artigo 469 desta lei.

2.ª Soamente poderá presentarse recurso extraordinario por infracción procesal sen formular recurso de casación fronte ás resolucións susceptibles de recurso en casación a que se refiren os números 1.º e 2.º do punto segundo do artigo 477 desta lei.

3.ª Cando un litigante pretenda recorrer contra unha resolución por infracción procesal e en casación, deberá preparar e interpor ámbolos recursos nun mesmo escrito. A preparación e interposición dos devanditos recursos e á remisión dos autos, seralles de aplicación os prazos establecidos nos artigos 479, 481 e 482, respectivamente.

4.ª Sempre que se preparen contra unha mesma resolución recurso por infracción procesal e recurso de casación, tramitaranse ambos nun único procedemento. Cando se trate de recursos presentados por distintos litigantes, procederase á súa acumulación.

5.ª Se se tramitan conxuntamente recurso por infracción procesal e recurso de casación, a sala examinará, en primeiro lugar, se a resolución obxecto de recurso é susceptible de recurso de casación, e se non for así, acordará a inadmisión do recurso por infracción procesal.

Cando o recurso por infracción procesal se formule fundando exclusivamente a súa procedencia no número 3.º do punto segundo do artigo 477, a sala resolverá, se procede, a admisión ou a inadmisión do recurso de casación, e se acorde a inadmisión, non se admitirá, sen máis trámites, o recurso por infracción procesal. Só no caso de o recurso de casación resultar admisible se procederá a resolver sobre a admisión do recurso extraordinario por infracción procesal.

6.ª Admitidos os recursos a que se refire a regra anterior, resolverase sempre en primeiro lugar o recurso extraordinario por infracción procesal e, só cando este se desestime, se examinará e resolverá o recurso de casación. En tal caso, a desestimación do recurso por infracción procesal e a decisión sobre o recurso de casación conteranse nunha mesma sentenza.

7.ª Cando se recorra contra sentenza por infracción procesal ó abeiro do motivo 2.º do punto primeiro do artigo 469, a sala, de estima-lo recurso por ese motivo, dictará nova sentenza, tendo en conta, se é o caso, o que se alegase como fundamento do recurso de casación. Do mesmo modo resolverá a sala se se alegue e se estime producida unha vulneración do artigo 24 da Constitución que só afectase a sentenza.

8.ª Contra as sentencias dictadas resolvendo recursos extraordinarios por infracción procesal e recursos de casación non caberá ningún recurso.

2. Entrementes as salas do civil e penal dos tribunais superiores de xustiza carezan de competencia para coñecer, con carácter xeral, dos recursos extraordinarios por infracción procesal, non serán de aplicación os artigos 466, 468, 472, así como os artigos 488 a 493 e o número cuarto do artigo 476. O disposto no derradeiro parágrafo do punto segundo do artigo 476 non será de aplicación nos casos en que se estime o recurso extraordinario por infracción procesal fundado no motivo 2.º do punto primeiro do artigo 469 ou en vulne-

racións do artigo 24 da Constitución que unicamente afectasen a sentenza obxecto de recurso.

As referencias ós tribunais superiores de xustiza, contidas no número cuarto do artigo 470 e no artigo 472, entenderanse feitas á sala que sexa competente para coñecer do recurso de casación.

Disposición derradeira décimo sétima. *Réxime transitorio en materia de abstención e recusación, nulidade de actuacións e aclaración e corrección de resolucións.*

Mentres non se proceda a reforma-la Lei orgánica do poder xudicial nas materias que a seguir se citan, non serán de aplicación os artigos 101 a 119 desta lei, respecto da abstención e recusación de xuíces, maxistrados e secretarios xudiciais, nin o número 2 da disposición derradeira décimo primeira, nin os números 1, 2, 3 e 4 da disposición derradeira décimo segunda. Tampouco se aplicarán, entremetres non se reforme a citada lei orgánica, os artigos 225 a 230 e 214 desta lei, sobre nulidade das actuacións e aclaración e corrección de resolucións, respectivamente.

Disposición derradeira décimo oitava. *Proxecto de lei sobre xurisdicción voluntaria.*

No prazo dun ano contado desde a data de entrada en vigor desta lei, o Goberno remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de lei sobre xurisdicción voluntaria.

Disposición derradeira décimo novena. *Proxecto de lei concursal.*

No prazo de seis meses contados desde a data de entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei concursal.

Disposición derradeira vixésima. *Proxecto de lei sobre cooperación xurídica internacional en materia civil.*

No prazo de seis meses contado desde a data de entrada en vigor desta lei, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei sobre cooperación xurídica internacional en materia civil.

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ó ano da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

